



Nacionalismo galego

Desarticulación, resistencia e rearticulación (1936-1975)

Uxío-Breogán Diéguez Cequiel

ADVERTIMENT. La consulta d'aquesta tesi queda condicionada a l'acceptació de les següents condicions d'ús: La difusió d'aquesta tesi per mitjà del servei TDX (www.tdx.cat) i a través del Dipòsit Digital de la UB (diposit.ub.edu) ha estat autoritzada pels titulars dels drets de propietat intel·lectual únicament per a usos privats emmarcats en activitats d'investigació i docència. No s'autoritza la seva reproducció amb finalitats de lucre ni la seva difusió i posada a disposició des d'un lloc aliè al servei TDX ni al Dipòsit Digital de la UB. No s'autoritza la presentació del seu contingut en una finestra o marc aliè a TDX o al Dipòsit Digital de la UB (framing). Aquesta reserva de drets afecta tant al resum de presentació de la tesi com als seus continguts. En la utilització o cita de parts de la tesi és obligat indicar el nom de la persona autora.

ADVERTENCIA. La consulta de esta tesis queda condicionada a la aceptación de las siguientes condiciones de uso: La difusión de esta tesis por medio del servicio TDR (www.tdx.cat) y a través del Repositorio Digital de la UB (diposit.ub.edu) ha sido autorizada por los titulares de los derechos de propiedad intelectual únicamente para usos privados enmarcados en actividades de investigación y docencia. No se autoriza su reproducción con finalidades de lucro ni su difusión y puesta a disposición desde un sitio ajeno al servicio TDR o al Repositorio Digital de la UB. No se autoriza la presentación de su contenido en una ventana o marco ajeno a TDR o al Repositorio Digital de la UB (framing). Esta reserva de derechos afecta tanto al resumen de presentación de la tesis como a sus contenidos. En la utilización o cita de partes de la tesis es obligado indicar el nombre de la persona autora.

WARNING. On having consulted this thesis you're accepting the following use conditions: Spreading this thesis by the TDX (www.tdx.cat) service and by the UB Digital Repository (diposit.ub.edu) has been authorized by the titular of the intellectual property rights only for private uses placed in investigation and teaching activities. Reproduction with lucrative aims is not authorized nor its spreading and availability from a site foreign to the TDX service or to the UB Digital Repository. Introducing its content in a window or frame foreign to the TDX service or to the UB Digital Repository is not authorized (framing). Those rights affect to the presentation summary of the thesis as well as to its contents. In the using or citation of parts of the thesis it's obliged to indicate the name of the author.



UNIVERSITAT DE BARCELONA



Nacionalismo galego.

Desarticulación, resistencia e rearticulación (1936-1975).

Uxío-Breogán Diéguez Cequiel

DEPARTAMENT D'HISTÒRIA CONTEMPORÀNIA
FACULTAT DE GEOGRAFIA I HISTÒRIA

UNIVERSITAT DE BARCELONA

2013/2014

Nacionalismo galego.

Desarticulación, resistencia e rearticulación (1936-1975).

**Tecido político-organizativo patriótico galego e
construción nacional: o movemento nacionalista galego desde a queda
republicana e reconstrución no exilio á estratexia frontista na Terra.**

Tese doutoral para optar ao título de Doutor en Historia Contemporánea
Programa doutoramento: Món Contemporani

Presentada por: Uxío-Breogán Diéguez Cequiel

Director: Jordi Casassas i Ymbert
Catedrático de Historia Contemporánea
Universitat de Barcelona

Barcelona, xuño de 2014

Agradecementos

Antes de máis quero agradecer ás seguintes persoas a súa colaboración e contributos para que a presente Tese de Doutoramento se desenvolvese e puidese concluírse:

Celso Álvarez Cáccamo, Daniel Campione, Manuel Cordeiro, Nadia de Cristóforis, Miguel ChiloteGuy, Hernán Díaz, Isaac Díaz Pardo, Xosé Estévez, Xosé Ramón Ermida Meilán, Joxemari Etxaniz, Francisco Fernández Del Riego, Xosé Lois García, Xosé González Martínez, Luís Gonçalves Blasco 'Foz', Xaime Illa Couto, Izaskun Larreategi Cuadra, Ramom Lôpez-Suevos, Francisco Martínez López *Quico*, Higínio Martins, Xurxo Martiz Crespo, Manuel Mera, Antón Moreda, Manuel Nespereira, Camilo Nogueira, Antonio Pérez Prado, Rufo Pérez, Avelino Pousa Antelo, Rosa Puente, Enric Pujol, María Xosé Queizán, Àngel Ramos, Manuel Reboiras Noia, Nelson Regueiro, Lois Ríos, Francisco Rodríguez Sánchez, Manuel Rodríguez Viqueira, Antom Santamarinha, Antom Santos, Xesús Seixo Fernández, Bernaldo Souto, Elvira Souto, Fernando Souto, Eduardo Torres Cuevas, Carme Varela, Xesús Vázquez, Xosé Vilas Nogueira, Txomin Ziluaga e Carlos A. Zubillaga Barrera, así como a Guelsy, Débora, Tomás e Alma Rosa da Biblioteca Nacional José Martí de La Habana (Cuba), aos responsábeis e traballadores da Hemeroteca da Biblioteca Nacional de Bos Aires (Arxentina), aos traballadores e traballadoras da Sala de investigadores da Biblioteca Xeral da USC en Compostela (Galiza) e da súa sección de dixitalización, así como a Iñaki Goigana do Arquivo do Nacionalismo Vasco en Artea (Euskadi).

Especialmente a Fidel Diéguez Díez (1956-2013), meu pai, por inspirar esta investigación hai década e media e a Santos Diéguez González (1897-1989), meu bisavó, por manter viva a consciencia e dignidade resistente, así como o amor inquebrantábel á Terra, transmitíndoas a tres xerazóns na Terra e no exilio peninsular; a Sara Carou, miña compañeira, pola súa paciencia, azos e axuda; a Xusto Beramendi por anos de aprendizaxe, mestría, conversas e sincera amizade; a Carlos Velasco pola súa camaradería e reflexións compartidas e a Jordi Casassas pola confianza, consellos e inquebrantábel fraternidade.

Sinopse

O obxectivo da presente Tese de Doutoramento é debullar o desenvolvemento das distintas etapas do nacionalismo galego entre o golpe militar reaccionario de xullo do 1936, e a súa antesala republicana, até a creación dunha nova plataforma política patriótica galega no propio país: a *Asemblea Nacional-Popular Galega* (AN-PG). Un período de catro décadas no que distinguimos tres tempos no referido ao tecido patriótico na Galiza e alén mar: un primeiro de desarticulación, un outro de resistencia e un final de rearticulación político-organizativa. Este último desenvolverase na última década, a partir do 1963 co efémero *Consello da Mocidade*, cristalizando o cambio de ciclo na AN-PG, nacida clandestinamente no ano 1975, inmediatamente antes da morte do ditador Francisco Franco Baamonde (1892-1975).

Nesta liña, pretendemos dar luz á resposta que o nacionalismo galego desenvolvería diante da queda republicana; afondando, aliás, no longo exilio que se abriría tras a vitoria fascista. Albíscanse, neste senso, os programas e proxectos que sustentaron o axir galeguista alén e aquén mar, seguindo para aquela realidade a figura central e común denominador representado por Daniel Rodríguez Castelao (1886-1950), así como para este a reconstrución do movemento nacionalista na clandestinidade franquista, con Ramón Piñeiro (1915-1990) como activo destacado, dunha banda, e a creación da *Unión do Povo Galego* (UPG), doutra, como maior referencia dos novos tempos a partir do ano 1964.

Resum

L'objectiu de la present Tesi de Doctorat és esmicolar el desenvolupament de les diferents etapes del nacionalisme gallec, entre el cop militar reaccionari de juliol del 1936 fins a la creació d'una nova plataforma política patriòtica, la *Asemblea Nacional-Popular Galega* l'any 1975 (i del *Bloque Nacional-Popular Galego* en el 1977), una vegada desapareguda la figura central de la dictadura que s'obria pas a partir del moviment sedicioso: el general Francisco Franco Baamonde (1892-1975). En aquesta línia, pretenem posar llum a la resposta que el nacionalisme gallec donarà a la caiguda republicana, esbrinant en el llarg exili que s'obriria tras la victòria feixista. Albirant el programa i projecte

que substentarà l'obrar galleguista amb la figura central de Daniel Rodríguez Castelao (1886-1950) al seu cap en el exili, i la reconstrucció del moviment nacionalista en la clandestinitat franquista i primer post-franquisme en Galiza, amb Ramón Piñeiro (1915-1990) com a actiu destacat, d'una banda, i la creació de la *Unión do Povo Galego* (UPG), d'altra banda, com a major referència del nou temps, a partir de l'any 1964.

Abstrat

This PhD Dissertation focuses on the phases of the development of Galician Nationalism, from the right wing coup d'état of 1936 and the republican years that preceded it, to the creation of a new patriotic political platform in Galicia, the *Asemblea Nacional-Popular Galega* (AN-PG). In this four-decade period three basic moments can be established: desarticulation; resistance, and rearticulation in administrative and political terms.

The last phase takes place in the last decade, which starts in 1963 with the short-lived *Consello da Mocidade* and ends with the clandestine birth of the AN-PG in 1975, just before the death of the dictator, Francisco Franco Bahamonde (1892-1975).

Within this framework, we intend to throw light on the response of Galician Nationalism to the defeat of the II Republic, focusing on the long exile that followed the fascist victory. There were programs and projects which sustained nationalist dynamism both at home and overseas. Daniel Rodríguez Castelao (1886-1950) acted as a central and cohesive force in exile. Regarding the clandestine reconstruction of the nationalist movement in Galicia under Franco's regime, we need to consider, on the one hand, Ramón Piñeiro López (1915-1990) and, on the other, the creation of the *Unión do Povo Galego* (UPG) as the mayor organizational reference in this new time from the year 1964.

Sinopsis

El objetivo de la presente Tesis de Doctorado es desgranar el desarrollo de las distintas etapas del nacionalismo gallego, entre el golpe militar reaccionario de julio del 1936 hasta la creación de una nueva plataforma política patriótica, la *Asemblea Nacional-Popular Galega* en el 1975 (y a partir de aquellas de otras realidades organizativas, caso del *Bloque Nacional-Popular Galego* en el 1977), inmediatamente antes de desaparecer la figura central de la dictadura que se abría paso a partir de aquel movimiento sedicioso: el general Francisco Franco Baamonde (1892-1975). En esta línea, pretendemos poner luz a la respuesta que el nacionalismo gallego daría frente al derrumbamiento republicano, averiguando su realidad en el largo exilio desarrollado a partir de la victoria totalitarista, vislumbrando el programa y proyecto que sustentaría la actuación galleguista en el exilio, con la figura central de Daniel Rodríguez Castelao (1886-1950) a su cabeza, y la reconstrucción del movimiento nacionalista en la clandestinidad franquista, y primero post-franquismo, en Galiza con la figura central de Ramón Piñeiro López (1915-1990), por una parte, y la creación de la *Unión do Povo Galego* (UPG), por otra, como referencia organizativa central desde el año 1964.

ÍNDICE

INTRODUCCIÓN a 'Nacionalismo galego. Desarticulación, resistencia e rearticulación (1936-1975)'.

-Limiar.....	17
-Obxectivos e periodización	23
-Reflexión teórica e metodolóxica.....	27
-Estado da cuestión e bibliografía comentada.....	33

1º CAPÍTULO. Entre a construción e o derrubo do proxecto patriótico galego.

1.-O SUBSTRATO REPUBLICANO. A MODERNIZACIÓN DO PROXECTO NACIONALISTA GALEGO (1931-1936).....	48
1.1.-Apontamentos contextuais e introdutorios.....	48
1.2.-Da <i>Organización Republicana Gallega Autónoma</i> (ORGA) ao <i>Partido Galeguista</i> (PG). Un breve, mais necesario, repaso.....	55
1.3.-O <i>Partido Galeguista</i> ou a loita polo Estatuto de Autonomía, obxectivo táctico central do nacionalismo de preguerra.....	74
1.3.1.-A Asemblea de Concellos Pro-Estatuto.....	80
1.3.2.-Da represión do 'Bienio Negro' ao éxito autonomista.....	83
1.4.-Golpe de Estado.....	95
2.-A QUEDA DA ESPERANZA REPUBLICANA. GOLPE MILITAR E A RESISTENCIA (IM)POSÍBEL (1936-1939/41).....	97
2.1.-Golpe militar, nacionalismo galego e resistencia.....	101

2.2.-Memoria, primeira resistencia armada e exilio.....	111
2.2.1.-A memoria como arma: <i>Nova Galiza e Nueva Galicia</i>	111
2.2.2.-Inicio do exilio alén mar.....	125
2.3.-Da reorganización armada: da 'guerrilla', e a presenza nacionalista galega nela, ao <i>Directorio Revolucionario Ibérico de Liberación</i> (DRIL).....	128
2.3.1.-Da <i>Unión de Combatientes Españoles</i> ao <i>Directorio Revolucionario Ibérico de Liberación</i>	136

IIº CAPÍTULO. A reconstrución galeguista no exilio: da realidade europea e a vizosa vertebración americana.

3.-DO EXILIO E REALIDADE EUROPEA.....	142
3.1.-Europa, unha presenza simbólica.....	142
3.1.1.-Xoán Xosé Plá, o <i>Bloque Republicán Nazonal Galego</i> e o <i>Consello Nacional Galego</i>	145
3.1.2.-Plácido Castro e o <i>Galician Programm</i> en Londres.....	156
4.-DO EXILIO E REALIDADE AMERICANA:	
4.1.-Arxentina ou a reconstrución galeguista: da <i>Irmandade Galega</i> ao <i>Consello de Galiza</i>	159
4.1.1.-A Irmandade Galega.....	163
4.1.2.-A <i>Nosa Terra</i> e <i>Galiza mártir</i>	168
4.1.3.- <i>Sempre en Galiza</i>	170
4.1.4.-O <i>Galeuzca</i> e o <i>Consello de Galiza</i>	172
4.2.-Castelao ministro.....	180
4.2.1.-Regreso de París e morte de Castelao.....	187

4.3.-Da <i>Sociedade Nazionalista Ponal</i> ás <i>Mocedades Galeguistas</i>	193
4.3.1.-Viraxe e recomposición da SNP. Unha nova etapa para A <i>Fouce</i>	195
4.3.2.-As (novas) <i>Mocedades Galeguistas</i>	200
4.3.3.-A <i>Asociación Galega de Universitarios, Escritores e Artistas</i> e un novo tempo.....	209
4.4.-O galeguismo no resto de América: México, Chile, Uruguai, Porto Rico, Estados Unidos de América e Cuba.....	211
4.4.1.-México.....	211
4.4.1.1.-Do <i>Fogar Galego</i> á <i>Alianza Nazonal Galega</i>	217
4.4.1.2.-O <i>Padroado da Cultura Galega</i> , a delegación mexicana do <i>Consello de Galiza</i> (vs. 'Consello Nacional de Galiza') e <i>Vieiros</i>	221
4.4.1.3.-De <i>Saudade</i> ao <i>Padroado da Cultura Galega</i>	226
4.4.2.-O nacionalismo galego en Chile, Uruguai, Porto Rico, Estados Unidos de América e Cuba.....	232
4.4.2.1.-Chile.....	233
4.4.2.2.-Venezuela.....	234
4.4.2.3.-Uruguai.....	238
4.4.2.4.-Porto Rico.....	244
4.4.2.5.-Estados Unidos de América.....	245
4.4.2.6.-Cuba.....	248
4.4.2.6.1.-O <i>Comité Revolucionareo Arredista Galego</i> <i>d'Habana</i>	249
4.4.2.6.2.-Fuco Gómez e a súa pegada en Cuba. De 'Nós' a ' <i>Patria</i> <i>Galega</i> '.....	252
4.4.2.6.3.- <i>Patria Galega</i> , alto-falante de Fuco Gómez.....	258
4.5.-O Iº <i>Congreso da Emigración Galega</i> e o peche do protagonismo bonaerense.....	277

4.5.1.-Ramón Piñeiro, Xosé Velo e o protagonismo do interior.....	280
4.5.2.-A <i>Asociación de Fillos de Galegos</i> e o regreso á Terra de Antón Moreda.....	283

IIIº CAPÍTULO. A reconstrución do nacionalismo aquí Terra.

5.-O GALEGUISMO DE AQUÉN MAR NO FRANQUISMO.....	286
5.1.-Oposición antifranquista e reagrupación galeguista.....	288
5.2.-A (dupla) tentativa de reorganización patriótica. O relanzado PG.....	292
5.3.-Das xestións galeguistas do interior para o nomeamento como ministro de Castelao á detención de Ramón Piñeiro e os irmás Saco.....	299
5.4.-De <i>Sept</i> e o <i>Padroado Rosalía de Castro a Galaxia</i>	303
5.5.- <i>Galaxia</i> . Editora e grupo.....	305
6.-UN NOVO NACIONALISMO PARA UN TEMPO NOVO.....	317
6.1.-Do <i>Consello de Galiza</i> e <i>Brais Pinto</i> ao <i>Consello da Mocidade</i>	317
6.2.- <i>Brais Pinto</i>	328
6.3.-O asociacionismo cultural e a reorganización nacionalista. O <i>Consello da Mocidade</i>	332
6.4.-Un novo nacionalismo. O nacemento da <i>Unión do Povo Galego</i> (UPG) e do <i>Partido Socialista Galego</i> (PSG).....	340
6.4.1.-O primeiro desenvolvemento da UPG e o PSG. As relacións iniciais do novo nacionalismo galego co galeguismo de alén e aquí mar.....	345

IVº CAPÍTULO. Do novo nacionalismo galego á estratexia frontista.

7.-NOVAS FORMULACIÓNS PARA UN TEMPO NOVO. A UPG E O SEU PRIMEIRO ACTIVISMO	356
7.1.-Entre o frontismo nacionalista galego e a ‘reconversión’ do galeguismo histórico do interior.....	361

7.1.1.-Os movementos anticoloniais e de independencia no 'Tiers Monde' e a rearticulación do nacionalismo galego (1963-1975).....	363
7.1.1.2- Algunhas experiencias do <i>Terceiro Mundo</i> centrais para o nacionalismo galego.....	365
7.1.2.-A pegada terceiro-mundista na reorganización patriótica na Galiza.....	368
8.-UN TECIDO ORGANIZATIVO FRONTISTA.....	375
8.1.-A <i>Asemblea Nacional-Popular Galega</i> (AN-PG) ou o inicio da materialización organizativa do frontismo nacionalista galego.....	375
8.2.-As fronteiras obreira, labrega e estudantil.....	381
8.3.-Do <i>Consello de Forzas Políticas Galegas</i> (CFPG) ao <i>Bloque Nacional-Popular Galego</i>	389
8.4.- A plasmación do deseño político para Galiza de Ramón Piñeiro e o tempo autonómico.....	410
-Epílogo.....	413
-Conclusións.....	417
-Conclusiones.....	425
-Bibliografía.....	434

APÉNDICE I. **Cronoloxía e Documentos.**

-Cronoloxía do nacionalismo galego entre o 1936 e o 1982.....

DOCUMENTOS

-Memoria do primeiro exercicio da *Irmandade Galega*, Bos Aires, 1942.....

-*Irmandade Galega*. Laboura.....

-Convocatoria de xuntanza para reorganizar o PG. Coruxo, 1945.....

- O grupo feminino de “mocedades galeguistas” de Bos Aires fala as súas irmáns da Galiza e do mundo, 1956
- Manifesto de Cregos Galegos, 1968
- Proxecto de Medidas Económicas para un Programa de Goberno Provisorio Galego, 1976
- Bases Constitucionais para participación da Nación Galega nun pacto federal e de Goberno Provisorio Galego, 1976
- Os cregos galegos diante do conflito das Encrobas.....
- A AN-PG (*Asamblea Nacional-Popular Galega*) e a UPG (*Unión do Povo Galego*) anuncian a constitución do Bloque Nacional-Popular Galego, 1977.....
- Posición da ING sobre a Manifestación da Autonomía, 1977.....
- Documento co que se daría a coñecer a ING, 1977.....
- Expulsión dos parlamentarios do BN-PG. Sentencia 122/1983. Texto da Resolución diante do recurso de amparo presentado polos deputados nacionalistas, 1983

APÉNDICE II. Fondos documentais, fonte oral e abreviaturas empregadas.

- 1.-Arquivos e Hemerotecas.....
- 2.-Publicacións periódicas.....
- 3.-Fonte oral.....
- 4.-Acrónimos e organizacións políticas.....

LIMIAR.

Malia que en termos cronolóxicos a presente Tese de Doutoramento explícita o tempo comprendido entre o 1936 e o 1975, a investigación e estudo que aquí presento ten por obxecto facer unha fonda achega ao nacionalismo galego a partir do inicio da II República co *Partido Galeguista* (PG) desde 1931, até a conformación dos piares da estratexia de corte frontista que o galeguismo, en canto nacionalismo galego amplamente entendido, pon en marcha entre os anos 1975 e 1982, coa *Asemblea Nacional-Popular Galega* (AN-PG) e o *Bloque Nacionalista Galego* (BNG); unha acoutación cronolóxica que, certamente, non tomo por casualidade.

Con efecto, o fito cronolóxico do que formalmente parto, o ano 1936, significou unha dupla realidade de grande calado: por unha banda, significou a plasmación exitosa a nivel popular dunha ampla campaña liderada polos nacionalistas galegos, finalizada cun plebiscito no mes de xuño, en favor dun Estatuto de Autonomía para Galiza que salvagardaría as 'liberdades galegas'; por outra banda, significou aquel ano o golpe militar que rachou na Galiza co proceso de implantación e socialización do proxecto patriótico endóxico, que fixo retroceder a historia dos dereitos e liberdades sociais e individuais, ao igual que no conxunto do Estado español, mais con distintas características, a partir dun sistematizado plan, baseado no terror e exterminación física dos axentes que defenderan e defendían a democracia durante a II República, era o Golpe militar reaccionario-españolista do mes de xullo do devandito ano.

O punto final que formalmente apresento, desta volta, vén dado por ser o ano no que o nacionalismo galego, xa na recta final do rexime ditatorial capitaneado polo xeneral Francisco Franco, daría lugar a novas formas organizativas de carácter frontista, após o tempo central da clandestinidade na Terra e exilio alén mar. Nomeadamente, cando a partir do 1975 nacería a AN-PG, dando lugar no 1982 ao proceso constituinte do BNG, chegando aquel novo nacionalismo galego a un primeiro degrao de madurez político-organizativa.

Entre unha e outra referencia desenvolvemos na nosa Tese a realidade do nacionalismo exiliado, nas súas diversas formas e facianas, na América e Europa, mais tendo como referencia o fío condutor do mesmo: a figura de Daniel Rodríguez Castelao -en canto que lexítimo herdeiro do esforzo galeguista en tempo republicano- e a existencia da *Irmandade Galega*, como casa común dos nacionalistas expatriados, erguida a finais do ano 1941 en Bos Aires (Arxentina). Nesta orde de cousas, na presente Tese realizo un seguimento das iniciativas organizativas do nacionalismo a partir do verán do ano 1936, centralmente no exilio, observando continuidades e novidades en relación ao tempo previo ao golpe militar.

Así mesmo, estúdase na presente investigación o galeguismo de aquén mar, nas súas distintas etapas. De inicio aquel que relanzará nominalmente o *Partido Galeguista* a partir de mediados dos anos corenta do pasado século, cunha figura á fronte de importante relevo: Ramón Piñeiro López. Un galeguismo que contará cun devalar cheo de tira-puxas, primeiro cos exiliados, nomeadamente e de xeito principal con Castelao, e logo cun novo nacionalismo que na Terra desenvolverá na clandestinidade unha mocidade influenciada polos movementos de descolonización (maioritariamente independentistas) no Terceiro Mundo e polo galeguismo expatriado en América. Será esta mocidade a que desenvolva unha práctica política patriótica abertamente antifranquista e autodeterminista, escapando das liñas mestras do que se daría en chamar 'piñeirismo', baseado en esencia nun galeguismo culturalista que tería no selo editorial *Galaxia* o seu cerne organizativo. E será esa mocidade, igualmente, a que baixo a iniciativa do galeguismo nucleado arredor do *Consello de Galiza* botará a andar, xunto a mozos do entorno *piñeirista* incluso, o denominado *Consello da Mocidade* por volta do ano 1963.

Será nese marco organizativo no que se verifique a imposibilidade dun traballo conxunto entre esas dúas realidades do 'galeguismo', acelerándose a ruptura daquel *Consello* á volta de tres meses, significando o (re)lanzamento

no 1964 do *Partido Socialista Galego* (PSG) e da *Unión do Povo Galego* (UPG), logo do nacemento de ambas no 1963¹.

Esta última será a que, nacendo xa de partida como unha 'fronte patriótica de liberación nacional', artelle unha táctica que, exitosamente, daría lugar a organizacións de masas como a AN-PG, así como outras instrumentais, caso do *Bloque Nacional-Popular Galego* (BN-PG) xunto ao PSG, ou plataformas partidarias de cadros, caso do *Consello de Forzas Políticas Galegas* (CFPG) alá polo 1976. Unhas e outras, salvando as distancias, serían, como veremos, organizacións que se presentarían como nidos exemplos da materialización do frontismo nacionalista na Galiza da man da ponla máis vizosa do devandito movemento político.

Así mesmo, este nacionalismo galego será responsábel da creación dun movemento sindical *ex novo* de relevo. A UPG sería protagonista na creación dos *xermes sindicais* que darían lugar á creación dun sindicalismo propiamente galego, co lanzamento do *Sindicato Obreiro Galego* (SOG) no 1975 e, ao pouco, da *Intersindical Nacional Galega* (ING). Será esta unha realidade que aglutinaría centos, de inicio, e miles, co tempo, de traballadores e traballadoras que irían tomando consciencia nacional galega, incorporándose boa parte deles desde mediados dos anos setenta do pasado século ás organizacións políticas frontistas do denominado 'movemento nacional-popular galego'.

Para alén dos fitos cronolóxicos citados, contamos con referencias organizativas a partir das que desenvolvemos a presente Tese de Doutoramento, afondando na súa intrahistoria. Organizacións nacionalistas

¹ O *Partido Socialista Galego* (PSG) constituiríase o 23 de agosto de 1963 na cidade da Coruña, como unha organización socialista galega incardinado nun europeísmo que dicía era incompatíbel coas formulacións nacionalistas, dado que para o PSG o nacionalismo representaba unha posición 'reaccionaria', tal e como se explicita no primeiro número de *Adiante*, voceiro daquel partido. A xénese da *Unión do Povo Galego* (UPG) situámola no seu manifesto fundacional *Por unha Unión do Povo Galego* e a participación dos asinantes daquel documento na conformación do *Consello da Mocidade*. Após a experiencia fallida daquel *Consello*, será cando tome aquela UPG forma organizativa, de inicio pretendidamente frentista, fixando a súa data oficial de (re)nacemento o simbólico 25 de xullo, Día de Galiza, do 1964.

responsábeis dunhas e outras etapas citadas, desde a bonaerense *Irmandade Galega* ou, mesmo, previamente, o cubano *Juntoiro Patria Galega* e a arxentina *Sociedade Nazionalista Ponal*, da primeira metade do século XX, à *Unión do Povo Galego* e o *Partido Socialista Galego*, entre outras, na segunda metade do devandito século.

Así, pois, temos o propósito de acoutar onde se acha o punto de cesura entre cada etapa mencionada, entre o vello e o novo galeguismo ou nacionalismo galego, así como a persistencia ou abandono de vellas proclamas e proxecto fronte ao novo. Neste senso, observamos e analizamos, aliás, cales son as distintas respostas e formulacións desenvolvidas diante dos novos contextos que se foron abrindo entre o 1936 e o 1975 por parte do nacionalismo galego, e o protagonismo que tivo ou deixou de ter o nacionalismo galego na apertura de novos estadios socio-políticos, en etapas históricas ben distintas; manifestándose extraordinariamente frutífera, como marcamos, aquela táctica que madura en pleno tardofranquismo en favor dun frontismo patriótico de clara reminiscencia terceiromundista. Unha realidade que hoxe en día aínda ficaba sen ser estudada con sistematicidade nun longo decorrer que tería, en grande medida, na queda republicana o seu substrato previo en clave patriótica, en canto que dimensión incardinada nun movemento defenestrado na Terra a partir da segunda metade do mes de xullo do 1936 e que foi quen de florecer, mais unha vez, en novas xeracións de galegas e galegos con consciencia de seu, a partir daquel substrato anterior, contando con vasos comunicantes que garantiron o traslado de experiencias que asegurara unha certa acumulación de forzas e coñecementos previos; vasos comunicantes que contribuíron, como se verá, a que estoutra nova etapa orixinada e desenvolvida no tardofranquismo, tiver tal incardinación, como toma do necesario relevo dun proceso en curso, o da 'liberación nacional' de Galiza. Elementos que actúan nesa necesaria transferencia de coñecemento, así como acicate para a devandita nova etapa, caso, fundamentalmente, dos grupos de exiliados que aínda cara os anos sesenta operaban en América do Sul, nomeadamente o grupo de Bos Aires, con Antón Alonso Ríos, á cabeza, ou Luís Seoane, Uruguai e, particularmente, México, con Luís Soto, Carlos Velo, Luísa Viqueira, Choncha Concheiro e Francisco Comesaña, entre

outros, á cabeza; así como os que na Terra ficaban ligados á editora *Galaxia*, veteranos do *Partido Galeguista* e as súas mocedades, caso de Francisco Fernández del Riego, Xaime Illa Couto e Rufo Pérez, que colaborarían con aquel novo nacionalismo nos seus inicios, mesmo anos antes da súa morte o catedrático octoxenario Ramón Otero Pedrayo.

Agardamos coa presente Tese de Doutoramento, así pois, obter unha panorámica profunda da evolución do nacionalismo galego após 1936 até 1975, rastrexando a súa existencia e axir aquén e alén mar nesa cronoloxía, verificando a fidelidade ou non co programa previo ao golpe militar daquela ano, entendendo por este o patrón ideolóxico-político asentado polo nacionalismo galego cristalizado no PG.

OBXECTIVOS E PERIODIZACIÓN

Centralmente coa presente Tese de Doutoramento téntase atinxir unha realidade histórica, como marcamos, cal é o nacionalismo galego entre 1936 e o 1975. Malia ser abondosas as citas e monografías sobre o nacionalismo galego entre unha e outra data, o certo é que até o momento non ten habido nengunha obra que desenvolvera esta realidade entre unha e outra referencia cronolóxica, abordando en conxunto as distintas etapas e realidades desenvolvidas entre as mesmas.

Así, o noso obxectivo é dar conta do desenvolvemento do nacionalismo entre o golpe militar reaccionario de xullo do 1936 até a creación dunha nova plataforma política nacionalista de masas no 1975, tras a desaparición do *tótem* da ditadura que se abría paso a partir do movemento sedicioso pondo fina á II República española: o xeneral Francisco Franco Baamonde (1892-1975). Ora, diferenciando o tempo que vai entre a queda republicana e o final do exilio, e o desenvolvido entre a recomposición (clandestina) na Terra do movemento patriótico galego e a presentación frontista dos *novos* activistas do mesmo desde mediados dos anos sesenta en diante. Nesta liña, pretendemos pór luz á resposta que o nacionalismo galego dará á devandita queda republicana, pescudando no longo exilio que se abriría tras a vitoria fascista o programa e proxecto que o sustentaría, así como na loita clandestina que ollaremos se desenvolve desde mediados dos anos corenta na Galiza, coas súas distintas etapas e sensibilidades ou tendencias, para alén da presenza nacionalista existente aquén mar na resposta armada ao golpe militar, na denominada 'Guerrilla', neses mesmos anos e a partir dos finais da década dos '30.

Así, marcamos un primeiro período, a xeito de sub-etapa, que vai entre o 1936 e o 1939, correspondente á resistencia fronte o golpe militar reaccionario; destacando nesta, á súa vez, dous micro-tempos diferenciados: o 1936, en si propio, e o 1937-1939. O primeiro refírese a unha resistencia imposíbel na Galiza diante o propio golpe militar e o segundo á que se artella fóra da Galiza, mais aínda desde territorio leal a República, nomeadamente entre Valencia e Barcelona, capital de Catalunya. Trás a entrada das tropas golpistas en Barcelona o 1º de abril do 1939, abrírase o groso da primeira

grande etapa citada liñas arriba na reformulación patriótica galega, que será a do exilio, presidido fundamentalmente pola figura e axir de Daniel Rodríguez Castelao (1886-1950). Este tempo iría desde a devandita data, inicio formal da ditadura franquista, até o 1950, ano da morte no exilio bonaerense do político, pensador e axitador referencial do galeguismo.

Para o caso peninsular, observaremos como os integrantes do galeguismo republicano fixados na Galiza após o golpe militar e a guerra de España, repensaríanse a partir dos inicios da década dos '40 relanzar o *Partido Galeguista*, dando lugar co tempo ao nacemento da editorial (e grupo) *Galaxia*, comandada por Ramón Piñeiro López (1915-1990), Francisco Fernández del Riego (1913-2010) e Xaime Illa Couto (1915-2012). Un relanzamento co que, arredor da figura de Ramón Piñeiro, se pretendería ter a dirección do galeguismo, particularmente aquén mar aínda que tamén fóra da Península; obxectivo que se conseguiría no marco galego, até finais da década dos '50, fronte a dinámica de Castelao coa que non coincidiría ideolóxica e politicamente Piñeiro. Fronte a un combate eminentemente político diante da ditadura franquista, tal e como Castelao, segundo veremos, presentaba, Piñeiro acabaría sendo partidario de que o galeguismo se centrara en manter os sinais identitarios do país na Terra, arredor do idioma propio, abandonando as reclamacións nacionalistas.

Pola súa relevancia cuantitativa e cualitativa, así como produción, na devandita etapa terá un especial protagonismo o nacionalismo alén mar, estando á cabeza o propio Daniel Rodríguez Castelao. Así, pois, procuramos na presente investigación realizar tamén un profundo repaso da realidade daquel nacionalismo galego exiliado, centrándonos en América do Sul -sen obviar a presenza europea daquel exilio, malia ser moi escasa-, onde se ubicaría a maioría dos e das exiliadas galegas. Nesa realidade xeográfica, aliás, darase conta da fractura e mutación experimentada no arredismo ou independentismo clásico galego, representado pola *Sociedade Nazionalista Ponal* (SNP) e o *Comité Revolucionario Arredista Galego da Havana* (CRAG) diante da chegada daquel exilio a América. Unha fractura que daría lugar a que a SNP se integrara/diluíra na bonaerense *Irmandade Galega* desde a súa fundación no 1941, traballando intimamente cos exiliados que arribaran a terras americanas por volta do 1939. Pola contra o CRAG,

transformada no *Juntoiro Patria Galega*, faría campaña lonxe daquel exilio, atacando, coma en tempos da II República, aos galeguistas que tiñan como referencia o programa do vello *Partido Galeguista*.

A partir da morte de Castelao, en xaneiro do 1950, abríase un novo punto de cesura, presidido, no inicio, por un inmediato decaemento do nacionalismo expatriado, e a seguir por un relanzamento organizativo e ideolóxico-político do galeguismo, en canto nacionalismo galego, alén e aquén mar. Un tempo de recomposición do nacionalismo que prepararía a súa segunda grande etapa que na presente investigación debullamos.

A morte de Castelao representaría un duro golpe para o exilio nacionalista galego, mais serviría a lembranza do seu ideario e axir para dar lugar a unha nova etapa na historia do galeguismo organizado alén e aquén mar. Aquén mar crearíase en xullo daquel 1950 o selo editorial *Galaxia*, capitaneado por Ramón Piñeiro, e en América o *Consello de Galiza*, sorte de goberno galego no exilio -cofundado e presidido desde 1944 por Castelao-, tería en Antón Alonso Ríos o seu novo presidente, impulsándose en diversos países de alén mar a creación dos *Padroados e Patronatos da Cultura Galega*, tentando na Terra relanzar o nacionalismo galego organizado, lonxe do *culturalismo* que representaría a figura de Piñeiro. Esa tentativa daría lugar a que no 1963 se creara o *Consello da Mocidade*, con presenza, porén, de ambas sensibilidades.

Pechamos a periodización presentada cunha outra xeira que iría entre o 1963 e o 1975. Un período que en termos organizativos se desenvolvería entre a creación do devandito *Consello da Mocidade*, derivado en boa medida da vontade de intervención política na Terra dos exiliados, como dicimos, e a creación da *Asemblea Nacional-Popular Galega* (AN-PG), resultado dunha nova realidade política, derivando organizativamente da semente daquel *Consello* -fillo menor do *Consello de Galiza*-, e do nacemento case parello a este da *Unión do Povo Galego*. Será nesta última xeira referida, na que a Galiza de aquén mar tome todo o protagonismo liquidado diante do golpe militar do 1936, arredor dun tecido organizativa vizoso do que derivarán a propia UPG, como dicimos, e co tempo en chave netamente nacionalista o *Partido Socialista Galego* (PSG) a partir de finais dos anos sesenta e inicios dos setenta. Sendo obra da UPG, centralmente, o deseño

da estratexia frontista que o nacionalismo galego porá en práctica; erguendo diversas estruturas políticas das que derivará, en grande medida, no ano 1982 o *Bloque Nacionalista Galego*, que iría nun novo tempo obtendo unha relevante representación institucional, quer na Galiza, quer en España e mesmo Europa, existente na actualidade malia que nunha encrucillada histórica por resolver.

Por último, nos esquecemos na presente investigación a conformación dun sindicalismo galego (e abertamente nacionalista) autóctono, xestado tamén na súa orixe pola UPG, a partir dos *xermes sindicais*. Un sindicalismo modelado organizativamente da man daqueles *xermes* e *xérmolos* no *Sindicato Obreiro Galego* (SOG), creado no 1975, e ao pouco pola *Intersindical Nacional Galega* (ING). As referencias que apresentamos neste apartado son epidérmicas, dado que a cronoloxía propia deste sindicalismo iníciase cando se pecha a da presente investigación. Aquel sindicalismo cristalizado no SOG por volta do 1975 deu lugar a diversas organizacións, até a final conformación do que hoxe en día é a *Confederación Intersindical Galega* (CIG), da que no presente 2014 se cumpren vinte anos². Acredito firmemente na necesidade dunha monografía exhaustiva que aborde esta cuestión na franxa cronolóxica 1975-2014, debuxando nas seguintes páxinas algunhas liñas futuras de pesquisa ao respecto.

² No 1990 confluían baixo a denominación *Converxencia Intersindical Galega* os sindicatos *Confederación Xeral dos Traballadores Galegos* (CXTG) e *Intersindical Nacional dos Traballadores Galegos* (INTG), dando lugar o 19 de marzo do 1994 ambas centrais á *Confederación Intersindical Galega*, central sindical máis representativa, en canto delegados e delegadas sindicais, de Galiza.

REFLEXIÓN TEÓRICA E METODOLOLÓXICA

Para abordarmos a presente temática, do punto de vista investigador foi necesario contar cunhas **marxes teóricas e metodolóxicas** a partir das cales atinxir o devandito estudo. Tratouse, así pois, de contar cuns presupostos teóricos e unha **aparataxe metodolóxica** que nos achegaran con certas garantías de rigorosidade ao obxecto pretérito a abordar.

No relativo ao **nacionalismo**, de partida, foi/é fundamental ter clara a definición do concepto en cuestión. Nesta liña, temos que indicar que a deformación que ten sufrido este termo en diversas etapas históricas, e mesmo a cohabitación de **diversas definicións** nun mesmo tempo histórico, fai que teñamos que agudizar os nosos coñecementos para sabermos a qué nos referimos e sobre qué traballamos, en consecuencia. Aliás, o propio nacionalismo conta con diversas tendencias e materializacións prácticas, o que presenta dificultades engadidas. Mesmo, podemos achar como nun mesmo Estado existen diversos nacionalismos, en canto que fórmula ideolóxico-política, e diversas identidades nacionais xeradoras dos seus respectivos movementos nacionalistas.

Situados neste punto, cómpre de partida saber cal e o concepto de nación propia, para, logo, -ou en paralelo, mesmo-, diagnosticar diante de qué identidade nacional nos achamos -ou mesmo se o obxecto de estudo non ten tal rango-; así como cal é a súa realidade económica, cultural, social, etcétera, asociada por contexto e xeradora, por coincidencia ou contrariedade, por acción ou represión, dese nacionalismo.

Ao falarmos da realidade que substancia este **movemento** temos, ineludiblemente, que aproximármonos á '**utopía**' ou '**proxecto máximo**' da ideoloxía nacionalista en estudo. Esta, en grande medida, será resultante dunha ideoloxía básica, na que achamos de xeito primario unha determinada cosmovisión, unha visión do pretérito colectivo dese suxeito político, cal é a nación, así como a receptividade cara outras propostas ideolóxicas. Aliás, todo nacionalismo conta cun referente de analoxía, un referente en moitos casos de reintegración e un referente de oposición, tal e como ten indicado

profusamente o catedrático Justo Beramendi. Ficando, como verniz a todo o indicado, unha mestura entre o obxectivo e o subxectivo, o étnico e o político (**lingua, relixión, costumes, institucións pasadas ou presentes, Volksgeist, consciencia nacional...**), diante da conformación da identidade nacional que dá lugar a un ou outro nacionalismo.

Identidade nacional que expresada en singular presenta unha clara contradición, xa que unha nación, en canto colectivo humano, é diversa e en canto diversa heteroxénea. Así, pois, non podería ser caracterizada a nación/identidade nacional en base a unha esencia á que, certamente, poderíamos chegar a reducir a un individuo dada a poliédrica realidade, logo, de calquera nación.


A singularización das identidades nacionais bebe da concepción histórico-organicista e, dentro desta, da pretendida existencia dun *Volksgeist* ou 'carácter nacional'. Como é ben sabido esta concepción foi gañando receptores desde o primeiro terzo do século XIX. Hoxe en día estes presupostos, sobre os que se asentarían nacionalismos varios, contan con defensores, con todo, podemos afirmar que son outros os indicadores que nos falan da existencia ou non dunha nación á hora de analizar obxectivamente estas realidades con rigor. A entrada en xogo doutras disciplinas (auxiliares, para o noso caso, como a politoloxía ou a socioloxía) nos estudos sobre identidades nacionais e o nacionalismo, fixo que cobraran maior solvencia as pescudas desenvolvidos arredor do 'fenómeno nacionalista', medido a partir doutros, como dicimos, indicadores non decimonónicos.

Así, pois, o catedrático de Historia Contemporánea Justo Beramendi fai unha completa proposta para sabermos da existencia ou non dunha identidade nacional, así como, en consecuencia, do movemento nacionalista que lle correspondese deriva da:

"...articulación de una idea de nación con la asunción/conciencia social de que esa idea es real. Dicho de otro modo: hay identidad de tipo nacional cuando en un grupo humano existe el convencimiento de que constituye un ser colectivo específico, que se diferencia de los demás de su género por un conjunto de rasgos y que, en virtud de ello,

es sujeto colectivo de derechos políticos. Dicho de otro modo, la identidad nacional es una autodefinición de la comunidad que establece su personalidad colectiva y legítima su soberanía.³

Cadro I



FONTE: Beramendi González, J. 1999:183.

Para o caso galego, e concretamente para a segunda metade do século XX, o certo é que en base a esta definición observamos que existe unha identidade nacional e un nacionalismo propiamente dito, que anova o seu equivalente clásico, digamos, previo ao golpe militar reaccionario-españolista de xullo do 1936. Ora, haberá unha serie de factores que operarán para conducir esta realidade política a unha mutación respecto o nacionalismo da primeira metade do pasado século (no que tamén observamos diferenzas, sobre todo no referido ao social, entre inicios e finais do primeiro terzo de

³ Beramendi González, Justo, *La Historia Política: algunos conceptos básicos*, Compostela, Tórculo, 1999. p.188

século). A propia concepción da nación ou da identidade nacional, así como do suxeito activo, mudarán, de xeito que para o **nacionalismo (frontista)** da segunda metade do século XX a nación ficará formada, fundamentalmente, polas clases traballadoras, nunha alianza de mariñeiros, labregos e operarios fabrís, sendo estes últimos a pedra angular, lonxe dos labregos idealizados polo galeguismo clásico, ás que se sumarán aliados tácticos. De feito, o nacionalismo galego que eclosiona a partir dos anos sesenta, liderado fundamentalmente pola *Unión do Povo Galego* (UPG), conceptualizará aos operarios fabrís como 'suxeito revolucionario' por excelencia, a diferenza da visión que operaría na primeira metade do século, onde nun marco escasamente industrializado, o nacionalismo galego fai recaer o peso da nación, mobilizada en favor da súa existencia político, no campesinado e rural galegos, depositarios dese *Volksgeist* ao que nos temos referido.

E é que, efectivamente, muda a concepción da nación, en base á mudanza ideolóxico-política do movemento nacionalista, ao igual que a propia realidade galega, onde o urbano toma forza fronte o rural, e o traballador fabril gaña posicións ao labrego; véndose influenciado decisivamente no ideolóxico movemento patriótico galego organizado polas doutrinas do comunismo, nomeadamente pola obra de Vladímir Ilich Lenin (1870-1924) e Mao Zedong (1893-1976). Con todo, aínda persisten restos da vella concepción ruralista do galeguismo, nomeadamente do primeiro terzo do século XX. A modo de pouso ou substrato, fican referencias daquela na *nova* concepción da nación galega, entendendo o rural non tanto como unha *arcadia feliz*, senón como o país en si mesmo; xerado ao longo dos tempos por unha realidade social endóxena e indíxena galega, en proceso de destrución, na que están as esencias patrias⁴; sintetizadas estas centralmente na lingua (e, arredor desta, 'nunha cultura e psicoloxía propias', tomando de Castelao este novo nacionalismo galego a definición formal de nación, sendo para este noutro de referencia a concepción orgánico-historicista de Manuel Murguía e, máis proximamente, de Vicente Risco -

⁴ Paradigma non falto de contradicións; en canto que se ben será idealizado o rural polo novo nacionalismo, como xa o fixera aquel do primeiro terzo do século pasado, tamén este será sinalado como o cerne e grande reserva do fenómeno caciquil, combatido polo agrarismo ou xa, explicitamente, o sindicalismo nacionalista galego, tal e como veremos.

teórico central do nacionalismo galego nas primeiras dúas décadas do século XX⁵.

Mais a diferenza fundamental entre un e outro nacionalismo residirá na concepción de 'loita política' que toma como súa forma, na forma organizativa que adopta e desenvolve, así como 'o que facer'. Así, o novo nacionalismo galego, o que vai nacer organizativamente a partir das experiencias clandestinas da segunda metade do pasado século, terá unha concreción frontista nese plano, seguindo a clara influencia dos movementos de liberación nacional do Terceiro Mundo, que apelan ás clases populares en favor dunha loita insurxente contra o imperialismo, tal e como veremos.

No referido ás fontes a partir das que desenvolvemos as nosas pescudas, debemos referenciar un importante abano manexado. Por unha banda traballamos a documentación primaria xerada polo propio nacionalismo na cronoloxía citada, da man da *Asociación de Escritores Galegos Antifeixistas*, a *Irmandade Galega*, o *Consello de Galiza*, o *Juntoiro Patria Galega*, a *Sociedade Nazionalista Pondal*, a *Unión do Pobo Galego*, o *Partido Socialista Galego*, a *Asemblea Nacional-Popular Galega*, o *Consello e Mesa de Forzas Políticas Galegas*, así como secundariamente do *Bloque Nacionalista Galego*, entre outras organizacións. Fontes documentais primarias, inéditas boa parte delas⁶, acompañadas de artigos e novas da prensa que nos falan daquelas realidades organizativas.

Aliás, e sumado ás fontes de hemeroteca traballadas, procurouse unha importante suma de entrevistas/conversas con destacados activistas do nacionalismo galego, e non só, nos dous últimos terzos do século XX,

⁵ Após 1936, obsérvase como novas achegas serían incorporadas ao concepto de nación de Castelao e, a partir deste, do nacionalismo galego a partir da décadas dos '40, caso de Lósif Vissariónovich Stalin (1878-1953), referencia socializada a partir da obra *Sempre en Galiza* (1944) .

⁶ Así, pois, reuniuse un elenco documental multipartidario-organizativo de enorme envergadura, como se indica, en grande medida inédito, co obxectivo de dar luz ao presente estudo adicado ao nacionalismo galego, a partir do segundo terzo do pasado século. Para o que sumamos información tirada de varios arquivos persoais, públicos e privados, tal e como nas páxinas finais da presente Tese se pode visualizar.

fundamental para proceder á reconstrución dos feitos e proceso histórico que conforma o pretérito daquel movemento patriótico na devandito horizonte pretérito. Certamente é esta unha fonte que presenta problemas específicos, máxime pola cercanía desta á actualidade do noso obxecto de estudo; unha realidade que condiciona, nuns casos máis, noutros menos, a perspectiva histórica. Con todo, cómpre lembrar que estamos a traballar, en boa medida e para o caso de aquén Terra en particular, nunha cronoloxía na que o noso suxeito de investigación opera na clandestinidade. Esta fonte, malia a súa complexidade á hora de tratala, é de suma importancia: como é natural, hai cantidade de feitos de maior ou menor magnitude, mais cualitativamente de relevo histórico, non rexistrados a través de documentación impresa; mesmo noutras ocasións, podemos afirmar como foron reflectidos dados incorrectos en tempo de clandestinidade na propia documentación escrita de xeito interesado -de cara a despistar á represión franquista, por exemplo- que nos alonxan dunha abordaxe con rigor da realidade pasada, tornándose de maior relevo a devandita fonte oral. Esta, xa que logo, nos achega a realidades que doutro modo non coñeceríamos.

Sexa como for, unhas e outras fontes, cruzadas e testadas oportunamente, permiten adentrármonos exhaustivamente e con solvencia, achamos honestamente, nunha realidade complexa como a que analizamos, até o momento abordada escasa e fragmentariamente, aínda que dando lugar até o momento a obras que necesariamente temos que citar pola súa decisiva descuberta. Nesta liña, e por último, non quero pasar por alto que o noso labor investigador nos levou a diversos países, para alén da propia Galiza, caso de Catalunya, Euskadi, España, Arxentina, Uruguai e Cuba, países onde achamos documentación sen a que este esforzo intelectual non tería sido posíbel, tal e como se presenta, en canto forma e resultados.

ESTADO DA CUESTIÓN E BIBLIOGRAFÍA COMENTADA.

Podemos aseverar que nos últimos vinte cinco anos avanzouse de xeito enorme nos estudos e investigacións referidas á realidade nacionalista na Galiza. A saída de diversas obras monográficas sobre a materia enriqueceron o coñecemento epidérmico que había tempo atrás sobre aquela. Obras como *El primer Castelao. Biografía y antología rotas*⁷, do investigador José Antonio Durán, *Vicente Risco no nacionalismo galego*⁸ ou *Antón Lousada Diéguez. Obra Completa*⁹, da autoría do profesor Justo Beramendi, *Nacionalismo gallego. La ideología de Vicente Risco*, de Francisco Bobillo¹⁰, así como *O galeguismo na encrucillada republicana*¹¹, do investigador Xavier Castro e *O rexionalismo galego. Organización e ideoloxía*¹², do politólogo Ramón Máiz, significaron en grande medida o punto de partida de diversos traballos a partir da segunda metade da década de oitenta do pasado século e que porían luz a unha ricaz realidade, cal é a do nacionalismo galego, tendo na década anterior pequenas monografías que contribuíran a acoutar a intrahistoria do movemento patriótico galego, entre as que destacan as achegas realizadas por Xosé Ramón Barreiro autor do libro *El Levantamiento de 1846 y el nacimiento del galleguismo*¹³, arredor do pronunciamento liberal de 1846 capitaneado por Miguel Solís ou artigos como *Igrexa e galeguismo na historia (1846-1923)*¹⁴. Tamén Francisco Carballo desenvolvería achegas nesa mesma liña e por aquelas datas, caso dun seu artigo intitulado *A Igrexa galega ante o Estatuto*

⁷ Durán, J.A., *El primer Castelao. Biografía y antología rotas*, ed. Siglo XXI, Madrid, 1972.

⁸ Beramendi González, Justo, *Vicente Risco no nacionalismo galego*, Santiago, Ed. do Cerne, 1981, 2 vols.

⁹ Beramendi González, Justo, *Antón Losada Diéguez. Obra completa*, Vigo, Ed. Xerais, 1985.

¹⁰ Bobillo, Francisco, *Nacionalismo gallego. La ideología de Vicente Risco*, Akal-Universitaria, 1981.

¹¹ Resultante da Tese de Doutoramento presentado no 1982 sob o título *O Nacionalismo galego na Segunda República*.

¹² Máiz, Ramón, *O rexionalismo galego. Organización e ideoloxía*, Sada, Ed. do Castro, 1984.

¹³ Barreiro Fernández, Xosé Ramón, *El Levantamiento de 1846 y el nacimiento del galleguismo*, Pico Sacro, Compostela, 1977.

¹⁴ Barreiro Fernández, Xosé Ramón, "Igrexa e galeguismo na historia (1846-1923)" in *Encrucillada*, Pontevedra, nº2, 1977, pp.2-16.

de *Autonomía de 1936*¹⁵ no que, tanxencialmente, trataba a historia do nacionalismo a partir da campaña estatutaria.

Até que estes investigadores comezaron a súa produción historiográfica no referido á cuestión nacional galega, a realidade era desoladora a este respecto, debido sobre todo á *longa noite de pedra*, como é sabido. Polo que non sería de estrañar a afirmación que facía, certamente, Xavier Castro na introdución ao devandito traballo, resultante da súa Tese de doutoramento, sobre o tratamento historiográfico do galeguismo:

*“A escasez de traballos rigurosos sobra a historia do movemento reivindicativo da personalidade diferencial de Galicia – chamada nun principio provincial, logo rexional e, no marco cronolóxico ó que nos remitimos, nacional- fai que o coñecemento que temos das liñas directrices básicas que o configuran sexa considerablemente precario”*¹⁶.

Así, pois, até mediados dos oitenta do pasado século son máis os problemas que as solucións presentadas diante do coñecemento do nacionalismo galego en clave histórica. De tal xeito que, en non poucas ocasións, había mesmo que botar man das liñas e modelos a partir dos que ensaiaba o estudo doutros nacionalismos en realidades, nomeadamente, como a vasca ou a catalana, ben máis desenvolvidas que a galega. Afirmaba Xavier Castro que diante o seu devandito traballo de investigación en grande tivera que aplicar un:

“...modelo elaborado para outros nacionalismos mellor coñecidos que o galego. Aclaremos que utilizamo-la expresión de “modelo” na acepción dada por Fernard Braudel, segundo a cal o modelo é un sistema de explicacións solidamente vencellado, ó xeito de ecuación ou da función. (...) Agora ben, de escoller algún modelo

¹⁵ Carballo, Francisco, “A Igrexa galega ante o Estatuto de Autonomía de 1936”, *Encrucillada* nº2, 1979, pp.17-27.

¹⁶ Castro, Xavier, *O galeguismo na encrucillada republicana*, Ourense, Deputación Provincial, 1985. p.19

*inclinariámonos polo que se pode extrapolar dos nacionalismos vasco ou catalán, relativamente ben coñecidos, por estaren ambos inscritos no mesmo marco de referencia que o galego, marco que vén dado pola común subordinación a un mesmo Estado*¹⁷.

A partir da saída do prelo das primeiras obras referenciais sobre o galeguismo, podemos indicar que se chantaron no campo historiográfico galego uns fitos a partir dos cales desenvolver novas achegas sobre a devandita materia. Así, Justo Beramendi continuaría coas súas pescudas neste campo, após a investigación realizada no marco da súa memoria de Licenciatura arredor da figura do que fora grande teórico do nacionalismo galego. Tres anos despois Baldomero Cores Trasmonte presentaría unha cumprida biografía sobre outra figura de grande relevo no nacionalismo do primeiro terzo do século XX, *Ramón Suárez Picallo. Socialismo, galleguismo y acción de masas en Galicia*¹⁸. Ao pouco, ano 1987, Beramendi presentaría a súa Tese de Doutoramento sobre o nacionalismo galego no primeiro terzo do século XX. Neste senso, o anos despois catedrático de Historia Contemporánea e América proseguiría os estudos sistemáticos sobre o nacionalismo e tiraría do prelo outros traballos altamente enriquecedores, como a compilación *Obra política de Ramón Vilar Ponte*¹⁹. Este traballo, ao igual que acontecera coas figuras de Risco e Lousada Diéguez, o certo é que para alén de alumear a realidade histórica obxecto de estudo, recuperaba documentación esencial do nacionalismo na cronoloxía obxecto de estudo, o que significou un duplo contributo.

Parello a estes traballos, Xusto Beramendi foi incentivando estudos diversos sobre o nacionalismo. Entre outros investigadores que nos seus

¹⁷ *Ibidem*

¹⁸ Cores Trasmonte, Baldomero, *Ramón Suárez Picallo. Socialismo, galleguismo y acción de masas en Galicia*, Edicións do Castro, Sada, 1983.

¹⁹ Beramendi, Justo, *Obra política de Ramón Vilar Ponte*, Sada, Edicións do Castro, 1991. Entre outras obras semellantes das que se ten responsabilizado este prolífico historiador, debemos citar a que editaría xunto a Manuel Roca Cendán baixo o título *Lois Peña Novo: obra completa*, Compostela : Servizo de Publicacións e Intercambio Científico da USC, 1995.

inicios tiveron a Beramendi González como director de investigacións e Tese, achamos a Xosé Manoel Núñez Seixas. Este tiraría un interesantísimo libro do prelo no 1999, produto da súa tese de licenciatura, arredor do galeguismo en América²⁰, seguido de diversas monografías e relatorios en revistas e congresos, respectivamente, referidas a esta temática. Por citar algúns, destacamos as achegas realizadas polo ourensán á figura de Eduardo Blanco Amor a través da obra *A Dimensión política de Eduardo Blanco Amor (1919-1950): a difícil andaina dun intelectual no galeguismo*²¹, ou do *Galeguismo e cultura durante o primeiro franquismo (1936-1960) unha interpretación*²². Tamén outros historiadores, especializados en materias como a realidade rural galega, caso de Ramón Villares Paz, teñen realizado recentemente achegas de elevado interese sobre a realidade do nacionalismo galego nas primeiras tres décadas do século pasado, para alén de numerosos traballos pioneiros sobre aqueloutra temática. Así, Villares sería autor hai anos da obra *Fuga e retorno de Adrián Solovio: sobre a educación sentimental dun intelectual galeguista*²³.

Ora, serían os historiadores Justo Beramendi González e Xosé Manoel Núñez Seixas os que presentarían a obra referencial até aquela altura, e por anos, sobre a cuestión que aquí nos ocupa, publicando a obra *O Nacionalismo Galego*²⁴. Esta obra representaría a grande síntese da historia do nacionalismo galego, acoutado entre finais do século XIX e finais do XX. De xeito rigoroso, para alén de exquisitamente didáctico, os autores presentaban o decorrer do nacionalismo entre o 'galeguismo pre-nacionalista'

²⁰ Núñez Seixas, Xosé Manoel, *O Galeguismo en América (1879-1936)*, Sada, Edicións do Castro, 1999.

²¹ Núñez Seixas, Xosé Manoel, "A dimensión política de Eduardo Blanco Amor (1919-1950) : a difícil andaina dun intelectual no galeguismo" in *Anuario Brigantino* nº16, Betanzos, Concello de Betanzos, 1993. p.227-270

²² Núñez Seixas, Xosé Manoel, "Galeguismo e cultura durante o primeiro franquismo (1936-1960) unha interpretación" in *Trabe de Ouro*, nº19 Compostela, Sotelo Blanco, 1994. pp.99-117

²³ Villares Paz, Ramón, *Fuga e retorno de Adrián Solovio: sobre a educación sentimental dun intelectual galeguista*, Vigo, Galaxia, 2007.

²⁴ Beramendi González, Justo e Núñez Seixas, Xosé Manoel, *O Nacionalismo Galego*, Vigo, A Nosa Terra, 1995.

de mediados do século XIX ao 'nacionalismo [daquelas] actual', de finais do século XX. Polo medio ficaría tratado todo o proceso de conformación do galeguismo que daría orixe ás *Hirmandades de Amigos da Fala* no 1916 e á *Asamblea Nacionalista* de novembro do 1918, da que vamos camiño do seu centenario. Aliás, nesta obra tracexábase a liña pouco recta que unía o nacionalismo galego de 1931 con aquel, en grande medida *ex novo*, xurdido a partir do 1963/1964, é dicir entre a creación do *Partido Galeguista* e a aparición do *Partido Socialista Galego* (PSG) e a *Unión do Povo Galego* (UPG); pondo luz a ese intervalo forzoso aberto desde o golpe militar reaccionario de xullo do 1936. Así, pois, tratarían Beramendi e Núñez tamén a difícil relación dos galeguistas expatriados en América do sul con aqueles que quedaran na Terra, así como a relación deste últimos coas novas organizacións nadas cara mediados dos sesenta tamén sería tema tratado na devandita obra. Con todo, algo que advertían daquelas os autores, non se presentaba neste traballo e non existía daquela de xeito completo, até os nosos días, un traballo sistemático sobre o nacionalismo galego desde mediados dos anos cincuenta até a actualidade. Tal e como afirmaban estes dous investigadores:

“...podemos sinalar as vías polas que comprirá seguir a afondar na pescuda daqueles períodos ou cuestións insuficientemente cubertos ate o de agora. (...) para a época da posguerra, e moi especialmente o período do nacionalismo actual (de 1960 en diante), carecemos dos traballos mínimos precisos en cantidade e calidade”²⁵.

Desde que esta aseveración se formulou, como verdadeiro acicate, até o día de hoxe foron tirándose do prelo traballos de relevo que contribuíron a debuxar o acontecer do nacionalismo nos últimos quince anos da ditadura franquista. Outros traballos, aínda que desenvolvidos con anterioridade, non chegaron a ser publicados, caso da Tese de Licenciatura de Alberto Romasanta sobre o 'nacionalismo radical' galego²⁶. No que atinxe

²⁵ *Ibidem*. Limiar

²⁶ Romasanta Armesto, Alberto, *El nacionalismo radical gallego en el caso de la Dictadura y*

aos traballos publicados sobre esta etapa do nacionalismo, cómpre lembrar as importantes achegas do profesor catalán, afincado en Euskadi, Fermí Rubiralta Casas. Este investigador traballaría sobre o que denominaría, na liña de Romasanta, ‘nacionalismo radical’ galego, vasco e catalán. Especialista sobre as orixes e desenvolvemento do *Partit Socialista de Alliberament Nacional* (PSAN), no marco do 1969 e o 1974, Rubiralta traballou arreo sobre a *Unión do Povo Galego* até o 1974. De feito tirou do prelo a interesante obra *De Castelao a Mao. O Novo nacionalismo radical galego (1959-1974)*²⁷. Neste traballo percorrería as orixes, configuración e desenvolvemento inicial da UPG. A obra derivaba da tese de doutoramento que Rubiralta viña de presentar na Euskal Herriko Unibertsitatea (EHU) no ano 1995 sob o título *Orixes, configuración e desenvolvemento inicial do novo nacionalismo galego, catalán e vasco*. Investigacións unhas e outras que nos aproximaron á devandita realidade, abrindo un camiño que estaba practicamente sen trolar.

Ora, aos problemas que xa temos apuntado, e aos que se referían os autores d’*O Nacionalismo galego*, habería que sumar un outro, e no que Rubiralta reparaba no limiar daquela súa obra:

“...como advertíamos na introducción da devandita tese, tomar unha organización política como a UPG como punto de referencia para o coñecemento do novo nacionalismo radical galego non significa en ningún caso que a nosa intención sexa a realización dun estudio estasiolóxico da mesma, nin moito menos un traballo haxiográfico que magnifique de xeito acrítico a súa traxectoria”²⁸. Acrescentando o autor que: “...evitar subxectividade e dispoñer dunha visión suficientemente distanciada dos acontecementos e procesos para analizar foron algunhas das razóns que nos moveron a situar o límite cronolóxico superior deste traballo en torno ao ano 1974”²⁹.

los inicios de la transición democrática (1974-1977): organizaciones, estrategia e ideología [tesina], UNED, Madrid, 1991.

²⁷ Rubiralta Casas, Fermí, *De Castelao a Mao*, Compostela, Laivento, 1998.

²⁸ *Ibidem* p.12

²⁹ *Ibidem*

O que significaría que de aí en diante non habería traballo algún que fonda e sistematicamente analizara a evolución e devir do nacionalismo galego organizado; derivado isto, en boa medida, pola cercanía de feitos e proceso que chega até os nosos días en forma de presente. Parte dos procesos iniciados nos anos sesenta aínda hoxe están abertos, a maior parte dos seus e das súas protagonistas fican vivas, e en activo no referente ao campo político, feito que se presenta como un obstáculo difícil de salvar para o investigador.

Con todo, temos que lembrar un outro traballo que após o de Rubiralta sairía do prelo e que entraría de cheo nesoutra realidade do nacionalismo galego contemporáneo dos nosos días, rompendo ese cerco cronolóxico do que falaba Rubiralta. Esta obra, da autoría do politólogo Manuel Anxo Fernández Baz, fálanos da concreción organizativa do nacionalismo galego nos últimos corenta anos do pasado século sob o título *A formación do nacionalismo galego contemporáneo (1963-1982)*³⁰; volume acoutado cronoloxicamente entre a data de creación do *Partido Socialista Galego* (PSG) e a *Unión do Povo Galego* (UPG) e do *Bloque Nacionalista Galego* (BNG), respectivamente.

Así, pois, estas obras sumáronse a algúns artigos e capítulos de libros que serían publicados con anterioridade, caso de *Nacionalismo radical, transición e proceso autonómico en Galicia*³¹, así como a outros que irían sendo presentados en anos posteriores. Entre os máis novos investigadores que xa tiñan traballado sobre esta temática, mesmo antes da saída da obra de Fernández Baz, achábase o historiador Prudencio Viveiro Mogo que, por exemplo, traballara sobre a UPG e 'os outros nacionalismos peninsulares'³². Na práctica Viveiro Mogo faría unha exhaustiva radiografía en varios traballos sobre as relacións exteriores da devandita organización patriótica galega no

³⁰ Fernández Baz, Manuel Anxo, *A formación do nacionalismo galego contemporáneo (1963-1982)*, Laiovento, Noia, 2003.

³¹ Domínguez Castro, Luís e Xosé Ramón Quintana Garrido, "Nacionalismo radical, transición e proceso autonómico en Galicia, in J. Tusell ed. *Historia de la Transición y consolidación democrática en España*, UNED, Madrid, 1995. pp. 457-473.

³² Viveiro Mogo, Prudencio, "A Unión do Povo Galego e os outros nacionalismos peninsulares (1964-1980)", Vigo, *Grial*, 145, 2000. pp.101-125

marco da Península Ibérica. Unha liña de investigación que seguiría desenvolvendo co PSG, a UPG e incluso o PCG en artigos de investigación como *A actividade exterior do Partido Socialista Galego : 1975-1980*³³ ou *A UPG e o PCG perante a Transición á democracia, 1975-1982*.³⁴ A estas investigacións sumaríase o filólogo Luís Gonçales Blasco. Este noutro cofundador da UPG no 1964, daría ao prelo a obra *A política e a organizaçom exterior da UPG : (1964-1986)*³⁵, unha extensa obra de grande valía a respecto da devandita temática.

De compararmos esta nosa realidade coa atención que as historiografías vasca, catalá ou irlandesa teñen posto nos seus respectivos nacionalismos, non saímos especialmente ben parados. E é que semella facilmente observábel que, á diferenza dos casos citados, entre outros, na Galiza redúcese a un pequeno número de historiadores e historiadoras as que teñen desenvolvido e desenvolven estudos sobre a devandita cuestión, fronte aqueloutras historiografías que contan cun notábel número de investigadores, dos seus respectivos países e alleos, traballando sobre a cuestión nacional para os devanditos países.

Ora, sexa como for, nas últimas dúas décadas ollamos como diversos traballos abordan monográficamente certos aspectos e realidades da historia do nacionalismo galego, aumentando a produción historiográfica centrada no pretérito da realidade patriótica galega. Nesta liña encadramos obras como *Arte e nacionalismo. La vanguardia histórica gallega (1925-1936)*³⁶ da autoría de Xosé Antón Castro, *A Mulher no nacionalismo galego*³⁷ de Noa Ríos

³³ Viveiro Mogo, Prudencio, “A actividade exterior do Partido Socialista Galego: 1975-1980” in *Murguía, Revista Galega de Historia*, vol.1, 2003. pp.109-118.

³⁴ Viveiro Mogo, Prudencio, “A UPG e o PCG perante a Transición á democracia, 1975-1982” in *Murguía, Revista Galega de Historia*, vol.11, 2006 pp. 81-104

³⁵ Gonçales Blasco, Luís, *A política e a organizaçom exterior da UPG: (1964-1986)*, Compostela, Laiovento, 2012.

³⁶ Castro, Xosé Antón, *Arte e nacionalismo. La vanguardia histórica gallega (1925-1936)*, eds. *Do Castro, Sada, 1992*.

³⁷ Ríos Bergantinhos, Noa, *A Mulher no nacionalismo galego (1900-1936): ideologia e realidade*, Laiovento, Noia, 2001.

Bergantinhos, *Castelao e o Galeuzca*³⁸ e *Galeuzca: la rebelión de la periferia*³⁹, última das obras que até o momento o profesor galego afincado en Euskadi Xosé Estévez tirou sobra a devandita alianza nacionalista tripartita; ou *Nacionalismo ao pé da letra*⁴⁰, de Tito Diéguez, *O nacionalismo cívico: interpretación do contributo da Irmandade da Fala da Coruña*⁴¹ de Xosé Manuel Maceira Fernández, *Xohán Xesús González: un precursor do soberanismo galego*, de Héitor Picallo Fuentes⁴² ou *A loita permanente de Xoán Xesús González : no socialismo e no nacionalismo galego*⁴³, de Marcos Seixo Pastor.

Obras monográficas que debemos sumar ás biografías, autobiografías ou libros de memorias, así como libros de conversas que se veñen editando nas últimas dúas décadas e media e que nos últimos anos cobraron maior auxe, se cabe. Por citar só algúns casos, citaremos as obras *X.L. Méndez Ferrín*⁴⁴, *A nación incesante, conversas con Xosé Manuel Beiras*⁴⁵, *Camilo Nogueira e outras voces: unha memoria da esquerda nacionalista*⁴⁶, *Os anos*

³⁸ Estévez, Xosé, *Castelao e o Galeuzca*, Compostela, Laiovento, 2002. Obsévese que Estévez iniciaba os seus traballos sobre o *Galeuzca* coa Tese de Doutoramento intitulada *De la triple alianza al pacto de San Sebastián : (1923-1930) : (Relaciones entre los nacionalistas vascos, gallegos y catalanes)*, presentada na Universidade de Deusto no 1990.

³⁹ Estévez, Xosé, *Galeuzca: la rebelión de la periferia*, Madrid, La Catarata, 2009.

⁴⁰ Diéguez, Tito, *Nacionalismo ao pé da letra: os periódicos dos partidos nacionalistas galegos entre 1965 e 1975*, Compostela, Sotelo Blanco, 2005.

⁴¹ Maceira Fernández, Xosé Manuel, *O nacionalismo cívico: interpretación do contributo da Irmandade da Fala da Coruña*, Compostela, Laiovento, 2007.

⁴² Picallo Fuentes, Héitor, *Xohán Xesús González: un precursor do soberanismo galego*, Compostela, Laiovento, 2008.

⁴³ Seixo Pastor, Marcos, *A loita permanente de Xoán Xesús González: no socialismo e no nacionalismo galego*, Vigo, A Nosa Terra, 2008.

⁴⁴ Salgado, Xosé Manuel e Xosé M. Casado, *X.L. Méndez Ferrín*, Sotelo Blanco, Barcelona, 1989.

⁴⁵ Fernán-Vello, Miguel Anxo e Fancisco Pillado Mayor, *A nación incesante. Conversas con Xosé Manuel Beiras*, Sotelo Blanco, 1989.

⁴⁶ Toro, Suso de, *Camilo Nogueira e outras voces : unha memoria da esquerda nacionalista*, Vigo, Xerais, 1991.

escuros. *A resistencia cultural dunha xeración*⁴⁷, *A nación galega existe: conversas con Francisco Rodríguez*⁴⁸, así como *A Estrela na palabra. Novas conversas con Xosé Manuel Beiras*⁴⁹ e *Amada liberdade*⁵⁰, entre outras.

Temos que destacar, aliás e por último, unha outra tipoloxía bibliográfica que fala do estado da cuestión máis unha vez: os libros de actas congresuais. Diversos congresos se teñen desenvolvido nas últimas case tres décadas arredor da historia do nacionalismo na Galiza. Entre estes, destacan as *Actas do Congreso Castelao*⁵¹, desenvolvido en Compostela no 1986 co gallo do cen aniversario do nacemento de Daniel Rodríguez Castelao, as do *Congreso Internacional os Nacionalismos en Europa, Pasado e Presente*⁵², desenvolvido na capital galega no 1993, así como *A Galiza de Bóveda*⁵³, obra editada no 2009 recollendo as actas do congreso do mesmo nome, celebrado en Pontevedra no ano 2003, co gallo do cen aniversario do nacemento de Alexandre Bóveda.

Neste percorrido bibliográfico arredor das obras que teñen dilucidado a Historia do nacionalismo galego, temos que destacar *De Provincia a Nación. Historia do galeguismo político*⁵⁴, da autoría do catedrático Justo Beramendi. Un magno volume que representa décadas de investigación sobre a historia

⁴⁷ Franco Grande, X.L., *Os anos escuros. A resistencia cultural dunha xeración*, Vigo, Galaxia, 2004.

⁴⁸ Mexuto, Xosé, *A nación galega existe: conversas con Francisco Rodríguez*, A Nosa Terra, Vigo, 2006.

⁴⁹ Fernan-Vello, Miguel Anxo e Pillado Mayor, Francisco, *A Estrela na palabra. Novas conversas con Xosé Manuel Beiras*, Compostela, Laidovento e Espiral Maior, 2004.

⁵⁰ Pérez-Barreiro Nolla, Fernando, *Amada liberdade*, Vigo, Xerais, 2013.

⁵¹ Beramendi González, Justo e Ramón Villares (eds.), *Actas Congreso Castelao, Compostela*, USC, Compostela, 1986.

⁵² Os coordinadores e editores das actas deste congreso foron Justo Beramendi González, Ramón Máiz e Xosé Manoel Núñez Seixas.

⁵³ Diéguez Cequiel, Uxío-Breogán (coord.), *A Galiza de Bóveda*, Ourense, Difusora das Artes, Letras e Ideas, 2009.

⁵⁴ Beramendi González, Justo, *De Provincia a Nación. Historia do galeguismo político*, Vigo, Xerais, 2008.

do nacionalismo galego, sendo a obra cume a este respecto. Máis de mil duascentas páxinas ao longo das cales fica debullado de xeito sistemático o nacionalismo galego en perspectiva histórica, en canto nacemento e formación, percorrido/evolución, tendencias e dimensión do mesmo. Nesta exemplar achega que realiza Beramendi como historiador e, mesmo, politólogo, dota á historiografía galega dunha peza fulcral para o coñecemento do galeguismo político; tal e como reza a presentación editorial desta obra, deste extraordinario esforzo intelectual, estamos diante dunha:

"...investigación sistemática da natureza e evolución dos movementos sociopolíticos de reivindicación de Galicia como suxeito político de seu dende as súas primeiras manifestacións individuais no século XVIII até a actualidade. O tratamento do provincialismo, do rexurdimento e do rexionalismo do século XIX, e máis aínda do nacionalismo galego do século XX, faise cunha profundidade sen precedentes".

Como conclusión, achamos como nos situamos nun punto, após tres décadas de investigacións, no que contamos cun coñecemento ben completo para o nacionalismo galego na primeira metade do século XX. Ora, se ben contamos hoxe cun elevado número de investigacións e obras que alumean a historia do galeguismo na primeira metade do século XX, sendo central o esforzo investigador representado por Xusto Beramendi, o certo é que para a segunda metade do pasado século non gozamos dunha radiografía exhaustiva da historia do nacionalismo galego.

Sexa isto dito para alén das monografías que supoñen incursións, de maior ou menor calado, no relativo ao necesario coñecemento deste noso obxecto de estudo, caso de recentes biografías derivadas do esforzo e iniciativa de poucos investigadores, caso da obra *Luís Soto. A xeira pola unidade galega* da autoría de Xurxo Martínez González⁵⁵, ou aquelas outras saídas do prelo a partir de efemérides, como no caso do Día das Letras Galegas do 2009, no que Ramón Piñeiro, figura central do galeguismo aquí

⁵⁵ Martínez González, Xurxo, *Luís Soto. A xeira pola unidade galega*, Vigo, Xerais, 2011.

terra na devandita cronoloxía, sería homenaxeado. Efectivamente aquela cercana efeméride celebrada un par de anos, fixo que saíran do prelo valiosísimas obras, caso de *Piñeiro contra Castelao. Castelao contra Piñeiro*⁵⁶ de Xoán Carlos Garrido Couceiro, *Piñeiro e o piñeirismo em perspectiva histórica*⁵⁷ de Carlos Velasco, así como *Ramón Piñeiro e a revisión do nacionalismo*⁵⁸ de Miguel Barros.

Ora, volvemos insistir na excesiva parcelación dos estudos realizados; inconexos, en grande medida, entre si, e na falta de traballos que nos tracexen a liña completa e complexa do nacionalismo galego en chave política e organizativa entre o final da II Republicana española e a queda da ditadura franquista, unha franxa temporal de catro décadas, na que observar no seu conxunto a evolución do nacionalismo galego, na súa expresión político-organizativa, até a eclosión que dará como resultante a normalización social e eleitoral deste movemento, na súa forma maioritaria, nos anos oitenta do pasado século e seguintes. Unha excesiva fragmentación obsérvase, dicíamos, e falta de investigacións profundas para a cronoloxía citada que tan só contribuíron a superar, para o último terzo do século XX, Alberte Romasanta, Fermí Rubiralta, Manuel Anxo Fernández Baz, así como Xosé Ramón Quintana Garrido, nunha ben meritoria investigación relativa ao BNG⁵⁹, ao igual que Carlos F. Velasco Souto, quen analizou de cheo, recentemente, desde a perspectiva galega o tempo da transición política entre a ditadura franquista e a democracia borbónica, realizando, aliás, unha incursión no nacionalismo galego da altura⁶⁰. Un tempo para o cal veñen de saír un par de obras que versan arredor do agrarismo nacionalista a partir do tardofranquismo e transición en diante,

⁵⁶ Garrido Couceiro, Xoán Carlos, *Piñeiro contra Castelao. Castelao contra Piñeiro*, Vigo, A Nosa Terra, 2009.

⁵⁷ Velasco Souto, Carlos Francisco, *Piñeiro e o piñeirismo em perspectiva histórica*, Compostela, Laivento, 2009.

⁵⁸ Barros, Miguel, *Ramón Piñeiro e a revisión do nacionalismo*, Vigo, Galaxia, 2009, 2 vols.

⁵⁹ Quintana Garrido, Xosé Ramón, *Un longo e tortuoso camiño. Adaptación, crise e cambio no BNG (1971-2009)*, Vigo, Galaxia, 2010.

⁶⁰ Velasco Souto, Carlos Francisco, *Franquismo seródio e Transiçom democrática na Galiza (1960-1981). Para umha interpretação politicamente incorrecta do nosso passado recente*, Compostela, Laivento, 2012.

unha, e a presenza estudantil no nacionalismo galego, outra; caso de *A Terra sabe a loita. Testemuño de rebeldía galega* e *O estudantado galego sae á rúa. ERGA no movemento estudantil galego*⁶¹, respectivamente. Mais ficamos carentes dun pretendido coñecemento, con vontade totalizadora, que dea unha panorámica xeral do nacionalismo galego previo e posterior ao tempo propio do plebiscito en favor da autonomía galega e do Golpe militar reaccionario do 1936, tentando encher de sentido contextual iso que damos en chamar 'a estratexia frontista' no nacionalismo galego propia de finais da segunda metade dos anos '60 do pasado século XX en diante. Realidade que non pasa actualmente polos seus mellores momentos.

Así, pois, e a partir do indicado, xustificamos a nosa proposta de Tese de Doutoramento; marcándonos, a partir das ausencias e puntos escuros referidos ao todo o tempo indicado, o reto de adentrármonos e afondarmos na devandito marco cronolóxico e a realidade patriótica galega asociada á mesma alén e aquén terra.

⁶¹ López Pérez, Emilio, *A Terra sabe a loita. Testemuño de rebeldía galega*, Compostela, Fundación Bautista Álvarez, 2012 ; Varios Autores, *O estudantado galego sae á rúa. ERGA no movemento estudantil galego*, Compostela, Fundación Bautista Álvarez, 2013.

Iº CAPÍTULO.

Entre a construción e o derrubo do proxecto patriótico galego.

1.-O SUBSTRATO REPUBLICANO. A MODERNIZACIÓN DO PROXECTO NACIONALISTA GALEGO (1931-1936).

1.1.-Apontamentos contextuais e introdutorios.

A Galiza do primeiro terzo do século XX non cambiara estruturalmente no básico respecto a etapas históricas anteriores. Era un país eminentemente rural, de dous millóns de habitantes⁶², especialmente marcado por unha emigración que resultaba dun forte 'atraso económico'⁶³, subdesenvolvido política e tecnoloxicamente, que facía dun país de chan e solo rico, unha terra empobrecida; cunha feble industrialización, por un desenvolvemento urbano e industrial cativoiro⁶⁴. No marco desta realidade, onde destacaría o problema da propiedade da terra⁶⁵, dividida até extremos inimaxinábeis, o denominado *minifundismo*, e cunha falta de atención total por parte da administración, representada polo tecido institucional e xurídico español, achamos unha organización reivindicativa que se abre camiño con forza entre o campesiñado: *Solidaridad Gallega*. De grandes semellanzas coa súa homóloga catalá, *Solitaritat Catalana*, vai destacar esta entidade entre o 1907 e o 1912 na vertebración e concienciación do campesiñado galego en relación á orixe das súas problemáticas. Nesta formación había varias correntes, nas que agora non entraremos en profundidade, mais diremos que confluirán nela os vellos republicanos galegos e os rexionalistas, nucleados en torno á cidade da Coruña, e os neocarlistas que terán en Xoán Vázquez de Mella (1861-1928) o seu referente⁶⁶. O que nos interesa, para o caso que nos ocupa, é que esta organización existiría tendo en parte un sentir

⁶² Dos que máis dun 90% ficaba asentado no medio rural.

⁶³ Véxase Beiras Torrado, Xosé Manoel, *O Atraso económico de Galiza*, Compostela, Laidvento, 1995 (reedición da obra do 1972); Carmona Badía, Joám, *El Atraso industrial de Galicia: auge y liquidación de las manufacturas textiles (1750-1900)*, Barcelona, Ariel, 1990

⁶⁴ Pereira, Dionísio; Diéguez, Uxío-Breogán e Máiz, Bernardo, *Síntese da historia do movemento obreiro galego*, Compostela, Fundación para o Estudo e a Divulgación da Cuestión Social e Sindical en Galiza, 2010. p.7

⁶⁵ Véxase Balboa, *O monte en Galicia*, Vigo, Xerais, 1990 e Villares Paz, Ramón, *Desamortización e réxime de propiedade*, Vigo, A Nosa Terra, 1994.

⁶⁶ Vid. Beramendi, Justo, *De provincia a nación. Historia do Galeguismo político*, Vigo, Xerais, 2008. pp.348-377 e 391.

rexionalista/proto-nacionalista, de recoñecemento da Galiza como algo diferenciado fronte ao resto do feito *hispánico*. Así mesmo, ollamos como en Ourense irrompe con forza a denominada *Liga de Acción Gallega* que desde o verán do 1912 vai liderar a loita agraria co crego Basilio Álvarez (1877-1943) á cabeza. Este movemento, que tería como xérmolo a publicación *Acción Gallega. Revista Quincenal. Defensora de los intereses regionales* enlazará con sociedades agrarias diversas existentes no país, presentaba co *Manifiesto de Ourense* coas seguintes principios:

"Primero. La Liga de Acción Gallega iniciará su propaganda con mítines agrarios en los que se predicará solidaridad y rebelión al pueblo gallego.

Segundo. Fomentarse la constitución de Sociedades de Resistencia con objeto de combatir con todos los medios el caciquismo imperante.

Tercero. La Liga de Acción Gallega recogerá las aspiraciones del pueblo gallego para formular un programa detallado de lo que debe comprender la política gallega y cuya realización progresiva por el gobierno de Madrid constituirá el compromiso de honor de los diputados de Galicia".

A *Solidariedade* e a *Acción Galega* fertilizaban o vizoso rural galego de cara ao espallamento dun ideario agrarista galego, mais tamén do que en breve se autodenominaría movemento 'nazonalista'.

Enlazando esta realidade con vellas publicacións de denuncia social, ligadas ao medio rural como as páxinas do semanario *O Tío Marcos d'a Portela. Parrafeos c'o Pobo Gallego* (1876) e o *Catecismo d'o Labrego* (1889)⁶⁷, ambas obras ideadas e redixidas polo xornalista Valentín Lamas Carballal (1849-1906) e ligadas fortemente ao galeguismo e agrarismo. Na

⁶⁷ *O Tío Marcos d'a Portela* editouse até o ano 1888, dando paso un ano despois ao irreverente libríño *Catecismo do labrego galego*, que parodiaba ao *Catecismo de la doctrina cristiana*, publicado no 1599, da man do Padre Gaspar Astete. Reeditado en ducias de ocasións até a actualidade, após o golpe militar reaccionario do 1936 sería Xosé María Álvarez Blázquez (1915-1985) quen volvía editar desde a viguesa Edicións Castrelos a devandita obra no 1967.

publicitación que *O Tío Marcos d'a Portela* facía do *Catecismo* de Lamas, podíase ler o seguinte parágrafo:

"*Tod'o o que n-el se di está resumido n-o dibuxo d'a portada (...). O coitadiño paisano gallego marcha, camiño do calvario, levando sobre do lombo a pesada cruz d'as suas calamidás e disgracias. Atado pol-o pescozo c'unha corda, d'a que turra un ministro, vai escoltado por un xeneral e un señor*".

Con certeza a ideoloxía anticaciquil e galeguista na que ficaban inmersas as páxinas das devanditas dúas obras, nunha Galiza finisecular de polarizada realidade socio-económica, contribuíu, abofé, á conformación dun pensamento social e patriótico en varias xeracións de galegos entre as clases populares.

Alén das páxinas do *Catecismo d'o Labrego*, *O Tío Marcos da Portela* e de outros múltiples libros, vería a luz nos inicios do século XX *A Nosa Terra*, nunha primeira xeira *regionalista* (1907-1908), para dar logo a unha segunda explicitamente *nazonalista* (1916-1930), a primeira vinculada á *Solidariedade Galega* e a segunda ás *Irmandades dos Amigos da Fala*, ambas impulsadas da man do grupo agrarista e galeguista radicado na Coruña, con figuras centrais como o historiador Manuel Murguía, o xurista Salvador Golpe (1850-1909), Manuel Lugo Freire (1863-1940) e o poeta Eduardo Pondal (1835-1917), entre outros. Aquela última irmandade faría a súa aparición formal no ano 1916, pouco despois de ter lanzado Antón Vilar Ponte (1881-1936) o 5 de xaneiro o seu folleto *Nacionalismo Gallego (Apuntes para un libro)*, subtítulo *Nuestra afirmación regional*; folleto no que se recollía unha acesa defensa e reivindicación da lingua propia da Galiza, expóndose a necesidade de artellar un movemento que a defendera, recoñecendo e potenciando o país como "patria natural" e "pobo libre con personalidade histórica", sendo na práctica aquel folleto unha chamada á reorganización do galeguismo, tal e como ten afirmado o catedrático Justo Beramendi⁶⁸.

⁶⁸ Beramendi, Justo, *De provincia a nación...* op. cit. p.430

Nacían as coñecidas popularmente como *Irmandades da Fala* como movemento patriótico en defensa da lingua galega e da mellora do 'particular benestar' da Galiza, con figuras como os irmáns Ramón (1890-1953) e Antón Vilar Ponte, Manuel LUGRÍS Freire, Xosé Iglesias Roura (1879-1930), Ramón Cabanillas (1876-1859), Salvador Cabeza de León (1864-1934), Uxío Carré Aldao (1859-1932), Antón Lousada Diéguez (1884-1929), Johán Vicente Viqueira (1886-1924) ou Lois Porteiro (1889-1918), instalados xa nun explícito nacionalismo. Diante da súa primeira xuntanza de ámbito nacional, a denominada *I Asamblea Nazonalista*, ou *Asamblea Nazonalista de Lugo*, desenvolvida en novembro do 1918, afirmarían os presentes:

"...nós nomeamonos de hoxe para sempre nazonalistas galegos xa que a verba rexionalismo non recolle todas as aspiracións nen encerra a intensidade dos nosos problemas"⁶⁹.

Este galeguismo fará un extraordinario esforzo por situar no centro do debate político a *cuestión nacional*. Ora, nuns inicios non pasará de pequenos círculos intelectuais, nos que predicará con certo éxito a mensaxe patriótica. A nivel institucional habería que agardar ao febreiro do 1920 para que conseguisen os irmandiños a súa primeira acta municipal, ocupando un escano no concello da Coruña o autor de *La Mancomunidad Gallega* Lois Peña Novo (1893-1967)⁷⁰, quedando a poucos votos Antón Vilar Ponte de saír tamén eleito concelleiro. E é que gradualmente observamos como o nacionalismo galego iría acadando maior intrudución social, en base a unha vontade que a partir dos inicios da década dos trinta será máis frutífera; procurando facer parte do asociacionismo de base, caso de equipos de fútbol, sociedade culturais, folklóricas, corais polifónicas, así como entidades profesionais. Aliás, posibilitarase a presenza da escrita e pensamento en medios de comunicación permeábeis á cuestión galeguista de cadros do movemento irmandiño, para o

⁶⁹ "A Asamblea Nazonalista de Lugo" in *A Nosa Terra*, 5/12/1918 (capa).

⁷⁰ En relación á figura e obra de Peña Novo é de inescusábel lectura Beramendi, Justo e Roca Cendán, Manuel (ed.) *Lois Peña Novo. Obra completa*. Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, 1995.

que non hai dúbida tería un relevo considerábel a integración masónica de unha parte nada desdeñábel dos líderes do nacionalismo galego e da esquerda de obediencia española organizada na Galiza no primeiro terzo do pasado século, tanto aquén como alén terra⁷¹. Será habitual ver, nesta liña, colaboracións dos galeguistas en importantes medios de comunicación da época como *EL Pueblo Gallego* de Vigo, *El País* de Pontevedra ou mesmo *El Sol*, de Madrid. Sumado ao indicado, tentárase unha presenza do galego e o ideal galeguista no mundo académico, preocupación que levaría a Antón Lousada Diéguez a crear en Pontevedra a *Xuntanza de Estudos e Investigacións Históricas e Arqueolóxicas* e a se lanzar, ao pouco, a iniciativa do *Seminario de Estudos Galegos* no 1923⁷² -presidido ao inicio por Armando Cotarelo Valledor (1879-1950) e desde 1925 até o 1934 por Salvador Cabeza de León⁷³, para tempo despois ser relevado por Ramón Otero Pedrayo (1888-1976) -, fronte unha Universidade compostelá oficialmente de patrón español. Tal e como afirmarían os galeguistas, era necesario que na Universidade de Santiago de Compostela, e en xeral nos centros de ensino :

“...os mestres ensinaran (...) o amor á Galicia, se lles fixera comprender aos alumnos que o verdadeiro patriotismo consiste en facer próspera e rica á propia Terra; se en vez de facerlles adprender como loritos os nomes dos reis godos ou o número de groriosas derrotas que sufríu Hespaña en todo tempo, lles ensinasen á conocer as produciós do país e as industrias que se poideran implantar nel, e sobre todo, se lles

⁷¹ Entre os primeiros podemos citar figuras centrais como Manuel Lugrís Freire (1863-1940) e entre os segundos políticos como Manuel Portela Valladares (1867-1952).

⁷² Entre os fundadores do SEG estarían os estudantes universitarios Ramón Martínez López (1907-1989), Lois Tobío Fernández (1906-2003), Xosé Filgueira Valverde (1906-1996) e Manuel Magariños (1904-1934), aos que se sumarían outros mozos maiores, caso de Romero Cerdeiriña (1901-?) ou Fermín Bouza Brey (1901-1973).

⁷³ Logo da experiencia da *Xuntanza de Estudos* iniciada por Lousada Diéguez, Lois Tobío indicaría nas súas memorias como tería sido o profesor Wenceslao Requejo Buet o que lles proporía a un fato de alumnos do primeiro curso de Dereito da Universidade de Santiago de Compostela conformar un grupo interesado "... *por problemas de cultura, arte, literatura e historia principalmente, algo así como unha tertulia ou ateneo...*" in Tobío, Lois: *As décadas de TL*, Edicións do Castro, 1994, páxinas 123-126 e 131.

inculcase a idea de que a súa propia vontade é d'abondo para trocar a vida de larchana, homilde e pobre en activa, varil e rica, eses [alumnos] cando chegaran a ser homes saberían poñer á Galicia no eume dos países frorecentes”, engadindo a importancia que isto tería na concienciación política, nomeadamente en alusión ao recén nado SEG, en canto que “quizais a circunstancia de verse forzados á soster pol-os propios medios algunhas institucións de ensinanza, encomece á facer ver nas xentes o inútil e perxudicial da suxeición á normas e sistemas dos gobernos, e a comencia, pol-a lei de buscar rumbos mais adecuados ás necesidades do país, e vantaxes na independencia da vida, dos estudos que fagan utilizar, para a exclusiva utilidade, aqueles medios e aquelas ensinanzas mais ventaxosas”⁷⁴.

Mais para desenvolver este traballo de galeguización houbo que partir dunha situación verdadeiramente adversa, dado que a situación era resultante de séculos de castellanización/españolización da sociedade e o ensino galegos, tal e como nos trasladaba Francisco Fernández del Riego, lamentabelmente finado hai meses, en relación ao activismo galeguista no ensino superior:

“Dentro da Universidade traballamos uns cantos, certamente unha minoría, para darlle acento galego; una Universidade que estaba de costas ao país (...). Nós partimos do cero e do menos cero”⁷⁵.

Afianzados nunha política de dotar á Galiza dun ensino e liña de investigación científica propia, na liña das palabras que vimos de reproducir de Leandro Carré (1888-1976) inmediatamente antes das de Fernández del Riego, o *Seminario* íría afianzándose co paso do tempo, sumando en poucos anos a practicamente toda a intelectualidade galeguista da altura⁷⁶, e desenvolvendo

⁷⁴ Carré, Leandro, “Os estudos que son precisos en Galicia” in *A Nosa Terra* nº202, 1/07/1924, p.3

⁷⁵ Conversa de Uxío-Breogán Diéguez con Francisco Fernández del Riego 24/09/2003.

⁷⁶ Nomeadamente a denominada *Xerazón Nós*, caso de Vicente Risco, Florentino López

con importantes logros, caso das 'xeiras' realizadas por varias rexións galegas, nas que se recollían refráns e cantigas, realizándose estudos xeográficos, arqueolóxicos e etnográficos, entre outros. Unha eclosión patriótica que tamén se viviría en Catalunya e Euskal Herria, nacionalismos cos que o galego manterá relación. Mercé as vinculacións existentes entre cadros dos tres movementos e ao entenderen había un denominador común compartido, nacería a *Triple Alianza*⁷⁷ naquel mesmo ano, que daría como resultante un manifesto abertamente independentista, do que participarán os galeguistas das *Irmandades da Fala*, xunto a *Irmandade Nazionalista Galega* (ING) radicada, fundamentalmente, en Ourense⁷⁸, así como as organizacións catalanas *Acció Catalana*, *Federació Nacionalista* e a *Unió Catalanista*, sumándose ao pouco tamén *Estat Catalá*, xunto ao euskaldún *Euzko Alderdi Jeltzalea* (EAJ-PNV). Un documento fundacional desta alianza que sería calificado polo veterano galeguista Francisco Fernández del Riego (1913-2010), nun texto redactado unha década despois de se dar o devandito encontro, de "...*paito secreto de matiz francamente arredista...*"⁷⁹.

Ora, esta eclosión patriótica sufrirá un duro revés, derivado do golpe militar reaccionario españolista que liderará Miguel Primo de Rivera (1870-1930) dous días despois de se asinar o devandito pacto e que os

Cuevillas e Ramón Otero Pedrayo, entre outros, así como aos veteranos galeguistas Antón Lousada Diéguez -impulsor da efémera mais fecunda 'Xuntanza de Ampliación de Estudos- ou Daniel Rodríguez Castelao, ambos das *Irmandades da Fala*, que apoiarían incondicionalmente a devandita institución. *Vid.* Tobío, Lois: *As décadas de TL... Op. Cit.* p.131.

⁷⁷ Concretamente o 11 de setembro do 1923 asinaríase o documento fundacional da tripartita alianza na sede do *Centre Autonomista de Dependents del Comerç i de la Indústria de Barcelona*, coincidindo coa *Diada ou Día Nacional de Catalunya*.

⁷⁸ A socialmente conservadora ING ficaba nucleada arredor de Vicente Risco como ideólogo, que se separara das *Irmandades da Fala*, que irían acrescentando o seu progresismo, sobre todo a partir do seu núcleo coruñés. A ruptura efectivizaríase no ano 1922, no marco da IV 'Asamblea Nazionalista Galega' celebrada en Monforte de Lemos, sendo unha discrepancia fulcral a posición favorábel á loita político-electoral defendida polo grupo irmandiño da Coruña, fronte ao abstencionismo defendido por Risco e o grupo ourensán.

⁷⁹ Fernández del Riego, Francisco, "Poliorama da Triple Alianza" in *Alento. Boletín de Estudos Politécos* nº1-2, xullo-agosto, 1934, p.9

nacionalistas das devanditas tres nacións sen Estado entenderán que tería unha relación directa co seu axir.

Malia o tempo de censura aberto entre o 1923 e o 1929, o nacionalismo galego organizado seguiría acumulando efectivos e presenza social, sendo quen de atraer a novas xeracións de galeguistas, caso daqueles nados por volta do inicio de século, entre os que podemos citar a Manoel Antonio (1900-1930), Víctor Casas (1900-1936), Alexandre Bóveda (1903-1936) ou Antón Fraguas (1905-1999). Manoel Antonio sería o poeta vangardista máis orixinal da literatura galega, que a partir dos anos vinte produciría unha obra que actuaría como claro revulsivo no marco da produción literaria decimonónica galega, sendo Casas e Bóveda dous dos máximos expoñentes dunha nova xeira de cadros, de posición abertamente soberanista, tal e como o primeiro, que serían claves para o remozamento organizativo do nacionalismo galego, así como Fraguas un claro representante dos novos valores da investigación galega, integrados no *Seminario de Estudos Galegos* por volta de finais dos anos vinte⁸⁰, revitalizando a institución na seguinte década.

1.2.-Da *Oganización Republicana Gallega Autónoma (ORGA)* ao *Partido Galeguista (PG)*. Un breve, mais necesario, repaso.

No mes de xaneiro do 1930 abríase unha clara posibilidade de superar o que fora a ditadura de Miguel Primo de Rivera, dado que este viña de ser obrigado a dimitir por Alfonso XIII (1886-1941), temoroso dunha presión popular contraria á ditadura e a unha monarquía que tiña dado cobertura ao xefe do Directorio militar. De inmediato o rei Borbón encargaría ao militar Dámaso Berenguer (1873-1953) a formación dun novo goberno, que tentaría desenvolverse con total normalidade. Ora, ese movemento táctico non só non contribuíu á queda dun movemento democrático pro-republicano, senón a

⁸⁰ Fraguas era discípulo de Antón Lousada Diéguez e Daniel Rodríguez Castelao. Sería admitido no SEG no 1928, concretamente nas seccións de Xeografía e de Etnografía e Folclore.

todo o contrario, visibilizando a posibilidade dun cambio real de rexime político-xurído-administrativo nese breve tempo de denominada *Dictablanda*.

Daquelas desenvolveríase a *VI Asemblea Nazonalista Galega*, celebrada no local da Irmandade da Fala da Coruña. Xuntanza na que se tentaría relanzar o proxecto irmandiño, debaténdose, aliás, arredor da integración formal na ORGA, dando como resultante os debates, tal e como afirma Justo Beramendi a falta de compromiso coa mesma, en canto que “...o conxunto das Irmandades non se adheriu á ORGA e por riba decidiu fundar outro partido potencialmente competidor. Pero confiouse a definición dese novo partido a quen xa estaban embarcados na ORGA. Por outro lado, as Irmandades renunciaban ó seu carácter político, como querían os coruñeses”⁸¹. Cousa esta última que quedaba naquela xuntanza declarada, e que non significaba que boa parte dos cadros das Irmandades renunciaran a súa actividade explicitamente política, ao contrario, tal e como veremos.

Sería aquel un contexto no que manifestos de inspiración republicana e nacionalista se sucederían na Galiza, ao igual que en Catalunya e Euskal Herria, así como España. Para o caso galego serán diversos os fitos que nos referencian esta actividade, apuntando cara a necesidade de novos tempos para o país: Pacto de Lestrove, o Compromiso de Barrantes, *Ezquerda Galeguista fálalle o país*, ou lecturas como *O problema político de Galicia* do teórico nacionalista Vicente Risco (1884-1963), entre outras.

Nomeadamente o Pacto de Lestrove, desenvolvido o 26 de marzo do 1930, tentaría aglutinar ao conxunto dos republicanos galegos, teoricamente para incidir a nivel español en clave federal e autonomista, de cara os novos tempos que se aveciñaban, dando lugar ao pouco á *Federación Republicana Gallega* (FRG) da que sería Santiago Casares Quiroga o máximo representante; mais tornándose nunha e outra seña estéril aquel encontro tal e como afirmaría anos despois Daniel Rodríguez Castelao, un dos activistas centrais do nacionalismo galego xa por aquela altura:

⁸¹ Beramendi, Justo, *De provincia a nación... op. cit.*

“... xuntáronse clandestinamente no pazo de Lestrove tódolos militantes do republicanismo en Galiza –os vellos e os novos- (...) para tomaren acordos de gran trascendencia. Dos acordos que se tomaron cómpre destacar a declaración de federalismo hespañol e de autonomía galego. A esta xuntanza chamóuselle ‘o pacto de Lestrove’, que ficou incumprido e burlado polos valedores do republicanismo galego”⁸².

Unha realidade que se vería acompañada a nivel español por unha reactivación do republicanismo, nas súas diversas tendencias, que tivera no Pacto de San Sebastián de agosto do 1930 o seu punto álxido, co compromiso de derrocar a monarquía para instaurar unha nova República⁸³, xuntanza na que estaría como representante galego Casares Quiroga, que os galeguistas xulgarían improdutivo, tal e como, outra volta, Castelao aseveraría:

“...alí [en Donostia] non houbo máis pacto que o concertado entre os republicáns de Cataluña e os do resto de Hespaña. Casares non planteou o problema galego nin se sumou aos cataláns”⁸⁴.

Ese republicanismo que xiraba arredor da ORGA tentaría convocar e monopolizar un outro encontro, para seguir marcando a pauta política nunha Galiza contestaria fronte ao contexto derivado da ditadura de Miguel Primo de

⁸² Rodríguez Castelao, Daniel, *Sempre en Galiza*, Vigo, Galaxia, 1994. p.161

⁸³ Farían parte daquela xuntanza presidida por Fernando Sasiáin, presidente do ‘Círculo Republicano’ de Donosti, as seguintes organizacións e persoas: *Alianza Republicana* da man de Alejandro Lerroux do *Partido Republicano Radical*, e Manuel Azaña, de *Acción Republicana*. *Partido Radical-Socialista*, da man de Marcelino Domingo, Álvaro de Albornoz e Ángel Galarza. *Derecha Liberal Republicana*, da man de Niceto Alcalá-Zamora e Miguel Maura. *Acción Catalana* Manuel Carrasco Formiguera. *Acción Republicana de Cataluña* da man de Matías Mallol Bosch. *Estat Català*, a través de Jaume Aiguader, así como a *Federación Republicana Gallega* por medio de Santiago Casares Quiroga, aos que se sumarían diversos intelectuais e políticos. Na devandita xuntanza constituiríase comité revolucionario, presidido por Alcalá-Zamora; acordando os presentes o común denominador do encontro e programa, fixado no establecemento dunha República, a descentralización do Estado e a liberdade relixiosa e política.

⁸⁴ Rodríguez Castelao, Daniel, *Sempre en Galiza*,... op. cit. p.161

Rivera e a imperante, mais cada vez menos forte, monarquía alfonsina. Era o encontro que daría como resultante o 'compromiso de Barrantes'. Unha xuntanza, desenvolvida o 25 de setembro, á que en contra dos designios da Casares Quiroga asistiran maioritariamente nacionalistas galegos como Castelao, Otero Pedrayo, Álvaro de las Casas, Enrique Peinador Lines (1880-1940), Valentín Paz Andrade (1898-1987), Florentino López Cuevillas (1886-1958) ou Ramón Cabanillas, fronte a unha cativa representación da ORGA⁸⁵, aos que sumar ao representante do agrarismo máis radical da altura, o crego Basilio Álvarez, coñecido como o 'abade de Beiro'. O encontro desenvolveuse presidido por un discurso anticaciquil e populista, publicándose un manifesto, inspirado no da asemblea irmandiña reunida en Lugo no 1918, expresándose do seguinte xeito:

“Salvando cada uno de nosotros sus opiniones políticas, declaramos: que solo la autonomía plena (...) puede dar satisfacción a los derechos y los problemas de Galicia; la galleguización de la Universidad (...) y demás centros de enseñanza; la cooficialidad de los idiomas gallegos y castellano; la liberalización de la tierra y la dignificación social del campesino; y pedimos, por último, que inmediatamente cesen la fuerza y la impunidad que los gobiernos prestan al caciquismo que oprime y envilece a Galicia y contra el cual se levanta unánimemente nuestro país”⁸⁶.

A partir da desconfianza que os galeguistas profesaban fronte a Casares, e por extensión cara a ORGA e a FRG, terían aqueles pleno na

⁸⁵ Algúns como Lois Peña Novo veteranos nacionalistas das *Irmandades da Fala* que se desmarcarían ao pouco do republicanismo con epicentro na figura de Casares Quiroga.

⁸⁶ Asinado, na seguinte orde, por Armando Cotarelo, Ramón Cabanillas, Ramón Otero Pedrayo, Enrique Peinador Castelao, Lois Peña Novo, o Conde de Creixell –propietario do pazo de Barrantes e de nome Vicente Sagarriga y Martínez de Pisón, quen morría cinco anos despois-, Daniel Rodríguez Castelao, Florentino López Cuevillas, Isidoro Millán, Basilio Álvarez, Álvaro das Casas, Valentín Paz Andrade, Ramón Salgado, Manuel Portela Valladares, Laureano Gómez Paratcha, Jesús Bal, César López Otero, Raimundo Vidal Pazos, Gustavo Lagarejos, Ramón Fernández Mato, José María Díaz Díaz-Villamil, Julio Vila e Victoriano García Martí. Vid. “Novas da Causa” in *A Nosa Terra* nº277, 1/11/1930, p.4-5

devandita xuntanza, coincidindo coa folla de rota marcada desde o pasado 25 de xullo, Día da Patria Galega, no que boa parte dos nacionalistas galegos acudirían a Vigo celebrar aquela data e manifestar a súa vontade de dirixir a política do país en clave patriótica. Era o primeiro 25 de xullo que se desenvolvía sen censura algunha após case sete anos. Os que se deron cita en Vigo primeiro asistiron ao Teatro García Barbón, onde se desenvolverían diversos discursos, caso de Otero Pedrayo e Castelao, para despois participar dun xantar, o do parque da Barxa. Neste faláron tamén diversos galeguistas, entre os que estaban ficaba, novamente, Castelao, Valentín Paz Andrade, Xosé Núñez Búa, Ramón Cabanillas, Alexandre Bóveda, Antón Vilar Ponte e Álvaro de las Casas, entre outros.

Toda esta realidade iría madurando até se constituír, refugando da ORGA e a FRG, da man do nacionalismo galego o *Grupo Autonomista Galego* con sede en Vigo arredor de Paz Andrade e o *Partido Galeguista de Pontevedra*, arredor Bóveda e Castelao. Dándose lugar, mesmo, a unha interesante produción bibliográfica que analizaba o contexto no que se achaba Galiza, denunciando en perspectiva histórica a subordinación do país por parte dun poder centralista español con raigame no Reino de Castela. Vicente Risco, teórico do nacionalismo galego, sería o maior representante desta bibliografía a partir dos seus ensaios; nomeadamente, da man do seu libro *El problema político de Galicia*, editado da man de Álvaro de las Casas (1901-1950) no outono do 1930 en Madrid⁸⁷. Obra que sería acollida con grande simpatía polo nacionalismo galego organizado, por moito que o seu autor liderara, algo máis dunha década atrás, unha escisión no seo das *Irmandades da Fala*. Os editores do periódico *A Nosa Terra* afirmarían

“Notábase cada día máis falla d’un libro como este que ningún galego debera deixar de ler. Risco, ademais de poñer remedio a esa necesidade, fai con este libro un gran servizo á Causa Galega, porque sinala un camiño patriótico pol-o que deberan ourentarse todos cantos en Galicia senten inquedanzas políticas e encol de todos os que teñen a

⁸⁷ Risco, Vicente, *El problema político de Galicia*, Madrid, Compañía Ibero-Americana de Publicaciones (CIAP), 1930.

*responsabilidade de seren direitores de diversas manifestacións políticas que existen en Galicia*⁸⁸.

Un novo tempo era o que se estaba a abrir e no que se tentaban deixaban atrás disensións internas e relacións difíciles de salvar entre cadros daquel nacionalismo irmandiño; un tempo novo que se materializaría en clave electoral nas eleccións municipais do 12 de abril do 1931. Daquelas nas principais capitais de provincia do Estado español triunfarían as candidaturas republicanas. A partir dun resultados funestos para os partidarios da monarquía, o nerviosismo nos ministros e integrantes do executivo español, así como na propia Casa 'real', iría *in crescendo*. Aqueles resultados virían acompañados, como punto de inflexión, pola abdicación do monarca español, que se expresaría a través do xornal madrileño ABC do seguinte xeito, a partir do documento que lle entregara ao presidente do Consello de Ministros, almirante Juan Bautista Aznar-Cabañas (1860-1933):

“Las elecciones celebradas el domingo me revelan claramente que no tengo hoy el amor de mi pueblo. Mi conciencia me dice que ese desvío no será definitivo, porque procuré siempre servir a España, puesto el único afán en el interés público hasta en las más críticas coyunturas. Un Rey puede equivocarse, y sin duda erré yo alguna vez; pero sé bien que nuestra patria se mostró en todo tiempo generosa ante las culpas sin malicia.

Soy el rey de todos los españoles, y también un español. Hallaría medios sobrados para mantener mis regias prerrogativas, en eficaz forcejeo con quienes las combaten. Pero, resueltamente, quiero apartarme de cuanto sea lanzar a un compatriota contra otro en fratricida guerra civil. No renuncio a ninguno de mis derechos, porque más que míos son depósito acumulado por la Historia, de cuya custodia ha de pedirme un día cuenta rigurosa.

⁸⁸ “El problema político de Galicia, por Vicente Risco” in *A Nosa Terra* nº278, 1/12/1930, p.12

Espero a conocer la auténtica y adecuada expresión de la conciencia colectiva, y mientras habla la nación suspendo deliberadamente el ejercicio del Poder Real y me aparto de España, reconociéndola así como única señora de sus destinos.

También ahora creo cumplir el deber que me dicta mi amor a la Patria. Pido a Dios que tan hondo como yo lo sientan y lo cumplan los demás españoles⁸⁹.

O nacionalismo galego organizado, é dicir as *Irmandades da Fala*, afirmaban diante da queda da Ditadura de Primo de Rivera e a 'Dictablanda', a partir do que sería o limiar da II República, o que segue en ton especialmente optimista:

"...Os oito anos de Dictadura que nos impediron estar en contaito cō pobo galego coidamos foron de gran proveito pois crearon nos galegos unha concencia do propio valimento e da necesidade de que Galicia rixa os seus destiños xa que ficou craramente demostrado que o réxime centralista era un oustáculo ao desenrolo da nosa vida particular"⁹⁰.

Ficaría o nacionalismo galego conforme coa solución republicana, máxime se esta optaba pola solución federal do Estado; e cando se viña de resolver data para as Cortes Constituíntes, confiaría decididamente o galeguismo no pulo que a República lle tería que dar ao rexime autonómico galego, entendendo os dirixentes das *Irmandades* que:

"...a República veu a poñer o problema en vías de franca solución e por eso non podemos perder un momento para chamar a Galicia a esta cruzada patriótica para non desaproveitar esta ocasión de conquistar a autonomía"⁹¹.

⁸⁹ "Al País" in ABC, Madrid, 17/4/1931. p.3

⁹⁰ "Ao decorrel-os dias", A Nosa Terra, 1º de Xuño de 1931 nº284

⁹¹ *Ibidem*

Segundo as propias *Irmandades da Fala*, a concreción do poder autonómico galego correspondíalle política e partidariamente á *Organización Republicana Gallega Autónoma* (ORGA), creada meses atrás coa participación de parte dos seus cadros, nomeadamente no mes de outubro do 1929 da man de Santiago Casares Quiroga (1884-1950) e Antón Vilar Ponte. Integraban a ORGA boa parte dos cadros irmandiños, mesmos os máis novos, caso do xa citado Víctor Casas, confiados no programa e intención patriótica e nacionalista daquela organización republicana. Así, a ORGA convocaría unha numerosa asemblea pro-autonomista o 4 de xuño do 1931, concreción segundo o nacionalismo irmandiño, de quince anos de traballo desenvolvido por aquel galeguismo fraternal, que declararíase como obxectivo central do seu axir a procura final dun Estado federado galego diante das devanditas Cortes constituíntes. Afirmarían aqueles nacionalistas das *Irmandades da Fala* que aquela xuntanza sería:

“...o acontecemento galeguista de mais fonda transcendencia ocorrido no pasado mes (...). Un acontecemento verdadeiramente extraordinario na vida política galega. Foi aplasmación en algo concreto das arelas de redención que aniñen hoxe na concencia de Galicia. Revelación elocuente de como as ideas autonomistas que andamos a defender e predicar dende fai quince anos atopan hoxe favorabel e entusista acoliida nos homes que pensan e valen na nosa terra. Algo como para sentirse realmente sadisfeitos (sic) quenes como a nós ao cabo do anos ollemos como o pobo galego incorpórase espiritual e materialmente ao noso idearium de redención, ao noso programa de sempre que é o único que pode siñificar para Galicia a súa liberdade”⁹².

Un contexto aquel no que, xa que logo, estaba posta toda a atención no 28 de xuño daquel ano, data de constitución daquelas novas Cortes da que sería a II República española, encargadas de modelar o novo réxime xurídico-administrativo, en clave federal ou centralista, nas que os galeguistas agardaban situar a varios deputados da súa ideoloxía, ou cando menos afíns.

⁹² N.R., “Ao decorrel-os dias” in *A Nosa Terra*, 1/07/1931 (capa)

Unha representación macizamente nacionalista que se concretaría na presenza no Parlamento español de Daniel Rodríguez Castelao e Ramón Otero Pedrayo⁹³, que serían loubados pola prensa nacionalista, deixando patente a desconfianza que iría medrando entre o galeguismo político cara a ORGA⁹⁴. Afirmando os irmandiños que a intervención de Castelao e Pedrayo naquelas Cortes constituíntes fora comprometida coa ‘causa galega’:

“De todol-os deputados galegos ningún como os dous deputados nacionalistas fixo unha exposición mais verdadeira do problema galego. Outros que tamén falaron en nome da minoría da F.R.G non enfocaron con xusteza a visión da realidade gallega. Porque non sinten integramente o noso programa nacional ou sen prexuícios políticos que influen mais n’eles que a interpretación das arelas de liberdade e reconstrucción que Galicia sinte, na sua parte mais pura e patriótica, nos autuaes momentos. Castelao e Otero como nacionalistas e desleigados de ningún compromiso que non sexa o da defensa integral dos dereitos galegos souperon erguir a sua voz patriótica reclamando para Galicia as prerrogativas que como pobo perfectamente definido en total-as suas características lle corresponden [sumando, malia que sen citar o nome da organización á que pertencía, que tamén o integrante da ORGA-FRG Ramón] Suárez Picallo soupo dar no seu discurso parlamentario a nota de verdadeiro galeguismo”⁹⁵.

O feito histórico que representaría a entrada daqueles dous deputados explicitamente nacionalistas na cámara de representación republicana viña

⁹³ Castelao sería eleito en representación do *Partido Galeguista de Pontevedra* e Ramón Otero Pedrayo polo *Partido Nazonalista Republicán de Ourense*.

⁹⁴ Como se verá a continuación, do grupo da ORGA faranse excepcións, nomeadamente a do deputado Ramón Suárez Picallo, eleito pola *Organización Republicana Gallega Autónoma de Bos Aires*, así como Antón Alonso Ríos, deputado pola *Federación de Sociedades Galegas Agrarias e Culturais da República Arxentina*. Ambos progresarían no seu encadre organizativo nacionalista, até confluír cos dous citados no denominado *Partido Galeguista*, ao máis adiante nos referimos.

⁹⁵ N.R. “Otero Pedrayo e Castelao no Parlamento” in *A Nosa Terra* 1/10/1931, p.3

precedido dun outro feito ben singular. O 27 de xuño daquel 1931, na antesala das devanditas eleccións a Cortes constituíntes, desfilaban centos de traballadores polas rúas de Compostela, dos máis de doce mil operarios en folga ligados á construción do camiño de ferro liña Zamora-A Coruña, reclamando un 'Estado Galego'. A través de varias crónicas de xornais editados ao día seguinte daquela mobilización, podíase atinxir a cualidade da mesma. Caso de *El Pueblo Gallego*, no que se indicaba como se desenvolvera naquel sábado un multitudinario encontro e manifestación polas rúas de Compostela, encamiñándose os que alá acudiran:

“... al Ayuntamiento, izándose la bandera blanca y azul en el edificio y proclamándose el estado gallego. Dimitieron inmediatamente todas las autoridades. El pueblo pidió clamorosamente que Alonso Ríos⁹⁶ ocupase la presidencia de la Junta Revolucionaria y, entonces, dijo éste que era del pueblo y que antes de ceder pasarían sobre su cadáver”⁹⁷.

Para alén dos activistas citados, o galeguismo irmandiño, sen peso social e mobilizador a penas de seu, ficou a efectos prácticos á marxe da devandita proclamación. Non contaba cunha plataforma política que dera directrices aos seus filiados de xeito unívoco en favor ou en contra do mesmo e, aliás, segundo varios cadros veteranos do movemento, nomeadamente daqueles centrados no campo das ideas, de acentuado perfil intelectual, non estaba o país suficientemente maduro como para que unha iniciativa coma esta puidera callar – aínda que, segundo indicaban, de enorme relevo e coa que en boa medida coincidían-. De tal xeito que, na seguinte liña, se

⁹⁶ Antón Alonso Ríos, que ostentaba daquelas a presidencia da 'Comisión Pro-Estatuto del Estado Gallego', e que viña de estar o día anterior en Ourense, nunha xuntanza da devandita comisión, xuntada para valorizar o curso das reclamacións soberanistas e dos feitos relacionados coa construción do camiño de ferro Zamora-A Coruña in “No decrece la energía de la reclamación de Galicia”, *El Pueblo Gallego*, 27/06/1931, p.7 .

⁹⁷ “Alonso Ríos es nombrado presidente de la Junta Revolucionaria de la República Gallega” in *El Pueblo Gallego* 28/06/1931, capa. Véxase maior información ao respecto no apartado referido ao nacionalismo galego en América do Sul.

expresaba semanas despois do devandito acto Salvador Cabeza de León, presidente á sazón do *Seminario de Estudos Galegos*⁹⁸, afirmando que:

“...o galeguismo en canto siñifica o desexo de que Galicia se rixa autonomicamente; governe sin noxentas intervencións os seus intereses; leve o seu espírito a todas as manifestacións da súa vida, deu n-estos derradeiros anos un pulo xigantesco (...).

Por ese avance prodixioso da nosa doutrina, [é] xusto e natural que sintamos fondo regocixo. Pro é tamén natural e xusto que coidemos con toda dilixencia de opoñernos a conto poida sere un perigro pra os ideás que veneramos (...). Hai, ô parcer, quen pensa que o Estado Galego pode sair, armando de todas armas, das estridentes manifestacións de un mitin ou do momentáneo eisaltamento de unha incoerente multitud, onde quizáis moitos dos seus compoñentes soilo buscan nos actos que realizan ou contempran, algareira distracción.

Non: o Estado Galego n-é cousa que poida improvisarse. Non abonda proclamalo dende os balcós de un goberno civil ou de un concello (aunque a proqramación vaia afianzada pol-o erguemento da nosa bandeira) pra que quede eisistente e vivo. (...) unha creación prematura sería fatal á vida da organización política galega, como o é a calquer organismo nascer denantes de reunir as precisas condicións de viabilidadá”⁹⁹.

Ora, a confianza no momento histórico dos galeguistas a respecto de se materializaren, a medio prazo, as ‘liberdades de Galiza’ era total; afirmando os nacionalistas un mes despois daquel significativo feito, coincidindo co Día de Galiza daquel 1931, que naquela tesitura se estaba:

“... ventilando o porvir da nosa terra. A emoción que sentimos no día da nosa festa nacional tén de axigantarse de xeito extraordinario pol-

⁹⁸ Catedrático de Dereito Internacional na Universidade compostelá, sería membro da *Asociación Rexionalista Galega* (1891) e coorganizar dos primeiros xogos florais, para alén de presidente do *Seminario de Estudos Galegos*, como marcamos, a partir do 1924.

⁹⁹ Cabeza de León, Salvador, “Encol do Galeguismo”, in *A Nosa Terra* 25/07/1931, p.5 .

o decisivas que son as horas autuaes e tamén pol-a responsabilidade que os nacionalistas temos contraguido co-a Terra.

Fumos nós quenes creamos o ambiente galeguista que hoxe respírase en Galicia. Nós fumos quenes maxinamos e estructuramos unha Galicia nova e libre. Por eso agora que a nosa idea patriótica pode acadar posibilidades de feito, o noso corazón brinca mais emocionado que nunca e temos ante os ollos, con toda a súa crudeza, a responsabilidade da labor realizada e da nosa autuación futura”¹⁰⁰.

Ora, os posicionamentos que iría adoptando a ORGA após a devandita asemblea en favor do Estatuto de Autonomía e, sobre todo, a falta de traslación a nivel institucional e governamental do acordado na devandita xuntanza -e outras- semanas despois de se celebrar a mesma, non serían do agrado dos nacionalistas irmandiños. E é que aquela organización, sorprendentemente, non daría os pasos agardados en consonancia con aquel *xuntoiro* multitudinario, a diferenza das organizacións maioritarias euskaldunas e catalanistas que estaban ligadas á aprobación dos seus respectivos Estatutos de Autonomía. Aseverando os nacionalistas galegos no mesmo número de *A Nosa Terra* no que difunden o articulado estatutario, derivado do citado encontro, o que segue:

“Pasan os días e a Federación Republicana galega non autúa como corresponde e como é o seu deber na laboura de propaganda do Estatuto aprobado, nin realiza as necesarias indagacións para que Galicia seipa como e cando debe levar ao Goberno o Estatuto.

Parece como si unha friaxe inexplicable ceibárase riba da súa obriga autonomista xa que ela foi a que convocou á Asamblea e do seo da federación saeu a ponencia que redautou o Estatuto.

Regamos á Federación que se poña en movemento e non deixe perder mais tempo que xa d’abondo lévase perdido”¹⁰¹.

¹⁰⁰ N.R. “Ao decorrel-os días” in *A Nosa Terra* 25/07/1931, capa.

¹⁰¹ N.R. “Ao decorrel-os os días” in *A Nosa Terra* 1/09/1931, capa.

Así que irían os nacionalistas das *Irmandades da Fala*, mesmo os partidariamente integrados na propia ORGA, caso de boa parte dos irmandiños coruñeses, madurando a idea de botar a andar unha nova estrutura partidaria acorde cos principios e obxectivos patrióticos que alimentaban o discurso e actuar irmandiños, de cara a poderen intervir en favor do seu programa no marco das institucións republicanas, a partir dun Estatuto que se procuraría aprobar que non sería un fin en si mesmo, senón o inicio dun camiño de institucionalización do feito nacional galego, polo que:

“Pouco é este Estatuto en relación co’as aspiracións, co postulado do noso programa e co’a solución verdadeira do problema de Galicia (...). Sentímonos outimistas e confiamos que o plebiscito será favorábel (...). A imprantación d’esa mínima autonomía daranos máis facilidade e liberdade de movemento (...). Son os comezos, a base onde hase construír a Galicia do porvir que nós arelamos”¹⁰².

O punto e final definitivo coa ORGA marcado polo galeguismo virá dado polo feito de non se marcar o primeiro chanzo, segundo o previsto polo Constitución republicana, de cara a aprobar o Estatuto de Autonomía de Galiza, que deba impulsar aquela organización, e tampouco, naturalmente o devandito plebiscito, sen a que a propia ORGA fixera declaración algunha apremiando para que este proceso encetase. De tal modo que veremos como a xerazón máis moza do galeguista, mais unha vez, inclinarase en tomar a iniciativa de cara a creación desa nova estrutura partidaria. Desta volta o noutrora activo da ORGA Víctor Casas, e recén eleito primeiro conselleiro da Irmandade da Fala da Coruña, afirmaríase, convencido de que a República garantiría a efectivización do proceso autonómico na Galiza, o que segue:

“Fai xa máis de tres meses que veño falando da necesidade de orgaizar debidamente as forzas noacionalistas (...). Hai que comezar axiña para que tan logo como o prebiscito esteña realizado saia á vida púbrica de Galicia con un verdadeiro programa, unha ferrea disciplina e unha dirección completa o partido nacionalista galego. Compría ir

¹⁰² N.R. “Ao decorrel-os días” in *A Nosa Terra* 1/11/1931, capa.

*pensando as bases da organización para convocar unha asamblea o mais axiña posibel (...). Polo de pronto eu rogo aos nacionalista que non se afilien a ningún partido político hespañol por moi autonomista que sexa ou pareza (...). A pensar n'esto e a darlle forma. E sobre todo pureza, dereición e disciplina*¹⁰³.

Chegaban estas palabras de Víctor Casas nun intre no que se estaba a convocar a que sería *VII Asamblea Nazonalista Galega*. Palabras coas que coincidía de cheo boa parte dos cadros máis novos, e non tanto, das *Irmandades da Fala*, caso do grupo de Pontevedra, no que as Irmandades contaban cun grupo con cadros de significado relevo, para alén do xa falecido Lousada Diéguez, Castelao. Así que non debe de estrañar que na devandita asemblea, desenvolvida entre o 5 e 6 de Decembro de 1931, ficase constituído o que se daría en chamar *Partido Galeguista (PG)*.

Para esta asemblea un duro traballo viña de se desenvolver. Fixérase o posíbel para lograr a asistencia do maior número de agrupacións locais de partidos galeguistas e, sobre todo, *Irmandades da Fala*, que conformarían a base de militantes fundadores daquel novo partido. Quen levou o maior peso no organizativo foi o xa creado *Partido Galeguista* de Pontevedra e, mais concretamente, Alexandre Bóveda á fronte del, quen sería o seu secretario xeral xunto ao Pedro Basanta del Río (-1964), seu presidente¹⁰⁴. Segundo boa parte das notas manuscritas relativas a aquel encontro e os que previamente se desenvolverían¹⁰⁵, non hai dúbida algunha disto que indicamos; unha acción fundamental para unir, salvando diferenzas de relevo¹⁰⁶, aos membros de 32 agrupacións galeguistas¹⁰⁷ locais ou supralocais, no grande partido galeguista que sería aquel PG:

¹⁰³ Casas, Víctor, "Do momento" in *A Nosa Terra* 1/11/1931, p.2-3

¹⁰⁴ Basanta era enxeñeiro de montes, ocupando o seu posto de Xefe do Servizo de repoboación forestal da Deputación Provincial de Pontevedra.

¹⁰⁵ E que fican neste momento sendo catalogadas no marco do Centro de Estudos e Documentación Alexandre Bóveda, Cátedra Alexandre Bóveda, Universidade de Vigo.

¹⁰⁶ Lembremos que tan só un mes antes, á altura do 4 de novembro, desmarcábanse asembleariamente os integrantes da importante, cualitativa e cuantitativamente, *Irmandade da*

“Con estas orgaizaci3ns (...), formaron o Partido Galeguista moitos galeguistas illados, c3lulas de n3creos que logo se crearon, artistas galegos espallados por toda a nosa Terra, irm3ns afervoados que lonxe de n3s labouraban por unha Galicia mellor”¹⁰⁸.

O resultado daquel encontro asemblear desenvolvido en Pontevedra plasm3base no primeiro editorial d’A Nosa Terra do ano 1932¹⁰⁹:

“...Hoxe xa o galeguismo acadou unha uni3n ausoluta, unha direici3n 3nica, un programa moderno y avanzado e unha discipri3a (...). Homes de diversas tendencias pol3ticas relixiosas que coinciden en apreciar de igual maneira o problema pol3tico da nosa terra e ax3ntanse baixo unha maneira com3n, a bandeira da redenci3n galega...”¹¹⁰.

Fala da Coru3a, e a proposta da de Pontevedra, dun documento asinado a nivel nacional por outros irmandi3os baixo o t3tulo de ‘Manifesto de afirmaci3n cat3lica’, -fronte 3 Rep3blica espa3ola que segundo o artigo 3º da Constituci3n se declaraba aconfesional, afirmando que non adoptaba por propia relixi3n algunha-. Realidade que nos remite 3 heteroxeneidade interna existente nas *Irmandades da Fala*.

¹⁰⁷ Referenciados en n3mero de 22 na publicaci3n impulsada polo PG *Partido Galeguista. Documentos I e II Asamblea 1931-1932*, Compostela, N3s, ‘publicaci3ns galegas e imprenta’, 1933. [arquivo do autor]

¹⁰⁸ *Partido Galeguista. Documentos I e II Asamblea 1931-1932...*, op. cit

¹⁰⁹ Aquel n3mero d’A Nosa Terra sa3do do prelo con data o 1/1/1932, ser3a o pen3ltimo editado como voceiro das *Irmandades da Fala*. A partir do correspondente ao 15 de abril de 1932 A Nosa Terra pasar3a a ser o altofalante do *Partido Galeguista*, o que redundo na idea de continuidade que haber3a entre esta organizaci3n e o tecido irmandi3o, que nominalmente, por certo, a3nda non desaparecer3, polo que a3nda ollaremos notas de prensa e documentos asinados como Irmandade da Fala desta ou aquela localidade; representando na pr3ctica unha reconversi3n partidaria modernizadora o proceso en cuesti3n. Reconversi3n que deu lugar, mesmo, a perda de afiliados, caso significativo ser3a o de Alfredo Somoza na Coru3a, por entender que a *Irmandade da Fala* da cidade herculina non ti3a porque ser a delegaci3n coru3esa do PG, ga3nando 3 s3a vez outros militantes, propio, por outra banda, destes procesos.

¹¹⁰ A Nosa Terra, 1/01/1932 p.1

Desde a constitución do PG esa nova xeración de militantes e cadros do nacionalismo, á que nos referimos, xogará un papel determinante. Alexandre Bóveda, concretamente, e o grupo de Pontevedra no seu conxunto, serán fulcrais para a modernización do nacionalismo galego que representaba a xestación do PG, en canto que partido propiamente dito no que había uns estatutos que cumprir e respeitar, facendo incompatíbel, a diferenza das *Irmandades da Fala*, militancias partidarias en paralelo, marcando unha fidelidade ao programa e estrutura da nova organización que aspiraría á “...autodeterminación política de Galicia dentro da forma de goberno republicana”¹¹¹, tal e como rezaba o punto segundo da declaración de principios do devadito partido que tería a súa sede nacional na pontevedresa rúa Tetúan.

Neste senso, primeiro como secretario de organización e, ao pouco, como secretario xeral¹¹², Bóveda ficaría encargado da representación pública do partido, da súa expansión, así como en clave interna da súa cohesión; representando o cadro militante que daba corpo común ao Partido, o secretario xeral que aclaraba posicións e o teórico que axudaba á formación doutros compañeiros e compañeiras de partido e soños; segundo o cualificado activista do galeguismo Francisco Fernández del Riego:

“Bóveda salientou sempre como membro de organización, de captación...; utilizaba elementos que servían para os grupos... O único político do Partido era Bóveda. Silandeiramente exercía todas as funcións. Era un activista, que estaba en execución sempre. Os outros estaban sentados na pura ideoloxía. Outros tiñan un nome polo seu

¹¹¹ *Partido Galeguista. Documentos I e II Asamblea 1931-1932*, Compostela, Nós, ‘publicacións galegas e imprenta’, 1933. [arquivo do autor]

¹¹² Diante da primeira Asemblea do PG, o secretario xeral da nova organización sería Pedro Basanta, asumindo Alexandre Bóveda a secretaría de organización. Na II Asemblea Nacional deste partido (Compostela, 1932), Bóveda asumiría a secretaría xeral e Plácido Castro a secretaría de organización. Bóveda deixaría no 1935 a secretaría xeral, marchando para o desterro, mais seguindo con responsabilidades organizativas, para asumir Manuel Gómez Román a representación xeral do devandito partido.

labor literario ou artístico.(...) Bóveda foi o que dinamizou a política do galeguismo (...). Tiña unha personalidade forte, [mais integradora e] moi positiva”¹¹³.

Unha nova xeración que sería respaldada por unha anterior, que soubo ver o potencial desta. Responsábeis desa proselitismo, e particularmente da reubicación político-partidaria de Bóveda, serían dous relevantes cadros do galeguismo irmandiño, caso do multifacial Daniel Rodríguez Castelao e do pensador e teórico Antón Lousada Diéguez. Ambos coñecerían cara o 1928 a Bóveda na cidade do Lérez, contribuíndo a integralo formalmente no movemento irmandiño e á súa rede organizativa satélite, caso da institución de alta cultura *Seminario de Estudos Galegos*.

Daquelas trasladaríase o centro neurálxico do nacionalismo galego da Coruña, e Ourense, a Pontevedra. O que significou, por exemplo, que o voceiro do movemento, *A Nosa Terra*, após quince anos do seu (re)nacemento na cidade da Torre de Hércules como altofalante patriótico, saíría do prelo desde 1932 na cidade do Lérez, baixo a dirección de Víctor Casas. Reconformándose, xunto aos xa citados, un equipo extraordinario de mulleres e homes, como Castelao, Ánxel Casal, María Miramontes, Lois Tobío, Ramón Otero Pedrayo, Johan Carballeira, Ricardo Carvalho Calero, Plácido Castro e Francisco Fernández del Riego, entre outros.

Impulsarían uns e outros diversas iniciativas encamiñadas a arraigar a diversos niveis, máxime entre as clases populares, o nacionalismo galego; a través de palestras, seminarios, mitins, ou conducindo tertulias, cousa que xa viña das *Irmandades*, coma a do Café Moderno de Pontevedra ou as do Derbi e Café Español en Compostela. A esta última referíase anos despois o intelectual e artista Luís Seoane (1910-1979), lembrando como “...*na tertulia do Café español de Compostela, onde nos xuntábamos estudantes, escritores e artistas, [estábamos os] que soñábamos unha Galiza orgullosa e dina, gobernada popularmente...*”¹¹⁴.

¹¹³ Conversa de Uxío-Breogán Diéguez con Francisco Fernández del Riego, Vigo 24/09/2003.

¹¹⁴ Seoane, Luís, “O decorado e a máscara na obra de Castelao” in *Galicia Emigrante* nº 1,

Sería este un nacionalismo que iría aumentando o seu grao de penetración social á calor dunha firme vontade militante asumida por boa parte da súa plana dirixente a nivel nacional ou local, con abondosos casos representativos nestes dous niveis como o de Castelao, Bóveda, Casas e Casal, para o primeiro, e Xohán Antón Suárez Picallo (1907-1936)¹¹⁵ e Pedro Galán Calvete (1917-1936) para o segundo; dando importantes froitos, tamén, no referido ao medre da súa militancia. Así mesmo, o galeguismo iría aumentando a súa presenza en eidos nos que anteriormente tivera unha cativa presenza, caso do académico no que o *Seminario de Estudos Galegos* ao calor do novo tempo republicano puido artellar as súas importantes *xeiras*, ampliar substancialmente a súa colección editorial e, mesmo, alén mar crear a *Institución Cultural Galega*, con sede na céntrica Avenida de Mayo, nº11370 de Bos Aires, que se presentaba como “...representante do Seminario de Estudos Galegos de San-Iago de Galiza, a mais xurdia e crara fonte de porvir Cultural Galego”¹¹⁶. Esta entidade¹¹⁷ tería como referencia política inmediata a *Organización Republicana Nacionalista Autónoma Galega*¹¹⁸ (ORNAG), na práctica a delegación arxentina do propio PG, presidida por Rodolfo Prada Chamocín (1892-1980)¹¹⁹ e da que o lugués Manuel Meilán Martínez (1904-1994)¹²⁰ sería secretario.

Bos Aires, 1954. p.20

¹¹⁵ Este último, militante do *Partido Galeguista* de inspiración anarquista, sería no 1935 secretario do grupo local de Sada, onde exercía de mestre, e secretario xeral do mesmo no 1936, ano no que sería asasinado cara o 12 de agosto daquel ano, após ser torturado. Conversa con Avelino Pousa Antelo, Os Verxeles, Teo, 21/11/2001.

¹¹⁶ Segundo se pode ler nun bloque publicitario aparecido en diversos medios de comunicación do tecido asociativo galego en Argentina. Óllese, por exemplo, *Alalá, publicación da coral 'Os Rumorosos'*, Bos Aires, maio do 1935. p.23

¹¹⁷ Con maioritaria presenza directiva e motriz dos arredistas da *Sociedade Nazionalista Ponal* (SNP), organización da que trataremos máis adiante.

¹¹⁸ Fundada en Bos Aires no propio 1931, parello á constitución do PG.

¹¹⁹ Prada era xerente xeral para toda América da importante empresa farmacéutica ‘Doctor Andreu’, na que contrataría a varios galeguistas. Destaca o caso de Manuel Meilán, a quen posibilitaría o posto de xerente xeral en Montevideo da devandita firma. Conversa con Nelson Regueiro, Montevideo (Uruguai), 11/08/2008. Sería cara o 1938 presidente do

Porén, de termos que reseñar a actividade fundamental do galeguismo político na altura referida, sen dúbida esa sería a encamiñada á aprobación dun Estatuto de Autonomía para Galiza. Todo na actividade galeguista conducía cara ese obxectivo táctico, na liña do que comentabamos liñas arriba, inicio dunha oficialización do feito nacional galego. O ideario particular dentro do galeguismo duns e outros tiña encontro na angueira común en favor dun Estatuto de Autonomía, se ben é certo que o que poderíamos denominar esquerda do galeguismo iría gañando espazo no seo, sobre todo, do movemento, irradiando ao conxunto da militancia. Realidade que contribuirá a que co paso dos anos republicanos, a dereita acabara escindíndose, partida en dúas pólas. Unha primeira representada por Vicente Risco e logo, unha outra capitaneada por Xosé Filgueira Valverde (1906-1996). Unha realidade que se dá desde os inicios do tempo republicano, no que vemos como veteranos cadros ligados ao sector máis conservador, nomeadamente no referido á cuestión social, van deixando a representatividade que noutrora tiveran no galeguismo, caso do propio Risco, Manoel Banet Fontenla (1871-1962) ou Filgueira, entre outros. Serían sucedidos estes cadros por unha nova fornada de activistas moito máis novos, integrantes daquela xerazón nacida co século pasado, e que traían novas arelas que se sumaban á radicalidade patriótica dos seus devanceiros, cuestión que veremos a través do seus discursos, mesmo, explicitamente independentistas. Entre estes podemos e debemos destacar as figuras, outra volta, de Víctor Casas e Alexandre Bóveda, que serían cooptados por parte de veteranos galeguistas do sector netamente de esquerdas e popular, caso de Daniel Rodríguez Castelao. Este

Centro Galego de Bos Aires, así como coorganizador e activo membro doutras iniciativas do galeguismo alén mar, caso da Irmandade Galega (1941). O seu compromiso coa democracia e o desenvolvemento da súa patria manteríase, como veremos, firme até o seu pasamento.

¹²⁰ Meilán tería participado da *I Asemblea Nazonalista Galega* do 1918. Chegara á capital arxentina na primavera do 1922, escapando do servizo militar obrigatorio e da guerra de Marrocos na que ficaba España. Cara 1934 marchará cara Uruguai, asentándose en Montevideo onde había un grupo galeguista moi activo e con forte capacidade económica, destacando os irmáns Canabal. Mantería unha relación fraternal con Daniel Rodríguez Castelao, mantendo até o final da súa vida a súa militancia nacionalista.

último sería unha das poucas excepcións habidas entre os vellos cadros do galeguismo a este respecto, en canto que sería figura central, de absoluta vangarda, a diferenza da maioría dos seus contemporáneos, na vertebración da nova etapa galeguista que se desenvolvería ao longo dos anos trinta do século XX, ao que sumar algún outro activista nacido no século XIX, caso de Ánxel Casal (1895-1936)¹²¹ ou, sobranceiramente, Ramón Otero Pedrayo.

Os vellos cadros en activo neste novo tempo daranlle á nova fornada de dirixentes do galeguismo perspectiva histórica, así como unha necesaria lexitimidade política. Pola súa banda, aqueles novos militantes achegarán, de inicio, un remozado axir que rexuenerará o galeguismo, para alén de lle imprimir unha modernidade da que este ficaba necesitado, após seis anos de interrompida evolución por mor, fundamentalmente, da ditadura primorriverista.

1.3.-O Partido Galeguista ou a loita pola Estatuto de Autonomía, obxectivo táctico central do nacionalismo de preguerra.

A campaña pro-Estatuto artellaríase nun inicio a partir da acción da *Organización Republicana Gallega Autónoma* (ORGA) do coruñés Santiago Casares Quiroga e Vilar Ponte, apoiados polos nacionalistas, daquelas aínda nucleados arredor das *Irmidades da Fala*.

Sobre esta realidade, desenvolveríase á altura do 4 de xuño do 1931 na Coruña unha xuntanza que, baixo a iniciativa da *Federación Republicana Gallega* (FRG)-ORGA, deu cabida a rexionalistas e nacionalistas para procurar un anteproxecto de articulado estatutario base de cara iniciar

¹²¹ Casal, biograficamente, fai parte da xerazón do 1900, ora, agrupámolo nos nados antes do cambio de centuria, porque cronoloxicamente así foi. Observamos que a maior parte dos pensadores e ideólogos do galeguismo contemporáneo a Castelao ou ben morreran antes do limiar da II República (caso de Manuel Murguía, Lois Porteiro Garea, Johán Vicente Viqueira ou de Antón Lousada Diéguez) ou iríanse distanciando do galeguismo político da altura, representado ao pouco polo PG, por non se acharen identificados suficientemente co mesmo; ficando algúns destes integrados na ORGA, caso dun dos fundadores fulcrais das *Irmidades da Fala* e daquela propia organización, Antón Vilar Ponte. Este non se incorporaría ao *Partido Galeguista* até 1934.

discusión sobre a cuestión. Unhas discusións que na propia asemblea se suscitarían a partir da confrontación realizada entre tres proxectos previos de Estatuto, a saber: *Bases para un proxecto de Estatuto Gallego*, *Proxecto de Bases* e o *Antreproyeito de Estatuto da Galiza*.

O primeiro texto era da autoría do *Secretariado de Galicia* en Madrid, o segundo do *Instituto de Estudios Gallegos* coruñés e o último do *Seminario de Estudos Galegos* (SEG). O debate daría como resultante uns acordos mínimos, mais o feito de que só se dera cita na asemblea militancia da ORGA e do galeguismo, sería deslexitimada polas restantes forzas operativas na Galiza, saldando o encontro en fracaso.

Con todo, non é menos certo que o debate serviu para que a cuestión estatutaria tomase dimensión social, posto que das propostas levadas á asemblea publicáronse notas de prensa e comentarios, para alén do desenvolvemento de actos públicos de presentación, a partir dos cales a poboación reflexionaba sobre a autonomía de Galiza; doutra banda esta xuntanza contribuíu daquelas que organizacións, entidades e persoas que non estiveron na mesma se pronunciásen após a súa celebración sobre a necesidade ou non dun Estatuto para Galiza, cousa que non ficaba, nin moito menos, clara para a maioría social.

Neste proceso a nova fornada de nacionalistas galegos asumirá unha responsabilidade determinante, ao que igual que no PG como aseveramos, destacando entre estes o ourensán Alexandre Bóveda. Este sería o responsábel de elaborar o estudo que centraría a proposta dos galeguistas, conceptualizada desde a *seizón de cenzas sociaes, políticas i-económicas* do SEG. Alexandre Bóveda, que cando estaban a se iniciar estas discusións estatutarias viña de atrás realizando estudos arredor do que achegaba en impostos Galiza ás arcas do Estado e do que este invertía na Galiza, demostrou con cifras a desfavorábel relación económica do país co Estado español. O resultado e conclusión destes traballos sería introducido como texto introdutorio do articulado estatutario presentado polo SEG, asinado polo propio Bóveda xunto a Valentín Paz Andrade, Vicente Risco, Lois Tobío, Ricardo Carvalho Calero. No que se podía ler que aquel texto non se

realizaba para xustificar feitos, como a personalidade nacional da Galiza, nin lembrar que a nosa nación foi:

“... próspera i-europea antes de realizada a inxusta uniformidade nazonal que padecemos, senón [para] saber si (ainda ca vagaxe grandemente gravosa que temos d-herdar d-unhos cantos séculos de centralismo) o réximen de autonomía integral que propoñemos nos convén, ou non...”¹²².

Este anteproxecto constaba de sete títulos, o primeiro deles titulado “*Do Estado, territorio e cidadáns da Galiza*” que encetaba cun artigo primeiro no que se podía ler “*A Galiza é un Estado libre drento da República Federal Española*”. Desde este intre podemos aseverar que Bóveda estará presente, como peza fundamental, en todo o deseño e desenvolvemento do proceso de elaboración e final redacción do Estatuto de Autonomía de Galiza.

Após a devandita xuntanza coruñesa, outras se sucederon. Ora, da man dos deputados galegos na cámara baixa do Estado, da denominada minoría galega, o sector republicano e galeguista destes, representado por Antón Vilar Ponte, Ramón Suárez Picallo, Emilio González López (1903-1991), Ramón Otero Pedrayo e Daniel Rodríguez Castelao, así como outros galeguistas da talla de Lois Peña Novo (1893-1967)¹²³, quen promoven en xullo un novo texto a partir dunha xuntanza que se desenvolve na Coruña. Logo desta reunión, na que non se chega a acordo sobre texto algún, decídese tomar este tema coa suficiente constancia como para desenvolver varios encontros en Madrid, dado a presenza duns e outros parlamentarios na *Villa y Corte*. Os nacionalistas, aínda sen organización unitaria, viñan de tirar dúas actas de deputados nas eleccións ás Cortes constituíntes republicanas do 28 de xuño a nivel español, nomeadamente Ramón Otero

¹²² *Anteproyecto de Estatuto de Galiza, Pontevedra, Seminario de Estudos Galegos, 1931, p.2*

¹²³ Abogado nacido en Vilaba e veterano fundador e activista das *Irmandades da Fala*. Primeiro concelleiro nacionalista galego, resultado das eleccións municipais do 8 de febreiro do 1920, eleito na cámara municipal da Coruña. De grande interese sobre esta figura a obra Beramendi, Justo e Roca Cendán, Manuel (ed.), *Lois Peña Novo. Obra completa*. Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, 1995, 2 vols.

Pedrayo, por Ourense, e Daniel Rodríguez Castelao, por Pontevedra, –aos que sumar a Antón Vilar Ponte e Ramón Suárez Picallo, malia que integrantes da ORGA-. Ao estaren en minoría verían desbotada a maior parte das súas propostas, cousa que tamén acontecería, entre outras reunións, na desenvolvida o 15 de outubro. Aquela experiencia servira, sexa como for, para tornar obvia a imposibilidade de integrar no proceso de redacción do Estatuto galego, e para que este cobrase unha lexitimidade anteriormente inexistente, aos deputados galeguistas e aos de ideario progresista ou conservador, mais non galeguistas, electos polas circunscricións galegas. A dirección do *Partido Galeguista* de Pontevedra, nunha nota asinada por Pedro Basanta e Alexandre Bóveda sinalaba:

“...iste Comité considera (...) unha obriga declarar (...) con toda lealtade, que como no (...) proxeito apenas foron recollidas algunhas das nosas arelas, o Partido Galeguista non renuncia a seguir loitando, con mais pulos aínda, pol-o trunfo de todas as que integran o seu programa, nin pode comprometer a súa inteira liberdade de fiscalizar a xestión dos que no seu día sexan chamados pol-o pobo a rexir os destinos de Galiza”¹²⁴.

Dada a experiencia citada, abrírase unha paréntese no proceso estatutario que na práctica representaría a conxelación deste. Pasarían os meses e non se albiscaría actividade pro-Estatuto ligada ás institucións. Coa chegada da primavera do 1932 chegaría, aliás, a primavera fértil para o proxecto dunha Galiza autónoma. Daquelas, baixo a iniciativa de Alexandre Bóveda, secretario, xa, de organización do novo e unitario *Partido Galeguista* e Enrique Rajoy Leloup (1882-1966), edil do concello de Compostela¹²⁵, o 19 de abril Raimundo López Pol (1877-1957), alcalde de Compostela, chega ao convencemento da necesidade de reactivar o proceso estatutario. Nesta orde

¹²⁴ Documento aínda sen catalogar do fondo privado de Alexandre Bóveda, Centro de Estudos e Documentación Alexandre Bóveda (CEDAB).

¹²⁵ Elixido pola coalición monárquica nas eleccións de abril do 1931, progresaría cara posturas abertamente republicanas e galeguistas, sendo íntimo amigo de Alexandre Bóveda, quen sería determinante na súa evolución.

de cousas a cámara municipal compostelá, recollendo as suxestións de Bóveda e Leloup, aproba, con data 27 de abril, convocar unha xuntanza en Compostela de todos os concellos do país para debateren arredor do que tería de ser o texto definitivo do Estatuto de Autonomía.

Após a devandita convocatoria e a adhesión da maioría dos concellos de Galiza á iniciativa compostelá, marcaríase data para o desenvolvemento dunha xuntanza preparatoria da que logo pasaría a se denominar Asemblea de Concellos de Galiza Pro-Estatuto; asemblea esta que representaría o último chanzo diante do proceso de redacción do articulado do Estatuto. Tres eran os puntos a tratar da orde do día naquela xuntanza:

a) Proxecto de Estatuto que había de ser sometido, como ponencia ofial, á Asemblea de concellos.

b) Regulamento da Asemblea.

c) Organización da propaganda do Estatuto.

Esta xuntanza preparatoria, *representativa dos elementos políticos, administrativos, económicos e culturais que constituían a vida social da Galiza* na altura, desenvolverase o 3 de xullo de 1932 no Paraninfo da Universidade compostelá. Encetaba ás once da mañá esta asemblea coas seguintes palabras de Raimundo López Pol:

“Señores, por ter sido esta Comisión a que vos convocou aquí, diríxome a vós no seu nome para vos agradecer o entusiasmo co que tedes correspondido ao noso convite. Tamén vos dou as grazas en nome da nosa Terra porque viñerades comezar a labor redentora, a organizar o noso Estatuto; para que a Terra sexa libre (...) adíantome a asegurar que o Estatuto galego (...) será pronto un feito”¹²⁶.

A partir destas verbas de apertura encetouse o debate arredor de que modelo de Estatuto era o máis acaído para o país. Era necesario un novo

¹²⁶ *El Pueblo Gallego* 5/07/1932, p.1

texto? Ou, pola contra, aceptábase algún dos textos xa redixidos? Finalmente acordouse chegar a un texto estatutario resultado dos distintos modelos presentados o ano anterior, un texto de carácter transaccional que, harmonizando as diversas tendencias e informándose estritamente na Constitución, recollese o resultado da experiencia parlamentar acumulada co Estatuto catalán. Para este traballo nomeouse unha comisión parida desta asemblea. A comisión encargada da nova redacción do Estatuto estaba formada por Salvador Cabeza de León, presidente, Enrique Rajoy Leloup, secretario, e os vogais Manuel Iglesias Corral, Eladio Rodríguez González, Manuel Lugrís Freire, Jacobo Arias, Avelino López Otero, Rodrigo Sanz López, Santiago Montero Díaz e Alexandre Bóveda. Esta comisión remataría o 4 de setembro o traballo para o que fora creada. Presentaba este novo texto cambios, forzosamente necesarios, sobre o proxecto de máximos defendido polo nacionalismo e particularmente por Alexandre Bóveda naquela xuntanza. Xa non se falaba da Galiza como un “*Estado libre dentro da República Federal Española*”, senón que pasaba a ser Galiza “...*una región autónoma dentro del Estado español*”. Así mesmo, entre outros cambios, se ben no proxecto do SEG equiparábase en rango o idioma galego ao español e se marcaba como indispensable o seu coñecemento para o exercicio da función pública no país, o certo é que isto último ficaba como unha recomendación no texto agora redixido.

Estas concesións hai que ter presente que viñan dadas pola necesidade obxectiva do Estatuto para Galiza ao ver do PG. Esta organización, cunha feble base social na altura, sabía perfectamente que a adopción dunha posición maximalista no tocante á autonomía, só podía dar como resultado quer a aprobación dun Estatuto que referendara definitivamente o centralismo estatal, respaldado por unha mínima autonomía administrativa, quer a parálise definitiva do proceso estatutario no marco do novo sistema xurídico-administrativo aínda en vías de consolidación. O PG, pulando por unha vía pragmática, apostou por este texto sacrificando puntualmente parte das súas propostas. O texto tería unha grande repercusión mediática, dada a súa publicación en distintos xornais, caso de *El Pueblo Gallego*, *A Nosa Terra*, *La*

Vanguardia Gallega, Heraldo de Galicia, El Ideal Gallego, El Compostelano, El Eco de Santiago e La Voz de Galicia.

A partir deste momento calquera representante podía presentar emendas ao texto. Estas emendas irían todas a parar a Alexandre Bóveda quen, dunha banda, daría unha orde as emendas, para logo seren discutidas no plenario da asemblea de concellos, e doutra preparaba, fronte a estas, as argumentacións para a defensa da ponencia oficial. Neste contexto Bóveda amósase optimista sobre o ritmo do proceso. En carta a Rajoy Leloup á altura do 11 de novembro indícalle a este último:

“Vexo que a causa sigue marchando moi ben e que vosté se topa c-uns azos que animan e consolan”¹²⁷.

Uns días antes, concretamente o 1 de novembro, os alcaldes de Compostela, Ferrol, A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Vigo, Betanzos, Mondoñedo, Noia, Tui, O Carballiño, Lalín e Sarria convocaban a todos os concellos da Galiza á Asemblea na que se daría por aprobado o articulado estatutario que tería que ser sometido en plebiscito ao parecer do pobo galego.

Días despois, remataríase o traballo relativo á ordenación temática das emendas e a resposta que desde a mesa presidencial se lles daría a estas en nome da ponencia oficial da Asemblea de Concellos.

1.3.1.-A Asemblea de Concellos Pro-Estatuto

O 10 e 11 de decembro de 1932 desenvolvíase en Compostela a II Asemblea do PG. Nesta asemblea distintos puntos foron tratados mais a cuestión estatutario foi a que máis tempo ocupou nos debates; de tal xeito que nas conclusións programáticas recollidas polo PG nun caderniño apuntaríase que “... o *Estatuto é a meirande preocupación d-estas horas críticas...*”. Con efecto, se houbo un partido político preocupado pola marcha

¹²⁷ Documento aínda sen catalogar do fondo privado de Alexandre Bóveda, Centro de Estudos e Documentación Alexandre Bóveda (CEDAB).

do Estatuto e que traballase sen descanso pola súa consecución ese foi o PG e, detrás do Partido, cómpre insistir, particularmente Alexandre Bóveda.

O sábado 17 de decembro de 1932 encetaba ás doce e media da mañá, logo dun retraso de hora e media, a sesión inaugural da Asemblea de Concellos de Galiza Pro-Estatuto. Ao longo de tres días debateríase arredor do texto estatutario que o noso pobo acabaría plebiscitando. Xaime Quintanilla, alcalde de Ferrol, nomeado presidente da Asemblea non faría o propio por baixa médica e sería substituído por Bibiano Fernández Osorio Tafall (1902-1990) quen se encargaría da apertura da asemblea, exercendo de secretario Enrique Rajoy Leloup. En nota xornalística presentábanse ás primeiras horas do 17 de decembro en Compostela:

“Desde las primeras horas de la mañana se advirtió una desusada animación en toda la ciudad. Casi todas las casas lucían colgaduras respondiendo a la invitación que hizo el señor Alcalde en su circular de ayer. A diez de la mañana recorrió las calles la Banda de Beneficencia ejecutando algunas de sus más escogidas partituras.

Casi en todas las calles había rotuletas dando la bienvenida a los asambleístas y exaltando el amor a Galicia”¹²⁸.

Era un ánimo que parecía presaxiar un resultado favorábel á cuestión autonomista. En xeral foi unha asemblea de grande debate, en canto temática e duración, na que Galiza, representada a través dos seus concellos -227 con representación dun total de 319- xogábase o seu Estatuto. Só dúas cuestións levantaron particularmente o ton dos asambleístas: unha destas cuestións sería a cooficialidade do galego e o español, e a outra a capitalidade da autonomía. A primeira, combatida a través dun voto particular de Santiago Montero Díaz, bibliotecario da universidade compostelá, en que facía desaparecer o inicio do punto 4º do anteproxecto de Estatuto en que se dicía: “...serán idiomas oficiais na Galiza, indistintamente, o castelán e o galego”. Montero Díaz escudábase, para defender esta supresión, no suposto

¹²⁸ *El Eco de Santiago*, 17/12/1932 p.1

descoñecemento xeral do galego entre a poboación e a falta dunha normativa que unificase o idioma ortograficamente á hora de o utilizar oficialmente con coherencia e homoxeneidade. O líder do nacionalismo naquela altura Alexandre Bóveda, convencendo a maioría dos asistentes, defendeu a ponencia de xeito contundente afirmando que:

“...se non se recoñece a cooficialidade, todas as xentes do agro e do mar terán do galego a mesma idea que tiveran até agora, é dicir, dunha cousa que se debe empregar e que está por baixo doutras”, acrecentado que “...a unificación do galego está elaborándose e que nada de particular ten que despois de ser vencido o noso idioma, máis aínda que polo radio do castelán, por un centralismo imperialista de catro séculos que perseguiu ao idioma, pode este sufrir unha crise de diferenciación na escrita, mais isto xa o está salvando a Academia Galega”¹²⁹.

Ademais, a cuestión da capitalidade foi problemática aínda que menos que a do idioma. Téndose proposto Compostela como capital da Galiza, o alcalde da Coruña, Manuel Iglesias Corral, propuña a cidade herculina como capital da futura autonomía. Ante esta polémica Iglesias Corral marcha do debate mentres Bóveda argumentaba en defensa da ponencia producíndose un grande escándalo polo altivo desplante daquel. Finalmente daríase un acordo entre o *Partido Galeguista* e o *Partido Republicano Gallego*, no que se transformaría a ORGA, extensivo para o conxunto de formacións políticas presentes na asemblea, que se baseaba no aprazamento da elección da capital galega. Por último, e salvando estas disensións minoritarias, aprobábase o 19 de decembro de 1932 o Estatuto de Autonomía pola Asemblea de Concellos cun apoio de 209 cámaras municipais do total de 227 representadas con representación na devandita cimeira. Todo un éxito do que o galeguismo tivo grande responsabilidade, sobre todo a través da figura incansábel de Alexandre Bóveda, en canto que redactor en grande medida,

¹²⁹ Diéguez Cequiel, Uxío-Breogán, *A asemblea de Concellos de Galiza Pro-Estatuto*, Pontevedra, Fundación Alexandre Bóveda, p.15

representante e defensor da ponencia oficial. Tal e como sinalaría Castelao tempo despois, na Asemblea de Concellos:

“... discutiuse, artigo por artigo, a Ponencia formulada pola Comisión de técnicos, producíndose debates acalorados e de grande outura, nos que se puxo de manifesto a vontade férrea e o talento luminoso de Bóveda, herói daquelas xornadas”¹³⁰.

Logo da asemblea, a ledicia que sentían todas as persoas que contribuíron ao bo desenvolvemento do acto era plena. Editoriais, volantinas e cartaces, entre outros medios, foron utilizados para expresar esta ledicia e transmitirlle ao conxunto da nación o feito histórico que representaba a aprobación do articulado estatutario. Podíase ler nun periódico do momento:

“Ya tenemos Estatuto. Ya Galicia dió su primer paso para su liberación del yugo centralista y se dispone a plebiscitar su Estatuto”¹³¹.

1.3.2.-Da represión do Bienio Negro ao éxito autonomista

Por aquelas datas o *Partido Galeguista* estaba madurando de tal maneira que na relación que mantiña con vellas forzas, da dereita e a esquerda española, operantes na Galiza semellaba levar a ben máis tempo de andaina que o ano, a penas, que realmente tiña de axir no seu haber. Unha maduración a daquel partido que en clave político-organizativa presentaba un galeguismo máis cohesionado e mellor estruturado, destacando a creación das súas xuventudes: as *Mocedades Galeguistas*. Será no 1933 cando estas se extenderan pola Galiza diante, após o primeiro núcleo que se organizaría en Ourense un ano atrás. Nacían aquelas cunha referencia previa, que estudamos noutrora: *Ultreya*¹³². Unha organización que impulsara en febreiro do 1932 o poliédrico Álvaro de las Casas. Tamén presentaba aquel PG unha

¹³⁰ Bougueira, Isaac da (Rodríguez Catelao, Daniel), “Limiar” in R. Castelao, Daniel, *O Estatuto de Galiza*, Bos Aires, Ed. Nós, 1975 p.3

¹³¹ *Faro Vilalbés*, 16/01/1933, p.2

¹³² Diéguez Cequiel, Uxío-Breogán, *Álvaro de las Casas. Biografía, obra e epistolario*, Vigo, Galaxia, 2003, p. 45 e ss.

importante madurez ideolóxica, desenvolvendo en maior medida o programa e aspiracións que motivaban o seu actuar, reafirmándose nos seus postulados fundacionais, nos que se afondaba publicamente, na procura dunha didáctica socio-política encamiñada á elevación da formación teórica e política da maioría da sociedade galega, aseverando:

“Nós somos un partido nazonalista, un partido que na sua ‘Declaración de Principios’ proclama a Galiza, a nosa Patria, como célula de universalidade, e dicir como ente, como tudo orgánico como nazón con personalidade propia, unha arte, unha economía, unha Historia, un espíritu, en suma: unha cultura, conseguintemente, con dereito a se gobernar por sí mesma, a se autodeterminar, como se dí agora, na forma que teña por conveniente, asegún llo aconsellen os seus destiños históricos e o seu deber para co mundo”¹³³.

Para que esa *autodeterminación* referenciada polo programa político do PG se materializara, era necesario andar o camiño que se tracexara conducente, de inicio, á aprobación do Estatuto de Autonomía. Un camiño en parte andado, no que en territorio galego só restaba para ver o articulado estatutario aprobado someter o devandito proxecto a un plebiscito, para alén de o someter despois a debate parlamentar a nivel español. Ora, o desexado plebiscito, marcado para se desenvolver a finais do 1933, nomeadamente para o 17 de decembro –primeiro aniversario da asemblea de concellos-, sería conxelado *sine die* pola vitoria electoral de novembro daquel ano dunha constelación de organizacións españolistas. Estas, tendo como cabeza a *Confederación Española de Derechas Autónomas* (CEDA), imposibilitaron goberamentalmente o desenvolvemento normalizado das autonomías xa en funcionamento, caso da catalá cun Estatuto en vigor desde o 1932, ou daquelas en vías de atinxir o teito autonómico, caso galego e vasco.

¹³³ Notas manuscritas de Alexandre Bóveda diante dunha conferencia dada en setembro do 1932. Documento en proceso de catalogación no marco do CEDAB.

Unha realidade esta que acontecía cando o PG denunciaba os pactos para a importación cárnica de España co Uruguai, marxinando e danando gravemente o sector vacún galego, afirmando a través d'*A Nosa Terra*, voceiro á sazón do partido, o deputado e activista referencial do nacionalismo galego Daniel Rodríguez Castelao:

“... Galiza precisa ser ceibe (...). Si só coa separación absoluta podemos pór a salvo a nosa Terra do asoballamento central, nós pedimos a separación absoluta (...). Na loita que poida entablarse, nós temos que vencer, porque as concesións do poder público, as irregularidades dun ministro de Instrucción pública e as manganchadas de todos confabulados, estrelaranse contra a forza enérxica, irreductible do espírito galeguista, que, para o conqurimento das suas aspiracións lexítimas, non terá máis que dous vieiros: ou autonomía ou separatismo. Ao Gobierno [español] é á quen lle toca escoller”¹³⁴.

Unha idea, a claramente autodeterminista con solución *arredista*, que estaba presente, sobre todo implicitamente, no discurso de boa parte dos cadros do galeguismo que dirixían *de facto* aquel *Partido Galeguista* cada vez máis escorado cara a esquerda, mais sobre todo nas proclamas partidarias¹³⁵, *in crescendo* segundo se desenvolvía a República e a cuestión e loita estatutaria batía co centralismo españolista; en canto que se entendía que só nunha ‘Galiza libre’ ou ‘Galiza con vida propia’ poderían atinxirse cotas de benestar imposíbeis de experimentar baixo a tutela e encadramento nun corsé ‘unitario’ español, tal e como o expresaba meses atrás Víctor Casas:

“Nunca tan necesaria como agora resultou para Galicia unha independencia política ou pol-o menos unha ampla autonomía. Sería o remedio para salvarnos do que poida vir a Hespaña; prepararse e

¹³⁴ Rodríguez Castelao, Daniel, “Novo aldraxe á Galicia a sempre aldraxada” in *A Nosa Terra*, 1932. p.1

¹³⁵ Adoptando un ton didáctico dirixido a unha sociedade en construción a nivel político, en canto que sen dependencias esóxenas, no marco dun claro proceso de ‘(re)construción nacional’.

facerse forte na nosa propia vida e facer frente aos embistes que veña de afora. De seguirmos así todo canto pase na Hespaña arrastraranos a nós e sufriremos as súas consecuencias. Porque o que veña virá a Galicia tamén como viñeron total-as cousas impostas pol-o centralismo e pol-a nosa unión política a Hespaña”¹³⁶.

Retomando as palabras de Castelao, diremos que o primeiro ano de goberno do segundo mandato republicano foi especialmente duro para Galiza, Catalunya e Euskal Herria, nomeadamente para os movementos nacionalistas non españois e a esquerda no seu conxunto actuante no Estado español. Tendo como pano de fondo a *Revolución de Asturias*¹³⁷, chegará unha nova que deixará ben preocupado ao *Partido Galeguista*: Castelao e Bóveda son forzados a finais do 1934 a partir para novos destinos fóra da Terra como funcionarios do Estado español. Tendo praza e destino fixo en Pontevedra, veríanse *desterrados* os dous galeguistas que naquela altura eran máis relevantes a nivel organizativo e social a escala galega: Castelao a Badajoz e Bóveda a Cádiz. Obviamente esta era a resposta dun goberno, marcadamente españolista de dereitas, ás determinantes achegas destes dous galeguistas no marco do proceso de construción nacional galego. A isto habería que sumar diversas detencións ás que serían sometidos cadros do nacionalismo, caso de Ramón Suárez Picallo ou Álvaro de las Casas, entre outros, quen coincidirían nos calabozos do cárcere compostelán sito, naquela altura, na Praza do Pan¹³⁸; realidade á que habería que sumar o peche desde

¹³⁶ Casas, Víctor, “Do momento” in *A Nosa Terra* nº292, 1/02/1932, p.5

¹³⁷ Movemento obreiro insurrecto desenvolvido entre o 5 e 19 de outubro do 1934, con epicentro en Asturias, mais tamén en Catalunya que declara con Lluís Companys o *Estat Catalán* entre o 6 e 7 daquel mes, reprimido violentamente para o caso catalán polo xeneral Domingo Batet (1872-1937) e no asturiano polos xenerais Manuel Godet (1882-1936) e Francisco Franco (1892-1975) seguindo as instrucións do presidente do goberno español, á sazón Alejandro Lerroux (1864-1949).

¹³⁸ Diversos testemuños indican que os presos, noite tras noite antes de se deitaren, cantaban a internacional e o hino galego. Entre outros que así o testemuñaron, xa falecidos, temos a Suárez Picallo e Francisco Comesaña. Unha estampa protagonizada por comunistas e galeguistas imposíbel de visualizar en etapas históricas anteriores; indicativa do tempo que se estaba a vivir.

o 6 de outubro até o 9 de febreiro do 1935 do voceiro nacionalista por antonomasia, o periódico *A Nosa Terra*.

Afirmaría mozo galeguista Francisco Fernández del Riego, que viña de ser eleito secretario xeral das recién creada *Federación de Mocidades Galeguistas*, nunha carta inédita referida a esta onda represiva e o desterro de Bóveda:

“...a malsana intención de xentes con ficha de pésima catadura moral, conqueríu que vostede se atope na necesidade de sair de Galicia. (...) Foron moitos os avatares porque pasóu o nacionalismo galego dende o seu nacemento e dende que vostede traballa nas súas fías, e o nacionalismo saíu sempre avante, con máis folgos e con horizontes máis amplos. Dista vegada non será menos. A laboura terá que ser, de momento, calada, pero estoirará irremisiblemente na aición que até o de agora non acadamos. A persecución será o único xeito que se necesita para que a nosa causa trunfe”¹³⁹.

Efectivamente, a mocidade nacionalista reorganizárase nunha federación das distintas agrupacións locais xa constituídas naquel tempo e combatía con novos azos a represión governamental á que estaba a ser obxecto o galeguismo. Reorganizáranse en coincidencia coa celebración en Ourense da III Asemblea Nacional do PG en xaneiro daquel 1934¹⁴⁰, á que asistirían representantes de quince localidades. Xunto a Del Riego, o mozo Xaime Illa Couto (1915-2012) sería eleito secretario nacional de organización, para se encargar Xoán Luís Ramos Colemán da área de propaganda e da secretaría técnica Xosé Luís Fontenla Méndez¹⁴¹. Aquelas mocidades

¹³⁹ Carta de Fernández del Riego a Bóveda datada o 13/11/1934. Signatura 1/9 (CEDAB).

¹⁴⁰ “Unha xornada histórica prâ Galeguidade e prâ Democracia Galega” in *A Nosa Terra*, 28/01/1934, capa.

¹⁴¹ O 13 de xaneiro, en paralelo aos debates do PG, aquelas mocidades reuníanse para consensuar un documento que sería elevado ao propio partido na súa asemblea nacional, de cara a que este recoñecera á FMG como unha 'agrupación autónoma'. Vid. “Asambreira das *Mocidades Galeguistas*” in *A Nosa Terra*, 28/01/1934, p.3

dotaríanse desde o verán daquel ano do voceiro *Guieiro*. *Outavoz Nacional da F.M.G.* dando lugar a importantes campañas e iniciativas caso da creación da *Federación de Estudiantes Galegos* (buscando unha alternativa galega á FUE), creada en febreiro daquel 1934 en Pontevedra, a partir de estudantado de ensino secundario, e da que sería presidente Enrique Longa e secretario Xosé C. Fontenla, xunto, entre outros, o responsábel de organización da FMG, Xaime Illa Couto e o enlace daquelas mocidades co PG, Aquilino Iglesias Alvariño (1909-1961). Xunto a FEG aquel mocidade nacionalista cofundaría a *Agrupación universitaria hespañola pro-Sociedade de Nacións*. Esta crearíase na Universidade de Santiago de Compostela en abril do 1936 da man de militantes galeguistas e catalanistas, presidida polo catalán Carlos Eugeni Mascarenyes¹⁴² Portusach (1911-1968) e vicepresidida polo galego Xohán López Durá, daquela profesor auxiliar de dereito administrativo da devandita Universidade compostelá.

Após aqueles encontros, o galeguismo faría fronte ao 'bienio negro' capitaneado pola CEDA, coa marcaxe e mirada cercana ao PG de Alexandre Bóveda e Daniel Rodríguez Castelao desde o desterro. Estes daquela ocupaban a Secretaría Política e a Secretaría de Organización, respectivamente, sendo eleito Secretario Xeral o arquitecto Manuel Gómez Román¹⁴³ (1875-1964).

A finais do primeiro cuadrimestre do 1935 desenvolverían os galeguistas a súa IV Asemblea, celebrada o 20 e 21 de abril en Compostela, e a FMG o seu II plenario de ámbito nacional. O PG ratificaríase a liña e traballo desenvolvido ao longo do ano anterior e non se presentarían cambios na composición da súa 'secretaría executiva', renovando aos cargos ao arquitecto Manuel Gómez Román, como secretario xeral do PG, a Castelao

¹⁴² Na nota orixinal do acto constituínte aparece como 'Mascareñas'. Membro da *Federació Nacionalista d'Estudiants de Catalunya* (FNEC) no 1936, colaborador da *Federació d'Estudiants Catòlics de Catalunya* e Secretario Xeral da *Associació Universitària Catalana Pro Societat de Nacions*.

¹⁴³ Xerardo Álvarez Gallego ocuparía a Secretaría de "Propaganda", Plácido R. Castro a de "Relacións Internacionais", Sebastián González a "Técnica", sendo o delegado do PG nas *Mocedades Galeguistas* Aquilino Iglesia Alvariño, quen co tempo sería importante poeta galego.

na secretaría política¹⁴⁴ e a Bóveda na área de organización, xunto a Xerardo Álvarez Gallego, 'secretario de propaganda', Plácido R. Castro, 'secretario de relacións' e a Sebastián González García (1908-1967), 'secretario técnico'. Encamiñaríanse os galeguistas de xeito decidido cara a un necesario medre social, aínda que en condicións propias dun estadio de semiclandestinidad, tendo como campaña central a loita polo Estatuto de Autonomía nunha República novamente de esquerdas. Neste senso, incentivaríanse diversas xuntanzas con organizacións da esquerda española en favor dun novo goberno progresista a nivel estatal, de cara a marcar un común denominador a partir do que traballar con certa coordinación fronte á ultradereita españolista.

O PG ratificando a liña que xa se abrira na anterior asemblea de xaneiro do ano anterior, na que apostaba por atinxir con outras organizacións de esquerdas amplas alianzas republicanas, provocaría a escisión da *Dereita Galeguista* ourensá, capitaneada por Vicente Risco¹⁴⁵. Diante daquel encontro, Bóveda, que estivera un mes atrás en Galiza facilitando a unidade no marco partidario de cara a esta asemblea, afirmaríala a través d'*A Nosa Terra*:

“Imposible, irmáns, que maxinedes a miña impaciencia e a longura inmensa d-istas vinte e catro horas vividas co pensamento posto en Compostela e coa door de non poder acompañarvos. (...) quero lembrarvos a todos, irmáns, a gran verdade de que ‘nada hai tan difícil de administrar como un trunfo’. (...) Poñámonos todos a dar cumprimento, con entusiasmo e afervoadamente, aos acordos de Compostela”.

¹⁴⁴ Álvaro Xil Varela actuaría desde Pontevedra como 'secretario político interino' ao longo da primeira metade do 1936. Vid. “Circular da Segredaría Política” in *A Nosa Terra* 17/04/1936, p.2

¹⁴⁵ En febreiro do 1936, baixo o mesmo nome, marcharía do PG un pequeno grupo de galeguistas de Pontevedra capitaneados por Filgueira Valverde, ao igual que en Compostela en abril daquel ano. En suma, nas tres localidades non superarían aquelas marchas os trinta afiliados. Vid. “A Dereita Galeguista” in *A Nosa Terra*, 10/04/1936, p.2

Decidíase, firmemente, afondar na alianza coas organizacións nacionalistas catalás e vascas, mais tamén da esquerda española. Alianza que se acabaría concretando na coalición denominada *Frente Popular*, nacida o 2 de xuño do 1935 e integrada, entre outros e para alén do PG, polo *Partido Socialista Obrero Español* (PSOE), *Unión Republicana* (UR), *Partido Comunista de España* (PCE), *Izquierda Republicana* (IR), *Esquerra Republicana de Catalunya* (ERC)¹⁴⁶ e o *Partido Obrero de Unificación Marxista* (POUM). O acordo de integración nesta coalición condicionábao o PG a -no hipotético caso de gobernaren as forzas de esquerda agora aliadas-, posibilitar de inmediato esta a legalización do traballo favorábel ao Estatuto de Autonomía e a fixación dunha data, en consecuencia, para a celebración do plebiscito de autonomía que ficara aprazado desde novembro do 1933, após a exitosa asemblea de concellos de 1932. Esta coalición, interesada en sumar forzas, daría o visto e prace as demandas galeguistas para que o PG fixera parte da mesma.

Entre tanto, cara finais do 1935 Bóveda e Castelao, após un ano de desterro, volvían a Galiza, coincidindo, ao pouco, coa caída do goberno de dereitas españolista responsábel da súa expatriación. A partir dese momento reanudaríase publicamente a campaña autonomista, parello ao encargo que se lle fixera ao galego Manuel Portela Valladares de crear un goberno provisorio no *impasse* creado até a conformación dun novo goberno, para o que este convocaría eleccións para febreiro do 1936. Obrigaba esta cita electoral ao PG a convocar a súa II Asemblea Nacional extraordinaria. Cumpría decidir candidados e presentar o PG á sociedade galega con unidade probada após o bienio da CEDA. Alexandre Bóveda, en calidade de secretario de organización dos galeguistas, tería diversas xuntanzas polo país adiante de cara a homoxeneizar liñas e facer balance do estado interno da organización. A II Asemblea Nacional extraordinaria desenvolveríase no Salón Ideal da compostela na rúa do Pombal a finais de xaneiro daquel 1936 con grande éxito. Resolveríase, no seu punto central, a integración nas listaxes electorais da *Frente Popular* e para isto internamente faríase votación

¹⁴⁶ Que apoiaba á *Frente Popular* a partir da súa participación a tal efecto, xunto outras organizacións da esquerda catalá, na *Front d'Esquerres de Catalunya*.

de candidatos do partido que irían nos postos de saída da candidatura *fronte-populista*. Castelao sería apoiado por 1.785 votos e Bóveda por 1.735, ao igual que Ramón Suárez Picallo, con 1.775 e Antón Vilar Ponte, con 1.771, entre outros¹⁴⁷. A partir desta asemblea nacional extraordinaria, os integrantes da alianza *frentepopulista* desenvolverían centos de actos. O PG celebraría numerosos encontros, amenizados, mesmo, por agrupacións de música tradicional galega, caso dos famosos gaiteiros *Os Dezas*, que se integraran en bloque un ano atrás no *Partido Galeguista*¹⁴⁸, realidade que o investigador Manuel Igrexas ten posto en destaque¹⁴⁹.

A *Frente Popular*, principalmente impulsada no marco do PG por Bóveda, Castelao e Suárez Picallo, gañaría a consulta electoral convocada para o 16 de febreiro do 1936 ás Cortes do Estado, nas que o PG tiraría tres actas, a saber: Daniel R. Castelao, por Pontevedra e Ramón Suárez Picallo, así como Antón Vilar Ponte, pola Coruña¹⁵⁰. As actas conseguidas e os votos que deran lugar a estes resultados -algo máis de catrocentos mil nesas tres circunscricións- foran un grande éxito, que puidera acrescentarse coa acta de Alexandre Bóveda, candidato galeguista por Ourense que non saíra oficialmente electo. Todo apuntaba a un claro amaño argallado polas dereitas locais -suplantándose o voto “de mortos, ausentes i-enfermos”¹⁵¹-, dado que non mantiña relación directa a presenza galeguista na provincia e o arraigo do propio Bóveda naquela área cos 25.000 votos que obtivera, segundo escrutinios oficiais, indo parar aquela acta a José Calvo Sotelo, líder dereitista

¹⁴⁷ Manuel Gómez Román contaría con 1.683 votos, Xerardo Álvarez Gallego con 1.639, Plácido R. Castro con 1.498, Ricardo Carvalho Calero con 1.416, Ramón Otero Pedrayo con 1.354, Valentín Paz Andrade con 1.304 e Manuel Peña Rei con 1.219. Os restantes contarían con menos de mil votos.

¹⁴⁸ Eran de Moneixas (Lalín). Iniciaranse como agrupación no 1927 e formalizarían a súa integración no PG con data 27 de febreiro do 1935. *Cfr.* Areán, Luísa, *Os Dezas de Moneixas: as cartas sonoras*, Sarria, Ouvirmos, 2003.

¹⁴⁹ *Vid.* Igrexas, Manuel, “Apuntamentos sobre a biografía de Ramón de Valenzuela” in *Homenaxe a Antón Alonso Ríos e Ramón de Valenzuela*, Compostela, Xunta de Galicia, 2006, p.12

¹⁵⁰ Castelao ocupaba o primeiro posto na candidatura *frentepopulista* por Pontevedra, Suárez Picallo o cuarto pola Coruña e Vilar Ponte o oitavo, igualmente, pola Coruña.

¹⁵¹ “Ante a próisima anulación das actas de Ourense” in *A Nosa Terra*, 13/03/1936, capa.

español. O PG, naturalmente, tentou impugnar os resultados, mais pouco habería que lle facer.

A ledicia do resultado xeral só se vería fortemente violentada polo falecemento días despois dun dos recén eleixidos deputados: Antón Vilar Ponte. O que fora xunto ao seu irmán Ramón promotor, vinte anos atrás, das *Irmandades da Fala* finaba o 4 de marzo daquel 1936¹⁵²; cando viña de ingresar ano medio atrás no PG, ao que dalgún modo sempre afectivamente pertenceu, malia os seus compromisos cunha ORGA, integrada en *Izquierda Republicana* e que cofundara con outros galeguistas, cada vez máis lonxe dos seus presupostos fundacionais. Vilar Ponte malia a súa brillante pluma e as súas conviccións patrióticas, segundo indicaría Francisco Fernández del Riego, non daría marchado antes da ORGA porque:

“...non tiña carisma; actuei con el como orador e tiña moi poucas cualidades como orador. Era un extraordinario periodista e vivía con intensidade os problemas do país. E foi sempre consecuente, mesmo cando actuou na ORGA. Pensou que coa ORGA ía realizar un traballo positivo para o galeguismo, logo regresou¹⁵³ e foi moi ben acollido por todos”¹⁵⁴.

Sexa como for, Antón Vilar Ponte resoaba entre a militancia nacionalista, que lle profesaba un grande respecto. Nunha circular da secretaria de organización, o PG recomendaría que desde o 15 de marzo, e durante un mes, a militancia masculina levara garabata preta.

O Plebiscito do Estatuto de Autonomía

En todo caso, Alexandre Bóveda en calidade de candidato, para alén de responsábel de organización do PG, non se enlearía de máis con este asunto. Unha vez constituído o novo goberno no marco estatal, de cariz

¹⁵² Tamén morría días despois o poeta galego Xosé Manuel Cabada Vázquez (1902-1936).

¹⁵³ Nótese que Del Riego emprega o verbo ‘regresar’ partindo da base de que o PG representaría un *continuum* en relación ás *Irmandades*.

¹⁵⁴ Conversa de Uxío-Breogán Diéguez Cequiel con Francisco Fernández del Riego, Vigo 24/09/2003.

progresista, procurárase desde o galeguismo que aquel fixara data para o devandito plebiscito. E así sería: o 28 de xuño quedaba visto para sentenza popular o articulado estatutario. Xa que logo, de marzo a xuño desenvolveríase unha forte e intensa campaña en favor das 'liberdades da Galiza', tal e como se podía ler en numerosas publicacións da época, diante da que o nacionalismo galego ficaría á cabeza, con Bóveda e Castelao como figuras centrais, xunto Ramón Otero Pedrayo, Ramón Suárez Picallo, Víctor Casas, Manuel Gómez Román... Serían miles de quilómetros os que uns e outros farían para asistir a mitins, conferencias, encontros diversos nos que dar conta da importancia para o país dun estadio de autonomía; téndose filmado, por certo, intervencións de varios membros da dirección galeguista en película, que se pasou por varios cinemas galegos¹⁵⁵. Ducias de nacionalistas galegos contribuirían a socializar a nivel local a mensaxe pro-estatutista, caso de Claudio Pérez Prieto, Xohán López Durá e Xohán Xosé Plá á cabeza daquela campaña para o caso da Mariña luguesa; os irmáns Césareo e Camilo Saco López xunto a Darío Taboada para o caso do Val de Lemos; Xosé Ramón Fernández Oxea, *Ben-Cho-Shey*, Servando Gómez-Aller de la Ballina, Ánxel Fole (1903-1986) e Ramón Piñeiro á fronte para a capital luguesa; Xaquín Penas, Nilo Cea, Ricardo e Xesús Parrado para a Terra de Melide; o alcalde Ánxel Casal, Camilo Díaz Baliño e Avelino Pousa Antelo para o caso compostelán; Xohán Antón Suárez Picallo e Ricardo Carvalho Calero na bisbarra coruñesa e na Terra de Trasancos, así como Xesús Froiz (1903-1936) xunto Ramón de Valenzuela para o caso da Terra do Deza, entre moitos outros e outras galeguistas naquelas e outras bisbarras e localidades da Galiza. Lembraba Avelino Pousa Antelo, activista das *Mocedades Galeguistas*, orixinario da bisbarra da Barcala e asentado naquel tempo en Compostela, aquel axir con absoluta claridade:

¹⁵⁵ Fita de vídeo gravada xa no 1933, após a Asemblea de Concellos de Galiza Pro-Estatuto de decembro do 1932, baixo o título *Por unha nova Galicia*, responsabilidade dos irmáns Juan Enrique (1899-1984) e Ramón (1908) Barreiro Vázquez, pagada polo *Partido Galeguista*, e da que se sabe existían dúas copias que terían sido queimadas no 1936 diante do golpe militar, segundo nos teñen indicado Francisco Fernández del Riego e Avelino Pousa Antelo.

“Andivemos cunha camionetiña do servizo de limpeza do concello de Santiago. Andivemos por Muros e Noia, polo val da Maía... Eu era o único galeguista, a maioría [4 rapaces] eran das Juventudes Socialistas Unificadas (...), incluído Isaac [Díaz Pardo]. Andivemos toda Compostela: Rosalía de Castro, a Porta Faxeira, o Obradoiro (...); colando tiriñas [cartaces] que puñan: vota o Estatuto!; e facendo algunha pintada”¹⁵⁶.

Aquela campaña tivo unha dimensión enorme, a dicir da prensa daquela altura e dos resultados oficiais da xornada do 28-X. Malia a controversia daquela cita electoral, os resultados oficiais darían conta dun 75% de participación, con 993.351 sufraxios a favor do Estatuto, fronte a 6.161 en contra e 1.451 votos en branco. A dicir verdade, estes resultados non diferían substancialmente dos que, por representación, en 1932 se deran arredor da Asemblea de Concellos de Galiza pro-Estatuto, na que un 70% dos concellos galegos se sumaran á proposta estatutaria; éxito diante do que a xerazón de galeguistas nados a inicios do pasado século foi determinante, acompañados de militancia máis nova e dos cadros veteranos do nacionalismo galego.

Após o plebiscito só restaba, segundo rezaba a Carta Magna republicana, que as Cortes españolas deran estado parlamentar e visto e prace ao documento estatutario. Para isto, encabezaba unha delegación galega trasladada a Madrid Daniel Rodríguez Castelao xunto Ánxel Casal, Lois Tobío Fernández e Manuel Gómez Román, de cara a lle dar ao presidente das devanditas Cortes o devandito documento. O articulado estatutario galego non tomaría estado

¹⁵⁶ Os activistas das JSU farían varias pintadas pondo ‘Viva Russia’ e ‘Viva a URSS’, nomeadamente Isaac Díaz Pardo, fillo do galeguista Camilo Díaz Baliño, diante do reproche do propio Pousa Antelo e outros mozos galeguistas, por entender estes que distorsionaban estas lendas a unívoca mensaxe favorábel á autonomía de Galiza nun tempo especialmente convulso tamén na esfera internacional. Unha desas pintadas, realizada por Isaac Díaz Pardo, sería unha grande estrela vermella realizada na praza do obradoiro, na que dentro había unha bandeira galega, con fondo branco e banda diagonal azul. Conversa con Avelino Pousa Antelo, Os Verxeles, Teo, 21/11/2001.

parlamentar daquelas por se producir o golpe militar reaccionario do 18 de xullo do 1936.

1.4.-Golpe de Estado.

Aquel Golpe militar desenvolvíase nunha tesitura de enorme politización da sociedade, quer a nivel nacional, quer a nivel internacional, na que o galeguismo estaba a medrar de xeito vertixinoso na Terra en base á súa vontade (e táctica) expansiva entre as clases populares, nomeadamente labregos e mariñeiros que aquel movemento conceitualizaba como cerna da nación; na procura dun arraigo social sen o que non tería moito sentido o seu axir e fuxindo do exclusivo cenáculo da intelectualidade do momento, tal e como acusaran as *Irmandades da Fala*. Mais aínda o nacionalismo galego ficaba lonxe da dimensión doutras organizacións políticas que se dirixían á maioría social, caso do anarquismo no que había un importante sentir galeguista. En palabras de Isaac Díaz Pardo (1920-2012), naquela altura o galeguismo era referencial, tendo cualitativamente un relevo elevado, contando “...cando menos en ámbitos intelectuais, [con moita]... forza e logo, [xa non só cualitativa, senón cuantitativa] ...moita tamén, o anarquismo. [Este último] ...por exemplo na Coruña tiña moita forza, co Centro de Estudos Germinal, cunha biblioteca de arredor de oito mil volumes que queimaron os militares no 36”¹⁵⁷. Realidade sobre a que teñen desenvolvido diversas investigacións os historiadores Dionísio Pereira e mais Eliseo Fernández, indicando como:

*“A Confederación Regional Galaica (C.R.G.) da CNT atopábase no verán do 1936 nun momento de franca expansión, cun forte crecemento da afiliación en todos os sectores produtivos e a aparición de novos sindicatos na maior parte do territorio galego (...). A organización anarcosindicalista, con perto de 40.000 afiliados e afiliadas, superaba así os niveis de afiliación dos primeiros tempos da IIª República, ao tempo que incrementaba as súas relacións con outras forzas de esquerda”*¹⁵⁸.

¹⁵⁷ Conversa con Isaac Díaz Pardo, Compostela, 8/11/2001.

¹⁵⁸ Pereira, Dionísio e Fernández, Eliseo, *O movemento libertario en Galiza (1936-1976)*, Vigo,

Aquela Galiza do ano 1936 sería unha realidade humana, politicamente máis e mellor organizada, en todas as esferas, que a de inicios da II República, sen comparación posíbel coa de inicios de século, a partir dun proceso modernizador extraordinario. Contaba Galiza con organizacións políticas e profesionais propias, así como con dúcias de revistas e xornais de seu, a diferenza de tempos anteriores, cunha robusta sociedade civil activada, dando lugar a iniciativas punteiras no cooperativismo e a innovación agropecuaria, caso da *Misión Biolóxica de Galiza*, así como sindicatos plenamente identificados coa Terra; abríndose camiño cara unha íntima relación entre o nacionalismo partidario e boa parte do movemento obreiro. Disto último fai proba o feito de ser impulsado polo galeguista Luís Seoane o primeiro gabinete xurídico laboralista inaugurado en terra galega, aberto no 1934 na cidade da Coruña, xunto Manuel Boedo Rouco e Antonio Bremón Llanos, sumándose un ano despois ao mesmo o tamén nacionalista Ramón Suárez Picallo.

2.-A QUEDA DA ESPERANZA REPUBLICANA. GOLPE MILITAR E A RESISTENCIA (IM)POSÍBEL (1936-1939/41).

Diante do golpe militar reaccionario de xullo do 1936 houbo desercións na esquerda e o nacionalismo, mais podemos afirmar que serían mínimas, nomeadamente na súa plana dirixente¹⁵⁹. A actitude dos principais cadros destes movementos foron exemplares. Para o campo do galeguismo organizado politicamente, dicir que parte do comité executivo estaba, como vimos, en Madrid cando se produce o inicio do Golpe militar, incluído o seu secretario xeral, Manuel Gómez Román, xestionando que o Estatuto de Autonomía plebiscitado o 28 de xuño na Galiza chegara a tomar estado parlamentar nas Cortes españolas. Pola contra, o secretario de organización, á sazón Alexandre Bóveda, así como Víctor Casas, director do voceiro que editaba o nacionalismo galego, *A Nosa Terra*, ficaban en Pontevedra. Tentando procesar o contexto prebélico e dilucidando o que facer, estes dous últimos galeguistas serían centrais na resistencia civil e armada fronte o golpismo militar.

Malia que esa resistencia de primeira hora fose efémera, o certo é que Bóveda e Casas organizaron, xunto ao capitán de asalto Rico e o médico Zbarsky Kuper, unha firme defensa da República, en definitiva, da orde democrática establecida por consulta popular, negándose a fuxir do país diante de varias propostas que se lles farían por parentes e amigos ao comprobarse a dureza do propio golpe militar, xa nas primeiras horas do mesmo; nomeadamente as formuladas polo sogro de Alexandre Bóveda, o vello galeguista Xerardo Álvarez Limeses (1870-1940). Para o caso do responsábel de organización do PG, e segundo os diversos testemuños cos

¹⁵⁹ Non serían poucos os que, para alén das fileiras do galeguistas, apresetándose na II República como entusiastas do Estatuto de Autonomía serían a partir de xullo do 1936 represores de nacionalistas e demócratas en xeral. O galeguista ourensán, Xosé Ramón Fernández Oxea, inspector de ensino en Lugo naquel tempo, daría conta dun caso de relevo para Ourense: “...o teniente coronel Quiroga que días antes da algeirada fascista foi, xunto con sua filla, votar o plebiscito para o Estaturo e dixolles ao da mesa que si facía falla tamén iría a votar o seu fillo, e logo adicouse a perseguir aos galeguistas”. Fondo Xosé Ramón Fernández Oxea/Ben-Cho-Shey, Arquivo Histórico da Deputación provincial de Ourense.

que temos traballado para recrear noutrora o seu percorrido biográfico, temos contrastada a súa central defensa republicana e democrática das liberdades na cidade e contorna de Pontevedra naquel contexto bélico. Afirmaba nun seu libro de memorias Evaristo Mosquera, compañeiro de traballo na Facenda Pública do ourensán, represaliado igualmente pola súa militancia galeguista¹⁶⁰, que:

“...aínda sendo moitos [os] detalles que esquecín e outros que descoñezo, [cómpre] dicir, porque é de xustiza, que a única organización governamental que existiu na nosa cidade, partiu de Bóveda e do capitán de Asalto Sr. Rico”¹⁶¹.

Certamente, após as novas do golpe militar en Marrocos, o 18 de xullo constituiríase un Comité de Defensa da República na cidade do Lárez, ao igual que na maior parte das localidades galegas, artellándose unhas milicias populares comandadas polo odontólogo de orixe rusa, para alén de militar de complemento, Jacobo Zbarsky Kuper. E así foi que por suxestión do responsábel de organización nacionalista, e co respaldo do Goberno Civil, foron de inmediato interceptados os servizos postais e de telégrafos, así como requisadas armas e explosivos, encargándose do primeiro de contado esoutro cadro do PG cal era Víctor Casas, inmediatamente antes de que os facciosos se fixeran con eles.

Desta realidade darían boa conta os golpistas, detendo grande parte dos resistentes que tiñan no Goberno Civil o seu centro operativo, procedendo os facciosos a definitiva toma de Pontevedra a penas tres días despois do inicio do Golpe en territorio africano.

O 20 de xullo o secretario de organización do PG sería detido xunto Amando Guance Pampín, Luis Poza, Adelmiro Dios, José Adrio Barreiro,

¹⁶⁰ Mosquera sería iniciado no nacionalismo galego polo propio Alexandre Bóveda. Esta militancia valeríalle a inhabilitación profesional, así como prisión na illa de San Simón durante catro anos.

¹⁶¹ Mosquera, Evaristo, *Cuatro años a bordo de una isla. Una extraña manera de vivir nuestra Guerra Civil*, Sada, Ediciós do Castro, 2006, p. 29.

Paulo Novás Antonio Salvador, José Cuña e Víctor Casas, entre outros, e conducido ao cárcere pontevedrés. Logo, levaríano ao presidio de Ponte Caldelas -tentando aplicarlle os garda civís que o custodiaban a famosa *lei de fugas*, infrutuosamente por se negar Bóveda a marchar de onda eles-, e, de inmediato, ao de Caldas de Reis. Desta última localidade sería trasladado de novo o galeguista a Pontevedra, para ser sometido a xuízo sumarísimo que se celebraría o 14 de agosto, pasando a noite previa no soto do que daquela era o edificio do Goberno civil –hoxe Deputación provincial pontevedresa-, no que sería xulgado. No marco desta trágica pantomima, afirmaríase que ao longo do serán do 20 de xullo:

*“...se estaban concentrando armas recojidas por las elementos de las organizaciones marxistas en las armerías de las Capital [pontevedresa] y de las poblaciones de la provincia, y se armaba a dichos elementos, peligrosos todos ellos por su actuación y significación societaria, en el edificio y oficinas del Gobierno Civil... todo ello con ánimo de hacer frente a la posible acometida de las Fuerzas del Ejército ... en todas estas actividades y como elemento dirigente figuraba D. Alejandro Bóveda, empleado de Hacienda...”*¹⁶².

Bóveda, sabendo da súa referencialidade a nivel nacional e do que o país perdía con aquela barbarie desatada, dirixírase ao tribunal que o xulgaba. Sen esperanza ningunha de salvar a súa vida, e ollando como se lle impuña como delito manter unha fidelidade férrea ao ideario galeguista, tería afirmado o líder nacionalista como manifesto final a unha vida militante:

*“A miña patria natural é Galiza. Ámoa fervorosamente. Xamais a traizoaría, aínda que se me concederan séculos para vivir. Adóroa alén da miña morte. Se entende o tribunal que por este amor entrañábel debe serme aplicada a pena de morte, recibireina como un sacrificio máis por ela”*¹⁶³.

¹⁶² Arquivo Militar de Ferrol. Causa aberta a Alexandre Bóveda expediente nº356/36.

¹⁶³ Palabras recollidas en Álvarez Gallego, Xerardo, *Vida, paixón e morte*, Vigo, A Nosa Terra,

E así foi que, pola súa firme lealdade democrática e galeguista diante do golpe militar, mais sobre todo polo duro e constante traballo realizado durante a II República en relación á consecución dun estado de soberanía para Galiza, Bóveda sería sentenciado a morte. Pena que foi executada na madrugada do 17 de agosto do propio 1936. Libraría de tal pena o secretario xeral do PG naquela altura, Manuel Gómez Román; o arquitecto sería igualmente represaliado, mais sen pena de morte polas súas influentes amizades. Ao igual que ao secretario de organización do PG, outros militantes do nacionalismo partidario, dirixentes no ámbito nacional ou local, serían asasinados, caso do propio Víctor Casas, Camilo Díaz Baliño, Johán Carballeira, Ánxel Casal ou Pedro Galán Calvete, así como outros activistas de ideario galeguista, integrados en formacións distintas ao PG, caso de Xohán Xesús González de *Unión Socialista Gallega* (USG), Xaime Quintanilla do *Partido Socialista Obrero Español* (PSOE), José Villaverde líder anarquista da *Confederación Regional Galaica* (CRG), ou Uxío Carré Naya, militante do *Partido Obrero de Unificación Marxista* (POUM), entre tantos e tantas outras demócratas, en definitiva. Máis de doce mil demócratas represaliados entre 1936 e 1939, segundo as últimas pescudas realizadas ao respecto¹⁶⁴, extendéndose a represión e o terror na Galiza a partir daquel 18 de xullo do 1936, pois, tal e como temos asinalado xunto a Carlos Velasco:

“...um manto de desolaçom e morte sobre todo o território da Galiza. O golpe de estado do dia 18 e a rápida queda do país —mália que nom sem resistênciã— em mans dos sublevados trouxérom consigo a posta em andamento de umha mecânica repressiva cujo fundamento último nom era outro que um plano de genocídio sistemático a exercer sobre aqueles sectores da população mais directamente comprometidos com a causa democrática da II República e, em geral, com a defesa de umhas melhores condiçons de vida para a grande maioria dos humildes”¹⁶⁵.

1996. p.229

¹⁶⁴ Fernández Prieto, Lourenzo *et alli*, *Informe de resultados. Víctimas de Galicia (1936-1939)*, Compostela, USC, 2011.

¹⁶⁵ Diéguez Cequiel, Uxío-Breogán e Velasco Souto, Carlos “Da represión franquista à

2.1.-Golpe militar, nacionalismo galego e resistencia.

Inmediatamente antes do Golpe militar reaccionario, o alcalde da capital galega era o nacionalista Ánxel Casal -así como nacionalista, entre outros, era o alcalde de Bueu Johán Carballeira¹⁶⁶-. O *Partido Galeguista* contaba cunha filiación duns catro mil cincenos militantes¹⁶⁷ e viña de librar exitosamente o proceso plebiscitario en favor dun Estatuto para Galiza, como marcamos, sendo o nacionalismo o principal impulsor do mesmo. Fiel a súa representatividade, sobre todo simbólica, Casal asumira un papel decisivo -ao igual que Daniel Rodríguez Castelao, en canto que deputado e líder galeguista-, facendo parte da delegación que levaría a Madrid o articulado estatutario resultante da asemblea de concellos de Galiza pro-Estatuto de 1932, plebiscitado o 28 de xuño do propio 1936. Sabedor do golpe militar que estaba a se iniciar, o alcalde compostelán regresaría da capital española de inmediato á Galiza para se situar á fronte do goberno local, ficando na capital española Castelao xunto ao secretario xeral do PG, Manuel Gómez Román, e Lois Tobío, profesor de dereito romano na Universidade compostelá, militante do PG e destacado membro do *Seminario de Estudos Galegos*, entre outros membros do galeguismo alí congregados. Tenneso afirmado Isaac Díaz Pardo, fillo do pintor galeguista Camilo Díaz Baliño (1889-1936), como o alcalde da actual capital galega :

“...viuse para Compostela desde Madrid -onde estivera pola cousa do Estatuto- no coche da Deputación coruñesa con López Bouza, o presidente da Deputación. Tamén viñeron os mineiros de Lousame a Compostela. Casal saíu ao balcón do Obradoiro comentando '...veño da Coruña onde os nosos irmáns están loitando contra a reacción...hai que ir axudalos...'. Así organizamos grupos para ir para Coruña nos Castromil con voluntarios. Eu fun un dos voluntarios. Levábamos

reorganización patriótica na Galiza (1936-1964)” in *Actas de la I Trobada Galeusca*, Barcelona, Museu d'Historia de Catalunya, 2011.

¹⁶⁶ Ambos asasinados; Casal o 19 de agosto e Johán Carballeira, heterónimo de José Gómez de la Cueva, o 17 de abril de 1937.

¹⁶⁷ Beramendi, Justo, *De Provincia a Nación. Historia do galeguismo político*, Ed. Xerais, 2008. p. 896.

dinamita (lembro como cheiraba a miña cazadora a dinamita!). Lembro que chegamos a Coruña e pasando por Calzados Senra aínda hoxe lembro como tableteaban as ametralladoras... Vimos que non había nada que facer. Eu din volta para Compostela grazas aos banqueiros Núñez que me meteron no seu coche. Cando chegábamos a Compostela o chófer viu que había unha ametralladora no inicio de Basquiños, onde San Caetano, e díxome que baixara do coche. Cheguei a casa, a familia estaba preocupada...»¹⁶⁸.

Naquelas localidades onde o movemento galeguista tiña presenza, a maior parte dos seus activos sumaríanse a comunistas e anarquistas, sobre todo, mais tamén socialistas, en favor da resistencia ao devandito golpe militar, tal e como vimos para o caso pontevedrés. Ora, boa parte daqueles demócratas que ollaban imposíbel unha resistencia efectiva a aquel contexto e deran escapado dunha detención e/ou asasinato seguro, decidirían agocharse. Tal e como nos comentara, outra volta, Isaac Díaz Pardo, daquelas membro activo das *Juventudes Socialistas Unificadas* (JSU)¹⁶⁹, que fixeran campaña xunto ás federadas *Mocedades Galeguistas/Nacionalistas*¹⁷⁰ polo Estatuto de Autonomía no 1936:

“Eu escondínme ao longo duns tres días. Neste días tivemos un asalto dos falanxistas á casa familiar [galeguista]; levaron pertenzas, debuxos, racharon outros, levaron libros...”¹⁷¹.

¹⁶⁸ Conversa con Isaac Díaz Parto, Compostela, 8/11/2001.

¹⁶⁹ Organización que nacía en marzo do 1936, da man das *Juventudes Socialistas de España* (JSE) e da *Unión de Juventudes Comunistas de España* (UJCE), da que participaría Díaz Pardo; a primeira organización da mocidade do Partido Socialista Obrero Español (PSOE) e a segunda do Partido Comunista de España (PCE).

¹⁷⁰ As asembleas locais da organización xuvenil do *Partido Galeguista, Mocedades Galeguistas*, fedéranse en xaneiro de 1934 dando como resultante a *Federación de Mocedades Galeguistas*. Esta reconverteríase nominalmente na *Federación de Mocedades Nacionalistas*, por acordo da III Asemblea Nacional desenvolvida no mes de maio de 1936.

¹⁷¹ Asalto que se saldaría coa detención e asasinato do seu pai, daquel grande publicista, importante valor da póla conservadora do galeguismo organizado, Camilo Díaz Baliño. Conversa con Isaac Díaz Pardo, Compostela, 12/10/2001.

Xa que logo, parello á aniquiladora onda represiva que os fascistas imporían sobre a Galiza a primeira hora, os activistas que lograran non ser asasinados ou presos, ficaban agochados ou camiño do exilio. Entre os agochados nun primeiro momento, podemos lembrar ao destacado galeguista Francisco Fernández del Riego, o único que era formalmente militante das *Mocedades Galeguistas* e do PG en paralelo desde 1933. Fora secretario xeral da *Federación de Mocedades Galeguistas* (FMG) até 1936 e ten relatado en diversas ocasións as penurias polas que tiveran que pasar aqueles que non se sumaran ao novo rexime, tempos nos que, dicía o mariño, “...axeitámonos ás circunstancias porque eran insuperábeis”¹⁷². Circunstancias enmarcadas nun contexto bélico no que non había marxe para matinar sobre unha hipotética reorganización do nacionalismo tras a súa queda, senón en librar da detención e/ou morte segura, realidade ben cercana como nos teñen indicado o propio Del Riego e Avelino Pousa Antelo¹⁷³, tamén da FMG. Os dous, daquelas mozos galeguistas, acabarían optando por ingresar no exército golpista, unha vez mobilizados, como fórmula a partir da que escapar da represión segura e non ser declarados en ‘rebelión’. Pousa Antelo tiña vinte dous anos cando se deu aquela sublevación reaccionaria e viña de facer o servizo militar obrigatorio; quedara ‘repugnado daquela vida’, polo que ingresar no exército, ao pouco ‘franquista’, non sería a primeira opción na que matinara:

“...pensei en marchar a Portugal. Andei a durmir en casa de amigos, no monte. Finalmente vin que non había máis solución e acabei presentándome para ir ao fronte; mandáronme a Guadarrama. Primeiro estiven de camilleiro (...) e despois de condutor. Terminei de sarxento...”.

¹⁷² Carballa, Xan, “Francisco Fernández del Riego, ‘o medo que pasamos non se pode crer’”, in *As horas secuestradas. Vida cotiá no franquismo*, Vigo, A Nosa Terra, 1995, p.26

¹⁷³ Quen viña de facer o servizo militar obrigatorio en Ceuta entre 1935 e 1936, xunto outros mozos galeguistas, nomeadamente Guillermo González, Jesús López, Juan Buceta e Cesáreo F. Taboada.

Anos despois da guerra Avelino Pousa Antelo tentaría, no profesional, volver exercer como docente. Malia ter gañado praza noutrora, veríase “... *negro para acabar tendo unha escola interina*”, ficando obrigado a repetir no ano 1941 as oposicións a mestre, sen maior fortuna de inicio, dado que:

*“...me cargaron polos informes dun crego da miña parroquia que dixera que era eu un ‘roxo separatista’ (...). Finalmente acabei en Lugo, onde aprobei as oposicións e estiven nunha escola perto de Nadela (...). Despois cara o 1946 tiven unha bolsa na Misión Biolóxica de Galicia [dirixida por Cruz Gallástegui], e no 1948 acabaría dirixindo a Escola Agraria da Granxa de Barreiros, por dous anos...”*¹⁷⁴, da que sería Antonio Fernández López mecenas, mantendo unha íntima relación con Rof Codina¹⁷⁵.

Tamén os destacados mozos galeguistas Marino Dónega, Ramón Piñeiro López serían mobilizados en favor dos militares españoлисты. Este ultimo a primeira hora do golpe militar estaría en contacto co Goberno Civil, mais ao verse imposíbel a resistencia ao golpe militar, acabaría agochándose¹⁷⁶; sería mobilizado e integrado no bando golpista baixo as ordes do capitán Antonio Rosón Pérez (1911-1986)¹⁷⁷, onde coincidiría con outro

¹⁷⁴ Conversa con Avelino Pousa Antelo, Os Verxeles, Teo, 21/11/2001

¹⁷⁵ Conversa con Avelino Pousa... Este trasladaríase no 1955 a Orotava (Tenerife), onde traballaría como mestre e como Técnico Agrícola do Laboratorio do Cabildo Insular. No 1960 regresaría a Galiza ubicándose a nivel laboral como técnico de SEMISA, empresa produtora de sementes, mais por pouco tempo, dado que nese mesmo ano partiría a Zaragoza, onde dirixiría a empresa gandeira AIVESA. Nos anos sesenta conseguiría diversos premios polo seu contributo no referido ao eido agro-gandeiro, regresando definitivamente á Galiza no 1970 onde traballaría como mestre en Pontecesures até a súa xubilación en xaneiro de 1983.

¹⁷⁶ Pasaría uns días agochado na vivenda de Xosé Ramón Fernández Oxea, segundo afirmaríase a viúva deste, para ao pouco esconderse na súa Lán cara natal antes de ser mobilizado forzosamente para se encadrar no exército golpista.

¹⁷⁷ Avogado lugués natural de Becerreá, destacado falanxista, co que Piñeiro mantería amizade. Era o xefe do 4º Batallón do Rexemento de Infantería de Zaragoza, do que facía parte Piñeiro e no que demostrou o de Lán cara 'intachable conducta', segundo certificación realizada anos despois e presentada no seu favor diante da súa detención na capital española

mozo galeguista que tivera antes do golpe que iniciar o servizo militar obrigatorio, Servando Gómez-Aller de la Ballina, secretario do grupo provincial lugués do *Partido Galeguista* ¹⁷⁸. O destino doutros galeguistas destacados pola súa posición máis militante, caso do tamén daquela mozo de Celanova Xosé Velo Mosquera (1916-1972), sería a prisión. De ideario abertamente independentista, entraría no cárcere de Celanova, con tan só vinte anos, á altura do 21 de xullo daquel 1936, onde estaría até marzo do 1937, data na que foi mobilizado forzosamente para combater cos golpistas na coñecida *División Acorazada Brunete*, da que acabaría fuxindo para combater no bando republicano até o seu final exilio en América do Sur. Os irmáns Cesáreo (1905-1994) e Camilo Saco López (1903-1995) do Saviñao tamén sufrirían prisión unha vez detidos en Lugo por 'rebelión militar'. Galeguistas referenciais no sul da provincia de Lugo, mestres de profesión, serían sentenciados a unha pena de trinta anos de prisión con destino no cárcere provincial lugués, dos que efectivizarían catro ¹⁷⁹. O pontevedrés Evaristo Mosquera Martínez sería tamén condeado a prisión, ficando recluído durante catro anos no durísimo campo de concentración sito na illa de San Simón ¹⁸⁰, na Ría de Vigo. Outros galeguistas, no mellor dos casos, serían destituídos dos seus cargos, postos de traballo, desterrados e/ou desposuídos das súas propiedades. Entre aqueles que logo de ser detidos perderían os seus postos de traballo, poderíamos referenciar multitude de casos, mais tomemos o caso do arqueólogo e etnólogo Antón Fraguas, que viña de ser nomeado secretario xeral do *Partido Galeguista* da Estrada, e que exercía a docencia desde 1933 no instituto daquela vila ¹⁸¹.

en 1946. *Vid.* Dasilva, Xosé Manuel, *Proceso e encarceramento de Ramón Piñeiro*, Vigo, Galaxia, 2011. p.228-229

¹⁷⁸ De la Ballina faría parte do Rexemento Zaragoza nº30 desde o 20 de marzo do 1936. *Boletín Oficial do Estado* (golpista) nº185, 23/04/1937, p.1080

¹⁷⁹ Até marzo de 1937 estarían presos no cárcere provincial de Lugo, sendo trasladados nesa data ao cárcere provincial da Coruña, onde permanecerían até a súa posta en liberdade o 2 de xullo de 1940. *Vid.* Saco, Fernando, *Os irmáns Saco. Ou a loita galeguista baixo o franquismo*, Vigo, A Nosa Terra, 2006. pp.33-38

¹⁸⁰ Mosquera, Evaristo, *Cuatro años a bordo de una isla. Una estraña manera de vivir... Op. Cit.*

¹⁸¹ Xunto a Xesús Constela, que actuaba como 'axudante' de Fraguas, así como Camilo Pereira, secretario de propaganda, Xosé Varela, secretario de finanzas, entre outros. Relanzándose na primavera do 1936 aquel grupo, logo de certa parálise. *Vid.* "Grupo da

Entre os segundos, citar o caso do avogado galeguista Valentín Paz Andrade e o do empresario nacionalista Enrique Peinador Lines, ambos nados en Pontevedra. Como ben lembraba Paz Andrade, activo militante do PG até xaneiro do 1936, non tería nen dereito a responder das acusacións que del se verquían, séndolle notificada a orde de desterro en territorio galego¹⁸² nos inicios de setembro daquel ano¹⁸³. Entre outros, Enrique Peinador, empresario e mecenas de diversas iniciativas do galeguismo¹⁸⁴, para alén de vogal da dirección do PG vigués naquela altura¹⁸⁵, sufriría a expropiación de diversas propiedades, caso de terreos nos que se construíría a partir de setembro do 1936 o aeroporto de Vigo¹⁸⁶.

Un pequeno número de activos galeguistas chegaría a se *camuflar* no tecido franquista, caso de Servando Gómez-Aller de la Ballina. Exercendo publicamente de afecto ao novo rexime, mais sen abondar o seu ideario e conviccións galeguistas, Ballina sería nomeado director do *Instituto Social de la Marina* en Vigo por iniciativa do seu íntimo amigo lugués Antonio Pedrosa

Estrada" in *A Nosa Terra* 20/03/1936, capa

¹⁸² Durante a II República tivera como avogado un destacado relevo en defensa da patronal –o que lle acarrearía un atentado en novembro do 1932, do que saíría ferido con cinco balas en Vigo sendo acusados daquel atentado os militantes da CNT Emilio Costas Fernández e Vicente Vales Lorenzo-; sendo, mesmo, asesor xurídico da Federación Española de Armadores de Buques de Pesca. O primeiro destino daquel desterro foi Verín, mais tamén a Serra da Queixa -cos seus case 1.800 metros de altitude- e a Povia de Trives, entre outros.

¹⁸³ Calvo, Tucho, *Valentín Paz-Andrade. A memoria do século*, Sada, Edición do Castro, 1998. p.134

¹⁸⁴ Desde 1907 sería o xerente do importante Balneario de Mondariz. Membro do *Seminario de Estudos Galegos* (1923) e do PG (1931) desde a súa fundación, entre outros.

¹⁸⁵ Xunto a Camilo Nogueira Martínez, Aurelio Montenegro, Casto López Otero. O grupo ficaba presidido por Xosé Núñez Búa. *Vid.* "Grupo de Vigo. Nova directiva" in *A Nosa Terra* 20/03/1936, capa.

¹⁸⁶ Xunto a monte comunal. O 18 de setembro do 1936 o novo poder imperante xa na Galiza publicaría un edito no que se podía ler: "*Para la explicación de los terrenos del aeropuerto se impone con carácter obligatorio la prestación personal a los residentes vecinos de los municipios de Vigo, Lavadores y Mos que hayan cumplido 20 años y tengan menos de 50 años*". Logo virían ampliacións e diversas melloras daquel aeroporto, como outros, construído con traballo forzado polo franquismo. Co tempo a devandita infraestrutura tomaría oficialmente o primeiro apelido do galeguista, denominándose Aeroporto de Peinador.

Latas (1916-1990), falanxista de primeira hora¹⁸⁷, quen era Abogado do Estado e asesor xurídico do Instituto Social da Mariña¹⁸⁸.

Cómpre sinalar que houbo quen non tería necesidade de escapar nen de se agochar diante daquela tesitura, caso de Álvaro de las Casas, Vicente Risco ou Xosé Filgueira Valverde. O primeiro, tal e como xa temos escrito hai anos, tería información de primeira man do que sería nun inicio o devandito golpe militar e unha semana antes do mesmo recollería todas as súas pertenzas, marchando para América do Sul, vía o Portugal salazarista no que participaría de 'comícios anti-comunistas'¹⁸⁹, propios daquel tempo. O ourensán Vicente Risco e o pontevedrés Filgueira Valverde eran de xerazóns ben distintas, tendo o primeiro cincuenta e un anos e o segundo trinta, mais ambos compartían ideoloxía no marco galeguista: ambos eran no social 'conservadores' e no relixioso católicos. Esta cuestión e o non oporse ao golpe militar daría como resultante que puideran ficar na Terra sen maiores apuros diante daquel brutal contexto. No caso do pontevedrés, seríalle de grande axuda terse desligado na primavera de 1935 da dinámica do *Partido Galeguista*. Xunto a Xosé Sesto

¹⁸⁷ Pedrosa participaría da organización falanxista en Lugo a partir do 1934 baixo as indicacións de José Cedrón del Valle e sería xefe provincial do *Movimiento* en Ourense. Teniente General de Infantería, 'combatente e mutilado de guerra', logo da guerra pasaría a ser abogado do Estado. A partir do 1958 sería, entre outras ocupacións, 'Consejero Nacional del Movimiento' pola provincia de Lugo. Sería autor, entre outros textos, da ponencia apresentada ao *Primer Congreso Nacional de Excombatientes* baixo o título "El Alzamiento tuvo razones positivas: una ordenación más justa en lo social y más española en lo nacional" (1952). O seu irmán Jesús, amigo de Álvaro Cunqueiro que fora mozo galeguista, sería delegado provincial de Información e Turismo en Lugo na primeira metade da década dos '60, baixo as ordes do daquela ministro franquista Manuel Fraga Iribarne, entre 1962 e 1969, sendo despois delegado provincial de Facenda en Teruel entre 1966 e 1968.

¹⁸⁸ Ao pouco pasaría a ser Subcomisario, e anos despois Director Xeral Técnico, do propio Instituto Social da Mariña.

¹⁸⁹ Coincide que serían cofundadores de *Falange Española* na rexión galega do Barbanza por volta do ano 1936, tres dos cinco rapaces noieses que asinaron en febreiro do 1932 o manifesto fundacional das mocedades galeguistas *Ultreya* ideadas por Álvaro de las Casas, incluído Antonio Busto Rodríguez, que sería alcalde franquista de Noia entre 1964-1977. Vid. Diéguez Cequiel, Uxío-Breogán, *Álvaro de las Casas. Biografía, obra e epistolario*, Editorial Galaxia, Vigo, 2003, pp.78-101.

López, Xosé García Vidal e Xosé Martínez Tiscar faría parte da escisión local *Dereita Galeguista*. Para o caso do ourensán, alén do medo de primeira hora - non podemos esquecer que Risco fora ideólogo do nacionalismo galego nos anos vinte do pasado século-, sería de axuda o arroupe da acaudalada e ben posicionada familia da súa dona e, centralmente, a marcha que do PG igualmente protagonizaría en febreiro do 1936 a partir da súa confesionalidade católico e ideario de dereitas –incompatíbel co que sería o *frentepopulismo*-, ao igual que o pontevedrés, impulsando días antes da eleccións ás Cortes españolas unha minúscula e efémera organización que tomaba o nome da pontevedresa. Tal e como ten indicado o catedrático Justo Beramendi aqueles “...non serían molestados, aínda que para isto tiveron que amosar a súa pública e militante adhesión ó novo réxime”¹⁹⁰, redixindo Risco artigos en favor dos sublevados no xornal ourensán *La Región*, igual que Filgueira apoiando aos golpistas a través de locucións radiofónicas, chegando a ser alcalde franquista de Pontevedra cos anos¹⁹¹.

Sexa como for, figuras e traxectorias controvertidas, sobre todo a de Vicente Risco, que seguen ligadas fortemente á historia do nacionalismo galego e que, periódicamente, son traídas a primeiro plano polo galeguismo político décadas atrás e na actualidade -como acontecerá coa destacada figura de Eugenio Montes¹⁹²-. Coincidindo, neste senso, con Ramón Lugrís (1932-) cando, ao ser revisitado o decorrer vital de Risco, indica que:

¹⁹⁰ Beramendi, Justo, *De provincia a nación....*, op. cit., p. 1074

¹⁹¹ Nomeadamente entre 1959 e 1968, sendo procurador nas Cortes franquistas.

¹⁹² Antes do golpe militar do 1936 houbo unha mínima representación daqueles galeguistas que, sendo moi activos durante as primeiras década do pasado século, se viron atraídos xa durante a II República polo totalitarismo españolista. O caso máis paradigmático sería o do ourensán Uxío/Eugenio Montes Domínguez (1897-1982). De xoven promesa pasara a ser antes da II República un sonado escritor galeguista, favorábel á independencia de Galiza, publicando en *La Centuria* e na revista *Nós* da man de Vicente Risco. Fora xunto a Gerardo Diego cofundador do *Ultraísmo* en territorio ibérico; autor de tres libros en lingua galega entre 1922 e 1930. Desde inicios da década dos '30 veríase atraído polo nacional-socialismo alemán, sendo un dos fundadores de *Falange* no 1933, acompañando a José Antonio Primo de Rivera nas súas viaxes a Italia e Alemaña. Diante da guerra do 1936 a 1939 sería embaixador cultural dos sublevados, afincándose despois en Lisboa e Roma - onde sería director entre 1963 e 1973 do *Instituto de España*-, para finalmente asentarse en

“...[as] periódicas polémicas que provoca a figura de Risco son proba de que deixou unha fonda pegada na cultura de Galicia e na evolución do galeguismo. Risco deitou parte dos alicerces do nacionalismo galego nuns tempos moi facareños. E hoxe, en tempos tamén facareños, a recente polémica na prensa demostra que a súa figura continúa a ter importancia. Coma no 1964 recoñecía Arjona, tamén no 2011 Risco aínda”¹⁹³.

Ao igual que Risco e Filgueira, serían tamén conservadores Camilo Díaz Baliño e Ramón Otero Pedrayo, mais correrían distinta sorte ca eles. A oposición de Baliño e Pedrayo ao Golpe de Estado e a súa militancia nacionalista activa no PG, malia a confluencia do partido na *Frente Popular* (e o encontronazo que isto supuña coas súas crenzas conservadoras e, mesmo relixiosas -lembramos que ambos eran católicos-), entendemos que foi central para entender que eles si foran represaliados. Díaz Baliño, grande escenógrafo galego, significárase de maneira extraordinaria en favor do Estatuto de Autonomía. Sería autor de diversas das obras pictóricas que acompañaron entre febreiro e xuño daquel 1936 a campaña estatutista. Non é de estrañar, así, pois, que entraran na súa vivenda e estudo da compostelá rúa das Hortas, tal e como nos narra o seu fillo Isaac, estragando os golpista as obras que achaban ao seu paso no inmóbel. Aínda que escapado de inicio, Díaz Baliño sería preso e asasinado días despois, nomeadamente o 14 de agosto daquel ano. Ramón Otero Pedrayo libraría da morte, en base “...ao seu conservadurismo e as boas relacións coa Igrexa”, como ten afirmado Xusto Beramendi¹⁹⁴, mais con corenta e oito anos que tiña viu interrompida a súa vida profesional, sendo expulso da súa praza de catedrático de Ensino Medio en

Madrid até a súa morte.

¹⁹³ Lugrís, Ramón, “A polémica sobre Vicente Risco de 1964” in *A Nosa Terra* (dixital), 10/05/2011 vid. http://www.anosaterra.org/index.php?p=nova&id_nova=51764 ; a referencia a Xosé Antón Arxona deriva dun seu artigo intitulado ‘Risco aínda’, publicado no 1964 cando viña de saír había uns meses do prelo unha obra do propio Lugo intitolada *Risco na cultura galega* (Galaxia, 1963).

¹⁹⁴ Beramendi, Xusto, “O nacionalismo de Otero Pedrayo” in *A sombra imensa de Otero Pedrayo*, Vigo, A Nosa Terra, 1987. p.63

Ourense, e tendo que pagar dez mil pesetas de multa, unha das máis elevadas impostas na Galiza polos golpistas.

Outros que optaron por se agocharen diante do golpe militar, dada a súa actividade política nacionalista republicana, de relevo nas súas localidades, e non claudicar na Galiza, nen pensaren de inicio no exilio naquela dura tesitura, como veremos, serían o xerme da coñecida como *guerrilla* xunto a comunistas, anarquistas e socialistas. Entre outros, citemos os casos dos galeguistas Antón Arias “Clavel”, presidente do PG en Vilamartín de Valdeorras desde 1932 e 2º Tenente Alcalde de Vilamartín no 1936; Uxío del Valle, membro do Comité executivo do *Partido Galeguista* en Viveiro naquela altura; ou Manuel Gómez Varela, activo do galeguismo en Mugarbos, e dos que tratamos máis adiante xunto a outros galeguistas integrados naquela resistencia armada ao golpismo e a ditadura que este forxaría durante trinta e cinco longos anos, realidade que hai anos comezamos a investigar, cando parecía que non existía relación algunha entre aquela resistencia armada antifranquista e o nacionalismo galego, dando conta da súa existencia, por moi cativa que esta puidera ser en termos cuantitativos¹⁹⁵. Uns e outros exemplos que vimos de presentar son representativos dos distintos posicionamentos e realidades nas que se encadrarían os nacionalistas galegos diante do golpe militar reaccionario de xullo do 1936.

¹⁹⁵ Diéguez Cequiel, Uxío-Breogán, “Nacionalismo galego, golpe militar reaccionario e a (necesaria) resistencia armada” in *Actas Congreso guerrilla antifranquista galega* (2009), Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica da Coruña, A Coruña, 2012, pp. 219-236

2.2.-Memoria, resistencia armada e exilio.

2.2.1.-A memoria como arma: *Nova Galiza e Nueva Galicia*.

Cara o 20 de xullo de 1936 na Galiza triunfaría o golpe militar reaccionario, sen oposición maciza a efectos prácticos algunha. A resistencia presentada a primeira hora veríase sobrepasada polos golpistas, malia que en parte reaxiría á volta duns meses, a partir dos que acabarían fuxindo dunha detención, mesmo morte, seguro, quedando na Terra e conformado a *guerrilla*, á que páxinas adiante nos referiremos. Boa parte dos que marcharan dese mesmo destino, fóra da Galiza mais en territorio peninsular, combaterían en territorio leal á República, resistindo fronte ao avance dos fascistas e o totalitarismo que representaban, organizándose e artellando medios de comunicación que informaran da marcha do conflito armado, dunha banda, tentando alimentar de esperanza e reforzar o sentido da resistencia armada (e intelectual) ‘antifeixista’, doutra. Este axir levará a crear en Asturias o *Batallón de Galegos*, así como en Madrid cara o mes de agosto a *Milicia Galega* e *Batallón Galego* do V Rexemento capitaneado polo galego Enrique Lister (1907-1994)¹⁹⁶ e, aliás, en Euskadi o *Batallón Celta*, impulsado cara setembro pola CNT¹⁹⁷. Vemos esta realidade, como exemplo, por boca do grande orador e activista galego Ramón Suárez Picallo, quen ao igual que Castelao por esas datas ficaba na capital española, participando das devanditas *Milicias*, xunto entre outros, Ernesto Guerra da Cal (1911-1994). Afirmaba Picallo:

“Hoxe acuartelamos. Somos uns mil. Hai de todo, ata segadores que forman un grupo de choque que leva o nome de Rosalía. A misión principal é entrar en Galicia como sexa. Mais mentres isto non se poida facer a nosa milicia loitará onde o queira o Goberno. Está moi ben

¹⁹⁶ Enrique Liste Forján, nacido en Ameneiro, Calo (Teo). De grande interese as súas memorias, recollidas na obra (reeditada, após a primeira do 1966 e a segunda do 1977) *Nuestra guerra. Memorias de un luchador*, Guadalajara, Silente, 2007; así como o documental *Liste, pronunciado Lister* (2007) de Margarita Ledo Andión.

¹⁹⁷ Batallón 30º de Euskadi e 6º da CNT que tería uns 500 integrantes, fundamentalmente guipuscoanos e galegos asentados en Pasaia. Vid. Vargas Alonso, Francisco Manuel, “Anarquismo y milicias de la CNT en Euskadi” in *Vasconia* nº24 1996 pp.273-289

organizada. [...] Mañá comezaremos a instrución. Deseguido iremos á Serra para foguearnos. Despois a onde sexa. Con nós, ben dentro, van Galicia e a República”¹⁹⁸.

Meses despois, de Madrid marcharían estes galeguistas xunto outros demócratas españois cara territorio catalán e valenciano, escapando da barbarie. Castelao e Ramón Suárez Picallo tentarían reorganizar os militantes nacionalistas que librarian da represión, reponsabilizándose da secretaría xeral e de organización do *Partido Galeguista* o xoven Ramón de Valenzuela (1914-1980)¹⁹⁹. Igualmente, contribuirían a sumar aos demócratas galegos que ficaban en Cataluña e Valencia, pensando nunha entidade que exercese a representación política de Galiza -sen exclusividade nacionalista, mais con preponderancia patriótica-. Sería a *Solidaridade Galega Antifeixista* -que recuperaba o nome da vella organización agrarista de inicios de século- na que estarían republicanos galegos de esquerdas sen adscrición partidaria xunto socialistas e nacionalistas. Ostentaría a presidencia desta nova iniciativa o socialista Pedro Longueira²⁰⁰, fronte o candidato nacionalista Daniel Rodríguez Castelao e o comunista Luís Soto (1902-1982)²⁰¹, sendo eleitos estes dous últimos, respectivamente, vicesecretario xeral e secretario xeral, compartindo ambos unha forte relación naquela altura. Entre os máis destacados membros

¹⁹⁸ En carta ao escritor galeguista Eduardo Blanco Amor datada o simbólico 17 de agosto do 1936. Documento sito no AHPO, fondo Blanco Amor.

¹⁹⁹ Valenzuela sería até xullo do 1936 'Conselleiro' dos grupos da bisbarra “Lalín-Estrada” do *Partido Galeguista*, participando da súa dirección nacional.

²⁰⁰ Longueira sería un activo socialista galego que, malia a súa posición contraria ao Estatuto de Autonomía, non abandonaría a súa adscrición galega, aínda que entendida dentro de España. Cofundaría en Barcelona, xunto o tipógrafo -e tamén ferrolán e deputado en Cortes- Edmundo Lorenzo Santiago, entre outros, a publicación *El Socialista Gallego* (1938) órgano de expresión da *Agrupación Socialista de Refuxiados Galegos*.

²⁰¹ Militante ourensán de especial relevo do *Partido Comunista de España* (PCE) durante a II República. No tempo previo ao golpe militar como mestre sería membro fundador da *Asociación de Traballadores do Ensino de Ourense* (ATEO), organización sindical asociada á *Unión General de Trabajadores* (UGT), xunto a Baltasar Vázquez e Albino Núñez, entre outros. Na propia República iría gradualmente tomando consciencia nacional galega, para facer parte do nacionalismo galego organizado, nomeadamente a partir do exilio en América, sendo central ao respecto a súa relación con Castelao.

desta organización estarían os que seguen: Marcial Fernández, Director de Carabineiros; Osorio Tafall, Comisario Xeneral do exército; Otero Espasandín, escritor; Arturo Cuadrado, escritor; Elixio Rodríguez, aviador; Rafael Dieste, escritor, Amparo Alvajar, escritora; Ramón Rey Baltar, médico; Florencio Delgado Gurriarán, Roxelio Rodríguez da Bretaña, Ramón Cabanillas (fillo), Xohán López Durá, Serafín Ferro, Andrés Valín, Horacio Casas, Arturo Souto, Carlos Tomé, Xohán Xosé Pla, Ramón de Valenzuela e Portela Valladares, entre outros. Pola súa banda, os galeguistas dotaríanse dunha Xunta Xeral Executiva, a modo de consello permanente, composta por boa parte dos citados, nomeadamente Castelao, Plá, Suárez Picallo, Ramón de Valenzuela, Andrés Valín, Amparo L. Jean, Rodríguez Casas, Elixio Rodríguez, Ricardo Carvalho Calero e Florencio Delgado Gurriarán.

Así mesmo, naquel contexto botarían a andar dúas publicacións de especial significado: *Nova Galiza* e *Nueva Galicia*, a primeira en Barcelona e a segunda en Madrid.

Nova Galiza, Boletín Quincenal dos Escritores Galegos Anti-fascistas, (NGZ daqui en diante), será das devanditas dúas publicacións a que antes vexa a luz. Ficaré dirixida polos nacionalistas galegos Daniel Castelao e Rafael Dieste e baixo a subdirección de Ramón Suárez Picallo. O boletín, escrito case exclusivamente en galego, terá como constante, desde un primeiro momento, a lembranza dos asasinados polo seu compromiso coa República e cunha *Galiza ceive*, tal e como rezaba un dos xiros máis utilizados do nacionalismo entre o 1931 e o 1936²⁰². De tal maneira que esta publicación terá unha sección permanente que se intitula *¡Loito na nosa Terra!*. Nesta sección vaise lembrando a aqueles que se sabe que van sendo asasinados na Galiza, segundo as tropas sublevadas contra a legalidade republicana ían avanzando polo país e uniformizando a represión, eliminando a oposición activa á mesma. Abre NGZ as súas páxinas co nº1 o 5 de abril de 1937 en Barcelona, cidade fiel á República desde o inicio do alzamento e aínda non ocupada polos sublevados nesta altura. Neste primeiro número de NGZ

²⁰² É subliñábel, para acrescentar información sobre esta publicación, o interesante estudo previo da autoría de Xosé Lois García á edición facsímile de *Nova Galiza*, Sada, Edición do Castro, 1990.

achamos na súa capa un dos debuxos da colección pictórica de denuncia “Galiza Mártir” de Castelao, e que representa a un deses demócratas asasinados na Galiza polos militares golpistas. Castelao procuraba a través da súa pintura amosar a barbarie fascista na Galiza e tamén a resistencia armada ao golpe, dando lugar a trinta estampas que se agruparían nos álbums do 1937 intitulados *Galiza mártir* e *Atila en Galiza*, así como *Milicianos* do 1938²⁰³. Parte dos debuxos reproduciríanse, como dicimos, en NGZ e colleitarían unha celebrada dimensión internacional, do que boa proba sería a edición en varios países dos mesmos (con textos traducidos desde os orixinais manuscritos por Castelao en galego).

E é que nesta altura, como se asinalaba en NGZ, para os sublevados “... *todo vai ben, según din os xornaes ‘patrióticos’* [léase ‘españolistas’]. *Os alemáns, máis tesos que nas caricaturas, pisan terra galega con arroallo de colonizadores. Os mouros gardan o orden. E así os feixistas poden roubar en paz, asesñar en paz, e mirar de reollo a quen sospeitan que ten dinidade e dous dedos de frente*”²⁰⁴.

Neste primeiro número da devandita publicación, nomeadamente na páxina 3, aparece publicada por vez primeira a carta intitulada “A morte de Alexandro Bóveda. Carta dun testigo”, datada en La Habana á altura do 19 de xaneiro de 1937. A autoría parece corresponderlle ao exiliado Xerardo Álvarez Gallego, cuñado do *mártir*, sendo Daniel Castelao o destinatario da misiva. Nesta carta Álvarez Gallego, que falara con Bóveda para que fuxira no 1936 antes da súa detención en Pontevedra, dá conta desde La Habana do duro que lle resultou marchar da Galiza ocupada e, sobre todo, relata brevemente como foron as últimas horas da vida do seu cuñado, daquel líder do nacionalismo galego:

“Alexandre estivo no Goberno Civil de Pontevedra dende que estalou o movemento deica que o prenderon os militares, cando era el só o que quedaba alí. Ti conocialo tan ben ou millor que eu e podes

²⁰³ O álbum *Galiza Mártir* sería editado en febreiro do 1937 polo Ministerio de Propaganda da República; *Atila en Galiza* sería editado en xullo do 1937 polo Comité Nacional da *Confederación Nacional de Trabaxadores*; *Milicianos* sería editado en agosto do 1938 polo *Frente Popular Antifascista Galego* en Nova Iorque.

²⁰⁴ En *Nova Galiza*, nº 1 Barcelona, abril 1937, p. 1

supoñer que actuou alí sempre de elemento moderador, pero rexo na defensa da República...” aseverando que “...Bóveda foi fusilado por medo e por envexa...Comunicáronlle a sentenza e coa mesma serenidade que tiña asombrado a todos... firmou con letra clara non sen poñer diante da firma máis claramente aínda: ¡Viva Galiza Ceive!”.

Despedíase Álvarez Gallego de Castelao nesta misiva, dándolle unha aperta de Bóveda, algo que lle encomendara este se algún día coincidía co rianxeiro.

Desde logo non só Álvarez Gallego, senón todos os exiliados fan referencia dunha ou doutra maneira á necesidade de lembrar, de manter fresco o recordo do xenocidio en definitiva; ora, nas primeira horas do que será o inicio do exilio serán diversas as fracturas existentes. O escritor Rafael Dieste (1899-1981), dirixíndose aos emigrantes e exiliados galegos, en ambas bandas do Atlántico, combaterá o sectarismo e a falta dunha acción conxunta dos e das demócratas alén mar. Afirmaba nun artigo editado na primavera do 1937:

“... Tendes que denunciar esa plaga, esixir a intervención da diplomacia de todol-os gobernos. Sabede que en Galiza moita xente perseguida e fusilada é xente probe, que non fixo máis que pensar pola súa conta e dar o voto aos que merecía confianza.... Non son dos que se poden refuxiar en consulados ou topar influencias para se evadiren cando o capricho terrorista anda xa ao seu redor. !Hai que clamar por todos eles en xunto! Non cada un pol-os seus. ¡Todos por todos!

....Lembrarse de Galiza, estar desperto. O que non se lembra oxe é porque non quer”²⁰⁵ .

No seo do galeguismo exiliado en zona peninsular fiel á República darase unha recomposición efectiva e arredor da figura de Alexandre Bóveda, daquel central cadro do nacionalismo galego en tempo republicano, asasinado con apenas trinta e tres anos, crearase un mito fundacional daquel novo tempo. Será Castelao o principal impulsor deste feito, mais non só. Será

²⁰⁵ Rafael Dieste, “¡A todos vos, irmáns emigrados!”, en *Nova Galiza* nº4, Barcelona, 1937, p. 1

común achar referencias á devandita figura nos diversos medios de comunicación referenciados. Unha e outra vez presente, por exemplo, en *Nova Galiza*, mesmo por alleos á Galiza, caso dun texto asinado en Gijón por 'Margolles' á altura do 12 de maio. Un texto, que de se confirmar que a autoría non é dun/ha galego/a –probabelmente sería un demócrata asturiano²⁰⁶–, remitiríanos ao Bóveda(mito) que cruza fronteiras e pasa a ser unha referencia (mártir) recoñecida polos demócratas de toda a Península Ibérica. Decía así o escrito:

“Han pasado diez meses de guerra cruenta (...) durante los cuales hemos ido llenando la mente de trágicos recuerdos y anotando un montón de datos en el block.

*Recuerdos y datos que servirán para hacer algún día historia de la Galicia rebelde, asoballada hoy por la pezuña militar-fascista. La lista de los asesinatos pide venganza (...) Bóveda, Arbones, Botana (...)*²⁰⁷.

Un mes despois será o militante nacionalista Ramón Suárez Picallo, elixido no 1931 deputado en representación da emigración polas Cortes españolas e máis adiante exiliado en Chile, o que lembrando a campaña autonomista e a aprobación do Estatuto o 28 de xuño de 1936, diante do seu primeiro aniversario, afirme:

“... Tales foron os temas, tratados a fondo, como endexamais se trataron, que inspiraron aquela campaña. Con cifras, con moitas cifras, eispresión aritmética da nosa pasada esclavitude e poema cifrado da nosa futura liberdade. Poucas veces -joh eixemplar vida e morte de Alexandro Bóveda]- as matemáticas alcanzaron tan grande valor emocional i-iespresivo.

²⁰⁶ Dado o lugar no que se asina o escrito e que Margolles é un topónimo que nos remite a unha parroquia asturiana sita en Cangas de Onís. Aliás, naquela altura sabemos da colaboración dun militante socialista de Ribadeo que se apelidaba Margolles (César; mestre en Benquerencia, Barreiros), fuxido e declarado en rebeldía no 1936 (e asasinado en Asturias) podería ser quen asinaba aquelas verbas antes de ser asasinado? Este fixera parte da campaña en favor do Estatuto de Autonomía, nomeadamente na Mariña luguesa xunto a Claudio Pérez Prieto e Ramón Piñeiro, entre outros.

²⁰⁷ Margolles, “Voces Leales”, en *Nova Galiza* nº5, Barcelona, 1937, p. 3

*(...) Os que nun mañán ... teñan a outa misión de dirixir a vida pública do noso país galego, atoparán n'aquel Estatuto e nos temas tratados ó seu derredor, unha fonte caudalosa de ourentacións (...). ese será ... o homenáxen que merecen os nosos herois vivos i-os nosos mártires mortos*²⁰⁸.

Había unha necesidade extraordinaria por lembrar todo o que se avanzara en favor dunha Galiza autónoma durante a II República, mentres se combatía ao fascismo. Era unha maneira máis de resistir. Así, no número seguinte ao que corresponden as aseveracións anteriores de Suárez Picallo, reproduce NGZ unha outra estampa do álbum *Galiza Mártir* de Daniel Castelao. Era a lámina reproducida na que dous raparigos ollan con tritura a un home morto, asasinado, nun charco de sangue. Era a estampa 'a derradeira lección do mestre'. O caído ben puidera ser/representar a Alexandre Bóveda. De feito, se un cotexa con detemento a imaxe do asasinado cunha foto de Bóveda achará o parecido de perfil, polo que me inclino a pensar, ao igual que outros autores, que Castelao quixo representar nesta obra o asasinato de Bóveda²⁰⁹.

En síntese, a importante nómina desta publicación aniñada polo nacionalismo galego en territorio peninsular aínda fiel á República, nomeadamente na capital catalá, ficaba conformado por Castelao e Rafael Dieste, como directores, xunto a Ramón Suárez Picallo, Rafael Fernández Cardoso, Arturo Serrano Plaja, Basilio Álvarez, Antón Lobeira, Serafín Ferro, Antonio Sánchez Barbudo, Pedro Longueira, J. Buscón, J. Otero Espasandín, J. Lorenzo, Arturo Cuadrado, Manuel Pérez, Fersen, Arturo R. S. Villafranca,

²⁰⁸ Ramón Suárez Picallo, "No primeiro aniversario do Plebiscito do Estatuto de Galiza", en *Nova Galiza* nº6, Barcelona, 1937, pp. 1-2. Este artigo volverase publicar integramente no número 12 de NGZ (p. 8), novembro do 1937.

²⁰⁹ De feito, reproduzo máis adiante unha frase contemporánea a Castelao que certifica o que indico. A obra 'Galiza Mártir' editado no 1937 tivo unha grande difusión polo mundo enteiro, así como os dous outros álbums do xenial autor de Rianxo, nomeadamente 'Atila en Galiza' (1937) e 'Milicianos' (1938). Por exemplo, o 18 de xullo do 1937, coincidindo co aniversario do alzamento militar, o xornal de Montevideo *El Día* no seu suplemento dominical presentaba as imaxes daquela primeira obra da devandita triloxía de Castelao.

Juan González del Valle e Jaime Espinar como colaboradores, para alén dos xa exiliados que enviaran algunha colaboración caso de Xerardo Álvarez Gallego. Nómina á que engadir aos poetas Ramón Cabanillas Álvarez²¹⁰, Ernesto Guerra da Cal²¹¹, Ángel Lozano, Ramón Rei Baltar, Eduardo Blanco Amor e Jaime Cortesão.

Ficando as páxinas da publicación ilustradas por debuxos de Seoane, Colmeiro, Xan Lucense, Ramón Gaia, Víctor Cortezo, Arturo Souto, Canyes e Castelao.

Polas datas nas que aquel formidábel debuxo de Castelao aparecía en NGZ, nacía *Nueva Galicia* (NG). Esta publicación vía a luz en maio do 1937 en Madrid, da man de “antifascistas galegos” que defendían a República e a democracia desde a capital española. NG intitulábase “portavoz de los antifascistas gallegos” e ficaba dentro da “prensa de guerra” comunista, tal e como o ten expresado o historiador Víctor Santidrián²¹². A dirección inicialmente correspondeulle a Xosé Gómez Gayoso, quen anos despois sería secretario xeral do *Partido Comunista de España* en Galiza.

Ao igual que NGZ, *Nueva Galicia* porá o acento no programa de exterminio físico dos cadros da esquerda na Galiza, para alén do desenvolvemento da resistencia militar ao golpismo, dándolle a Alexandre Bóveda en boa medida a mesma valencia que lle darían os nacionalistas, en canto que 'mártir pola liberdade'. A novidade é que a este lle sumarán os editores de NG a memoria dun outro asasinado: Benigno Álvarez, *Benigno de Maceda*, localidade da que tamén era Gómez Gayoso. Veterinario, líder comunista galego, de sentir, tamén, nacionalista²¹³ que logo de ter morto no

²¹⁰ Igual que poeta tamén escritor, fillo do célebre *bardo* galego de Cambados Ramón Cabanillas Enríquez. Cabanillas Álvarez acabaría exiliándose a México, onde asumiría un importante activismo patriótico pro-republicano e galeguista, tal e como veremos máis adiante.

²¹¹ Que consta como Ernesto Pérez Guerra, publicando o seu poema *Mariñeiro fusilado*, considerada a súa primeira achega literaria.

²¹² Véxase o interesante estudo de Víctor Santidrián intitulado “Nueva Galicia. Portavoz de los antifascistas Gallegos”, en *Nueva Galicia*, edición facsímile, Edicións do Castro, Sada, 1997, pp. 13-22

²¹³ Lembremos que, para alén de anecdótico, no IV Congreso do *Partido Comunista de España* (PCE), desenvolvido en Sevilla no mes de marzo do 1932, Benigno Álvarez esixiu

monte por mor dunha doenza, onde ficaba fuxido e armado, e unha vez achado o seu corpo por un falanxista perto de Montederramo (Ourense), foi tiroteado para dar conta o radical españolista da súa “fazaña” , da cal se gabaría por Ourense adiante mentres arrastraba polas rúas o corpo de Benigno atado ao seu coche²¹⁴, e así cobrar a ‘recompensa’ ofrecida a tal fin pola Marquesa de Atalaya Bermeja²¹⁵.

O primeiro recordatorio que achamos en NG aos dous activistas, por certo amigos íntimos, témola no nº4, tirado en xuño do 1937. Fica a devandita mención no artigo redixido en español “Dos símbolos de unidad del pueblo gallego. Benigno Álvarez y Alejandro Bóveda”. Neste texto, situado na portada, indicábase:

“...Benigno Álvarez y Bóveda, [foran] dos corazones que palpitaban con una misma ansia de renovación, que aún siendo de ideologías distintas, coincidían en un objetivo fundamental: forjar una Galicia libre y culta, sin caciques y usureros, sin esas caravanas de segadores que todos los años marchaban a Castilla a dejar lo mejor de su vida... Benigno, viejo militante comunista... [e]... Bóveda, juventud dinámica, sólida preparación cultural, conocedor profundo de todos los probmas económicos del agro gallego... que ante la nacionalidad oprimida alzaban sus voces de rebeldía...”²¹⁶.

O artigo no que ficaba este fragmento de texto era da autoría do propio Xosé Gómez Gayoso, co cal podemos tirar a conclusión de que as afirmacións apresentadas son as que o comunismo galego tiña sobre Alexandre Bóveda e, naturalmente, sobre Benigno Álvarez. Un Bóveda que tamén sería lembrado

falar en galego na súas intervencións para todos os assembleístas, asistíndoo ao efecto un tradutor. Aliás consta que Álvarez pulaba pola creación do “Partido Comunista Galego” e a defensa do dereito de autodeterminación no marco do PCE.

²¹⁴ Jacques Froissart “Exterminio de la Familia de Benigno Álvarez” en *Nueva Galicia*, nº8, xullo, 1937. p. 5

²¹⁵ Soto, Luís, *Castelao, a U.P.G. e outras memorias*, Vigo, Xerais, 1983. p.231

²¹⁶ Xosé Gómez Gayoso, “Dos símbolos de unidad del pueblo gallego. Benigno Álvarez y Alejandro Bóveda”, en *Nueva Galicia*, nº4, 6/6/1937, p. 1

cando se reseña o labor na fronte bélica de Luís Bóveda Pérez, capitán da 5ª Brigada fiel á República. Sinálase “...este combatiente gallego ... es primo carnal de Bóveda, fusilado por los fascistas en Galicia... nombre que para nosotros hoy es ya un símbolo...”²¹⁷; sinalándose de Luís Bóveda que era un “... luchador infatigable. Fuerte, enérgico, vivo, saturado de rebeldía, en espera de la LIBERACIÓN de nuestra Tierra...”²¹⁸.

Un ano despois, nun texto inserido nesta mesma publicación no 19 de xullo do 1938, Xan do Sil –de quen descoñecemos a súa verdadeira identidade- escribe sobre os mártires galegos. Indica este autor que eles “...viven no noso pensamento... Bóveda, Benigno, Botana, Caridad Pita, Casal, Bilbotín, Miñones, Díaz Baliño... teñen conquerida a inmortalidade, porque vivirán na memoria dos galegos e só morrerán cando morra o noso pobo... [cómpre]... facer firme propósito de que a sua morte non sexa estéril... de que os seus fillos vivirán nun mundo mais nobre...”²¹⁹.

Por aquela altura o director da publicación sería Luís Soto, dado que Gómez Gayoso marchara na primavera á *Unión de Repúblicas Socialistas Soviéticas* (URSS)²²⁰. A presenza de Castelao nas páxinas desta publicación deixase notar espacialmente, incorporándose á mesma unha clara divulgación dos presupostos do nacionalismo galego republicano. Nesta orde de cousas, e primando a realidade económica galega, NG publicará parte da obra teórica de Alexandre Bóveda espaxada en diversos artigos e que noutrora dera base ás reclamacións en favor do Estatuto de Autonomía galego. Ao longo de varios números no ano 1938 NG publica un traballo que “...forma parte da súa grande obra. Adicado Bóveda ao estudo dos problemas económicos e fiscales de Galiza, iste traballo non era máis que un esquema de proieito que tiña preparado sobre a transformacion do sistema fiscal nunha futura Galiza autónoma”²²¹. Este traballo publicarase en cinco números consecutivos de NG desde o número cincuenta e oito, aparecido á altura do 9 de agosto do 1938.

²¹⁷ “Nuestros heroes”, *Nueva Galicia*, nº22, 17/10/1937, p. 4

²¹⁸ *Ibidem*

²¹⁹ “Mártires de Galiza”, *Nueva Galicia* nº46, Barcelona, 19/7/1938, p. 4

²²⁰ Martínez González, Xurxo, Luís Soto. A xeira pola unidade galega, Vigo, Xerais, 2011 p.69.

²²¹ “Forxadores caídos” en *Nueva Galicia*, nº48, Barcelona, 9/08/1938. p. 3. As palabras que aquí reproducimos penso que son de Castelao, que colaborará de maneira profusa en NG a

A participación de Castelao nas páxinas de NG, así como unha viaxe que viña de facer o nacionalista, inmediatamente antes do verán, á *Unión de Repúblicas Socialistas Soviéticas* (URSS) iría acrecentado a ‘sospeita’ de ser comunista. Oito anos despois destes feitos, o galeguista Xohán Xosé Plá referiríase desde Franza a esta cuestión en comunicación cos galeguistas do interior:

“O Sr. Castelao deixou de colaborar en *Nova Galiza*, órgano galeguista, para colaborar en *Nueva Galicia* órgano comunista. (...) A súa saída como axente de propaganda (...) entregándose a os comunistas que rexentaban (...) o ministerio de Propaganda e saíndo de Hespaña levando como Segretario ao Sr. Soto, escolante afiliado ao Partido Comunista ^{“222}”.

Unha maneira inxusta de cualificar a dinámica de Castelao naquela altura, cando a vontade do galeguista era procurar a presenza galega en toda iniciativa á que era chamado pola oposición aos sublevados golpistas, algo que conseguiu en boa medida en todo o seu exilio; aproveitando as viaxes que puido desenvolver neste tempo para radiografar a emigración galega e os núcleos de galeguistas que se foran asentando lonxe do país, de cara á súa posíbel coordinación. De feito, a viaxe que Castelao desenvolveu á URSS, fíxoa integrado nunha comisión oficial do goberno republicano, participando dos actos conmemorativos do Primeiro de Maio xunto a súa dona Virxinia Pereira e apresentando os seus debuxos de guerra (*Galiza Mártir*, *Atila en Galiza* e *Milicianos*²²³) a partir do 7 de maio na relevante Galería de Arte Occidental, sita en Moscova. Segundo indica Xesús Alonso Montero os distintos gobernos españois entre 1937 e 1938 fixeron o posíbel por agradecer a colaboración da URSS en favor da República española, polo que estiveron moi atentos en favor da súa participación en datas sinaladas para os soviéticos, caso do aniversario da revolución rusa, á altura do 7 de novembro,

través dun bo número de artigos.

²²² Cfr. Martínez González, Xurxo, *Luís Soto...* p.69

²²³ *Milicianos* sería o terceiro e último álbum de guerra de Castelao, editado en agosto do 1938 en Nova Iorque polo *Frente Popular Antifascista Galego*. En Moscova presentaríanse as dez ilustracións que compoñen o devandito álbum como primicia a partir dos debuxos orixinais do mesmo.

así como da celebración do Primeiro de Maio²²⁴. Ao fío do indicado, cómpre aclarar que Castelao non se cualificará ideolóxica e politicamente máis que ‘galeguista’ ou ‘nacionalista galego’, invocando como suxeito político o ‘pobo galego’, representado polas súas clases populares; algo que faría, igualmente, durante o tempo republicano, ao igual que o propio *Partido Galeguista*. Era un xeito de tentar agrupar arredor do vello PG, simbolizado pola súa persoa, a galeguistas de diferente tendencias dentro do republicanismo expatriado²²⁵.

Após a viaxe á URSS no 1938, aqueles que cualificaban a Castelao de comunista non daban conta da súa viaxe en xullo daquel ano aos Estados Unidos de América por encomenda do goberno republicano de Negrín e do que sabemos a partir de diversas fontes²²⁶. Desembarcaba Castelao no peirao 17 de South Street Seaport, Manhattan, o 26 de xullo daquel 1938. Aló tratou, abofé, con comunistas, mais tamén con anarquistas e republicanos sen adscrición partidaria que se intitulaban ‘antifascistas’. Castelao contactaría coa comunidade galega aló emigrada, reencontrándose, por exemplo, co agrarista Basilio Álvarez, o radical abade de Beiro, participando en Nova Iorque das actividades do *Frente Popular Antifascista Galego* e das antifascistas *Sociedades Hispanas Confederadas*, comandadas polos galegos Ramón Mosteiro e Xosé Castro. Os actos desenvolvidos pretendían dar conta da

²²⁴ Alonso Montero, Xesús, *Castelao na Unión Soviética*, Vigo, Xerais, 2012. pp.101 e 102

²²⁵ Con todo, non é menos certo que Castelao non se amosará contrario ao comunismo, segundo testemuñou en diversos escritos, observándolle elementos de interese e tomando para si a definición de nación do dirixinte soviético Stalin que integraría na obra *Sempre en Galiza* (1944) á que nos referimos na etapa do exilio americano.

²²⁶ Para alén da documentación do Fondo Luís Soto do Arquivo Provincial da Deputación de Ourense, temos as memorias editadas do propio Soto que aquí empregamos. Sabemos por estas que Castelao visitaría, sobre todo, o norte dos EE.UU. e, moi parcialmente, o sul. Para esta viaxe americana fora chamado Castelao polo goberno de Juan Negrín, e sabemos por Soto como acabou el acompañando ao nacionalista “... *grupos galegos que se atopaban no fronte do Ebro e en Barcelona, trocaron impresións uns cos outros e acordaron facer unha xuntanza na que discutiron e aprobaron que Castelao debía ser acompañado por outro galego que o puidese apoiar en tódolos sensos. A Comisión (...) propúxolle tres nomes para que escollese un deles como secretario (...). Castelao (...) explicou que non podía ir con ninguén dos propostos [...dado que] o labor que podían facer con el sería moi cativo. E engadiu: eu viaxaría complacido con Luís Soto*”, e así sería. Vid. Soto, Luís, *Castelao, a UPG e outras memorias*, Vigo, Galaxia, 1983. p.53-54.

cruza represora aquén terra e recadar cartos que axudaran á loita pola democracia. O primeiro acto de masas desenvolvido nos EE.UU. con Castelao, ao que acompañaría o comunista Luís Soto, desenvolveríase no campo de fútbol de Ulmer Park procurándose recadar diñeiro para a compra dun hospital móbil que levaría o nome *Galicia*, concitando a atención de miles de demócratas²²⁷. Neste tempo, Castelao editaría o seus 'debuxos de negros' e de chinos nova-iorquinos, contando cunha intérprete que o acompañaría xunto a Luís Soto a onde queira que fose. Era a galega nacida en Nova Iorque María Docampo Ramos²²⁸, quen traballaría na oficina de *Servizos especiais de Información Militar*²²⁹, máis adiante a norteamericana *Central Intelligence Agency* (CIA)²³⁰. Castelao marcharía dos EE.UU. a Cuba en novembro do 1938, onde desenvolvería a mesma dinámica que viña de protagonizar, ao servizo do goberno republicano, reuníndose igualmente coa colonia galega e expondo os seus estarrecedores debuxos de guerra. Sería alá onde se vería con Xerardo Álvarez Gallego, cuñado de Alexandre Bóveda, e onde participaría na publicitación da candidatura progresista ao Centro Gallego *Hermandad Gallega*, capitaneada polo propio Xerardo Álvarez Gallego²³¹, fronte a fascista (e gañadora, por certo) *Afirmación Gallega*. Regresaría Castelao cara Nova Iorque xunto a Luís Soto en febreiro do 1939 e aló saberían das duras novas que chegaban desde a Iberia, o que non lles restaría azos para seguir a traballar en favor da República a partir da colectividade galega emigrada a Norteamérica²³².

²²⁷ Martínez González, Xurxo, *Luís Soto...* p. 76.

²²⁸ O seu pai era de Bergondo e a nai de Oleiros.

²²⁹ González López, Emilio, *Castelao, propagandista da República*, Sada, Edicións do Castro, 2000.

²³⁰ Docampo Rodas sería asasinada en estrañas circunstancias no ano 1948, cando estaba de regreso na Galiza.

²³¹ Licenciado en Dereito pola Universidade de Santiago de Compostela, exercería como xornalista en Cuba, responsabilizándose da dirección de varios medios de comunicación, caso *Nosotros*, *Crónica de España* e *Voz de España*, figura da que tratamos máis adiante.

²³² En suma, Castelao e Soto terían base en Nova Iorque desde xullo do 1938 a xuño do 1940. Naquela cidade de rañaceos, diríanos como rematou a súa obra *Os vellos non deben namorarse*, para alén dos debuxos de negros e haitianos, así como o álbum *Milicianos*; expondo no outono do 1938 a súa obra na galería *Delphic Studios*.

A Galiza do momento ficaba *naquel tempo de apandar*²³³, en frase do galeguista Ramón de Valenzuela²³⁴, dominada polos golpistas e cunha resistencia armada que estaba a organizar. Con todo, na máis estrita intimidade o recordo (e a raiba) polos asasinados estaba ben presente. Sirva a este respecto o referido á familia de Alexandre Bóveda, que ben coñecemos. A viúva do secretario de organización do PG, Amalia Álvarez, os seus irmáns e a nai do galeguista, xunto aos cinco fillos -a máis pequerrecha nacida logo do asasinato de Bóveda, en xaneiro do 1937- procuraban activar a lembranza fóra da casa²³⁵. Así, Amalia iría rezar polo seu home cada 17 de agosto á pontevedresa Igrexa de San Francisco²³⁶. Unha data que naquela pequena vila sabíase dunha significación particular. Como nos ten dito Amalia Bóveda Álvarez, filla do que fora secretario xeral e de organización do PG, a compañeira do galeguista non sería a única que lembraba ao que fora líder con Castelao do *Partido Galeguista*: no cemiterio, diante da tumba de Bóveda, cada 17 de agosto aparecía ano tras ano un ramo de flores dun ou duns descoñecidos²³⁷.

²³³ Valenzuela Otero, Ramón de, *Era tempo de apandar*, Madrid, Akal, 1980.

²³⁴ Valenzuela fora membro da *Federación de Mocidades Galeguistas* durante a II República, así como do *Partido Galeguista*. A partir do golpe militar sería detido o 27 de xullo do 1936, sendo preso en Silleda. Aproveitando que os golpistas o sacan do cárcere, apésentase como voluntario para se integrar no exército sublevado e pásase ao bando legalista. En Barcelona reencóntrase cos compañeiros do PG, caso de Castelao, resistentes na capital catalá, integrándose na *Solidaridade Galega Antifascista*. Faría parte, así mesmo, do cuartel xeral comandado por Enrique Lister, chegando a ser transitoriamente secretario xeral e de organización do propio PG.

²³⁵ Ollar entrevista publicada en *La Voz de Galicia* o 21 de outubro do 1990, p. 31

²³⁶ Tal e como lembran Amalia e Xosé Luís, fillos de Alexandre Bóveda e Amalia Álvarez. Entendendo que nesta actitude estará a semente da celebración que daría en se chamar ao pouco 'Día dos Mártires Galegos'.

²³⁷ Semellante feito pasou con outros e outras asasinadas. No caso de Bóveda eran flores mais na Enseada da Bombardeira (na estrada de Pontevedra a Camposantos) eran cruces as que aparecían. Nove concretamente. Unha e outra vez aparecían esas nove cruces (dado que os falanxistas borrarían) lembrando a nove traballadores asasinados na curva que pasaría a se denominar "a volta dos nove", ollar Vilar Pedreira, Xosé Lois, "A vota dos nove: notas para unha historia da represión franquista no Val Miñor" in *Murguía, Revista Galega de Historia*, nº7-8 [monográfico *A Galiza de Ánxel Casa*], maio-décembro, 2005.

2.2.2.-Inicio do exilio alén mar

Os sublevados seguían a avanzar na ocupación de todo o territorio republicano. Tras un asedio de máis dun ano á cidade de Barcelona, o 1 de abril do 1939 as tropas sublevadas tomarían a cidade condal, proclamando o xeneral golpista Francisco Franco o remate da Guerra Civil con aquel último 'Parte de Guerra' no que se podía ler:

“En el día de hoy, cautivo y desarmado el ejército rojo, han alcanzado las tropas nacionales sus últimos objetivos militares. La guerra ha terminado”.

Coa entrada en Barcelona proclamaban as forzas sublevadas a súa vitoria. A esperanza dos lexítimos herdeiros do goberno republicano e da democracia, diante dunha intervención internacional en defensa do goberno lexítimo, para alén das *Brigadas Internacionais*, iríase apagando. Realidade que ficaría máis clara co inicio da II Guerra Mundial no mes de setembro daquel 1939, ocupando toda a atención da maior parte das potencias internacionais democráticas a loita contra o nacional-socialismo alemán, capitaneado por Adolf Hitler, abandonando o seu ollar o caso español diante do que se iniciaba unha longa ditadura militar.

Así, pois, iniciábase igualmente o longo exilio de miles de demócratas, esmorecendo en territorio peninsular aquelas meritorias publicacións, especialmente azoutadas polos fascistas, tal e como lembra Xosé Lois García:

“A morte anunciada de NOVA GALIZA, e doutras publicacións na Catalunya, acelerou-se cos bombardeos da aviación italiana sobre un amplo sector urbano, que incluía os lugares onde se redactaba e publicaba a revista”²³⁸.

Asístese á marcha de todas aquelas e aqueles demócratas que terían que se encamiñar cara o exilio alén mar, nun contexto no que, se ben con

anterioridade houbera xa claras mostras, sería diáfana a postura e fidelidade de cada quen con unhas ou outras posturas, coa democracia ou co fascismo. Destapábase a falta de compromiso co nacionalismo galego e a República, nuns casos, mesmo o colaboracionismo máis covarde co fascismo dalgunhas figuras, caso do xa referido Álvaro de las Casas; evidenciándose a loita total pola democracia, a lexitimidade republicana e o sentir patriótico galego de miles de demócratas, asasinados uns, caso de Víctor Casas, Ánxel Casal, Xohán Antón Suárez Picallo ou Alexandre Bóveda, que deran, como nos ten asinalado Avelino Pousa Antelo, “...o máximo que pode dar un polo seu país: a vida”; e exiliados outros, caso dos citados Daniel Rodríguez Castelao, Ramón Suárez Picallo, Antón Alonso Ríos, Elixio Rodríguez ou Ramón de Valenzuela, que pasarían importantes penurias, téndose que valer dos seus propios medios, ás máis das veces, para non padecer máis do que xa padeceran, sen practicamente cobertura algunha nesta altura e nun contexto trágico de grandes dimensións como o dado. Sería América do Sur onde se ubicaría este exilio, mais tamén norteamérica e, en menor medida, Europa.

A penuria dese tempo pode ser expresada perfectamente por Daniel Rodríguez Castelao, quen recorría á venda das súas obras para ir salvando o seu día a día e o da súa compañeira Virxinia Pereira (1884-1969)²³⁹, tal e como lle comentaba ao galeguista Lois Tobío Fernández -que ficaba no seu primeiro e breve exilio en Cuba²⁴⁰, previa marcha cara Uruguai- en carta de abril do 1939 logo de chegar aos Estados Unidos de América, onde exporía os seus celebrados álbumes de guerra:

*“...escribenme [exiliados galegos en Franza] pedíndome diñeiro.
Pedíndome diñeiro a min. Todos me escriben para que os axude. Pol-o*

²³⁹ Ambos contraeran matrimonio á altura do 1912. Terían un cativo, Afonso Xesús, nacido ao ano seguinte, que falecería no 1928 resultado dunha peritonite.

²⁴⁰ Onde impulsaría, xunto outros nacionalistas galegos, demócratas españois e cubanos a *Escuela Libre de la Habana*, cara setembro do 1939, inmediatamente antes de que Fulgencio Batista pasase de coronel-xefe do exército a presidente e ditador cubano, marchando Lois Tobío cara Uruguai, ao igual que outros nacionalistas, caso de López Dura cara México. *Vid. Tobío Fernández, Lois. As décadas de T.L.* . Edicións do Castro, Sada, A Coruña, 1994. p 463

*visto pensan que eu estou rico porque roubei o que pedín para Hespaña. Alá pagan aos deputados i-eu non cobreí un céntimo dende que saín d-alá (...). Eu non me queixo. Estou en New York onde atan os cans con chourizos. Está ben. (...). Eu aínda non sei como me vou gañar a vida. Coido que o Comité de Axuda de Washington me mandará a California en viaxe de propaganda e que terei ocasión de facer unha eisposición de dibuxos en Los Ángeles. Se os artistas de Holliwood se volven tolos e queren mercarmos poderei vivir algún tempo máis sen lavar platos n-un restaurant. Se durante este mes fracaso como dibuxante será mellor que pense en fuxir d-eiquí axiña. E ¿a onde irei? ¡Quen me dera ir a Bós-Aires!*²⁴¹.

Castelao, a diferenza de Picallo que marchará para Chile, acabaría exiliándose desde o verán do 1940 na capital da Arxentina, onde fixaría a súa residencia até o fin dos seus días. En Bos Aires Castelao sabía que se concentraba a maior colonia galega asentada fóra da Galiza, e que debiera ser obxectivo central o proselitismo no marco desta á hora de colleitar o galeguismo e o sentir autonomista unha dimensión relevante após a queda republicana. Castelao centraría os seus esforzos naquel exilio en favor dese proselitismo e a partir da lexitimidade que o resultado plebiscitario autonomista lle reportara ao galeguismo, procurando que fora finalmente aprobado nas Cortes españolas no exilio o documento referendado pola maioría do pobo galego. Cumpría, así pois, restablecer o diálogo co malferido goberno republicano retomando as demandas nacionalistas. Será esta unha realidade que abordamos monograficamente máis adiante, non sen antes reparar na resistencia armada ao que será a ditadura franquista e a presenza nacionalista galega na mesma.

²⁴¹ Rodríguez Castelao, Daniel. *Obra completa IV. Epistolario*, Vigo, Galaxia, 2000, pp.299-300

2.3.-Da reorganización armada: da ‘guerrilla’, e a presenza nacionalista galega nela, ao *Directorio Revolucionario Ibérico de Liberación (DRIL)*.

Unha vez os golpistas acabaran coa resistencia que nun inicio se lles presentara en xullo do 1936, imporían a súa orde. Como pano de fondo miles de asasinados, encarcerados, fuxidos e exiliados.

Aínda que o contexto era desolador, naquela primeira hora boa parte das e dos que fuxiran da barbarie tiñan o pensamento posto nunha final vitoria republicana. Para o caso de Ourense, realidade extensiva para case todo o rural galego²⁴², indicaba neste senso Julio Prada como “...a finais de xullo aínda continuaban agachados nos montes dos arredores de Ourense numerosos grupos en actitude de organizarse coa esperanza de que a rebelión militar fose prontamente sufocada polo Goberno da República”²⁴³.

Ao veren aqueles agochados que os golpistas non eran aplacados, ao contrario, boa parte deles desenvolverían un traballo de organización armada. Creábase a denominada guerrilla. Así, como lembraba o exiliado González Gómez Caridad, era esta realidade a última esperanza para reverter a realidade vitoriosa franquista, esperanza acentuada no marco da II Guerra Mundial, na que o obxectivo “...no podía ser outro que la resistencia a ultranza en espera de que la victoria de los aliados diera al traste con el gobierno franquista, pues con el ejército de la República vencido y el poder del nuevo régimen consolidado ninguna esperanza podía haber si esta victoria no se producía”²⁴⁴.

Como teñen marcado hai décadas Hartmut Heine e Bernardo Máiz, así como anos Víctor Santidrián²⁴⁵, esta realidade armada terá eminentemente

²⁴² É de interese a este respecto, tamén, ollar a obra de Souto Blanco, María Jesús, *La represión franquista en la provincia de Lugo (1936-1940)*, Sada, edición do Castro, 1998.

²⁴³ Prada Rodríguez, Julio, *Ourense, 1936-1939. Alzamento, Guerra e Represión*. Sada, Edicións do Castro, 2004. p.72

²⁴⁴ Gómez Caridad, Gonzalo, *Renacer de esperanzas. Memoria de Antón Dopazo en la Guerra Civil Española*, Venezuela, 2004. Facilitado polos seu fillo Gonzalo Gómez Freire. Disponíbel actualmente no portal web venezolano dirixido por este último: <http://encontrarte.aporrea.org/libros/1/16.html>.

²⁴⁵ Heine, Hartmut, *A guerrilla antifranquista en Galicia*, Vigo, Galaxia, 1980; Máiz, Bernardo, *Galicia na II República e baixo o franquismo*, Vigo, Xerais, 1988 p.94 e ss.; Santidrián,

carimbo do PCE. Con todo, non significa isto que na resistencia armada non houbera outros idearios e militancias presentes, nomeadamente anarquista e galeguista, así como socialista. A respecto dos galeguistas, unha cifra indeterminada de activos participaría na resistencia e loita armada fronte os facciosos. Entre estes podemos falar do concelleiro galeguista de Vilamaior Xosé Varela, que desde o 1936 até o ano 1941 estaría escapado no monte e participaría da guerrilla, actuando despois deste ano, e unha vez conseguira facer vida 'normal', como enlace da IV Agrupación²⁴⁶, ou do independentista galego Xosé Velo Mosquera, líder das *Mocidades Nacionalistas Galegas* (FMN)²⁴⁷, quen cara o 1943, e logo de ter sido amnistiado após a súa detención no 1936, facía parte do *Frente Libertador Galego* até a súa detención de novo no 1944. Igualmente cabe lembrar ao nacionalista Antón Arias "Clavel", 2º Tenente de Alcalde de Vilamartín de Valdeorras, veciño do comunista galego Santiago Álvarez. Sería dirixente da partida guerrilleira de Córghomo, da que facían parte a finais de 1938 sete membros -segundo informe asinado en Marzo de 1939 polo militante comunista refuxiado en Barcelona Manuel Piñeiro-. Arias ocupara desde 1932 até o golpe militar a presidencia do *Partido Galeguista* en Vilamartín, onde a organización referencial do nacionalismo contaba cunha afiliación próxima aos cento sesenta militantes, especialmente elevada. Antón Arias 'Clavel' sería fusilado no Outono do 1940, adicándolle no exilio o seu veciño Florencio Manuel Delgado Gurriarán²⁴⁸ un poema, ao igual que a Segundo García e Alexandre Bóveda no *Cancioneiro da Loita Galega* (1943). Semellante foi o caso de Uxío del Valle, membro do Comité executivo do *Partido Galeguista* en Viveiro, na mariña luguesa, e membro do grupo guerrilleiro encabezado polo anarquista galego Xosé Neira Fernández. Del Valle sería asasinado no monte con outros compañeiros no marco dun enfrontamento armado a finais do 1937, tal e como asinala Carlos Nuevo

Víctor, *Historia do PCE en Galicia (1920-1968)*, Sada, Edición do Castro, 2002 p.253 e ss.

²⁴⁶ Máiz, Bernardo, *Galicia na II República e baixo ...*, op.cit., p.184-185

²⁴⁷ Reconversión da *Federación de Mocidades Galeguistas* na súa asemblea do verán do 1936.

²⁴⁸ Gurriarán lograría escapar do Golpe militar reaccionario , cruzando a raia con Portugal . Marcharía desde aló a Franca e, de seguido, a Barcelona, reencontrándose no 1938 na capital catalá con outros militantes galegos, caso de Castelao.

Cal²⁴⁹. Do devandito grupo de Neira farían parte máis activistas da agrupación local do PG de Viveiro, vila na que os nacionalistas serían hexemónicos. E poderíamos sumar outros militantes do nacionalismo galego, caso de Mariano Otero Castelao (1909-1976)²⁵⁰, integrante en Franza da *Unión Nacional Española* (UNE), creada no verán do 1942, da man do exilio comunista²⁵¹; organización que nacía en apoio á resistencia armada francesa e con intención de desenvolver a acción guerrilleira en territorio ibérico. Ou Manuel Gómez Varela, referenciado por Francisco Redondo Abal²⁵² do que dera conta Máiz²⁵³, que naquel tempo de desercións e loita desigual fronte á barbarie fascista, optaron pola entrega en favor dunha democracia que estaba a ser ferozmente roubada, onde o agrarista Antón Alonso Ríos, noutrora parlamentario galego, optaría por escapar dun asasinato ben seguro. O veterano combatente galeguista resistiu nunha das últimas rexións galegas en ser ocupadas polos sediciosos, o Baixo Miño, onde aínda se celebraríase o Día da Patria Galega, afirmando:

"O domingo, día 26, voltaron os rebeldes. Chegaron en tren. O Comandante do 'Cabo Fradera' informárame que estaban prontos os dez números que debían participar na defensa. Os carabineiros e os paisanos e obreiros dispúñanse ao ataque á estación do tren, onde estaban a desembarcar os rebeldes. Nese intre, o capitán de carabineiros faloume aparte:

-Onte fixemos un bo papel; mais hoxe non temos balas, e o fusil sen balas val menos que un pau (...)". Ao día seguinte, en base a falta de armamento co que tentar aplacar aos golpistas, a resistencia dispersárase entre o Monte Aloia, Treba..., decidindo entregarse parte destes; unha entrega que malia ser acollida de partida polos sublevados, estes *"... os moi asasinados, cando os tiveron moi perto, varréronos coas ametralladoras"*²⁵⁴.

²⁴⁹ Pereira, Dionísio, *Os Conquistadores Modernos*, A Nosa Terra, Vigo, 1992.

²⁵⁰ Galeguista de tendencia comunista, curmán de Daniel Rodríguez Castelao.

²⁵¹ Santidrián Arias, Víctor M., "Política do exilio" in *Actas do Congreso Internacional "O exilio galego"*, Compostela, Consello da Cultura Galega, 2001, pp.130-133

²⁵² Redondo Abal, Francisco Xavier, *Botarse ao Monte. Censo de guerrilleiros antifranquistas na Galiza (1939-1965)*, Edicións do Castro, Sada, 2006, p.78.

²⁵³ Máiz, Bernardo, *Resistencia, guerrilla e represión*. Vigo, A Nosa Terra, 2004, pp. 110-124.

²⁵⁴ Alonso Ríos, Antón, *O Señor Afranio*, Vigo, A Nosa Terra, 2006, p.53-55.

Un outro caso que traer aquí a colación é o da evolución dun home de ampla formación castrense como Xosé Fernández Vázquez, que evolucionaría desde o socialismo ao nacionalismo galego, pasando pola súa militancia comunista. Este tamén tería unha importante presenza naquela resistencia. Logo de estar apartado da carreira militar, volvería á súa profesión por petición do Ministerio de Guerra republicano. Unha vez é chamado a se mobilizar en xullo do 1936, Xosé Fernández é ascendido a tenente de navío para se facer cargo da defensa da Ría e bisbarra de Arousa da que era natural. Podemos seguir a súa traxectoria naqueles anos e máis adiante a través duns datos biográficos aínda inéditos recollidos, facilitados polo investigador Xurxo Martínez Crespo, da man de declaracións e escritos do fillo daquel militar e guerrilleiro, o fotógrafo Federico Fernández Ackerman. Nesas apuntamentos achegámonos á defícil tesitura que tiveron que encarar as e os demócratas naquel tempo, exemplo dunha “... *loita desigual, perdida irremisibelmente de antemán*. [Onde abondaban] ...*as covardías, defeccións e incertezas de certas institucións armadas*, [levando, na maior parte dos casos,] ...*a resistencia ao fracaso*”. Realidade diante da que Fernández Vázquez non se renderá, procurando “...*o que non consegue coas súas forzas regulares ... cun grupo de civís...*”. Isto acontecería cando Xurxo Fernández dera cunha organización miliciana que tentaba axir para facer fronte á reacción fascista nos montes arousáns; aproveitando o que fora alferez de navío o seu coñecemento militar, así como xeográfico da zona. Botando man de amizades e coñecidos cos que sabía podía contar de cara a artellar a necesaria ofensiva resistente, desde o 2 de agosto do 1936 pasaría o arousán á loita guerrilleira, na que sería coñecido como ‘o Noé’, chegando a organizar a preto de medio cento de homes e mulleres que manterían “... *meses de constante e arriscada acción nas montañas do Barbanza [levando a loita, mesmo]... até as praias da ría de Arousa...*”, en duros combates abertos contra a reacción. Eses combates foron reducindo este grupo armado guerrilleiro. Con todo, foron golpes certos os que se deron contra os golpistas; e é que, de feito, semella que Fernández Vázquez, xunto a sete

homes do seu comando, chegaría a tomar un destrutor francés C-42 fondeado en augas vilagarciás²⁵⁵. A resistencia armada para o Noé volvería encadrarse nas forzas regulares republicanas, intervindo en Valencia unha vez rota a súa agrupación guerrilleira na Galiza.

Como observamos, máxime a través deste último exemplo, o sentir patriótico galego tiña unha presenza transversal en moitos daqueles activistas, non necesariamente circunscrita ao PG republicano, por outra banda esfarelado por completo, inexistente na práctica organizativa. Distinto é o sentimento galeguista que fora articulándose en parte da poboación galega; realidade esta que nos ten aseverado o veterano guerrilleiro *Quico*, falando da exemplaridade da realidade guerrilleira galega:

“O movemento guerrilleiro de León-Galiza foi a primeira guerrilla de España, e a que lle deu o modelo ás outras: orgánico, de regulamentos... E na guerrilla foi onde vin as mellores dotes de humanismo, compañeirismo, solidariedade, camaradería... Hai que dicir que, en Galicia e León, as mulleres e os nenos xogaron un papel determinante. As mulleres non eran meras auxiliares ou noivas dos guerrilleiros. Nuns pobos había apoio dunhas cantas casas, e noutros, todo o pobo estaba coa guerrilla. Apoiar o movemento guerrilleiro era un xeito de recobrar a adhesión á República, á liberdade...”²⁵⁶.

Afirmando, aliás, *Quico* como boa parte dos guerrilleiros galegos, incluídos os que coma el proviñan do Bierzo, mesmo da Asturias *galaica*, tiñan unha consciencia de que na Galiza estaban nunha outra nación que non era España e que o galego era idioma propio da terra que pisaban²⁵⁷, téndose radicalizado esa postura como reacción ao españolismo golpista que reaxira fronte á esquerda, mais fundamentalmente fronte o nacionalismo

²⁵⁵ Estes, logo deste golpe, marcharán para Noruega apoiados por anti-salazaristas portugueses.

²⁵⁶ Dopico, Motse, “A guerrilla de Galiza-León foi froito da espontaneidade dun pobo democrático... Conversa con Francisco Martínez López, *Quico*” in *Murguía, Revista Galega de Historia* nº17-18, 2009, pp.129-133

²⁵⁷ Conversa con Francisco Martínez López, *Quico*, A Coruña, 17/01/2009.

galego, vasco e catalán, unha realidade que durante os anos seguiría a se dar. Nesta orde de cousas, nun informe dun PG reconstituído por aquelas datas, e do que máis adiante trataremos con vagar, aseverábase como a CNT nos inicios do ano 1945 viña de deixar de ser unha 'organización sindical apolítica', para ser na Galiza "...unha forza política de carácter netamente galeguista, compartindo con nosco a defensa dos principios fundamentaes do noso ideario: autonomía galega, federalismo republicán, irmandade espiritual, etc."²⁵⁸.

Naquel contexto, no que aínda estaba a se librar a escala internacionalismo a II Guerra Mundial, diversos militantes nacionalistas galegos combaterían fronte o fascismo internacional. Este sería o caso do controvertido Xohán Xosé Plá Fernández, afiliado ao *Partido Galeguista* no 1932 e secretario desta formación en Viveiro cara o 1936. Escapado do golpe militar reaccionario do 1936, Plá chegara a Barcelona onde faría parte da *Solidariedade Galega Antifeixista*, organización que pasaría a coordinar Elixio Rodríguez, unha vez este se salvara da prisión a que fora sometido a primeira hora en Celanova.

Plá mantería longas conversas na capital catalana cos galeguistas aló asentados, nomeadamente con Castelao e Dieste, núcleo central da revista 'antifeixista' *Nova Galiza*. No 1939, unha vez os golpistas tomaban Catalunya, Xohán Xosé Plá Fernández marcharía para Franza, asentándose na pequena vila de Montauban, xunto outros exiliados. Ao pouco integrárase na resistencia armada gala fronte a ocupación nazi, até que cara mediados da década dos '40 volvería ao traballo político ligado ao PG -que se estaba a reconstituír na Terra-, tempo no que facía parte do servizo de intelixencia do *Partido Nacionalista Vasco* (PNV), algo do que páxinas adiante trataremos brevemente. Daquelas xa a relación con Castelao e os exiliados galegos en América de especial relevo sería, francamente, pésima.

A postura de Castelao e desoutros exiliados galeguistas asentábase arredor dunha lexitimidade histórica con epicentro no plebiscito de autonomía

²⁵⁸ Castro, Xavier (ed.), *Castelao e os galeguistas do interior. Cartas e Documentos, 1943-1954*, Vigo, Galaxia, 2000.p.125

do 1936, así como dun traballo e militancia nos anos trinta que levara ao galeguismo a unha elevada introdución social, para alén dunha certa representatividade institucional. Estes acreditaban naqueles difíciles anos nas intervencións diplomáticas e as relacións político-gobernamentais, fronte o apoio á resistencia armada, ao igual que os galeguistas que ficaban no interior, e que tentaban o proselitismo a pequena escala a partir dun labor político e, sobre todo, eminentemente cultural a partir da segunda metade do século pasado. É mesmo coñecida algunha frase certamente desafortunada de Castelao ao respecto²⁵⁹, sendo certo que nen uns nen outros respaldarían de xeito explícito e firme a resistencia e loita armada. Ora, isto non significa que non houber recoñecemento algún daquela realidade.

Coincidindo co asasinato do guerrilleiro Manuel Ponte Pedreira cara abril do 1947, o periódico *A Nosa Terra* dábase eco dun telegrama oficial español relativo á queda de varios activistas, un deles da CNT nas proximidades da capital galega:

“...un telegrama datado en Madrid anuncia que nos arredores de San Iago de Compostela, dous “bandidos” foron mortos e outros dous feridos nun encontro coa Garda Civil e unidades do exército. Non fala das baixas que houbo antre os feixistas; pero é de supoñer que algunha habería (...). Os mortos son –continúa o telegrama- Norberto Castillo Giménez , “xefe do segundo grupo de resistencia nacional”, e Manuel de la Maza, a quen as autoridades identifican como dirixente da organización clandestina da Confederación Nacional do Traballo. Como se ve os “bandidos” resultaron ser dous valentes defensores da República”²⁶⁰.

²⁵⁹ Castelao refírese a mediados da década de '40 aos guerrilleiros como 'lobos montesíos'; ora, pensamos que a expresión é propia dun intre de desánimo que non representa a dimensión e valor que para o líder nacionalista galego cobra a resistencia antifranquista desde primeira hora, por moito que a pegada escrita que deixou Castelao parece indicar que confiaba, máxime após o 1939, por riba de todo na intervención diplomática ou militar internacional diante do conflito.

²⁶⁰ N.R. “Aitividades dos Guerrilleiros Galegos” in *A Nosa Terra*, Abril 1947 nº455, p.6. Sinalar que existiron dous números 455 de *A Nosa Terra*, editados no exilio; o que vimos de sinalar

Esta valorización casa co feito de que, aliás, boa parte dos guerrilleiros galegos, maioritariamente de extracción popular, eran galego-falantes e contrarios das proclamas españoleiras dos franquistas, cousa que contribuía a tomar ou reforzar, segundo o caso, consciencia (nacional) galega, para alén de proletaria; mesmo os guerrilleiros que eran foráneos tamén asumirían a identidade galega, tal e como aseveraba noutrora o xa finado guerrilleiro *Moncho Balbís*:

“...entre nós, os de Abegondo, Ares, Mugar dos, Pontedeume... ¿que iamos falar? Falabamos sempre en galego, e, claro, en galego falabamos tamén cos enlaces. Este é natural. E xa que mencionei a Sevil²⁶¹, quero engadir que era un namorado de Galicia; comezaba a falar en galego coma nós...”²⁶².

Esta é unha cuestión da que nos ten falado Francisco Martínez, *Quico* e que ten a ver, mesmo, coa simbiose dada entre a resistencia dos guerrilleiros que facían do monte o seu cuartel, con aquela que estaba ao pé das corredeiras e as rúas. *Quico*, nesta liña, ten afirmado en numerosas ocasións como *“...hai que rematar con esa imaxe romántica e diabólica do guerrilleiro condenado a vivir en covas no monte, illado de toda relación política ou social. Nós durmiamos case todas as noites baixo teito, había moita xente que nos axudaba e daba cobixo e alimento”²⁶³*. Unha idea na que insistía profusamente un outro vello guerrilleiro, Francisco Rey Belvís, *Moncho*, que indicaba *“... temos que partir do feito de que a guerrilla é o pobo (...) aínda a xente con máis medo, os sectores máis ignorantes (...) menos politizados (...) estaban na nosa banda (...). A colaboración do pobo era múltiple (...) dirixímonos sempre a familias pobres, pequenos campesiños ou xornaleiros. Dábannos leite, pan, manteiga. (...) A algúns enlaces dabámoslle*

e un outro tamén de abril do devandito ano.

²⁶¹ José Sevil era un guerrilleiro asturiano que ficaba naquela altura na Galiza.

²⁶² Neira Vilas, Xosé, *Guerrilleiros*, Sada, edicións do Castro, 2006.

²⁶³ Martínez López, Francisco, *Guerrilleiro contra Franco. A guerrilla antifranquista de Galiza-León 1936-1951*, Vigo, A Nosa Terra, 2006.

*cartos por adiantado para que nos mercasen roupa, conservas, menciñas...*²⁶⁴.

A partir do 1945, co remate da II Guerra Mundial, unha nova orde vai ser construída. Os Estados Unidos de América (EUA) van saír especialmente reforzados do proceso bélico, imposibilitando no marco europeo, e para alén das medidas aplicadas a Alemaña nacional-socialista, que na Península Ibérica o fascismo fose derrubado cunha intervención internacional que coincidiría coa reorganización na Galiza dun galeguismo nucleado, tal e como páxinas adiante se verá, arredor do noutro membro da *Federación de Mocedades Galeguistas* Ramón Piñeiro. Ao contrario, andando o tempo a ditadura dará pasos que contribuirán a que a potencia norteamericana, erixida en xuíz (e parte) a nivel internacional, a recoñeza con normalidade; realidade que se materializará na aceptación daquela España por parte da *Organización de Nacións Unidas* (ONU) no 1955 –despois de ter condenado dez anos antes ao rexime fascista-. De inmediato, así mesmo, os propios EUA farán o mesmo a través de Dwight David Eisenhower, primeiro presidente norteamericano que visitaría oficialmente o Estado franquista español após o golpe militar reaccionario. Obviamente estes achegamentos procuraban a conformación dun forte bloco anticomunista no marco europeo, para alén de internacional.

2.3.1.-Da *Unión de Combatientes Españoles* ao *Directorio Revolucionario Ibérico de Liberación*.

Cando isto acontecía estaba a se fraguar unha nova etapa da resistencia armada ao fascismo con importante presenza galega e galeguista. Unha resposta antifascista cun organigrama acentuadamente galaico-portugués, que pasaría a se denominar *Directorio Revolucionario Ibérico de Liberación* (DRIL). Esta organización tería na súa inspiración e deseño a Xosé Velo Mosquera á calor da revolución cubana; a partir da que xa creara Velo no 1958 a *Unión de Combatientes Españoles* (UCE), xunto outros nacionalistas como Julio Formoso (1912-1978) e na que se integrarían non só

²⁶⁴ Neira Vilas, Xosé, *Guerrilleiros*, Sada, Edicións do Castro, 2006, 3ªed, pp.66.

galegos e portugueses, tamén demócratas españois. Ao non verse factíbel o manter no tempo a UCE²⁶⁵, Velo impulsaría o DRIL, sendo central no aspecto militar o seu contacto co guerrilleiro Xosé Fernández Vázquez, alcumado noutrora, como se marcou, *Noé*. Este fora militante até había pouco do *Partido Comunista Español* (PCE) e viña de facer parte da resistencia francesa fronte o goberno colaboracionista de Petain e a ocupación nazi. Xunto a outros galegos, caso de Manuel Castro Rodríguez, tenente coronel do Estado Maior de Franza ou o guerrilleiro José García Acevedo, chefe, aliás, da Primeira División do XIX Exército, entre outros e outras resistentes, Xosé Fernández tería sido detido e torturado pola Gestapo, acabando en Auschwitz. Se ben após a volta a liberdade no 1945 cabía pensar que optaría por un descanso merecido, o certo é que *Noé* volveu con forza á militancia político-armada activa. Aí é onde se organiza, abríndose a fenda que o iría distanciando do PCE, a partir da militancia na efímera *Fronte Nazionalista Antifeixista Galega*, chegando a ser secretario xeral da *Agrupación Militar Republicana*.

Trás fortes discrepancias co PCE, no 1958 daríase de baixa deste partido Fernández Vázquez, segundo a documentación facilitada por Xurxo Martiz, nomeadamente “...por non estar de acordo coa súa liña política de reconciliación nacional e o fracaso da chamada folga nacional de xullo de 1959”, para alén do seu crecente sentimento nacionalista galego. O ano no que se daría de baixa o veterano militar será no que se integraría no recién creado DRIL, do que tamén sería activo o tamén nacionalista galego Mariano Otero Castelao e Julio Formoso –que xa marcamos fixeran parte en Franza da *Unión Nacional Española*-, responsabilizándose este último das relacións entre este grupo e a prensa²⁶⁶.

O relevo do nacionalismo galego na creación e desenvolvemento do DRIL é ben obvia e dela tivemos un outro testemuño de primeira man. Antón

²⁶⁵ Na *Unión de Combatentes Españois* (UCE) habería nacionalistas galegos, anarquistas e vellos comunistas, dándose discordias na liña a seguir. Será da UCE e dos restos da *Fronte Única Democrática Española* (FUDE) de La Habana, moi semellante a aquela, nacería o propio DRIL baixo deseño de Pepe Velo.

²⁶⁶ Martiz Crespo, Xurxo, *Galiza en Dominicana, Nicaragua, Panamá e Venezuela*, Compostela, FESGA, 2007. p.98-99

Moreda (1934-2010)²⁶⁷, nacionalista asentado naquela altura en Bos Aires, tennos asegurado que diante da presenza de Velo no *I Congreso da Emigración Galega*, desenvolvido na capital arxentina no 1956, o celanovés lle tería proposto organizar a el e outros mozos galeguistas alén mar unha guerrilla inspirada na experiencia insurxente cubana.

Sexa como for, aqueles mozos non se integrarían naquela iniciativa armada antifascista, mais esta existiría igualmente representaría un novo episodio da resistencia armada contra a ditadura franquista e en favor da democracia no noso país e o conxunto da Península Ibérica, na que o nacionalismo galego, xa que logo, tería unha presenza senlleira. Unha presenza e referencialidade que se visualizaba na secretaria xeral do *Directorio*, que caería sobre Xosé Velo Mosquera, xunto ao antifascista portugués Henrique Galvão e Humberto Delgado. Velo sería quen lle poría a Xosé Fernández o alcume de “Xorxe Soutomaior”, chamándose a si mesmo “Carlos Xunqueira de Ambía” ou “Jurado A”, diante da acción político-militar máis chamativa do grupo, cal foi a ocupación e secuestro do Transatlántico *Santa María*, rebaptizado como ‘Santa Liberdade’; operación na que tamén participaría o recentemente falecido Federico Fernández Ackermann (1939-2014)²⁶⁸, fillo do propio Comandante Soutomaior.

Era aquel o tempo no que o galeguismo exiliado perdera ao seu máximo expoñente: Daniel Rodríguez Castelao; e no que os galeguistas de aquén mar, do *interior*, perfeccionaban aquela súa rearticulación dos anos corenta²⁶⁹, fundando a súa plataforma referencial: o selo editorial *Galaxia*. Ambos feitos acontecidos no 1950. Este último galeguismo estaría nucleado arredor de figuras como Francisco Fernández del Riego ou Xaime Illa Couto,

²⁶⁷ Activista da *Irmandade Galega* (IG) desde o ano 1953 e do que tratamos, páxinas adiante, ligado ao galeguismo no exilio en maior medida.

²⁶⁸ E que nos ten referenciado en diversas ocasións o investigador Xurxo Martiz Crespo. Pódese ler na seguinte ligazón a lembranza que fai este autor do seu amigo Federico Fernández: <http://www.sermosgaliza.com/opinion/xurxo-martiz-crespo/in-memoriain/20140212172631024097.html>, revisado con data 10/03/2014.

²⁶⁹ Operada decididamente desde 1945.

tendo a Ramón Piñeiro como o seu deseñador e artífice organizativo xunto ao médico compostelán Domingo García-Sabell (1909-2003)²⁷⁰ e tendo a galeguistas como Álvaro Xil Varela (1905-1980)²⁷¹ entre os seus mecenas.

Nesta altura nen o groso do exilio, nen os galeguistas do interior, se sumarían á vía armada, como vimos, en contra da ditadura franquista. Para o caso do interior podemos afirmar que aquel galeguismo que se relanza timidamente en pleno franquismo baixo a reorganización de Piñeiro, amósase desde un primeiro momento en contra desta vía –de aí que non se sumaran, nen colaboraran, cos galeguistas que participarían da guerrilla-. As prioridades pasaban por volver entrelazar aos galeguistas que escaparan da barbarie franquista e quedaran na Terra. Segundo ten afirmado Miguel Barros, autor da monumental tese sobre a controvertida figura do propio Piñeiro, o lugués tería “...*moi claro o concepto de presentismo político. Nos anos corenta é consciente de que a idea que quedara na oposición clandestina de todo o Estado era que Galiza caera en mans dos nacionais sen dar un só tiro. Para superar esa clandestinidade comeza a reorganizar os escasos colectivos galeguistas que quedaran: os Álvarez, Fernández del Riego, Marinhas del Valle...*”²⁷². Aliás, o galeguismo do interior estaba presidido por un anticomunismo que se fixera máis patente logo da II Guerra Mundial. Experiencias como o DRIL, inspiradas en boa medida en revolucións como a cubana e os denominados ‘movementos de liberación nacional’ no

²⁷⁰ Quen se afiliara no 1936 ao PG a partir da campaña en favor do Estatuto de Autonomía. Valeríalle esta afiliación ser preso diante do golpe militar daquel ano, no campo de concentración e traballo de Lavacolla (Compostela).

²⁷¹ Preso xunto a Alexandre Bóveda e Víctor Casas en Pontevedra ao inicio do golpe militar do 1936 pola súa militancia galeguista, librando *in extremis* de ser executado como os dous primeiros.

²⁷² Entrevista que realizou Marcos S. Pérez a Miguel Barros, autor da tese *Ramón Piñeiro, o Partido Galeguista e o revisionismo nacionalista* (Galaxia, 2009) para o desaparecido portal Vieiros 4/01/2009, <http://www.vieiros.com/nova/71132/o-bng-da-acollida-a-persoas-dunha-fasquia-ideoloxica-moi-semellante-a-de-pineiro>. De grande interese para toda esta realidade as seguintes obras: Barros, Miguel, *Ramón Piñeiro e a revisión do nacionalismo : 1943-1981*, Vigo, Galaxia, 2009. ; Velasco Souto, Carlos, *Piñeiro e o Piñeirismo em perspectiva histórica*, Ames, Laiovento, 2009 e Garrido Couceiro, Xoán Carlos, *Piñeiro contra Castelao, Castelao contra Piñeiro : na loita antifranquista do galeguismo*, Vigo, A Nosa Terra, 2009.

Terceiro Mundo, maioritariamente de tendencia comunista, acreditarían na *violencia revolucionaria*, algo que non sería do agrado ideolóxico (para alén do práctico) destes galeguistas, moi lonxe destas posturas. Así, Barros dános a explicación da separación entre Ramón Piñeiro e aqueles a partir de tres puntos, de interese para saber do ollar deste ao respecto: “...*en primeiro lugar, el [Piñeiro] era un humanista, cría no home e na súa liberdade; despois afastábao o desprezo que o marxismo fai das nacións sen historia; e en terceiro lugar, Piñeiro vivira a violencia da guerra civil ...*”.

Neste contexto aquel galeguismo do interior non destaca, como dicimos, por colaboración algunha coa resistencia armada. O epistolario conservado dos activos deste novo galeguismo dá mostras do escaso interese, cando non antipatía, por este tema; ficando aqueles galeguistas do interior lonxe do proxecto que representaba o DRIL, ao igual que anteriormente a guerrilla dos primeiros anos da ditadura franquista. A vía armada iría esmorecendo co envellecemento dos seus principais ideólogos e artífices, acabando boa parte destes nun seu segundo exilio americano en São Paulo, como veremos cando nos refiramos a Xosé Velo Mosquera no que fora o seu primeiro exilio en Venezuela.

Segundo vai pasando o tempo vaise ollando máis lonxe a restauración do goberno republicano. Podemos dicir que esta postura é un trunfo máis do franquismo que non só fisicamente, tamén política, ideoloxicamente e psicoloxicamente, vence á maior parte da militancia galeguista do interior, así como, por extensión, a maior parte da comunidade democrática, que ven normalizado o *franquismo*, refrendado a escala internacional, cos Estados Unidos de América (EUA) á cabeza, como dixemos, nun clima internacional no que imperará a loita do capitalismo contra o comunismo. É o tempo posterior á II Guerra Mundial e no que se desenvolverá a Guerra Fría (1948-1991) que terá como protagonistas centrais aos EUA e a Unión de Repúblicas Socialistas Soviéticas (URSS).

IIº CAPÍTULO.

A reconstrución galeguista no exilio: da realidade europea e a vizosa vertebración americana.

3.-DO EXILIO E REALIDADE EUROPEA.

3.1.-Europa, unha presenza simbólica.

A presenza galeguista en Europa será minúscula de facermos unha comparanza co conxunto do fenómeno exiliado. Ora, terá esta desde o triunfo final das tropas alzadas contra a legalidade republicana un relevo cualitativo a termos presente simbolizado polo galeguista Xohán Xosé Plá Fernández (1906-?). De tal xeito que o galeguismo exiliado tomará presenza en Europa, alén Pirineos, a modo de enclave político de alcance, ligado, sobre todo, aos gobernos españois republicanos alá asentados co tempo.

Será na Franza onde o galeguismo após 1939 comece a ter unha organización de certo alcance cualitativo para o caso europeo. Cualitativo pola cercanía a eses gobernos e á toma de decisións relativas á realidade española, así como a do resto do continente, coa meta aínda presente da aprobación por aquelas datas dun Estatuto de Autonomía que pasara os primeiros dous chanzos que marcaba a Constitución republicana, á falta dun terceiro que a guerra non deixara completar²⁷³. Había que estar, xa que logo, perto das autoridades españolas que eran as depositarias dunha soberanía que Galiza, entendía o galeguismo, tiña que exercer como nación de seu antes que despois. Unha cuestión a nacional especialmente latente por aquelas datas polo continente europeo adiante e que en latitudes non tan distantes para os galeguistas estaba a se abordar, resolvéndose na altura ao ver do *guieiro* do galeguismo:

*“Manifestounos Castelao naquel intre, que o problema das nacionalidades seguía sendo un problema difícil en tódolos países do mundo, pro que fora resolto definitiva e satisfactoriamente na Rusia Soviética”*²⁷⁴.

²⁷³ O primeiro e segundo chanzo foran as celebracións exitosas dunha Asemblea de Concellos e un Plebiscito, nos que as cifras oficiais manifestaban un arroupe maioritario por parte da sociedade galega á causa autonomista. Dous trámites que unha vez superados daban o visto e prace de cara a someter a debate parlamentar o articulado estatutario galego.

²⁷⁴ Soto, Luís, *Castelao, a UPG...*, Op. Cit., p.45

Porén, lembremos que estamos nun contexto no que se desenvolvería a II Guerra Mundial (1939-1945), con epicentro belicista na Alemaña hitleriana e a partir da que, malia que brevemente, unha nova orde reinaría. Temas como a loita pola *liberación nacional* de países minorizados, quedarán subordinados diante da loita contra o nazismo e o fascismo internacional. Será este un argumento que contribuiría a demorar a toma en consideración, para o caso goberamental español en particular, a finalización do proceso estatutista galego, cando xa estaba funcionando plenamente, após a conxelación do 1933²⁷⁵, o Estatuto catalán así como o vasco. Un tempo no que milleiros de demócratas -en número superior aos medio milleiro, dos que parte eran galegos-, acabaron en campos de concentración sitos no país galo, após a ocupación nazi daquel país, a partir do goberno colaboracionista de Vichy. Este feito, mantido ao longo de practicamente seis anos, fixo que aqueles que lograran salvar a vida fóra dos campos de concentración, na banda galega e galeguista, artellaran unha organización con sede en París que, fundamentalmente, tería como finalidade, tal e como ten afirmado a historiadora Isabel Gómez Rivas, á liberación dos e das presas en relación directa coa *Central Galega de Axuda á Frente Popular* de Bos Aires, integrada por Florencio Delgado Gurriarán, Ramiro Illa Couto, Germán Vidal, Rafael Dieste, Lorenzo Varela, Otero Espasandín, Xohán Xosé Plá, Severino Iglesias, Xohán López Durá, Manuel Moure Gómez, Carlos Tomé, Justo Couto, Isidro Puga Álvarez, Manuel López Mosquera, Manuel Díaz Cardama, Argentino Novo Romeo, Alfredo Caamaño Pato, José Sampedro Galdo, Manuel Cuenca Vázquez, José Maroño Riveira, Manuel Pérez Rañó, Emilio López Seoane, Amando López Rey, Arturo Souto, Jesús Silvela López, Luis Patiño Currás,

²⁷⁵ Derivada do goberno da CEDA xurdido das eleccións de novembro daquel ano; aquel que anularía a efectos prácticos o Estatuto catalán de Núria e todo o derivado daquel, nomeadamente a *Generalitat*, en canto goberno autónomo, e todo por este impulsado. Realidade que se mantería até as eleccións de febreiro do 1936 cano a nivel estatal español vencería a coalición *Frente Popular*, que contribúe a relanzar, como marcamos no primeiro capítulo, os procesos autonómicos de Catalunya, Euskadi e Galiza.

Tomás Camino Noriega, Manuel Fernández Márquez, Emerencia Patiño, Carlos Valenzuela, Domingo Mateo e Suceso González²⁷⁶.

A queda da Alemaña nazi no 1945, así como o fascismo italiano, darían unha esperanza aos demócratas europeos de cara ao remate do franquismo. Cataláns, vascos e galegos chegarían a ver posíbel un novo estadio favorábel á democracia ligado aos seus proxectos. Ora, dado que o destino francés será escollido por un número reducido de exiliados galeguistas, a *causa galega* non tería no país galo, como marcamos ao inicio en comparanza co caso americano, un aparello sobranceiro. Malia a súa cualidade, achamos casos moi heteroxéneos, ligados algún de xeito máis ou menos nidio co galeguismo organizado naquela altura, e mesmo no pasado, caso de Santiago Casares Quiroga, Manuel Portela Valladares, ou César Alvajar, Manuel Martínez Risco ou Xohán Xosé Plá, así como algúns dos anteriormente citados en favor dos presos e presas en campos de concentración. Coincidimos, pois, mais unha vez, con Isabel Gómez Rivas cando asevera que:

“Facer a historia deste exilio, tan heteroxéneo, esixiría tanto como reconstruí-la biografía dos seus protagonistas fóra de España e, no caso dos que non se afastaron definitivamente dos círculos da política no exilio, inscribila na historia das formacións ás que estiveron vencellados”²⁷⁷.

Nesta liña, lonxe esa reconstrución biográfica do propósito da presente Tese, imos tomar o caso pouco investigado do viveirés Xohán Xosé Plá, presentado por veces misteriosamente a partir das súas funcións como *informador*, como peza a partir da que achegámonos epidérmicamente a este

²⁷⁶ De grande interese son a este respecto as investigacións desenvolvidas por Isabel Gómez Rivas e Carlos Pereira Martínez. *Vid.* Gómez Rivas, Isabel, “O exilio galego en Europa: a delegación do Consello de Galiza en París” in *Actas do Congreso Internacional O exilio Galego*, Compostela, Consello da Cultura Galega, 2001, p.541-587 e Pereira Martínez, Carlos, César “Alvajar Diéguez e o republicanismo galego en Europa” in *Anuario Brigantino* nº25, Concello de Betanzos, 2002, pp.327-386

²⁷⁷ Gómez Rivas, Isabel, “O exilio galego...”, *Op. Cit.*, p. 551-552

exilio. En canto que este cadro do nacionalismo galego, que como vimos figurou entre a nómina de resistentes armados ao golpe militar a primeira hora en territorio peninsular, así como máis tarde incluído na loita en Franza contra o dominio nacionalsocialista alemán, terá unha destacada presenza no exilio, amplamente entendido, así como na reconstrución do tecido patriótico galego alén terra. Así Plá, tan controvertido como apenas investigado, sería durante anos un dos integrantes de maior interese do servizo de intelixencia vasco, comandado por José de Rezola, ao abeiro do *Partido Nacionalista Vasco* (PNV).

Facemos desta volta unha aproximación aos feitos de maior interese para a reorganización nacionalista galega, protagonizados nun inicio centralmente por aquel, de cara a completar este noso cometido e adiantando unha investigación de maior calado sobre esta figura, empregando fontes documentais inéditas²⁷⁸.

3.1.1.-Xohán Xosé Plá, o *Bloque Republicán Nazonal Galego* e o *Consello Nacional Galego*.

Se traemos aquí a colación a figura de Xohán Xosé Plá Fernández, farmacéutico de profesión, é polas relacións de alto nivel que mantería, como galeguista militante, con importantes membros da resistencia antifranquista galega, vasca, catalá e española asentada en Franza, así como en territorio peninsular; sumado ao feito de aparecer até mediados do pasado século vinculado a varios (potenciais) proxectos presumiblemente galeguistas erguidos alén Pirineos desde os finais dos anos '30.

O que fora secretario do *Partido Galeguista* en Viveiro no '36, exiliado no Sul da Franza, nomeadamente en Montauban, artellaría unha denominada *Irmadade Nazonalista* a finais daquela década; mantendo a partir da mesma

²⁷⁸ Parte das fontes aquí traballadas a respecto de Plá Fernández e o galeguismo en Franza, ubicadas no *Abertzaletasunaren Agiritegia/Arquivo do Nacionalismo Vasco* (Artea, Biscaia), e fornecidas amabelmente por Iñaki Goigana, teñen sido consultadas polo investigador Xoán Carlos Garrido Couceiro e empregadas en parte para a súa obra *Piñeiro contra Castelao. Castelao contra Piñeiro*, Vigo, A Nosa Terra, 2009.

contactos diversos cos galeguistas de aquén terra, nacionalistas vascos e comunistas españois. Esta Irmandade na práctica daría paso ao que se denominaría *Frente Liberador Gallego*, de inspiración patriótica galega e comunista e que contaría co voceiro *Galicia. Órgano del Frente Liberador Gallego*, editándose o seu primeiro número coincidindo co Día de Galiza de 1945. Podíase ler no seu primeiro editorial intitulado ‘Unidad, Lucha y Estatuto’:

*“...ha llegado la hora de llevar esta lucha hasta el máximo de sus posibilidades. Ha llegado la hora de barrer a Franco y su Falange de su reducto de crímenes, para crear una atmósfera de libertad, de paz y de trabajo para todos los gallegos, dentro del marco de todas las instituciones políticas de la República y dentro de las posibilidades que ofrece el Estatuto votado por nuestro pueblo con absoluta unanimidad”*²⁷⁹.

Naquela altura os nacionalistas vascos eran os que contaban coa radiografía máis completo do que aló acontecía en base aos seus servizos de información. Nunha carta que lle enviaría José de Rezola a Ramón Piñeiro, o vasco indicarlle ao galego que existían relacións entre os nacionalistas euskaldún, os galeguistas, así como destacados republicanos galegos:

*“Aquí existen contactos con Portela y con el Frente Liberador Gallego y algunos amigos nuestros tienen trato personal con Calviño. En cuanto a Portela lo encuentran bien dispuesto pero los contactos personales con este señor son un tanto difíciles porque vive por la parte de Lyon...”*²⁸⁰.

En favor dun sumatorio de efectivos superior ao cadro daquel *Frente Liberador*, este contribuiría á creación do *Bloque Republicán Nazonal Galego* (BRNG)²⁸¹, disolvéndose no mesmo. Nacía aquel *bloque* en coincidencia

²⁷⁹ Orixinal sito no *Arquivo do Nacionalismo Vasco*.

²⁸⁰ Carta de Rezola a Piñeiro datada o 6 de outubro do 1945. EBB 211-5 [Gallegos 145-146 (Piñeiro-Ramón-Santiago)], *Arquivo do Nacionalismo Vasco*.

²⁸¹ Organización que de inicio se intitularía *Bloque Republicano Autonomista Gallego*. Destacamos en negriña a diferenza substancial que se daría entre aquela (*Nazonal*) e esta denominación, a sumar ao idioma empregado (feito nada baladí). Probablemente a acepción final que levaría este bloque derivaría das xestións de Plá Fernández, dada a

nominal ao 'Bloque Nacional Vasco' que viña de se constituír tamén naquel exilio francés²⁸². Ora, en perspectiva histórica, asistimos a cambios nominais de realidades organizativas febles, a nivel práctico sen apenas relevo. O común denominador entre unhas e outras realidades organizativas, de claro valor simbólico, achamos ao noutrora directivo do PG de Viveiro Xohán Xosé Plá, mais desta volta pasaría a ter un papel central o destacado líder comunista, tamén galego, Enrique Líster²⁸³.

Para o caso do BRNG contamos con maior información que para o resto de efémeras organizacións anteriormente referidas. Aquel *bloque* formalizaría a súa creación na cidade de Toulouse no marco da denominada 'Conferencia de Unidad' que os galegos celebrarían entre o 21 e 22 de decembro do 1945 e na que participarían en calidade de comisión organizadora Manuel Portela Valladares (republicano independente)²⁸⁴, que pasaría a ser presidente da iniciativa, así como Santiago Casares Quiroga (Izquierda Republicana (IR)), Manuel Martínez Risco (IR), Manuel Varela Ferro (IR), Antonio Núñez Vázquez (IR), José García López (UR), César Alvajar Diéguez (UR), Luis Vázquez Rodríguez (PSOE), Placeres Castellanos (PSOE), Enrique Líster (PCE), José Antonio Paz (PCE), Luís Vidal (UGT), así como o propio Xohán Xosé Plá (PG)²⁸⁵. O BNRG estaría conformado non só por exiliados en Europa, colaborando outros asentados no norte de África²⁸⁶. No referido a obxectivos e táctica inmediata, sinalar que no punto terceiro, cuarto e quinto do seu documento fundacional podíase ler o que segue -por certo a partir dun cambio de denominación, *Bloque Republicano Autonomista Gallego* (BRAG), que

adjectivización *nazonal* posta a todos os organismos e entidades que impulsou.

²⁸² Heine, Hartmut, *La oposición al franquismo de 1939 a 1952*, Barcelona, Crítica, 1983, p.348

²⁸³ Santidrián Arias, Víctor M., Política do exilio in *Actas do Congreso Internacional... Op. Cit.* p. 138.

²⁸⁴ Unha destacada vinculación que negaría de inicio o propio Portela a Castelao, entre outros. *Vid. Anasagasti Olabeaga, Iñaki, Castelao y los vascos*, Bilbao, Idatz Ekintza, 1985, p. 477.

²⁸⁵ Santidrián, Víctor, *Historia do PCE en Galicia (1920-1968)*, Sada, Edicións do Castro, 2002, p. 415.

²⁸⁶ "La Conferencia de Toulouse, paso gigante hacia la unidad total de los gallegos y hacia el "Consello Xeral da Galiza" in *Galiza. Boletín d'Informazón do "Bloque Republicán Nazonal Galego"* nº3, capa. Datado o 1 de marzo do 1945, mais parece todo indicar que debe ser de 1946 (dado que referencia como celebrada a devandita conferencia en decembro do 1945).

alternará coa denominación previa, e co que poder compatibilizar a integración de todos aqueles fundadores e persoas que representaban, de diversa sensibilidade no referido á cuestión 'nacional' galega- :

3º- Los objetivos políticos inmediatos del “B.R.A.G.” son:

PRIMERO: El restablecimiento de la República Española sobre la base de la Constitución de 1931.

SEGUNDO: La implantación sobre el suelo de Galicia del Estatuto votado por nuestro país en Junio de 1936.

Establecidas ambas condiciones el “B.R.A.G.” se planteará y resolverá sobre los nuevos objetivos políticos que le presenten.

4º- El “B.R.A.G.” aceptará y sostendrá todos los medios de acción necesarios para el logro de sus objetivos inmediatos, poniendo en juego todo re(...) que le pueda conducir a ellos y conjugando su trabajo en el camino político, en el diplomático y en el de la acción directa.

Esta organización sostendrá y extenderá la preparación y el desarrollo de la Insurrección gallega, paralela y simultánea con la Insurrección Nacional española, como medio definitivo para derribar el Régimen de opresión que pesa sobre nuestro país.

5º- El “B.R.A.G.” dedicará el mayor esfuerzo posible para fundirse con los movimientos similares del extranjero a fin de reunirlos bajo una sola dirección y organizará sobre suelo nacional sus organismos de dirección y de acción”²⁸⁷.

Pola súa redacción, parecía que este documento non tiña presente o proceso de reconstrución patriótica e democrática, desde a queda republicana, presidido polo exilio galeguista en América do Sul. A parte máis vizosa do exilio

²⁸⁷ Pereira Martínez, Carlos, “César Alvajar Diéguez e o republicanismo galego en Europa”, *Anuario Brigantino* nº 25, Concello de Betanzos, 2002, pp. 327-329.

galego viña un ano atrás de lanzar o *Consello de Galiza*, após a súa reconstitución de decembro do 1941, dando lugar á *Irmandade Galega*, presidida por Antón Alonso Ríos, vicepresidida polo médico Ramón Rey Baltar (1882-1969)²⁸⁸ e liderada por Daniel Rodríguez Castelao, realidade da que tratamos copiosamente páxinas adiante. Porén, segundo a redacción do cuarto e quinto punto do devandito documento o BRNG/BRAG no seu texto saltábase esta realidade, autoresponsabilizándose os seus promotores dunha tarefa que pretendían abandeirar. Probabelmente, para alén dos protagonismos propios daquela realidade exiliada, e da política en xeral, tamén tería a ver esta postura dos membros daquel heteroxéneo *Bloque* coa súa posición anti ‘separatista’, que farían ver nos nacionalistas asentados en América un outro inimigo. Non nos pode estrañar, nesta liña, que propuxeran no 1946 que Manuel Portela Valladares fora o representante da Galiza diante da ampliación do goberno español no exilio presidido por Giral. Unha proposta que sabían se realizaba fronte a candidatura do nacionalista Daniel Rodríguez Castelao. O autor de *Sempre en Galiza* representaba a unidade maciza do galeguismo expatriado, pasando por ‘separatista’ por seguir fiel aos seus principios patrióticos e non doblegarse fronte ao republicanismo español.

No voceiro do que se dotaría o BRNG/BRAG, *Galiza. Boletín d’Informazón do “Bloque Republicán Nazonal Galego”*²⁸⁹, o posicionamento ‘antiseparatista’ quedaría ben claro. En favor dunha ‘nova República Española federal’, afirmarían:

“Las especulaciones separatistas de dentro y de fuera de las nacionalidades deben cesar para siempre (...). Hay que liquidar el tóxico separatista que ha envenenado las relaciones entre todos los hijos de España. Es menester que aquellas expresiones de ‘yo no soy español’, que hieren la fraternidad de relaciones entre compatriotas nacidos en otros pueblos de

²⁸⁸ Asentado en Bos Aires desde 1914, exercería a medicina na *Sociedade Española de Socorros Mutuos*, responsabilizándose anos despois no servizo de urxencias de Gerli na capital arxentina.

²⁸⁹ Nome ben semellante ao do voceiro do *Frente Liberador Gallego*. En ambos casos, sen dúbida, pretendíase monopolizar a resistencia galega antifranquista empregándose o nome do país como emblema referencial e totalizador.

*España y aquellos de las nacionalidades diferenciadas, desaparezcan de la circulación*²⁹⁰.

Con todo, resulta curioso que se arrogasen semellante responsabilidade *redentora* os membros daquel *Bloque*, cando o tecido organizativo do que facían parte contaba con poucos recursos materiais e humanos, para alén de escasos contactos a nivel colectivo, como para tentar grandes movementos. A apoiatura coa que contaría o BRAG, tanxencialmente, sería a fornecida polo servizo de información vasco, que o mantiña ao tanto do que acontecía aquí e acolá. Ora, xustamente no outono daquel 1945 o xefe dos servizos de información euskaldúns, José de Rezola (1900-1971)²⁹¹, laiábase da falta de contactos entre nacionalistas galegos exiliados en Europa, nomeadamente en Franza e Londres, con vascos e cataláns. Tentaría Rezola procurar a través de Castelao e de Ramón Piñeiro relacións para crear un corpo representativo das tres nacións e, aliás, ter un maior peso no seo da antifranquista *Alianza Nacional de Fuerzas Democráticas*, creada no verán do 1944 da man de cenetistas e republicanos socialistas²⁹². Naquela ANFD ficaban á marxe os galeguistas alén mar, formalizando a súa entrada nesa alianza meses despois da súa creación os galeguistas reorganizados do interior, coa ligazón oportuna de nacionalistas vascos e cataláns a partir dun embrionario *Galeuzca* que actuaba timidamente aquí mar. O ben informado Rezola indicaba, a respecto da causa galega no país galo, o que segue:

²⁹⁰ “La Conferencia de Toulouse, paso gigante hacia la unidad total de los gallegos... *Op. Cit*

²⁹¹ Militante do *Partido Nacionalista Vasco* (PNV), faría parte da resistencia vasca ao golpe militar reaccionario do 1936. Sería detido no 1937 e condeado a morte, pena conmutada por cadea perpetua. Até o 1943 ficaría nos cárceres franquistas de onde sairía en liberdade vixiada, trasladándose a Madrid logo de ter prohibición de volver asentarse en Euskadi. Aló capitanearía a resistencia vasca, xunto Peio Irujo, Koldo Mitxelena e Jesús Insausti. Detido en varias ocasións neste tempo, conseguiría marchar para Franza. Chegaría a ser secretario xeral do PNV, após a morte de Xabier de Landáburu.

²⁹² Sóese marcar que a ANFD naceu no outono do 1944, mais no *Arquivo do Nacionalismo Vasco* de Artea hai documentación da época que referencia a existencia desta organización xa en agosto daquel ano.

“Aquí existen contactos con Portela y el Frente Libertador Gallego y algunos amigos nuestros mantienen trato personal con Calviño. En cuanto a Portela le encuentran bien dispuesto pero los contactos personales con este señor son un tanto difíciles porque vive por la parte de Lyon (...).

El Frente Libertador Gallego es una organización comunista que hasta la fecha, que nosotros sepamos, no ha conseguido otras adhesiones que las de Portela a quien tu conoces mejor que nosotros. Creo que por esta razón le tachan algunos de comunizante, aunque a mi me parece que Portela tiene una personalidad demasiado acusada para entregarse a un grupo como este. De todas formas sería tal vez el más idóneo entre los que están aquí... [a efectos de representar á Galiza na ANFD no exilio]”²⁹³.

Esta mesma idea sobre aquel *Bloque* e o *Frente Libertador Gallego* compartiríaa Ramón Piñeiro, quen en contacto directo con José de Rezola afirmaríaa:

“El periódico Galiza (...) aparece totalmente entregado a los comunistas. Estoy convencido de que los comunistas crearon ese 'Frente (sic) Liberador Gallego con el único fin de infiltrarse en las zonas de opinión afectas a los sentimientos galleguistas”²⁹⁴.

É comprensíbel, pois, a postura que adoptaría Castelao desde Bos Aires, restando lexitimidade aos grandilocuentes títulos das organizacións nacidas en Franza, nun exilio galego en Europa arredado da matriz galeguista con nucleo en América. Calificaría Rodríguez Castelao aquel enclave de ‘punto negro’, aseverando o presidente do *Consello de Galiza* que os exiliados

²⁹³ Carta de *Juan Ramón Arrate* (é dicer, *Joseba Rezola*) a *Santiago* (é dicer, Ramón Piñeiro) datada o 6 de outubro do 1945. Rezola 135-2 [Gallegos 145-146 (Piñeiro-Ramón-Santiago)], *Arquivo do Nacionalismo Vasco*.

²⁹⁴ Carta datada o 7 de novembro do 1945 enviada por *Santiago* (Ramón Piñeiro) a *Jerónimo*. Rezola 135-2 [Gallegos 145-146 (Piñeiro-Ramón-Santiago)], *Arquivo do Nacionalismo Vasco*.

galegos asentados en Franza ficaban excesivamente ás ordes do comunismo español e fora da disciplina do exilio nacionalista galego con sede na capital arxentina, para alén, como vimos, de seren maioritariamente reflectarios en relación ao *autodeterminismo* galego:

“Alá hai moi poucos galegos e os poucos que hai están apolillados pol-o comunismo español. Portela é a bandeira que atoparon e que enarbolan torpemente, pois nin Portela é home de servir a unha causa que non lle reporte beneficios inmediatos, nin eles poderán domeñar a un político de tantas polainas. Aínda non sei en qué negocios anda Portela con Negrín, pero sei que sostén amizade con Prieto. A postura do noso don Manuel é totalmente bolchevique e pretende que ahí se ande a tiros pol-os montes e que haxa fartura de mártires para soerguer a opinión internacional. Mete medo ler as súas cartas se non soupésemos que todo é unha farsa. De todos xeitos eu non descoidei este asunto e o primeiriño de todo foi manter correspondencia coa bandeira dos comunistas i engaiolala con redes ben tendidas. Eiquí imos publicarlle un libro a Don Manuel e coido que levei con tanto coidado as miñas relacións con él que na súa derradeira carta dime que debo ser eu o ministro porque él non quer selo. Alá en Toulouse creouse unha entidade chamada "Bloque Nazonal Galego" na que anda Lister e o galeguista Plá, que todos vós coñecedes. Os membros desta entidade caben nun ascensor; pero déronse presa para atrapar, como abaixo-firmantes a Casares Quiroga e a Mz. Risco, co que, por certo, non gañan nada senón que perden ante a opinión dos galegos de Américas, para quenes o nome de Santiago Casares non se pode mencioar como non sexa como pai da heredeira de Sara Bernard... Din os de Toulouse que o seu presidente é Portela Valladares, e éste dime nunha carta: ‘Quixéronme facer Presidente da Frente Liberadora de Galicia. Cando vostede veña, sí’. De modo que o Presidente dos argallantes de Toulouse nin tansiquera sabe cómo se chama a entidade que preside. Os comunistas de Toulouse, coma os de todas partes, desexan unha cousa e din que xa son donos d-ela para ver se así a consiguen; pero ese procedimento non ten éisito antre os galegos. Escrebíronme a min

para que fixéramos a unión con eles a fin de chegarnos á constitución do Consello Xeral de Galicia, pero eu non lles contestei porque si, como eles din, o seu presidente é Portela, con él xa me estou entendendo i escribindo [a partir da integración de Portela no Consello de Galiza]”²⁹⁵.

Sexa como for, Castelao colaboraría no primeiro momento co *Galiza*, Órgano do Bloque Reprubricán Nazonal Galego, nomeadamente por volta da primavera do 1945, sendo, aliás, saudada polo nacionalismo galego asentado en Bos Aires a publicación do *Frente Liberador Gallego*, diante do seu nacemento o 25 de xullo daquel ano, indicando desde a *Irmandade Galega*:

“Saudamos con ledicia afervoadada a nova folla irmán, «Galicia», órgano dos galegos eisilados na Franza. Dende ista veira do Atlántico, facémoslle un aceno ben eispresivo da nosa solidaridade, botándolle o aturuxo simbólico de ¡TERRA A NOSA!”²⁹⁶.

Xunto a colaboración de Castelao podíanse ler outras asinadas por Portela Valladares, Lister e César Alvajar, figura que tería gradualmente maior peso entre aqueles galegos e galeguista asentados en Franza, como ben ten referido o historiador Carlos Pereira.

Ora, a tensión iría *in crescendo* entre os exiliados organizados arredor da bonaerense *Irmandade Galega* e o *Consello de Galiza* e aqueles que ficaban no país galo. O punto álxido do desencontro daríase unha vez coñecida, alén mar, a intención daqueles impulsores do BRNG/BRAG de crearen un ‘Consello Xeral Galego’. Corría o 1945 e os impulsores daquel *Consello* afirmaban que *todo o exilio galeguista* debiera estar presente no mesmo. Aquela iniciativa só sería apoiada fóra de Franza polo exiliado comunista asentado en México Luís Soto e o seu entorno máis cercano, para

²⁹⁵ Castro, Xavier (ed.), *Castelao e os galeguistas do interior. Cartas e documentos 1943-1954*, Vigo, Galaxia, 2000. p. 300-301

²⁹⁶ In *A Nosa Terra*, Outono de 1945, p.3. Algún autor ten referido equivocadamente o destinatario deste saúdo. De tal xeito que se ten confundido o medio, dándose por realizado o mesmo en favor do *Galiza* do BRNG. Obviamente, como indicamos, o nacionalismo nucleado en Bos Aires optaba a favor do FLG, aínda sabendo que participaban de xeito protagonista daquel *bloque* algúns galeguistas, co que tamén manterían unha relación táctica.

alén do *Partido Comunista de España*, ao que este estaba afiliado sendo responsábel da súa 'Comisión Galega'. Era esta proposición unha clara ofensa ao *Consello de Galiza*, constituído en novembro do 1944, nucleado e arroupado por un tecido societario do que participaban miles de galegos e galegas, a partir da *Irmandade Galega* de Bos Aires, e ao que centos de compatriotas tomaban como referente. Daquelas o *Consello de Galiza*, e Castelao á fronte, farían o posíbel por seleccionar de entre os galeguistas asentados en Franza quen podería representar a aquel *gobierno galego* no exilio. O traslado ao pouco de Castelao a París, para participar como ministro sen carteira do goberno español exiliado, con Giral Pereira á cabeza, serviría para deseñar o que acabaría sendo a delegación francesa do *Consello de Galiza* en París.

Á fraca realidade francesa, podemos sumar a que naquela altura se daba, por exemplo, en Inglaterra. Indicaba ao respecto o peneuvista Rezola como tamén “...*allí se nota la falta enorme de un gallego o galleguista calificado y me han indicado con mucho empeño la conveniencia de que se desplazara alguno*”²⁹⁷.

O *Bloque Republicán Nazonal Galego* o 10 de agosto do 1947 desenvolvía en París un acto de relanzamento, ao que se sumarían a *Alianza Nazonal Galega* de México, a *Casa de Galiza* de Nova Iorque, o *Grupo Curros Enríquez* da Habana, a *Unión Democrática de Hijos de Galicia* de Cuba, así como as 'Asociacións Galegas' de Orán, Túnez e Casablanca. Naquel encontro dirixían un escrito ao presidente da República española no exilio, dándolle conta de que as institucións gobernamentais daquela tiñan que seguir operando, indicando que nestas Galiza, Catalunya e Euskadi contaran coa 'representación legítima' que lles correspondía²⁹⁸. Logo de que Castelao deixara vacante o seu posto como ministro do goberno republicano no exilio, aquel grupo volvería facer votos en favor dun outro galego que ocupara cargo ministerial. Unha proposta que facían sen relación algunha co *Partido Galeguista* do interior, algo que estes recriminarían.

²⁹⁷ *Ibidem* p.3

²⁹⁸ Nesta altura, aquel *Bloque* tiña enderezo formal en París, no número 15 da Rue Montmartre

De todas as iniciativas galeguistas desenvolvidas en Franza, seguiría sendo Plá Fernández a figura máis visíbel até esa altura. A súa presenza era sobranceira, o que faría que o PG do interior confiara absolutamente nas súas informacións. Con todo, aínda que sería home de referencia daquel PG, Plá faría unha queixa formal aos galeguistas do interior, por ter empregado o seu nome entre a oposición franquista como representante do PG en París, responsabilidade que negaba. Ora, desde a creación nominal daquel 'Consello Xeral Galego' podemos afirmar que Plá iría perdendo folgos, pasando a ser gradualmente a figura central do galeguismo en Franza César Alvajar Diéguez, que militara na *Unión Republicana* e progresara cara as posicións do *Consello de Galiza*. Este de feito acabaría responsabilizándose daquel organismo na capital francesa, ocupando a súa xefatura en París, frutificando así as xestións de Castelao no seu tempo parisino -a quen Plá referiríase despectivamente como sr. R. Castelao²⁹⁹-. Malia a morte de Castelao en xaneiro do 1950, Alvajar Diéguez sería persoa de confianza dos membros do *Consello de Galiza*, tendo absolutos poderes para representar a nivel europeo a aquel 'gobierno galego no exilio', fronte a un Plá Fernández que xa se vía alonxado de calquera posíbel marxe de manobra nun exilio que, por outra banda, ía esmorecendo. Unha realidade que significaba unha merma importantísima dos recursos económicos -sempre escasos- cos que a comunidade exiliado contaba.

No 1955 escribiríalle Plá Fernández ao destacado exiliado vasco Manuel de Irujo Olo (1891-1981), pedíndolle axuda desde a localidade francesa de Marvejols. A situación económica do galeguista semella pasaba por un duro momento e víase na necesidade de acudir a un 'home de grande humanidade e temperamento', como cualificaría a Irujo o que sería lehendakari vasco Carlos Garaikoetxea³⁰⁰. Irujo era un exiliado con especial relevo que daquelas, após

²⁹⁹ Segundo podemos ler nunha carta do galeguista Naveira, asentado en Franza, ao seu íntimo colega Xohán Xosé Plá. *Vid.* Dasilva, Xosé Manuel, *Proceso e encarceramento... Op. Cit.* p 264

³⁰⁰ Muro Arriet, Koro, *La Política Humanizada. Manuel de Irujo* [documentario], Donosti, Euskomedia Fundazioa/Eusko Ikaskuntza , 2009.

ter sido ministro no goberno español no exilio³⁰¹, era naquela altura presidente do *Consello Español Federal*, creado no 1948 na delegación basca de París, con demócrata-cristiáns, liberais, socialistas, cataláns e vascos, así como impulsor do *Consejo Vasco con la Federación Europea*³⁰², ligado ambos ao *Movimento Europeo* xurdido no entre 1946 e 1947, após a II Guerra Mundial³⁰³. Logo de que Irujo lle referenciara a Plá algunha posíbel colaboración, o galeguista diríalle ao nacionalista vasco:

*“En razón de lo delicado de mi situación presente, Usted tendrá la amabilidad de (...) darme precisiones sobre aquel asunto y decirme si sí o no su realización es siempre posible. Arruinadas a estas alturas las esperanzas que durante muchos meses he depositado en otras cosas (...), no veo otra cosa para salir de mi situación actual, que la perspectiva que pudiera envolver lo por Usted dicho”*³⁰⁴. Non sabemos en que quedou aquela petición, mais a partir deses anos centrais da década dos '50 do pasado século non teremos apenas novas de Plá.

3.1.2.-Plácido Castro e o *Galician Programm* en Londres.

Para que un 'galeguista cualificado', en expresión de Rezola, puidera representar aos galeguistas en Inglaterra de maneira estábel, habería que agardar á chegada no 1949 de Plácido Castro (1902-1967), que fora responsábel das relacións internacionais do *Partido Galeguista* na II República, representando ao nacionalismo galego no IX Congreso das Nacionalidades

³⁰¹ Militante do PNV desde 1908, nos anos vinte fora deputado foral de Nafarroa, así como parlamentario por aquela organización nos anos trinta. Sería membro da xestora das *Euzko-Gudarostea/Milicias Bascas* que se organizarían diante do golpe militar do 1936. No seu exilio de corenta anos, tería diversas responsabilidades partidarias, sendo ministro no goberno español no exilio no 1945, no '46 e '47.

³⁰² Beramendi, Jorge Fernando, *Instituto Americano de Estudios Vascos*, Buenos Aires, Fundación Vasco Argentina Juan de Garay, 2012, p.195-196

³⁰³ E que terían no Congreso da Haya ou Congreso de Europa de maio do 1948 a súa máxima realización por aquelas datas. Non sendo un organismo oficial, daquel derivaría o 'Consello de Europa' e no 1950 a Carta Europea de Dereitos Humanos, xerme da construción europea posterior en boa medida.

³⁰⁴ Carta datada o 24 de outubro do 1955. Rezola 136/2 [Gallegos 145-146 (Piñeiro-Ramón-Santiago)], *Arquivo do Nacionalismo Vasco*.

Europeas de Berna no mes de setembro do 1933, adscrito á *Sociedade de Nacións*. Malia que nacido en Corcubión, Castro vivira na súa adolescencia en Cardiff e Glasgow a partir do negocios mineiros do seu pai e sería reprimido duramente pola súa militancia nacionalista³⁰⁵. Após ter estado exiliado en Portugal, participaría activamente do programa radiofónico *Galician Programm* que emitiría desde o simbólico 14 de abril do 1947 a importante emisora BBC, na que chegaría Plácido Castro a traballar durante seis anos como locutor e redactor de contidos. Sumábase aquel ao programa *Galicia Emigrante* de Luís Seoane en Bos Aires e desde Nova Iorque o programa conducido por Ernesto Guerra da Cal na *Voice of America*.

Era resultado aquela iniciativa da súa militancia e a doutros compañeiros que quedarían na Terra, caso de Fernández del Riego, Emilio e Darío Álvarez Blázquez, Paz Andrade ou Carlos Maside, que contribuíran a lanzar aquel programa en conversa con George Hills, responsábel da sección en castelán da BBC³⁰⁶. Aquele programa contaría desde un inicio coa presenza central de Alexandro Raimundez (co alcume de Xavier Fernández) e desde a súa chegada a Londres do propio Castro, dando cabida a diversos galeguistas que desde a Terra ou outros países participaban do mesmo, caso de Otero Pedrayo, Carvalho Calero, Del Riego, Ramón Piñeiro, Celso Emilio Ferreiro ou Manuel María, López Cuevillas e Rafael Dieste. Naquel tempo Plácido Castro sería o anfitrión dos nacionalistas galegos na capital británica, contribuíndo, por exemplo, a que Luís Seoane puidera desenvolver unha exposición da súa arte. O programa radiofónico *Galician Programm* apagaría as súas emisións no 1956, mais sería herdeiro do mesmo na *Spanish Section*, parella á *Portuguese Section*, unha xerazón de nacionalistas, caso de Carlos Durão xunto a Ramón Lugo Pérez e Fernando Pérez-Barreiro Nolla (1931-2010) na década de sesenta, cando xa regresara Plácido Castro á Galiza. Pérez-Barreiro chegara no 1963 a Londres, onde xa a finais de ano sería confirmado no posto que de

³⁰⁵ Sería inhabilitado profesionalmente durante quince anos e multado con 25.000 pesetas, cantidade especialmente elevada que lembra o caso de Ramón Otero Pedrayo.

³⁰⁶ Tal e como expón Xulio Ríos, director do *Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional* (IGADI) e directivo da *Fundación Plácido Castro*, na biografía sobre o galeguista afincado en Londres. *Vid.* <http://www.igadi.org/web/fundacion-placido-castro/placido-ramon-castro-del-rio/da-guerra-o-exilio-1936-1948> .

locutor ocupaba na devandita sección situada na Bush House, conducindo o programa *Vida rural*³⁰⁷. Pérez-Barreiro procuraría relacionar ambas seccións, favorecendo o interese dos portugueses por Galiza:

*“Sorprendeume ver, cando cheguei, que era como se esas dúas seccións estivesen en continentes distintos. (...) coido que fun o primeiro en establecer esas relacións e incluso participar, como galego, en emisións do servizo portugués. (...) Os ouvintes tanto nos preguntaban polas eleccións nos Estados Unidos como por Galicia e o galego”*³⁰⁸.

Pérez-Barreiro Nolla e a súa dona Teresa Barro acollerían na capital inglesa a galeguistas que *ad hoc* ou de paso se achegarían por aquelas terras, caso do máximo referente do grupo *Galaxia*, Ramón Piñeiro ou Xosé Manuel Beiras e outros activos do *Partido Socialista Galego* (PSG), caso do seu primeiro secretario xeral, Francisco Fernández del Riego -que viaxaría xunto ao escritor Álvaro Cunqueiro (1911-1981)³⁰⁹-; non pertencendo aqueles anfitrións ao referido partido recén nacido no 1963, a diferenza de Ramón Lugo que se asentaría tamén coa súa familia en Londres³¹⁰, traballando igualmente para os servizos exteriores da BBC e sendo de inicio o responsábel da publicación socialista galega *Adiante* entre 1966 e 1967.

³⁰⁷ Pérez-Barreiro Nolla, Fernando, *Amada liberdade*, Vigo, Xerais, 2013. p.116

³⁰⁸ *Ibidem*. p. 117

³⁰⁹ Cunqueiro fora durante a II República das *Mocidades Galeguistas* e do *Partido Galeguista*, militando logo do golpe militar do 1936 na *Falange Española*. Levaba anos exercendo o xornalismo cando viaxaba a Londres con Del Riego, destacando como subdirector do *Faro de Vigo* entre 1964 e 1965, exercendo de director do mesmo entre 1965 e 1970.

³¹⁰ Realidade que comenta nas súas memorias o propio Pérez-Barreiro Nolla e Teresa Barro. *Vid.* Pérez-Barreiro Nolla, Fernando, *Amada Op. Cit.* pp. 126-135 e 331-335

4.-DO EXILIO E REALIDADE AMERICANA.

4.1.-Arxentina ou a reconstrución galeguista: da *Irmandade Galega* e o Estatuto de Autonomía ao *Consello de Galiza* .

Tras a marcha forzada da Península Ibérica dos homes e mulleres politicamente comprometidos coa democracia e a liberdade, logo do trunfo do alzamento militar iniciado entre o 17 e o 18 de xullo de 1936 e correndo as súas vidas grave perigo, para o caso galego iríase reartellando o nacionalismo principalmente en América do Sul. É o exilio. O militante máis destacado dos nacionalistas galegos exiliados será, sen dúbida, Afonso Daniel Rodríguez Castelao, exdeputado galego nas Cortes españolas e máximo referente do galeguismo en tempo republicano xunto Alexandre Bóveda, *factótum* do PG.

Logo dunha xeira que o levaría a distintos países, caso da Unión de Repúblicas Socialistas Soviéticas (URSS), Franza, Estados Unidos de América (EUA), Venezuela e Cuba, entre outros, asentaríaase na capital de Arxentina en xullo do 1940. Faríao mercé á infraestrutura coa que contaba o galeguismo naquela cidade, contando co apoio e compromiso de homes acaudalados, caso de Manuel Ponte, empresario cunha consciencia acentuadamente galeguista. Cidade á que outros nacionalistas xa chegaran fuxidos da represión, caso do xurista e debuxante Luís Seoane, quen após estar agachado, chegaría no 1936 a Bos Aires vía Lisboa. Sería o caso tamén de docente Xosé Núñez Búa (1903-1981)³¹¹, vicepresidente da Deputación de Pontevedra e presidente do *Partido Galeguista* de Vigo no 1936³¹², detido durante dous meses e fuxido de inmediato unha vez libre no outono daquel ano a bordo do buque Monte Sarmiento. Ambos desenvolverían un extraordinario esforzo de denuncia da barbarie fascista e de firme defensa da República e o proxecto galeguista, fundando e codirixindo *Galicia Libre*.

³¹¹ Rexentaría desde 1923 o colexio León XIII de Vilagarcía, do que era titular previamente o seu tío, Xoaquín Núñez do Couto. Tamén sería docente no Colexio Labor de Vigo. O 6 de outubro do 1936 embarcaría no buque Monte Sarmiento cara Bos Aires. Da súa docencia en Vilagarcía tennos falado Fernando Quintela Novoa (Vilagarcía, 1916), iniciado no galeguismo por el.

³¹² “Grupo de Vigo. Nova Directiva” in *A Nosa Terra* 20/03/1936, capa.

Semanario Popular Informativo ³¹³. Sería o caso, tamén, doutros militantes nacionalistas galegos que estarían de paso por aquelas terras. Entre estes estaría o docente Ramón Martínez López, quen logo de ter pasado por Portugal e Franza, asentaría brevemente en Bos Aires marchando cara os Estados Unidos de América³¹⁴.

Entre uns e outros a referencialidade de Daniel Rodríguez Castelao era extraordinaria. Castelao sería o cadro do nacionalismo galego con maior prédica e marcado perfil político. Responsabilizándose da situación, asumiría sobre si o labor dunha necesaria reconstrución no exilio do nacionalismo galego, de cara manter a tipificación da Galiza como unha realidade diferenciada, como unha nación.

Antes de se asentar en firme en Bos Aires, e logo de marchar dunha Barcelona tomada polos sublevados, Castelao peregrinaría, como marcamos, por diversos países afortalando os contactos entre os exiliados e aqueles demócratas españois dispostos a colaborar co galeguismo e o seu proceso emancipador, nun contexto no que este escribiría, estando aínda en Nova Iorque:

“Ningún dos meus veciños de enfrente [do hotel no que moraba] sabe que hai unha Patria que se chama Galiza, e non podo esixirlles que adiviñen a miña existencia. Eu son fillo dunha Patria descoñecida, porque ninguén soupar dar sona e creto internacional ás nosas reivindicacións patrióticas. Perdeunos a modestias e o afán do bo parecer antes os demais hespañoes, que nunca quixeron comprendernos. ¿Estamos aínda a tempo de comezar de novo? Estamos, polo menos, no comezo dunha nova etapa de loita pola Liberdade, e cicais conveña cancelar as vellas normas”³¹⁵.

³¹³ Vázquez Cuesta, Pilar, “Seoane” in Revista Coloquio/Letras, nº139, 1996. pp.120

³¹⁴ Onde residiría durante tres décadas exercendo a docencia na Universidade de Austin, onde sería catedrático de lingua española. No ano 1971 xubilárase regresando a Galiza e contribuíndo ao relanzamento nominal, por certo, do *Partido Galeguista* do que sería presidente de honra.

³¹⁵ Rodríguez Castelao, Daniel, *Sempre en Galiza*, Vigo, Galaxia, 1994. p.127

Para atinxir que Galiza obtivera ese (re)coñecemento era fundamental avanzar no proceso favorábel á aprobación dun Estatuto de Autonomía, aberto en tempo republicano, a partir de onde quedara; é dicir, a partir do plebiscito desenvolvido con éxito en xuño do 1936, segundo as cifras oficiais, e a admisión a trámite polas Cortes republicanas, trasladadas a Montserrat, Cataluña, un ano antes da súa ocupación, á altura do 1 de febreiro do 1938³¹⁶ -para o que fora decisiva a rápida actuación do coruñés Emilio González López³¹⁷, galeguista de *Izquierda Republicana*, noutrora da ORGA. Daquelas, en palabras do incansábel Castelao, o devandito feito:

“...dáballe a Galiza unha posición semellante á de Cataluña i Euzkadi, aínda que o territorio galego estivese sometido, como xa estaba, daquela, o territorio vasco. As Cortes da República non podían xa seguir ignorando a vontade autonomista de Galiza, manifestada nun proxecto que debía pasar a examen da Comisión de Estatutos... E velaí o caso anómalo: esa Comisión non existía. (...) fora abolida arbitrariamente por certos estafermos da República”³¹⁸.

O bon facer do rianxeiro daría coa creación, novamente, daquela comisión, malia que entorpecida polo *Partido Socialista Obrero Español*, partido maioritario naquel parlamento exiliado³¹⁹. A explicación que daba aquela organización era que había que priorizar a belixerancia contra o exército golpista encabezado polo xeneral Franco, fronte a normalización dun

³¹⁶ Unha admisión que tivo as súas adversidades e complicacións previas, tal e como explicitaría o propio Castelao, en canto que derivaba aquilo do intento fallido producido acontecido na sesión das Cortes reunidas en Valencia o 1 de outubro do 1937. *Vid.* Rodríguez Castelao, Daniel, *Sempre en Galiza*, Vigo, Galaxia, 1994. p.130-132

³¹⁷ González López sería o que recuperara o texto estatutario galego, perdido ministerialmente en Madrid por aquelas datas, após ser entregado o articulado a Diego Martínez Barrio, presidente das Cortes españolas, o 15 de xullo do 1936 por unha delegación galega encabezada por Ánxel Casal, alcalde de Compostela, e o deputado Daniel Rodríguez Castelao.

³¹⁸ Rodríguez Castelao, Daniel, *Sempre en Galiza...*, *Op. Cit.*, p.132

³¹⁹ O PSOE entorpecería a creación daquela comisión ao non enviar representación algunha á mesma.

sistema ditatorial fascista en España, expresándose nos seguintes termos os socialistas españois:

*“...pensamos que el problema principal a que debemos entregar todo nuestro fervor es a ayudar al Gobierno de la República a ganar la guerra”*³²⁰.

Así, pois, naquela cita de Montserrat non se aprobaría o Estatuto galego; habería que agardar aínda sete anos máis. Con todo, o nacionalismo galego resistíase fronte unha tesitura extraordinariamente fatal como aquela, destacando a constancia e activismo dun Daniel Rodríguez Castelao ao respecto. Este, contra vento e maré, seguiría coa axenda que o galeguismo tiña marcada antes do golpe militar –o recoñecemento da Galiza como nación, e todas aquelas atribucións aparelladas a este estatus, estaba en xogo- ; axenda á que se sumarían novas encomendas e responsabilidades a partir daquel propio contexto, no que a loita contra o fascismo adquirira maior dimensión. Contexto no que cumpría procurar un mínimo sustento para poder sobrevivir e desenvolver aquela acción política. Nunha carta redixida en decembro do 1939 dirixíase Castelao aos galeguistas asentados en Bos Aires, dando conta das súas penurias mentres tentaba alentar á comunidade galeguista expatriada. Castelao achaba a necesidade de traballar no interior do país para evidenciar a anomalía que supuña o alzamento e barbarie militar desenvolvida, así como a necesidade da “autonomía” para o país, para alén da reconstrución de todo aquilo que era normalidade (nacional) na Galiza aquén mar, nomeadamente o *Seminario de Estudos Galegos*. Afirmaría magoado Castelao que:

*“...outros con tanta obriga coma [min] non fan nada, non intentan facer nada e menos axudarme. Perdoádeme este pequeno desaforo; pero é que se está perdendo unha ocasión única, a mellor cicais de todas cantas se nos presentaron. Penso en Bóveda, nos que están en Galiza pensando en nós e confiando en nós”*³²¹.

³²⁰ Rodríguez Castelao, Daniel, *Sempre en Galiza...* op. cit. p.132

³²¹ Carta de Daniel R. Castelao á colectividade galega en Arxentina, asinada o 11 de decembro

4.1.1.-A Irmandade Galega

A comunidade galega asentada en Bos Aires, a denominada “quinta provincia galega” -na que a comunidade galega estaba composta por unhas 400.000 persoas nos anos corenta, contando cunhas duasetentas cincuenta sociedades³²² -, procuraríalle a Castelao a partir de xullo do 1940 o lugar no que fixar a súa nova residencia xunto a súa dona Virxinia Pereira e irradiar patriotismo galego. Actuaría como o seu mecenas o empresario galego Manuel Puente, algo que nos certificaría na capital arxentina a filla deste, Rosa Puente³²³.

Sería nesa tesitura Castelao o indiscutíbel líder do galeguismo e nexo de unión entre os exiliados militantes (e simpatizantes) daquel nacionalismo. Este movemento sufrirá unha clara radicalización en resposta lóxica á represión militar aquén terra. Un contexto no que con nitidez se percibían, como xa marcamos, as diferenzas ideolóxicas entre esquerda e dereita, mais sobre todo, e para o noso caso, entre nacionalismo galego (progresismo) e españolismo totalitario (fascismo). O que levaría a agudizar as reclamacións en clave nacional dos galeguistas, nomeadamente de Castelao, con sentenzas, cando menos, filo-arredistas; afirmando este a mediados do ano 1940 o que segue:

“Eu dígovos que os galegos soio impoñeremos respeto cando se nos considere capaces de tronzar os vencellos que nos xunguen a Hespaña e cando nós mesmos deprendamos a vivir con absoluta independencia dos hespañoes”³²⁴.

do 1939 en Nova Iorque in Rodríguez Castelao, Daniel, *Obra Completa VI...*, op. cit, p. 325

³²² Calcúlase que en toda Arxentina por aquelas datas a comunidade galega estaba integrada por unhas 600.000 persoas.

³²³ Puente fornecería a parella Castelao-Pereira dun céntrico apartamento na capital arxentina, sito no sétimo andar da rúa Belgrano nº2605.

³²⁴ Rodríguez Castelao, Daniel, *Sempre en Galiza*, Vigo, Galaxia, 1994. p.139. Ora, consciente da importancia da etapa exiliada, Castelao modulará o seu discurso, observádomos unha duplicidade que irá entre o devandito filo-arredismo e unha posición favorábel a unha ‘confederación hispana’, que en máis dunha ocasión tracexará en cartas con José Antonio Aguirre. Sexa como for, o obxectivo final do activismo liderado polo político galego sería a conquista pola soberanía nacional de Galiza, como indicamos, para a que en tempo da li

A dinámica de Castelao no seu exilio americano sería vertixinosa. Malia se desenvolver durante nove anos, o certo é que foi extraordinaria e especialmente produtiva. Sería unha teima central no seu axir neste tempo de expatriación, procurar relanzar o galeguismo en clave político-organizativa, aínda que alén da Galiza territorial. Onde houbera galegos e galegas, Castelao entendía que cumpría organizar unitariamente aos que se dixeran nacionalistas e practicar o proselitismo entre a emigración galaica.

Nesta orde de cousas, e logo de romperen relacións coa *Casa de Galiza*, escorada xa cara o que será o franquismo, o groso do nacionalismo galego bonaerense, agrupado no denominado *Grupo Galeguista* e na *Agrupación Artística e Cultural Ultreya* de Bos Aires, así como na *Sociedade Nazonalista Pondal* (SNP), aínda operativa naquela altura nunha nova etapa, como veremos páxinas adiante, axuntaríase no *Centro Ourensán* de Bos Aires. A partir deste momento matínase na creación dunha entidade “*de carácter cultural e patriótico*” (sic) que sume forzas e esforzos³²⁵ baixo a denominación de *Irmandade Galega*. Esta entidade nacería a partir dunha asemblea desenvolvida o 13 de decembro do 1941, contando cun consello directivo presidido inicialmente por Antón Alonso Ríos, con experiencia nestas lides e con grande respecto entre a colectividade galega asentada en América do Sul –lembrems que xa fora enviado desde América á Galiza na II República como representante das Sociedades Agrarias³²⁶-, vicepresidido polo médico padronés Ramón Rey Baltar e asumindo o seu liderado (e presidencia de honra) Daniel Rodríguez Castelao, quen formalmente sostería a responsabilidade da Comisión Cultural³²⁷. Entre os integrantes da *Irmandade Galega*, para alén do propio Castelao e Alonso Ríos, estaban significados

República, diría Castelao, o galeguismo adoptara “...una política posibilista, que consistía en avanzar cautelosamente, destacándonos de los demás gallegos. (...) [aseverando o de Rianxo como na súa non considerara] el separatismo aunque en mi fuero interno lo vengo estimando a todas horas” in Rodríguez Castelao, Daniel, *Obra Completa VI...* , op. cit. pp.436-437

³²⁵ “Irmandade Galega” en *A Nosa Terra* nº425, xuño do 1942, p. 2

³²⁶ Aliás, o malogrado Antón Alonso Ríos sería desde a fundación do *Consello de Galiza* membro desta entidade. Trás a morte de Daniel Castelao veremos como asumirá a representatividade do mesmo.

³²⁷ “Irmandade Galega” *Op. Cit.*

galeguistas de tempo republicano, caso de Xosé Núñez Búa, noutrora director do Instituto de Vilagarcía en Pontevedra e membro destacado do *Partido Galeguista*, así como nun inicio o controvertido Eduardo Blanco Amor³²⁸, que viña dirixindo desde o verán do 1936 o semanario *Galicia*³²⁹, xunto outras novas incorporacións. Entre estas últimas reseñar a do musicólogo antifascista, de orixe checoslovaca, Rodolfo Kubik; aínda que totalmente alleo ao nacionalismo galego no tempo previo ao exilio, sumaríase ao mesmo a partir da íntima amizade que mantería con Castelao no marco dos círculos antifascistas bonaerenses.

A *Irmandade* tivo entre as súas primeiras e principais actividades esa reorganización patriótica que referenciamos, tentando recrear o vello *Partido Galeguista* no exilio³³⁰. E fíxose, como observamos, a partir do reencontro de parte dos cadros daquel nacionalismo previo ao golpe e a implicación en boa medida da colectividade galega xa asentada antes do mesmo na capital arxentina. De tal xeito que se iniciaría a coordinación desde Bos Aires cos grupos galeguistas de Montevideo, Santiago de Chile, La Habana, Nova Iorque e México, atendendo todos á denominación de *Irmandade Galega* e actuando como agrupacións locais nun proceso, diríase hoxe modernamente, 'vírico'. Alén destes grupos manteríase relación cos *núcleos galeguistas*,

³²⁸ Blanco Amor viña de regresar a Arxentina no 1935, onde xa vivira entre 1919 e 1928. Malia participar na creación da *Irmandade Galega*, ao pouco de se crear deixara de facer parte da mesma, rodeado de polémicas varias que o envolverían naquel complexo exilio, sendo atacado, sobre todo, polo emprego cuase absoluto do español na súa obra a partir daquel tempo.

³²⁹ Blanco Amor sería editor deste medio, editado pola *Federación de Sociedades Galegas Agrarias e Culturais da Arxentina*, desde o 26 de xullo do 1936. Aínda que en español por sistema, terá unha postura antifascista e pro-republicana, fronte ao *Correo de Galicia*, que dentro da colectividade galega tomará partido polos sublevados a partir de setembro do 1936. Vid. Rodríguez Fer, Claudio, "Emigración, Exilio e Guerra Civil" in *Jornadas de la Emigración gallega a Puerto Rico*, Sada, Edicións do Castro, 1997. pp. 70-71

³³⁰ Daríase unha absoluta identificación da fraternidade patriótica recién creada co nome *Irmandade Galega* co pensamento e programa do *Partido Galeguista*. Até tal punto isto sería así, que núcleos galeguistas de exiliados que se organizaron baixo aquela denominación pasarían, igualmente, a se denominar de xeito indistinto, empregando *Partido Galeguista/Irmandade Galega* ou *Galeguista*. O caso máis sobranceiro destes sería o de México, como se verá.

tamén así referenciados na altura, de Rosario, Mendoza e La Plata, proxectándose “...*facer labours de conxunto que poden acadar trascendental importancia para o porvir da Patria Galega*”³³¹.

Nesta orde de cousas, de reconstrución do nacionalismo, a *Irmandade Galega* na devandita asemblea de decembro do 1941 aproba as súas bases/principios, así como a directiva que aplicaría esas bases e rexiría a nova organización. Esa directiva estaría composta concretamente por Antón Alonso Ríos, presidente; Ramón Rey Baltar, vicepresidente; Xosé Abraira, secretario; Daniel Nogueira, Vicesecretario; Alfonso Fernández Prol, tesoureiro; Eduardo López, protesoureiro, e os vogais Vicente Barros, Pedro Campos Couceiro e Xohán González, estes tres últimos veteranos activistas da *Sociedade Nazonalista Pondal* (SNP).

Aliás, e non menos importante, aquela *Irmandade* acordaría a partir da data do asasinato de Alexandre Bóveda -exsecretario xeral e de organización do PG no tempo republicano-, instituír o “Día dos Mártires Galegos” (sic)³³², resocializando o ideario e programa patriótico do PG entre a colectividade galega asentada alén mar. Será a institución daquel 'Día dos Mártires Galegos', como veremos, unha das primeiras actividades desenvolvidas por aqueles exiliados galegos, lembrando, antes de máis, a todas e todos os que foran asasinados en favor das liberdades na Galiza.³³³

³³¹ *Ibidem*

³³² *Ibidem*, p. 4. Aquela efeméride hoxe é coñecida como ‘Día da Galiza Mártir’.

³³³ Segundo a *Memoria do primeiro exercicio correspondente ao ano 1942* da *Irmandade Galega*, documento que nos achegou amabelmente Xosé Manoel Núñez Seixas, o ‘Día dos Mártires Galegos’ foi instituído “...*por indicación do noso Presidente...*”. O presidente da IG era Antón Alonso Ríos e o presidente de honra Daniel Castelao. Neste mesma memoria fálase do desenvolvemento dunha conferencia sobre Alexandre Bóveda na que estiveron presentes delegados de diversas entidades galeguistas no exilio.

CADRO 2



FONTE: Elaboración propia

4.1.2.-A Nosa Terra e Galiza mártir.

Parello a isto, outra actividade aprobada e levada á praxe pola *Irmandade* sería a de seguir publicando o periódico *A Nosa Terra* (ANT), cabeceiro referencial para o nacionalismo galego desde o 1916³³⁴. Nesta súa nova xeira, ANT saíría nunha data chea de significado: o 28 de xuño de 1942, sexto aniversario do plebiscito do Estatuto de Autonomía. (Re)Aparecía aquel medio de comunicación para “...conmemorar (...) o Día Novo da Galiza e rendir homenaxe aos mártires caídos na loita pol-a liberdade e pol-a autonomía do noso povo...”³³⁵.

Había que crear unha nova sociabilidade, uns novos fitos e referencias no tempo, para cohesionar naquela nova etapa ao movemento galeguista alén mar. A este respecto a *Irmandade Galega* non aforrará esforzos, converténdose na casa común da maioría dos que manteñan a identidade patriótica galega viva en América e o resto do Mundo, tal e como lembra nos nosos días o veterano militante Antom Santamarinha:

“A emigração em Buenos Aires albergava um grupo de gente que estava perfeitamente conscienciada de que a pátria deles era Galiza. O nexo era a *Irmandade Galega*, cuja juntura de sonhos tinha como lar o Centro Ourensám, sito na rua Belgrano, mesmo fronte por fronte do Centro Galego”³³⁶.

Así, pois, nas páxinas do primeiro número de ANT na súa nova etapa, a toda páxina, e baixo o título “*A voz dos nosos mártires*”, serían lembrados a través das súas palabras Víctor Casas, Ánxel Casal, Johán Carballeira, Roberto Blanco Torres, Xaime Quintanilla, Emilio Martínez Garrido e o noutrora referente organizativa maior do vello *Partido Galeguista*, Alexandre Bóveda. Ligárase, segundo se pode ler en *A Nosa Terra*, a loita polo Estatuto

³³⁴ Após a corta etapa no que este xornal ficaría ligado ao agrarismo (1907), sería *A Nosa Terra* o voceiro das *Irmandades da Fala*, diante da súa (re-)aparición no 1916, para logo se converter, a partir de xaneiro do 1932, no alto-falante do *Partido Galeguista* até a queda do 1936.

³³⁵ “O Novo Día de Galiza” en *A Nosa Terra*, nº425, 28/06/1942 p. 4

³³⁶ Conversa con Uxío-Breogán Diéguez Cequiel, A Coruña-Compostela 12/07/2010.

de Autonomía de Galiza e o asasinato dos devanditos cadros militantes, desenvolvéndose o 16 de agosto de 1942 a primeira homenaxe pública destes, no que sería bautizado oficialmente como ‘Día dos Mártires Galegos’, o “...*día dos nosos mártires...*”³³⁷.

Era a véspera do sexto aniversario do asasinato de Alexandre Bóveda e a *Irmandade Galega* convocaba un funeral cívico en homenaxe ao “...*protomártir da nosa liberdade; [aquele que] ...morreu por nos redimir. Caíu en chan fecundo, c-un: Viva Galiza Ceibe! Nos beizos*”³³⁸. En ANT Castelao diante da convocatoria ao devandito acto daba conta dos méritos de Bóveda, nomeadamente do seu pensamento político-económico, insistindo na idea de que “...*non todol-os días xurden homes tan superdotados como Bóveda; i esta caste de homes, bós e xenerosos, realizan obras e dispois esquécese de firmalas*”³³⁹.

Xa que logo, estas dúas primeiras iniciativas desenvolvidas no exilio camiñaban na liña de non esquecer o sucedido a partir de xullo de 1936, como medio para concienciar e tensionar á colectividade galega exiliada ou emigrada, e afortalar a organización do nacionalismo alén mar. A convicción de que estaba perto a queda da ditadura franquista, da man dos Aliados fronte o nacionalsocialismo e o fascismo na II Guerra Mundial, estaba na mente da maior parte da colectividade galega politizada na esquerda e, nomeadamente, no nacionalismo. Diríalle un Castelao cheo de optimismo ao presidente euscaldún, Antonio Aguirre, nunha longa carta redixida á altura de novembro de 1944:

*“...Franco y Oliveira Salazar aun nos van a dar mucha guerra. Cierito es que si por mimetismo se abrió la Península a las ideas totalitarias, también por mimetismo se puede abrir a las ideas democráticas que van a triunfar en el mundo...”*³⁴⁰.

³³⁷ O 17 de agosto coincidía en luns, día laborábel. Óptase polo domingo 16 de agosto para a celebración da devandita homenaxe, de cara a obter un cheo sen precedentes.

³³⁸ “Alexandre Bóveda, Mártir” en *A Nosa Terra*, 15/08/1942. Ollar apéndice documental.

³³⁹ Ibidem

³⁴⁰ Carta de Daniel Castelao a Antonio Aguirre en *Obra Completa VI...*, op. cit., pp. 459-460

4.1.3.-*Sempre en Galiza*

Como vimos, e retomando as palabras epistolares de Castelao, este mantén un optimismo que, mesmo, lle fai pensar nunha posíbel e non moi tardía queda dos alzados contra a legalidade republicana. Isto é o que se desprende das palabras do primeiro ao lehendakari Aguirre. Cando Castelao se expresaba como vimos liñas atrás, xa tiña rematada e editada a obra que chegaría a ocupar a cabeceira de cama de varias xeracións de nacionalistas galegos. Era esta *Sempre en Galiza*.

Publicábase este libro o 10 de marzo do ano 1944. Faríase cargo da edición o Centro Ourensán de Bos Aires, quen tiraría unha primeira edición de varios miles, reservando uns centos para espallar na Galiza tan pronto fora posíbel, segundo indicación do propio Castelao. *Sempre en Galiza* sería unha compilación de escritos da autoría de Castelao nos que abordaba a Galiza e a súa problemática nacional, en tempo pasado, presente e futuro, deitando un fino humor e aguda crítica que fai lembrar aos seus debuxos xornalísticos do tempo pre-republicano. Organizaba Castelao aquel ensaio a partir de tres 'libros' reunidos nun mesmo volume -que parcialmente foran xa publicados en *A Nosa Terra*³⁴¹-. A escrita e discurso xenial do autor do *Sempre en Galiza*, dunha extensión de algo máis de catrocentas páxinas -e con numerosos apontamentos de carácter autobiográfico-, fixaría nun volume, aliás, a posición do nacionalismo diante da dura tesitura na que se achaba, descubríndolle a miles de galegos a historia da súa Patria. O interese que espertou a publicación faría que esta obra dera ao prelo varias edicións (até a actualidade).

³⁴¹ Castelao escribiu a primeiro libro da obra *Sempre en Galiza* entre Valencia e Barcelona, publicando como artigos parte do mesmo nas revistas *Nova Galicia* e *Nueva Galicia*, xa referenciadas. O segundo libro corresponde á estadía de Castelao e Virxinia Pereira en Nova Iorque, xunto á viaxe cara Bos Aires no verán do 1940. O libro terceiro integramente sería redixido en Bos Aires entre 1942 e 1943, con apontamentos e lembranzas previas. Por último, hai un cuarto libro, que non aparecería na obra orixinal, composto por escritos de Castelao do 1947 e 1948, tempo no que sería ministro sen carteira do goberno Giral. A obra iniciase co *Adro*, que recolle textos e reflexións de Castelao enviadas a *A Nosa Terra* desde Badaxoz no 1935, diante do desterro obrigado polo goberno da CEDA.

Diante da súa primeira edición, a obra deu lugar a varias presentacións, de inicio no entorno do Plata, converténdose en grandes homenaxes ao seu autor. O acto-xantar organizado en Bos Aires no Salón Príncipe Jorge contaría con perto de mil cincocentos comensais reunidos o 2 de xuño daquel 1944. Afirmaría neste acto o propio Castelao :

“...depués de treinta años, treinta años de meditación y de experiencia, me atreví a publicar un libro en el que trato de elevar a la categoría de idea lo que en el álbum 'Nós'³⁴² era puro sentimiento”³⁴³.

Actos como este no que se presentaba a nova obra de Castelao contribuirían, sen dúbida, a aglutinar aos galeguistas, afortalando lazos entre eles a partir dunha mensaxe positiva: a Galiza non estaba derrotada malia a barbarie fascista. A obra *Sempre en Galiza* daríalle argumentario histórico, político e filosófico á 'Causa Galega' e aos galeguistas -ao igual que acontecera coa obra *O Nacionalismo Galego* de Vicente Risco nos anos vinte e trinta-. A respecto do axir de Castelao e a saída da súa obra cume, afirmaría o ex-deputado peneuvista Francisco Javier de Landaburu (1907-1963), delegado do goberno vasco en París a partir do 1944: *“Los gallegos se están moviendo mucho. La personalidad de Castelao crece. Ha escrito un libro lleno de genialidad y con cosas buenas. Le han dedicado un homenaje las colonias gallegas del Plata. Vuelve a sonar Galeuzca, a cuyo nombre se ha publicado una alocución”³⁴⁴.*

O ensaio *Sempre en Galiza* sería adicado por Castelao a Alexandre Bóveda, a quen cualificou de “home extraordinario”, aseverando Castelao que a súa *“...saudade aínda quixo... [e fixo que visitara] ... devotamente os moitos cemiterios de Galiza onde dormen os derradeiros Mártires da Liberdade, en número incontable. A miña imaxinación viu unha fogueira en cada cemiterio, como outros tantos clamores de xustiza. Pero no de Pontevedra viu unha labarada que chegaba ata o ceo. Era o lume do espírito de Bóveda, que non*

³⁴² Editado por Castelao no ano 1918, condensando en debuxos unha radiografía e crítica socio-política-económica.

³⁴³ Discurso, por certo, pronunciado en galego. *Vid. Anasagasti, Iñaki, Castelao... Op. Cit. p.158*

³⁴⁴ Anasagasti, Iñaki, *Castelao y los vascos*, Bilbao, Ekin, 1985. p.216-217

figura na Santa Compañía dos inmortais, porque non pertence á Historia senón á Tradición, en aroma de lenda. Bóveda terá de ser nun mañá próximo ou lonxano, a bandeira da nosa Redención”³⁴⁵.

4.1.4.-O Galeuzca e o Consello de Galiza.

Desde inicios do 1941 os nacionalistas galegos, vascos e cataláns exiliados procurarían recrear o pacto que os unira desde xullo do 1936 baixo o nome de *Galeuzca*. O certo é que sería concretamente Castelao quen máis se esforzara por relanzar aquel pacto, como ten demostrado o grande estudoso na materia Xosé Estévez, xunto de inicio o presidente vasco José Antonio Aguirre, co que Castelao mantería unha estreita relación. Sería o 9 de maio daquel 1941 cando reeditarían representantes dos tres países aquela unidade patriótica, acordando operar conxuntamente en todo aquilo no que mancomunadamente entenderan oportuno. Pola banda galega serían delegados naquel pacto Castelao, Alonso Ríos e, tamén de inicio, Lino Pérez; en representación dos vascos estarían os peneuvistas Ramón María Aldasoro, José María de Lasarte e Francisco Basterrechea, xunto aos catalanistas Manuel Serrat i Moret, Josép Escolá i Marsá e Pere Más³⁴⁶. Aquele acordo non daría lugar a moita actividade até finais de 1944, cando sería ratificado nun encontro en México, a altura do 22 de decembro³⁴⁷. Aposábanse firmemente dipostos os delegados dos tres países, e os representantes das organizacións patrióticas dos mesmos, que anovaban aquel acordo tripartito a loitar polo seus dereitos de 'liberdade, soberanía e autodeterminación', situándose fronte ao 'fascismo internacional' e intensificando :

“...mediante una acción conjunta de Cataluña, Galicia y Euzkadi, los

³⁴⁵ Daniel Castelao, *Sempre en Galiza*, 2ª ed., eds. As Burgas, Bos Aires, 1961, p. 431

³⁴⁶ Os catalanistas estarían divididos entre aqueles que ficaban arredor do *Consell Nacional Català*, asentados en Londres e favorábeis a Pi i Suñer -que se sumaría nesta altura ao *Galeuzca*, para logo renunciar a el-, e por outra banda os que se consideraban herdeiros da *Generalitat*, asentados en Perpignan, caso de Josep Irla e Josep Tarradellas.

³⁴⁷ No que participarían representantes das tres nacións, mais tamén de partidos e sindicatos nacionalistas dos tres países, nomeadamente, e na seguinte orde, *Comunitat Catalana*, *Partido Nacionalista Vasco*, *Solidaridad de Trabajadores Vascos*, *Partido Galeguista*, *Esquerra Republicana de Catalunya*, *Estat Catalá*, *Acció Catalana*, *Partido Socialista Catalán* e a *Unió de Catalans Independentistes* -que se creara dous anos atrás-.

*esfuerzos que vienen realizando en contra del régimen tiránico y totalitario del General Franco, hasta lograr el completo derrocamiento de dicho régimen*³⁴⁸.

Os galeguistas, lexitimados polos resultados do plebiscito estatutista do 1936, así como das propias eleccións de febreiro daquel ano, e coa presión exercida polos nacionalistas cataláns e, sobre todo, vascos con gobernos operativos no exilio, con maior ou menor fortuna, procurarían a creación dunha sorte de goberno galego alén terra. Sería o *Consello de Galiza* que se daríase a coñecer o 15 de novembro do 1944 en Montevideu³⁴⁹. A iniciativa da súa constitución sería, máis unha vez, de Daniel Rodríguez Castelao, na liña do ex-ministro e deputado do *Partido Nacionalista Vasco* Manuel de Irujo que impulsara tres anos atrás o *Consejo Nacional de Euzkadi*, diante do que se ampliaba o *Consell Nacional de Catalunya*³⁵⁰. E nesa orde de cousas, Castelao por méritos propios sería o primeiro presidente do *Consello* galego, do que farían parte nun inicio os deputados Antón Alonso Ríos, Ramón Suárez Picallo, Elpidio Villaverde (1887-1962) e, ao pouco, Alfredo Somoza³⁵¹.

Segundo a acta de constitución do *Consello de Galiza*, os firmantes da mesma serían “...os únicos deputados galegos que viven refuxiados en Sud-América,e, por espontánea decisión de todos eles, acordan xuntarse nun soio corpo de dirección política para gardar, manter e defender a derradeira

³⁴⁸ “Pacto de Galeuzca firmado en México” in *A Nosa Terra*, xaneiro do 1945, capa.

³⁴⁹ Desenvolvéndose a presentación formal do *Consello de Galiza* no Ateneo da capital uruguiaia o 30 de xuño de 1945. Naquela altura en Arxentina estaban a se desenvolver importantes manifestacións contra o goberno militar autoritario, que arrancara co golpe de Estado de xuño do 1943 e no que se integraría quen a partir do 1946 sería presidente daquel país, Julio Domingo Perón.

³⁵⁰ O *Consejo Nacional de Euzkadi* crearíase o 11 de xullo e o *Consell Nacional de Catalunya*, creado entre o exilio francés e o londinés de primeira hora (1939/1940), ampliaba a súa nómina de integrantes nesas datas a exiliados en América, dando un comunicado con data 24 de agosto daquel 1944 no que propugnaba unha federación dos 'Países Catalans' no marco dunha 'Confederación ibérica' -pouco despois dunha década este Consell sería disolto, entre críticas e diverxencias no catalanismo, nacente en México no 1953 o *Consell Nacional Catalá* nunha liña explicitamente independentista-.

³⁵¹ Alvajar López, Javier, “Apuntes sobre la Delegación del Consejo de Galicia en Europa”, *Anuario Brigantino* nº11, Betanzos, Concello de Betanzos, 1988. pp.125-136

*vontade de Galiza, antramentras dure esta etapa de asoballamento, na que o povo se ve privado de toda expresión democrática*³⁵². Estes deputados actuarían como 'fideicomisarios da vontade legalizada do seu povo', segundo se podía ler no documento fundacional, simbolizando a dirección política de Galiza encamiñada xunto aos gobernos vasco e catalán exiliados a traballar pola reposición democrática no Estado español.

Segundo lembraría o xurista Lois Tobío Fernández, exiliado en Montevideo naquela altura -e central no asesoramento técnico á hora de deseñar o *Consello de Galiza*- este organismo:

*“... tiña a significación de manter viva a idea da liberdade de Galicia nos anos do exilio. O proceso de autonomía quedara truncado, interrompido... e non había, como tiñan os cataláns e os vascos, un goberno no exilio absolutamente legal. O gran mérito daquel Consello sería, primeiro, o reunir a todas as correntes e a todas as sociedades espalladas por América da colectividade galega e, por outro lado, o darlle un sentido (...) político a esa intelixencia ou coherencia das colectividades galegas de América; darlle unha significación que ía máis alá do meramente social, recreativo, cultural... Un recoñecemento da personalidade política de Galicia, non orgánica pero si ideolóxica*³⁵³.

Por aquela altura os galeguistas xunto aos nacionalistas vascos e cataláns impulsaban a revista *Galeuzca*, voceiro durante os doce meses comprendidos entre agosto de 1945 e xullo do 1946, e durante doce números, do devandito pacto tripartito³⁵⁴; tempo no que maior visibilidade tería este acordo no exilio. Aquela publicación, sufragada de inicio polos galegos do

³⁵² “Creación do Consello de Galiza” in *A Nosa Terra*, decembro de 1944, capa.

³⁵³ Entrevista realizada por Xan Leira a Lois Tobío no marco do proxecto *Memoria da Galiza*, dispoñíbel en http://www.culturagalega.org/TV/video_detalle.php?id=722&lyr=1600, último visionado realizado o 25/06/2011.

³⁵⁴ No que, a diferenza de Castelao, o presidente vasco Aguirre xa non estaría tan implicado. Aguirre estaba centrado nas súas relacións co Departamento de Estado norteamericano, quen confiaba nel de cara a recrear o tecido institucional republicano, na tentativa de contar coa presenza dun Goberno republicano na Conferencia de San Francisco do 28 de xuño do 1945, o que para Aguirre significaría minar á ditadura franquista e procurar un recoñecemento explícito ao goberno non só español, senón tamén ao vasco.

Consello de Galiza, segundo afirma Xosé Estévez³⁵⁵, apréséntase como unha fonte histórica de grande interese, na que se reflicte boa parte da actividade daqueles activistas nese tempo, así como o seu pensamento nacionalista arredor da economía, a política, o deseño territorial, entre outros. Cumpría darlle todo o corpo posíbel aos nacionalismo galego, catalán e vasco e o *Galeuzca* e a súa revista homónima serviría de amplificador dos mesmos, procurando os galeguistas converter ao *Consello* nunha institución respetada por toda a *galeguidade* - termo que no tempo do exilio Castelao empregará profusamente, significando con ela non só o nacionalismo galego, senón o conxunto da Galiza expatriada- e a oposición toda ao franquismo. A tal efecto serían diversas as xestións que Castelao desenvolverían de cara a que se integrara no *Consello de Galiza* o pontevedrés Manuel Portela Valladares. Ex-presidente do goberno na II República, contaba cun enorme prestixio como político, malia a campaña difamatoria á que o tiña sometido o franquismo. Portela sumaríase finalmente meses despois de se fundar o *Consello de Galiza* naquel organismo. Diante da súa aceptación no mes de xullo do 1945 escribiríalle a Castelao, afirmando:

*“Soupen de cómo erguera os corazóns dos nosos irmáns... E agora leo a sua grande, a sua fonda labra pra que froitifique na América a loucura pol-a redenzón, pola liberdade, pol-a xusticia da nosa terra (...). Escoito adentro de min (...) e non atopo máis que unha voz, rexa, limpa, fera: ¡Galiza! (...). Eu alcontro ben a acta de constitución do Consello de Galiza, e no seu punto a salvedade do antiseparatismo (...). o meu pensamento é que nós temos tanto dereito como o que máis ao goberno interior (...). A constitución política da Hespaña debía sere coma a dos U.S.A.”*³⁵⁶.

Cando nesta liña se pronunciaba Portela Valladares, viña de se desenvolver a Conferencia de San Francisco³⁵⁷, na que parte dos exiliados

³⁵⁵ Vid. Estévez Xosé, *Castelao e o Galeuzca*, Compostela, Laiovento, 2002. p.68

³⁵⁶ “Adhesión de Don Manuel Portela Valladares ao Consello de Galiza” in *A Nosa Terra*, xullo 1945, capa.

³⁵⁷ Desenvolvida entre o 25 de abril e o 26 de xuño do 1945 na cidade norteamericana que deu nome ao encontro.

depositaran especial confianza, caso do lehendakadi José Antonio Aguirre e diante da que os galeguistas pouco interese amosarían³⁵⁸. O certo é que este encontro, do que derivaría a 'Carta de Nacións Unidas'³⁵⁹, non daría como resultante variación algunha no 'problema español', polo que cumpría seguir avanzando nas fronteiras que abriera cada quen. Castelao daquelas tentaría normalizar, así mesmo, a relación entre o galeguismo que se desenvolvía en liberdade alén mar e aquel que ficara no interior do país, procurando politicamente un xogo entre as dúas bandas, no que o xénero epistolar, vixiado pola censura, sería central. O galeguismo do interior reconstruído a partir do 1944, coa figura central de Ramón Piñeiro, tema do que nos ocupamos máis adiante, non gustaría en absoluto da integración de Portela Valladares³⁶⁰ no *Consello de Galiza* e, tampouco, da propia creación daquel organismo e da iniciativa no seu conxunto de Castelao, dado que entendían que a dirección do galeguismo naquel tempo tiña que ter sede na propia Terra. Na falta de lexitimidade daquel *Consello* coincidían outros galeguistas situados no exilio, por exemplo este sería o caso daqueles asentados en México e liderados por Luís Soto, tal e como se verá. Sexa como for, Castelao tentaría afianzar o prestixio e labor do *Consello de Galiza*, procurando vasos comunicantes cos todos os grupos galeguistas existentes naquel exilio nunha ardua campaña, dándolle corpo a alianza *Galeuzca*.

Aquel prestixio había que facelo notar non só entre o galeguismo, tamén no exilio político español. Castelao faría o posíbel, nesta orde de cousas, por difundir a existencia e lexitimidade daquel organismo. Con todos os políticos españois cos que se escribía faría mención ao *Consello*, encabezando boa parte das súas epístolas como presidente do mesmo. Insistiría Castelao e os restantes parlamentarios galegos eleitos democraticamente, no xa lonxe 16 de febreiro de 1936, na necesidade de retomar a aprobación do Estatuto de Autonomía galego.

A tal efecto, os membros do *Consello de Galiza* marcharían cara México con data 1 de outubro do 1945, unha vez foron convocadas as Cortes

³⁵⁸ "Antes la Conferencia de San Francisco" in *A Nosa Terra*, abril do 1945, capa.

³⁵⁹ E a conversión da *Sociedade de Nacións* na *Organización de Nacións Unidas* (ONU).

³⁶⁰ Integración, en todo caso, que non pasaría da adhesión de Portela ao *Consello de Galiza*.

españolas no exilio para novembro daquel ano. Entendían necesario chegar unhas semanas antes para establecer contacto directo cos parlamentarios das Cortes republicanas e facerlles comprender a necesidade da Autonomía galega. Os galeguistas antes de chegar a México pasaran e fixeran escala por outros países, onde os agardaban outros activos do nacionalismo galego. Castelao e Elpidio Villaverde saíran do aeródromo arxentino de Morón camiño de Montevideo, facendo a rota aérea do Atlántico. Na capital uruguia entrevistáranse cos galeguistas e os directivos de *Galeuzca* aló asentados, caso dos nacionalistas galegos Jesús Canabal Fuentes (1897-1985), empresario e presidente da *Irmandade Galeguista*, Luís Luna, Francisco López Maseda, presidente e secretario, respectivamente, da *Casa de Galiza* de Montevideo e José Lorenzo Goenaga, directivo da mesma. Acompañaríaos o parlamentario peneuvista José María de Lasarte Arana (1912-1974)³⁶¹, íntimo de Manuel de Irujo e importante activo do propio pacto galego, euskadún e catalán. Após estaren en Montevideo farían escala en Río de Janeiro, onde igualmente se entrevistarían con diversos compatriotas e portugueses antisalazaristas³⁶². Antón Alonso Ríos saíra cara México vía Mendoza, facendo a rota aérea do Pacífico, onde o núcleo de galeguistas organizados naquela cidade o agardara no aeródromo. De Mendoza marcharía Alonso Ríos a Santiago de Chile, onde se sumaría o tamén deputado Ramón Suárez Picallo á delegación do *Consello de Galiza* que participaría das Cortes no exilio. A estes dous se lles sumarían o deputado catalán Pelayo Sala Berenguer, de *Unión Socialista de Cataluña*, e o socialista vasco Miguel Amilibia Machimbarrena (1901-1982), último parlamentario vasco que abandoara Bilbao, case unha década atrás, diante da ocupación fascista³⁶³.

³⁶¹ Lasarte fora o encargado de crear e desenvolver, por indicación do lendakari José Antonio de Aguirre, os servizos de información vascos diante da constitución do primeiro goberno vasco á altura do 7 de agosto do 1936.

³⁶² Os portugueses mandarían un saúdo aos republicanos reunidos nas Cortes españolas.

³⁶³ Machimbarrena fora xefe da 'Xunta de Defensa de Guipuzcoa', loitando na fronte de Irún e Avilés como tenente de artillería. Logo de ser o último parlamentario que marcharía de Bilbao no 1937, poría rumbo cara Cataluña, asentándose en Franza no 1939, até que marcharía para América do Sul no 1942 fixando a súa residencia en Bos Aires. Se ben fora

A este teor pronto se vería a importancia do *Consello de Galiza*. Cando non había grupo organizado do exilio galego interesado en relanzar a iniciativa en favor do Estatuto de Autonomía galego, a constancia de Castelao ao respecto faría que o 7 de novembro do 1945 as Cortes republicanas no exilio alén mar retomaran esta cuestión, reuníndose no Palacio do Departamento Central, diante da céntrica praza mexicana do Zócalo. Dous días despois, nunha longa xornada, na terceira sesión daquelas Cortes, quedaría constituída a Comisión de Estatutos e, nomeadamente, a Comisión do Estatuto Galego da que participarían en representación nacionalista galega de xeito decisivo Elpidio Villaverde, Castelao, Alonso Ríos e Suárez Picallo. Nesa sesión desenvolvida o 9 de novembro a partir das catro e media do serán, de seis horas de debate, finalmente sería aprobado o articulado estatutario galego, coa colaboración de dous deputados galegos que se sumarían ás reclamacións dos parlamentarios que integraban o *Consello de Galiza*: o socialista ferrolán Edmundo Lorenzo Santiago (1893-1973), que acabaría participando no *Consello de Galiza*, e o centrista boirense -amigo persoal de Castelao desde a mocidade- Ramón Fernández Mato (1889-1980)³⁶⁴. Daría lugar aquela intervención galega a unha declaración ministerial que proclamaba o dereito de Galiza a súa autonomía e decretaba o traspaso de transferencias ao goberno autónomo, “...a fin de que sus instituciones puedan funcionar desde el principio con las posibilidades económicas necesarias”³⁶⁵.

Os nacionalistas conseguiran facer xirar en grande medida os debates naquelas Cortes españolas arredor da cuestión nacional galega, intelixentemente no marco da ordenación democrática da Península Ibérica. Segundo Antón Alonso Ríos chegaría a escribir, compría destacar que:

militante do PSOE, por estas datas racharía con este partido, sumándose a un nacionalismo que o levaría, mesmo, a participar da organización abertzale *Herri Batasuna* a partir do 1978, tras o seu regreso, un ano antes, a Euskadi.

³⁶⁴ Fora eleito nas eleccións do 16 de febreiro do 1936 *Partido del Centro Democrático*, creado *ad hoc* polo tamén galego Manuel Portela Valladares, organización que obtería dezasete escaños. Sería nomeado Director Xeral de Seguridade nos gobernos republicanos de Lerroux, Portela e Casares Quiroga. No exilio dirixiría o xornal *La Nación* na República Dominicana até 1965 que regresaría a Galiza.

³⁶⁵ “O Gobierno de Giral reconoce o dereito autonómico de Galiza” in *A Nosa Terra*, novembro-décembro de 1945, p.6

“Na declaración ministerial hai dous puntos que se complementan: o recoñecemento do dereito de Galiza a súa autonomía i-un saúdo aos demócratas portugueses. Estas dúas alusións, levadas pol-o Consello de Galiza a declaración ministerial, tiveron na cámara un efecto máximo: 'diputados e público percibiron que Galiza tiña reservada unha misión trascendente no grande cometido da integración política da península'. E todos tiveron a evidencia de que na autonomía de Galiza iba implícito o máis trascendental problema político dos povos hispánicos”³⁶⁶.

Daniel Rodríguez Castelao fora, como en tantos outros procesos, central. Nas semanas previas aos debates das Cortes, na súa relación con Giral e outros membros do goberno español no exilio, así como con outros deputados.

Logo de ter pasado polos tres chanzos regulamentados a tal fin pola Constitución republicana do 1931 (Asemblea de Concellos, Plebiscito e, finalmente, debate e aprobación parlamentar a nivel español), Galiza contaba co seu Estatuto autonómico. Sería esta unha data de celebración, logo de anos de arduo traballo diante do que Castelao gañaba maior lexitimidade e, con el, o propio *Consello de Galiza* e o nacionalismo galego exiliado con sede en Bos Aires. Aquela aprobación tivera ao propio *Consello* como institución a partir da que vehiculizar a demanda daquel simbólico Estatuto ao goberno republicano.

O labor en favor do Estatuto dábase por rematado con éxito, practicamente unha década despois de ser plebiscitado na Galiza republicana. Isto é o que se pode extraer da ponencia que Daniel Rodríguez Castelao desenvolverá, ao seu regreso a Bos Aires, diante da *Irmandade Galega*. Esta organizara un recibimento dos parlamentarios galegos, membros do *Consello de Galiza*, onde o novo presidente da irmandade, Daniel Calzado Poceiro (1891-1972)³⁶⁷, daríalles a benvida en nome dos nacionalistas galegos naquel

³⁶⁶ Ríos, Antón, “Tónica das Cortes españolas en México” in *A Nosa Terra*, decembro de 1945, p.3

³⁶⁷ Calzado fora alcalde galeguista de Tomiño (Pontevedra), a súa localidade natal. Agrarista e xornalista, sería director de diversas publicacións antes da II República, caso de *El Agro de Tomiño*, que fundaría. Ocupou varias responsabilidades na agrupación “Celta” do *Centro*

acto celebrado o 11 de decembro do 1945, catro días após o seu regreso. No acto tomarían a palabra Castelao, Alonso Ríos e Elpidio Villaverde, non así Suárez Picallo que de México regresara para Santiago de Chile. Acordaba daquela a *Irmandade Galega* dar conta do resultado positivo en relación ao Estatuto de Autonomía por parte dos membros do *Consello de Galiza*³⁶⁸.

4.2.-Castelao ministro

Para o caso do interior o autor do *Sempre en Galiza* era consciente da falta de entendemento dada con Piñeiro, procurando outros interlocutores na Galiza. Para o de Rianxo, e non só, Francisco Fernández del Riego era a persoa indicada que podería actuar como ponte que unira ambas beiras. A este respecto son ben significativas as seguintes palabras que escribiría o exiliado galeguista Luís Seoane a Del Riego, após unha carta deste último:

“Quixera que esta correspondencia que encetache, con esa carta peregrina que contesto hoxe, se continuase entre nós, pois aínda que teñamos perdido o contacto persoal hai moitos máis anos que os que eu desexaría que pasasen, tivemos noticias a miúdo a través de cartas escritas a amigos nosos de aquí e dagún viaxeiro.

Da nosa vida supómosvos enterados por Prada. Temos traballado moito, con sorte ou sin ela. De calquera xeito, facendo de todo, pero tentando en cada momento facer honor coa nosa condvta e labor a Galicia. Cuadrado e mais eu fundamos dúas editoriais dedicadas a publicar en parte libros galegos. Idea que tivemos que abandonar por falta de eco na emigración, non sin antes publicar uns cincuenta libros que, polo menos, quedarán e darán idea da nosa permanencia aquí”³⁶⁹.

Galego de Bos Aires.

³⁶⁸ “Importante reunión da Irmandade Galega” in *A Nosa Terra* nadal 1945 (capa)

³⁶⁹ Carta datada en Bos Aires, 28 de xaneiro de 1947 in *Cartas de Luís Seoane desde o exilio*, Sada, Edicións do Castro, 2002. p.23

Entre ese traballo que Seoane referenciaba estaba a propia creación do *Consello de Galiza* e a loita por organizar á colectividade galega en clave patriótica. Nesa tarefa sería, como se marcou, obxectivo central a mocidade. Na altura na que Seoane tenta relanzar a súa relación con Del Riego e o interior, Castelao viña de ser designado ministro sen carteira do goberno de José Giral Pereira, cargo que ocuparía entre 1946 e 1947 trasladando a súa residencia á capital francesa. Ese nomeamento facíase xunto ao de Santiago Carrillo (1915-2012), representando o primeiro a 'todos os partidos antifalaxistas galegos' e este último aos comunistas españois³⁷⁰ e logo de que catalanistas e nacionalistas vascos se virán integrados naquel goberno republicano no exilio³⁷¹. Giral enviáballe un telegrama a Castelao con data 22 de marzo daquel 1946 no que se podía ler: “Ampliando Gobierno entrada comunista federal derecha republicana acepte puesto representación galleguista stop Conteste calle Boulevard Jourdan Saludos Cordiales”; respostando pola mesma vía o galego: “Acepto representación honrosa en Gobierno su presidencia estimulado además por deseos fuerzas interior y confianza colectividades gallegas América stop Agradecido salúdole cordialmente”³⁷².

Castelao integrábase no ampliado Goberno Giral, sabendo que contaba co beneplácito do galeguismo de alén³⁷³, e neste caso tamén, de aquén mar. O galeguismo que se estaba a rearticular na Galiza fixera o posíbel, a cabalo do 1944 e 1945, por convencer aos seus socios antifranquistas da necesidade de contar con presenza no goberno español no exilio. Aquela representación galeguista e a asunción, por parte daqueles parceiros, da reivindicación do Estatuto de Autonomía sería condición para que aquel galeguismo relanzado fixera parte da *Alianza Nacional de Fuerzas Democráticas* (ANFD). Unha vez

³⁷⁰ “A reorganización do Goberno de Xiral” in *A Nosa Terra*, abril do 1946, capa.

³⁷¹ O goberno Giral desde o seu inicio, en agosto do 1945, integrara a Manuel de Irujo (1891-1981) polo PNV e Miquel Santaló i Parvorell (1887-1962) por ERC, ministros de industria e comercio, así como de instrución pública, respectivamente.

³⁷² “Telegramas cambiados entre Giral e Castelao” in *A Nosa Terra*, abril do 1946, capa.

³⁷³ Ora, hai que lembrar que *Bloque Republicán Nazonal Galego* era favorábel a que o ministro en representación a Galiza fora Portela Valladares, que estaba situado naquela altura do *Partido Comunista Español*, de aí que Enrique Líster tamén o apoiara.

esta aceptara a candidatura de Castelao, Ramón Piñeiro desprazaríase en febreiro do 1946 a París para trasladar a proposta en nome da homóloga galega da ANFD, a *Xunta Galega de Alianza Democrática*³⁷⁴; igualmente o cenetista galego Xoán García Durán facía o propio en representación da *Alianza Nacional de Fuerzas Democráticas*. Aquel breve período de negociacións para que Castelao, como o máis significado galeguista do exilio, fixera parte do goberno Giral deu lugar a un cruce de epístolas entre Castelao e Piñeiro, así como entre Piñeiro e o vasco José de Rezola, de sumo interese.

Aceptaba Castelao ser ministro por ver representado ao seu país naquel goberno e por contribuír ao reforzo daquel goberno republicano no exilio; que vía debilitado o seu axir de maneira continuada por amiazas esóxenas, nomeadamente as vinculadas coa ditadura franquista, mais tamén endóxenas, vinculadas ás diverxentes liñas que existían no seo daquel goberno³⁷⁵. Castelao tamén sería apoiado decididamente para esta nova responsabilidade polas delegacións vascas e catalás, sobre todo polo xa ministro Manuel de Irujo, que semella sería determinante. Atrás quedaban as queixas de Castelao en relación á falta de apoio demostrada de inicio por aqueles nacionalistas vascos e cataláns na candidatura galeguista e polos primeiros seren favorábeis, fronte a súa persoa, de Portela Valladares³⁷⁶.

³⁷⁴ Hai sobrada documentación que dá conta de que Piñeiro estivo naquela altura en París, entrevistándose con catalanistas, nacionalistas vascos e membros do goberno exiliado. Ora, o anarquista galego García Durán, responsábel orgánico daquela *Xunta Galega* e da ANFD, ten afirmado que a París con aquela encomenda fora el en nome, fundamentalmente, da ANFD. Cuestión da que tratamos páxinas adiante cando abordamos a reorganización do galeguismo aquí terra.

³⁷⁵ Existía a proposta de que fixera parte como ministro do goberno Giral Portela Valladares, en vez de Castelao. Era a postura de inicio, curiosamente, do lehendakari Aguirre por entender que Portela tiña un relevo internacional do que non gozaba Castelao. Semella que Manuel de Irujo, ministro de Giral naquel tempo, convenceu a Aguirre de que defendera a Castelao, xunto aos galeguistas do interior para esta súa integración no goberno republicano exiliado, intercedendo en favor do galego fronte o propio Giral -con quen Castelao arrastraba mala relación por Castelao telo ridiculizado en varias ocasións no tempo previo ao exilio-

³⁷⁶ “Dos demais non recibín resposta ningunha e, como ben vedes, Aguirre e Irujo xa se esqueceran do tratado con eles. Moita amizade, moito agarimo; pero até hoxe ninguén se xogou por nós” in Castro, Xavier, *Castelao e os galeguistas... Op. Cit.* p.299

Aínda aceptando a responsabilidade de ser ministro, Castelao non marchaba de boa gana para París. Castelao achaba máis produtiva a súa presenza en América do Sul e non nun entorno europeo que estaba, ao seu ver, presidido por 'conspiradores'. En carta privada a Rodolfo Prada afirmaría o de Rianxo: “...vergónza me dá o ser ministro! ¡Bó é que somentes vou ser membro dunha Xunta de conspiradores de París! Se fracasamos, teñamos pol-o menos alegría...!”³⁷⁷.

En perspectiva, podemos afirmar que Castelao non estaba desencamiñado nas súas afirmacións. Aquela súa marcha cara París deixaría un oco profundo na colectividade galega americana, e se temos presente que tamén marcharía cara a capital francesa o vasco José María de Lasarte e o catalán Manuel Serra i Moret, entre outros, daría lugar, aliás, ao debilitamento de parte da engrenaxe que retroalimentaba as actividades e proxecto galeuzcano. Así o manifestaba o pacto tripartito a través da súa publicación, que deixaría de se editar pola marcha de Castelao, fundamentalmente, o seu grande alentador xunto algúns nacionalistas vascos e cataláns. Realidade que se afirmaba implicitamente no último editorial da publicación:

*“Los hombres que orientaban la revista, los que con sus juicios nos guiaban en el trabajo, unos han salido ya para Francia, y otros están a punto de marchar. Con ellos se va 'Galeuzca', y allí, en la noble, culta y acogedora nación francesa volverá a aparecer, para luego, cuando la libertad sea devuelta a los pueblos ibéricos, salir en Barcelona, en Bilbao, en Santiago, donde más convenga a los intereses de los tres pueblos que quieren servir”*³⁷⁸.

A Galiza expatriada con sede en Bos Aires tributaríalle a Castelao unha cea-homenaxe polo seu nomeamento, desenvolvida o 11 de maio daquel ano no Centro Ourensán. Nas instalacións daquel centro, sede da *Irmandade Galega*, medio milleiro de galeguistas se congregaban para despedir ao autor do *Sempre en Galiza*, en acto de recoñecemento ao traballo que levaba

³⁷⁷ Arquivo da Fundación Castelao. Agradecemos que nola amosara noutrora Carme Varela, recién depositada na devandita entidade polos familiares de Rodolfo Prada.

³⁷⁸ “Galeuzca a Francia” in *Galeuzca* nº12, xullo 1946, p.531

desenvolvido naquel duro exilio no que non renunciara por un momento á súa militancia nacionalista. Sería o médico Ramón Rey Baltar, vicepresidente da *Irmandade Galega* de Bos Aires na súa fundación, o encargado de abrir o acto cun discurso, logo da presentación protocolarias que correra a cargo de Enrique González. Aquel distinguido membro da bonaerense loxia Antolín Faraldo de exiliados galeguistas³⁷⁹, afirmaría que o nomeamento dérase polas cualidades de Castelao e non a intrigas, senón, alén do indicado, :

*“... a imposición das forzas de resistencia do interior e ao apoio das sociedades galegas de América”*³⁸⁰.

Na resposta que faría Castelao afirmaría que el non buscara ser ministro español, que o que quería era chegar a ser presidente da Galiza, despertando os aplausos durante minutos das e dos asistentes ao acto, quen lle agasallaría cunha bandeira galega feita de ‘seda e co escudo da Galiza bordado en ouro e prata’. Esta bandeira sería concebida como a ‘bandeira do primeiro goberno galego no exilio’.

Semanas despois Castelao e a súa compañeira Virxinia Pereira marcharían cara París. O 27 de xullo dispúñanse a marchar cara a capital francesa desde o bonaerense Puerto Nuevo, embarcando no buque ‘Campana’. Diante da súa marcha congregáranse dúcias e dúcias de galeguistas que acabaría cantando o himno galego, aos que se sumaría o propio Castelao emocionado. Quedaba un sentimento de perda naquela colectividade galega militante pola marcha do galeguista que expresaría os responsábeis de *A Nosa Terra* de xeito excepcional:

“O seu carácter bondadoso, a súa sinxeleza e, sobre todo, a súa pureza de ideas e de conduta habíanlle granxeado unha estimación xeneral, que

³⁷⁹ Ramón Rey Baltar sería impulsor daquela loxia masónica, de nome ben evocador, xunto a Lois Seoane, Arturo Cuadrado, Gumersindo Sánchez Guisande, director do Centro Médico do Centro Galego de Bos Aires -nourora de *Izquierda Republicana* e fervoroso nacionalista, admirador da figura de Castelao-, Elpidio Villaverde e Eduardo Blanco Amor. Entre outras iniciativas, os integrantes daquela Loxia fundaron o ‘Fogar galego para anciáns’, refrendado, como outras iniciativas súas, pola *Irmandade Galega*.

³⁸⁰ “Homenaxe a Castelao” in *A Nosa Terra*, abril-maio 1946, p.5

*ninguén foi capaz de disminuir. Un fondo vacío queda oxo na coleitividade galega de Bós Aires. ¿Cómo enchelo? Non hai posibilidade. Castelao é úneco. Contra del naide pode erguerse. Ninguén o pode substituir*³⁸¹.

Xa en París Castelao exercería como representante galego no goberno español, tendo a oportunidade de tratar directamente cos galeguistas que anos atrás aló se asentaran. Castelao reencontrábase con aquel 'niño de conspiradores', como graficamente describira París na súa primeira etapa de exilio logo da ocupación de Barceolana polos golpistas no 1939. Tomaría contacto Castelao con Plá Fernández, mais brevemente. Este non obedecería antes ás dinámicas propias do galeguismo no exilio, como ás marcadas por aqueles que desde o interior se estaban a organizar lonxe do epicentro bonaerense, e non o ía facer agora con Castelao en París. Plá, como vimos, será neste tempo cando se referiría a Castelao como 'axente propagandístico ao servizo dos comunistas'; unha información que trasladaba ao daquelas secretario político dos galeguistas do interior, Fermín Penzol Labandeira (1901-1981)³⁸², nun contexto no que existía unha forte rivalidade entre os referentes do nacionalismo no interior cos do exilio en relación á lexitimidade coa que contaba cada quen e cal tería que ser a práctica e liña a seguir polo galeguismo.

A tensión entre o interior -Piñeiro- e Castelao tería un punto álxido nesta altura, dado que os galeguistas do interior entendían que o novo ministro galego debía seguir as súas directrices. Pola contra, o propio Castelao marcaría o seu actuar en ligazón cos membros do *Consello de Galiza* e os aliados de *Galeuzca* cando, segundo o seu criterio, correspondera. O principal e insalvável desencontro a este respecto derivaría do enfrontamento directo de Castelao coas posturas do socialista Indalecio Prieto³⁸³. Este era especialmente belixerante co nacionalismo galego e furibundo anticomunista, favorábel a mediados dos anos corenta do pasado

³⁸¹ "Castelao parte para Franza" in *A Nosa Terra*, xullo 1946, capa.

³⁸² Cfr. Martínez González, Xurxo, *Luís Soto...* p.69

³⁸³ Indalecio Prieto (1883-1962) lideraba naquela altura aos activos do PSOE máis contrarios á cuestión nacional galega, vasca e catalá. Daquelas responsábel da *Junta Española de Liberación* (1943-1945), integrándose no goberno Giral por proposta deste.

século ao pacto coas forzas monárquicas contrarias a Franco, alén das dinámicas gobernamentais³⁸⁴, táctica, por certo, coa que os galeguistas do interior coincidían xunto cataláns e vascos. Era un presuposto que estaba arroupado polo goberno británico e que pasaba pola reposición monárquica en España, coa entronización de Juan de Borbón y Battenberg³⁸⁵; deseño co que Castelao, profundamente republicano e democrata, non coincidía.

Obsérvese como diante da disxuntiva presentada Castelao, novamente, non só tiña unha concepción clara da súa acción como representante da Galiza no goberno español, senón tamén dese propio goberno e dos vieiros polos que este debería transitar -acreditando firmemente na reposición gobernamental republicana, mais non a calquera prezo-. Sexa como for, a diverxencia existente na táctica a seguir faría caer ao segundo goberno presidido por José Giral e remataría daquelas a presenza e acción ministerial de Castelao³⁸⁶. O autor de *Sempre en Galiza*, regresaría decepcionado cara Bos Aires desde a capital francesa, vendo agudizadas as tensións cos galeguistas organizados na Galiza, que o acusaban de ter sido un simple ministro de Giral, renunciando a ser 'o ministro das forzas democráticas e autonomistas do interior de Galicia', como afirmaría Piñeiro³⁸⁷. Tamén empiraran as relacións cos galeguistas integrados en Franza no BRNG, con Plá á cabeza; integrados plenamente na dinámica do PCE e favorábeis desde un inicio á candidatura de Portela Valladares.

Estes insistían na súa participación política e o seu control daquel exilio, malia a súas mínimas forzas. Piñeiro, de feito, participara das conversas

³⁸⁴ Tomando como referencia fronte ao ditador Francisco Franco a Juan de Borbón e non ao presidente da República no exilio.

³⁸⁵ Este, co visto e prace do seu pai -Alfonso XIII-, tentara sumarse aos golpistas diante da sublevación militar reaccionaria de xullo do 1936, cruzando os Pirineos cara territorio ibérico por Dantxarinea (Nafarroa), recibindo a repulsa daqueles ao seu paso por Aranda de Duero e regresando ao seu exilio europeo após conversa co xeneral Fidel Dávila.

³⁸⁶ Tórnase de especial interese a investigación realizada por Xoán Carlos Garrido Couceiro arredor de Castelao no goberno Giral. *Vid.* Garrido Couceiro, Xoán Carlos, "A actividade política de Castelao no exilio: Castelao ministro" in *Actas do Congreso Internacional O exilio Galego*, Compostela, Consello da Cultura Galega, 2001, pp.343 -350.

³⁸⁷ Piñeiro, R. "Documentos políticos" in *Grial. Revista Galega de Cultura*, nº111 (xullo-setembro 1991), p.373.

desenvolvidas en París en favor da saída respaldada polo *Foreign Office* británico. Ora, parecía obvio que aqueles galeguistas do interior non podían desenvolver un traballo continuador do nacionalismo de preguerra; asasinados, presos, agachados ou exiliados, dunha banda, os cadros do nacionalismo de preguerra, e sometido o país, doutra, a unha forte represión - que daba lugar a un medo que calara na maioría social golpeada pola fame-, non eran de agardar nestes anos grandes adhesións ao galeguismo na Terra, así como contar con posibilidades reais dunha oposición interior maciza ao franquismo.

4.2.1-Regreso de París e morte de Castelao

Castelao regresaría da capital francesa a Bos Aires, tendo sido unha experiencia altamente decepcionante para el o seu tempo de ministro no goberno Giral Pereira. Con sesenta anos cumpridos, e tendo perdido case por completo a vista, Castelao recibira un duro golpe ao ver que o goberno republicano español esmorecía e as liberdades parecían ficar máis lonxe que antes de aceptar o cargo ministerial. Castelao naquela altura recluírase, centralmente, no ámbito exiliado galeguista arxentino e uruguaio. A partir do seu regreso a Bos Aires tentaría redixir o que tería que ter sido o segundo volume de *Sempre en Galiza*. Volvía gradualmente tomar forzas en favor da 'Causa Galega', mesmo participando no acto organizado polo Centro Galego no 'Teatro Argentino' co gallo do Día de Galiza do 1948, recibindo ovacións continuas das e dos presentes, que volvían ver ao Castelao de oratoria máis sobresaínte. Con todo, aquela sería a última intervención pública do nacionalista. Aquel segundo volume da que pasaría a coñecerse, desde esas datas, como a *Biblia* do galeguismo tería que abandonala Castelao, xunto a calquera outra actividade pública, por mor dunhas dores que xa en París o abordaran³⁸⁸. Logo de probas -que confirmarían a existencia dun cancro- e reclusión durante meses, nomeadamente ao longo de finais do 1948 e 1949, no mesmo apartamento no que morara xunto a súa dona Virxinia Pereira desde a súa chegada a Bos Aires, sería Castelao internado o 2 de xaneiro do

³⁸⁸ Na capital francesa non lle darían confirmación da doenza, mais xa apuntaban os médicos consultados que todo apuntaba cara un cancro.

1950 no Sanatorio do Centro Galego, baixo o coidado dos doutores galeguistas Gumersindo Sánchez Guisande e Ramón Rey Baltar. Guisande e o tamén doutor Miguel S. Pastor procederían a una complexa intervención cirúrxica da que Castelao xa non espertaría. Así se indicaría desde as páxinas dun especial de *A Nosa Terra*, editado en lembranza do nacionalista:

“...apesares da abnegación dos doutores Gumersindo Sánchez Guisande e Miguel S. Pastor, que non se arredaron nin un sô intre do leito do ilustre enfermo, éste non reaccionou da delicada operación quirúrxica a que fora sometido, e ao fío das 23 horas da noite do sábado 7 de xaneiro, sutíu pra Eternidade o grande home que perante toda a súa vida fixo un culto do amor a Galiza e ao seu povo, e que loitou arreo pol-a súa liberdade”³⁸⁹.

O corpo de Castelao sería envolto na bandeira que os exiliados lle entregaran diante da súa marcha cara París, sendo esta para aqueles ‘unha reliquia histórica da nosa patria’³⁹⁰. O seu corpo ficaría no *Centro Galego* nun velorio no que miles de galegas e galegos lle darían o último adeus. Sairía do *Centro Galego* o féretro co galeguista, entre dúas fileiras das enfermeiras daquela institución, portado a pulso por Manuel Puente, presidente da *Irmandade Galega* e Lisardo Rodríguez, pola *Federación de Sociedades Galegas*, na cabeceira, xunto ao secretario do *Consello de Galiza*, Antón Alonso Ríos e Xosé Villamarín, presidente do *Centro Galego*, entre outros directivos da colectividade galega. Ao seu funeral asistiría unha multitude. O corpo embalsamado de Castelao³⁹¹ descansaría no cemiterio da Chacarita, onde o *Centro Galego* construíra tempo atrás un monumental panteón.

Diversas misas foron organizadas alén mar, mais tamén na Galiza, concretamente en Rianxo e Compostela, das que o sacerdote e investigador galego Xesús Carro García (1884-1973) daría conta nunha carta a Rodolfo

³⁸⁹ “Crónica da enfermidade, morte i enterro de Castelao” in *A Nosa Terra* [número especial adicado a Castelao], 25 de xullo 1950, p.4

³⁹⁰ Xunto a bandeira, os galeguistas espallaran no féretro terra galega -traída tres días atrás da morte de Castelao-, *ad hoc* por Perfecto López, tal e como Castelao deixara marcado.

³⁹¹ Non só sería embalsamado o corpo de Castelao, o escultor Domingo Maza faría igualmente un molde coa súa faciana e a súa man dereita.

Prada. Aquén terra en diversas publicacións aparecía a nova do pasamento de Castelao, entre a censura que o franquismo decretara. Castelao seguía a ser unha referencia apés o seu pasamento alén e aquén mar, marcando a súa desaparición física un punto de cesura. As autoridades franquistas tiñan medo de que a morte de Castelao significara unha reactivación do nacionalismo na Galiza, situándose o foco sobre unha realidade -o exilio, amplamente entendido- que descoñecían a maior parte dos escolares alfabetizados polo franquismo desde o inicio da ditadura e que calaran por medo a represalias a maior parte daqueles que sabían dela. A primeira hora do día seguinte á morte de Castelao desde a *Dirección General de Prensa* franquista enviárase ás redaccións de todos os xornais a seguinte nota aclaratoria:

"Habiendo fallecido en Buenos Aires el político republicano y separatista gallego Alfonso Rodríguez Castelao se advierte lo siguiente:

La noticia de su muerte se dará en páginas interiores y a una columna. Caso de insertar fotografía, esta no deberá ser de ningún acto político.

Se elogiarán únicamente del fallecido sus características de humorista, literato y caricaturista.

Se podrá destacar su personalidad política, siempre y cuando se mencione que aquella fue errada y que se espera de la misericordia de Dios el perdón de sus pecados.

De su actividad literaria y artística no se hará mención alguna del libro 'Sempre en Galiza' ni de los álbumes de dibujos de la guerra civil.

Cualquier omisión de estas instrucciones dará lugar al correspondiente expediente".

A presenza magna de Castelao, aínda morto, e o respecto que por el se profesaba en ambas bandas do Atlántico, darían lugar a que algúns medios de comunicación de aquén mar procuraran sortear a censura, a risco de sanción. Alén da imaxe desposuída dos ideais de Castelao que o franquismo quería se estendera del, *La Noche. Único diario de la tarde en Galicia*, dirixido polo

navarro José Goñi Aizpurua, introduciría a nova do falecemento do nacionalista no exilio, integrando na capa do seu suplemento dos sábados, a catro columnas, o artigo de Valentín Paz Andrade *Castelao. El hombre y el artista*³⁹², acompañado no interior dun outro artigo, asinado co pseudónimo L., mais da autoría de Francisco Fernández del Riego, intitulado *Morreu o grande artista*. Este feito faría que o suplemento fora censurado e pechado, finalmente o 28 de xaneiro daquel ano³⁹³, realidade que nos destacaría noutrora o que sería director de *La Noche* a partir do 1960, Raimundo García Domínguez, *Borobó* (1916-2003)³⁹⁴.

Aquela Galiza, malia as fendas que intelixentemente abrían algúns demócratas, estaba totalmente dominada polos franquistas e o medo que socializaran calculadamente entre a sociedade a partir do 1936. Segundo afirmaría dous anos máis tarde do pasamento de Castelao o veterano arredista Moisés da Presa -noutrora da *Sociedade Nazionalista Pondal*- a partir dunha viaxe clandestina que fixera ao país, “ [os nosos lugares, corredeiras e rúas verían normalizada unha] ...noxenta presenza de falanxistas chulos e provocadores condecorados con ringleiras d’iñocentes ‘paseados’ que no seu día serán vengados (...) E encanto ao povo, o verdadeiro povo, sofre fame recesa de quince longos anos e o peor, que se lle non olla solución ao problema, e como consecuencia desta dramática situación a tuberculosis é unha realidade espantosa –no agro, vilas e cibdades- principalmente infantil...”³⁹⁵ froito, fundamentalmente, da fame. Esta realidade sería cruamente descrita por Dapresa³⁹⁶, a partir de cinco meses de andaina polo país. Levaba trinta anos fóra da Terra e vía como a Galiza ficaría ocupada pola tiranía falanxista, responsábel da censura e persecución do propio, autora de panfletos nos que se podía ler:

³⁹² Paz Andrade, Valentín, “Castelao. El hombre y el artista”, *La Noche. Suplemento del sábado* nº13,14/01/1950, capa

³⁹³ Sacando,entre tanto, outros dous números aquel suplemento de *La Noche* até o seu peche.

³⁹⁴ Entrevista de Uxío-Breogán Diéguez Cequiel a Raimundo García Domínguez, *Borobó*, en Madrid, 2001.

³⁹⁵ Da Presa, Moisés, “A anguriosa situación povo galego baixo o franquismo”, *A Nosa Terra*, Abril do 1952.

³⁹⁶ De heterónimo Lourenzo Fragoso.

“HABLE BIEN. Sea Patriota - No sea bárbaro. Es de cumplido caballero que Vd hable nuestro idioma oficial o sea el castellano. Es ser patriota. Viva España y la Disciplina y nuestro idioma Cervantino. ¡¡ARRIBA ESPAÑA!!”; responsábel da tortura e asasinato, xunto aos militares golpistas, de milleiros de demócratas. Realidade perante a cal os que escaparan entendían que mantiñan unha obriga, “... *a nosa coleitividade debe facerse cárrego dos seus deberes patrióticos coa maior decisión, como a única e mais importante i enaltecedora laboura acarón do noso martirizado povo*”³⁹⁷.

Así, iniciárase a descuberta do nacionalismo por parte dunha nova xerazón de galegos, maioritariamente nados arredor do ano 1936, aos que en moitos casos se lles distanciara da realidade previa ao golpe militar, protagonizando eles e algúns vellos activistas unha nova etapa para o galeguismo na Terra.

Adentrámonos no limiar dunha nova etapa no que atinxe á historia do nacionalismo galego. Un tempo de transición este que daría como resultante novas referencias aquí e alén terra. Na Terra o diario *La Noche* será reflexo desta realidade a partir da entrada como director do mesmo Borobó, así como alén mar, por exemplo, a extraordinaria revista *Vieiros*, nacida no 1959 da man dos exiliados galeguistas en México, como veremos, presidida na altura por Carlos Velo Cobelas.

³⁹⁷ *Ibidem*

Cadro 3



Fonte: Elaboración propia

4.3.-Da *Sociedade Nazonalista Pondal* ás *Mocedades Galeguistas*.

Froito da emigración galega á Arxentina, nomeadamente á súa capital, desde inicios do pasado século constituiríanse centos de agrupacións societarias e desenvolveríanse diversas tertulias, mantidas diariamente por activos daquela urdime galaica. Unha destas era a que nos anos vinte se desenvolvía no Café Armonía, diante da que conversaban nacionalistas como Eduardo Blanco Amor, Ramón Suárez Picallo, Xosé Abraira, Liño Pérez, Manuel Meilán ou Rodolfo Prada. Eran puntos de encontro, de conversa e debate, así como de fraternal relación, contribuíndo á creación de diversas empresas, caso do grupo *Céltiga*³⁹⁸ e a *Sociedade Nazonalista Pondal*³⁹⁹, pequena, mais ‘escolleita e rexa, capeliña de patriotas’⁴⁰⁰ galegos.

Esta última organización nacería aló polo 1927 da man dunha agrupación anterior, a *Sociedade d’Arte Pondal*, na que se viña de transformar a *Irmandade Nazonalista Galega* de Bos Aires que viña traballando no seo da colectividade galega con figuras xa de prestixio no terreo cultural como o citado poeta Eduardo Blanco Amor.

A organización desenvolvería un activo traballo de axitación ideolóxico-política entre a comunidade galega expatriada, denunciando o maltrato que as e os galegos recibían como emigrantes en terras americanas. A SNP contaría desde un inicio co xornal *A Fouce*, publicitado de partida como ‘periódico da xuventude nazonalista da América’, onde o ideal explicitamente arredista, é dicir independentista, estará presente en todos e cada un dos seus exemplares. Diante da saída do primeiro número desta publicación indicaban os seus promotores dirixíndose á mocidade:

*“A FOUCE é o primeiro paso que uns mozos arruzados e independentistas dan no vieiro trunfador da nosa Terra. N’ista fachada onde se abre a porta da nova vida queremos deixar grabado un saúdo fraternal á boa e xenerosa mocidade galega”*⁴⁰¹.

³⁹⁸ Que impulsaría a finais dos anos ’20 do pasado século a revista homónima, dirixida por Eliseo Pulpeiro, Eduardo Blanco Amor e Ramón Suárez Picallo.

³⁹⁹ Conversa de Uxío-Breogán Diéguez con Bernardo Souto, Mar de Plata, 7/08/2008.

⁴⁰⁰ Cupeiro Vázquez, Bieito, *A Galiza de alén mar*, Sada, edicións do Castro, 1989. p.39.

⁴⁰¹ “Fachada” in *A Fouce* nº1, 1926, capa.

O grupo estaría formado maioritariamente por mozos autodidactas de grandes cualidades intelectuais e profesionais, emigrantes, nalgún caso de segunda xerazón. Non eran os pondalianos, como dixera Bieito Cupeiro,

“...homes de cartos, senón caseque todos traballadores máis ou menos calificados. Non embargantes, chegaron a desenrolar labores que moitos outros agrupamentos con máis recursos económicos, nin en comparanza podían siquer emparellar”⁴⁰².

A *Sociedade Nazionalista Pondal* tería vida activa como grupo até 1938, mantendo *A Fouce* como medio de expresión e transmisión ideolóxica até aquela altura nunha súa primeira etapa. A publicación (e a actividade do grupo) reaparecería a partir do 1941 até o 1944, segundo puidemos averiguar mercé ás conversas que mantivemos hai anos co veterano pondaliano Ricardo Flores (1903-2002); nunha súa nova xeira aínda non estudada até o momento en nengunha monografía. A través dos números desta nova etapa d’*A Fouce* observamos como hai un cambio de rumbo, unha viraxe táctica do grupo após o inicio da represión franquista na Galiza e a chegada de exiliados de aquén terra a terras americanas, ficando neste período os arredistas editores daquela referencial publicación influenciados polo comunismo na súa loita contra o antifascismo, así como, fortemente, pola figura de Daniel Rodríguez Castelao. Realidade que non implicaría que aquel grupo que tiña como bandeira a independencia da Galiza, abandonara ese seu proxecto estratéxico para Galiza, ao contrario. Ora o grupo como tal rachará e parte escorrase cara unha posición explicitamente comunista, realidade timidamente presente no seo do grupo con anterioridade, ligándose con exiliados galegos e españois desta tendencia, o que contribuiría a divulgar a cuestión nacional galega entre aqueles. Realidade que entre liñas expresaba o galeguista Bieito Cupeiro nas súas memorias:

“Cando se dou o feito da caída de certos guieiros da Pondal baixo a influencia ideolóxica dunha militancia estrana ó interés enxebre, algúns dos ladeiros de Castelao laiáronse do que había acontecido, e o noso guieiro maior, on isa visión de futuro de que estaba doutado, respondeu

⁴⁰² Cupeiro Vázquez, Bieito, *A Galiza de alén...*, *Op. Cit.*

profético: ‘¡Non lle fai! Esto non é máis que unha aventura pasaxeira, porque ningún dos pondalianos involucrados nela poden chegar a renegar dos seus ideais patrióticos, e o máis probábel é que sexan eles os que cheguen a sinalarlle ó novos aliados a roita mais comenente que se debe percorrer si certamente queren servir a causa das comunidades hispanas asoballadas polo centralismo’. ¡ E iso foi o que realmente aconteceu!, porque , aínda que [aquele] xuntoiro non chegou a calar en cousa algunha de proveito pra ninguén, non por elo deixou de ser en certo xeito benfeitora, porque a partir de ahí, a causa galega comenzo a ser mellor comprendida en algúns dos estamentos do exilio hispano, que de apouo foron facendo súas as angueiras reivindicadoras do sentir patriótico”⁴⁰³.

4.3.1-Viraxe e recomposición da SNP. Unha nova etapa para A Fouce.

Como nos explicaba hai anos o arredista da *Sociedade Nazionalista Pondal* Ricardo Flores, diante do golpe de Estado de xullo de 1936 “...cada quen ficou no seu lugar...”⁴⁰⁴, na Terra e na emigración. Téndose arrependido os membros da SNP da valorización realizada en favor de Álvaro De las Casas, por exemplo, como paradigma do independentismo galego aquín mar en tempo republicano, arremetendo contra Bóveda, Castelao⁴⁰⁵ e o PG por “cativeza” e falta de valentía na defensa dos intereses nacionais de Galiza.

⁴⁰³ Cupeiro Vázquez, Bieito, *A Galiza de alén...*, op. cit. p.57-58

⁴⁰⁴ Conversa de Uxío-Breogán Diéguez con Ricardo Flores o 20/10/2001.

⁴⁰⁵ Mesmo criticados estes dous compatriotas por seren funcionarios do Estado español. Sexa como for, hai que contextualizar as críticas nun período no que calquera cuestión valía para dar lugar a disputas a partir da singularización de cada proxecto organizado; no marco dunha II República que era vista polas organizacións progresistas como o tempo no que de inmediato, ou cando menos cno corto prazo, debían realizarse os proxectos e programas defendidos. Se a isto lle sumamos a distancia física, xeográfica, entre galeguistas de aquín e alén mar, podemos entender, en maior medida, as divisións existentes, e o grao en que estas se daban, cando, tal e como veremos, non había no substancial especial diferenza no programa final, no estratéxico, dun Castelao, por exemplo, e o grupo d’*A Pondal*, máxime no referido á cuestión patriótica. Realidade que será recoñecida por uns e outros diante do

A partir do golpe militar reaccionario do verán do 1936, a *Sociedade Nazionalista Pondal* (SNP) entrará nun fondo debate relativo ao seu posicionamento en relación ás súas prioridades. Unha vez censurado o Golpe de Estado, coa dureza propia daquel contexto, a SNP dividiríase entre os partidarios dun axir en común cos galeguistas que operaban na Arxentina, nomeadamente en Bos Aires, e os contrarios a esta postura⁴⁰⁶; debate que iría *in crescendo* a partir do 1939, ano no que boa parte dos galeguistas que non foran detidos e non saíran antes de territorio ibérico tomarían camiño do exilio, fundamentalmente americano, integrándose boa parte destes no tecido societario galego alén mar. Tal e como nos ten comentado Bernaldo Souto (1914)⁴⁰⁷ e Ricardo Flores triunfou a postura defendida por este último e atacada nun inicio polo primeiro, entre outros: desenvolver un traballo común entre ‘autonomistas’ e ‘arredistas’. Para isto será fundamental a chegada definitiva de Daniel Rodríguez Castelao a Arxentina en xullo do ano 1940, fixando a súa residencia en Bos Aires. Castelao será o elemento central arredor do que se reagrupe e reorganice o galeguismo, fundándose a *Irmandade Galega* e relanzándose o voceiro *A Nosa Terra*, como vimos. Para o caso que nos ocupa desta volta, cómpre marcar a importancia que tiveron naquela reorganización os activistas da Pondal, que participaron na súa maioría na creación da *Irmandade Galega* e, sobre todo, na acentuación galeguista da *Federación de Sociedade Galegas* (FSG), no marco da cal varios dos seus activistas foron directivos e, mesmo, responsábeis do seu órgano de expresión, *Galicia*, que sucedería a *El Despertar Gallego*, xornal da devandita organización federativa dos anos ‘30. Era unha nova etapa a que tocaba desenvolver e había que sumar esforzos para esgotala con éxito.

Neste contexto, uns meses antes de que se relanzara *A Nosa Terra*, renacía *A Fouce*, voceiro representativo do independentismo galego en

encontro dado a partir do exilio.

⁴⁰⁶ Divididos, á súa vez, entre os partidarios dun axir autónomo a calquera outra dinámica organizativa, como antes do golpe militar, e os que se alían a favor de exiliados galegos e españois de tendencia comunista.

⁴⁰⁷ Souto, fillo de familia de alta cultura, chegaría cara o 1929, con a penas quince anos, a Bos Aires cunha tímida consciencia nacionalista; integrándose á volta dun ano na SNP, pasando por diversas ubicacións profesionais, incluída a actividade xornalística e a venda de libros.

Arxentina. Saía do prelo novamente o 15 de agosto do 1941, nunha súa segunda e breve xeira, presentándose do seguinte xeito:

“A FOUCE expresión sinxera do sentimento galego, voceiro intransigente da mais absoluta galegitude na primeira etapa, inicia a segunda, para continuar a prédica encamiñada a despertar nos galegos o senso nazonal.

(...)

Defender, espallar o senso nazonal galego, é o que compre n’esta hora, que pode ser decisiva para Galiza. (...)

Vivimos unha hora de urxenza e folgan as vaguedades; pechase nun círculo inaccesible, negarse a traballar no seo das orgaizazóns da colectividade co gallo de non lixarse, de manterse puros e limpos, é impropio de homes patriotas”⁴⁰⁸.

O grupo que botaría a andar esta nova etapa estaba conformado no inicio por Moisés da Presa, Antón Castro, Vicente Barros, Santiago Nolla, Xohán González e Bernaldo Souto, segundo este último nos ten comentado; editando catorce números d’*A Fouce* nos dous anos e medio daquela súa nova singradura. En grande medida derivaba aquel relanzamento daqueles que a primeira hora refugaban xuntarse de cheo cos galeguistas de aquén mar diante do golpe militar españolista; priorizando o ideario de clase fronte o patriótico á hora de selar alianzas. Ora, estas non prosperaron, dándose unha relación insatisfactoria respecto o sentir profundamente patriótico daqueles. Así, nos inicios da década dos corenta do pasado século reuníriase no seo da *Irmandade Galega* boa parte daquel grupo cos vellos camaradas da SNP aínda en activo, caso de Ricardo Flores. Uns e outros, agora si, tiñan a certeza de que ficaban nunha outra nova etapa, onde dinámicas propias de tempos idos xa non eran válidas. Había que manter o ideario, mais introducindo novas dinámicas de interrelación coa comunidade expatriada e,

⁴⁰⁸ “De Novo na loita” in *A Fouce* nº1, II Xeira, 15/08/1941, capa.

sobre todo, cos galeguistas organizados, con independencia da súa tendencia. A este respecto afirmaríase o pondaliano Antón Castro:

“Este cambio de circunstancias do medio, impón tamén un cambio de táctica. Os procedimentos que foron antes eficaces, resultan hoxe inadecuados. Desaparecidos os grandes obstáculos, deixa de ser necesario o emprego da dinámica dialéctica (...), as orgaizazóns de carácter político con que contaba a nosa colectividade, xa non sirven⁴⁰⁹; non están á altura dos acontecementos universales que tan tráxicamente repercuten en Galiza, esa célula do universo, por cuíos destiños nos tocou en sorte velar. É pois deber ineludible de todol-os que sinten e comprenden a dór da súa terra, crear e dotar aos galegos dos instrumentos de loita máis eficaces pra a súa liberazón. No ambiente flota a soluzón e esta necesidade planteda. Unha HERMANDADE (...). Unámonos e xunto cos demais povos da penínsua, podremos loitar máis eficazmente contra o nemigo común, que ten sucuestrada á nosa patria”⁴¹⁰.

Referíase Antón Castro con ‘orgaizazóns políticas da colectividade’, fundamentalmente, a *Federación de Sociedades Galegas* (FSG). Institución que se tiña situado nunha posición lonxana ao axir galeguista. Proba disto sería como a lingua galega sería gradualmente desprazada a partir do golpe militar do '36 do voceiro da entidade, o *Galicia*, sendo unha excepción nos anos nos que escribía aquel pondaliano ver textos en galego⁴¹¹. Así, pois, con máis motivo pensan noutroa activistas da SNP en relanzar *A Fouce* como un

⁴⁰⁹ En referencia á *Federación de Sociedade Galegas*, na que Antón Castro ficaba integrado, sendo membro do consello de redacción do xornal *Galicia*, que substituíra como voceiro a *El despertar gallego*, xunto ao noutroa pondaliano Jesús Barcala, os socialistas Ramón Ortiz e José Cabelo e Alfredo Baltar, entre outros.

⁴¹⁰ Castro, Antón, “¿Qué facer? Motivos para unha polémica” in *A Fouce* nº1, 15/07/1941,p.2-3.

⁴¹¹ De feito, Cando Castela chega no verán do 1940 a Bos Aires e entra por vez primeira ás instalacións da FSG será recibido cun discurso en español. Vid. Díaz, Hernán M, *Historia de la Federación de Sociedades Gallegas*, Editorial Biblos e Fundación Sotelo Blanco, Bos Aires/Compostela, 2007. p.102.

dos medios de expresión de referencia, outra volta, do galeguismo naquela nova etapa.

E aproveitando que a vella SNP tiña o campo aberto ao seu ideario, observamos como a presenza arredista iría expandíndose moderadamente na Arxentina fóra da capital bonaerense. A este respecto o pondaliano Bernaldo Souto tennos lembrado como tamén en Rosario había arredistas organizados que, baixo a inspiración das *Irmandades da Fala* e credo masónico, fundarían a *Irmandade Galeguista Manuel Curros Enríquez*. Grupo ao que se refire *A Fouce* na súa segunda xeira, diante do Día da Patria Galega de 1941. Daquelas esta agrupación tería editado material patriótico coa colaboración de Daniel Rodríguez Castelao, espallándoo entre a comunidade galega:

“Vaia agora unha louvanza. Ela correspóndelle a Irmandade Galeguista M. Curros Enríquez, de Rosario, xuntoiro de afervoados galegos, que veñen desenrolando unha moi atinada e proveitosa unción de galeguidade sinxela i efectiva. Conmemorando o DIA DE GALIZA, a dita Irmandade editou unha magnífica cartulina adicada á máisima autoridá e representazón da nosa Galiza: ao insiñe Castelao”⁴¹².

Unha homenaxe impresa na que se podía ler, en referencia ao propio Castelao, *“...loiro abrente a azulada espranza o albeiro porvir (...). Sangue do noso Sangue, terra da nosa Terra, corazón do noso Corazón. Saúde, Castelao”⁴¹³.*

E serían xustamente palabras impresas do propio Castelao as que serían centrais naquel primeiro número da nova xeira d'*A Fouce*, que se daba por absolutamente extinta, saudando o Día de Galiza do 1941. Isto sería inaudito durante a II República. Era a primeira vez que o veterano nacionalista escribía nas páxinas desta publicación, algo non exento de relevo mesmo para alén do simbólico en favor da unidade nacionalista.

⁴¹² Fungueiro, “Cousas da Nosa Coleitividade” in *A Fouce* nº1 II Xeira, 15/08/1941 (contracapa).

⁴¹³ *Ibidem*

Integrados a maior parte dos activistas da Pondal na *Irmandade Galega*, impulsarían xunto a outros galeguistas diversos proxectos. A mediados dos anos corenta sería o caso dunha outra publicación, alén d'A *Fouce*, da que só se editarían uns cinco números baixo o nome *Loita*, 'sometida a censura por [Xosé Bieito] Abraira', segundo nos ten afirmado o pondaliano Bernaldo Souto

414

4.3.2.-As (novas) Mocidades Galeguistas.

Aquel grupo que facía posíbel a nova xeira d'A *Fouce*, tería como grande preocupación a falta dunha organización xuvenil nacionalista, no marco dun movemento patriótico cada vez máis envellecido e no que os fillos dos cadros do nacionalismo non tiñan máis ubicación que a derivada das actividades culturais e musicais organizadas polo tecido societario galego. Neste senso, polo ano 1942, perto do sexto aniversario do plebiscito do Estatuto de Autonomía, Manuel Pedreira, Bernaldo Souto, A. González Blanco e A. Buxán Rivas asinaban un documento intitulado "Manifesto das Mocidades Galegas. Aos mozos galegos". Sería un documento que se rubricaba baixo a obriga '*ineludible de prestar a Galiza o apoio decidido de total-as nosas forzas*' como continuación dun compromiso que viña de tempo atrás, xa que, "...*desaparecidos os orgaismos de eispresión política do sentimento nacional galego , nós pretendemos recoller a laboura realizada arestora i-aleicionándonos nos feitos acaecidos aspiramos a restablecer a contiuidade d-ista laboura interrumpida en pleno florecer*"⁴¹⁵. E é que, non por acaso, coincidindo coa rearticulación do movemento patriótico galego na América do Sul, pretendíase reorganizar as vellas *Mocidades Galeguistas*, instaurar, en definitiva, un ORGAISMO GALEGO MOZO (sic). Enlazaba esta idea coa que xa unha década atrás expresara o nacionalismo xuvenil aquí terra. Naquela altura a mocidade nacionalista soñara ter representación organizada en calquera punto do planeta onde houber presenza galega. Así, afirmaba, convencido da potencialidade da Galiza expatriada, o que fora

⁴¹⁴ Conversa de Uxío-Breogán Diéguez con Bernardo Souto, Mar de Plata, 7/08/2008.

⁴¹⁵ "Manifesto das Mocidades Galegas", *A Nosa Terra* nº426, 25/8/1942, p.3

primeiro secretario xeral da *Federación de Mocedades Galeguistas*, Francisco Fernández del Riego:

*“Os mellores obreiros do noso porvir viven na emigración as mais tristesiras [horas] ...de Galicia. A súa laboura nacionalista é edificante en todol-os ordes. En total-as rúas de total-as cibdades de América hai mozos galegos que sinten con fondo sentimento as espranzas da Patria lonxana da que sairon noutrora tristesiros e magoadaos porque Galicia daquela deixaba de ser Galicia e non lles doaba pan pra o corpo nin pan pra o esprito. Hastra eles quero que chegue hoxe o acento da miña pluma pra que axunten todol-os esforzos illados en fatos e agrupamentos dependentes da F.M.G”*⁴¹⁶

Recollendo as proclamas daqueles mozos nacionalistas, as novas ‘mocedades galegas’ proclamarían a creación “...definitiva en Bôs Aires dun *Segredariado das Mocedades Galegas, agrupamento novo, constituído por homes alleos as pequenas paixóns i-enconos persoalistas, proiectando as nosas olladas deica o resto do mundo, co curazón e o pensamento posto na nosa terra, i-até o derradeiro recuncho onde se atope un galego que queira ser diño fillo da súa patria*”⁴¹⁷.

E nesta mesma onda edificante foi na que se creou o *Consello de Galiza*, xa referenciado, relanzándose as relacións con vascos e cataláns a partir do denominado *Galeuzca*. Bernaldo Souto, un dos máis inquedos nacionalistas galegos daquela altura, veterano da *Pondal*, asinante daquel manifesto en favor dunhas ‘mocidades galegas’, recreábanos hai anos no Mar de Plata esa tesitura que se estaba a vivir en América do Sul, calificándoa de verdadeiro “... *renacimento do galeguismo*...”⁴¹⁸. Ora, no referido á creación dunha organización xuvenil terían, aínda, de pasar anos para que o intenso traballo proselitista da *Irmandade Galega*, de veteranos d’A *Pondal* e do

⁴¹⁶ Fernández del Riego, F., “F.M.G. Nacionalismo na Emigración” in *Raza Celta* nº7 Montevideu, 1934, p.6.

⁴¹⁷ “Manifesto das Mocedades ...”, *Op. Cit*

⁴¹⁸ Conversa de Uxío-Breogán Diéguez con Bernardo Souto, Mar de Plata, 7/08/2008.

propio *Consello de Galiza* dese o seu froito nesta materia. Á volta dunha década de se redixir o devandito manifesto en favor dunhas ‘mocidades galegas’ e aberta, outravolta, a xanela cara ás *américas* por parte do rexime franquista⁴¹⁹, que daría como resultante a nova chegada de máis compatriotas galegos, por regra xeral en idade aínda moza, a países como Arxentina, o nacionalismo expatriado procurará seguir a practicar o proselitismo necesario. Entre os máis novos sería central no proselitismo nacionalista Lois Ares, bibliotecario do bonaerense Centro Galego. Veterano militante nacionalista - antes de marchar para Arxentina nos anos '20 fixera parte da *I Asembleia Nazonalista* en Lugo no 1918-, tentaría impulsar unhas mocidades nacionalistas galegas.

Por volta do 1953 o noutrora militante da *Sociedade Nazonalista Ponda*⁴²⁰ sería o que impulsaría a varias mozas e mozos a constituír unha organización patriótica xuvenil. Así, a partir da iniciativa de Ares, Antom Santamarinha, Xosé Neira Vilas, Antón Moreda, Vidal Pérez Graña, Adelina González Doval, Francisco Cupeiro, Manoel Baladrón, Ricardo López, Manuel Somoza, Carlos e Tito Abreira, Xosé Castro, Xosé Casal, Amador Rivas, Armando Mato, Pilara Jeremias, Clotilde Igrexas, Maria do Pilar Ares, Emilio Adolfo Pita, Vidal Pérez Graña, e Denís Conles Tizado botarían a andar as novas *Mocidades Galeguistas*.

Tomando como nome o das mocidades do *Partido Galeguista* de tempo republicano, a creación das *Mocidades Galeguistas* decorrería entre o 22 e o 28 de Agosto de 1953, concretizado nun acto desenvolvido na sede da *Irmmandade Galega* no *Centro Ourensán*. Acto que se daría a partir da presenza “... *d-unha grande cantidade de mozos nos que bule o sentimento*

⁴¹⁹ As estatísticas referidas á emigración galega e a española para os primeiros anos do franquismo son parcas, ora hai autores que indican como por exemplo entre o 1946 e o 1958 a emigración galega representaba case o 50% do total de saídas do Estado español, sendo Arxentina e Venezuela os destinos aos que se dirixía arredor dun 65% dos emigrados. Vid. Sanz Lafuente, Gloria, “Un balance de las estadísticas históricas del flujo emigratorio exterior, 1956-1985” in De la Torre, Joseba e Sanz Lafuente, Gloria, *Migraciones y coyuntura económica del franquismo a la democracia*, Zaragoza, Prensas Universitarias de Zaragoza, 2008, pp.86-90 .

⁴²⁰ Asinante, así mesmo, do manifesto da *I Asembleia Nazonalista Galega*, celebrada en Lugo no 1918.

*galego e a inqedanza da liberdade da Patria para a súa eistructuración sobor de canles propios*⁴²¹.

Segundo lembraba Bieito Cupeiro, implicado directamente na creación daquelas *Mocedades* -contribuíndo ao pouco nas mesma Manuel Pedreira, Xosé Bieito Abraira, Moisés da Presa, Rodolfo Prada ou Fiz Fernández-, a proposta de artellar estas partira de:

*“...Vidal Pérez Graña, un mozo estradense que facía moito tempo chegara a Bos Aires e de contado se convertíu nun inquedo abandeirado dos ideais reivindicadores da patria galega, quen animado polo bibliotecario do Centro galego, Sr. Lois Ares, mestre de patriotismo, e as súas fillas María Olga, Eloísa e Pilar, axudado tamén por Antón Santamarina Delgado e Antón Moreda, déronse ós demais rapaces amigos e achegados até que se constituíu un grupo calificado...”*⁴²².

Todo o traballo desenvolvido con anterioridade polos máis vellos activistas do nacionalismo galego no exilio estaba a dar, sen dúbida, os seus froitos entre os máis novos da colectividade. Antón Moreda⁴²³ lembraría aquel tempo e realidade do seguinte xeito:

*“En Bos Aires xa había unha liberdade. Xa se podía falar (...). Axudoume Ares, que foi o que nos convocou, que era o bibliotecário do centro. Logo Cupeiro, que foi delegado da Irmandade Galega, Moisés Dapresa, que nos deixaba a casa para fazer festas. Eu estaba plenamente dacordo con todo o mundo, apoiado por todas as sociedades”*⁴²⁴.

⁴²¹ “Creación das Mocedades Galeguistas” in *A Nosa Terra* nº485, 1953 p.2

⁴²² Cupeiro, Bieito, *A Galiza de alén ...*, op. cit , p. 179

⁴²³ Aproveitaría o de Reinante o chamado realizado por un seu tío, segundo nos ten indicado, que o ligaría á empresa *Algodonera Argentina*. Con a penas dezaseis anos, tería Moreda nesta empresa como tarefa central realizar ‘recados’, tal e como lembraba en múltiples ocasións.

⁴²⁴ Conversa con Uxío-Breogán Diéguez e Antom Santos, xaneiro de 2010. Vid. Santos Pérez, Antom e Diéguez Cequiel, Uxío-Breogán, *Antón Moreda. Memória do Exílio*, Asociación Galega de Historiadores, 2010. p.28

Coincide con Moreda nas apreciacións e lembranzas Antom Santamarinha, primeiro presidente daquelas *Mocidades Galeguistas*, rememorando a aparición das mesmas:

“As Mocidades Galeguistas fôrom engendradas na Biblioteca do Centro Galego de Buenos Aires, sita numha sala, de magnitude perfectamente adecuada para tal fim, do rés-do-chao. O bibliotecário era o senhor Ares, quem começou por lhe dar parla política galega a todo quanto rapaz galego recém pescado aparecesse pola porta na busca de livros que falassem de Galiza. Eu era um desses, como Moreda e mais Pepe Neira com algum outro mais”⁴²⁵.

Lois Ares tomara con constancia o traballo de axuntar rapaces arredor da *Irmandade Galega*, das experiencias da vella Pondal, así como dos textos do *Sempre en Galiza*; rapazolos que asegurasen novas xerazóns para o movemento patriótico galego alén terra. Organizativamente as *Mocidades Galeguistas* dotaríanse dun Consello Directivo, unha Comisión de Prensa, unha outra de ‘Aitos e Propaganda’ así como outra de ‘Festas’. No marco da primeira dirección Antom Santamarinha asumiría a presidencia e Carlos Abreira a secretaría xeral, sendo na primeira época Antón Moreda vogal, xunto Xosé Neira Vilas, Olga María Ares e Delia Gómez Abreira. Aquela ‘escola de formación’, como rexían os principios daquelas Mocidades segundo as súas ‘Bases Constitutivas’, tiña por obxecto cultivar “...os valores nacionaes galegos i-espallar o seu coñecemento por todol-os medios que estén ao alcance da entidade”, así como apoiar “... todo movemento tendente a outar a liberdade e o exercicio do dereito de Autodeterminación da Nación Galega”.

O Consello de Galiza fixera desde mediados da década dos corenta, como dixemos, todo o posíbel por articular esta nova agrupación xuvenil e Ares foi o encargado de articulalas ao fin. Por iso, e non por acaso, cando as *Mocidades* arrancaron, correspondeulle aos representantes do Consello de Galiza, con Antón Alonso Ríos á cabeza, pechar o acto público de presentación daquela

⁴²⁵ Conversa con Uxío-Breogán Diéguez Cequiel, A Coruña-Compostela 12/07/2010.

nova organización, ofrecendo “...aos numerosos concurrentes (...) un viño de honor, oportunidade na que o irmán Alonso Ríos eispresou a súa ledicia pol-a constitución das Mocidades, ás que aisaltaba a cumprir a manda histórica que os fillos de Galiza teñen coa Terra Nai”⁴²⁶. Palabras que lembra Xosé Neira Vilas, afirmando que Alonso Ríos centraría o seu discurso falando da historia da Galiza, así como do “*presente de represión e escuridade e do futuro que tería de vir*”, onde a ‘mocidade emigrada’ tería unha función central⁴²⁷.

Após este acto público, tocaba ensaiar na rúa, entre a colectividade, o que facer. Antón Moreda lembraría as xuntanzas que entre semana e, sobre todo, os sábados ao longo do día desenvolvían aquelas mozas e mozos no último andar do *Centro Ourensán*, onde tiñan un *apartado*. Editarían aquelas mocidades diversas publicacións, caso de follas volandeiras –impresas por un anarquista italiano asentado en Bos Aires, veciño de Neira Vilas⁴²⁸-, así como o seu voceiro, *Adiante*, sufragado pola pequena cota que pagaban:

*“Tinhamos umha quota simbólica, os traslados eram por conta nossa. Quando havia umha inversom extra, bem cumprimentada, abundavam petos abertos dispostos a que ningumha iniciativa possitiva ficara sem ser realizada”*⁴²⁹.

Un dos primeiros actos públicos desenvolvidos polas devanditas *Mocidades* sería a celebración dun festival inspirado na vella irmandade galega, vasca e catalá *Galeuzca*, ao abeiro da súa revitalización naquel exilio. Realizaríase o 31 de Outubro daquel 1953 no centro societario *A.B.C. Corcubión* de Bos Aires, sito na rúa Venezuela 2164. Sería o mozo Xosé Neira Vilas quen abriría o acto 'nunha brillante e axeitada disertazón' pondo o acento

⁴²⁶ *Ibidem*

⁴²⁷ Neira Vilás, Xosé, “Homenaxe a Alonso Ríos e Ramón Valenzuela. Silleda 5/11/2005” Homenaxe a Alonso Ríos e Ramón de Valenzuela, Compostela, Xunta de Galicia, 2006, p.88

⁴²⁸ Conversa de Uxío-Breogán Diéguez Cequiel con Xosé Neira Vilas o 4/02/2014.

⁴²⁹ Conversa de Uxío-Breogán Diéguez con Antom Santamarinha, A Coruña-Compostela, 11/07/2010.

nas “razóns pol-as cales os mozos galegos, vascos e cataláns, aicionan xunguidos pol-as mesmas arelas de liberdade, por idénticos anceios de progreso dos seus respetivos povos”⁴³⁰. Non sería casual que aquel primeiro acto de lanzamento xuvenil da devandita irmandade patriótica se desenvolvera con patrocinio galaico, xa que os galegos serían os máis activos na vertebración daquela irmandade, sendo tamén os máis xenerosos no económico, segundo nos ten indicado o propio Neira Vilas⁴³¹. Para alén de actuacións folclóricas das tres nacións, daríanse diversos discursos patrióticos naquel encontro, acompañando o de Neira, nomeadamente o da catalá María Casanova e o vasco Antxon Irazuzta. As experiencias das anteriores xerazóns estarían moi vivas neste encontro entre a militancia nova presente no mesmo, así como no día a día do seu axir. De feito, o daquelas mozo Antón Moreda daríanos conta da importante pegada que tería neles aqueles activistas que botaran a andar a *Sociedade Nazonalista Pondal*, sendo inspiradoras e formadoras as experiencias daquel grupo arredista, referencial para aqueles mozos que adaptaban ao seu tempo as formas e fondo do nacionalismo clásico. Algo que tamén nos lembraría Antom Santamarinha:

*“Da Sociedade Nazonalista Pondal tivemos a primeira noticia de boca de Ares, quem falava continuamente dela. Nós tentavamos recompilar experiências passadas e adapta-las à liberdade que tinhamos, como galegos, na Argentina, cotejadas com as experiências espanholas que mantinhamos no recordo, e ver as cousas desde esse prisma novo”*⁴³².

E para isto contribuirían decisivamente os vellos cadros do nacionalismo de preguerra exiliados, fundamentalmente Antón Alonso Ríos e Ramón Suárez Picallo, así como todos aqueles que ficaban arredor da *Irmandade Galega*. O primeiro sería naquela altura a figura central do *Consello de Galiza* após á morte de Castelao, sendo eleito presidente da institución, colaborando arreo con aquela mocidade; colaborando outras figuras do *Consello* naquela

⁴³⁰ “Gran aito das Mocidades de Galeuzca” in A Nosa Terra 16/11/1953 p.3

⁴³¹ Conversa de Uxío-Breogán Diéguez Cequiel con Xosé Neira Vilas o 4/02/2014.

⁴³² *Ibidem*.

revitalización do nacionalismo organizado. Non é estraño, por acaso, que o 3 de xullo do 1954 as *Mocedades* convidaran ao exiliado Suárez Picallo, asentado en Chile, para disertar no Centro Ourensán arredor do feito migratorio galego. Non era a primeira vez, nen sería a última ocasión, na que Picallo se puxera ao servizo dos máis novos. Sería tamén este o caso, e salvando as distancias necesarias, de Emilio Pita (1909-1981) nacionalista coruñés emigrado en Bos Aires desde a mocidade⁴³³, quen o 15 de decembro participaría nunha homenaxe ao Marechal Pero Pardo de Cela⁴³⁴ organizada por aqueles mocidade patriótica galega. Pita desenvolvería o seu discurso arredor da figura de Pardo de Cela e a conformación dun pensamento e activismo patriótico galego.

Ao pouco daquilo, as *Mocedades Galeguistas*, nas que estaban xa un Manuel Cordeiro ou un Xerminal Filgueiras –de grande relevo este último na esquerda americana tempo despois-, sumaríanse aos actos de lembranza de Castelao no cuarto aniversario do seu pasamento. O 3 de xaneiro do 1954 no Panteón do Centro Galego, no cemiterio da Chacarita, onde descansaban os restos do autor do *Sempre en Galiza*, aqueles mozos congregaran integrantes de catro coros, nomeadamente “Rosalía de Castro”, “Castelao”, “Brétemas e Raiolas” e “Os Rumorosos”, dirixidos por Carlos López García, para interpretar o Hino galego como comezo do acto. Carlos Abreira e Adelina González pronunciarían discursos, sendo esta última a que afirmaría:

“Castelao, encarnazón da Galiza, guieiro noso; as verbas belidas xa foron ditas no teu honor por homes insignes e a tua grandeira sinificanza non é mester notala, pois xa latexa fortemente nos peitos de tódolos galegos. Emporiso só me compre oferescerche unhas floriñas en nome da muller galega (...) e a nome das Mocedades Galeguistas que

⁴³³ Pita volveu a Galiza durante a II República, nomeadamente entre 1933 e 1934, afiliándose ao *Partido Galeguista* e colaborando con diversas publicacións, caso das revistas *Nós e Yunque*.

⁴³⁴ Referencia medieval senlleira das 'liberdades galegas'; nobre decapitado o 17 de decembro do 1483 na localidade mariñá de Mondoñedo por orde da raíña Isabel I de Castela.

*labouran a prol da Galiza, levando nos beizos o teu nome que ainda é bandeira de loita e soa como um hino trunfal*⁴³⁵.

Aqueles anos serían lembrados por Xosé Neira Vilas como de grande bulir, a partir dunha relación fraternal entre aqueles mozos nacionalistas curtidos no combate permanente, con claro arrecendo á *Sociedade Nazonalista Pondal*, nacida dúas décadas atrás e inspiradora, como dicimos, desta mocidade combatente:

*“Xuntos repartimos rúas diante a denuncia ante a Unesco pola marxinação da nosa lingua; protestamos diante dos cines onde proxectaban películas de Niní Marshall e no teatro onde representaban un sainete de Vacarezza, e na emisora na que actuaba Pepe Iglesias, El Zorro. O noso berro era contra os que ofendían á xente de Galicia. Xuntos estudamos Sempre en Galiza*⁴³⁶.

O dinamismo das *Mocedades Galeguistas*, coa integración de novas mozas na súa estrutura, para alén dunha problemática feminina concreta, daría como resultante a creación no ano 1956 do ‘grupo feminino’ daquela organización xuvenil. Da man do documento/manifesto *Fala as suas irmáns da Galiza e do Mundo* aseveraban:

“Nós, un fato de mozas, ponla do vizoso albre galeguista de Buenos Aires, a frolecere en amore á Terra e a froitificare en feitos enderitados ao seu erguemento moral, cultural e material, facemos un chamado garimoso a todas as mulleres galegas ou de estirpe galega; así como, tamén, a todas aquelas que simpaticen cos nosos nobres propósitos, para que se acheguen ao grande movemento da galeguidade...”, facendo unha crítica explícita à emigración, *‘riqueza viva da Galiza que se perde nos camiños do mundo*⁴³⁷.

⁴³⁵ “Aito das Mocedades”, *A Nosa Terra*, 16/02/1954

⁴³⁶ Neira Vilas, Xosé, “Moreda en Buenos Aires” in *El Correo Gallego*, 30/05/2010.

⁴³⁷ Documento facilitado por Manuel Mera, secretario da *Irmandade Galego* entre 1969 e 1972.

4.3.3.-A Asociación Galega de Universitarios, Escritores e Artistas e un novo tempo.

Na súa curta xeira, mais ben rica experiencia, aquelas *Mocedades Galeguistas* alumearon outras plataformas. Como exemplo, debemos lembrar que o mesmo ano no que nacía o seu 'grupo femenino', tamén facía a súa aparición a *Asociación Galega de Universitarios, Escritores e Artistas* (AGUEA), que mantería a súa actividade ao longo de tres anos de forte traballo e cunha presenza sobranceira daqueles mozos e outros activistas veteranos de aquén mar, caso de Ramón de Valenzuela, que lles daría aulas de historia e xeografía ao abeiro daquela entidade. Valenzuela, logo de saír dos cárceres franquistas no 1944 e conseguir ser indultado cinco anos despois, viña de se asentarse no 1949 en Bos Aires, coincidindo con Castelao meses antes da súa morte na capital arxentina.

A maior parte daqueles mozos galeguistas, recollerían o testemuño dos seus maiores, tendo unha forte actividade cultural e política que os levaría a participar activamente doutras empresas. Nese terreo veremos como, por exemplo, Carmen Moreno, Antón Moreda, Zulema García, Anísia Miranda, Manuel Lorenzo e Francisco Blanco, entre outros, do grupo de teatro *Lugrís Freire* do Centro Coruñés, fundado e dirixido polo pondaliano Ricardo Flores. Ora, de aí en diante irían esmorecendo as *Mocedades Galeguistas*, fundamentalmente en base á marcha de varios dos seus principais cadros de Bos Aires, após o *I Congreso da Emigración Galega* desenvolvido no 1956 e ao que máis adiante nos referimos. A partir deste evidenciábase a transición cara unha nova etapa no nacionalismo galego, desprazándose o seu centro neuráxico, case en exclusiva, ao seu lugar natural: Galiza. Encetábase na década do 1960 unha nova etapa no nacionalismo galego, aínda sen desaparecer por completo todo aquel tecido patriótico galego creado en terras americanas co *Consello de Galiza* á cabeza, onde novas realidades organizativas.

4.4.-O galeguismo no resto de América: México, Chile, Uruguai, Porto Rico. Estados Unidos de América e Cuba.

4.4.1.-México

México será un dos primeiros países aos que arribarían exiliados galegos, cataláns, vascos e españois. A relación pro-republicana que mantería aquel país, a través do seu presidente Lázaro Cárdenas e o seu goberno, desde o inicio do golpe cívico-militar reaccionario de xullo do 1936 posibilitará esta realidade. Entre agosto daquel ano e febreiro do 1937 México faría chegar, aproximadamente, a territorio peninsular leal coa República 3 millóns de pesos ouro, chegando a mercar armamento para a bloqueada República española. Mais sempre procurando manter certa discreción ao respecto; chegando, mesmo, a realizar as compras como se foran para si diante o boicote internacional que certos países exercían contra os republicanos, tal e como ten exposto a historiadora Nuria Tabanera⁴³⁸. Aliás, foron miles os quilos de azúcar e varias decenas de toneladas de garavanzos , por exemplo, os enviados desde México para paliar as necesidades da España republicana. Unha realidade que serviría, así mesmo, para pagar o crédito que México subscribira co Estado español tres anos atrás de comezar a guerra e que ascendía a máis de 12 millóns de pesos ouro⁴³⁹. Unha axuda que tamén se estendeu a nivel diplomático, un plano crucial no plano internacional, dado que había que tentar posicionar ao concerto multinacional en favor da legalidade republicana. Neste senso, diante da *deserción* das filas republicanas do 70% dos diplomáticos españois en favor dos golpistas, México puxo ao dispor dos republicanos a súa rede diplomática⁴⁴⁰; facendo o posíbel en territorio leal á República, aliás, os responsábeis da diplomacia mexicana por seguir apoiando a democracia republicana, caso do Embaixador de México en Madrid, Manuel Pérez Treviño, que interpelaría ao resto de

⁴³⁸ Tabanera, Nuria, "Las relaciones entre España e Hispanoamérica durante la Segunda República Española, 1931-1939 : la acción diplomática republicana" in Clara E. Lida (comp.), *México y España en el primer franquismo, 1939-1950: rupturas formales, relaciones oficiosas*, México D.F., El Colegio de México, 2001, p.43

⁴³⁹ *Ibidem*

⁴⁴⁰ *Ibidem* 31-33

embaixadores latinoamericanos para que non abandonasen a capital española, dado que isto podería ser visto como un xesto de negativas repercusións diplomáticas e políticas internacionais para a República española⁴⁴¹.

Nun primeiro momento, parte da colonia galega asentada naquela altura en México Distrito Federal (D.F.), nomeadamente a asociada á Casa de Galicia, participará en grande medida, xunto a cataláns, vascos e españois en favor da democracia, mais non sen friccións entre pro-republicanos e pro-fascistas. Segundo ten escrito o historiador José Antonio Matesanz, no inicio da toma de partido da devandita colectividade na contenda armada a postura de non inxerencia, e malia recadárense fondos para a España republicana, tería como pano de fondo a división daquela:

“ En la asamblea que se llevó a cabo el 30 de julio, se decidió, a iniciativa del Círculo Vasco, que formar un comité para recolectar fondos destinados a la Cruz Roja española. Con ello la colonia hacía honor a su larga tradición caritativa y benefactora, pero lo importante en esta ocasión fue que se decidió también adoptar una actitud neutral ante el conflicto, en vez de una beligerante, en favor de la República (...), o en favor de los militares rebeldes”⁴⁴².

Con todo, segundo os sediciosos ían gañando posicións e terreo, íría medrando o número de emigrados en terras mexicanas, ao igual que noutros países de América, que se sumarían aos golpistas, realidade da que non escaparía a comunidade galega; feito que se manifestou abertamente o primeiro de abril, cando a tropas franquistas tiñan dominado todo o territorio noutroa republicano:

“El mismo día primero de abril un grupo apedreó el coche de la Embajada española, y estuvo a punto de herir seriamente al chofer y al ayudante que iban en él (...). Al día siguiente se llevó una reunión

⁴⁴¹ Matesanz, José Antonio, *Las Raíces del Exilio. México ante la guerra civil española (1936-1939)*, México D.F., El Colegio de México, 1999. p.183.

⁴⁴² *Ibidem*, p.84

*multitudinaria en el Casino Español, para celebrar el triunfo de Franco, y también para que los falangistas sermonearan a la colonia española sobre lo que debían hacer de ahí en adelante*⁴⁴³.

Entre outros estaría o presidente da *Casa de Galicia*, José R. Pillado, ao igual que Serafín Larrea, presidente do *Círculo Vasco Español* e Federico J. Molas, homólogo do *Orfeo Catalá*. Estes, xunto aos directivos do propio Casino Español, o *Centro Asturiano* e a *Beneficencia Española* serían o epicentro dos apoios á España franquista. E é que, se ben de inicio os apoios cívicos ao golpe militar reaccionarios virían dados desde capas burguesas e obreiras conservadoras e ultracatólicas, na terra e alén terra, o certo é que foi irradiando velozmente aquí e aló o discurso dos golpistas a un espectro ben máis amplo, que se moverían entre a aposta ao cabalo gañador, a resignación e a asunción dun autoodio militante sementado por aqueles, dando mesmo desercións ou importantes distanciamentos, tal e como Álvaro de las Casas (1901-1950)⁴⁴⁴ e Vicente Risco, respectivamente, na Galiza. Coincidimos, pois, con Jaume Renyer cando presenta para o caso catalán esta realidade, ben válida para o caso galego:

*“La col·laboració amb el Franquisme es fonamenta en un ample substrat social (conservador, catòlic i burguès) que arran de la persecució patida durant el conflicte se sent identificat amb el règim franquista, però hi ha també molts casos de conversions entre els sectors que havien donat suport a la República. Proliferen les expressions d’autoodi, de renúncia a les il·lusions polítiques del passat immediat i de reinserció lingüística a favor del castellà*⁴⁴⁵.

Este intre de celebración vitoriosa parafascista en clave españolista coincidía coa chegada masiva de refuxiados a América e á Europa alén Pirineos. Polo que non resulta sorprendente que estes, ao veren esfarelada a

⁴⁴³ Ibidem, p. 344

⁴⁴⁴ Diéguez Cequiel, Uxío-Breogán, *Álvaro de las Casas. Biografía...*, Op. cit., p.85 e ss.

⁴⁴⁵ Renyer Alimbau, Jaume, “L’Exili català del 1939: les actitudes dels partits d’esquerra davant la reivindicació nacional” in Pujol, Enric *L’Exili Català del 1936-1939. Noves aportacions*, Quaderns del Circle, Girona, 2006. p.136

democracia que derrocara a ditadura de Miguel Primo de Rivera, procuraran organizarse e erguer un tecido asociativo prorepublicano de inmediato, lonxe do derrotismo e a desidia, e coa colaboración que aínda estaban dispostos a fornecer governos como o mexicano. Así, pois, desde a chegada daqueles refuxiados concretamente a terras mexicanas, os galegos deseñaron e impulsaron diversos proxectos, pasando a ser o núcleo expatriado máis activo dos creados en América na primeira hora do establecemento do goberno franquista en territorio ibérico, malia non se lle conceder a nivel historiográfico especial atención, fronte o caso arxentino, que, efectivamente, ao pouco tomará as rendas, como vimos, do exilio galeguista alén mar. Un dos máis importantes animadores daquel pólo galeguista en México sería o comunista Luís Soto, quen afirmaría como na:

“... primeira semana de chegar a México fundouse o ‘Fogar Galego’ e nunha asemblea acordouse a integración dos compañeiros que non estaban integrados ó traballo e entón denominouse a entidade ‘Lar Galego’ (...); tiñamos grandeiro interés en espallar, non soamente en México, senón no mundo enteiro, e primordialmente no país, a información sobre da situación dramática que vivía o noso pobo e cales eran os vieiros da vitoria”⁴⁴⁶.

Aqueles exiliados na súa maioría chegarían procedentes de campos de refuxiados franceses entre o 1939 e o 1940 ao porto de Veracruz, en suma até unha década despois máis de dezasete mil⁴⁴⁷ inscritos no Rexistro Nacional de Extranxeiros mexicano. Os primeiros arribarían a terras mexicanas na primavera do 1939 a bordo do buque *Flandre*, no que viaxaba, entre outros, o cineasta galego Carlos Velo, após zarpar de Saint Nazaire a principios de maio dese ano, con trescentos doce pasaxeiros con viaxe paga polo *Servizo de Evacuación dos Republicanos Españóis* (SERE), con sede en París e do que facían parte representantes das organizacións políticas e sindicais ligadas á Frente Popular, retratados polos fotógrafos *Irmáns Mayo*. Servizo de

⁴⁴⁶ Soto, Luís, *Castelao, a U.P.G. e outras memorias*, Vigo, Xerais, 1983. p.162

⁴⁴⁷ Magna cifra procedente da República española, dos que un 4,5% serían galegos, estando destes organizados no nacionalismo un 7%.

Evacuación do que, por certo, sería secretario o galeguista Bibiano Fernández Osorio-Tafall⁴⁴⁸, exalcalde de Pontevedra, e o presidente Pablo de Azcárate, ex-embaxador español en Londres. Ao *Flandre* debemos sumar o *Sinaia*, no que uns mil oitocentos refuxiados se derixirían ao porto mexicano de Veracruz, no que ficaría amarrada a devandita magna embarcación o 13 de xuño de 1939. Neste buque entre outros galegos estaban o escritor Lorenzo Varela, o fotógrafo Francisco Souza, o historiador Ramón Iglesia Parga, o arquitecto Xosé Caridad Mateo, o xastre Manuel Sousa Hermida, o funcionario do corpo de carabineros Vicente Rodríguez Rodríguez xunto a súa dona e a súa filla Electra, así como o mariñeiro Francisco Fernández Abal.

A estes habería que sumar aos que chegaban no *Mexique* ou no *La Salle*, que portaba entre outros ao arredista galego Ramiro Illa Couto e a súa compañeira Conchita Lamas, así como aos que arribaron ao porto mexicano de Veracruz no célebre buque *Ipanema*, que arribaría o 7 de xullo do 1939, e dos que temos coñecemento a través da publicación *España Libre* editada naquela altura en Nova Iorque. Para este último, contamos a Guillermo Aneiros Manday, Bieito Búa Rivas, Jesús Bernárdez Gómez, Joaquín Barreiro Barciela, Loreto Seoane López, Manuel Domínguez Benavides, Nazario Domínguez Menor, Eugenia Sanjuán Moreno, María Domínguez Sanjuán, Manuel Diéguez Rodríguez, Florencio Delgado Gurriarán, José Domínguez Esteiro, Ramón Esturao Calvo, Lucio Ferreiroá Veiga, Dolores Ontañón Soriano, Rosa M^a Ferreiroa Ontañón, Xohán López Durá, Pedro Martul Rey, Laureano Poza Juncal, Manuel Porteiro Viña, Elixio Rodríguez Domínguez, Roxelio Rodríguez da Bretaña, José Rodríguez Cociña, Andrés Valín Salvador, María Tobío, Carlos Tomé e Amadora Tomé, Ramón Cabanillas Álvarez, Antonio Cardero, Domingo Rodríguez, Felix Martín Iglesias, Horacio Casas Iglesias, Xusto Couto, Serafín Fernández Ferro, Edmundo Dominguez

⁴⁴⁸ Que fora militante da *Organización Republicana Gallega Autónoma* (ORGA) e de *Izquierda Republicana* despois, elixido, como marcamos, alcalde de Pontevedra no 1930; comisario xeral de 'todos los ejércitos' no 1938 co goberno de Negrín, chegando a ser tempo despois subsecretario da Organización de Nacións Unidas (ONU), institución da que faría parte desde o 1948.

e Inocencio Ferrer Xusto, entre outros⁴⁴⁹. Entre os citados había un número importante de activistas de sentir nacionalista, organizados uns no *Partido Galeguista* e outros vinculados a outras forzas, nomeadamente a *Izquierda Republicana* ou, mesmo, ao *Partido Comunista de España*. Entre os primeiros podemos citar ao poeta Florencio Delgado Gurriarán (1903-1987) e o docente auxiliar de dereito administrativo Xohán López Durá (1910-1973)⁴⁵⁰, entre os segundos o noutro sarxento de carabineiros na Coruña Manuel Diéguez Rodríguez⁴⁵¹ e entre os terceiros o mestre ourensán Luís Soto, activo militante da *Asociación de Traballadores do Ensino de Ourense* (ATEO) e secretario de Castelao inmediatamente antes desta súa chegada a México⁴⁵². Todos estes últimos activistas citados, como moitos outros que pasarían a militar no galeguismo vertebrado no exilio americano, coincidirán na *Solidaridade Galega Antifeixista* creada en territorio peninsular, nomeadamente en Cataluña, e da que sería secretario xeral, como vimos, o propio Soto, ocupando Castelao a vicesecretaría.

Aquel exilio iniciado após o conflito bélico aberto e a intermediación para realizar a longa singradura que levaría a México a moitos daqueles

⁴⁴⁹ “Refugiados evacuados por cuenta de las Sociedades Hispanas Confederadas” in *España Libre. Órgano de las Sociedades Hispanas Confederadas/Confederated Spanish Societies of U.S.A.*, Nova Iorque, 19/01/1940.

⁴⁵⁰ Que antes de chegar a México estivera en Cuba, de onde tiña nacionalidade por ter nacido na Habana.

⁴⁵¹ Nacido en Ourense no 1898 e do que descoñecemos a data de morte. De militancia progresista [Izquierda Republicana?] que tería feito parte da masonería (segundo a ‘causa nº155 de 1937 de Galicia y Asturias’ S.E. Masonería 340-B-48 que achamos no Arquivo), mantendo unha excelente relación co abogado Salvador Echeverría Brañas, nomeado gobernador civil de León o 13 de setembro do 1933 Vid. “Los nuevos gobernadores Civiles” in ABC 14/09/1933, p.21, tempo despois no exilio tamén mexicano ministro de propaganda, información e arquivos, así como director dos servizos consulares, responsábel, tamén, do secretariado do Consello de Ministros con sede en París do goberno republicano véxase o legaxo referido ao propio Echeverría Brañas no arquivo da Fundación Universitaria Española con referencia SE/912.

⁴⁵² Anos despois sería cofundador da *Unión do Povo Galego* (1964), da que marcharía no 1976 para fundar a *UPG-Liña Proletaria* e ao pouco o *Partido Galego do Proletariado*, sendo destacado independentista galego até a súa morte.

demócratas, sería lembrada polo galeguista Ramón Suárez Picallo, quen emocionado escribíalle ao galeguista e amigo Xosé Hermida:

“Ó terminar a Guerra, fun os Estados Unidos, chamado e levado polos fillos de Sada ali residentes. Estuven 7 meses dando conferencias por “Hispanas Confederadas” en 40 Estados da Unión, xuntando diñeiro pra fletar o ‘Ipanema’ que levou a México os primeiros refuxiados de Francia”⁴⁵³.

Ora, entre aqueles refuxiados había, como é lóxico, distintas tendencias e interrelacións organizativas, polo que sería necesario desde a posición galeguista esforzarse para agrupar aos que xa tiñan consciencia da realidade nacional da Galiza e procuran noutras e noutros exiliados esa consciencia, fronte a unha inútil división da que falaría Luís Soto:

“Nesta diáspora chegaron a México a maioría dos dirixentes galegos de partidos e sindicatos e, como era de agardar, viñan divididos en franccións e pelexando por inquerir e discutir as causas da derrota, sin mediar cumpridamente que a treición internacional das democracias e social-democracias de Europa e América fora a principal responsábel”⁴⁵⁴.

4.4.1.1.-Do Fogar Galego á Alianza Nazonal Galega

Así pois, en base a unha clara afinidade identitaria galega (en moitos casos en absoluto galeguista) e unha elevada seña democrática daqueles refuxiados, reorganizase a tendencia patriótica galega da man de xestións realizadas, fundamentalmente, polos nacionalistas Luís Soto, Xosé Caridad Mateo, Carlos Velo e Florencio Delgado Gurriarán. Para algúns daqueles

⁴⁵³ Carta de Ramón Suárez Picallo a Xosé Hermida, 10 de agosto de 1959, propiedade de Keith Hermida. Tomamos a cita da nota a rodapé número 20 de Lorenzo, Manuel Pérez; Pita Fernández, Francisco A.; García López, Emilia e Viveiro Mogo, Prudencio, *Ramón Suárez Picallo. Escolma de textos en galego*, Compostela, Consello da Cultura Galega / Sada Concello de Sada, 2008.

⁴⁵⁴ Soto, Luis, *Castelao, a U.P.G. e outras memorias*, Vigo, Edicións Xerais, 1983. p.239

exiliados o golpe militar españolista e o contacto con cadros do galeguismo expatriados supuxo un despertar ao nacionalismo. De tal xeito que:

“Esta época foi de estudio, meditación e ao mesmo tempo acción política positiva. Os nucleos de galegos refuxiados sofren unha transformación da súas concepcións políticas e encomenzan a comprender, desenrolar e fixar na súa mente de trasterrados un dos problemas vitais, transcendentales e definitivos pró devir dos tempos na Península Ibérica: o problema nacional”⁴⁵⁵.

E a este respecto sería de alcance a función que cumpriría aquela primeira entidade societaria galega que se viña de crear naquela altura baixo a denominación de *Fogar Galego*. Nun tempo no que víñase de crear na Arxentina a *Irmandade Galega*, como sorte de *Partido Galeguista* no exilio, o arquitecto Xosé Caridad Mateo nunha carta a Castelao acentuaría a importancia desta entidade á hora de clarificar a cuestión nacional entre a comunidade galega exiliada en México:

“Formamos eiquí o Fogar Galego, entidade cultural e recreativa, co fin de xuntar a todol-os galegos de diferentes ideoloxías xunguidos n-unha arela de antifeixismo e de galeguidade e no que contamos con algúns elementos da vella colonia galega en México. Pol-o pronto vexo un renascer do galeguismo en xentes, que sendo antifeixistas, nunca pensaran no probrema da nazolidade galega”.

Caridad Mateo na mesma misiva apunta implicitamente a idea de contar a nivel internacional cun organismo que vincule e coordine ao galeguismo exiliado (a *Irmandade Galega* xa operativa?), apostando por un “Comité Delegado” que operaría en México, afirmando:

“O proieito mais grande do Fogar é o da formazón d-un Comité Delegado da Comunidade Nazonal Galega das Américas”⁴⁵⁶.

⁴⁵⁵ Soto, Luis, *Castelao, a U.P.G. e ...* p.240 .

⁴⁵⁶ Carta de Caridad Mateo a Castelao datada o 8/5/1942. Fundación Penzol (Fondo Castelao).

A partir de tan importante capital humano, non é de estrañar que se fixaran no país azteca as Cortes republicanas no exilio.

Cando estas palabras de Caridad Mateo eran escritas estaba a se xestar a *Alianza Nazonal Galega* (ANG), que nacería o 6 de setembro do 1942⁴⁵⁷, a partir do grupo que xa con ese nome estaba a actuar desde o 1940⁴⁵⁸. Sería o seu secretario xeral o ferrolán Edmundo Lorenzo Santiago, noutrora deputado nas Cortes españolas polo PSOE. Acompañaría a acción da ANG a partir do 1943 a saída do prelo da publicación *Loita*, editada da man dos galeguistas de tendencia comunista baixo o liderado de Luís Soto, apresentándose en clave antifeixista e autodeterminista. Esta publicación sería substituída meses despois por *Galicia. Órgano de Alianza Nazonal Galega* aparecendo o seu primeiro número o 15 de decembro do 1943. Entre outros integrantes fundadores daquela *Alianza*, estaría o nacionalista de corte comunista Luís Soto, o activo socialista galego Marcial Fernández Vázquez (1898-1963)⁴⁵⁹ e o cofundador da ORGA Salvador Etcheverría Brañas (1894-1957)⁴⁶⁰, diplomático que xa fixera estadías no 1937 e 1938 en México, para

⁴⁵⁷ Orixinada esta organización por diversos activistas galegos de esquerdas, con especial protagonismos dos nacionalistas e da *Agrupación Socialista Galega*, publicou un documento fundacional intitulado *Bases políticas*, Fondo Luis Soto, caixa 14622, pasta 1, Arquivo Histórico Provincial de Ourense (AHPO).

⁴⁵⁸ Segundo se sinala no documento *Mensaxe o pobo galego diante o problema democrático i eleitoral*, elaborado en México por fundadores daquel grupo, así como do *Padroado da Cultura Galega* [analizada a escrita, os xiros e discurso, entendemos que é un documento redixido, no seu groso, por Luís Soto e, malia estar sen datar, e segundo as referencias presentadas, ficaría elaborado para se repartir o 1/05/1977], p.4.

⁴⁵⁹ Mestre de profesión, para alén de enfermeiro no marco da guerra civil, sería director xeral do corpo de Carabineiros no goberno Negrín entre 1938 e 1939, xa no exilio republicano. De ideario socialista foi tomando consciencia nacionalista co paso do tempo, de maneira explícita a partir do seu exilio, cofundando a *Irmandade Galeguista*, así como a *Agrupación Socialista Galega* en México D.F. xunto Edmundo Lorenzo no 1942. O seu labor político combinaríao coa docencia no Instituto Hispano-Americano Ruíz Alarcón.

⁴⁶⁰ Nacido en Ferrol, fora fundador da ORGA no 1929 e militante despois do *Partido Republicano Radical Socialista* (PRRS), do que se escindiría cos cadros que encabezarían en 1934 a *Unión Republicana*, xunto con militantes doutras formacións, organización que se integraría ao ano seguinte na Fronte Popular, logrando trinta e seis escanos no Parlamento español. Etcheverría Brañas, masón desde o tempo da República, tería diversos cargos de

no 1939 asentarse naquel país –onde pararía pouco polo seu labor diplomático-, rexentando de inicio un restaurante, lonxe dos subsidios do que sería especialmente crítico, de cara a “*garantizar el modo de vivir aunque sea pobremente, pero con honestidad*”⁴⁶¹.

Os nacionalistas galegos en México terían diverxencias no referido á práctica a seguir. Non todos eran de tendencia comunista, aínda que si a maioría pola acción e prédica de Luís Soto; este era o caso de Ramón Cabanillas (fillo), quen entendía que os galeguistas debían ter unha liña xenuína e independente da dos comunistas españois, afirmando:

“*No Partido Galeguista d'eiquí hai uns cantos afiliados -que por certo son dereitivos a maoría- que siguen d'un xeito 'canino' aos comunistas, facéndolles o xogo d'unha maneira pouco honrosa pra nós*”⁴⁶².

Sexa como for, aqueles que botan a andar a ANG serán maioritarios no exilio galeguista en México e mesmo se verían con folgos e autoridade para cuestionar a hexemonía que se pretendía desde Bos Aires arredor da figura de Castelao, chegando a desacreditar a representatividade do *Consello de Galiza*, que nacería dous anos despois da *Alianza*, suxerindo crear un ‘Consello Nacional de Galiza’, no que non só os galeguistas estiveran presentes a partir de persoeiros eleitos como deputados, senón organizacións republicanas vinculadas con Galiza, con independencia da súa orientación dentro da esquerda.

relevo no exilio, sendo cónsul xeral en Veracruz e, entre outros, Ministro de Información e Propaganda no 1955 do goberno español no exilio baixo a presidencia Félix Gordón Ordás.

⁴⁶¹ Etcheverría, Salvador, *Eclipse en España. Apuntes del diario íntimo de un diplomático de la República española. 1939-19...* Sada, Edición do Castro, 1990. p.165 . Etcheverría achega datos de relevo nestas súas memorias, axudándonos a recrear as primeiras horas daquel exilio. Memorias nas que indica que probablemente sería o primeiro refuxiado político que abriría un negocio en México, nun tempo no que aínda “...son muy pocos los emigrados que buscan refugio en el hospitalario país mexicano; se anuncian remisiones caudalosas de excombatientes y la llegada de muchos que pertenecieron a la plana mayor dirección republicana”, cousa, como sabemos, ben certa. p.166.

⁴⁶² Carta de Ramón Cabanillas Álvarez a Daniel Rodríguez Castelao con data 8/5/1943. Fundación Penzol (Fondo Castelao).

4.4.1.2.-O Padroado da Cultura Galega, a delegación mexicana do Consello de Galiza (vs. 'Consello Nacional de Galiza') e Vieiros.

Luís Soto lembraba décadas despois aquel tempo, aseverando que “...*todo o mundo andaba a testarazos e infruimos profundamente no desenrolo da conceición nacional en América e no país*”⁴⁶³. Referiríase Soto con aquilo dos 'testarazos', como pouco en parte, a aquela controversia interna existente entre os nacionalistas galegos? Sexa como for, iría esmorecendo a ANG cara 1946 -da que xa marcharan os anarquistas no outono do 1943-, dándose lugar ao *Padroado da Cultura Galega* no 1953, que sería paradigmático para a construción, baixo o mesmo nome, dos seus análogos en Montevideo (Uruguai), co seu voceiro *Guieiro*⁴⁶⁴, así como en Caracas (Venezuela) e París (Francia). Ora, temos un importante problema para reconstruír desde a actualidade a singradura do grupo nestes anos, dado que deixou moi pouca documentación do seu axir, malia o importante volume de publicacións que chegou a producir. Tal e como nos dixera Manuel Rodríguez Viqueira, neto do pensador galeguista Johán Vicente Viqueira, residente en México, onde nacería, fillo de Luísa Viqueira Landa, quen ostentara o cargo de secretaria do *Consello de Galiza*:

*“La mayoría [de aqueles exiliados] ha muerto y no dejaron memoria escrita que permitiera reconstruir aquellos tiempos”*⁴⁶⁵.

Ora ben, por fortuna contamos con algúns materiais orixinais, pezas únicas, do grupo exiliado galego de México, caso da revista *Saudade*, así como outras reeditadas en formato facsimilar nos últimos anos, caso de *Vieiros*, e algunhas volantinas e publicacións orixinais de pequeno formato que nos remiten ao primeiro momento daquel exilio, de recomposición militante⁴⁶⁶, aos que sumar orixinais doutras latitudes, nomeadamente de

⁴⁶³ Soto, Luís, *Castelao, a U.P.G. e ...* p.240

⁴⁶⁴ Recuperando o cabezal da *Federación de Mocidades Galeguistas* do PG e que tería vida até os anos '80 do pasado século.

⁴⁶⁵ Conversa de Uxío-Breogán Diéguez con Manuel Rodríguez Viqueira, 6/05/2011.

⁴⁶⁶ Alonso Girgado, Luís; Moreda Leirado, Marisa e Vilariño Suárez, María (coord.), *Saudade*,

Arxentina, que referencian as actividades daquel importante núcleo patriótico galego, para alén de dúas obras de carácter autobiográfico, caso dos testemuños valiosísimos de Luís Soto e Elixio Rodríguez⁴⁶⁷, xunto a dúas substanciosas comunicacións, malia que breves, que mantivemos co devandito Manuel Rodríguez Viqueira.

Por unhas e outras fontes sabemos que a nivel editorial, crearíase no 1942 a publicación *Saudade, verba galega nas Américas*, da man da *Irmandade Galeguista* de México e o grupo que lle dá nome, baixo a dirección, nun inicio, de Xosé Caridad Mateo⁴⁶⁸, compartindo fundación e consello de redacción con Florencio Delgado Gurriarán, Carlos Velo, Ramiro Illa Couto e Ramón Cabanillas Álvarez. Publicación na que colaborarían intensamente exiliados en México como Uxío e Artuto Souto, Bieito Búa, Roxelio Rodríguez da Bretaña, Serafín García ou Luís Soto⁴⁶⁹, así como outros de Cuba, caso de Xerardo Álvarez Gallego, ou do grupo galeguista de Bos Aires, caso de Antón Alonso Ríos, Castelao ou Luís Seoane, mais tamén do interior, nomeadamente o escritor galeguista Ramón Otero Pedrayo, a poetisa Pura Vázquez, o musicólogo e músico ourensán Faustino Santalices e o escritor e mestre Xosé Ramón Fernández Oxea, *Ben-Cho-Shey*.

Mais México era tamén o refuxio de boa parte de exiliados españois de ideario contrario á cuestión nacional galega, vasca ou catalá. Realidade que pesaría, probabelmente en exceso, á hora de que Castelao valorizara o grupo

verba galega nas Américas, [edición facsimilar], Compostela, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 2008.

⁴⁶⁷ Destacamos os textos autobiográficos de Luís Soto e Elixio Rodríguez, *Castelao, a U.P.G. e outras memorias* (Xerais, 1983.) e *Matadeo mañá* (Xerais, 2008, 2ªed.), para alén de fonte hemerográfica diversa, aínda que non comparábel coa producida en Arxentina, nomeadamente en Bos Aires.

⁴⁶⁸ A partir de xullo do 1952, coincidindo co nº 5 de *Saudade*, encargárase da dirección Marcial Fernández (autor da pouco coñecida obra *Transcendencia y Honduras de Castelao*, México D.F., Ed. Triskele, 1951) , observándose un outro cambio ao respecto a partir do último volume coñecido da devandita publicación, nº7 imprentado con data de xullo do 1953, cando asumiría a dirección Florencio Delgado Gurriarán.

⁴⁶⁹ Que faría parte do Consello de Redacción desde o nº5 de xullo 1952 (número duplicado, dado que a anterior xeira rematara nun nº5, con data agosto do 1944).

galeguista erguido naquel país. Este non gozará da confianza dada a outros grupos en América pola cerna do nacionalismo galego exiliado, mesmo observaremos unhas difíciles relacións dadas entre algúns dos integrantes daquel grupo e Castelao; quen calificaría ao exilio español en México de 'Madrid mexicano', referíndose a Diego Martínez Barrio (1883-1965)⁴⁷⁰ e Indalecio Prieto (1883-1962)⁴⁷¹, entre outros, indicaría como:

*"... los 'repúblicos' exiliados en Méjico no tienen derecho a ostentar la representación del republicanismo español, pues las repetidas estupideces de que hacen gala los inhabilita para volver a gobernar..."*⁴⁷².

Esta era unha desautorización que facía veladamente extensiva, nun inicio, ao propio grupo galeguista, do que dicía non ter novas formais da súa constitución, nen ter autorizado, mesmo, a posta en andaina do mesma. O certo é que a articulación do mesmo sorprendeu a Castelao, a quen os galeguistas desde México aguilloárono con varias cartas, nas que insistían en reorganizar no inicio da década dos corenta o movemento alén mar, diante do que foron exemplares, cando menos a nivel organizativo, como vimos de ollar. Aquela insistencia non lle sentou particularmente ben a Castelao, quen dubidaría en constestar ás misivas, afirmando a Elixio Rodríguez:

"Meu querido irmán: estiven por non contestar à túa carta para que d-este xeito tiveras ou tiverades razón. Pol-o que se vé soio eu teño obrigas que cumprir e ante elas figura a de pasar o día escribindo cartas. Non, meu queridiño; para empregar o teu lingoaxe sería necesario que pol-o menos tivérades a atención de comunicarme a constitución d-ese grupo e facerme saber algunha vez o que facedes e o que proeitades (...). Abonda de coñas pesadas. Se calquera dos protestantes traballase

⁴⁷⁰ A partir do 1945 presidente da República no exilio.

⁴⁷¹ Cadro do *Partido Socialista Obrero español* (PSOE), expresidente do goberno español da man de Largo Caballero en setembro do 1936, en pleno estalido da guerra, responsábel máximo da *Junta de Auxilio a los Republicanos Españoles* (JARE); integrado no goberno liderado por Martínez Barrio a partir do 1945.

⁴⁷² Rodríguez Castelao, Daniel, *Obra Completa VI*, ... Op. cit. p.494

*a décima parte do que eu traballo abondaríanos para ter a estas horas un Partido (...)*⁴⁷³.

Sexa como for, cando non existía practicamente organización algunha, aqueles exiliados galeguistas en México fixeron da necesidade virtude. Entre as diversas iniciativas que tiveron, como vimos, o labor editorial sería central naqueles anos, característica compartida andando o tempo en todo o exilio americano. Para o caso, ao ano seguinte da creación da revista *Saudade* compilábanse diversos poemas nun volume intitulado *Cancioneiro da loita galega*. Malia que composto maioritariamente aquel sentido repertorio na Arxentina, sería editado en México no 1943 polo denominado “Partido Galeguista” baixo iniciativa de Florencio Delgado Gurriarán, que vería publicados naquel cancionero os seus poemas, xunto outros de Emilio Pita, en homenaxe aos galeguistas asasinados polos fascistas.

Dada o volume, cualificación e actividade do grupo mexicano, Castelao procuraría a coordinación do mesmo na rede internacional que se estaba a forxar con aqueles exiliados galeguistas. Proporía ao ano seguinte, recién nado o *Consello de Galiza*, que Florencio Delgado Gurriarán participara do refundado pacto *Galeuzca* en calidade de ‘mandatario’ do *Partido Galeguista/Irmandade Galeguista*⁴⁷⁴ no pacto tripartito, cando viña de se facer cargo da presidencia do grupo galeguista Roxelio Rodríguez de Breaña após López Durá⁴⁷⁵. Delgado Gurriarán, á súa vez, faría parte *ipso facto* da delegación do *Consello de Galiza* en México. Con todo, os galeguistas de México viñan de elixir ao mariño Xohán López Durá como representante da devandita fraternidade nos encontros galeuzcanos na cidade mexicana, polo que se daría unha disputa que non viña a axudar á operatividade do grupo e, por extensión, do nacionalismo galego expatriado⁴⁷⁶.

⁴⁷³ Rodríguez Castelao, Daniel, *Obra Completa...*, *op. cit.*, p.346

⁴⁷⁴ Observemos como non é inocente que neste primeiro exilio aínda se referencie por parte dos nacionalistas galegos o *Partido Galeguista*. Téntase reafirmar unha continuidade alén mar e, léxicamente, diante do relanzamento do *Galeuzca* había pór o acento na mesma.

⁴⁷⁵ Concretamente desde finais de 1945 até, simbolicamente, os inicios da década dos oitenta.

⁴⁷⁶ Quedaría constituído *Galeuzca* en México con data 22 de decembro do 1944, a partir dunha xuntanza desenvolvida á noite no Roof Garden do Hotel Majestic. Neste intre López Durá

Aínda sabedor Castelao de que dos dous sería Delgado Gurriarán, responsábel do *Cancioneiro da Loita Galega*⁴⁷⁷, o que resultaría máis fiel ao plano organizativo e ideolóxico-político bonaerense, dirixiríase a López Durá con absoluta cordialidade. Cumpría manter unha relación máis estreita con aquel que saíra eleito representante do grupo mexicano nas xuntanzas de Galeuzca, a risco de que se racharan as relacións deste co epicentro do galeguismo en Bos Aires. Chegando Castelao a dicirlle a López Durá o que segue :

“...[os de Arxentina...] sabemos, por unha postal, que tí quedaches ao fronte da Delegación Galega que nos representa en Galeuzca de México, cousa que nos enche de leducia”⁴⁷⁸.

Nesta altura na que se viña de constituír o *Consello de Galiza*, a delegación mexicana do mesmo estaría presidida por Carlos Covelas, sendo con este cofundadores o doutor Horacio Casas, Francisco Comesaña, Inocencio Ferrer Ovide, o propio Delgado Gurriarán, Elixio Rodríguez, Luís Soto, Andrés Valín, Antón Yañez e Luísa Viqueira Landa, quen ostentaría a secretaria da mesma. O lanzamento do *Consello* non fora aceptada de bo grao polo grupo de Soto, por moito que ao cabo fixeran parte do mesmo, dado que entendían cumpría crear un organismo que non só sumará personalidades, senón a totalidade de partidos políticos que operaran na Galiza. Sería o propio Luís Soto, en calidade de responsábel da Comisión Galega do Partido Comunista de España, o que lle escribera a Castelao para que repensase o formato do *Consello de Galiza*.⁴⁷⁹ Malia estas suxestións do entorno mexicano, aquel

sería non só o delegado do Consello de Galiza naquel Galeuzca, senón tamén presidente da 'delegación' do *Partido Galeguista*, responsabilidade esta última que logo ocuparía Rodríguez de Bretaña. Os representantes que se sumaban a López Durá serían Joan Loperena i Romá (1888-1957) pola delegación catalá -nourora alcalde Reus- e José Luís de Irisarri (?-2005) pola delegación vasca -delegado, á súa vez, do goberno vasco en México entre 1848-1957, logo de ostentaren este cargo Telesforo Monzón (1942-1946) e Antonio Orbe (1947-1948)-.

⁴⁷⁷ Editado no 1943 por iniciativa de Delgado Gurriarán, como xa se viu.

⁴⁷⁸ Rodríguez Castelao, Daniel, *Obra Completa...*, op. cit. pp. 466-467

⁴⁷⁹ Martínez González, Xurxo, *Luís Soto...* op. Cit. P 109-111

organismo seguiría a desenvolverse segundo o formato escollido de inicio, entendéndose Soto e os seus achegados, de seguro, desprazados. Probabelmente por isto serán partidarios de relanzar a idea dun *Consello Nacional de Galiza*, aproveitando o novo goberno republicano encabezado por Giral, diante do que os exiliados galegos en Franza semellaba coincidían, e no que Castelao podería ser denominador común (por moito que Castelao non aceptaría aquela proposta que lle chegarían a facer e que concibiría como unha *traizón ao Consello de Galiza*).

Segundo os anos pasan, máxime logo da morte de Castelao, o grupo bonaerense nucleado arredor do *Consello de Galiza* iría perdendo en maior medida peso nas decisións que os galeguistas fóra de Arxentina, e coa excepción de Uruguai, tomarían no seu radio de acción. Estes irán desenvolvendo na práctica unha dinámica propia –cousa que desde un primeiro momento xa acontecera-, capitaneada fundamentalmente por Luís Soto, o que non significaría que se arredaran do galeguismo americano no seu conxunto.

4.4.1.3.-De Saudade ao Padroado da Cultura Galega

Destacaría o grupo mexicano no seu axir pola edición de diversas publicación, pasando, mesmo, a crearen unha editora propia. Será no 1951 cando bote a andar a devandita editora auspiciada por Marcial Fernández Vázquez, director naquela altura da revista *Saudade*. Nacía baixo o nome *Triskele* e facíao cunha obra do propio director daquela revista, e con prólogo de Ramón Suárez Picallo, intitulado o volume *Transcendencia y Hondura de Castelao*. Diante da saída da devandita obra, Roxelio Rodríguez da Bretaña, presidente da *Irmandade Galeguista* de México, afirmaríala no acto que esta lle tributaría ao autor da mesma o que segue:

“Xúntanse en Marcial Fernández a representazón do home de honradez políteca pristina i-a reititude de-unha postura, que aínda podendo ser compartida ou non, non embargante obríganos a recoñecela como diña no mais ampro conceito da ortodoxia das ideas que profesa (...;) o aparecemento do devandito libro [é] o resultado d-un esforzo de Marcial, como unha contribución a causa de Galiza, follas (...) en

cumprimento d-un ouxetivo i-a encher un valeiro, fora de todo aspecto mercantilista e cheio d-unha profunda emozón galega, i-a mais, co grande anxeio de deixar a posteridade [un] estudo conzenzudo da persoalidade de Castelao ⁴⁸⁰.

Palabras ás que respondería Marcial Fernández agradecendo a homenaxe da *Irmandade Galeguista*, introducindo unha súa radiografía de Castelao, afirmando que:

*“...lembro eu a Castelao un pouco ventureiro do pensamento, das artes e das letras, no que o xenial se impuña coma o fogar axeitado pra con un pensamento que, sen mágoa da súa fondura era versátil por eiscelenza”*⁴⁸¹.

O 29 de xullo do 1953 nacería con trinta e tres asociados o *Padroado da Cultura Galega de México* no marco dunha xuntanza desenvolvida no Hotel Majestic de México D.F., baixo a presidencia de Xesús Dopico Barreiro, violinista de Ferrol. Entre outras actividades impulsaría programas radiofónicos, caso de *Hora da Cultura Galega*, guiado por Elixio Rodríguez e Roxelio Rodríguez da Bretaña e conducido, fundamentalmente, por Luísa Viqueira Landa e Luís Soto, emitíndose os domingos. Aquel grupo tiña capacidade radiofónica para irradiar a Bos Aires, Nova Iorque, Caracas e La Habana, mercé á xenerosidade e compromiso coa causa patriótica galega e democrática do propietario da estación radiofónica XEMC-XESC, o galeguista Ramón Ferreiro. Aqueles galeguistas emitían desde a devandita emisora tratando arredor da realidade nacional da Galiza, así como a cuestión autodeterminista no marco da Península Ibérica, nomeadamente referida a Euskadi, Catalunya e Galiza, dando lugar a diversas entrevistas.

⁴⁸⁰ N.R., “Verbas pronunciadas polo irmán Roxelio Rodríguez da Bretaña...” in *Saudade, verba galega nas Américas*, nº5 (bis), 1952. p.35

⁴⁸¹ N.R., “Resposta de Marcial Fernández na ceia homenaxe que lle foi ofrecida...” in *Saudade, verba galega nas Américas*, nº5 (bis), 1952. p.37

Debemos tamén computar a este grupo a edición da revista *Vieiros*, nacida no 1959 a partir do substrato que deixara *Saudade*, unha publicación aquela que tería unha amplísima nómina de colaboradores, salientando galeguistas do interior e de alén mar, caso de Xosé Núñez Búa, Albino Núñez, Elixio Rodríguez, Ramón Piñeiro, Ramón Cabanillas, Florentino López Cuevillas, Otero Pedrayo, Manuel García Barros, Francisco Fernández del Riego, Ricardo Carballo Calero, Xosé Ramón Fernández Oxea, Bernardino Graña, Xosé Luis Méndez Ferrín, Xosé Neira Vilas, Dora Vázquez, César Arias e Arcadio López Casanova, entre outros, para alén das ricas achegas que ao apartado gráfico realizarían Arturo e Uxío Souto, Carlos Maside, Isaac Díaz Pardo, Acisclo Manzano, Xaime Quesada, Manuel Prego, Conde Corbal ou Reimundo Patiño. A publicación tería en Luis Soto, Carlos Velo, Luisa Viqueira Landa, Florencio Delgado Gurriarán e a parella exiliada procedente de Cuba composta por Francisco Comesaña Rendo (1913-1997)⁴⁸² e Ascensión, ‘Choncha’ ou ‘Chonchiña’, Concheiro García (1913)⁴⁸³, os seus principais sostedores a efectos prácticos e ideolóxicos, nucleadores do conxunto daquel grupo que impulsaban *Vieiros*, afirmaban no inicio:

“Saímos as soalleiras da cultura universal co espello limpo da nosa língoa, única axeitada pra exprimir a literatura e o arte, e cencia e mais a filosofía e limiariamente a vida espiritual e material do povo galego, que endexameis renunciou a sua fala.

(...)

Por iso arelamos ser unha pubricazón da Galiza única, co pensamento co curazón, cos pés e coa vida na Terra, pra sinalar os VIEIROS da nosa cultura diferenciada, do noso xeito de ser e de vivir, da nosa economía pegullal, do

⁴⁸² Que estivera algo máis de sete anos preso, entre o 1936 e o 1943, e que inspiraría décadas despois ao literato Manuel Rivas para escribir a novela *O lapis do carpinteiro*, adaptada para o cinema por Antón Reixa e Xosé Morais no 2001.

⁴⁸³ Interesante aproximación á figura de Ascensión Concheiro in Grañas Pérez, Beatriz, *Voces da memoria: galegas exiliadas, emigradas e resistentes durante o réxime franquista*, Compostela, Concello de Santiago de Compostela, 2003, pp.31-48

*noso devir na laboura civilizadora do universo, adaitada as nosas características, as cales fixan, sen dúbida algunha, que somos unha Nación*⁴⁸⁴.

A publicación tentaría ampliar o círculo de colaboradores que de inicio estiveran ligados a *Saudade* e ao *Padroado*, mantendo enorme relación con exiliados galegos que de inicio non tiñan militancia nacionalista, mais que se irían decantando polo galeguismo de tendencia comunista, caso do pediatra ourensán Antonio Fernández Carnicero⁴⁸⁵ e a súa compañeira, a mestra María Bouzas Pérez, exiliados desde 1939 en México. Estes serían un dos sostedores económicos da publicación, xunto Luís Soto e Rodríguez da Breña.

Naquela etapa na que, após a morte de Castelao, perdera fol o grupo radicado na capital arxentina, o *Padroado da Cultura Galega*, empregando *Vieiros* como canle de comunicación, procurará ser o acicate do galeguismo expatriado, e da comunidade galega emigrada no seu conxunto, dándolle especial importancia á relación co interior. Entendía este grupo que era na Galiza aquén terra onde había que procurar novas xeracións de nacionalistas, algo que tamén opinaban firmemente desde o *Consello de Galiza* en Bos Aires.

Mais non todo serían eloxios para o traballo realizado por aquel grupo, nomeadamente polo traballo desenvolvido polos promotores da revista *Vieiros*. Habería tamén críticas, nomeadamente centradas no 'luxo' daquela publicación, como a realizada polo escritor e xornalista Xosé Fernández Ferreiro, fundador e activo do grupo *Brais Pinto*, a partir da publicación compostelá *La Noche*.

En resposta a esta crítica relativa á revista galega editada en México, aseveraría Luís Soto, nunha longa exposición:

“O ‘luxo’ de ‘Vieiros’ foi inevitábel coa tenzón de esmoer o complexo de inferioridade dos galegos emigrados, que mercan

⁴⁸⁴ N.R. “Alicerce” in *Vieiros* nº1, 1959.

⁴⁸⁵ Activo militante do *Partido Comunista de España* en tempo da II República.

sanatorios, criptas marmóreas, cimiterios, tabernas, bandas de gaitas ou ramos de lacós –pra apracar os vermes das suas boas concencias- e que non invirten –polo xeral- nin un soio can no inzamento da cultura da sua terra, a cal en definitiva é a súa propia raigame, io seu único ‘ser’.

Outra revista calquera, migratoria, con anuncios de ferreterías e funerarias, as fotos da boda da filla do Presidente do Centro, dúas poesías fanadas e catro [actos] de folklore resésego, non [cumpría] misión algunha, non no tempo nin no espacio. Nin tampouco se era bilingüe –non tiña ouxeto- ou si estaba escrita en castrapo.

¿Que sería, Fernández Ferreiro, da túa carta a ‘Ulises’, documento dramático, literariamente xenial, esmagada nunha revista (...) sin proiección, sin lectores e sin perspeitiva de telos?

(...) Vieiros non é unha revista da emigración, senón unha revista escrita e dibuxada na terra. A emigración [é] un accidente, unha doenza e polo tanto non pode, nin debe, aparecer como guieiro da cultura (...), entendéndose por cultura o polo da súa diferenciación en todo-os aspeitos da vida, a cal en derradeiro termo é a que conta.

É certo que a pagaron –moitos cartos- un fato cativo de xentes, que viven do seu traballo e que pra colmo nin xiquera saben cobrar. É certo que desvelaron o seu caletre algunhas persoas que moran fora do país, pra concebila, estroiturala e pra que servira de v[i]jeiro adoitado os problemas ios anceios. Descasí, foi e será sempre unha manifestación cultural da Terra, meditada na Terra, e afincada na súa esencia e na sua personalidade. (...) onde foi ergueu un espírito xeneroso e demostrou que ainda temos algo que decir na nosa lingua, que falan cen millóns de homes e que berrou con barileza que ainda somos nos.

(...)

Si ‘Ulises’ -Breogán- que a edita naufragara na súa barca de coiro, collerían os remos os escritores ou artistas das súas páxinas, un ‘Brais Pinto’, mellor ti mesmo, amigo Fernández Ferreiro, xustamente arrebatado diante a lagoa do silencio.

Ora ben, querido e admirado amigo, antre os centos de loubanza – casique míticas- que recibiu ‘Vieiros’ cecais ningunha coma túa, que con poucas verbas, deu no cravo da eficiencia, aínda que a min me doían as costas.

De contado, somentes che podo prometer –con Carlos Velo- que recibirás ‘Vieiros’ aínda que sexa en papel de estraza, mais con unha calidade tan esplendente cos fitos ficarán engaiolados con alboroques inmarchitables”⁴⁸⁶.

O último número de *Vieiros* saíu na primavera de 1968, após case unha década de andaina. Segundo o seu máximo facedor, Luís Soto, o proxecto carecera dunha apoiatura colectiva que mantivera a publicación, mais tería sido un erro abandonar a súa edición, segundo afirmaría o ourensán anos despois:

“... dada a significación sociopolítica e literaria de Vieiros non debemos coutar esta tarefa no ano 1968. A cuestión foi de anguria, pois por circunstancias especiais fiquei practicamente só coa responsabilidade de editar sucesivos números de Vieiros. Logrei sacar o número tres e o número catro, pro como se botaban enriba cuestións políticas de limiar valencia, decidín abandonar Vieiros por non poder atender tódolos ángulos do traballo galego e ademais do meu persoal ⁴⁸⁷. (...) recoñezo que foi un erro e que debín obter axuda e decisión para que a revista chegase coa luz esplendente da súa galeguidade á Terra e a tódolos lugares da diáspora”⁴⁸⁸.

Coa edición do último número de *Vieiros* pecharíase a historia do nacionalismo galego exiliado en México. Ora, isto non significaba que aqueles

⁴⁸⁶ Soto, Luís, “Aclaración encol da Revista (Vieiros)” in *Hermandad* nº2, Caracas, abril 1965 [Suplemento interior sen paxinar].

⁴⁸⁷ Soto era propietario duns laboratorios químicos ubicados en México, adicados á elaboración, fundamentalmente, de deterxentes. Conversa de Uxío-Breogán Diéguez con Manuel Rodríguez Viqueira, 6/05/2011.

⁴⁸⁸ Soto Fernández, Luís, *Castelao, a UPG e outras memorias*, Vigo, Xerais, 1983, p.176.

galeguistas non tiveran intención de seguir organizados politicamente. Este grupo sería central a partir do 1964 no relanzamento político-organizativo do nacionalismo galego aquín mar e esta realidade tamén tería a ver co propio cese de *Vieiros*, en canto que o seu axir reorientárase xeograficamente. O contexto socio-político dado na España dos anos finais da década dos sesenta do pasado século facían crer na posibilidade dunha democracia. O antifranquismo en España iría collendo un pulo de relevo, o que na Galiza visibilizaba unha nova xerazón de militantes nacionalistas que enlazaran anos atrás cos exiliados e que agora situaban o epicentro da loita en favor da autodeterminación do país na propia Terra, logo dunha resistencia especialmente militante alén mar.

4.4.2.-O nacionalismo galego en Chile, Uruguai, Porto Rico, Estados Unidos de América e Cuba.

Podemos afirmar que o grupo de México, antes da chegada de Castelao a Bos Aires e da creación da *Irmandade Galega*, sería o acicate dos galeguistas doutros países do Sul de América para non caeren no desalento e se organizaren. Contodo, esa organización foi efímera e centrada na figura de Luís Soto, sen darse lugar a unha renovación xeracional.

Sexa como for, a emigración galega dera lugar non só á creación de centros *rexionais*, senon tamén a agrupacións patrióticas. Este sería o caso de Uruguai, onde os nacionalistas exiliados se atoparían cunha apoiatura previa moi vizosa, destacando a figura de Xesús Canabal dentro da colectividade galega asentada en Montevideo particularmente. En Venezuela pasarían anos até se consolidar unha estrutura nacionalista galega, sendo tardiamente a figura de Xosé Velo Mosquera central, quen fixaría a súa residencia en Caracas. En Chile a actuación xiraría arredor dun pouco constante Ramón Suárez Picallo e en Porto Rico, ao igual que o caso chileno, descoñecemos organización nacionalista, propiamente dita, que operara naquel exilio, mais destaca a presenza do galeguista pontevedrés Sebastián González, de grande relevo durante os anos trinta no galeguismo e que fixaría a súa residencia en San Juan. Será un caso ben distinto o cubano, onde existía desde os anos vinte unha forte actividade nacionalista galega de corte abertamente

independentista, nucleada arredor de Fuco Gómez, da que nos ocupamos liñas adiante.

4.4.2.1.-Chile.

En Chile o galeguismo exiliado xiraría arredor da figura do grande orador Ramón Suárez Picallo. Este xunto ao xoven Celso Garrido serían os representantes galegos no *Galeuzca*. Picallo naquela altura áchase nunha etapa de laxa militancia galeguista, moi ligado ao anarquismo español a partir de ter sido avogado de activistas da CNT en tempo de guerra⁴⁸⁹ e ben contrario ao comunismo, segundo se pode ler en epistolario traballado excelentemente por Xesús Alonso Montero á hora de dar conta do acercamento que Castelao tivera ao comunismo⁴⁹⁰. Da súa falta de disciplina se queixaría Castelao en numerosas ocasións, desde 1939, indicando que perdera a súa acreditación de parlamentario en Nova Iorque naquel ano. A partir dese tempo Castelao perdera a confianza nel, afirmando:

*“Picallo é un desventurado home que se entrega gratuitamente a calquera lampantín. (...) Doeume moito que Picallo se convertira nun home inútil para loitar con homes e se trocase nunha histérica. Eu, que o quería tanto, convencinme de que con Picallo xa non podemos contar”*⁴⁹¹.

Con todo, a partir do 1944 Suárez Picallo faría parte do *Consello de Galiza*, e como marcamos, do *Galeuzca* en representación galega, conseguindo Castelao tensionalo o suficiente para que cumprira uns mínimos no político-organizativo. Isto mesmo acontecería cando Castelao o animara a participar nas Cortes españolas no exilio, como seu viú, polo *Consello de Galiza* en favor do Estatuto de Autonomía. Isto non significaría que fora quen de dar de si un grupo amplo e compacto de nacionalistas en Chile. De feito a

⁴⁸⁹ Afirmaría Suárez Picallo nunha carta a Ramón Piñeiro posterior a esta altura, nomeadamente con data 22/06/1959, que defendera a mil catrocentos membros da CNT metidos no cárcere polas “hostes comunistas de Lister , cando 'invadiron' o Aragón republicán e sindicalista” e que desde aquel tempo mantiña 'cordiais relacións' cos anarquistas. Vid. Alonso Montero, Xesús, *Castelao na Unión Soviética... Op. Cit.* p. 170.

⁴⁹⁰ Alonso Montero, Xesús, *Castelao na Unión Soviética... Op. Cit.*

⁴⁹¹ Alonso Montero, Xesús, *Castelao na Unión Soviética... Op. Cit.*, p 167.

mínima equipa que representaban Celso Garrido e Picallo, racharía cando este último marche cara Bos Aires, onde falecería anos despois. Sexa como for, sería tido entre a colectividade en base á súa oratoria patriótica, e o seu activismo durante a II República, como un claro referente. Desde a *Irmandade Galega* de Bos Aires escribían en *A Nosa Terra* del e o grupo que conformaba con Celso Garrido as seguintes palabras:

*“Baixo a intelixente dirección de R. Suárez Picallo e Celso Garrido, representantes do Consello de Galiza, o galeguismo vai conquerindo enraizamento e prestixio na colectividade galega de Chile. [...] Vaian as nosas congratulacións ía nosa embora a canto axudaron a producir ise clima”*⁴⁹².

4.4.2.2.-Venezuela.

En Venezuela concentraríase a actividade patriótica galega, fundamentalmente, na cidade de Caracas. Serao sobre todo a partir da *Revolución de Outubro* de 1945, cando o presidente Isaías Medina Angarita (1897-1953) sexa derrocado por un golpe de Estado que instituiría unha *Xunta Revolucionaria* capitaneada polo esquerdista Rómulo Betancourt⁴⁹³, pasando a ser recoñecida a República española como lexítimo goberno. Este feito atraería como destino no exilio a diversos cadros do galeguismo, sendo a figura de maior relevo daqueles Xosé Velo Mosquera. O que fora último secretario xeral da *Federación de Mocidades Nacionalistas* chegaría á capital venezolana o 9 de outubro do 1948, cando viña de exercer durante uns meses como presidente venezolano Rómulo Gallegos, de orixe galaica. Traballaría arreo Velo en favor da unidade dos galegos naquelas terras asentados, divididos até a altura en varios centros societarios sen práctica en común, nomeadamente *Lar Gallego e Centro Gallego*, e co tempo tamén a *Casa de Galicia*. Velo impulsaría o primeiro, sendo o seu presidente, xunto a Gonzalo Gómez Caridad (1919-2007) que sería o secretario, chegando a contar cun programa de radio dominical denominado 'A Voz de Galicia. A Voz da Emigración'⁴⁹⁴. A estes se

⁴⁹² “O galeguismo e Galeuzca en Chile” in *A Nosa Terra*, marzo-abril 1946, p.7

⁴⁹³ Martiz Crespo, Xurxo, *Galiza en Dominicana... Op. Cit.* p.12

⁴⁹⁴ Este programa estaba dirixido polo propio Xosé Velo e sería emitido por Radio Rumbos. Vid. Campos Álvarez, Xosé Ramón, “O papel dos exiliados na evolución do asociacionismo galego en Venezuela (1940-1960)” in *Actas do Congreso Internacional 'O exilio Galego'*,

sumarían naquela sociedade o Mariano Otero Castelao, curmán de Castelao, ou Manuel Meilán, así como o comunista galego Manuel Gallego -referencial na unidade dos galegos asentados en Caracas- e o anarquista tamén galego Silvio Santiago. Nunha proclama do 1952, en favor dunha “Asemblea Pro-Unidade”, afirmaría Velo lembrando a figura de Antolín Faraldo:

“Quen seipa da door da TERRA, ten de traer sua Fe a ista nosa IRMANDADE, (...). As sociedades galegas no desterro son fundadas pol-o espírito que non renuncia endexamais a PATRIA. O noso amore a PATRIA non pode ser tributaria da cobiza de ninguén (...). Nada ven feito na vida. Compre facelo todo. Pro as GRANDES OBRAS, REQUIREN GRANDES ESFORZOS (...).”⁴⁹⁵.

A unidade de *Lar Gallego* e do *Centro Gallego* conseguiríase, mais por pouco tempo. Aínda habería que agardar uns anos para que este se efectivizara con forza. Entre tanto, cara 1955 sumaríase á presenza de Velo en Caracas á do galeguista Xosé Sesto López (1909-1998). Velo e Sesto exercerían a docencia e serían activos militantes nacionalistas en Venezuela, destacando particularmente Velo na creación da *Irmandade Galega*, que simbolizaría a unidade entre a colectividade galega pola que loitara. Esta entidade nacería o 12 de outubro do 1960, froito da fusión dos devanditos tres centros galegos que operaban até o momento na capital venezolana con presenza galeguista. O acto de maior relevancia que organizaban anualmente era a *Semana de Galiza*, desenvolvida anualmente na segunda quincena de xullo. Convidarían a diversos oradores a disertar sobre Galiza, quer do ámbito exiliado quer do interior, entre os que podemos contar ao nacionalista exiliado en México Luís Soto ou ao galeguista do interior Ramón Otero Pedrayo⁴⁹⁶.

Compostela, Consello da Cultura Galega, p.622

⁴⁹⁵ As maiúsculas son do orixinal (Arquivo Xurxo Martiz).

⁴⁹⁶ Pedrayo no 1956 estivera de visita en Caracas e rexeitara dar unha palestra no *Lar Gallego*, ao igual que Camilo José Cela, conferenciando no *Centro Galego*. Semella que o motivo era a radicalidade desta sociedade, coa figura de Velo á cabeza, e as posíbeis represalias que lle podería conlevar esa intervención no seu regreso á Galiza. *Vid.* Campos Álvarez, Xosé Ramón, “O papel dos exiliados na evolución do asociacionismo galego en Venezuela (1940-

Xosé Velo deixaría esta unidade como legado, marchando ao pouco de Venezuela, dada a súa pertenza e responsabilidades no grupo armado antifascista *Directorio Revolucionario Ibérico de Liberación* (DRIL), do que sería secretario xeral xunto Humberto Delgado e Henrique Galvão; ao que xa nos referimos. Aliás, sería central no axir da *Irmandade Galega/Hermandad Gallega* a creación do colexio Castelao, existente aínda na actualidade, e no que se alfabetizaron e alfabetizan -coñecendo a lingua, literatura e historia propia da Galiza- miles de nenos e nenas que cantarían -e cantan- nas datas máis significativas da Galiza, o himno galego escrito por Pondal, salientando os 25 de xullo, Día da Patria Galega.

Por mediación de Óscar Noya (1923-1987), fillo do galeguista da Guarda Xoán Noya (1900-1989), no 1966 chegará a Caracas o tamén galeguista Celso Emilio Ferreiro (1912-1979), que fora dirixente da *Federación de Mocidades Galeguistas*, cofundador das mesmas con Velo en Celanova -tendo sido director de *Guieiro*, o seu 'outavoz' nacional- e que ficaba encadrado na recién nada *Unión do Povo Galego* (UPG). Naquela altura viña de dar ao prelo na Galiza o seu magnífico poemario *Longa noite de Pedra* (1962) e Ferreiro, deixando atrás a ditadura franquista que o asexaba, incorporaría á *Hermandad Gallega/Irmandade Galega*, como tamén ao pouco Pura Vázquez (1918-2006) diante da súa terceira viaxe e estadia en Caracas. Da man do secretario de Cultura do centro societario, Óscar Noya, encargárase Celso Emilio da organización de actividades culturais, dirixindo o quincenario *Irmandade*, dando aulas no Colexio Castelao⁴⁹⁷ –que chegaría a dirixir- e sendo cofundador do *Padroado da Cultura Galega*, que lanzarían aqueles nacionalistas na capital venezolana, logo de que gañara a dirección do centro *Hermandad Gallega* o grupo simpatizante da ditadura franquista. Impulsaría Celso Emilio amparado polo nova agrupación no ano 1970 a iniciativa da gravación dun *Long Play* (LP) intitulado *Galicia canta*, contemporáneo á aparición que na Galiza se viña de dar do movemento de cantores *Voces Ceibes*, que irrompera con forza a partir do 1968. As letras daquel disco

1960)” in *Actas do Congreso Internacional 'O exilio Galego'*, Compostela, Consello da Cultura Galega, p.622

⁴⁹⁷ Martiz Crespo, Xurxo, *Galiza en Dominicana... Op. Cit.* p.118-119

colectivo de longa duración, editado polo selo PoboVox, serían de Arístides Silveira, é dicir, Celso Emilio Ferreiro, Farruco Sesto Novás, J.J. Sesto, Lois Diéguez, Curros Enriquez, X. Costa e P.J. Puértolas, X. Les, Guillermo Rojo, interpretadas por Xulio Formoso⁴⁹⁸ na súa maioría (cara B) e Miro Casabella, Benedicto García Villar, Xerardo Moscoso, Xoán Rubia, Guillermo Rojo e Xavier del Valle. Daría aquela iniciativa unha cobertura moi notábel á *nova canción galega* e ao propio idioma galego, azoutado por unha dictadura franquista que o degradara oficialmente a 'dialecto'. Pouco despois Celso Emilio Ferreiro, que traballara para o gabinete presidencial do venezolano Rafael Caldera, marcharía no 1973 cara España desde Venezuela. Fixaría a súa residencia en Madrid, onde coordinaría desde xullo do 1974 a aula de Cultura Galega do Ateneo, achegándose ao *Partido Socialista Galego* (PSG) e, logo de rotas as relacións a partir daquel ano coa UPG; ao pouco, participaría da contorna do *Partido Socialista Obrero Español* (PSOE), presentándose pola *Candidatura Democrática Galega* nas eleccións constituíntes do 1977 que este respaldaba na Galiza⁴⁹⁹, participando do Día da Patria Galega daquel ano en Compostela, participando da manifestación que se desenvolvía baixo a lenda “Por un Goberno Galego”. Había cinco anos morrera Velo en São Paulo, onde ficaba recoñecido polo goberno brasileiro como refuxiado político após o episodio do transatlántico Santa María/Santa Liberdade⁵⁰⁰, no que sería o seu segundo e último exilio suramericano. Sen Velo e Celso Emilio, sen Xosé Sesto activo⁵⁰¹, e adicados os máis novos dos nacionalistas, caso de Farruco Sesto,

⁴⁹⁸ Fillo do xornalista Julio Formoso, participando ambos no *Directorio Revolucionario Ibérico de Liberación* (DRIL).

⁴⁹⁹ A *Candidatura Democrática Galega* (CDG) era de centro-esquerda e nas eleccións constituíntes do 15 de xuño do 1977 presentou, coa cobertura do PSOE, por Pontevedra ao galeguista Valentín Paz-Andrade e pola Coruña a Manuel Iglesias Corral -na II República ficaría en ORGA, sendo un anti-autonomista convencido. Logo de estar na CDG pasaríase á *Unión de Centro Democrático* (UCD) de Adolfo Suárez e, ao pouco, a *Alianza Popular* de Manuel Fraga- e ao sacerdote Celso Montero por Ourense, seguido polo propio Celso Emilio Ferreiro.

⁵⁰⁰ Xunto a Xosé Velo vivía recoñecido igualmente como refuxiado Víctor Velo, fillo do celanovés, tamén partícipe da toma do Santa María. En São Paulo abrírían a librería e selo editorial 'Nós' a partir do 1962.

⁵⁰¹ Profesionalmente retirárase xa no 1973 do seu posto de conservador da Biblioteca Nacional

Xulio Formoso ou Gonzalo Gómez Freire, á loita pola democracia en Venezuela, aquel grupo de activistas galegos iría perdendo a súa faciana exiliada explicitamente nacionalista, malia algúns, caso de Farruco Sesto, colaborar nun inicio co reagromar nacionalista na Galiza de mediados dos anos sesenta. Ora, malia non estar xa presentes aqueles referentes unha outra xerazón de galegos chegaría, nunha nova onda migratoria que os situaría naquelas terras. Xa a partir da segunda metade dos anos setenta do pasado século chegarían algúns galegos a Venezuela cunha clara formación e militancia patriótica, caso de Xosé Manuel López Trelles, militante da *Asemblea Nacional-Popular Galega* (AN-PG, creada na Galiza no 1975), integrándose na *Irmandade Galega* e contactando con galeguistas aínda operativos procedentes do *Lar Gallego*, caso de Manuel Meilán. Estes serían quen de remozar o tecido asociativo galego de Venezuela, creando en Caracas no 1979 a asociación *Nova Galiza* (NoGa), editando a publicación nacionalista *Xerme*⁵⁰², dirixida por Ramón Maceiras.

4.4.2.3.-Uruguai.

No Uruguai habería un importante núcleo de galeguistas, existindo en Montevideo desde inicios do pasado século dous centros societarios galegos, a maiores daqueles de adscrición zonal que terían importante axir⁵⁰³: *Centro Gallego*⁵⁰⁴ e *Casa de Galicia*. Ambos terían militancia galeguista no seu seo e na maior parte das directivas, sobre todo a *Casa de Galicia* e a partir do tempo republicano, que se foron sucedendo á fronte dos mesmos. A presenza nacionalista nótase abertamente desde 1929 coa nova etapa da revista *Galicia*, diante da que sería peza central Xulio Sigüenza e onde observamos presenza,

venezonala sita en Caracas, logo de ser bibliotecario da Biblioteca do Congreso da República, segundo nos ten indicado o grande coñecedor daquela realidade exiliada Xurxo Martiz.

⁵⁰² Caramés Blanco, César *et alli*, *Galiza en Venezuela. Documentario*, Compostela, FESGA, 2007.

⁵⁰³ Chegando a publicar diversas revistas, caso de *Compostela* ou *Val Miñor*, entre outras. O historiador e profesor universitario Carlos Zubillaga chegou a computar até 28 cabeceiras. *Vid.* Zubillaga Barrera, Carlos A., *A prensa galega de inmigración en Uruguai*, Compostela, Consello da Cultura Galega, 1992.

⁵⁰⁴ Creado no 1879.

entre outros nacionalistas, de Castelao, Vicente Risco, Suárez Picallo, Rafael Dieste ou Lois Peña Novo. A partir da creación do Partido Galeguista na Galiza en decembro do 1931, ano e medio despois tomaba forma en Montevideo a *Irmandade Galeguista*⁵⁰⁵ que lideraría Manuel Meilán nun inicio, dotándose o grupo desde outubro do 1934 dun voceiro propio, *O Irmandiño. Periódico Galego*. Destacarían entre outros militantes daquela *Irmandade*, igualmente, Manoel Leiras Méndez, Antón Crestar, Camilo Bóveda Amor, Manuel e Jesús Canabal e Ramiro Cantero, entre outros. Este voceiro esmorecería en xaneiro do 1936, e os galeguistas empregarían as publicacións societarias para difundir o seu ideario.

Nos finais da década dos trinta farán propaganda en favor da República diante do golpe militar, sen abandonar o seu nacionalismo, celebrando a chegada de Daniel Rodríguez Castelao a Bos Aires no verán do 1940 e a de Lois Tobío Fernández a Montevideo naquela mesma altura. O activismo deste grupo e a infraestruturas coa que contaba sería o que daría lugar a que en Montevideo se presentará ao público o 15 de novembro do 1944 aquela sorte de goberno galego no exilio que sería o *Consello de Galiza*, baixo a presidencia de Castelao, para o que fora esencial o deseño xurídico previo da institución que realizara Tobío⁵⁰⁶. Organizarían aqueles nacionalistas, entre outros actos, conferencias e exposicións, caso da que na sala “Amigos del Arte” artellarían aqueles no 1946 para que se puidera exhibir a arte de Luís Seoane, desenvolvendo xunto a mostra unha conferencia que daría o tamén exiliado nacionalista Rafael Dieste sobre o pintor galego⁵⁰⁷. Seoane chegaría a artellar

⁵⁰⁵ Que tería a súa primeira Asemblea Xeral o 9 de xuño do 1934. A segunda desenvolveríase o 2 de novembro do 1935. “Irmandade Galeguista. Segunda Asambreira Xeral” in *O Irmandiño* nº6 [xan-1936] p.2

⁵⁰⁶ En Uruguai Lois Tobío Fernández traballaba para o xornal *El Día*, dunha das correntes do *Partido Colorado*. pasando a traballar a partir do 1947 como responsábel de comunicación da delegación que tiña naquel país a farmacéutica suíza Rocher.

⁵⁰⁷ Dieste nesta altura estaba en Montevideo. Trás a queda definitiva da II República, marchara cara Franza e logo aos Países Baixos e Arxentina, asentándose brevemente en Uruguai; onde os seus pais estiveran emigrados e onde nacera o seu irmán Eduardo, dezaioito anos maior ca el -e quen sería Cónsul daquel país en Londres-. Dous anos despois daquela conferencia que daba arredor da obra de Lois Seoane sería comisionado polo Museo Nacional de Artes Plásticas de Montevideo, viaxando por Europa durante o 1948. A seguir

por mediación daqueles galeguistas outras exposicións na capital uruguaia. Tamén aquela *Irmandade Galeguista* sería a que poría en marcha iniciativas comunicativas, como o programa radiofónico *Sempre en Galiza* emitido en Radio Carve a partir do 1950, logo xa da morte do propio Castelao e en homenaxe a figura e obra deste e diante do que serían centrais as xestións desenvolvidas polo coruñés Alfredo Somoza Gutiérrez (1892-1951), que chegara dous anos atrás a Montevideo por mediación de Castelao⁵⁰⁸.

Daquelas Manuel e Jesús Canabal Fuentes xa se confirmarán como importantes emprendedores no mundo empresarial, chegando a fundar medianas e grandes empresas, caso da *Industria Papelera Uruguaya Sociedad Anónima* (IPUSA), nacida no 1937 após un proceso de compra de diversas empresas do sector do papel con anterioridade⁵⁰⁹. Estas súas iniciativas empresariais darían lugar a importantes achegas ao nacionalismo que se iría organizando no exilio. Cómpre destacar que no 1956 chegarían a crear o *Banco de Galicia*, do que sería Jesús Canabal principal impulsor e presidente. Esta entidade de aforro e crediticia faría sempre gala de simboloxía galega⁵¹⁰.

aceptaría a proposta que lle viría desde a Universidade de Cambridge para exercer de profesor de Lingua e Literatura españolas. Estaría naquela prestixiosa universidade británica até 1952, cando marcharía para exercer docencia durante dous anos no 'Instituto Tecnolóxico e de Estudos Superiores' de Monterrey, universidade privada que se creara unha década atrás no estado de Nuevo León (México), para regresar no 1954 a Bos Aires. No 1961 decide Dieste volver ao seu Rianxo natal, no que desde rapaz coñecera a Manoel Antonio (1900-1930), que sería brillante poeta e decisivo na militancia nacionalista do propio Dieste, quen tamén coñecería na vila de ambos a Daniel Rodríguez Castelao. De Rianxo marcharía Dieste, ao pouco, cara A Coruña.

⁵⁰⁸ Era curmán de Castelao e fora formado na Coruña nas 'Escolas de Primeiro Ensiño' de Ánxel Casal e María Miramontes, onde ducias de mozos que logo militarían no nacionalismo galego serían alfabetizados na Coruña en galego nos anos '20. Somoza sería concelleiro da ORGA no 1931, presidente da Deputación Provincial da Coruña e parlamentario pola *Frente Popular* a partir de febreiro do 1936. Mantería sempre o seu ideario nacionalista, participando no exilio do *Consello de Galiza*.

⁵⁰⁹ Caso de "Lettire y Bengoa" e "Lacaña Hnos".

⁵¹⁰ É de lembrar a campaña de aforro que impulsaría esta entidade nos inicios da década dos sesenta do pasado século, simbolizada por un hórreo que agasallaría aos seus clientes galegos aos que lles diría nunha campaña publicística: "EL HORREO, antiguo y noble símbolo del vivir galaico y expresión del sentido ordenado y previsor, servirá para transmitir a sua hijos

No ano no que impulsaba o Banco de Galicia, Jesús Canabal sería, aliás, presidente do *Primeiro Congreso da Emigración Galega* no 1956, sendo, así mesmo, ministro delegado da República en nome do *Consello de Galiza* desde maio do 1958⁵¹¹, a partir da proposta realizada por Ramón Suárez Picallo e César Alvajar Diéguez. Naquel 1958 a partir desta integración no *Consello de Galiza* obsérvase como a *Irmandade Galeguista* de Montevideo relanza as súas actividades. Así, en xuño daquel ano, coincidindo coa morte do pintor galego Carlos Maside García (1897-1958), que vivía na Galiza nun duro exilio interior, iniciárase a segunda e última etapa do periódico *O Irmandiño*, co liderado de Xosé Luís Villaverde Varela, Miguel Vázquez Valiño e Xulio Ponte Canosa, xunto a apoiatura económica de Jesús Canabal. Afirmarían os galeguistas n' *O Irmandiño*, diante da súa nova andaina:

*“Nós, os galegos do Uruguai non podemos ser simpres espeitadores e ficar o marxe d'este fervedoiro unánime de Galiza e dos seus fillos dentro e fora da Terra. Ha que revigorizar os vellos pulos, espertar o vello esprito irmandiño, baixo o guieiro de unión de todol-os galegos no sagro amor a Terra. Pra eso estamos outravolta eiquí. ¡Terra a Nosa!”*⁵¹².

A partir daquel primeiro número d' *O Irmandiño* na súa nova etapa, a *Irmandade Galeguista* de Montevideo editaría outros tres número máis, sendo o último o editado en xuño do 1961. Para daquelas estaban xa actuando máis como delegación do *Consello de Galiza* en Uruguai e seguindo coa actividade galeguista que nos anos anteriores protagonizaran no seo da colectividade emigrada; desenvolvendo conferencias, celebración de aniversarios –Estatuto de Autonomía, Día da Patria, morte de Castelao, centenario do nacemento de Alfredo Brañas...-.

Daquelas xestaríase a *Asociación Uruguaya de Fillos de Galegos*. Corría o ano 1963 e desenvolvería un seu primeiro acto aquela entidade cun recital en

el hábito del ahorro, que a Ud. le inculcaron sus mayores”. Publicidade aparecida en diversos medios de comunicación do tecido asociativo galego de alén mar. Ólese, por exemplo, *Alén mar, publicación argentina de la Asociación de Hijos de Gallegos*, Bos Aires, 1963, p.8

⁵¹¹ Até febreiro do 1962.

⁵¹² “Editorial” in *O Irmandiño* nº1-2ª etapa [xuño, 1958], capa.

homenaxe á recoñecida poetisa uruguaia, de orixe galega, Juana de Ibarbourou (1892-1979)⁵¹³. Daquela entidade sería eleito como primeiro presidente o mozo Carlos A. Zubillaga Barrera (1941-), xa daquelas estudoso da figura de Castelao⁵¹⁴, co tempo grande historiador, editando o boletín *Nós.*, dirixido polo propio Zubillaga. A partir dunha carta do bibliófilo, activista do libro galego, Alberto Cabrera a Luís Seoane sabemos dunha descrición contemporánea desta entidade:

“...la componen gente jóven y con deseos de quebrar la barrera interpuesta por la gente vieja que no quiere reconocer que su momento ha pasado”⁵¹⁵.

Sexa como for, aqueles vellos galeguistas tentarían ao pouco reorganizarse, tentando integrar aos novos na súa dinámica, acordando inaugurar unha nova etapa. Así, o 21 de setembro do 1964 constituíase en Montevideo o ‘Patronato da Cultura Galega’, a semellanza do creado unha década atrás en México. Desta nova institución será tesoureiro Manuel Canabal, até 1966, para ser o seu vicepresidente entre 1966 e 1968. Crearíase por un grupo de galegos que se xuntarían arredor da adscrición patriótica a

⁵¹³ Este era o seu nome de casada, mais o seu nome era Juana Fernández Morales. Poetisa uruguaia, coñecida popularmente como Juana de América. O seu pai, Vicente Fernández, era orixinario de Lourenzá.

⁵¹⁴ Zubillaga con vinte cinco anos, após tres de ter nacido a devandita entidade que presidía, sería gañador do premio 'Castelao no arte galego' que a *Casa de Galicia* convocou en lembranza do quince aniversario do pasamento do autor de *Sempre en Galiza*. A obra de Zubillaga sería editada en Montevideo no 1965 por *Ediciones Ronsel*, do propio centro societario galego, co prólogo do anarquista vilagarcían Xoán García Durán (1915-1986) - coñecido como *O Fugas*, por ter escapado dos cárceres franquistas e cuxo nome verdadeiro era Luís Costa García. Chegara á capital uruguaia no 1964, exercendo de profesor de Lingua e Literatura Galega, para alén de inglés e brasileiro, na Facultade de Humanidades e Ciencias de Montevideo até a súa marcha no 1968 cara Houston, Texas, nos USA. Mantivo simpatía e relación fraternal co galeguismo-. Zubillaga desde aquela altura sería prolífico no estudo de Castelao, o exilio e emigración galega ao Uruguai. No 1967 vería publicada por parte das *Ediciones del Patronato da Cultura Galega* a súa nova obra *Los Cruceiros del Montevideo Antiguo*.

⁵¹⁵ Fundación Luís Seoane. Epistolario.

Vid. http://epistolarios.consellodacultura.org/epistolario_tem.php?tematica=992

Galiza e a idea de espallar *a nosa cultura diferenciada, en tódalas expresións posibles*, lonxe de folclorismos caricaturizantes, e propios de parte dos centros galegos naquela altura na que o franquismo se fixera coa dirección de boa parte deles, subvencionando actividades varias de base cultural española⁵¹⁶. Afirmaría o *Consello de Galiza* naquela altura que nacía aquela entidade, segundo os seus estatutos, de cara a “...*labourar a prol do coñecemento de Galiza e dos seus valores universais criados polo povo, como asimesmo, incrementar os vencellos fraternos entre Galiza e o Uruguai*”⁵¹⁷. Tendo ao médico Xosé Cancelo Freixo como primeiro presidente⁵¹⁸ e logo a Manuel Meilán Martínez ocupando este cargo. A súa primeira Comisión Directiva estivo formada por Xosé Cancela Freixo, Xesús Canabal, Abelardo Cerdeira, Roxelio Cercido e Miguel Vázquez Valiño.

A asemblea inaugural daquel Padroado levouse a cabo no Salón de Actos do Centro Galego, e, empregándose as instalacións de Casa Compostelana para as súas primeiras xuntanzas. Pouco despois, alugouse un local na avenida principal de Montevideo, nomeadamente na avenida 18 de Julio 966, l. 102. Co tempo, segundo nos ten indicado Nelson Regueiro, ex-presidente do *Patronato da Cultura Galega* (vice-presidente na actualidade), a entidade atinxiría unha sede propia, sita na rúa Río Branco 1.443. Entraba daquelas o nacionalismo organizado en Uruguai nunha fase que vería lonxano o tempo do máis duro exilio, aínda que seguindo co ideario patriótico daquel nas súas fileiras, tal e como lembran actualmente Nelson Regueiro e Carlos Zubillaga⁵¹⁹.

⁵¹⁶ Entrevista de Uxío-Breogán Diéguez a Nelson Regueiro en Montevideo 12/8/2008.

⁵¹⁷ Consello de Galiza, “Ficou constituído no Uruguai o Patronato da Cultura Gallega”, *Boletín Oficial Informativo*, maio de 1965. p. 4

⁵¹⁸ É frecuente atopar referenciado que tería sido o galeguista Manuel Meilán Martínez o primeiro presidente do *Patronato da Cultura Galega*, sendo un claro erro segundo a documentación fiábel que temos barallado, con independencia de Meilán Martínez ter participado desde un inicio no ‘Patronato’ e ser tempo despois o presidente da devandita entidade.

⁵¹⁹ Entrevista de Uxío-Breogán Diéguez a Carlos Zubillaga en Montevideo 13/8/2008.

4.4.2.4.-Porto Rico.

Para o caso do nacionalismo galego en Porto Rico, indicar que non hai un grupo estábel e copioso do que dar conta. Con todo, cómpre lembrar como o galeguista Sebastián González García, catedrático da Universidade compostelán⁵²⁰ e destacado activo do *Seminario de Estudos Galegos*⁵²¹, así como do *Partido Galeguista*, asentárase no 1937 naquela illa a partir dunha súa tía materna que vivía aló, desde 1870, exercendo a docencia xunto ao seu marido. Sebastián González non dubidou, xa que logo, e após chegar a Cuba vía Lisboa, marcharía cara aquel novo destino diante do seu exilio americano, sendo a súa saída *providencial*, como afirmaría anos despois o seu fillo, dado que querían detelo e asasinalo os golpistas⁵²². Daquelas coincidiría Sebastián González en Porto Rico con outro nacionalista que tivera que marchar da Terra, o mariño Claudio Pérez Prieto (1907-1977), quen ao pouco partiría cara aos Estados Unidos de América (EUA)⁵²³. González García a partir do 1939 sería catedrático de Historia da Arte na Facultade de Artes e Ciencias portorriqueña, tempo aquel no que se familiarizaría coa historia propia daquel país e, en grande medida, daquel subcontinente americano. Desenvolvería a súa docencia durante máis de dúas décadas nos trinta anos de exilio alén mar, dando lugar a importantes iniciativas que lembraban os tempos do *Seminario de Estudos Galego*, caso da campaña de rehabilitación de San Juan, capital do país, xunto a alcaldesa da cidade Felisa Rincón de Gautier. No referido á súa militancia nacionalista alén mar, Sebastián González participou en xuntanzas do *Galeuzca* a mediados da década dos '40 en representación galega, saíndo ao encontro dos deputados Daniel Rodríguez Castelao e Elpidio Villaverde en outubro do

⁵²⁰ Sebastián González fora 'profesor auxiliar temporal de Arte' na Facultade de Filosofía e Letras da Universidade de Santiago de Compostela, antes que catedrático de Arqueoloxía e Arte desta universidade.

⁵²¹ Encargado baixo a coordinación de Florentino López Cuevillas da catalogación de castros galegos desenvolvida polo propio SEG.

⁵²² González, Juan Manuel, "Sebastián González García: la huella de un pontevedrés en Puerto Rico" in *Jornadas de la emigración gallega a Puerto Rico*, Sada, Edición do Castro, 1997. p.54

⁵²³ Desde o seu Ribadeo natal marcharía a Portugal, embarcando desde Porto cara Cuba e Porto Rico, asentándose logo nos EUA. Na década dos '50 regresaría á Galiza, onde traballaría nuns laboratorios farmacéuticos en Vigo.

1945 cando estes ían cara México participar das Cortes españolas que finalmente aprobaron, pola acción do *Consello de Galiza*, o Estatuto de Autonomía galego⁵²⁴. Sebastián González naquela altura comprometeríase con Castelao a ostentar a representación do propio *Consello de Galiza* en Porto Rico, colaborando en publicacións nacionalistas do exilio, caso da mexicana *Saudade* diante da súa segunda xeira⁵²⁵.

4.4.2.5.-Estados Unidos de América.

Para o caso de norteamérica destaca nos Estados Unidos de América (USA) a cidade de Nova Iorque. Xa vimos como Castelao antes de dar por perdida a República, fai unha xeira por diversos países, entre os que están os USA. Aló estivo entre 1938 e 1940 e tivo relación directa co *Frente Popular Antifascista Galego*, que se viña de crear, acompañado polo socialista coruñés Xosé Castro nesta súa xeira, entre outros, e coas antifascistas *Sociedades Hispanas Confederadas*; comandadas estas organizacións, respectivamente, polos galegos Ramón Mosteiro e Xosé Castro. Castelao e o nacionalismo galego manterían unha relación fluída con ambas asociacións na antesala da creación da *Irmandade Galega* de Nova Iorque, após o lanzamento da irmandade de Bos Aires en decembro do 1941.

Inmediatamente antes de impulsar a patriótica *Irmandade Galega*, en Nova Iorque fundarían boa parte dos integrantes do *Frente Popular Antifascista Galego* unha organización que levaría o nome de *Unidad Gallega de los Estados Unidos*, a *Unity* galaica, que logo pasaría a dar lugar a *Casa de Galicia* o 27 de setembro do 1940. O presidente desta *Casa de Galicia* sería Emilio Flores Pérez (1901-199?), irmán do arredista da bonaerense *Sociedade Nazionalista Pondal* Ricardo Flores. Entre outras actividades, caso da publicación dun anuario de grande interese, esta institución societaria galega distribuiría o voceiro nacionalista *A Nosa Terra*, na súa etapa do exilio, onde as súas e os seus asociados leerían a devandita publicación nas súas instalacións da rúa 41 de Manhattan. A participación de Castelao coa *Casa de Galicia* foi sobranceira, doando a obra da galega que con fouce, acompañada dunha

⁵²⁴ “As Cortes Españolas en México” in *A Nosa Terra*, nadal 1945 p.5

⁵²⁵ Pódese observar no nº1 daquela segunda etapa de *Saudade*, con data 5 de xullo do 1952.

estrela de cinco puntas, diría: “Galegos de América: ¡compride a manda dos nosos mortos”⁵²⁶. Aliás, cando Castelao foi nomeado ministro do goberno Giral, a *Casa de Galicia* lle envía un telegrama oficial asinado por Flores no que manifestan:

“Reunidos Junta General miembros Casa de Galicia salúdanle cordialmente haciendo votos por éxito gestiones y pronto triunfo República española y Galicia ceibe”⁵²⁷ stop mismo tiempo rogámosle presente nombre Casa Galicia Gobierno Republicano Giral nuestra firme adhesión pro República. Saludos. ¡Terra a Nosa!”⁵²⁸.

Meses despois destas palabras seren enviadas a Castelao, sería presentada por *A Nosa Terra* aquela colectividade como unha das máis entusistas e militantes de América⁵²⁹. E así foi

Sería, igualmente, en Nova Iorque onde o galeguista Ernesto Guerra da Cal tería un programa radiofónico que conduciría na emisora *Voice of America*. Da Cal, logo de facer parte das *Milicias Galegas*, como vimos, asentárase naquela cidade norteamericana. Ocuparía Da Cal importantes cargos académicos, sendo catedrático de Linguas e Literaturas Románicas, para logo ser director do Departamento de Español e Portugués do Washington Square Colleg. Tamén se afincarian en Nova Iorque os nacionalistas Leonardo Santamarina Becerra (1912-1987)⁵³⁰ e Ramón Martínez López, quen logo de ter pasado por Portugal e Franza, asentárase brevemente en Bos Aires marchando cara os Estados Unidos de América. Ambos exercerían a docencia, nomeadamente Santamarina Becerra, asentado nos USA desde 1945, sería profesor de Lingua e Literatura española no *Douglass College* de New

⁵²⁶ Pintura que aínda hoxe se pode ver nas instalacións da *Casa de Galicia*, sita actualmente no distrito de Queens.

⁵²⁷ A negriña é nosa.

⁵²⁸ “Solidaridade Galeguista e republicán da Casa de Galicia de Nueva York” in *A Nosa Terra*, setembro 1946, p.7

⁵²⁹ “Os galegos en Nova York” in *A Nosa Terra*, abril do 1947, p.3

⁵³⁰ Natural da Fonsagrada e mestre graduado pola Escola Normal de Santiago de Compostela cando se producía o golpe militar do 1936. Foi capitán de Artilería republicano e no 1939 exiliouse a Cuba, onde se doutoraría.

Brunswick e Martínez López, quen en 1940 accedera como investigador e docente auxiliar do departamento de Linguas Románicas da *The University of Texas at Austin*, sendo profesor titular desde 1959 até 1971. Tamén o coruñés Emilio González López (1903-1991)⁵³¹ asentaría na cidade de Nova Iorque. Militante, como se viu, da *Organización Republicana Gallega Autónoma e Izquierda Republicana*, profesaría un galeguismo moderado durante a II República, acentuado durante o seu exilio; mantendo íntima relación con Daniel Rodríguez Castelao. Nos USA sería docente no *Hunter College*, na *University of New York City*, onde se especializou en Historia de España e Historia de Galiza, e na *Escuela Española do Middlesburg College*. Esta última dirixiríaa entre 1963-1971, escribindo máis de trinta obras naquel exilio, onde destaca polas súas investigación arredor do Reino de Galiza e Portugal, con obras como *Grandeza y decadencia del Reino de Galicia* (1957) e *La insumisión gallega. Mártires y rebeldes* (1963)⁵³².

Estes catro destacados galeguistas pertencerían á *Casa de Galicia* e a *Irmandade Galega*, exemplo do activismo exiliado galego, dando mostras de resistencia democrática fronte ao franquismo de maneira continuada. Simbolicamente o franquismo, que quería facerse co control dos centros galegos na diáspora, tentaría que ondeara a bandeira da ditadura na súa fachada, mais co empeño do presidente da *Casa de Galicia* durante década e media, Emilio Flores Pérez, xunto a maioría dos seus asociados, seguiu ondeando a bandeira republicana, xunto a galega e a norteamericana nas súas instalacións, até finais da primeira metade da década dos setenta do pasado século XX⁵³³.

⁵³¹ Estudiante de Dereito en Madrid sería secretario xeral da *Federación Universitaria Escolar* (FUE), organización fundada no curso 1927-28 -no final da ditadura de Miguel Primo de Rivera- aínda que legalizada posteriormente; docente de Dereito Penal en Madrid e Salamanca, entre outras, sería electo deputado pola *Federación Republicana Gallega* nas primeiras eleccións republicanas ás Cortes constituíntes en xuño do 1931.

⁵³² González López, Emilio, *Grandeza y decadencia del Reino de Galicia*, Buenos Aires, Citania, 1957 e González López, Emilio, *La insumisión gallega. Mártires y rebeldes: Galicia y Portugal en la Baja Edad Media (siglos XIV y XV)*, Buenos Aires, Citania, 1963.

⁵³³ Os socios da *Casa de Galicia* que eran de adscrición franquista darían lugar a unha escisión no 1971, creando o *Círculo Español*.

4.4.2.6.-Cuba.

Na illa caribeña a realidade sería ben distinta a dos países xa referidos da América do Sul. A realidade patriótica galega viña de década atrás e diante do exilio non se pode entender o que acontece naquelas terras sen ter presente toda unha rica historia que enlaza coas grandes migracións galegas a aquelas terras no século XIX. A presenza da comunidade galega naquel país, colonia española de inicio e logo norteamericana, foi sobranceira; dando lugar a unha vizosa realidade asociativa con fondas raiceiras no noso país. A reivindicación identitaria será unha constante neste tecido e movemento asociativo onde lingua e tradicións serán os dous eixos centrais de desenvolvemento de centros societarios que se fundarían alén mar. Así, pois, non nos debe causar estrañeza que, por exemplo, o Centro Galego de La Habana, o máis antergo dos creados alén mar por volta do ano 1879⁵³⁴, tomara a iniciativa de artellar no ano 1905 a 'Asociación Iniciadora e Protectora da Academia', da Real Academia Galega da Lingua. Nomeadamente sería esta unha iniciativa que viría fundamentalmente da man de Xosé Fontenla Leal, acompañado, entre outros, por Antonio do Campo. Fontenla, comprometido coa Terra propia, recollería as proclamas favorábeis á necesidade de creación da Academia feitas por Manuel Murguía, xunto Manuel Curros Enríquez e Do Campo, impulsaría a través do devandito centro a posta en marcha da Academia, facendo unha importante colecta económica a tal efecto. Tal e como Ángel Barros indicaba a inicios do pasado século desde a Habana:

“Fontela es el alma mater de la «Academia Gallega». Cuando en el período de formación de la sociedad sostenedora de esa «Academia», cundía el desaliento en las filas de los patriotas que siguen á Fontela, porque ven en él algo así como un émulo pacífico de Breogán, el famoso caudillo celta; cuando, en una palabra, se tocaban las dificultades inherentes á toda obra nueva, Fontela, con el tesón de un apóstol, suavizaba asperezas, allanaba obstáculos, ingeniaba medios y, al triunfar

⁵³⁴ Precedido pola *Sociedade de Beneficencia de Naturales de Galicia*, institución creada no 1871, adicada a diferentes labores asistenciales. Esta e aquelaoutra, a súa vez, terían ao *Ropero Escolar de la Escuela de Lejo*, creado no 1760, como máis remoto antecedente.

en toda la línea, exclamaba ébrio de orgullo, henchido de ingenua satisfacción: –«¡Señores, la «Academia» es un hecho!–¡La patria, agradecida, premiará nuestro esfuerzo! –¡Qué día más grande aquel en que definitivamente quede constituída la «Academia»!...»⁵³⁵.

4.4.2.6.1.-O ‘Comité Revolucionareo Arredista Galego d'Habana’.

Malia a distancia xeográfica, a ligazón sentimental e intelectual co país daqueles galegos e galegas aos que se lles negaba na propia Terra un benestar e futuro digno que procuraran alén terra, fixo que aqueles botaran a andar empresas de grande alcance, como a propia Academia, para alén dunha ampla rede escolar⁵³⁶. No caso cubano veriamos como outras entidades nacerán a partir dunha sincera e neta clave patriótica. Entre estas sobrancearía o *Comité Revolucionareo Arredista Galego* (CRAG).

Así foi que, da man do multifacial Fuco Gómez no 1921 lanzaríase esta plataforma arredista. No seu inicio, coincidindo co Día da Patria do 1922 esta nova organización editará e difundirá o manifesto *Independenza ou Morte* no que se aseveraría:

“Non somos hespañoles, nen temos por que amare a Hespaña; nantes polo contrareo: temos, iso si, porque odial-a: na Hespaña é onde s’emprentan libros difamadores de Galiza: Hespaña é a que s’opón o engrandecimento do país galego: Hespaña é a usurpadora dos intréses galegos; ela é a eterna amparadora de canto vaia contr’o prestixio e benestare da Galiza. Hespañoes foron-os qu’afusilaron vilmente aos mártires de Carral; aos do Castelo da Frouseira, i-a tantos outros galegos nobres. Hespañoes son-os que fixeron qu’a verba galego sirva d’alcume, i-os que decote insultan gratuitamente aos galegos nas ruas das cibdades”.

⁵³⁵ Barros, Ángel, “Fontenla Leal” in *Revista de Galicia*, nº 558, La Habana, 25/11/1905, p. 2-3.

⁵³⁶ Vid. Rivas Barrós, Sabela, *A derradeira lección dos mestres. Galeguismo e pensamento pedagóxico(1900-1936)*, Vigo, Xerais, 2001; Malhiero Gutiérrez, Xosé Manuel, *As Escolas dos emigrantes e o pensamento pedagóxico : Ignacio Ares de Parga e Antón Alonso Ríos*, Sada, Ediciós do Castro, 2006.

Estamos diante dunha rica realidade na que a Galiza se desenvolve fóra dos seus lindes xeográficos, bebendo das máis importantes tradicións políticas da esquerda. E no marco suramericano, entre finais do século XIX e inicios do XX Cuba en particular posuía unha grande colonia galega no marco da cal había debemos situar a diversos activistas do nacionalismo galego, realidade que derivaría de exiliados da primeira República (1873) e da emigración xa referenciada. Curros Henriques, Castro Chané, Nan de Allariz, Waldo Álvarez Insua ou Antón Vilar Ponte serían algúns dos galegos máis relevantes que pasarían tempo na illa caribeña.

Ora, moitos outros compatriotas, a diferenza dos citados, non terían a aureola publicista que acompañaría a aqueles; emigrantes que facendo maior ou menor fortuna terían un papel de relevo no referido á conformación dunha colonia galega con conciencia de seu, en base ás súas inqedanzas e ideoloxía patriótica. Chegados a este punto, citar a un deses centos de *nacionalistas descoñecidos*, que morrería ao seu regreso á Galiza desde Cuba, e que mantería no caribe e na nosa Terra unha militancia patriótica de non pouca importancia: Severino Soloso. Del, os compañeiros da revista *Labor Gallega* dirían:

*“Ha muerto un rebelde; rebelde con todo lo que significa (...) ultraje, menosprecio –siquiera indiferencia- para su ídolo sacrosanto, su único ídolo: Galicia. Su amor era una (...) obsesión delirante por la **Independencia Gallega**⁵³⁷. Y al lado de todo lo que representare protesta, por tenue que ella fuere, contra el poder central, allí estaba el amigo del alma”⁵³⁸.*

Este exemplo pode ser citado como un dos claros antecedentes individuais do axir de Fuco Gómez en Cuba, ignorando se entre un e outro tería habido relación, así como o Comité Arredista, e nos tempos nos que na

⁵³⁷ A negriña é do orixinal.

⁵³⁸ N.R. “Notas e Noticias” in *Labor gallega, Revista Decenal Ilustrada*, ANO I, nº1, 15/05/1916, p.10

Galiza viñan de nacer as *Irmandades da Fala*, a *Primeira Irmandade Galega da Havana* (1917), ou o *Partido Autonomista Galego* (1919), claras referencias previas para o arredista grupo liderado polo lugués.

Xa no 1920 constituiríase a *Xuntanza Nazonalista Galega d'Habana*⁵³⁹, da que Fuco Gómez faría parte antes de crear o CRAG, sendo eleito vice-conselleiro segundo; e que tería a revista *Nós*, dirixida polo compositor de Ortigueira Sinesio Fraga Vila, o voceiro daquela *Xuntanza*. De todas estas realidades o *Comité Revolucionario* recollerá, sen dúbida, discurso e práctica, dando lugar a partir do 1941 ao *Juntoiro* e revista *Patria Galega*, que tería vida até o 1961, non até 1960 como indican algúns autores⁵⁴⁰.

Por certo, a realidade cubana exposta será acompañada, no propio marco americano, por unha outra. Será a *Sociedade Nazonalista Pondal* (SNP) nacida no 1927, editora da publicación *A Fouce*, e da nos ocupamos páxinas adiante. En todo caso, comentar que os posicionamentos netamente de esquerdas e arredistas do *Comité Revolucionario Arredista Galego d'Habana* e da *Sociedade Nazonalista Pondal*, xunto aos seus respectivos voceiros *Patria Galega* e *A Fouce*, terían influencia aquén Terra fundamentalmente nas mocidades galeguistas. A transmisión ideolóxica darase, fundamentalmente, por medio dos devanditos voceiros e en base ao traballo proselitista, sobre todo da Pondal, desenvolvido polos activistas destas organizacións entre a comunidade galega asentada arredor da Habana e Bos Aires.

O Golpe militar reaccionario de xullo do 1936 marcou alén mar, ao igual que na Terra, un punto de cesura, ben máis claro no caso arxentino que no cubano, como veremos.

⁵³⁹ Que por veces se identifica como *Irmandade Nazonalista Galega d'Habana* e que tería como voceiro *Nós*.

⁵⁴⁰ Publicación da que dispomos practicamente ao completo, nunha súa colección dixitalizada a partir dunha serie orixinal inédita, tal e como saíu do prelo noutrora.

4.4.2.6.2.-Fuco Gómez e a súa pegada en Cuba. De 'Nós' a 'Patria Galega'.

Home autodidacta, articulista, escritor prolífico, humanista, Fuco Gómez (1895-1972), emigrou a Cuba no 1913 sendo analfabeto, con a penas dezoito anos, como boa parte da nosa poboación daquela altura, asentándose ao pouco de xeito definitivo até a súa morte na capital cubana.

A finais da primeira década do XX, Fuco participaba militantemente nas actividades da colectividade galega en Cuba, escribindo en xornais e revistas como *Heraldo de Galicia*, *Galicia* e *Ecos de Galicia*, e procurando aquí e alá organizar politicamente aos seus e ás súas compatriotas.

Como xa citamos, nesta liña será confundador da *Xuntanza Nazoalista Galega da Habana*, integrada na organización que abre o nacionalismo explícito na Galiza, as *Irmandades da Fala*, fundadas na Coruña no 1916. A Xuntanza chegaría a ter no 1921 por volta dun cento de persoas adscritas. Fuco foi membro do consello de redacción do primeiro voceiro daquela xuntanza: *Nós, Órgano da Xuntanza Nazoalista Galega d'Habana*, do que coñecemos oito números e que sería seguido á volta dun ano por *Terra Gallega, Órgano da Xuntanza Nazionalista Galega d'a Habana e paladín do hornor da Raza Céltica*, continuadora esta daqueloutra publicación. De clara tendencia arredista unha e outra revista, segundo se pode apreciar nos seus editoriais e artigos, referenciarán o pensamento político do independentista galego de Becerreá e de todas as mulleres e homes que compuñan con el aquel *xuntoiro*; fortemente influenciados polas proclamas secesionistas do activista cubano José Martí, mais tamén polos catalanistas asentados na illa caribeña.

Este cambio de cabezallo respondería á clausura governamental, pola censura, de *Nós*, obrigando así ao seu grupo promotor a botar a andar unha outra revista, *Terra Gallega*, da que Fuco Gómez sería administrador. Ao pouco unha grave crise azouta a *Xuntanza Nazoalista* da Habana, na que Fuco Gómez denunciaría a un coñecido home de letras na Habana, o xornalista galego Fernández Doallo propietario dos xornais *Eco de Galicia* e

Heraldo de Galicia, por traficar con mulleres galegas de cara a súa prostitución. Acusacións que provocarían un forte enfrontamento interno na *Xuntanza*, entre os que daban crédito e os que non as declaracións de Fuco fronte Doallo, rematando no 1925 a andaina da devandita organización por mor daquela fractura.

Ora, dado que no 1921, parello á creación da *Xuntanza*, Fuco creara o seu proxecto partidario, baixo o nome de *Comité Revolucionareo Arredista d'Habana*, após a existencia da *Xuntanza*, -que el entendía como unha fronte máis ampla na que o Comité debiera manter a dirección-, o de Becerreá seguiría axindo coa devandita organización arredista. Sería aquel Comité a plataforma de acción daquel militante e publicista; unha estrutura organizativa que nos seus inicios sería secreta, cun discurso e pretendida práctica favorábel á queda da ditadura militar de Miguel Primo de Rivera e a monarquía, así como a instauración dun Estado galego⁵⁴¹. No 1925, dous anos de publicar a súa *Grafía Galega*⁵⁴², diante da ruptura da *Xuntanza*, seguiría Fuco coa mesma idea que o acompañara nun inicio: fixar, con aquelas finalidades, en Cuba o aparato loxístico daquel independentismo galego, para na Galiza artellar diversos grupos de acción, coas que desenvolver accións puntuais de diversa índole, moi na liña do movemento patriótico irlandés e os seus apoios loxísticos nos Estados Unidos, tal e como ten referido Xurxo Martínez⁵⁴³. Ramificacións que mesmo chegaban a España, nomeadamente á súa capital. Derivaba isto polo contacto que tiña Fuco Gómez con Fermín Penzol⁵⁴⁴, que naquela época formaba parte da *Mocidade Céltica* creada na Madrid, organización xuvenil galega da que facían parte, entre outros, Rof Carballo e Carlos Maside, importantes décadas

⁵⁴¹ Ligado intimamente aos independentistas cataláns, grandes mecenas do catalanismo peninsular. Para afondar en maior medida no catalanismo e o nacionalismo en Cuba, Vid. Costa, Lluís, *El nacionalismo cubano y Cataluña*, Barcelona, Publicacións de l'Abadia de Montserrat, 2006.

⁵⁴² Gómez, Fuco, *Grafía galega*, Habana, Empreñta e Papeleiría de Rambla, Bouza y Ca., 1927.

⁵⁴³ Martínez González, Xurxo, *Fuco Gómez*, Vigo, AGER, 2007. p.19

⁵⁴⁴ Impulsor xunto a Ramón Cabanillas por aquel tempo (1922) da primeira revista infantil en galego, intitulada *As Roladas. Follas dos rapaciños galegos*.

despois os seus integrantes na cultura, economía e política galega. Un grupo este, xerado en Madrid en base ao perfil estudantil dos seus integrantes⁵⁴⁵, que se reartellaría rebautizándose no ano 1929 co nome *Acción Galega Radical Autonomista* (AGRA), tendo como fin último a mellora da sociedade galega a través dun goberno propio, representado pola proclamación dun Estado Galego. Observemos que estamos diante da queda de Miguel Primo de Rivera, entrando de cheo na coñecida como *Dictablanda* (1929-1931), e a inmediata proclamación da II República.

Para daquelas, Fuco Gómez volvería de Cuba para Galiza na procura da instauración dun Estado galaico. Desta volta con certo éxito, dado que coincidiría co ideario e amparo doutros activistas procedentes da emigración americana, caso do pondaliano Pedro Campos Couceiro⁵⁴⁶ e o agrarista da *Federación de Sociedades Galegas* Antón Alonso Ríos, quen á sazón sería a figura visíbel daquel efémero, mais simbólico, Estado Galego de 1931, para o que se aproveitou a folga de máis de doce mil traballadores que estaban a construír o camiño de Ferro entre Zamora e A Coruña no verán do 1931⁵⁴⁷. Daquelas o incansábel activista e prolífico escritor Fuco Gómez tentara artellar por todo o territorio nacional galego o CRAG, que mantivera vivo o Estado Galego, após a súa proclamación no verán daquel 1931. Para isto buscaría colaboración en mozos galeguistas, simpatizantes das *Irmandades da Fala*, entre os que destacaremos ao mozo galeguista Ramón Piñeiro, ao

⁵⁴⁵ Non sería este nen o primeiro nen o último caso de organización nacionalista galega creado na capital española a partir de mocidade galega que traballaba alá ou desenvolvía en Madrid a súa carreira académica, dado que na propia Terra a oferta neste ámbito era mínima.

⁵⁴⁶ Campos Couceiro, militante de grande formación teórica forxado na emigración galega en América do Sul, sería bautizado como o 'Maciá galego', destacando nun seu discurso no atraso económico secular da Galiza, in "Alonso Ríos es nombrado presidente...", op. cit.

⁵⁴⁷ Da proclamación do Estado Galego, do que sería unha sorte de presidente povisorio Alonso Ríos, hai ao respecto dúas completas notas de prensa en *El Pueblo Gallego* e *La Voz de Galicia* do 28 de xuño de 1931. En *El Pueblo Gallego* indicábase como se desenvolvería o 27 de xuño un multitudinario encontro e manifestación polas rúas de Compostela que se "...dirigió al Ayuntamiento, izándose la bandera blanca y azul en el edificio y proclamándose el estado gallego...", *Op. Cit.* p.50-52.

que tería coñecido diante da campaña estatutista desenvolvida arredor da Asemblea de Concellos de Galiza Pro-Estatuto. O mozo de Láncara, diante da chamada de colaboración de Fuco Gómez, chegaría a:

“...dar o enderezo da súa pousada para que se recibiran alí as adhesións a un (...) manifesto, onde aquel escritor autodidacta convocaba a todo o pobo galego a solidarizarse co seu romántico e peculiar arredismo”⁵⁴⁸.

Nese ano Fuco Gómez publica a obra *Naciones Ibéricas*⁵⁴⁹, recopilatorio de textos escritos entre o 1923 e aquel ano; a través dos que expresa abertamente todo o seu ideario patriótico e social, onde os dereitos das mulleres terán un papel central. Ao ano seguinte, o outono do ano 1933, tira unha folia volanteira intitulada " La Independencia absoluta, única salvación de Galicia ". Pola saída deste, na práctica, manifesto, Fuco Gómez andaría escapado a partir das dilixencias abertas en relación ao mesmo polo Gobernador Civil da Coruña, quen ordenaría requisar a tiraxe completa desa volantina. Aseverando o arredista galego, nunha súa nota do 1 de febreiro, en:

“... oituber de 1933 publicou o “Comité Revolucionario Arredista Galega”, da Galiza, o seu primeiro manifesto, tidoado: “La Independencia absoluta, única salvación de Galicia”. Manifesto qui, no meu judizo, non contên nada qui conforme ás vigentes leis da República hespañola resulte punibel ou delituoso, porque nil non se injuria á ningunha determinada persoa, non s'erguen falsos testimoños á autoridade algunha, nen siquera s'empregan termos agresibles nen ataques pasionás contr'a istituzón feudal, denomeada centralismo, nen contr'os seus temibeis secuaces espareguidos por tudo anchor e longo da Galiza. Na tal folia o C. R. A. G. concréta-se á decir, monda e lironda, cáes son os verdadeiros responsabres dos mals qui ate agora viñeron padecend'os campesinos e minúsculos comerciantes galegos, i-

⁵⁴⁸ González Tosar, Luís, “Forxa de escritores” in *Homenaxe a Ramón Piñeiro*, A Coruña, Caixa Galicia, 1991, p.247.

⁵⁴⁹ Ao que lle seguiría *O idioma dos animás. Opúscaro de enxebreza* editado no 1937.

o qui siñifica pra Galiza o régime repubricán hespañol. Por tudo isto, a miña sorpresa raiou en estupore cando souben qui, por orde do Gobernador civile da Cruña, había sido retirada da circulación a devandita folla, e qui se tiña iniciado un sumario pra proceder á detención do qui, segundo as investigacións practicadas pol-a policía, resultara sel-o autore ou responsabre da mesma, radicando a causa por "delito de ir contra la forma de Gobierno".

Co íste motivo realizáronse varios cacheos e foron citados á prestar decraración nant'os adeministradores da Justicia o impresor i-o inquilino do piso sinalado no manifesto coma dirección pr'a correspondenza do C. R. A. G. na Cruña (Independenza, 19, 3.º).

Asemade practicadas istas dilixencias e comprobado qui a persoa qui ordeou e pagou a impresión do referido manifesto foi o qui subsquirbe, istruíu-se causa contra íste e déron-se ordes á policía de proceder a sua búsqueda e detenzión (...) [o que daría como resultante o agochamento de Fuco, quen, se seguro pola súa fraca saúde, levaba] ...duas semanas de convalecenza, [sentindo e lamentando] ...qui naqués días da nosa nosa maor gravidade a mais galega de tudal-as orgaizaciós qui aitúan na Galiza haxa tido qui desistire -a causa da revoldaina sindicalistas e d'outros sucesos simultáneos- do propósito qui, segundo se dí, tiña de realizar un viril e patriótico feito o 17 do derradeiro Nadal (aniversario da morte do mariscal Pardo de Cela): o de proclamar en tudal-as cibdades da Galiza unha República galega independente, izando ao mesmo tempo a bandeira arredista nos auntamento respetibles..”⁵⁵⁰.

O respaldo á práctica e proclamas de Fuco Gómez será nulo por parte da maioría daqueles que impulsarían o *Partido Galeguista* (PG), mais tamén da póla pretendidamente independentista do galeguismo na Terra, representada formalmente por Álvaro de las Casas, quen impulsara no mes

⁵⁵⁰ Gómez, Fuco, “Dend'o meu escondrixo perseguido pol-o delito de ser arredista” in *A Fouce*, n.º 8, febreiro de 1934, p.4

de xullo daquel 1933 a *Vanguardia Nazionalista Galega*, sen vontade algunha, por certo, de artellar un espazo político-organizativo propio para o independentismo galego en Galiza⁵⁵¹. Só tería Fuco, xa que logo e como indicamos, relación meridianamente fructífera con mozos galeguistas naquela estancia en terras galaicas. Mais, sexa como for, a efectos prácticos non daría tal relación éxito algún, regresando o becerreense a Cuba cara 1935.

A partir desta data vai ir tecendo o que na práctica será a publicación *Patria Galega* e o grupo que se nuclearía ao seu redor baixo o nome “*Juntoiro Patria Galega*”, sendo do primeiro director e do segundo vogal efectivo. Diante do golpe militar reaccionario de xullo do 1936 aquén mar chegarían, como xa se víu, a Cuba varios cadros do nacionalismo galego, destacando as figuras de Xerardo Álvarez Gallego e, aínda que por pouco tempo, de Lois Tobío e Xohán López Durá no inicio do seu exilio⁵⁵². Observamos como non haberá relación destes con Fuco Gómez, por unha manifesta ausencia de entendemento entre eles e o de Becerreá –que entendía tiña unha lexitimidade para seguir co seu proxecto patriótico galego, arredor da súa persoa e irreconciliábel cos aqueles que mantiveran posicións ‘autonomistas’ fronte o seu independentismo⁵⁵³-. A través da revista *Patria Galega* podemos seguir a traxectoria vital, militancia e ideario de Fuco Gómez entre 1941 e o 1961, data na que a publicación esmorecería definitivamente.

⁵⁵¹ Vid. DIÉGUEZ CEQUIEL, Uxío-Breogán, *Álvaro de las Casas. Biografía, obra e epistolario*, Vigo, Galaxia, 2003, pp. 67-74

⁵⁵² Lois Tobío exiliarase de inicio en Cuba, ao igual que López Durá, de onde tiña nacionalidade por ter nacido na Habana. Ambos estarían na capital cubana entre 1939 e 1940, onde serían cofundadores cara setembro do 1939 da *Escuela Libre de la Habana*, fixada nunha vivenda, sita en San Lázaro 961 da Habana, propiedade de María Luísa Gómez Mena, quen actuou como mecenas da iniciativa. Sobre a *Escuela Libre de la Habana* de especial interese as investigacións ao respecto de Dania Vázquez Matos. Vid. Vázquez Matos, Dania, “La escuela libre de La Habana : vivero de inquietudes y desvelos renovadores” in *La Literatura y la Cultura del exilio republicano español de 1939: Actas del IV Coloquio Internacional*, La Habana, Cuba, Editorial Unicornio, 2002.

⁵⁵³ Chamamos a atención no feito de Fuco Gómez non cambiar a súa concepción relativa aos galeguistas a partir de xullo do 1936; oportunidade extraordinaria que tería de sumar, diante daquel novo tempo do exilio, a cadros de relevante valía radicalizados no seu nacionalismo.

4.4.2.6.3.-*Patria Galega*, alto-falante de Fuco Gómez.

Ao pouco de se iniciar o primeiro mandato como presidente de Cuba Fulgencio Batista y Zaldívar (1901-1973)⁵⁵⁴, fundábase na Habana *Patria Galega*, *voceiro da Galiza Liídima*. Daba ao prelo as súas primeira páxinas aquela publicación en abril de 1941 e presentábase nun inicio como órgano de expresión do *Juntoiro benéfico-cívico-cultural* homónimo da Habana, nacido dous anos antes á altura do 17 de decembro da man de Fuco G. Gómez, Ángel Vázquez Penabade e José Villarino, entre outros. Ora, desde un inicio será este boletín alto-falante do ideario e opinións do de Becerreá, que asinará neste boletín co seu nome, mais tamén con diversos heterónimos, caso de Jaquín d'Ouselle, Home d'Honor, Arauto de Becerreá, Galeno de Galiza, Jonás Negalha, Suer Trenio, G. Enxebre Justiz, Luzeiro do Abrente ou Verlio Cruxol. Diversas serán as temáticas tratadas nas páxinas desta publicación, ora ocupando un lugar central a lingua e lingüística, así como a historia, a crítica literaria e a análise política nacional e internacional, xunto a reseñas bibliográficas e poesía, maioritariamente escritas unhas e outras achegas en español, nalgún raro caso en galego. Sería común achar en *Patria Galega* poemas de autores do rexurdimento, caso de Rosalía ou Valentín Lamas Carballal, así como de cubanos, nomeadamente de José Martí, traducidos ao galego polo propio Fuco G. Gómez. Con sede, primeiro, na rúa Monte nº352 da capital cubana e logo, a partir de mediados da década dos '50, na rúa Plasencia nº62 de La Habana, enderezo do propio Gómez e a súa compañeira, Amelia Rivas, saíra esta publicación do prelo a un prezo de 10 céntimos o exemplar e 1.0 \$ a subscripción anual, tendo unha periodicidade bimensal até 1947, e trimestral de aí en diante, sendo os últimos números semestrais.

Fuco G. Gómez asumiría desde un inicio a dirección do proxecto comunicativo, levando Amelia Rivas en boa medida a administración. Xunto

⁵⁵⁴ Este fora nomeado no 1933 coronel-xefe do exército cubano, destacando pola represión que comandaría contra comunistas e socialistas. Sería presidente entre 1940 a 1944, ano no que gañaría as eleccións Grau San Martín de ideoloxía socialista, seguido a partir do 1948 na presidencia polo seu protexido Prío Socarrás, de obediencia estadounidense. No 1952 Batista daría un golpe de Estado e iniciárase a súa ditadura até a revolución cubana do 1959.

eles, en distintas etapas e ao longo dos vinte anos de existencia deste boletín, ficarían nucleados en primeira fila uns cincuenta nacionalistas, que farían parte do *Xuntoiro Patria Galega*. Este presentábase o 17 de decembro do 1944 a través do presidente da entidade, José Villarino, nun seu discurso radiofónico mercé a colaboración catalanista. Desde os micrófonos de Radio Salas⁵⁵⁵ aseveraría Villarino que a institución *Patria Galega* “...no es una sociedad galaica más; y los gallegos que la integramos no somos elementos disolventes; somos, eso sí, hombres de trabajo y de orden, que sentimos en gallego; que amamos a Galicia y que deseamos que ella sea tan libre y venturosa como los pueblos más libres y felices de la tierra”⁵⁵⁶. O mestre de cerimonias sería Ángel Vázquez Penabade, socio fundador do xuntoiro⁵⁵⁷, así como un dos máis entusiastas e cultos do grupo, segundo crónica do momento. Participarían, entre outros, como convidados, Buenaventura de Pons, do *Centro Republicano Español*, Ramiro Tomás, presidente do *Centro Catalá* nesa altura, así como Josep Conangla i Fontanilles (1875-1965). Uns e outros recoñecerán como máximo inspirador e ideólogo a Fuco Gómez, tildándoo o presidente do *Xuntoiro* de “...iniciador y máximo defensor del independentismo galiciano”⁵⁵⁸. Coincía non por casualidade a data do nacemento do devandito *Xuntoiro* e voceiro coa conmemorativa da execución do Marechal Pero Pardo de Cela por orde da raíña Isabel de Castela no 1483, figura central do pensamento do grupo *Patria Galega*. Após cinco anos

⁵⁵⁵ Esta emisora tería unha sobranceira presenza galega. Por exemplo, lembremos como en Radio Salas se emitirían concertos, entre os que estaban aqueles que daba o mestre pianista galego, nativo de Sober, Antonio Rodríguez Álvarez (1899-1965). Este era, realmente, Antonio Pérez García, alcalde de Sober por *Izquierda Republicana* entre o 1935 e o 1936, cofundador en La Habana da *Orquesta Lemus* da sociedade *El Valle de Lemus*, que escapara da represión golpista de primeira hora disfrazado de crego, como sabemos por fontes familiares, con aquela identidade falsa que mantería ao longo do tempo.

⁵⁵⁶ Villarino, José, “Breves palabras” in *Patria Galega* nº1 abril 1945, p.3.

⁵⁵⁷ Tamén vogal nos anos '30 do Centro Republicano Español, á sazón formado na súa maioría directiva por galegos, baixo a dirección do empresario, propietario dun almacén-ultramarinos, Jesús Pernas –anos despois responsábel de fixarse no famoso local *La Floridita* de la Habana o busto do escritor Hemingway, da autoría de Fernando Boada. Vid. Páporov, Yuri, *Hemingway en Cuba*, Madrid, Siglo XXI, 1993. p.324

⁵⁵⁸ Villarino, José, “Breves...” *Op. Cit.*

de andaina, e aproveitando a cobertura mediática auspiciada por Radio Salas, diría Fuco Gómez :

“Catrocentos sesenta e un anos de barbarie imperialista pesan sober a Nazón Galega! 461 anos se cumpren hoje d’aquila data en qu’os sicarios ao servizo dos chamados Reis Católicos e da Eirexa Castelán deron mort’en cadafalso ao barudo mariscal (...).

Coa morte do noso derradeiro mariscal patriano, pechouse pra Galiza o camiño da súa estoria nazonal, da súa cultura e do seu pensamento (...).

Os qu’anceiamos dar â nosa Patria o qu’a nosa Patria non tivo nos tempos modernos pasantes, (...) non debemos aspirar a cárregos políticos en regímenes de caraiter imperialista, nin debemos pertañescer a organizacións que (...) praitican a intoleranza i-empregan procedimentos totairarios”⁵⁵⁹.

A nómina oficial da publicación *Patria Galega* sería a que segue: Fuco Gómez, director, José E. Hermida, administrador; José Villarino, presidente, Ángel Vázquez, asesor, Ramón Vidal, secretario e César Seoane, xefe de circulación. Levando a responsabilidade de “Espallamento” Cipriano Vázquez, Francisco López, Balseiro, Jesús Iglesias Surribas, sendo Antón Pérez Álvarez ‘delegado para as Antilla’⁵⁶⁰.

O devandito grupo e máis concretamente Fuco Gómez e Amelia Rivas, terían unha presenza influente no entorno da *Sociedade de Beneficencia de Naturais de Galicia* e na *Sociedade Fillas de Galicia*, das que farían parte un e outra, respectivamente, desde a súa creación⁵⁶¹. Así mesmo, fóra do ámbito galaico na illa de Cuba, manterían os integrantes do *Juntorio Patria Galega* unha relación moi fluída cos maioritariamente arredistas do *Casal de*

⁵⁵⁹ Gómez, Fuco, “Martirio de Galiza”, Discurso pronunciado o 17 de decembro de 1944. Recollido en *Patria Galega* nº1 abril 1945, p.5-8

⁵⁶⁰ *Patria Galega*, ANO I 2ª XEIRA, nº1, Abril 1945, p.1.

⁵⁶¹ Publicitándose estas dúas importantes institucións en *Patria Galega*, ao igual que nun inicio o *Centro Galego da Habana* ou esporadicamente “Royal, cigarrillos”, “La Sortija. Monte & Prado. Regalos” e “Maxenchs y Vázquez. Flores Finas”.

Catalunya, onde se desenvolverían as xuntanzas do grupo galego; enlazando uns e outros de cheo nas súas aspiracións. O citado grupo galego e a súa publicación do mesmo nome terían no punto de mira contribuír decisivamente a recuperar a soberanía perdida e da que 'históricamente gozou a nación galega', tal e como a través da propia revista se manifestaría. Cumpría, segundo Fuco e os seus editoriais en *Patria Galega*, crear unha 'república galega independente' e a partir de aí establecer relacións cos demais pobos ibéricos, cara a unha posíbel confederación peninsular. Ideoloxicamente beberá Fuco Gómez das teorías de Vicente Risco, por outra banda como a maior parte do nacionalismo no primeiro terzo do século. Nesta liña, a obra do ourensán, nomeadamente a súa 'Teoría do Nazionalismo Galego', obra dos anos 20 do pasado século, estará moi presente na obra cume do lugués asentado en Cuba *Nacións ibéricas*. mais ollamos tamén unha clara pegada da obra e escritos de José Martí, máxime no referido ao seu ideario humanista e fraternal.

Entre as diversas temáticas que se desenvolven en *Patria Galega*, en consecuencia, temos que destacar dúas pola súa sistemática presenza: a cuestión ortográfica do idioma galego e a situación política da Galiza. En relación ao primeiro, indicar que, con efecto, a nivel temático a lingua propia da Galiza tería un lugar preeminente na devandita publicación, malia estar maioritariamente redixida a devandita revista en español; manifestándose, en particular, unha enorme preocupación pola normativización do idioma. Para isto Fuco Gómez, por certo baixo o alcume de "Galeno de Galiza", indica que hai que beber dos labregos e labregas, dado que é "...a Aldea, a cátedra do galego", aseverando en relación á cuestión normativa:

"... ninguno de los cultores de las letras gallegas ha fijado acertadas normas de escritura ideográfica y de ortografía al idioma natural de Galicia...", entendo que isto tería sido o problema polo cal a lingua galega *"...que ha evolucionado a través de los siglos en los labios de las gentes sencillas de Galicia, aparezca en la literatura del siglo XX más adulterado, confuso y caótico que nunca..."*. Recomendando a

leitura da súa obra *Grafía Galega*, a que, segundo sinala, algúns se referiran calificándoa de “obra inútil”⁵⁶².

E así, efectivamente, a cuestión lingüística será clave no pensamento e produción escrita de Fuco Gómez. Tal e como o ten expresado Xosé Antón Bao Abelleira, estudoso da figura do arredista,:

“Outra das afeccións de Fuco foi a lingüística. Preocupáballe moito a situación da lingua galega e cría na necesidade de crear un galego culto que dignificase a lingua. Esta preocupación levouno a publicar varias obras que pretendían ser manuais e gramáticas destinados á creación e difusión dunha norma culta para o noso idioma”⁵⁶³.

O ímpeto de Fuco Gómez respecto ao seu ideario patriótico, levaríao, mesmo, a crear unha nova bandeira e himno para Galiza, tomando como referencia a historia da emancipación americana, nomeadamente do movemento nacionalista cubano; dándolle á simboloxía unha función superior á meramente estética, en clave eminentemente masónica, -realidade da que facía parte Fuco Gómez naquela altura, como boa parte dos notábeis galegos de ideario progresista asentados en Cuba naquela altura-. Isto nos leva ao segundo punto temático sobranceira presente en *Patria Galega*: a cuestión independentista e a ensinanzas de José Martí. O libertador cubano nacido no 1853, sería un exemplo a seguir, de feito entre os cincuenta libros que escribirá o galego, haberá un adicado ao propio Martí. Deste Fuco Gómez mesmo traducirá parte da súa poesía.

Por volta do ano 1947, este activista lanzará desde La Habana a proposta de *Constitución Federal da Republica Galizana*, de cara a proclamación dun Estado Galego e un seu goberno provisorio desde alén mar. No inicio desta proposta podía ler como a Galiza se constituía “...nun

⁵⁶² Galiza, Galeno de, “La aldea, cátedra del gallego” in *Patria Galega* nº181-186, xullo-dembro de 1961. p.15

⁵⁶³ Bao Abelleira, Xosé Antón, “Fuco Gómez: nacionalismo e humanismo. Ideario dun arredista (I)”, in *Terra e Tempo* (dixital), 14/12/2010.

Última revisión 22/04/2011: <http://www.terraetempo.com/artigo.php?artigo=1134&seccion=4>

*Estado Independente, Soberano orgaizado coma República Federal Porguesista (sic) de traballores de total-as capas da poboación, pra o disfrute da liberdade política i-económica, a justiza distributiva, o benestar individual e colectivo i-a soidaridade humana*⁵⁶⁴.

Fuco G. Gómez nese intre fai saír do seu longo letargo ao *Comité Revolucionario Arredista Galego d'Habana (CRAG)*⁵⁶⁵. Ora, desta volta non é na capital cubana na que reaparece, senón pretendidamente na propia Galiza. Asinado en abril de 1947 preséntase en *Patria Galega* un manifesto/escrito no que se expón que “...*acaba de se crear en toda Galiza o Comité Revolucionario Arredista Galego*”, acrecentándose que deriva duns mozos, en anos e pensamento, que entenden cómpre “...*tronzar todol-os vencellos que nos xungen con Hespaña e con todol-os partidos políticos para lle berrar ao noso sofrido povo a verdade do noso ideal sagrado: a verdade do noso desexo de independencia total e absoluta*”⁵⁶⁶. Todo parece apuntar ao propio Fuco como redactar dun texto que formalmente é atribuído a B. de Silvares, un outro seu probábel heterónimo co que tentar convencer aos lectores de *Patria Galega* de que na Terra estaría a se iniciar nesa altura unha outra etapa do vello CRAG. Apunta Gómez que este manifesto/escrito sería resultante do traballo de axitación e concienciación realizado a partir dos vinte primeiros números de *Patria Galega*, así como da edición do libro da súa autoría intitulado *La agonía de Iberia*, publicacións que terían sido introducidas na Galiza de xeito clandestino por *patrianos galegos*, chegado á redacción do devandito boletín arredista “...*moitas cartas de connazonaes nosos que soxornan [...na...] nosa patria; os que de cando en cando nos remesan tamén copia de manifestos que segredamente son distribuídos antre os millores galegos de cada bisbarra de Galiza*”⁵⁶⁷. Sen dubidar da

⁵⁶⁴ “República Federal galizana” in *Patria Galega* nº22-23-24, Febreiro-Marzo 1945, (capa).

⁵⁶⁵ Cando nacera asinaba como ‘Revoluzonareo/Revolucionareo’, agora asinarían como ‘Revolucionario’.

⁵⁶⁶ Silvares de, B., “Aizón dos patriotas en Galiza” in *Patria Galega*, nº22-23-24, Febreiro-Marzo 1945, p.5.

⁵⁶⁷ Gómez, Fuco, “Analizen e comparen os galegos no desterro” in *Patria Galega*, nº22-23-24, Febreiro-Marzo 1945, p.4.

posibilidade, malia que remota, de ter introducido algún emigrado exemplares de *Patria Galega* e/ou *La Agonía de Iberia* na Galiza, semella inverosímil un reparto masivo dos mesmos e unha relación permanente, a partir daqueles, entre aquén e alén mar tendo como común denominador a figura de Fuco Gómez, xa naquela altura altamente desacreditada, sobre todo por un comportamento marcadamente personalista, e pouco dialogante, que o levaría a atacar, entre liñas e en boa parte dos números que se editarían de *Patria Galega*, aos galeguistas nucleados arredor da figura de Castelao.

Esta actitude, por certo, será contestada mesmo, por algúns dos seus seguidores, tal e como podemos observar nunha carta asinada por Antonio A. Breijo. Este sería partidario de colaborar cos ‘autonomistas’, nun contexto especialmente adverso, como era aquel no que normalizado governamental a ditadura franquista desde había seis anos e rematada a II Guerra Mundial, non parecía fose darse unha intervención internacional democrática no Estado español, afirmando Breijo:

*“Yo amo a Galicia tanto como la pueda amar Ud., soy un ‘arredista’ ; pero como ya le dije en una de mis anteriores cartas entiendo que por el momento todos los buenos gallegos debemos colaborar con los autonomistas, porque nosotros solos no podríamos conseguir nada para Galicia”*⁵⁶⁸.

Esta carta sería respostada con dureza por Fuco Gómez, acusando ao seu ‘admirador’ de claudicar, indicando que *“...por mucho que he meditado sobre estas cosas, no he podido saber aún a que atribuir el hecho de que sean varios los gallegos que demuestran estar interesados en que yo deserte de las filas del deber. Hasta entre aquellos connacionales míos a los que tengo por mis mejores amigos hay algunos que me han aconsejado lo mismo, olvidando quizás que si yo algún día accediera a esos sus ruegos demostraría que no soy mejor que los que gustan de vivir de todas las situaciones, todo lo hacen sin escrúpulos y hallan gozo en poder jugar, con*

⁵⁶⁸ Gómez, Fuco, “Invitaciones a la claudicación” in *Patria Galega*, nº28-30, setembro 1947, p.6

*impunidad, alguna mala pasada a sua semejantes...*⁵⁶⁹. Afirmando "... cuando con hechos reales y buenas razones se me demuestre que estoy equivocado y que en mi vida y obra nada hay digno de ser imitado por los demás hijos de Galicia, optaré de dejar de emitir más opiniones propias y las páginas de PATRIA GALEGA, serán llenadas todas con juicios ajenos mejor intencionados y más dignificantes y útiles para Galicia que todos los de este 'iluso con sueños de redentor' ". Definiendo nestas súas palabra cara onde se estaba a orientar o devandito voceiro: nun seu exclusivo altofalante; dando gradualmente como resultante o esfarelamento do *Juntoiro Patria Galega*, o que non significa que a súa teimosía non teña de aquí en diante prédica e eco algún. Ao contrario, ao longo dos anos irá colleitando novos contactos e simpatizantes, malia que, na súa maioría, igual que iniciaban deixaban a relación co ideólogo arredista, non tanto polo fondo do seu ideario, como pola súa difícil personalidade, incapaz de acumular efectivos en favor do proxecto independentista.

Referido á obra *La agonía de Iberia*, comentar que tivo una boa aceptación da crítica americana interesada na cuestión nacional, nomeadamente en Cuba e Arxentina. A obra estaría prologada polo catedrático de historia cubano de ascendencia catalana Herminio Portell Vilá. Este presentaría do seguinte xeito o devandito volume e autor:

*"... obra original de palpitante actualida e interés duradero donde bajo la dureza del lenguaje, la descripción de la verdad escueta con energía admirable y los razonamientos bien fundados, se sienten una crítica histórica superior, un profundo amor a la patria nativa y a la humanidad la posición de la justicia y el culto de la auténtica democracia y de la fraternidad ibero-americana", acrescentando en relación ao autor "...siempre se ha distinguido por su probidad, su desinterés y sus virtudes cívicas, es inflexible en sus consejos y flagela los vicios de los peninsulares doctos que más por mala tendencia que por convicción defienden el hispanicismo y viven de espaldas a las ideas iberistas y al credo de la verdadera democracia"*⁵⁷⁰.

⁵⁶⁹ *Ibidem*

⁵⁷⁰ *La Agonía de Iberia, Suplemento del Boletín Patria Galega, [Folleto publicitario], Gráfica La*

Afirmando, aliás, que Fuco neste seu libro propuña, en resumo, “...el establecimiento de una Confederación Ibérica de Repúblicas Socialistas”⁵⁷¹.

Desta mesma obra, unha vez saída do prelo, escribiría o crítico Rogelio Gutiérrez que :

“[Fuco Gómez]...arremete contra las tendencias reaccionarias y contra los mercaderes del cristianismo, desenmascarando a los vendepatrias y a los fariseos (...). Solamente un hombre saturado de las máximas y doctrinas de los más democráticos países de América y de la URSS pudo realizar hasta ahora la labor paciente y abnegada, inteligente y energética que es de imperiosa necesidad en los pueblos peninsulares...”⁵⁷².

Cando este volume sae do prelo observamos a única mención positiva coñecida dun galeguista exiliado cara o sostedor principal de *Patria Galega*. Sería Xerardo Álvarez Gallego, residente tamén en Cuba desde o 1937, o que parabenizaría a obra de Fuco Gómez a través de dúas reseñas no xornal *Mañana*⁵⁷³, sendo por este motivo referenciado o xenro de Alexandre Bóveda, irmán de Amalia Álvarez Gallego, por autor de *La Agonía de Iberia*

moderna, La Habana, s/d,(1945).

⁵⁷¹ *Ibidem*

⁵⁷² Dubidamos da existencia do autor desta reseña laudatoria. Pola escrita parece obra do propio Fuco Gómez, hipótese ben factíbel á luz do monolítico, malia que substancioso, boletín no que se publicou. Vid. Gutiérrez, Rogelio, “Un libro y una idea” in *Patria Galega*, 1945 p.7-8

⁵⁷³ Do que era fundador aquel, facendo parte do consello de redacción xunto Rafael Miralles Bravo, Ángel Lázaro e Vicente del Olmo. Vid. Cuadrillo, Jorge Domingo, *El exilio republicano español en Cuba*, Madrid, Siglo XXI, 2009. p. 180. Cómpre indicar que Álvarez Gallego sería afamado e prestixioso colaborador de outras publicacións, caso da efímera *La Voz Gallega*, lanzada a partir de 1937auspiciada pola *Unión Progresista Gallega*, ou desde 1938 *Nosotros*, que fundaría e dirixiría como o xornal antifranquista *Crónica de España*; así como *Loita*, órgano do *Partido Hermandad Gallega*. Tórnase especialmente interesante a este respecto a obra de Sueiro Rodríguez, Victoria María, “Las revistas ‘exiliadas’ como testigos históricos de los españoles republicanos en Cuba” in Aznar Soler, Manuel *Escritores, Editoriales y Revistas del Exilio Republicano del 1939*, [Biblioteca del Exilio], Editorial Renacimiento, 2006, pp. 1057-1070.

como “...compatriota nuestro que (...) es –de todos los periodistas galegos que en los últimos años vinieron a la América- el que más pruebas tiene dado de fidelidad a la causa del galleguismo y el que más se esfuerza en honrar a Galicia en el extranjero”⁵⁷⁴. É curiosa esta grandilocuente mención, non seguida nen precedida por nengunha outra cara este ou outros galeguistas exiliados, máxime cando Álvarez Gallego levaba oito anos na capital cubana e era destacado membro do *Centro Republicano Español* (CRE)⁵⁷⁵, para alén do Centro Galego da Habana, no que tiña Fuco bos amigos e colaboradores, caso de Buenaventura de Pons. Habería que contextualizar aquela louvanza nun intre no que Fuco seguiría infructuosamente a tentar proselitismo entre a comunidade galega expatriada, nomeadamente entre esa inxente cantidade de exiliados que desde 1939 chegarían a Cuba, dos que boa parte cultivarían o xénero xornalístico.

A isto debemos sumar como serán numerosas as adhesións e recoñecementos á devandita publicación, así como ao voceiro do *Juntoiro* e ao seu editor; adhesións que aparecerán en múltiples exemplares de *Patria Galega*, con encabezados na liña do seguinte:

“...prestigiadoras instituciones de Cultura, Ciencias, Filosofía y Letras brindan unánime testimonio de simpatía, admiración y cariño. Al director de este Boletín, Fuco G. Gómez”⁵⁷⁶. Mantendo un intercambio de publicaciones extraordinario, con diversas instituciones e entidades académicas e sociais, aseverando que diante “...da esplendidez de algunos estimados colegas, casi nos sentimos un poco humillados por sernos imposible corresponder a sus muchas atenciones, en igual o mayor medida. Nos referimos a los que nos obsequian con valiosas obras y folletos y con todos los números de sus publicaciones semanales, quincenales o mensales. Esto, que agradecemos

⁵⁷⁴ “Juicios sobre ‘La Agonía de Iberia’ in *Patria Galega*, Jullo-Agosto,1945. p.11

⁵⁷⁵ Esta institución constituíuse no ano 1936 a partir da fusión da *Alianza de Republicanos Españoles* (fundada no 1929) con outros grupos republicanos existentes en Cuba, lonxe daqueles refugiados de ideoloxía marcadamente comunista. A finais do ano 1937 o CRE sería ilegalizado pola dictadura de Batista, o que clandestinizou as actividades do grupo até que a finais do 1942 sería novamente legalizado o devandito Centro.

⁵⁷⁶ *Patria Galega*, Xuño do 1952, p. 3

profundamente, ha llegado a ser una constante preocupación para nosotros, por los motivos antes expuestos” Serían uns e outros “...buenos amigos de Galicia y de sus leales hijos”⁵⁷⁷.

Naquela altura *Patria Galega* tentaba aproveitar o plenario da *Conferencia Interamericana* celebrada no castelo mexicano de Chapultepec para dar eco ás súas aspiracións. Reunida nos inicios do 1945 diante da recta final da II Guerra Mundial⁵⁷⁸, tentaríao arredismo galego en Cuba que servise para denunciar o franquismo que azoutaba a Galiza, demandando para o país a absoluta independencia e rexeitando a actitude republicana no exilio por españolista:

“Los titulados españoles de los distintos matices republicanos, piden que se les ayude a libertar a España de la dictadura bestial y sanguinaria que hoy padece, pero a Galicia, Cataluña, Euskadi e demás pueblos que la tal España tiene esclavizada les niegan el derecho a ser libres e independientes. Olvidan que quienes reconocen a un pueblo el derecho de autodeterminación y defienden la libertad de un país determinado, están moralmente obligados a reconocer también los derechos de todos los demás pueblos a elegir la forma de gobierno bajo la cual quieran vivir, y a luchar por la libertad de otros países que tienen tanto derecho como el pueblo español o castellano a decidir libremente sus propios destinos”⁵⁷⁹.

A esta demanda sumaría *Patria Galega* un escrito a Pedro Leão Veloso, ministro de exteriores do Brasil e delegado daquel país na devandita cimeira, de cara a buscar apoios naquel encontro da man, neste caso, da coincidencia lingüística e da iniciativa que tivera aquel de solicitar á devandita asemblea

⁵⁷⁷ *Patria Galega*, Xuño, 1952, p 6

⁵⁷⁸ Do 21 de febreiro ao 8 de marzo de 1945, a excepción de Arxentina, xuntaríanse naquela reunión ‘sobre los problemas de la Guerra y la Paz’, tamén coñecida como *Conferencia de Chapultepec*, os presidentes dos países americanos.

⁵⁷⁹ G. Gómez, Fuco, “Demanda ‘Patria Galega’ la independencia de Galicia” in *Patria Galega* nº1, abril 1945 p.10

internacional que, para alén do español, fosen considerados idiomas oficiais da mesma o inglés e o francés, así como o portugués.

Unhas proclamas as independentistas do arredismo galego en Cuba que se presentarían solidarias no marco ibérico. De tal xeito que sería obriga de cada unha das nacións sen Estado propio loitar non só pola súa soberanía, senón tamén pola do resto:

*“El compromiso de los patriotas peninsulares ha de consistir en luchar todos unidos por conquistar la libertad e independencia de todas y cada una de las naciones ibéricas oprimidas. La independencia de cualquiera de ellas sin lograrse la de las restantes, es algo que parecerá obtenido a medias”*⁵⁸⁰.

A penas un ano despois de aseverar isto Fuco G. Gómez, Xosé Bieito Abreira, destacado militante e directivo da bonaerense *Irmandade Galega*, ficaba de paso por Cuba, xunto a súa dona Mercedes Cela. Corría o verán do 1950⁵⁸¹ e Abreira deixaba por escrito a súa consideración da realidade galega na illa e, nomeadamente, do nacionalismo representado aló por Fuco Gómez, afirmando:

*“En Cuba non hai galeguismo orgaizado, aínda que o noso ideal tingue todol-os ambientes. A cousa específica circunscríbese a homes. Fuco Gómez e Patria Galega son unha especie de “yo la escribo y yo la vendo” aínda que il regalaa. Fuco e un bo galego pro as suas conceicions galeguistas son refrexo da gloriosa insurrección cubana, pensa, razoa e obra como calquera mambí, sin decatarse de que en Galiza non hai manigua, senon bouzas e prados, que non hai palmeras senon carballos e pinos, que non hai bateyes, senon aldeas. Ista lagoa teno arredado da realidade”*⁵⁸².

⁵⁸⁰ Cruxiol, Verlio, “Pensar bien y obrar mejor” in *Patria Galega* nº46-48, marzo 1949, p.5

⁵⁸¹ Vid. Fernández Santiago, Marcelino Xulio, *Unha visión da actividade dos nacionalistas galegos en 1950 desde Bos Aires* in *Estudios Migratorios* nº10, 2000. 133-147.

⁵⁸² *Ibidem* p. 146

Indicando, así mesmo, como “[En Cuba] ...tratei tamén elementos de todol-os seitores, comunistas, socialistas, repubricans e galeguistas; son como os de calquera parte: os de eiquí, por exemplo”⁵⁸³.

E é que, malia a imponente capacidade creativa, e de axitación, do arredista, Fuco Gómez ficaría rodeado dunha tremenda incompreensión e minusvalorización -cando non contestación-, por parte de galeguistas e elementos próximos ao galeguismo, caso de escritores portugueses como Rodrigues Lapa ou o Galego Xerardo Álvarez Gallego. Observemos por exemplo como o portugués, diante dun envío de exemplares do boletín *Patria Galega* e dun par de libros da autoría de Fuco Gómez, respostaríalle ao de Becerreá sen moita paixón pola independencia da Galiza:

“Muito obrigado por me ter oferecido mais uns números de Patria Galega, e também os seus dois livros "La agonía de Iberia", e "O idioma dos animás". Pena é que o seu projectado dicionário não possa ir por diante.

O seu ideal de separatismo, permita-me que lhe diga, não passa talvez de uma utopia ingénuo. O que me parece por enquanto mais praticável é uma federação de regiões autónomas, como a República tinha empreendido. O caso da Galiza é um caso especial; oferece características diferentes de todos os outros, dadas as afinidades de língua, temperamento, folclore, etc. com o vizinho Portugal. Numa palavra: a independência total da Galiza como estado soberano teria talvez como consequência uma aproximação muito mais íntima com a nação portuguesa e poderia até levar, mais tarde ou mais cedo, a uma anexação, dados os vínculos históricos que unem a Galiza a Portugal. É isto o que desejam os separatistas de "Patria Galega"? Parece-me que

⁵⁸³ *Ibidem*

não. Para mim, qualquer das soluções me é indiferente, dado o meu entranhado amor a essa **região**⁵⁸⁴.

Sexa como for, e máxime diante do inicio da segunda década de vida de *Patria Galega*, aseveraría Fuco G. Gómez o moito que lle debería a causa galega ao labor desenvolvido polo súa individualidade, malia que moitos conceptualizaran o seu axir como *estridencia* ‘coas que non se consegue nada e a ninguén convence’. Nun ton especialmente personalista, aseverará o de Becerreá que:

“...a través de cinco siglos no lograron con actitudes antipatrióticas y frecuentes muestras de servilismo ninguna sociedad ni muchas instituciones en conjunto ni los intelectuales de ninguna de las generaciones anteriores a esta época (...); [o conseguido] ...con las estridencias de PATRIA GALEGA en sus veinte años de vida”. Como consecuencia do labor realizado por Fuco G. Gómez teríanse reducido as aldraxes á comunidade galega, nomeadamente os “...sarcasmos y ofensas gratuitas de que a menudo se hacía objeto al gallego en comentarios, obras y espectáculos públicos...”⁵⁸⁵.

Fuco sería definido naquela altura polo pesquisador Héctor Strazzarino, autor de *El investigador del pasado indígena* e radicado en Montevideo (Uruguai), como “...un enamorado de su tierra natal y un devoto de su país de adopción: Cuba”⁵⁸⁶. Grande seguidor do independentismo catalán, manterá unha forte amizade Fuco Gómez co presidente naquela altura do *Centre Català* da capital cubana, Ramiro Tomás⁵⁸⁷, así como con Josep Conangla i

⁵⁸⁴ A negriña é nosa. Misiva datada na localidade lusa de Anadia á altura do 23 de Abril de 1948. Vid. MARQUES, Maria Alegria, (ed. lit.), *Correspondência de Rodrigues Lapa : seleção (1929-1985)*, Coimbra. Minerva, 1997.

⁵⁸⁵ G. Gómez, Fuco, “Los últimos veinte años de nuestra profesión” in *Patria Galega* Xaneiro-Xuño 1961, p.1

⁵⁸⁶ Strazzarino, Héctor “Pastorelas” in *Patria Galega* nº85-87, Abril-Xuño 1952, p.7.

⁵⁸⁷ Feito que xa acontecía desde os anos vinte co valencianista Josep Pineda Fargas, presidente do propio Centre Català entre o 1922 e o 1923 e impulsor do Club Separatista Català, para alén de director da publicación *Combat*, partidario de falar de ‘Paisos de llengua catalana’ fronte a idea de ‘Paisos Catalans’, á hora de falar de “interessos comuns de valencians, catalans i balears”.

Fontanilles. Este último activista catalán sería vinte anos maior que Fuco, íntimo amigo de Maciá colaboraría estreitamente coa organización independentista *Estat Catalá*, impulsando anos atrás, nomeadamente por volta do ano 1922, o *Club Separatista Catalán nº1* da Habana, que daría como resultante á *Assemblea constituent del Separatisme Català*, celebrada entre o 30 de setembro e o 2 de outubro do 1928, na que os galegos de Patria Galega participarían como convidados e da que nacería o *Partit Separatista Revolucionari Català* (PSRC), inspirado no *Partido Revolucionario de Cuba* nacido no 1892 baixo a lideranza de José Martí.

Un tempo no que o grupo *Patria Galega*, e particularmente Fuco Gómez, confían , nunha posíbel intervención dos Estados Unidos de América contra a ditadura de Francisco Franco en España. En todo caso, sexa por isto, ou pola *irmandade* que puidera sentir Fuco cara os prohombres que rexían aquela nación en base a unha pretendida analoxía, ou, mesmo por ambos motivos, definiría como referencial aquela realidade que tivera como primeiro presidente a George Washington, como “... a gran razón que tomou parte principalísima na guerra de Europa e o Pacífico...”⁵⁸⁸. Mais tamén recoñecerá o labor realizado pola Unión de Repúblicas Socialistas Soviéticas (URSS) en favor da democracia no Mundo, presentando a Josep Stalin como “...o genial estadista e máisimo líder da mil veces gloriosa URSS, unha das grandes potencias aliadas que outiveron a vitoria en Europa e Oriente (sic)”⁵⁸⁹.

Seguindo con esa liña temática, observaremos como Patria Galega daría o pésame á familia de Franklin Delano Roosevelt polo seu pasamento, indicándose “...su deceso constituye la mayor desgracia que podría ocurrir a

⁵⁸⁸ Pé dunha foto de Harry S. Truman, presidente dos EE.UU. entre os anos 1945-1953, in *Patria Galega*, Xullo-Agosto de 1945, p. 3. Harry S. Truman na altura na aparece refenciado por Fuco Gómez viña de ser nomeado 33.º Soberano e Gran Inspector Xeneral e membro honorario do consello supremo en Washington D.C., despois de que no 1940 fora xa elixido 97.º Gran Mestre dos Masóns de Misuri.

⁵⁸⁹ Pé a unha foto de Stalin, *Patria Galega*, nº4-5, Xullo-Agosto 1945, p.5. Esta referencia é seguida a outra na que se fai o propio coa Gran Bretaña a partir dunha imaxe do primeiro ministro Clement Richard.

las actuales generaciones del mundo. El presidente que acaba de entregar su vida ejemplar y alma generosa al Gran Hacedor del Universo, fué uno de los grandes forjadores del mañana, fué líder eminente de todos los hombres libres del mañana (...). A los incontables homenajes de condolencia que le han sido dirigidos al Gobierno y al Pueblo de la Gran República del Norte (...) une PATRIA GALEGA el suyo en nombre de los patriota gallegos que viven bajo todos los cielos...”⁵⁹⁰. Nestas palabras, en boa medida, rebélase o credo e adscripción masónica de Fuco Gómez, quen recoñecerá o labor desenvolvido por este *irmán* á fronte da democracia estadounidense e ‘universal’, igual que fixeran as loxias masónicas cubanas na década de 1930⁵⁹¹. Masón, por outra banda, coma tantos outros galegos que chegaran ou xa naceran na illa caribeña, entre os que cómpre destacar os exiliados da I República e os que nos finais de XIX buscarían un benestar económico e material negado na Terra. A importancia da comunidade galega na masonería rebéla, por exemplo, o feito de que o médico, avogado e pedagogo galego, nacido en La Habana no 1880(-1967), Carlos Manuel Piñeiro Crespo fora Grande Mestre Masón entre 1925 a 1927 e no 1934 da Gran Loxia de Cuba A.L. e A.M. , ao igual que o seu fillo, Carlos Piñeiro del Cueto⁵⁹², entre 1949 a 1959, este último único masón cubano, e naturalmente galego, que ocupou o cargo de presidente da *Confederación Masónica Interamericana* (C.M.I.)⁵⁹³. Daquela Grande Loxia faría parte o propio Fuco, ao igual que boa parte dos dirixentes independentistas cataláns, caso do

⁵⁹⁰ N.R. “Homenaje sentido de condolencia” in *Patria Galega* 1945, nº1 p.19

⁵⁹¹ Formalizando aquelas o seu recoñecimento a través da súa presenza política no Senado da República de Cuba, outorgándolle a Delano Roosevelt o título de ‘CIUDADANO EMINENTE DE AMÉRICA’, na sesión que este corpo lexislativo protagonizou o 21 de marzo de 1939

⁵⁹² Posuíndo o distinto de *Ilustre hermano* (I.H.) como o seu antecesor.

⁵⁹³ No 1953 tamén ostentaba a responsabilidade de ‘Muy Respetable Gran Maestro de la Gran Logia de Cuba de Antiguos Libres y Aceptados MASONES’. No inicio do triunfo da Revolución capitaneada por Fidel Castro en Cuba, Piñeiro, que non a masonería –a diferenza tempo comprendido entre 1962 e 1982-, sería atacado, por ter sido avogado do Ministerio de Salubridade durante a ditadura de Fulgencio Batista. Levado por estes ataques, marcharía ao exilio no ano 1963, ao igual que J. J. Tarajano, tamén ex-Gran Mestre entre 1959 e 1960. Malia esta realidade, hoxe en día é unha figura ‘recuperada’ na Historia de Cuba.

xurista e escritor de influencia pimargalliana Josep Conangla i Fontanilles. De feito, así mesmo, o artífice de *Patria Galega* sería redactor dos estatutos das entidades masónicas *Círculo Iberoamericano de Cultura*, *Confederación Universal de Librepensadores e Independencia Mental de Latinoamérica*.

Sexa como for, os círculos masónicos frecuentados por Fuco Gómez deberon ser fundamentalmente o seu amparo a partir das súas redes de solidariedade, máxime após a queda definitiva de *Patria Galega*; tempo a partir do que vai apartarse a nivel público, até onde sabemos, da vida política e activismo patriótico. Corría o ano 1961 e no mes de decembro saía do prelo o último número daquel voceiro ⁵⁹⁴. Ora, resulta difícil de crer que para un home tan activo coma o autor de *La Agonía de Iberia*, e do inédito *Galicia es eterna*, para alén doutros manuscritos que non viron a luz, se apagará o seu activismo unha década antes da súa morte e, a penas, un par de anos após a Revolución que derrocara ao ditador Fulgenio Batista.

Con menos apoios que nun inicio, disque por un seu carácter difícil de conciliar coa práctica colectiva, o de Becerreá verase xunto a súa compañeira compilando o volume que pechará toda unha ricaz xeira. Desfeito o grupo con anterioridade, sen podermos precisar exactamente cando e como, saía do prelo o número 181-186 da publicación, pechando o semestre correspondente a xullo-decembro daquel 1961 e unha ricaz xeira. Afirmaría Fuco no editorial deste último número do seu voceiro:

“Hoy al cabo de veinte años de existencia de PATRIA GALEGA , los que no son tontos ni padecen de amnesia ni están liderados por bajas pasiones y complejos nativos (...) reconocen [o moito que conseguimos realizar] “, destacando, romper co silencio ou, mesmo, mal concepto que había da Galiza en América, “...por desconocimiento absoluto de la verdadera historia de Galicia...”.

Aquel tempo, no que escribía Gómez *Ensayos de crítica e historia de Galicia*, sería tempo final dos proxectos aos que consagrara a vida, e final da

⁵⁹⁴ Nº181-186, no que só aparecen como membros da redacción Fuco G. Gómez e a súa dona Amelia Rivas, encargados da dirección e da administración, respectivamente.

vida mesma. Fuco Gómez estaría naquela altura doente de Parkinson, téndoselle agravado aquel asma que o acompañara desde novo. Ese tempo sería no que chegaba á capital cubana o escritor galego Xosé Neira Vilas, cofundador en Bos Aires das *Mocidades Galeguistas*, coñecendo daquela a Fuco Gómez. O autor de *Memorias dun Neno Labrego* lembra do seguinte xeito os encontros co promotor do *Comité Revolucionario Arredista Galego e Patria Galega*, unha vez esta publicación e grupo estaba para desaparecer, resaltando o seu carácter:

“Coñecino persoalmente cando cheguei a Habana no 1961. Visitábao amiudo no seu lar da rúa Plasencia. El non saía; era asmático e padecía do mal de Parkinson. Vivía rodeado de papeis, fardelos de papeis, montes de apontamentos acerca de asuntos históricos, xeográficos e sobretudo lingüísticos, referidos sempre á Galiza. Tiña verdadeira obsesión polos aspectos morfolóxicos, lexicais e ortográficos da nosa lingua. E de todo isto tíñamos longas conversas durante horas a fio. Amalia, a súa doce e dócil compañeira, coruñesa, miúda, calada, sempre vestida de preto, obserbábanos de algún canto, a matinar posibelmente que o seu home non era o único tolo. Tiña mal xenio o meu amigo, e ás veces discutíamos, e Amalia achegábase conciliadora, mais logo vía que (...) era un altercado pasaxeiro...”⁵⁹⁵.

Fuco Gómez finaría aos seus 77 anos, por volta do ano 1972, na cidade da Habana, cidade na que tanto xurdira. Coa súa enfermidade, primeiro, e co seu pasamento, despois, desaparecería o arredismo galego organizado en Cuba representado polo *Juntoiro Patria Galega*, que non se dera comunicado con éxito cos impulsores do novo tempo revolucionario. Sen actualización algunha á volta de dúas décadas desde o nacemento daquel *juntoiro*, o arredismo galego no país caribeño perdía ao seu máximo expoñente e o eco do que a causa galega gozaría nun período onde tiña o campo abonado, mais no que xa non había novas xerazóns dispostas a seguir mantendo en pé o ideal e loita arredista galega, xerazóns que en parte participaban macizamente

⁵⁹⁵ Neira Vilas, Xosé, *Crónicas Galegas de América*, Sada, Ediciós do Castro, 1999.

do movemento patriótico de esquerdas que dera lugar á queda do ditador Batista, entre outros farían parte do Movemento 26 de Xullo os destacados irmáns de orixe luguesa Fidel (1926) e Raúl Castro Ruz (1931), o marinense Frank Pais (1934-1957), os mozos Manuel, Faustino e Xosé Díaz (1938), da Poboia de Brollón, ou o médico natural da Pastoriza Óscar Fernández Mel (1931), integrantes da guerrilla de Ernesto Ché Guevara (1928-1967) en Sierra Maestra, ficando o último citado tamén no Congo, noutrora alcalde da cidade La Habana, e actualmente xeneral retirado, ao igual que os irmáns Díaz que estaría na guerra pola independencia de Angola, para alén de Manuel Piñeiro “Barbaroja” ou a pontevedresa Dora Carcaño Araújo⁵⁹⁶, filla da comunista guerrilleira antifranquista María Araújo Martínez (1904-1989). Quizabes a única que compartía perfil con estes, algo maior ca eles, e que se integraría activamente en *Patria Galega* sería a ourensá Jesusa Prado López (1897-1971), presa no 1936 en Bande, Celanova e Ribadavia, quen sairía eleita vogal do xuntoiro *Patria Galega* en xullo de 1942, responsabilidade que tamén tiña na *Sociedade Protectora Fillas de Galicia*⁵⁹⁷.

⁵⁹⁶ Quen ocuparía importantes responsabilidades na organización *Federación de Mujeres Cubanas*.

⁵⁹⁷ Perseguida pola súa militancia comunista no *Partido Comunista de España* (PCE) nos anos '30 do pasado século en Ourense, nomeadamente por axitación política e actividades guerrilleiras ligadas aos sucesos revolucionario de outubro do 1934. Após a súa saída do cárcere no 1936, fuxiría para Cuba, onde participaría do movemento revolucionario capitaneado por Fidel Castro e o Ché Guevara, militando activamente na *Federación de Mujeres Cubanas* e os *Comités de Defensa da Revolución*, entre outras organizacións. A súa filla, Soledad Figueiral Prado (1920), para alén de docente, tería unha importante militancia comunista, facendo parte tamén das organizacións cubanas citadas, da que sería compañeiro Santiago Álvarez Gómez (1913-2002), activista do PCE, activo integrante das *Milicias Populares Galegas*, coorganizadas xunto a Castelao, diante do golpe militar do '36 en Madrid, fundando cara o 1968 o *Partido Comunista de Galicia* (PCG).

4.5.-O Iº Congreso da Emigración Galega e o peche do protagonismo bonaerense.

Se ben a etapa máis rica do *Consello da Galiza* foi a que iría desde o seu nacemento no 1944 ao 1950, ano do pasamento de Daniel Rodríguez Castelao, o seu primeiro presidente e impulsor, non é menos certo que esta institución central da Galiza expatriada seguiría parindo e mantendo importantes iniciativas. Unha destas sería no 1956 o *Iº Congreso da Emigración Galega*.

No tempo da presidencia ostentada naquel *Consello* por Antón Alonso Ríos, organizaríase un encontro no que Castelao levaba teimando desde había anos. Unha gran cimeira patriótica galega que finalmente se desenvolvería entre o 24 e o 31 de xullo daquel ano -e que tería Antolín Faraldo, Daniel Rodríguez Castelao e Alexandre Bóveda como 'presidentes de honra e simbólicos'-, consagrándose nun dos feitos máis relevantes da historia política da Galiza contemporánea, marcando a separación entre dous tempos.

Celebrado en pleno franquismo polos desterrados, polos exiliados e exiliadas de alén mar, deu agrupado a boa parte da colectividade galega da Arxentina; a través de representantes, do tecido societario galego. Mais tamén estiveron presentes representantes da colectividade galega asentada noutros países, caso de Xosé Velo Mosqueira, por Venezuela, Francisco Comesaña, Roxelio Rodríguez da Bretaña e Marcial Fernández por México, Xerardo Álvarez Gallego e Maximino Matalobos por Cuba, Ramón Suárez Picallo por Chile, así como Emilio González López en representación de quen ficaban nos Estados Unidos da América. Uns e outros presentarían diversas ponencias para seren discutidas e debatidas. Entre as achegas que se realizaron estarían varios textos que desde o propio país se redixiran, tentando dar cabida así ao galeguismo activo naquela 'longa noite de pedra', en expresión de Celso Emilio Ferreiro. Nomeadamente, entre estas últimas, a do escritor e xeógrafo Ramón Otero Pedrayo, vello parlamentario como vimos nacionalista, así como dos galeguistas Domingo García-Sabell e Ramón Piñeiro. Todas *"...e cada unha das intervencións d'istes persoeiros, representativos da cultura, do espírito e do esforzo galego, espallados pol-os camiños do mundo, constituiron, pr'os galegos residentes en Bós Aires, unha grande e lediciosa revelación, pol-a súa valía inteleitual e pol-a insobornabel fidelidade que lle*

*gardan a Galicia, ao longo i-o ancho de toda América. Unha reserva intacta e poderosa ao servizo da Patria...*⁵⁹⁸, a dicir dos organizadores.

Os mais de mil quiñentos galegos e galegas que se xuntaron, segundo as crónicas da altura, daríanse cita erixidos en plenario reunido na Facultade de Filosofía e Letras de Bos Aires. A súa preocupación máxima sería tentar restaurar na Galiza a democracia en chave republicana e patriótica; como se deixaría marcado na acta que se levantaría do acto, asistindo o auditorio segundo aquela:

*“...con atención devota i-emocionada, doándolles afervoadada quentura ás intervención e aos debates, que, mais que debates, foron diálogos fraternos e cordiales, apesares da fondura e da importancia dos temas tratados; púbricamente que na solemne sesión inaugural entonóu, por propia i-espontánea iniciativa, o noso Himno sin fallar unha sola voz no gran acorde”*⁵⁹⁹.

A implicación do galeguismo organizado, nomeadamente da *Irmandade Galega* e do *Consello de Galiza*, así como das *Mocedades Galeguistas*, foi absoluta. Algo que lembra con total clareza Antom Santamarinha do seguinte xeito:

“As Mocedades emborcáramo-nos no Congreso do 1956 con um entusiasmo pletórico. Houvo dous representantes oficiais entre as autoridades con representación: Pepe Neira e Carlos Abreira, como passava sempre; é dizer, para qualquer acto de transcendência exterior sempre havia, por metade, representantes nados na Galiza Real (Neira Vilas) e mais na Galiza Ideal (Carlos Abreira) -aínda que, por vezes, o representante da Galiza Real fosse andaluz de nascimento, como no meu caso, nascido em Melilha, ex-província de Málaga-. O resto dos moços estavamos a cumprir com a função de guias informativos para

⁵⁹⁸ Segundo se apuntaba no volume de actas do devandito Congreso e do que posuímos copia dixitalizada a partir do exemplar do empresario galego afincado en Bos Aires Manoel Ponte, mercé á xentileza da súa filla Rosa Ponte.

⁵⁹⁹ *Ibidem*

*todo quanto convidado procedía do estrangeiro, tanto de Europa quanto do resto de América. Aos convidados que por casualidade non souberam a que se refería isso do centenário do Banquete de Conjo, nós repetíamos, como gravaçom, o que previamente nos informaram com um pouco de amplitude maior, os veteranos da Irmandade*⁶⁰⁰.

Na homenaxe realizada a quen propiciara o *Banquete* ou *Xantar Democrático de Conxo* no 1856, tería unha intervención célebre Lois Tobío, así como Ramón Suárez Picallo, Julieta Gómez Paz e o político arxentino da *Unión Cívica Radical* Crisólogo Larralde (1902-1962), acompañados estes polos oradores máis novos, na maior parte membros das propias *Mocedades Galeguistas*, caso de Enrique Pampillón, Xosé Neira Vilas, Antom Santamarinha ou Manuel Cordeiro. Aquele encontro preocupou especialmente ás autoridades franquistas, enviando estas representantes, baixo licenza de xornalistas⁶⁰¹, para averiguar puntualmente que era o que estaba a acontecer.

Daquel acto saíría do prelo no 1959, tres anos despois da súa celebración, un volume que contiña todas as intervencións e ponencias presentadas, para alén de reseñas das diversas sesións desenvolvidas no marco da devandita cimeira.

Unha vez concluído o encontro, o balanço sería ben distinto dependendo de quen o realizase. Ao respecto, o daquela membro das *Mocedades Galeguistas* Antón Moreda afirmaríanos:

*“Eu daquela reparei que non interesábam. O galeguismo estaba morto. En parte pola morte de Castelao. Déronlle unha importancia que non digo que non merecese. Mais centraron [alén mar, excesivamente,] o galeguismo na figura de Castelao”*⁶⁰².

⁶⁰⁰ Conversa de Uxío-Breogán Diéguez con Antom Santamarinha. A Coruña-Compostela, 11/07/2010.

⁶⁰¹ Nomeadamente do diario ABC e de *Arriba*.

⁶⁰² Conversa de Antom Santos e Uxío-Breogán Diéguez con Antón Moreda, Lugo, 2/01/2010.

4.5.1.-Ramón Piñeiro, Xosé Velo e o protagonismo do interior.

Na altura en que este acto se celebraba, os galeguistas exiliados semella quixeran trasladar ao interior a responsabilidade da loita política, a partir dunhas pautas. Facían nunha etapa na que o franquismo comezaba a ollar con preocupación a disidencia e resistencia política que lonxe da actividade guerrilleira se estaba a desenvolver, nomeadamente no mundo do traballo. Daquela, o centro neuráxico do nacionalismo na Galiza xiraba arredor da figura de Ramón Piñeiro, quen contaba con corenta e un anos e viña a ser a pedra angular daquel galeguismo do interior, que tirara lexitimidade e referencialidade aos exiliados, como nos anos corenta fixera con Castelao e o *Consello de Galiza* o de Lán cara e o seu entorno. Unha responsabilidade a de Piñeiro que tiña como sustento, fundamentalmente, ter feito parte das primeiras *Mocedades Galeguistas* de aquí mar na súa agrupación luguesa e ter sido eleito no 1936 secretario do Comité Provincial de Lugo para o plebiscito do Estatuto de Autonomía; datas e feitos, en todo caso, xa distantes da altura na que aquel congreso de expatriados e expatriadas decorrera. Sumando ao indicado o feito de estar no propio país diante do golpe militar do '36 e nos anos seguintes de implantación da ditadura franquista, diante da que fora preso nos anos corenta, como veremos polo miúdo. Tomando como referencia a etapa vital de Ramón Piñeiro na que entra de cheo a súa participación no *I Congreso da Emigración Galega*, cómpre subliñar que o de Lán cara tentou desposuír ao galeguismo da súa compoñente e significación política, para lle dar unha fasquia eminentemente cultural (tendencia que pasaría co tempo a ser coñecida como *piñeirismo*). Nesta orde de cousas faría un apelo á “Saudade” (conceito ao que dedicou varios estudos ao longo da vida), á “Paisaxe” e ao “Humor” como fundamentos da identidade das galegas e galegos e esencia da Galiza. Realidade que se pode observar de maneira privilexiada e case inédita a través do documento que presentara na devandita cimeira do 1956. Lonxe dunha significación política do feito migratorio do noso pobo, afirmaríase Piñeiro que este sería orixinado por un ‘fondo pulo espritoal’ e unha forte ‘cobiza persoal’. Ramón Piñeiro con estas súas aseveracións non casaría ben co sentir e militancia dos activistas máis novos do nacionalismo expatriado, nomeadamente das *Mocedades Galeguistas*, que tiñan na militancia arredista a súa fonte de inspiración central

xunto aos escritos de Castelao, aquela que tipificara o éxodo galaico como a máis grave e patente expresión do ‘colonialismo’ español na Galiza. Tampouco xeraría simpatías o de Láncara cos vellos cadros do nacionalismo que o viran disputar con Castelao nos anos corenta a dirección do galeguismo.

Non debe de estrañar, polo tanto, que a mocidade nacionalista galega afincada en Bos Aires apenas mantivera relación co galeguismo oficial da Terra, mais si cos pondalianos e outras figuras do independentismo galego expatriado, caso do que fora último secretario xeral da *Federación de Mocidades Nacionalistas*⁶⁰³ na Galiza, Xosé Velo Mosqueira. Unha breve mais rica relación que se daría no marco do mesmo congreso galaico da emigración, no que participaría, como marcamos, este activista celanovés como delegado da sociedade *Lar Galego* con sede en Caracas, tal e como lembraría o escritor Neira Vilas:

“Os *directivos das Mocidades Galeguistas tivemos un encontro con el no Centro Ourenán. Foi algo moi estimulante e aleccionador*”⁶⁰⁴.

Segundo as crónicas daquel encontro as palabras rotundas do coñecido como *Pepe Velo* deron lugar aos aplausos máis sentidos do auditorio. O escritor Xosé Neira Vilas afirmaría ao respecto:

“...[pasaron] *corenta longos anos daquel Congreso galego e sigo tendo moi nidias a voz e a presenza de Velo, home entrañable. Un soñador no que pensamento e acción ían sempre xuntos, como ten de ser*”⁶⁰⁵.

Daquelas Velo, xustamente de corenta anos de idade, andaba a lle dar voltas á posibilidade de volver á Terra; clandestinamente, porque logo de ter sido preso a primeira hora no en xullo do 1936, ficaba fichado, malia lograr

⁶⁰³ Lembremos que a denominada *Federación de Mocidades Galeguistas* (FMG), formada no 1934 no marco da militancia máis nova das juventudes do *Partido Galeguista*, ha de se reconverter no 1936 na *Federación de Mocidades Nacionalistas* (FMN), con Velo, Celso Emilio Ferreiro, Xaime Illa Couto, Pedro Galán Calvete e aínda Francisco Fernández del Riego como elementos máis destacados a nivel nacional.

⁶⁰⁴ Neira Vilas, Xosé, “Con Pepe Velo en Buenos Aires” in *Crónicas Galegas de América (Rolda Segunda)*, Sada, edición do Castro, 2000. p.13

⁶⁰⁵ Neira Vilas, 2000, *Op. Cit.* , p.15

escapar dun contexto presidido polo terror no que corría perigo a súa vida. A volta ao país para Velo pasaba pola militancia armada contra o franquismo, organizando un ou varios corpos armados; de aí que aproveitara a súa presenza no *I Congreso da Emigración Galega* para tentar convencer aos máis novos da necesidade de artellar unha nova guerrilla antifranquista galega, naquelas horas baixas dos resistentes armados que quedaban no país, sen cobertura político-partidaria algunha, nomeadamente abandonados polo comunismo español. Dicíanos a este respecto Antón Moreda:

*“Pepe Velo propuxo organizar unha guerrilha. Na Galiza. Os mozos non aceptamos. Eramos emigrantes. Pedirlle a un que se veña mollar na Galiza, con unha pistola, sen saber nen sequer a quen disparaba...para nós era cousa de outro mundo. [Máis tarde] foiselhe a idea da guerrilla e organizou unha idea máis positiva...”*⁶⁰⁶.

Referíase con isto último Moreda á creación do *Directorio Revolucionario Ibérico de Liberación* (DRIL), do que fora mentor e activo central Velo, protagonizando, entre outras accións, a célebre ocupación do transatlántico “Santa María”, rebautizado como “Santa Liberdade”, na liña de tentar chamar a atención dunha comunidade internacional que obviaba a existencia de dúas ditaduras militares reaccionarias, a franquista e a salazarista, no marco da Península Ibérica.

4.5.2.-A Asociación de Fillos de Galegos e o regreso á Terra de Antón Moreda.

As *Mocidades Galeguistas* ao igual que estiveran detrás da creación da *Asociación Galega de Universitarios, Escritores e Artistas* (AGUEA) no 1956, como xa marcamos, artellarían no 1959 a *Asociación Arxentina de Fillos de Galegos*. Esta última entidade veu desenvolvendo “...unha laboura moi meritoria tendente a exaltar os valores da patria do seu país, entre a mocidade de orixen galego. Os seus compoñentes formaban tamén parte de ‘Mocidades Galegas’, que efectuou unha actividade de merecida louvanza, completada co seu voceiro ‘Adiante’ ”⁶⁰⁷. Foi un dos últimos proxectos que contribuíron a

⁶⁰⁶ Santos, Antom e Diéguez, Uxío-Breogán, *Antón Moreda. Memoria... Op. Cit.* p.39

⁶⁰⁷ Cupeiro, Bieito, *Op. Cit.* p.54

alumear aqueles mozos e mozas na América. Claramente estaba a se pechar unha etapa, para dar luz a unha outra na que tería todo o protagonismo o país. Algúns daqueles mozos andaban nesa altura a teimar na idea de volver para o país, animados polos máis vellos cadros do nacionalismo agrupado arredor da *Irmadade Galega*. Entre estes estaría Antón Moreda. Entendía que a loita política había que dála na Terra de novo, aínda que entendese que era fundamental o traballo entre a colectividade galega expatriada polo Mundo fóra. Algúns compañeiros das *Mocedades* farían o posíbel para o convencer de que aquilo non era acertado por ser un coñecido activista galego. Afirmaría, neste sentido, Antom Santamarinha: “*Confesso que quando me contou que ia voltar para a Terra com umha missom política... tentei tirar-lho da cabeça, mas nom podem. Eu levava-lhe 6 anos, que som muitos quando um é novo, e tinha mais experiências do regime das que ele nom podia ter. Comentei-lhe que estaria “recontrafichado” nos arquivos franquistas e que o iria passar mui mal. Todo foi em vao*”⁶⁰⁸.

Nesta orde de cousas, no 1960 Moreda, impulsado polos vellos galeguistas que estaban á fronte do *Consello de Galiza*, acordaría a volta definitiva á Terra. Tiña vinte e seis anos, e viña de vivir o seu bautismo político en terras arxentinas. Comezara a militar con dezanove anos nas devanditas mocidades nacionalistas que contribuíra a reeditar, e desde os 24 anos matinaba no retorno. A decisión foina sopesando, segundo manifestaba, desde a celebración daquel *I Congreso da Emigración Galega*, cando foi consciente da decadencia irreversible dun exilio galego sen a figura sobranceira de Castelao, o cansazo e envellecemento de parte dos cadros do nacionalismo e as pugnas co interior.

Catro anos máis tarde daquel congreso, Moreda sería animado polos vellos cadros do *Consello de Galiza* a regresar a Terra, malia non saber os seus compañeiros e compañeiras con que propósito. Así o conta Xosé Neira Vilas, que partillara con Moreda momentos de certas dúbidas horas antes da viaxe de regreso ao país:

⁶⁰⁸ Conversa de Uxío-Breogán Diéguez con Antom Santamarinha. A Coruña-Compostela, 11/07/2010.

“...na véspera de embarcar foi despedir-se de Anísia e de min. Escolleu para traer consigo algúns libros do fondo de “Follas Novas”. Brindamos polo seu retorno, que viña anunciando desde meses atrás mais proían nel muitas dúbidas. Encariñara-se co grupo galeguista, e coa Asociación Arxentina de Fillos de Galegos, e con Bos Aires. Doía-lle deixar aquilo. Mais ao fin decidiu-se. A tarde que veu á rúa Asunción dixo: “xa non valen vacilacións. Agora todo é en firme. Onte chamei por telefone a miña mai e dixen-lle que iría, así que vou. A chamada foi máis bem para forzar a miña propia vontade”.⁶⁰⁹

Moreda chegaría no 1960 ao porto de Vigo, momento no que, segundo rememoraría, escoitou con emoción as primeiras verbas no idioma propio ao pisar a Terra. Regresaba cargado de ilusións, fame de activismo, e recados de alén mar para algúns galeguistas do interior. Chegaba a Galiza Moreda no tempo do *desarrollismo* franquista, capitaneado polos tecnócratas que a partir do 1957, nunha España de esgotado tempo autárquico, procurarían a integración do Estado (e rexime ditatorial) no concerto internacional. A tal efecto cumpría dar sinais de normalidade democrática, malia a absoluta represión governamental.

Entre tanto, aquela mocidade galeguista que ficaba en Bos Aires tería como unha das súas últimas iniciativas a edición da revista *Alén Mar*, da que saírían catro números entre xuño do 1961 e novembro do 1963⁶¹⁰.

⁶⁰⁹ Neira Vilas, X.: “Con Antón Moreda en Buenos Aires”, in VV.AA., *Irmán Antón, historia... Op. Cit.*, 2000, p. 21-23.

⁶¹⁰ Redixida maioritariamente en español, aínda que de temática centralmente galega.

IIIº CAPÍTULO.

A reconstrucción do nacionalismo aquén mar.

5.-O GALEGUISMO DE AQUÉN MAR NO FRANQUISMO.

A extraordinaria queda experimentada na Galiza a partir do xa referido Golpe militar reaccionario de 1936 deu lugar, xaora, a un escenario difícil de salvar desde a perspectiva do nacionalismo galego organizado. Nese marco, calquera iniciativa de autoorganización non aliñada e, mesmo, resistente fronte aquel golpe de Estado, no ámbito que for, semellaba estar chamada ao fracaso, agás unha resistencia armada reseñada páxinas atrás e que testaba nos primeiros anos do mesmo e da ditadura franquista unha fortaleza e apoiatura popular en absoluto desdeñábel.

Así mesmo, cómpre ter presente que entre 1936 e 1939, en plena guerra, e como xa vimos, non foron poucos os afiliados noutrora ao nacionalismo galego que se viron mobilizados á forza en favor do bando reaccionario⁶¹¹. Así nolo farían saber a partir da súa propia experiencia Avelino Pousa Antelo, *activo da Federación de Mocidades Galeguistas*, e Francisco Fernández del Riego, primeiro secretario xeral, como xa se víu, da propia FMG. Non por isto cesarían nos seus ideais boa parte daqueles nacionalistas galegos. Após ser mobilizado forzosamente Fernández Del Riego en favor dos golpistas, asentárase en Vigo. Sería na cidade olívica onde volverían algúns daqueles galeguistas reencontrase, con baixas de activos galeguistas igualmente mobilizados, caso de Xosé Queizán Hermida⁶¹². Malia que co temor de posíbeis represalias derivadas da súa ideoloxía (e previa militancia), comezarían algúns dos galeguistas que non marcharan ao exilio, nen ficaban presos, a se reunir. A persistencia e constancia de moitas e moitos daqueles

⁶¹¹ Por exemplo, o noutrora presidente do *Partido Galeguista de Pontevedra*, o enxeñeiro Pedro Basanta del Río, sería titulado Tenente por "...prestar sus servicios en la Sección de *Infraestructura del Aire*", segundo se podía ler no (golpista) *Boletín Oficial do Estado* do 23 de abril de 1937, p.1082.

⁶¹² Queizán exercía a avogacía, como pasante no bufete de Valentín Paz Andrade, sendo de grande axuda naqueles difíciles anos. Mesmo aproveitaría un permiso a inicios de xaneiro do 1937 -logo de participar da fronte de Madrid onde resultaría ferido- para exercer de avogado defensor de demócratas encausados polos golpistas, nomeadamente de Josefa García Segret, aproveitando que era alférez de complemento do Rexemento de Infantería Mérida nº35. Finaría na batalla do Ebro por explosión dunha granada de man. *Vid.* Calvo, Tucho, *Valentín Paz-Andrade. Op. Cit.* p.164 e García Segret, Josefa, *Abajo las dictaduras*, Vigo, 1982.

que foran represaliados e conseguiran librar da morte daría lugar a unha resistencia que frutificaría cos anos.

Nos inicios da década dos corenta, aqueles galeguistas reconducían o seu día a día, retomando as relacións entre uns e outros. Ao pé da céntrica praza da princesa, afirmaba Francisco Fernández del Riego como naqueles primeiros anos do franquismo, unha ou varias veces por semana, combinaría para xantar co xenial pintor Carlos Maside (1897-1958), noutrora profesor de debuxo nos institutos de Noia, Pontevedra e Vigo, tamén represaliado e situado nun marcado exilio interior⁶¹³:

“Dábannos un guiso de carne e tres anacos de pan con vermes, Maside collía un anaco e esfarelábao; comía o meu e o del e o que lle puxeran...; había moita fame”. Eran uns tempos *“...moi difíciles (...) no económico, o político, o cultural...”*⁶¹⁴.

Un contexto no que *‘un estaba vendido’*, en expresión do propio Fernández Del Riego, quen regresara a Galiza após o remate do proceso bélico en abril do 1939. Aló contaba con normalizar a súa vida en boa medida coa axuda do avogado e empresario galeguista Valentín Paz Andrade, que a inicios do ano 1938 reincorporárase ao súa vida profesional en Vigo após o tempo de desterro en terras ourensáns. Ora, diante da chegada de Francisco Fernández Del Riego a Vigo para se integrar como pasante no bufete de Paz Andrade, este sería detido novamente e logo de preso sería desterrado a Extremadura, só podendo *‘trocar unhas palabras’* os dous galeguistas na estación de tren viguesa⁶¹⁵, diante da marcha forzada do propio Paz Andrade.

Se ben o tecido construído durante o primeiro terzo do século XX vírase esfarelado, aínda aqueles resistentes eran capaces de imaxinar unha outra

⁶¹³ Maside fora docente en varios centros de ensino medio, como marcamos, gañando inmediatamente antes do golpe militar unha praza de profesor de debuxo na Escola de Artes e Oficios de Vigo. Sería destituído da mesma no 1937, acusado de ser amigo do avogado masón Laureano Santiso Girón. A partir daquel duro golpe comezaría ese seu exilio interior, mais sen claudicar Maside dos seus ideais.

⁶¹⁴ Conversa con Francisco Fernández del Riego, Fundación Penzol, Vigo, 9/10/2001.

⁶¹⁵ Tucho, *Valentín Paz-Andrade. Op. Cit.* p.171

realidade. Tanxencialmente ligado ao que fora a acción do *Partido Galeguista* -e de inicio das Irmandades da Fala-, péñese, por exemplo, no grande patrimonio documental, bibliográfico, pictórico, etcétera, do que fixera acopio o *Seminario de Estudos Galegos* (SEG) e que fora incautado polos golpistas. Naqueles inicios dos anos corenta, o sacerdote galeguista Xesús Carro aínda era quen de pensar na súa rearticulación, autonomeándose secretario daquela institución, solicitándolle axuda nesta liña ao tamén crego galeguista Paulino Pedret Casado e o xeógrafo e profesor Ramón Otero Pedrayo. Estes iniciarían aquel labor, tentando recuperar aquel patrimonio –que en grande medida axudaran a sumar-, mais finalmente aquel labor sería interrompido ao pouco, ao pasar aquel baixo administración da Universidade de Santiago de Compostela, decisión do goberno franquista que lles trasladaría aos tres galeguistas o reitor da mesma, Carlos Ruíz del Castillo, por volta de abril do 1940. Habería que agardar ao ano 1943 para que os restos do SEG deran lugar a unha realidade de seu que, aínda que de moi lonxe, lembrara o axir daquela institución de vangarda cultural. Daquelas crearíase o *Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento*, pertencente ao recién formado *Centro Superior de Investigaciones Científicas* (CSIC), sendo iniciativa do noutro membro do PG Fernando Filgueira Valverde sendo o seu primeiro presidente Francisco Javier Sánchez Cantón e anos despois o propio Filgueira Valverde, como ten asinalado Xusto Beramendi⁶¹⁶.

5.1.-Oposición antifranquista e reagrupación galeguista.

Sería na década dos anos corenta que os galeguistas irían tecendo unha nova fraternidade, teimando en construír un novo tempo. Unha dinámica coa que se reorganizaría un PG *sui generis*, envolto na polémica referida á lexitimidade que tiña o seu axir fronte ao dos principais cadros do galeguismo que ficaban exiliados en América do Sul, con Daniel Rodríguez Castelao á fronte.

⁶¹⁶ Beramendi, Xusto, "De la Dictadura a la Democracia (1936-200)" in *Historia de la ciudad de Santiago de Compostela*, Compostela, Corsorcio da cidade de Santiago de Compostela/Universidade de Santiago de Compostela, 2003, p. 584

Sexa como for, a pesar da dureza do primeiro franquismo e da falta de entendemento co exilio, aquí terra iríase recreando unha mínima estrutura organizativa galeguista, fundamentalmente en Vigo e Compostela, mais tamén en Madrid ao pouco, onde presos galeguistas que foran saíndo do cárcere entre 1939 e 1940 se asentarian, caso de Evaristo Mosquera e, anos despois, Álvaro Xil Varela e os irmáns Cesáreo e Camilo Saco, ao igual que outros cos que se xuntarían e que na capital española moraban por estaren aló desterrados, caso de Xosé Ramón Fernández Oxea e Fermín Penzol⁶¹⁷, ou o adañeirado chantadino Leonardo Rodríguez, coñecido como *Pancho da Barrela*, que fora secretario do PG na súa localidade durante a II República, así como Xohán López Suárez, *Xan de Forcados*, así coñecido polo lugar do que era orixinario no concello do Saviñao⁶¹⁸ e de grande relevo no período republicano no referido a proxectos de innovación agropecuaria, participados polo galeguismo, caso da *Misión Biolóxica de Galiza*.

Após a guerra, no propio 1939 coincidirían en Compostela por cuestións académicas Ramón Piñeiro, Marino Dónega e Xaime Illa Couto, segundo este último nos diría⁶¹⁹. Falaran condicionados pola ledicia do reencontro, mais tamén polo medo imperante naquela tesitura na que o totalitarismo español se erguía triunfante. Illa Couto insistiríalle a Marino Dónega na rearticulación organizativa do galeguismo, fronte Piñeiro que sería partidario de abandonar

⁶¹⁷ Outros demócratas que librarían da represión tamén marcharían a Madrid, por ser una cidade na que comezar unha outra vida, lonxe de ser diariamente identificados pola súa actividade e/ou simpatías políticas, suxeitos á abafante represión franquista.

⁶¹⁸ Ambos serían traídos a colación en Madrid por Santos Diéguez González, un deses galegos que logo de ter asistido á represión franquista, que levou por diante a amigos como O *Castor de Pincelo* –por axudar a comúns amigos integrantes da *guerrilla*, caso de Xosé Castro Veiga, O *Piloto* (1915-1965)-, apoiaban as actividades que se organizaban da man de mocidade nacionalista nos anos setenta do pasado século naquela cidade. Lembraría Diéguez como *Pancho da Barrela* faría o propio décadas atrás, sendo central na posta en marcha de actividades galeguistas no sul lugués, mantendo amizade persoal con Basilio Álvarez, sendo representante nos anos vinte e trinta das súas propostas agraristas. Con este e con *Xan de Forcados* trataríase Santos Diéguez na capital española por aquelas datas e suponemos que cos irmáns Saco e Fernández, cos que tivera trato durante a II República.

⁶¹⁹ Entrevista de Uxío-Breogán Diéguez Cequiél a Xaime Illa Couto, Vigo, 10/05/2001.

a idea polo momento, en base a unha realidade internacional que apuntaba cara unha Guerra Mundial. Dalgún xeito deixarían hibernando, mais non esquecida, a idea de reunir a outros que fixeran parte das *Mocidades Galeguistas* para dilucidar o que facer.

Así, pois, e para alén daquel episodio, o primeiro gromo político desta nova xeira encamiñada a rearticular o nacionalismo galego na Galiza, poríase no ano 1940 na cidade de Vigo, segundo ten afirmado Francisco Fernández del Riego⁶²⁰. Este reuniríase con Manuel Gómez Román e Enrique Peinador, quen en firme acordarían o propósito da reorganización partidaria, en coincidencia con Illa Couto. Servando Gómez-Aller de la Ballina, noutrora secretario do grupo galeguista de Lugo -presidido polo inspector de ensino Xosé Ramón Fernández Oxea, *Ben-Cho-Shey*-. Ballina gozaba naquela altura dunha liberdade de movemento, favorecido pola súa amizade co falanxista Antonio Pedrosa, como se marcou, exercendo como director do Instituto Social da Mariña na capital olívica, polo que non levantaba sospeitas para os franquistas, a diferenza da maior parte dos galeguistas referenciados, e podía actuar como mensaxeiro daquel grupo. Ballina contactaría, entre outros, co lugués Ramón Piñeiro para lle trasladar aquela vontade a favor da reorganización do PG, buscando saber se sería partidario da mesma. Daquelas Piñeiro respondería favorablemente e, ao non ser tan significado como os restantes partícipes naquel proceso, aceptaría a función de enlace que lle proporían os nacionalistas que se reuniran en Vigo, para logo pasar a ser, mesmo, liberado.

Ligado a esta encomenda, viviría ao pouco Piñeiro a caballo entre Lugo e Madrid, dado que aqueles galeguistas tiñan necesidade de saber que liñas imperaban na incipiente resposta política clandestina á ditadura franquista. Na capital española, Piñeiro enlazará con diversos antifranquistas, axudado por galeguistas que, como dixemos, asentáranse naquela cidade procurando escapar do seu entorno máis próximo, onde podían ser (ou volver a ser) represaliados; outros xa estaban aló en represalia ao seu ideario republicano, nacionalista e de esquerdas, co caso senlleiro de Fernández Oxea. Tamén en

⁶²⁰ Fernández Del Riego, Francisco, *O río do tempo: una historia vivida*, Sada, Edicións do Castro, 1990, pp.139-146

Madrid estaban, para alén dos citados, os irmáns, exitosos empresarios galeguistas, Antonio (1903-1971) e Xosé Fernández López (1904-1986). Estes crearan no 1943, logo doutras iniciativas empresariais, *Transportes Ferroviarios Especiales* S.A. (Transfesa)⁶²¹, empregando á fronte da súa xestión en Madrid a Álvaro Xil Varela. Estes tres potentados galeguistas financiarían en grande medida, como noutrora xa o fixeran, as actividades daquela rearticulación patriótica galega. De feito Piñeiro, para non levantaren sospeitas as súas continuas viaxes entre Galiza e Madrid⁶²², matricularíase no 1942 a cargo de Álvaro Xil na Facultade de Filosofía da Universidade Central. Piñeiro retomaba daquelas os seus estudos, interesado especialmente naquela disciplina⁶²³ e aproveitando aquela súa militancia coa que tentar contactar e reunir aos militantes do PG que sobreviviran ao estalido golpista.

Aquel primeiro cometido de Piñeiro, contactar cos galeguistas vivos con residencia peninsular e saber da súa dispoñibilidade a respecto do PG, ía dando os seus froitos. Tanto na Galiza como en Madrid chegarían a se xuntar en diversas ocasións os galeguistas, sendo a cidade de Vigo o epicentro daquel movemento. Realidade que se baseaba na resistencia ao franquismo, mantendo o convencemento de que, coma na II República, cumpría manter 'as esencias' do país, centralmente representadas nunha cultura e idioma de seu. Ora, a estratexia dos galeguistas por aquel tempo non pasaría por ser apoiatura organizada á loita guerrilleira, senón en tecer relacións estábeis con outras forzas opositoras ao franquismo, preferentemente con vascos e cataláns, garantindo a presenza galega naquela clandestinidade política que se erguía fronte á ditadura. E sería cos vascos cos que maior e mellor

⁶²¹ Xunto a eles estarían os seus irmáns menores, Manuel e María Concepción. Antes que *Transfesa*, os irmán López crearan *Titanía* S.A. no 1936, *Zeltia* no 1939, *Frilugo* no 1941. Após de *Transfesa* botarían a andar a *Granxa de Barreiros* no 1948, *Antibióticos* S.A. no 1949, *Frigsa* no 1951, *Cementos del Noroeste* S.A. (logo transformada en *Corporación Noroeste*) no 1958, *Pescanova* no 1960, *Industrias Frigoríficas del Louro-Frilouro* S.A. no 1963 e a *Caixa de Aforros Provincial de Lugo* no 1964, entre outras.

⁶²² No seu epistolario, Piñeiro mesmo indica que Álvaro Xil se fixera cargo dunha súa viaxe a Barcelona, así como dos cablegramas que se estaba a intercambiar con outros galeguistas e activos da oposición antifranquista.

⁶²³ Chegaría a afirmar que gustaría ser profesor universitario de Filosofía.

relación tería Piñeiro, e por extensión aquel galeguismo. Con uns e outros tentaríase retomar o vello ideario e pacto tripartito *Galeuzca*.

5.2.-A (dupla) tentativa de reorganización patriótica. O relanzado PG.

Corría o 1944 e o galeguista, de tendencia comunista, Ramón de Valenzuela estaba tentando, após saír do cárcere en rexime de liberdade vixiada⁶²⁴, aquela rearticulación desexada polo nacionalismo exiliado nun axir paralelo ao de Piñeiro. Este acusaría a Valenzuela de tentar realizar sen lexitimidade algunha esa reorganización, encadrando ao PG na órbita da *Unión Nacional Española* (UNE), creada en territorio galo no verán do 1942, como ten estudado Víctor M. Santidrián⁶²⁵, en apoio á resistencia armada francesa fronte á ocupación nazi⁶²⁶. A UNE estaría capitaneada polo PCE e non sería do agrado de Piñeiro e outros galeguistas do interior que non vían con bos ollos o comunismo por ser, dicían, *totalitarista*. Fronte á UNE, no ambiente palpábase a predilección de Piñeiro e o seu entorno, aínda que de inicio sen grande entusiasmo, pola *Alianza Nacional de Fuerzas Democráticas* (ANFD), que viña de ser creada en xullo do 1944 da man de activistas libertarios (CNT-FAI-FIJL), xunto a socialistas do PSOE e UGT, así como activos da *Federación Agraria* e outros republicanos⁶²⁷. Así mesmo, primaba Piñeiro á hora de reorganizar o PG, e fronte a calquera outra figura, ao arquitecto Manuel Gómez Román, en canto que último secretario xeral eleito en asemblea xeral do PG antes de xullo do 1936; desconsiderando o

⁶²⁴ No que estivera, cumprindo unha pena de vinte anos e un día, após a ocupación nazi de Franca, onde se asentara brevemente como refuxido após a toma franquista de Barcelona no 1939. *Vid.* Igrexas, Manuel, "Ramón de Valenzuela... *Op. Cit.* p.14

⁶²⁵ Santidrián Arias, Víctor M., "Política do exilio" in *Actas do Congreso Internacional "O exilio galego"*, Compostela, Consello da Cultura Galega, 2001, pp.130-133

⁶²⁶ E da que, como vimos, participarían diversos galeguistas, caso de Xohán Xosé Plá, que se asentara en Montauban cara 1939, lugar de creación daquela organización.

⁶²⁷ O anarquista Xoán/Juan García Durán/Luís Costa García diría que a iniciativa de crear a ANFD correspondeulle en todo momento á CNT. Afirmaría: "Las primeras gestiones fueron iniciadas por la CNT y la carta constitucional fue redactada por Luque, de la CNT, en 1944". *Vid.* García Durán, Juan, "Sobre la guerra civil española. Su gran producción bibliográfica y sus pequeñas lagunas de investigación", *Newsletter of the Society for Spanish and Portuguese Historical Studies* 7, I, 1972, pp.66-75

feito de Valenzuela ter sido secretario de organización e xeral do PG durante o tempo bélico, a cabalo entre Valencia e Barcelona, eleito da man dos galeguistas que escaparan da barbarie golpista na Galiza, con Castelao á cabeza, e que mantiveran en vigor o programa nacionalista e as demandas autonomistas.

Malia que Valenzuela celebraría con éxito varias xuntanzas con galeguistas do interior, caso de Vicente Bóveda -irmán do noutrora asasinado secretario xeral e de organización do PG-, así como dos galeguistas Xosé Velo e Mariano Otero Castelao -curmán de Daniel Rodríguez Castelao-, ambos membros dunha UNE que ficaba en horas baixas⁶²⁸, e decididamente favorábeis da rearticulación do PG, Piñeiro abortaría o proceso⁶²⁹ e Valenzuela cinco anos despois, unha vez conseguiría ser indultado polo goberno franquista, marcharía para Bos Aires.

As relacións dos galeguistas coa oposición franquista contribuirían, decisivamente, á creación na Galiza a finais do 1944 da *Xunta Galega de Alianza Democrática*. Un lanzamento que se experimentaba malia non ser favorábel a totalidade do galeguismo do interior coa iniciativa, dado que non achaban na matriz española daquela amparo ás demandas autonomistas. Francisco Fernández del Riego trasladaríallo a Castelao nunha misiva:

*“A ANFD tamén solicitou a nosa colaboración, circunscrita a persoas (..). As bases do paito da Alianza, non fan ningunha referencia aos autonomismos (...) ningunha d'elas roza, nin indirectamente o punto das nosas aspiracións (...). Tal planteamento do probrema, suscitou en nós certas reservas (...)”*⁶³⁰.

⁶²⁸ A UNE recibira un duro golpe, logo da operación fallida de golpear ao rexime franquista a partir da entrada de guerrilleiros en territorio ibérico polo Val de Arán. De especial interese ao respecto as memorias dun daqueles activistas, o galego Perfecto López Calviño. *Vid.* López Calviño, Perfecto, *Os pasos pola vida dun comunista galego*, Vigo, A Nosa Terra, 2009, pp.109-201

⁶²⁹ Barros, Miguel, *Ramón Piñeiro e a revisión do galeguismo* [Vol. 2 Acción Política], Vigo, Galaxia, 2009. p.37-38

⁶³⁰ Castro, Xavier, *Castelao e os galeguistas do interior. Cartas e documentos 1943-1954*, Vigo, Galaxia, 2000.

Sexa como for, Ramón Piñeiro participaría entusiasta na devandita *Alianza* en representación daqueles galeguistas favorábeis á reconstitución do PG, mais tamén de vascos e cataláns puntualmente, a partir dun *Galeuzca* que renacía naquel interior. Condicionábase, sexa como for, a ligazón dos nacionalistas a aquel entente da oposición antifranquista a un respecto mínimo das reivindicacións autonomistas e a recibiren o mesmo trato que o dispensado a calquera outra realidade partidaria, tratando directamente co 'Comité Central' da devandita ANFD. Sería a partir dunha xuntanza celebrada en Madrid no mes de xaneiro do 1945 que nacionalistas vascos, cataláns e galegos verían apremiante integrarse na ANFD de maneira conxunta⁶³¹, conseguindo Piñeiro que cataláns e vascos asumiran a necesidade de integrar no goberno Giral a Castelao como representante galego; proposta que aceptarían na ANFD, integrándose aqueles nacionalistas, incluídos os galeguistas, de xeito explícito na mesma e tendo a Piñeiro uns e outros como voceiro⁶³². Con todo, o común denominador entre unhas e outras sensibilidades sería o libertario galego Xoán García Durán -que referenciamos polo seu paso por Uruguai e a súa presenza na *Casa de Galicia* de Montevideo⁶³³ anos despois deste tempo- e que sería no 1946 nomeado secretario do comité nacional da propia ANFD. Xunto a este estaría o tamén libertario Manuel Fernández Fernández, delegado permanente da

⁶³¹ Saco, Fernando, *Os irmáns Saco...Op. Cit.* p.95

⁶³² Para o que fora secretario do comité nacional daquela *Alianza* a partir do 1946, os galeguistas non tiveran unha relación sobranceira coa entidade. Chegaría a deixar escrito o que segue: "*Ni Piñeiro (galeguista), ni los vascos ni los catalanes tuvieron la más mínima intervención en la creación de la ANFD. Más aún, cuando invitados por nosotros (éramos por entonces secretario del comité nacional de la ANFD) a formar parte de ella, siempre encontraron alguna razón para rehusar...*" in García Durán, Juan, "*Sobre la guerra civil ... Op. Cit.*

⁶³³ De nome Luís Costa García, era coñecido como *O Fugas*, dado que escaparía en varias ocasións das detencións e cárceres franquistas, nos que estaría detido desde o inicio do golpe militar, tanto na Galiza como en España, respectivamente na Coruña e en Madrid. No 1946 sería nomeado secretario político do Comité Nacional da CNT. Tería unha biografía especialmente activa, consagrando-se á loita democrática. Vid. García Durán Xoán, *Pola liberdade: a loita antifranquista de Luís Costa*, Vigo, A Nosa Terra, 2001.

*Confederación Rexional Galaica (CRG)*⁶³⁴ que participara da campaña en favor do Estatuto de Autonomía no 1936⁶³⁵, segundo teñen indicado os historiadores Dionísio Pereira e Eliseo Fernández. Con ambos membros do Comité Nacional da CNT, en representación da CRG, contactara Piñeiro estando en Madrid cara finais do 1944, segundo el mesmo afirmaría⁶³⁶. Ao pouco diría Piñeiro dos anarquistas que eran “...*unha forza política de carácter netamente galeguista, compartindo con nosco a defensa dos principios fundamentaes do noso ideario: autonomía galega, federalismo republicán, irmandade espiritual, etc.*”⁶³⁷.

Aquela tesitura era, pois, a da reorganización da esquerda republicana, agora realidade opositora á ditadura franquista e na que a nivel internacional a queda nacionalsocialista alemá e fascista italiana alentaría ás forzas democráticas de aquí e acola. En Catalunya, se ir máis lonxe, crearíase no verán do 1945 a *Unió de Partits Republicans Catalans* (UPRC), composta pola *Unió Democràtica*, *Acció Catalana*, *Esquerra Republicana de Catalunya*, *Estat Catalá* e *Unió de Rabassaires*, acordando afortalar Galeuza e 'nomear un representante permanente en Madrid' [ANFD]⁶³⁸, tentando os galegos esa mesma reorganización, impulsarían a *Unión Galega Republicana*, integrada por aquelas formacións que facían parte da *Xunta Galega de Alianza Democrática*.

Aqueles galeguistas que con Piñeiro entendían nese tempo que era central pasar a unha reorganización que dera lugar a unha estrutura permanente no país, para alén de encontros clandestinos puntuais e un axir sen coordinación entre eles, aproveitarían a tal efecto a queda

⁶³⁴ Pereira, Dionísio e Fernández, Eliseo, *O movemento libertario en Galiza (1936-1976)*, Vigo, A Nosa Terra, 2006, p.115

⁶³⁵ *Ibidem* p.125

⁶³⁶ Piñeiro, Ramón, *Da miña acordanza. Memorias*, Vigo, Galaxia, 2002.

⁶³⁷ Castro, Xavier (ed.), *Castelao e os galeguistas do interior. Cartas e Documentos, 1943-1954*, Vigo, Galaxia, 2000.p.125

⁶³⁸ Segundo documento orixinal daquela entente catalanista, datado o 19 de agosto do 1945. EBB 211/5 [Gallegos 145-146 (Piñeiro-Ramón-Santiago)], *Arquivo do Nacionalismo Vasco*.

nacionalsocialista do 1945. Diante do remate da II Guerra Mundial, tras establecérense reunións con pequenos grupos que ficaran ciscados polo país e na capital española, a xuntanza formal reconstituente do PG celebraríase na parroquia viguesa de Coruxo no verán de 1945 -e non en 1943 ou 1944 como se pensaba até o momento⁶³⁹-. Un encontro coincidente no tempo coa aparición da UPRC e, por certo, unha reorganización legal da propia ditadura franquista, coa aprobación do *Fuero de los Españoles*⁶⁴⁰ de cara a salvar unha certa imaxe democrática da España do momento, diante da queda totalitaria en Europa.

En Coruxo Francisco Fernández Del Riego alugaba para veranear unha casa ao pé do mar, ao carón da que tamén alugaba para veranear Xosé María Álvarez Blázquez coa súa familia e que logo mercaría⁶⁴¹; un lugar discreto, ás aforas da cidade de Vigo, onde pasar inadvertida aquela e outras reunións. A xuntanza sería convocada por Piñeiro, en ligazón con Fernández del Riego, para o 22 de xullo daquel ano; a partir dunha carta que redixiría cun exquisito texto encriptado cuxos destinatarios serían varios galeguistas que vivían na Galiza e en Madrid. Na carta podíase ler que cumpría reunir aos 'parentes' de Daniel -en clara alusión a Castelao e o galeguismo republicano-, para proceder á elección de quen 'administraría a súa herdanza' -dado que aquel ficaba no exilio-. Sería un encontro no que algúns dos presentes volvían verse após perto dunha década, sería o caso de Xosé Ramón Fernández Oxea, quen recibiría e gardaría o único exemplar que se conserva daquela convocatoria manuscrita, recentemente *exhumada*. Fernández Oxea vivía en Madrid e faría viaxe até o seu Ourense natal, para

⁶³⁹ A novidosa documentación que puidemos manexar é concluínte ao respecto. Estamos diante da convocatoria da devandita reunión, asinada por Ramón Piñeiro, dado fé de se celebrar no 1945 esa xuntanza reconstituente. A convocatoria fica no Fondo Xosé Ramón Fernández Oxea/Ben-Cho-Shey, Arquivo Histórico da Deputación Provincial de Ourense. Aliás, aquela convocatoria está xunto ao diario do propio Ben-Cho-Shey, que non deixa lugar a dúbidas. Isto non significa que entre 1943 e 1944, e mesmo antes, como indicamos, non houbera outras xuntanzas e contactos, ao contrario, que contribuirían á definitiva reorganización do PG no 1945.

⁶⁴⁰ Pretendida Carta Magna española que o franquismo aprobaría o 17 de xullo do 1945, dentro da súa campaña de homologación no marco internacional.

⁶⁴¹ Apontamento que nos fixo Celso Álvarez Cáccamo, A Coruña 8/05/2014.

logo ir até Vigo. Diante da chegada a Vigo deixaría escrito nas súas memorias inéditas a súa impresión:

“O viaxe é relativamente rápido para o que se adoita neste país e chegamos as once a cidade da Oliva, donde atopamos a vellos amigos cos que reanudamos a conversa interrumpida hai anos”.

Naquel encontro, cuxo anfitrión sería Fernández del Riego, referendábanse os contactos realizados até o momento, mantendo a confianza en Ramón Piñeiro como 'liberado' e sentando, mesmo, as bases do que máis adiante sería o proxecto editorial no que os galeguistas se centrarían anos despois. Aliás, entenderíase central contar cun destacado galego entre os ministros do goberno español no exilio. A persoa a candidatar sería Daniel Rodríguez Castelao. Daquela xuntanza anotaría no seu inédito diario Xosé Ramón Fernández Oxea, que unha ducia de militantes do PG republicano se darían cita naquel encontro; indicando que malia o golpe militar e a falta de reunións durante os anos seguintes ao mesmo, os presentes nunca deran por extinta a organización partidaria, algo que até a súa morte aseveraría Francisco Fernández del Riego. Paga a pena seguir con atención as ilusionadas palabras escritas por Fernández Oxea ao respecto:

“22. Xuntámonos en Coruxo unha ducia de galeguistas en pequena assemblea do Partido para dar contados traballos realizados en orde a reorganización das nosas forzas políticas e para trocar impresións a mais de nomear o Consello provisional que ha de levar a dirección da nosa actividade. Foi un acto casi familiar dunha fonda emoción e na mente de todos nós estaba a lembranza dos nosos mártires e das derradeiras asambleiras nas que tanto entusiasmo puxeramos. Os poucos que ali nos xuntabamos tiñamos a representación de moitos irmaus e por eso a xuntanza foi grande en potencia. Falouse moito e discutíuse pouco, porque todos estamos dacordo en ceibar a nosa terra da escravitude na que está mergullada. Mantemos grandes espranzas e detiñamos proxectos para futura loita pola liberdade de Galicia. Iste acto, que algún día será histórico, foi o preludio da

*liberación galega e tamén o enlace con aquelas inesquencibles xuntanzas do 1936. Queira Deus protexer a Galicia e guiarnos ben*⁶⁴².

Reuniríanse naquela xuntanza o propio Piñeiro, Ánxel Fole e Cadahía por Lugo; Del Riego, Viñas Cortegoso, De la Ballina, Xosé Meixide González e Remixio Gándara por Vigo; Mariñas del Valle pola Coruña; Vicente Bóveda, Ferro Couselo, Leuter González, Salvador Rey e Bieito Fernández por Ourense; Dámaso Carrasco por Vilagarcía; Francisco Barreiro Salaño por Compostela; Emilio Álvarez Gallego por Pontevedra, así como Cesáreo e o seu irmán Camilo Saco López por Monforte. O novo Comité Executivo do PG seguiría tendo ao arquitecto Gómez Román como secretario xeral, coma antes de xullo do 1936. Ramón Piñeiro sería eleito Secretario Político, Xosé Meixide Secretario de Organización, Cesáreo Saco Secretario de Información, Xaime Illa Couto Secretario Técnico e Fernández del Riego Secretario de Relacións Exteriores e Propaganda. A nivel zonal tamén se elixían os representantes do PG, sendo o de Ourense Vicente Bóveda, Mariñas del Valle da Coruña, Emilio Álvarez Gándara de Pontevedra, Barreiro Salaño de Compostela, Xosé Bieito Pazos de Vigo, Cadahía de Lugo, Carvalho Calero de Ferrol e Xosé Ramón Fernández Oxea de Madrid. Xustamente a capital española viaxaría Piñeiro para seguir coas súas relacións coa ANFD e transmitirlle, xunto a Ben-Cho-Shei, aos galeguistas aló asentados todos os acordos tomados na devandita xuntanza, caso dos irmáns Fernández, Álvaro Xil, Penzol, Evaristo Mosquera e Gastañaduy. Fernández del Riego entrevistárase días despois co mesmo obxectivo cos galeguistas de Ourense, nomeadamente con Otero Pedrayo e Manuel Peña Rei.

Entre tanto, o 24 de xullo daquel 1945 acabarían reuníndose en Compostela, de xeito inesperado, varios galeguistas. Algúns estiveran naquela xuntanza reconstituínte de Coruxo, e outros que non estiveran querían saber dos acordos tomados. Fernández Oxea adiantaríalles as

⁶⁴² Fondo Xosé Ramón Fernández Oxea/Ben-Cho-Shey, Arquivo Histórico da Deputación Provincial de Ourense.

decisións tomadas. Arredor de vellas lembranzas e novas esperanzas veríanse, na véspera do Día da Galiza, Antón Fraguas, Ramón Otero Pedrayo, Bouza Brey e Ben-Cho-Shey, a decir deste último:

*“A sorte axudounos e atopamos aloxamento e ao pouco tempo ao Fraguas, que nos guía a casa do Bouza [Brey] e gracias a eso poidemos ver comodamente dende o Xuzgado a queima dos fogos, espectáculo pantástico e dino de ser ollado para goce da vista. Alí estaba tamén o gran namorado de Compostela Ramón Otero Pedraio que nos obsequiou coa súa inestimable conversa”*⁶⁴³.

Uns e outros acabarían asistindo o 25 de xullo á misa que en lembranza de Rosalía de Castro e Alfredo Brañas se celebraba -e celebra- en San Domingos de Bonaval⁶⁴⁴.

5.3.-Das xestións galeguistas do interior para o nomeamento como ministro de Castelao á detención de Ramón Piñeiro e os irmás Saco.

Naquel 1946 Ramón Piñeiro marcharía clandestinamente a París no mes de febreiro para contribuír ao nomeadamente de Castelao como ministro. Iría en representación daquel incipiente *Galeuzca* do interior e da *Xunta Galega de Alianza Democrática*, semella que entrevistándose con Aguirre, Josep Irla, Tarradellas e Giral⁶⁴⁵, para alén de se ver en Montauban co galeguista Xohán Xosé Plá e Líster⁶⁴⁶. Ao tempo, o anarquista galego Xoán García Durán viaxaba co mesmo cometido en nome da ANFD, entrevistándose con Giral, De los Ríos, Torres Campañá, Irujo e Dolores Ibárruri, *La Pasionaria*⁶⁴⁷. Non hai dúbida de que García Durán e Piñeiro fixeron todo o posíbel polo nomeamento de Castelao como ministro, mais como o propio Piñeiro

⁶⁴³ *Ibidem*

⁶⁴⁴ Xosé Ramón Fernández Oxea marcaría a clara contraposición existente entre aquela misa de Bonaval e a que se celebraba na mesma data na Catedral compostelá, chea de autoridades franquistas.

⁶⁴⁵ Freixanes, Víctor, *Unha ducia de galegos*, Vigo, Galaxia, 1976, p.125.

⁶⁴⁶ Plá levaría a Piñeiro a Toulouse para que falara con Enrique Líster na casa do coronel Paz. *Vid.* Freixanes, Víctor, *Unha ducia de... Op. Cit.* p. 127

⁶⁴⁷ García Durán, Xoán, “Sobre la guerra civil española. Su gran producción bibliográfica...” *Op. Cit.* p.74

recoñecería, todo indica a que o peneuvista Manuel de Irujo sería decisivo á hora de convencer ao presidente Giral⁶⁴⁸.

Ao regreso daqueles que foran en misión política a París acordábase unha xuntanza da ANFD en Madrid. Para aquelas a UNE fora disolvida polo PCE, solicitando este partido a súa integración na *Alianza*. Fixábase o encontro para avaliar o contexto e consensuar temas pendentes de resolver, con data 9 de abril daquel 1946. Ramón Piñeiro asistiría, en calidade de Secretario Político do PG, mais tamén en representación de vascos e cataláns, en canto destacado integrante do incipiente *Galeuzca* do interior⁶⁴⁹, e polos anarquistas o Secretario Político do Comité Nacional da CNT, Xoán García Durán⁶⁵⁰, así como outros membros daquel comité, caso do galego Manuel Fernández Fernández e Manuel Morell Milla. Polos nacionalistas vascos asistiría Pedro María Irujo. Serían detidos no madrileño Café Pidoux, en plena Gran Vía, Piñeiro e os restantes asistentes ao encontro no marco dunha redada que o franquismo preparara contra a CNT⁶⁵¹. Seguindo a pista do domicilio no que Piñeiro se aloxaba, tamén serían detidos o nacionalista vasco Koldo (Victoriano) Mitxelena Elissalt⁶⁵² e os nacionalistas galegos Cesáreo Saco López, Secretario de Información, e o seu irmán Camilo Saco - asentados ambos en Madrid fuxindo da represión franquista na Galiza⁶⁵³-; cos que Piñeiro compartía hospedaría. Tamén caerían os anarquistas do

⁶⁴⁸ Freixanes, Víctor, *Unha ducia de...* Op. Cit. p. 125

⁶⁴⁹ Freixanes, Víctor, *Unha ducia de...* Op. Cit. p.127

⁶⁵⁰ O 9 de abril de 1946 sería ferido dun disparo nunha perna pola policía franquista durante a súa detención na Gran Vía madrileña, trasladado ao hospital conseguiría escapar. Ao pouco sería novamente detido e xulgado con sentenza a morte, pasando previamente polos cárceres de El Dueso, Ocaña e o Hospital Penitenciario de Yserías, de onde fuxiu de novo o 10 de marzo de 1949, marchando a Franza por mar.

⁶⁵¹ Vid. García Durán Xoán, *Pola liberdade a loita antifranquista de Luís Costa*, Vigo, A Nosa Terra, 2001, pp.180-182

⁶⁵² De militancia peneuvista, voluntario nun dos Batallóns do Eusko Gudarostea/Exército Vasco que se creara en agosto do 1936. Preso até xaneiro do 1943 a cabalo entre El Dueso, Larrínaga e Burgos.

⁶⁵³ Estes logo de sairen do Cárcere provincial da Coruña, en xullo de 1940 após catro anos presos, fixeran vida adicándose ao ensino privado en Monforte. No 1945 souberan que volvía haber unha orde de prisión contra eles e botaríanse ao monte para despois marchar a Madrid. Vid. Saco, Fernando, *Os Irmáns Saco...* p.95

comité nacional da CNT, a excepción de Durán que lograría de inicio escapar aínda que ferido⁶⁵⁴; sendo detidos varios enlaces anarquistas, así como incautado o arquivo co que contaban os seus cadros. Derivaba aquela masiva detención dunha operación da franquista Brigada de Contraespionaxe con sede en Barcelona⁶⁵⁵.

Frustraríase a iniciativa de reorganización galeguista na Terra a partir daquela caída e a pena de prisión imposta até 1949 a Piñeiro e os irmáns Saco. Lembraría aquel tempo de prisión Ramón Piñeiro anos despois, afirmando:

*“...condenáronme a seis anos. Seis anos, dos que ano e medio foi indultado (...) e outra cuarta parte cumplina en liberdade 'vixilada'. En prisión estiven tres anos, en Alcalá de Henares, en Ocaña e máis en Yeserías. Estiven preso do 46 ao 49”*⁶⁵⁶.

Piñeiro contaría no seu tempo de presidio en Madrid coa axuda da Fernández Oxea e a súa compañeira, Isabel Algarra, funcionaria adscrita ao Ministerio de Xustiza, que se faría pasar por prima de Piñeiro⁶⁵⁷, así como de Álvaro Xil Varela e, a partir del, dos irmáns Fernández López.

Aquel PG reconstituído, que daba os seus primeiros pasos, publicando mesmo un boletín *crandestino* de información desde xullo daquel 1946⁶⁵⁸, recebera un duro golpe coa detención de Piñeiro e dos irmáns Saco. Mais sería quen de asistir a aqueles presos, tentando, aliás, encher o baleiro deixado por eses tres activistas, substituíndo nas súas funcións na executiva partidaria a Ramón Piñeiro e Cesáreo Saco por Fermín Penzol e Vicente

⁶⁵⁴ García Durán, Xoán, *Pola liberdade...* Op. Cit. pp.181-203

⁶⁵⁵ Dirían os galeguistas do interior ao respecto para que soberan os de alén mar:

“Da CNT caeu nas mans da Policía toda a Orgaizazón: arquivo, dirixentes, i-enlaces, sendo hoxe moitos centos os detidos en toda Hespaña” Vid. Castro, Xavier, *Castelao e os galeguistas do...* Op. Cit. pp. 321-322

⁶⁵⁶ Freixanes, Víctor, *Unha ducia de...* p.127-128

⁶⁵⁷ Agradecemos a información dada ao respecto por Xosé Ramón Ermida Meilán, así como Xoán Ramiro Cuba, comisario da mostra 'Ben-Cho-Shey. 50 anos de maxisterio cultural (1918-1968)', promovida pola Vicepresidencia Primeira da Deputación de Lugo no 2013.

⁶⁵⁸ Segundo se podía ler en documento interno do Comité Executivo do PG á súa Secretaria Política. Vid. Castro, Xavier, *Castelao e os galeguistas...* Op. Cit. p 335.

Bóveda, respectivamente. Penzol sería, xustamente, o encargado de manter a relación coas forzas da oposición franquista, en calidade de novo Secretario Político do PG, integrado na *Xunta Galega de Alianza Democrática* e Vicente Bóveda encargaríase da Secretaría de Información. Procurarían aqueles galeguistas imprimir unha certa normalidade as súas relacións, afirmando Fernández Del Riego como “...*chegamos a xuntarnos todos os coñecidos en tertúlias de cafés desaparecidos como Derby ou Savoy. Estabamos Maside, Paz Andrade, (...) e outros que viñan esporadicamente. Falabamos con medo, en voz baixa e só coa xente de confianza, da situación. Cando chegaba alguén dubidoso tratábase de temas xerais*”⁶⁵⁹. O PG naquela altura afirmaríase, con independencia da perda de Piñeiro e os irmáns Saco, que sería ‘a primeira forza organizada da resistencia no noso país’ constituíndo o grupo ‘máis solvente e disciplinado’ naquela altura⁶⁶⁰. Tempo no que, malia o remate da II Guerra Mundial non traer aparelado a queda da ditadura franquista, aínda centos de demócratas galegos confiaban nas súas forzas para seguir mantendo as esperanzas nun futuro de liberdade. A tal fin, cumpría socializar esa idea, polo que os actos simbólicos eran precisos. Así, o primeiro de maio daquel ano, tal e como lembrara Marcos Valcárcel, o centro da cidade coruñesa amenciá cheo de bandeiras republicanas “...*nunha acción levada a cabo por militantes do PCE. Moitos deles foron detidos e xulgados, incluída Emilia Patiño, a muller que coseu 80 das máis de cen bandeiras despregadas naquela xornada*”⁶⁶¹.

Coincidindo coa detención e tempo de prisión de Piñeiro e os irmáns Saco o PG tería pouca actividade, mais non serían poucas as polémicas co galeguismo exiliado co que habería relación epistolar, por regra xeral facilitada polas coñecidas como *anduriñas*⁶⁶². A propia detención de Piñeiro sería obxecto de crítica desde o interior contra os exiliados, reprochándose sobre todo a Castelao que Piñeiro tería sido detido polas xestións que realizara o de Lánacara en favor do de Rianxo e a súa candidatura ministerial.

⁶⁵⁹ Conversa con Francisco Fernández del Riego, Fundación Penzol, Vigo, 9/10/2001.

⁶⁶⁰ Castro, Xavier, *Castelao e os galeguistas... Op. Cit.* p 334

⁶⁶¹ Valcárcel, Marcos “1946: nace o xornal La Noche” in *Galicia Hoxe* 10/12/2006.

⁶⁶² Mariñeiros, de confianza dos galeguistas, que nas súas viaxes levaban e traían cartas, unindo aquí e alén mar.

Castelao afirmaría que nada debía a aquelas xestións, e que o problema da detención derivara de 'malas compañías', sospeitosas mesmo de estaren infiltradas polos servizos de espionaxe franquistas.

A partir da saída de prisión de Piñeiro o PG protagonizaría un 'radical cambio de estratexia', en expresión de Xusto Beramendi⁶⁶³. En abril do 1948 Cesareo e Camilo Saco saírían da prisión e no mes de febreiro do 1949 Ramón Piñeiro, con serios problemas de saúde, mais tamén coa intención de proseguir o seu contributo ao país, mais cos novos presupostos. No organizativo, ao igual que se fixera nos inicios da década dos '40, os galeguistas aquí terra visarían reunir os poucos elementos espallados para realizar un traballo silencioso, coordinándose con distintas formas de axuda mutua. Agora, porén, a aposta pasaba por refugar calquera choque político co goberno franquista, habilitando un pequeno espazo, a salvo dos embates represivos, onde cultivar a lingua e cultura nacionais, cunha focaxe destinada ás elites da clase media profesional⁶⁶⁴. Atrás quedarían propostas, como a da creación no 1947 dunha *Xunta Galega de Resistencia*, tal e como lle escribía nun informe desde o interior Fermín Penzol a Xohán Xosé Plá. Penzol diría que fronte á ditadura franquista na Galiza, e para alén dos galeguistas, só operarían 'pequenos grupiños' ou 'peñas de amigos'⁶⁶⁵, dando conta de como o PCE tentaría unha fronte común entre comunistas e galeguistas, proposta que estes últimos desbotarían por non rachar relacións cos outros grupos organizados. O PCE mesmo, tentaría infiltrarse no reconstituído PG, cousa que os galeguistas impedirían diante do seu axir e labor 'penoso e lento', en palabras de Penzol:

“Hemos celebrado conversaciones con ellos, la mayoría con gentes ajenas, asturianos y leoneses, y solo por excepción con gallegos (...) ha habido man[e]jos suterraneos para introducirse en nuestra organización lo que hemos impedido”⁶⁶⁶.

⁶⁶³ Beramendi, J.: *De provincia a nación. Historia do galeguismo ...Op. Cit.* p. 1081.

⁶⁶⁴ Santos Pérez, Antom e Diéguez Cequiel, Uxío-Breogán, *Antón Moreda. Memoria... Op. Cit.* pp.49-51

⁶⁶⁵ Documento intitulado “Carta de 'Santiago Pol' del Interior a 'Pla' de Montauban”, xullo do 1947. *Arquivo do Nacionalismo Vasco.*

⁶⁶⁶ *Ibidem*

5.4.-De *Sept* e o *Padroado Rosalía de Castro a Galaxia*.

Na paréntese na que Piñeiro se achaba preso, outros dos presentes na xuntanza de Coruxo darían lugar a diversas iniciativas no ámbito cultural de importante relevo, proxectos nos que a lingua galega sería central. En Vigo Xaime Illa Couto e Plácido Castro, xunto Celso Collazo, crearían a editorial *Sept*, proxecto que entre 1946 e 1947 vería a luz. Entre o seu labor, o proxecto que lle daría máis sona a esta iniciativa cos anos sería a tradución da Biblia Católica á lingua galega⁶⁶⁷ -unha iniciativa que décadas despois se responsabilizaría da edición da 'revista galega de pensamento cristián' *Encrucillada*⁶⁶⁸, dirixida por Andrés Torres Queiruga-. Eran datas nas que irían aparecendo empresas colectivas, e non poucas veces individuais, que volverían gradualmente resituarse o idioma galego e realidade histórica do país, aínda que tiveran que pasar pola censura franquista. Así, por volta do 1949 en Pontevedra impulsaban outros galeguistas a *Colección Benito Soto*, efectivizada por Emilio Álvarez Negreira (1926-2002)⁶⁶⁹, Manuel Cuña Novás (1924-1992) e Sabino Torres Ferrer (1924-)⁶⁷⁰ e a que se sumaría Celso Emilio Ferreiro antes da súa marcha ao exilio. Naquel mesmo ano, regresaba da emigración Maruxa Villanueva, afamada cantante e actriz galega asentada en Bos Aires. Villanueva botaría a andar xunto ao seu compañeiro, o escritor Daniel Varela Buxán (1909-1986), unha compañía teatral denominada 'Os Labregos', mais a censura franquista acabaría coa iniciativa, regresando esta unha década despois a capital arxentina⁶⁷¹. Naquel 1949, igualmente, o

⁶⁶⁷ Sobre a materia escribirán varios dos galeguistas ligados ao selo editorial *Sept* artigos, particularmente en *La Noche*, caso de Carlos Amable Baliñas. *Vid.* Baliñas, Carlos, "Promesa y primicia de una Biblia galaica" in *La Noche* 18/01/1968 p.3

⁶⁶⁸ De periodicidade bimestral e nacida en febreiro do 1977.

⁶⁶⁹ Fillo de Xosé Álvarez Limeses

⁶⁷⁰ Fillo do propietario da imprenta pontevedresa 'Graficas Torres', onde se imprimirían as obras da devandita Colección. Alén das obras da autoría dos propios impulsores e integrantes daquel proxecto editorial, sumaron a Ricardo Carvalho Calero, Manuel María Fernández Teixeiro, Álvaro Cunqueiro, Augusto Casas, Luís Pimentel e Manuel Fabeiro Gómez, entre outros.

⁶⁷¹ Nos anos '30 esta parella creara en Bos Aires a *Compañía de Arte Regional Gallego 'Aires*

Padroado Rosalía de Castro -que se viña de crear tras a compra no 1947 da Casa da Matanza, na que residira a escritora galega-, reuníase no salón artesoado do pazo de Fonseca en Compostela para dar conta da súa actividade desde a súa fundación. Ao acto asistían varios dos seus membros e promotores, así como autoridades franquistas. Entre outros destacados membros daquela entidade, asistirían Borobó, xunto outros galeguistas como Luís Iglesias Iglesias e José Mosquera Pérez. Aquela entidade, que tería como obxecto gardar a memoria da grande escritora galega Rosalía de Castro, publicitando toda a súa obra e vida⁶⁷²; responsabilizándose, desde o inicio da súa andaina, da misa anual en lembranza e honra de Rosalía no templo compostelán de San Domingos de Bonaval, coincidindo co 25 de xullo, Día de Galiza.

Así mesmo, o maior dos irmáns Fernández López será o principal impulsor do Colexio Fingoy erguido en Lugo. Antonio Fernández ideará a creación dun centro educativo encadrado no espírito da *Institución Libre de Enseñanza* de Giner de los Ríos e da *Escuela Moderna* de Barcelona de Ferrer i Guardia de inicios de século. Acolliase Fernández López á *Lei de Centros Experimentais* que a ditadura franquista impulsaba, ensinando ao alumnado a partir do medio do que facían parte e integrados nenos e nenas nun mesmo centro, experiencia pioneira na Galiza após a queda republicana. O centro sería deseñado polo arquitecto galeguista Manuel Gómez Román e nel volverían exercer a docencia regrada galeguistas que foran apartados do seu oficios, así como republicanos, entre estes últimos estaría o caso do lugués Ángel Juan González López (1901-1965)⁶⁷³, e entre os primeiros, á cabeza, Ricardo Carballo Calero, quen sería o director e conselleiro delegado daquel

da Terra', que máis tarde pasou a ser *Compañía Galega 'Maruxa Villanueva'*. A esta última Castelao, recién cegado a Argentina, confiou a representación da peza súa teatral *Os Vello non deben namorarse*, escrita no exilio nova iorquino e estreada por aquela o 14 de agosto do 1941, participando, entre outros, o célebre Fernando Iglesias 'Tacholas', membro daquelas dúas iniciativas.

⁶⁷² No 1995 o *Padroado Rosalía de Castro* transformaríase na *Fundación Rosalía de Castro*.

⁶⁷³ Poeta, escritor e debuxante sería coñecido como Ángel Johán. Na II República militaría en *Izquierda Republicana*, sendo preso -malia terse integrado no 1936 no bloque no que se achaba a CEDA- do 1937 ao 1941. No Colexio Fingoy sería profesor de debuxo.

centro educativo, veterano das republicanas *Mocidades Galeguistas* e membros do relanzado PG. Aquel centro daría lugar a varias fornadas de profesores nacionalistas, unha primeira daqueles nados por volta dos anos '30, caso de Bernardino Graña (1932-) e Xosé Luís Méndez Ferrín (1938-) e unha segunda daqueles nados na década dos '40, caso de Arcadio López Casanova (1942-) e Carlos Varela Veiga (1945-1980).

5.5.-Galaxia. Editora e grupo.

A xuntanza en Coruxo de reconstitución do PG no mes de xullo do 1945 semella que foi un fervedoiro de ideas que terían importante proxección. Para alén da rearticulación político-organizativa galeguista, e saber da vida cotiá de cada quen, tamén se fixo notar a necesidade de recrear un certo espazo cultural netamente galego, após a queda dunha década atrás.

Aquel grupo de galeguistas comezarían un labor cultural por aquelas datas que os iría levando a colaborar, como exemplo destacado, nas páxinas do xornal vespertino *La Noche. Único diario de la tarde en Galicia*. Este comezaría a estar ao seu dispor discretamente a partir do seu nacemento no 1946, da man do seu director, o navarro José Goñi Aizpurua⁶⁷⁴, e sobre todo a partir do 1949. Daquelas Goñi lle pediría a Illa Couto e Del Riego que se fixeran cargo dun suplemento de temática galega, sobre todo de cultura e economía, que tiña previsión de tirar á rúa os sábados. Aceptarían estes, en consonancia coas súas preocupacións e os acordo tomados na devandita reunión reconstituínte. No 1950 aquela discreta participación dos galeguistas chegaría ao seu punto álxido, cando Goñi Aizpurua, após dous anos do seu nomeamento, arriscaríase a unha importante represalia polas súas simpatías polos galeguistas. E é que, como xa lembramos diante da morte de Castelao no exilio, o director de *La Noche* faría caso omiso ás ordes dadas pola *Dirección General de Prensa* franquista, dando conta do pasamento de Castelao na capa do vespertino. E non quedou aí o asunto, senon que aquilo deu lugar a que no suplemento dos sábados daquel xornal se puideran ler varios artigos en lembranza do autor do *Sempre en Galiza*, da man de Valentín

⁶⁷⁴ Goñi Aizpurua (1907-1964) fora fichado polo daquela propietario de *El Correo Gallego* (Editorial Compostela), Juan Sáenz-Díez García, propietario do xornal desde 1938.

Paz Andrade e Del Riego. Naturalmente, non se faría agardar a represalía pertinente, de tal xeito que o suplemento en concreto sería clausurado momentaneamente até o seu peche definitivo⁶⁷⁵, o 28 de xaneiro do 1950⁶⁷⁶. Sexa como for, o galeguismo tería durante toda a década dos cincuenta e sesenta unha importante presenza na súa matriz, *La Noche*, sendo unha plataforma de grande interese para a publicitación do seu ideario, participando nacionalistas de alén e aquén mar no mesmo, feito inédito desde 1936 nunha publicación do interior. Até tal punto foi relevante aquel medio que os máis novos que comezarían a se sumar ao mesmo, boa parte deles galeguistas, pasarían a ser referenciados como formantes da *Xeración de La Noche*. Por veces, atribúeselle ao suplemento do vespertino a creación de publicacións que co tempo o galeguismo botaría a andar. Sexa como for, ante todo, sería aquel suplemento un ensaio que daría paso a esoutras iniciativas.

Nesta orde de cousas, o lugués Ánxel Fole, asistente ao encontro de Coruxo cinco anos atrás, poría o acento na importancia daquela xuntanza á hora de comprendermos, non só o relevo no político-organizativo, senón particularmente no activismo cultural galeguista e, nomeadamente, nas iniciativas editoriais que este protagonizaría na década do '50:

“...lembro que foi nunha aldea de Vigo, na casa onde vraneaba o noso amigo Farruco del Riego. Antes de xantar, xantando e despois de xantar. Eilí coincidimos un fato de escritores galegos. Algúns de nós inda non se estrenaran nas letras cun soio libro. Eu penso que cuasemente todos. Alguén fixo repetoutar unha idea (...): Galicia tiña unha fonda necesidade de ter unha editorial e tamén unha revista nidiamente de cultura galega. Cuase que nos xuramentamos pra facer realizábel aquela idea...”⁶⁷⁷.

Efectivamente, aquel sería o froito máis visíbel e duradeiro daquel galeguismo aquén terra após 1936, existente até os nosos días: a fundación do

⁶⁷⁵ Sacando, entre tanto, outros dous número aquel suplemento de *La Noche* até o seu peche.

⁶⁷⁶ Entrevista de Uxío-Breogán Diéguez Cequiel a Raimundo García Domínguez, *Borobó*, en Madrid, 2001.

⁶⁷⁷ O subliñado é noso; nótese a concepción que Fole tería de si mesmo e dos seus colegas reunidos en tan importante encontro. *Vid.* Fole, Ánxel, “Lembranzas: A xuntanza de 1945” in *Cartafolio galego*, Vigo, A Nosa Terra, 1996, p.103

que acabaría sendo o selo editorial *Galaxia* e dos *Cadernos Grial*. Cinco anos após daquela xuntanza, e tan só un da saída do cárcere de Ramón Piñeiro, o selo editorial *Galaxia* nacía. Un acto que se formalizou, sen a presenza física de Piñeiro⁶⁷⁸, nos baixos do Hotel Compostela, diante do 25 de Xullo de 1950. Un acto que se desenvolvería após a misa tributada en memoria de Rosalía de Castro, da que participarían os fundadores da nova editora. Non era casual a escolla da data, nen do lugar. En Compostela residiría o núcleo máis numeroso e activo deste galeguismo, mercé ao concurso de militantes históricos, caso de Manuel Beiras, importantes notábeis da cidade, caso do doutor García Sabell, e o impulso de cadros militantes xa curtidos na organización e en certo liderado, caso do propio Ramón Piñeiro que logo de estar no cárcere tería nesta cidade o seu domicilio de referencia. Aquela década dos anos cincuenta daría tamén lugar a que outros galeguistas arribaran á cidade do Sarela, sendo aquela un importante caladoiro de futuros galeguistas por estar historicamente ubicada na mesma a Universidade. Nesta acabábase de integrar o grande escritor e xeógrafo galego Ramón Otero Pedrayo, quen gañara naquel 1950 a cátedra de Xeografía cando tiña sesenta e dous anos. Con todo, a sede da editora *Galaxia* ficaría en Vigo, epicentro previo daquel galeguismo reconstituído, onde contaría aquela nova empresa co traballo decidido de Francisco Fernández del Riego e de Xaime Illa Couto, que idearan o proxecto desde o inicio daquel tempo de rearticulación galeguista e seguían a vivir na cidade olívica. Otero Pedrayo, noutrora parlamentario galeguista, agora catedrático universitario, sería eleito como presidente do Consello de Administración de *Galaxia* e Ramón Piñeiro ao pouco sería contrato como director editorial⁶⁷⁹.

Como marcaría o propio Piñeiro, a creación de *Galaxia* respondía a intención de contar aqueles galeguistas cunha expresión pública:

⁶⁷⁸ Quen daquelas estaba no Sanatorio de Valdecilla (Santander) para unha dupla intervención de cataratas.

⁶⁷⁹ Tal e como afirma Miguel Barros, Piñeiro pasaría a ser contratado o 23 de novembro daquel 1950, pasando a cobrar 1.500 pesetas. *Vid.* Barros, Miguel, *Ramón Piñeiro. Nas olladas do galeguismo*, Vigo, A Nosa Terra, 2009 p.41

“...que nos fora dando presenza no ambiente -e especialmente nas novas xeracións- e que nos permitise ir despertando a conciencia galega de cara ao futuro”⁶⁸⁰.

A aposta encamiñábase a unha loita cultural, que contribuíra a lle dar unha visibilidade e rango no ámbito académico ao idioma da Galiza, educando no mesmo novas xerazóns en favor dunha (nova) alta cultura galega⁶⁸¹. Mercé a esta campaña, sumarían aqueles galeguistas a Gonzalo Rodríguez Mourullo, Xosé Luís Franco Grande, Xosé Luís Méndez Ferrín, Daniel Cortezón, Uxío Novoneyra, Xosé Manuel López Nogueira, Ramón Lugo, Arcadio López Casanova, Xosé Manuel Beiras, Fernando Pérez Barreiro-Nolla, Teresa Barros, Carlos Durán, Carlos Casares e Carlos Amable Baliñas, entre outros.

Para esas novas promesas, precisamente, sería destinada a colección de poesía “Illa Nova” que botaría a andar *Galaxia*, patrocinada polo propio Xaime Illa Couto -nostálgico do seu activismo mozo, segundo nos ten afirmado-, tentando promocionar novos valores no idioma do país. Contarían aquelas novas promesas cun protagonismo macizo nos concursos literarios coñecidos como as *Festas Minervais*, relanzadas no 1953 e tendo sido Xosé Manuel López Nogueira decisivo ao respecto, gañando estes mozos galeguistas ano tras ano aqueles certames. Destacarían nas mesmas Arcadio López Casanova, Franco Grande, Méndez Ferrín, Xohana Torres, Salvador García Bodaño, así como Bernardino Graña, Novoneyra, Manuel María, Avilés de Taramancos e Fernando Pérez-Barreiro, entre outros. Afirmaría Pérez-Barreiro Nolla ao respecto daqueles encontros literarios botando a ollada atrás, dándonos perspectiva ao respecto:

“Por eses anos ocorréuselle a López Nogueira a idea das Festas Minervais. Aproveitou un tempo de apertura do SEU, axenciado en Santiago por Eiras Roel, e tamén a súa relación persoal, “de filósofo a filósofo” como el dicía, co reitor Legaz, e as Minervais celebráronse varios anos. Nese marco coñecín a Franco Grande, que aínda non estaba en Santiago na miña primeira etapa alí, antes da doenza. Gañei algún premio nas Minervais, de poesía en

⁶⁸⁰ *Ibidem* p.119

⁶⁸¹ Tarefa que entre 1923 e 1936 procurara efectivizar o *Seminario de Estudos Galegos*

castelán, aínda que tamén escribía poesía en galego e había premios para as dúas linguas”⁶⁸².

Eran fendas en favor do país que ían abrindo na ditadura franquista aqueles mozos, apoiados por vellos galeguistas e demócratas. Tempo aquel no que se ía recuperando o sistema editorial galego, tendo unha calidade igual ou mesmo superior a produción que a partir dos anos cincuenta se íría desenvolvendo en relación á previa a ditadura franquista, aínda que de costas á maioría social⁶⁸³, lóxico ao se encadrar nun marco opresivo, aínda lonxe de ser derrubado.

Ao igual que Illa Couto, o galeguista asentado en Madrid Álvaro Xil Varela sufragaría unha outra colección, nomeadamente a de creación, que comezaría a súa andaina cunha obra de Ramón Cabanillas. E é que, ás novas xerazóns que se írían sumando á devandita plataforma galeguista, prodúcese a reincorporación de vellos escritores e investigadores galeguistas, como afirmaríase Piñeiro:

“...figuras xa consagradas antes do 36 (Cabanillas, Otero, Risco, Cuevillas, Cunqueiro, Maside, Carballo Calero, Fernández del Riego), incorporándose figuras importantes coma Ánxel Fole, Pimentel, García-Sabell, Rof Carballo, Celestino Fernández de la Vega, Díaz Castro, Torres Queiruga”⁶⁸⁴.

Así mesmo, un ano despois de se fundar *Galaxia* realizaríanse as xestións oportunas para tirar do prelo os seus *Cadernos*. Confirmaríallo Fernández del Riego ao galeguista exiliado Luís Seoane, interesado en que a Galiza de alén mar colaborara no proxecto:

“Ya hemos enviado a Madrid, a la censura, los originales del primer Cuaderno de Galaxia. En cuanto los autoricen, los daremos a las prensas. Estamos satisfechísimos de la significación del esfuerzo. Creo que causará

⁶⁸² Pérez-Barreiro Nolla, Fernando, *Amada Liberdade*, Vigo, Xerais, 2013, p.15

⁶⁸³ Cabana Yáñez, Darío Xohán, “Xosé María Álvarez Blázquez, editor revolucionario” in *Boletín da Real Academia Galega* nº329 [Estudos e investigacións sobre Xosé María Álvarez Blázquez], A Coruña, Real Academia Galega, 2008, pp.104-105

⁶⁸⁴ *Ibidem* p.121

*verdadera sensación en los medios intelectuales. En Galicia nunca se había hecho una cosa con ese vuelo y esa altura*⁶⁸⁵.

Para este proxecto, Seoane quedara comprometido para achegar un seu traballo, para alén de ilustración. En resposta á carta de Fernández del Riego, Seoane queixarase da presenza dos 'mecenas', que asegura no exilio non eran tan importantes como se proxectaba, caso de Manuel Puente, facendo unha analogía con Álvaro Xil para aquén terra, reclamando implicitamente a importancia dos creadores (no literario, poético, pictórico...):

“Yo estoy por creer que Álvaro Gil (existiendo desde luego entre A. Gil y las gentes de aquí millonarios como él a igual distancia que de la tierra a la luna, por cultura, sensibilidad etc.) por ejemplo, lo hace todo en Galicia, edita libros, funda instituciones, fomenta iniciativas, escribe, pinta, etc., y que todos vosotros, los que trabajáis, sois una especie de fantasmas, que tú, Aquilino, Otero, la gente de Galaxia, la de Benito Soto, etc., no existís; que el que todo lo hace es Álvaro Gil por ejemplo y su dinero. Que es el autor del Patronato Rosalía e incluso de la Academia y no faltaría más, para que esta idea fuese popular, que desde ahí nos enviase Álvaro Gil por ejemplo algunas pesetas de vez en cuando, reunidas entre muchos al finalizar algún banquete, para tenerlo como seguro autor de todo y propagarlo. Perdóname, supongo que me entiendes, pero así estáis viendo la colectividad gallega de Buenos Aires desde esa. Estáis seguros de que son Manuel Puente, gran fantasmón de quiñol⁶⁸⁶, y otros que no cito los autores de todo cuanto se hace aquí y estáis cometiendo un error, estáis juzgando mal a esta colectividad”⁶⁸⁷.

Sexa como for, o certo é que estaba a ser central o decidido sostén económico de Álvaro Xil para diversos proxectos que estaba a abandeirar aquel

⁶⁸⁵ Epistolario Francisco Fernández del Riego, *Consello da Cultura Galega* in http://epistolarios.consellodacultura.org/epistolario_men.php?autor=mm190. Carta data en Vigo o 6/02/1951.

⁶⁸⁶ Repárese na definición que Seoane dá de Manuel Puente. O subliñado é noso.

⁶⁸⁷ Carta data en Bos Aires o 29/08/1951 in *Luís Seoane. Epistolario. Unha figura clave da Arte e a Cultura Contemporánea de Galicia*. Compostela, Consello da Cultura Galega. Vid. <http://epistolarios.consellodacultura.org/seoane.php>

galeguismo na Terra. Así, non se podería comprender nen o relanzamento de *Galaxia* nen o doutras iniciativas sen o mesmo. Alén do selo editorial do que participaría, cómpre lembrar a iniciativa de dotar dun novo emprazamento ao Museo Provincial de Lugo por volta do ano 1957. A institución nacera entre o 1932 e o 1934, mais quedarase pequeno o lugar escollido para acoller a iniciativa logo de dúas décadas e media de acopio de diversas pezas. Así que Álvaro Xil, mais tamén os irmáns Fernández, pensarían nun cambio de ubicación para o Museo, encargándolle ao arquitecto Manuel Gómez Román, último secretario xeral do PG, a remodelación do antigo mosteiro franciscano da cidade de Lugo, con claustro do século XV. Como a maior parte dos proxectos dos que facían parte aqueles tres galeguistas, o Museo Provincial de Lugo veríase exitosamente relanzado naquel ano, nesa década dos anos '50 na que se estaban a poñer as bases dunha Galiza que rachara cunha ditadura que a negaba como país. Unha década na que por vez primeira desde facía quince anos volvería escoitarse nas rúas composteláns nun acto público o hino galego. Fora á noite do Día de Galiza do 1951, en plena praza da Quintana, cando o galeguistas que chegaran a Santiago de Compostela viñan de celebrar en San Domingo de Bonaval a misa en honra de Rosalía de Castro e na que Ferro Couselo pronunciara un discurso en galego, logo de non se atrever nengún crego a facer o propio. Sería algo que lembraría o desterrado⁶⁸⁸ Xosé Ramón Fernández Oxea no seu diario:

“Pola noite deu o Coro de “Educación y Descanso” un concerto na plaza da Quintana, que estaba ateigada de xente con moito extranxeiro e gustaron tanto as cancións que houberon de repetilas unha e outra vez, e cando xa non sabían que cantar, diante da insistencia dos aplausos contaxiáronse do entusiasmo ambiente e romperon a cantar o Himno. A xente ergueuse e os extranxeiros tamén de pé e descubertos sumáronse a iste acto de patriotismo. Iles non sabían que era aquilo pro decatábanse que debía ser algo moi serio cando a xente o escoitaba en pé e destocadalas cabezas. E velaí como por un miragre de entusiasmo rexurdiu o Himno ao pé do Apóstolo no Día de Galicia

⁶⁸⁸ Ben-Cho-Shey naquela no 1951 de Cáceres, onde ficaba desterrado, pasaría a ser destinado a Toledo, vivindo igualmente en Madrid como desde 1942. A súa dona, Isabel Algarra, naquel 1951 sería reposta no Ministerio de Xustiza.

do 1951, aos quince anos de se non ter moido. ¡Terra a Nosa!”⁶⁸⁹.

Sería un feito que non pasaría desapercibido polas autoridades franquistas, como toda aquela constelacións de iniciativas que aquel galeguismo estaba a botara a andar. De feito, a censura franquista pecharía aquela liña editorial que os galeguistas reservaran para o pensamento baixo a denominación de *Cadernos Grial*, logo de teren aqueles editado catro números. Ora, activistas centrados na cultura do país non darían por abandonada a idea que alimentaba aquela publicación e relanzarían o proxecto como *Grial. Revista galega de cultura*. Nació esta en xullo do 1963 e cunha periodicidade trimestral. No seu primeiro editorial, afirmaban os seus editores que a segunda época da publicación facía aparición co gallo do centenario da obra de Rosalía *Cantares Gallegos*, indicando que co seu 're-nacemento':

“...Grial arela facer no noso tempo, co esforzo coordinado de todos, algo semellante ó que Rosalía fixo hai cen anos: remover as enerxías creadoras da espiritualidade galega. Sabemos que somentes así -desenvolvendo os valores acochados na propia personalidade- poderá pobo galego arriquecer o patrimonio cultural da humanidade”.

Vellos galeguistas, caso de Otero Pedrayo, o propio Piñeiro, Del Riego, Illa Couto, Carvalho Calero, Xosé María Álvarez Blázquez, Cunqueiro ou Mariñas del Valle encherían de contido aquela senlleira publicación, sumándose autores novos forxados arredor do vespertino *La Noche* e o selo editorial *Galaxia*, como Ramón Lugrís, Xosé Manuel Beiras Torrado, Xosé Manuel López Nogueira, Arcadio López Casanova, Raimundo Patiño, Carlos Amable Baliñas Fernández ou Daniel Cortezón, todos eles de notábel capacidade intelectual. Tamén parte da obra ensaística de Vicente Risco e Castelao sería resgatada a partir dos primeiros números da devandita publicación. Risco, concretamente, sería lembrado no primeiro número de *Grial*, diante do se pasamento semanas atrás de que este falecera. Reproducirían os editores de *Grial* dous textos do que fora teórico central do

⁶⁸⁹ Fondo Xosé Ramón Fernández Oxea/Ben-Cho-Shey, Arquivo Histórico da Deputación Provincial de Ourense.

nacionalismo galego no primeiro terzo do século XX; un xiraba arredor da 'arte nova' e un outro sobre 'o idioma galego na vida e cultura'⁶⁹⁰.

O maxisterio de Ramón Piñeiro, coa apoiatura en particular de mozos como Ramón Lugrís, serviría para enfiar todas estas iniciativas e dotar os seus protagonistas dunha perspectiva estratéxica sobre certo galeguismo, practicándose desde *Galaxia* un proselitismo que ía dotando a aquel galeguismo de vizoso relevo. *Galaxia* tamén contaría na Galiza de alén mar cunha importante presenza, dado que non pasara desapercibido o seu nacemento e contributo. O divulgador máis destacado dos libros da editora sería no Plata un firme galeguista, de credo socialdemócrata, como Manuel Pedreira; desenvolvendo un traballo proselitista entre os máis novos da colectividade galega asentada en Bos Aires⁶⁹¹.

Segundo algún dos activos dese tempo, o encontro intelectual coa galeguidade supliu calquera outra forma de experiencia militante. Isto debeuse a varios factores. Un primeiro era a fraqueza do propio nacionalismo que, a pesar do seu despegue e ascenso nos anos '30, aínda non conformara un movemento comunitario que se transmitira familiarmente, podendo sobrevivir de maneira subterránea na tradición oral e no relato. Un outro era a procedencia de clase das novas fornadas universitarias, evidentemente encadrada nas clases medias ou na mesma burguesía; e un último, mais non menos importante, era a eliminación deliberada da experiencia política, co que a consciencia galega tivo máis a ver co cultivo erudito e a promoción dos novos galeguistas como plumas máis ou menos afamadas. Como confesa Franco Grande, *naquel ambiente, ser galeguista tiña moito que ver con ser escritor, e quen non escribía literatura, en certa maneira, sentíase frustrado*. Aliás, esta caracterización dos protagonistas multiplicaba, xa de por si, a propia adversidade dos tempos: *non éramos homes de acción case nengún de nós e (...) aliás -e sen que isto sirva de xustificación- non era moito o que se podía facer*⁶⁹².

⁶⁹⁰ "Homenaxe a Vicente Risco" in *Grial* nº1 xullo/agosto/setembro, Vigo, 1963, pp.43-66

⁶⁹¹ Entrevista de Uxío-Breogán Diéguez a Manuel Mera 10/12/2008

⁶⁹² Esta aproximación libresca ao país, moi semellante á de anteriores xerazóns de galeguistas, é palpábel nas biografías ou nos libros de conversas dos participantes deste proceso, que iremos repasando en páxinas seguintes. O máis notábel é Franco Grande, de quen tiramos

Ora, había outros galeguistas activos que desenvolvían outros labores. Xosé María Álvarez Blázquez, por exemplo, noutrora activo da *Federación de Mocidades Galeguistas*, desenvolvía un importante labor arqueolóxico que lembraba as campañas do vello *Seminario de Estudos Galegos*. Iniciativas desenvolvidas baixo cobertura institucional, dado que conseguira ser nomeado comisario de escavacións arqueolóxicas do concello de Vigo (o que xa no 1952 dera lugar a que principiaran as prospeccións no céntrico castro vigués sito no emprazamento popularmente coñecido como monte do Castro). E serían os irmáns Álvarez Blázquez os que crearían, un ano despois de (re)nacer a revista *Grial*, as *Edicións Castrelos*, logo de ter lanzado na década anterior o selo editorial *Monterrey* xunto a Luís Viñas Cortegoso. Impulsaba *Edicións Castrelos* Xosé María Álvarez Blázquez, xunto aos seus irmáns Álvaro e Emilio, que sería o director xerente da mesma. Destacaba naquela editora, da que tamén participaría un xoven Darío Xohán Cabana, a colección *O Moucho*, 'libros do pobo pra o pobo', de pequeno formato e baixo prezo, contando cunha gran difusión naqueles anos '60 e tamén nos '70⁶⁹³, nos que participaría da editora⁶⁹⁴.

Uns e outros estaban a redescubrir a nación após anos de ditadura franquista, forxando unha nova xerazón de galeguistas aos que lles dar o testemuño, actuando como consciente vaso comunicante entre estas novas fornadas de nacionalistas e aquelas do primeiro terzo de século. Un labor, sen dúbida, meritorio. Igual que meritorio e, mesmo, heroico sería o axir daqueles

estas citas. *Vid. Os anos escuros, I. A resistencia cultural da xeración da noite (1954-1960)*, Xerais, Vigo, 1985, pp. 36 e 111.

⁶⁹³ Reeditábanse obras como *O Catecismo do Labrego*, da autoría de Valentín Lamas Carvajal. Durante dúas décadas tería unha presenza de relevo no ámbito galeguista aquel selo editorial que no 1979 vería o seu fondo vendido á editorial *Galaxia*.

⁶⁹⁴ O propio Darío Xohán Cabana dá conta do relevo das empresas de Xosé María Álvarez Blázquez, de quen indica que malia ter sido conceptualizado como editor, sobre todo no tempo de *Monterrey*, de 'xoias bibliográficas' dirixía a bibliófilos, o certo é que tería unha clara vontade popular, representada xa pola colección de *Monterrey* 'Flor e Froito' e os libros de peto xa referenciados de *Edicións Castrelos*. *Vid. Cabana Yáñez, Darío Xohán, "Xosé María Álvarez Blázquez, editor revolucionario" in Boletín da Real Academia Galega nº329 [Estudos e investigacións sobre Xosé María Álvarez Blázquez], A Coruña, Real Academia Galega, 2008, p.104*

mozos, dado que os recursos materiais eran parcos, o acceso á información case nulo, e a vida, mesmo nas clases medias estudiantís que sumara *Galaxia*, moi austera e todo enmarcado nun rexime ditatorial que non perdoaba a disidencia. Ora non terían todos o mesmo concepto da Galiza e para isto tería moito que ver o actuar do que sería o grupo que dera lugar ao selo *Galaxia*, así como o trato e coñecemento ou non por parte desa mocidade con nacionalistas que non tiñan centralidade naquel grupo.

Así mesmo, naquela primeira metade da década dos anos cincuenta, o grupo *Galaxia* procuraríase unha relación fluída cos galeguistas de alén mar que non ficaban baixo unha rexa vinculación co *Consello de Galiza*. Observamos nesta liña como mesmo procurarían a súa presenza puntual en actos da emigración galega en América, sobre todo en Arxentina. Neste marco achamos as breves estadías en Bos Aires de Domingo García-Sabell e Francisco Fernández del Riego, a partir da súa relación co exiliado Luís Seoane, sufragadas polo Centro Galego. Seoane sería quen deseñaría a súa axenda bonaerense, marcando no caso de Del Riego catro actos⁶⁹⁵ a desenvolver no 1954, tempo no que estaba para saír do prelo o primeiro número da revista *Galicia Emigrante*, que dirixiría, e diante da que solicitaría artigos a estes dous galeguistas do interior, así como a Ramón Piñeiro, Borobó, Darío e Xosé María Álvarez Blázquez, Carlos Maside e Valentín Paz Andrade, entre outros; unas colaboracións polas que os galeguistas recibirían una pequena achega económica, tentado Seoane profesionalizalas, fidelizando aos seus autores. Este entendía perfectamente que o galeguismo alén mar esmorecía sen unha figura aglutinante como fora Castelao; sendo necesario tender pontes entre ambas bandas do atlántico. Afirmaría nesta liña Seoane:

“Creo que el objetivo más importante para Galicia en América es ganarse a los hijos de gallegos que son una cantidad abrumadora y que están situados como es natural en los puestos más destacados en los países donde nuestra emigración fué constante. Ellos pueden ser útiles a Galicia, los padres solamente de manera muy relativa. En todo caso pueden serlo como lo fueron

⁶⁹⁵ Luís Seoane organizaría catro actos nos que Del Riego interviría centralmente en Bos Aires, nomeadamente no Círculo das Artes, na Facultade de Filosofía e Letras, no Centro Galego e nun teatro.

*ya para levantar un puente, editar un libro, hacer una escuela y nada más. A la enorme masa de hijos de gallegos hay que tratar de despertarles el orgullo de su origen, como supieron hacerlo otras colectividades y esa es labor vuestra y nuestra y tu viaje puede ser de enorme utilidad en ese sentido*⁶⁹⁶.

Seoane vía claramente que a aposta dos galeguistas, naquela altura, pasaba pola mocidade. E que aquela que facía parte da emigración e exilio galego alén mar podía ser relevo na Galiza dos galeguistas que resistiran o primeiro franquismo, polo que había que poñer en relación a esas dúas xerazóns.

⁶⁹⁶ Carta de Luís Seoane a Francisco Fernández del Riego, Bos Aires 22/04/1954. *Luís Seoane. Epistolario. Unha figura clave da Arte e a Cultura Contemporánea de Galicia*. Compostela, Consello da Cultura Galega. Vid. <http://epistolarios.consellodacultura.org/seoane.php>

6.-UN NOVO NACIONALISMO PARA UN TEMPO NOVO.

6.1.-Do Consello de Galiza, Galaxia e Brais Pinto ao Consello da Mocidade.

Entre aqueles mozos que encherían de vida e futuro o selo editorial *Galaxia* (e o galeguismo aquén mar) habíaos que xa descubriran a ‘nación’ na súa localidade de orixe, antes da chegada a Compostela por estudos, e outros que en contacto con grupo *Galaxia* modelarían as súas intuicións patrióticas. As dúas realidades non estarían carentes de contradicións e ausentes de litixio entre si. Serían ambas herdeiras, sen aqueles mozos e mozas o saber, de dúas tradicións que a partir do 1936 veríanse anovadas. Unha primeira que caracterizaba a Galiza como unha ‘nación’, sendo suxeito político, favorábel á ‘autodeterminación’, na que os límites do seu desenvolvemento non estarían acoutados mais que polas leis establecidos polo concerto internacional, e unha segunda que consideraba a Galiza un ‘país’, pola súa historia e características culturais, destacando o idioma entre estas, mais acoutado no marco español no que, como teito das súas aspiracións, reclamar unha ‘autonomía’ a se desenvolver nunha realidade europea pola que axir.

Entre os primeiros destaca Xosé Manuel Beiras Torrado, fillo do galeguista compostelán Manuel Beiras García. Este no seu seo familiar sabería toda unha ampla vagaxe protagonizada polo nacionalismo galego previa á ditadura franquista. Tamén o ferrolán Fernando Pérez-Barreiro Nolla sabería desa realidade no seu fogar, así como a través das aulas do represaliado nacionalista Carvalho Calero. Que após saír do cárcere asentárase na súa cidade natal⁶⁹⁷, e as pescudas que realizaría sobre ese seu profesor, como mozo activo e sedento de información arredor da realidade que o circundaba. Indicaría Pérez-Barreiro ao respecto:

“Daquela, en 1949, eu non lle vía camiño viábel ao galeguismo político e social. Xa desde Ferrol estaba convencido de que Galicia era unha nación, e, non atopando mellor formulación política para explicarllo aos meus

⁶⁹⁷ Carballo Calero, após participar como tenente da defensa do Madrid republicano, sería detido na fronte de Andalucía e condeado en Consello de Guerra a doce anos de prisión, que pasaría en Xaén. Sairía no 1941 do cárcere baixo liberdade provisoria. Sen poder exercer a función pública, adícase á docencia privada.

*condiscípulos, moi refractarios a esa idea, a pesar do ensino de Carballo ao que non todos eran igualmente permeábeis, dicíalles que era unha situación colonial. Sabía, polo que eu fora averiguando de Carballo, e non polo que el me dixerá, do galeguismo da República. Pero todo me parecía algo así coma un paraíso perdido. Para min, o galeguismo que contaba en termos de persoas e lecturas estaba en Ferrol*⁶⁹⁸.

A diferenza de boa parte dos restantes mozos atraídos ao selo *Galaxia*, Pérez-Barreiro afirmaríá que para el a figura de Piñeiro non sería tan atractiva intelectualmente coma a de Carvalho Calero; coincidindo coa maioría daqueles mozos Pérez-Barreiro en que Piñeiro era un home afábel que, xunto a García Sabell, facían ‘cultura de salón’⁶⁹⁹, tendo como ‘sede’ a casa do último, na compostelá Rosaleda.

Así, pois, para alén de nave a partir da que implementar un novo rumbo na historia do galeguismo, *Galaxia* era a pedra de toque de boa parte daquela mocidade. Comprobaban a partir do axir do grupo que conformaban os que pilotaban aquel selo editorial se cada un deses mozos eran ou non proclives aos seus postulados. Dentro destes tiña unha espacial presenza o europeísmo e o anticomunismo, sendo lecturas recomendadas por Piñeiro os cadernos editados polo *Congreso para la libertad de la Cultura*, que contaban co apoio decidido da norteamericana *Central Intelligence Agency* (CIA)⁷⁰⁰. Lecturas que contrastaban cos primeiros exemplares que na Galiza chegaban e se vendían baixo corda do Sempre en Galiza de Castelao, por exemplo. Unha lectura na que se enchouparían algúns daqueles rapaces, aos que o entorno máis cercano a Ramón Piñeiro non referenciaría aquela obra e a vizosa realidade político-cultural exiliada. Con independencia destas cuestións, e o

⁶⁹⁸ Pérez-Barreiro Nolla, Fernando, *Amada Liberdade...* *Op. Cit.* p.14

⁶⁹⁹ *Op. Cit.* p.73

⁷⁰⁰ É habitual, por certo, achar erróneamente citado “consejo” en vez de “congreso”. Este organismo existiu entre 1950 e 1967 con sede en París, no 104 de Boulevard Haussmann, contando con delegación en máis de trinta países, dirixido desde 1951 até 1967 polo compositor Nicolás Novokov (1903-1978), asentado desde 1933 nos EUA e curmán do escritor Vladimir Nabokov (1899-1977). No 1967 pasou a se denominar *Asociación Internacional por la Libertad de la Cultura* até a súa desaparición no 1979.

desenvolvemento exitoso do selo editorial *Galaxia*, as autoridades franquistas e os seus corpos de información seguían de cerca as actividades do seu grupo matriz. No 1955 Francisco Fernández del Riego, por exemplo, ao igual que Valentín Paz Andrade no verán do 1957, sería detido, pasando tempo na cadea onde coincidiría con Domingo Lemos Suárez e Manuel García Barros. Este último contaba daquelas con oitenta anos!. Nunha carta de ánimo que o xuíz galeguista Bouza Brey, de relevo noutrora como literato e membro do *Seminario de Estudos Galegos*, lle enviaría a este vello galeguista no 1956, palpamos que o ambiente no que vivían aqueles era enormemente adverso, mais no que a esperanza da semente galeguista comezaba, na liña do que vimos, a fructificar:

*"Xa verá vostede que inda hai Pátrea, posto que os rapaces de ista Universidade sinten os problemas galegos e escriben e falan e teñen ideas na lingua nosa, apesares de toda a morralla que temos enriba, de iñorantes, de pedantes, de traficantes e de mangantes"*⁷⁰¹.

Seguía a ser a Universidade o lugar no que os vellos cadros do nacionalismo entendían estaba a futuro do galeguismo e, nesta liña, do país. Estes contarían ao pouco cunha nova apoiatura, da man dun vello coñecido do entorno galeguista no tempo da II República: Raimundo García Domínguez (1916-2003), que pasaría a ser no 1960 director de *La Noche. Borobó*, como sería coñecido, era un galeguista de corte socialista, adscrito ao *Partido Socialista Obrero Español* (PSOE). Este sumaríase ás tertulias que os galeguistas foran establecendo no Café Español e no Café Argentina, na compostelá praza de Castromil (hoxe Praza de Galiza) nas que varias xerazóns intercambiarían impresión e experiencias. Participarían veteranos galeguistas, como Ramón Otero Pedrayo ou Fermín Bouza Brey; activos de mediana idade, caso de Ramón Piñeiro, García-Sabell e o propio Borobó, así como novos,

⁷⁰¹ Garrido Couceiro, Xoán Carlos, "Fermín Bouza Brey, xuíz e parte" in *Terra e Tempo* (dixital, 30/09/2011; revisado o 5/5/2014), dispoñíbel en:

<http://www.terraetempo.com/artigo.php?artigo=1932&seccion=4> Vid. Garrido Couceiro, Xoán Carlos, *Manuel García Barros, loitando sempre*, Lugo, A Fouce/sindicato Labrego Galego, 1995.

caso de Beiras Torrado, Gómez Mourullo, Pérez-Barreiro Nolla e Ramón Lugrís.

O grupo promotor de *Galaxia*, e nomeadamente Ramón Piñeiro, aproveitaría toda a década dos '50 para renovar xeracionalmente o *galeguismo*, cunha fasquía apartidaria, aínda que grupal, rodeándose de novas promesas. Entre estas estarían o propio Franco Grande, García Bodaño, Méndez Ferrín, Xohana Torres, Xosé Manuel Beiras Torrado ou González Mourullo. Por ventura un dos logros máis meritorios desta paternidade política for inculcar enerxías, vontade e certo optimismo nunha xeración fanada pola fatalidade e a crenza de que moi pouco se podía facer pola Galiza:

“[Piñeiro]...sabía moi ben que nós éramos máis ben escépticos en relación con canto a Galiza se refería (...) víamos o porvir tan preto e fosco que a nosa visión da Galiza non tiña nada de optimista. Mais hai que recoñecer que Piñeiro soubo comunicarnos a súa fe⁷⁰².

De xeito paralela ao adoutrinamento desta mocidade nas claves da cultura galega, na querenza polo propio e na socialización da necesidade dunha alta cultura autóctona, ensaiaríase unha silenciosa reconversión doutrinal do nacionalismo. Dunha negativa conxuntural á loita política pasarase a un relanzamento aberto das teses nacionalistas. Este proceso, larvado e nen sempre plasmado en declaracións políticas abertas, dada a mudez do galeguismo e as condicións da ditadura, foi recriado polos protagonistas xuvenís da altura, sempre en función da súa posición política posterior. Para Beiras, o grupo *Galaxia* comezaría por agrupar un colectivo heteroxéneo de nacionalistas, para rematar baixo a dirección estrita de Ramón Piñeiro, Del Riego e García-Sabell, que encadran a súa proposta nun plano de longo alcance, en sintonía con certa oposición reaccionaria á ditadura, e sempre afastándoo da causa galega:

Galaxia créase con visións e achegas conxugadas dunha serie de persoas que teñen perspectivas diferentes e ideoloxías tamén diferentes. E iso axiña fai crise, no senso que hai disidentes que se descolgan, aínda que

⁷⁰² Franco Grande, X.L. *Op. Cit.* p. 157.

*manteñan a lealdade a Galaxia: nunca a combaten, seguen a ser subscriptores, mais non participan nen partillan a política editorial. (...) Na fase dos 60, establececese unha ligazón cun círculo de intelectuais a nivel do Estado: unha organización moi estraña onde están (...) xentes que comezan a aparecer tamén pola Rosaleda, pola casa de García Sabell, e que estaban relacionados coa sección española do “Congreso por la libertad de la cultura”, financiado polos USA”.*⁷⁰³

Para Méndez Ferrín, en claves semellantes, o culturalismo exclusivo produciu unha identificación valiosa co país, mais cortou a tradición político-institucional do galeguismo, impedindo unha dirección colexiada dos asuntos galegos:

*...esta práctica brillante (reférese á cultural) ficou, en boa parte, invalidada ao ser liquidado o Partido Galeguista polo piñeirismo, así como rachados os vínculos co nacionalismo de América, e sobretudo co Consello da Galiza (...) expresión simbólica da legalidade democrática nacional, e equiparábel ao noso goberno autónomo no exilio. O piñeirismo, ao liquidar o Partido Galeguista, e desvincular o galeguismo do interior co nacionalismo da emigración, reducíndose ás actividades culturais, eliminou todo tipo de órganos colexiados (Asembleas, Congresos, Comités, Secretariados) e fixo posíbel que todo o poder se concentrase na persoa de Ramón Piñeiro.*⁷⁰⁴

A lectura dos nacionalistas do interior coincide case punto por punto coa que realizan no exilio. Suárez Picallo, no seu informe á primeira asemblea das *Irmandades Galegas* da Prata, suxire que as desavinzas se sitúan no plano da loita militante:

Galaxia é, como se sabe, unha Editorial galega consagrada con alma e vida a arrequentar, fortalecer, esclarecer e hierarquizar o ser nacional da

⁷⁰³ Fernán Vello, M.A., Pillado Mayor, F.: *A estrela na palabra. Novas conversas con Xosé Manuel Beiras*, Laiovento/Espiral Maior, Coruña, 2004, p. 29-30.

⁷⁰⁴ Méndez Ferrín, X.L.: “Introducción”, in Franco Grande, X.L.: op. Cit., 1985, p.13.

*Galiza, usando (...) a nosa cultura como ferramenta. Neste senso leva feito unha laboura maravillosa (...) No aspecto político da loita galega a cuestión varía. Eles fan política colateral de alturas intelectuais, inacesíbeis ás capas populares da sociedade galega; sumándose, inorganicamente, ás máis das veces, aos outros núcleos de oposición ao rexime. Nembargantes, eles aspiran a dirixir e orientar a política galeguista universal. Inclusive a do galeguismo da Prata, coa que, como xa fica dito, non están dacordo. Namentres eles, apesar das nosas reiteradas solicitacións, non nos presentan nengún plano de acción política concreto, que nós podamos estudar, aceptar ou rexeitar, corrixir ou emendar*⁷⁰⁵.

Na realidade, este plano de afastamento orgánico respondía ao propósito de liquidación doutrinaria do nacionalismo. A vindicación dun poder galego non tiña sentido, e portanto resultaba despropositada calquera forma de enfrontamento, por branda que for, con España. A reciclaxe político-ideolóxica acompañábase con certo distanciamento do Castelao político (en favor do artista), e nunha dedicación exclusiva ao cultivo das elites e das clases medias, como quedou marcado; e a decisión amparábase nunha argumentación moi recorrente do nacionalismo galego nas súas periódicas conxunturas adversas: certas formas de acción son suicidas e apenas conducen para o sufrimento. Para Franco Grande: *...o país non estaba en condicións de encaixar unha actividade política. E que a actividade cultural era xa unha actividade política, a longo prazo mais insustituíbel. E, como o tempo demostrou, a mais eficaz de todas naqueles momentos. Nós poderíamos ter feito algunha que outra folga, armar algún que outro barullo, e dar que falar nos xornais e publicacións galegas de América. Ou ter ido á cadea. Mais non serviría de nada.*⁷⁰⁶

Así o dicía tamén Ramón Piñeiro, coa súa habitual clarezza argumental, na súa correspondencia co exilio. No táctico, refugaba calquera intervención

⁷⁰⁵ Suárez Picallo, R.: *Relacións entre o galeguismo da Plata e un núcleo do galeguismo actuante en Galicia. Informe do Diputado e Conselleiro de Galicia, Ramón Suárez Picallo, à Primeira Asemblea das Irmandades Galegas do Plata, celebrada os días 10 e 11 de Xaneiro de 1958*, Arquivo RAG, fondo Ramón Suárez Picallo, pasta C 135/11. Forneceunos esta transcripción o historiador Antom Santos Pérez.

⁷⁰⁶ Franco Grande, X.L. *Op. Cit.*, 1985, p. 138.

política aberta, e máis aínda se se pretendía apoiar na clase obreira, labrega e mariñeira: “O desexo de facer política positiva, auténtica, a única política realista que nos era doado facer, o que nos levou, con carácter colectivo, a emprender ese camiño [do culturalismo]. O botarnos ao monte, a loitar como guerrilleiros, pór bombas nos cuarteis ou repartir follas alentando os campesiños á revolta sería descomunal desatino político”. No estratéxico, de maneira solermiña, ía perfilando unha forma de oposición e “loita democrática” que non tivese como prioridade a restauración republicana, anticipando así a fórmula tan cara da “reconciliación nacional” e do seu resultado final: a Restauración borbónica. Acrescentaría Piñeiro, argumentando a favor desta liña:

*“Os millóns de demócratas e antifranquistas que viven e padecen a realidade do país desde o ano 36 hai moitos que se deixaron de preocupar e de se interesar coa legalidade republicana do 36 (...) non somos nós os responsábeis de que a realidade política peninsular sexa esta e non outra”.*⁷⁰⁷

Así, a distancia fíxose tan grande, e tan insalvável, que a ruptura entre as dúas concepcións do ‘galeguismo’, situadas en ambas bandas do atlántico, estaba a se consumir. Este fito definitivo produciuse en maio do 1958 cando Perfecto López chegaba a Galiza en calidade de delegado do *Consello da Galiza*. Consello capitaneado por Antón Alonso Ríos, Rodolfo Prada, Manuel Puente e Ramón Suárez Picallo.

López chegaba á Terra para celebrar unha reunión na compostelá Rosaleda, acompañado do seu fillo Perfecto López Romero, tamén militante galeguista, con varios representantes do grupo *Galaxia* no chalé de García-Sabell diante dun informe que desde o interior se preparara da man de Piñeiro o ano anterior. Un documento intitulado o ‘Informe Compostela’, oficializado nunha xuntanza presidida por Ramón Cabanillas (1876-1959) e celebrada no chalé da Rosaleda propiedade de Domingo García-Sabell, anfitrión deste e daquel acto. Aquel documento, que agora era criticado polos nacionalistas de alén mar, estaba dividido en seis puntos, dándose unha

⁷⁰⁷ Piñeiro, R.: “Da miña acordanza. Memorias”, in *Grial*, nº 111, Santiago de Compostela, 1991, p. 341-465.

absoluta renuncia a toda reivindicación do pasado republicano⁷⁰⁸. Neste cenáculo reducido, do que fixeron parte Fermín Penzol, Xaime Illa, Manuel Beiras, Ramón Piñeiro, Domingo García-Sabell, Cesáreo Saco, Celestino Fernández de la Vega, Francisco Fernández del Riego, Ramón Otero Pedrayo, Ramón Cabanillas, Manuel Gómez Román, así como os mozos Xosé Manuel Beiras e Xosé Luís Franco Grande⁷⁰⁹, produciuse un duro enfrontamento de posturas, ao negárense os galeguistas do interior ao recoñecemento dunha dirección política vida do exilio, ao igual que acontecera na década precedente con Castelao; refugando a loita política do *Consello*, así como toda lexitimidade republicana, revestindo Manuel Beiras, noutrora cadro do PG compostelán, a proposta traída por Perfecto López como unha suxestión toleirona de pasar á loita armada. “Se queren por bombas, que veñan eles a poñelas”⁷¹⁰, semella que dixo Manuel Beiras na xuntanza, lonxe da realidade, certificando aquel novo desencontro o definitivo divorcio entre alén e aquí. Malia a esta ruptura definitiva, que situamos naquel encontro, as prédicas dos galeguistas exiliados prenderían en parte da mocidade que axía politicamente na Galiza e fóra da Terra en territorio peninsular. Mais aínda estaba por chegar a efervescencia desta mocidade no país, dado que aínda non se daba rachado con aquel ambiente enormemente opresivo. Na escuridade propia daquel rexime, nen os entornos intelectuais máis cultivados, propios da vida universitaria, permitían un coñecemento mínimo da realidade galega⁷¹¹, pouco máis que aquela que o grupo *Galaxia* amosaba. A cidade de Compostela, onde máis galeguistas xunto a Vigo se

⁷⁰⁸ Os puntos desenvolvidos, para alén das conclusións, e persoas que os exporían diante de Perfecto López serían: ‘Reorganización do galeguismo’, por Ramón Piñeiro; ‘As nosas queixas’, por Manuel Beiras; ‘A defensa dos nosos presos’, por Fermín Penzol; ‘Galaxia’, por Xaime Illa Couto; ‘Cultura e Política’ e ‘Balance do noso labor’, por Ramón Piñeiro. *Vid. Barros, Miguel, Ramón Piñeiro e a revisión... Op. Cit.* pp. 388-421

⁷⁰⁹ Franco Grande, Xosé Luís, *Os anos escuros... Op. Cit.* p.117

⁷¹⁰ A anécdota é contada de diferentes maneiras segundo a persoa que o narrar, e segundo se esta persoa asistiu ou non á reunión. Nós tomamos os datos de X.M. Beiras (Fernán Vello, M.A., Pillado Mayor, F.: *A nación incesante. Conversas con Xosé Manuel Beiras*, Sotelo Blanco, Santiago de Compostela, 1989, p.144.

⁷¹¹ Santos Pérez, Antom e Diéguez Cequiel, Uxío-Breogán, *Antón Moreda. Memoria... Op. Cit.* pp. 49-57

concentraban, como marcamos, reducíase a un casco vello dominado pola Igrexa católica. Exprésao sinteticamente Salvador García Bodaño, un daqueles activos mozos que se verían atraídos polo grupo *Galaxia*:

*“A cidade era o casco antigo. Aí estaba todo. O ambiente universitario estaba feito por xente nova que vivía nas pensións. Había unha convivencia nas tabernas. Logo comezaron a aparecer as cafeterías. Tamén as igrexas estaban moi nutridas de xente. Había cines. Xa mais adiante comezaron os bailes. Era un Santiago pequeniño”*⁷¹².

Para mozos procedentes de todas as latitudes da nosa Terra, de Fisterra ao Berzo, non se coñecía máis que a súa propia comarca, e aínda resultaba difícil facerse unha idea cabal do conxunto xeográfico galego. O descubrimento, elemental e entusiasta, está moi ben traído a colación por Franco Grande, quen daría conta da visión daqueles tempos. Falando dos grandes efectos das aulas de Xeografía en Compostela, relata:

*“Penso que Río Barja tivo sobre nós unha moi beneficiosa influencia: vivía a xeografía en xeral e moi especial a galega, os itinerarios que suxería para coñecer a Galiza, da que por el moitos de nós comezamos a ter unha idea, xa que nunca se falara da nosa Terra, nen da súa xeografía sequer. Cando falaba do Salnés, da Mahía, da Terra Cha...moitos -eu entre eles, desde logo- nen sequer ouvíramos nomear esas terras”*⁷¹³.

O mesmo se pode dicir dos comportamentos lingüísticos. A simple utilización do galego, en boca de estudantes universitarios e abordando temas de alta cultura, era obxecto de escarnio social e atención policial, o que situaba a esta nova promoción de galeguistas, sen interese especial polo confronto político, en situacións semellantes ás da militancia clandestina. Novamente Franco Grande transmite moi graficamente aquelas situacións:

⁷¹² García Bodaño, Salvador, “Piñeiro era un socialdemócrata galeguista” in Diéguez Cequiel, Uxío-Breogán (coord.), *Da reorganización patriótica na Terra ao Consello da Mocidade* (1963-2013), *A Fondo, Sermos Galiza*, 12/12/2013. p.3

⁷¹³ Franco Grande, X.L. *Op. Cit.*, 1985, p. 34.

*“Unha noite, no “Yate” da Senra, xuntámonos, como moitas veces, Lugrís, Mourullo, Rubal e outros. Mourullo decatouse de que ían entrar no bar dous policía, membros da entón temida brigada político-social (...) “Coidado -dixo- falade en castelán!”. E cando desde a barra do bar se decataron da nosa presenza, un deles voltouse para nós, despois dunha indicación do seu compañeiro, dicindo: “Pues si yo tuviera una ametralladora, ta, ta, ta”, facendo un xesto coa man, como levando o ritmo da ametralladora”.*⁷¹⁴

E é que a represión, como vimos, seguía ben presente e a ditadura non se prestaba a claudicacións. Tampouco claudicaban os galeguistas de alén mar. Na década dos '60 do pasado século XX o *Consello de Galiza* decidía lanzar estratexia propia na Terra, sen contar centralmente co grupo *Galaxia* no seu deseño, dada a falta de entendemento e empatía.

Alén mar, aquel nacionalismo das *Mocedades Galeguistas*, recreadas na capital arxentina, representaba o nacionalismo que, compactado arredor da figura e obra de Rodríguez Castelao, sobrevivira na América após a morte deste xunto aquel goberno galego no exilio presidido por Antón Alonso Ríos. Aínda máis, un nacionalismo que prendera nunha mocidade que non vivira en carne propia a guerra do 1936, que mamara as teses dos arredistas da *Sociedade Nazonalista Ponal*, e que se constituía nunha organización xuvenil guiada por declaracións patrióticas en absoluto 'politicamente correctas'.

O 11 de xullo do 1960, someteríase a debate un documento que tiña como finalidade relanzar o labor e función do *Consello de Galiza* no exterior. Este debate realizárase oficialmente a partir do escrito 'Consello de Galiza. Bases para a súa reorganización'. No devandito documento sinalábase que se procede á “... *reorganización total do Consello de Galiza, dándolle unha nova estrutura e imprimíndolle un movemento máis acorde coas necesidades da hora presente ao fin de que xermole varil e forte, se ben mantendo inalterable a esencia dos postulados básicos sinalados na carta da súa constitución*”⁷¹⁵.

⁷¹⁴ *Ibidem*, p. 41.

⁷¹⁵ Documento do que dispomos dixitalizado, tirado do arquivo de Manuel Mera Sánchez, secretario da *Irmandade Galega* de Bos Aires no 1969. Ollar a transcripción completa que se presenta no aparato documental.

Nesta altura o Consello estaba formado, na súa cerna, polos vellos deputados Antón Alonso Ríos, Ramón Suárez Picallo e Elpidio Villaverde, xunto a Rodolfo Prada e Manuel Puente⁷¹⁶, tendo "... dereito a formar parte do mesmo todol-os deputados galegos no eisilio", aos que se sumaban efectivamente outros integrantes do mesmo a través das súas diversas comisións, caso da de 'Facenda', da de 'Cultura', da de 'Relacións', completadas pola 'Xunta Consultiva'. Esta última tería como obxecto "*...agrandar a base popular do Consello de Galiza e ao fin de darlle unha maior amplitude a súa obra e reforzar a acción do movemento patriótico galego...*" composta polos secretarios das comisións citadas e aqueles irmáns que "*... pol-a súa destacada actuación colectiva, ideais republicáns democráticos e finalidades patrióticas en armoñía coas do Consello de Galiza, sexa diño de tal distinción*".

Se dúbida, de todas as comisións a que maior relevo cobraría sería a de 'Relacións'. Esta sería a encargada de manter trato co galeguismo no conxunto de América, norte e sur, así como en Europa e, nomeadamente, na Galiza. Articúlase aquela área coa "*...misión específica, ademais de outras que se lle encomenden, de manter e millorar as relacións externas e internas, sempre en armoñía e d-acordo coas directivas do Consello de Galiza [...procurando especialmente] que sexan cada día máis fondas as relacións co Goberno da República no eisilio e cos irmáns vascos e cataláns*", en clara alusión á vella unión *Galeuzca*.

Nesta rearticulación do *Consello de Galiza* Antón Moreda ten a encomenda de radiografar o país e contactar con toda a mocidade de sensibilidade galeguista posíbel, en favor da reorganización no interior do movemento patriótico en clave netamente política. O mozo que abandonara a Galiza con dezaseis anos, por exclusivos motivos laborais, e nunha plena inxenuidade política, voltaba carregado de intencións. Afirmaba o propio Moreda:

⁷¹⁶ O salón da magna casa que este último posuía na bonaerense Avenida Ribadavia, tal e como nos indicara nese exacto lugar Rosa Puente, filla daquel, sería o lugar das xuntanzas que este organismo desenvolvía, ao igual que a maior parte das reunións desenvolvidas en tempos de Castelao.

“...voltej, se pode assi dizer-se, para desenvolver umha missom, si, ainda que missom é um termo mui complexo; quando eu regressei, vinhem com a idea, em primeiro lugar, de saber realmente como estava a Galiza”.

Quen recibirá a Moreda no porto de Vigo no ano 1960, xunto á súa nai, sería Claudio Pérez Prieto, que fora militante do *Partido Galeguista* e logo do seu exilio estaba de volta no país. Moreda traía consigo varias cartas da América, unha delas de Emilio Pita (antigo animador dos agrupamentos *Ultreia*, asentado en América, cun fillo nas *Mocidades Galeguistas*) destinada a Antón ‘Tucho’ Beiras, e unha outra para Xaime Illa Couto. O primeiro contacto que tería co galeguismo organizado na Terra daríase na Mariña luguesa. Celebraríase un xantar de confraternización na casa de Fermín Penzol, onde participarían Ramón Piñeiro e Celestino Fernández de la Vega. Alí daríase unha xuntanza informal entre o enviado do nacionalismo exiliado e o galeguismo do interior organizado arredor da editora *Galaxia*, valorándose posíbeis actividades e iniciativas a desenvolver⁷¹⁷.

6.2.-Brais Pinto.

Antón Moreda regresaba á Galiza con ánimo de contribuír á reorganización política do nacionalismo galego, entendendo que sería a xuventude quen podería converxer coas súas aspiracións militantes. Aínda que se relaciona nun inicio co grupo *Galaxia* (cuxo proxecto editorial suscitaba, na altura, un consenso máximo), nel Moreda non albisca a posibilidade de cumprir o seu máximo propósito. O grupo nucleado arredor de Ramón Piñeiro tamén tiña depositadas as súas miras na mocidade. Consequindo nuclear un importante grupo de mozos arredor da universidade compostelá durante a década dos cincuenta, resentido a finais deses anos pola marcha cara Madrid de Gonzalo Rodríguez Mourullo e a de Ramón Lugrís a Londres en xuño do 1957. Tamén a Madrid marcharan Xosé Luís Méndez Ferrín e Ramón Lorenzo, onde completaban alá a súa formación académica, reuníndose con diversos mozos galegos con conciencia de país, caso de Bernardino Graña.

⁷¹⁷ Conversa de Antón Moreda con Uxio-Breogán Diéguez, Castro de Ribeiras de Lea, Novembro de 2001.

Dacordo con ese plano que Moreda tiña trazado e as novas que Luís Seoane lle dera dun grupo xuvenil galeguista activo en Madrid, procura contactar e reunirse cos seus integrantes. Grazas a Seoane -que dirixía na Arxentina *Galicia Emigrante*, no que algúns membros do galeguismo xuvenil serían entrevistados da man de Salvador de Lorenzana (Francisco Fernández del Riego), chamando a atención do *Consello de Galiza*-, Moreda soubo da existencia daquel pequeno colectivo xuvenil que sumaba as inquedanzas galegas á sensibilidade de clase, así como á preocupación pola arte e literatura de vangarda e social.

Con efecto, na capital de España logo dos últimos anos da década dos cincuenta, aumentaba na nova década o grupo xuvenil galego, conxeniando produtivamente naqueles primeiros anos sesenta algúns mozos galegos como, centralmente, Reimundo Patiño, Xosé Luís Méndez Ferrín, Xosé Fernández Ferreiro, Herminio Barreiro, Alexandre Criebeiro, César Arias, Ramón Lorenzo, Benxamín Casal, Uxío Novoneyra, Bernardino Graña e Bautista Álvarez. Mozotes galegos que irían adquirindo ou reforzando, segundo o caso, consciencia nacional galega diante do contacto coa capital española, o movemento estudantil e obreiro antifascista, dos que farían parte segundo o caso. En Madrid, nomeadamente, a comunidade galega estaba conformada por miles de emigrados -aos que se lles daba, maioritariamente, un trato vexatorio, facendo uso de tópicos denigrantes varios-, tomando unha nova perspectiva aqueles mozos da Galiza, que virían constatar, máis unha vez, a importancia da perspectiva exterior para o florecemento de novas propostas nacionais. Uns e outros conformarían o grupo *Brais Pinto*, segundo nome proposto por Fernández Ferreiro⁷¹⁸, constituído formalmente en Madrid no ano 1958 por aqueles mozos galegos que na “corte y villa” estudaban e/ou traballaban, tendo como común denominador unha consciencia de clase e da existencia da nación galega⁷¹⁹. O escritor Xosé Luís Méndez Ferrín radiografaba do seguinte xeito o grupo:

⁷¹⁸ Sendo ‘Brais Pinto’ un afiador ourensán, tal e como a imaxe corporativa do grupo socializaría.

⁷¹⁹ É de especial interese para este tema o documental *Bautista Álvarez. Unha vida para a nación*, Fundación Bautista Álvarez de Estudos Nacionalistas, Compostela, 2004.

*Felizmente, en “Brais Pinto”, a maioría eran traballadores: Raimundo Patiño traballaba no Banco de Bilbao; César Arias traballaba en “Dragados y Construcciones”; Bautista Álvarez traballaba nunha fábrica da familia do seu irmao; Xosé Fernández Ferreiro tamén traballaba en “Suevia Films”, na publicidade. Alí estábamos tamén os que só éramos estudantes: Ramón Lorenzo, que xa fora compañeiro meu en Santiago; Herminio Barreiro; Bernardino Graña, que viña de Salamanca; Alexandre Cribeiro, que facía cinema, mais que ía e viña xa que tamén traballaba na Caixa de Aforros de Vigo e mais eu. Éramos un grupo xa relacionado co mundo laboral desde novos, por necesidades de familia. Isto era moi dominante e uníanos coa realidade de clase.*⁷²⁰

O grupo desenvolveu un amplo labor cultural, creando unha liña editorial que se estreou con *Bocarribeira (poemas pra ler e queimar)*, o único poemario en vida de Ramón Otero Pedrayo, e co libro *Poemas do home que quixo vivir*, de Bernardino Graña, con limiar de Xosé Luís Méndez Ferrín, quen publicaba en *Galaxia* a súa primeira obra narrativa, intitulada *Percival e outras historias* (1958), claro e macizo exemplo da *Nova Narrativa Galega*, de impensábel socialización naquela altura sen o esforzo editorial daquel selo. Terían como padriño, en canto que xa home de idade e de recoñecida traxectoria galeguista que arroupaba ao grupo, ao ourensán Xosé Ramón Fernández-Oxea, Ben-Cho-Shey. Foi Fernández-Oxea o que conseguiu, mesmo, que os mozos de *Brais Pinto* contaran cun cuarto no Centro Galego, no que gardaban libros que editaban e tiñan algunhas xuntanzas. Tal e como di Fernández Ferreiro “... os de *Brais Pinto* lle profesabamos un gran respecto e un gran cariño, xa que el era o nexo que dalgunha maneira nos unía física e espiritualmente ós grandes mestres de Nós que tanto admirabamos”⁷²¹.

Con iso e con todo, aínda que a sensibilidade se abre ao marxismo e ás causas da emancipación social, tampouco non existe neste grupo cultura organizativa nen un determinado deseño estratéxico. Tratábase, consonte esa

⁷²⁰ Salgado, X.M., Casado, X.M.: *Xosé Luís Méndez Ferrín*, Sotelo Blanco, Santiago de Compostela, 1989, p. 92.

⁷²¹ Fernández Ferreiro, Xosé, *De Xente Nova a Brais Pinto*, Vigo, Xerais, 2012, p.100

tradición que persegue o nacionalismo até o día de hoxe en grande medida, dun cenáculo cultural divorciado da acción, aínda que con clara adscrición nacional galega. Como ten recoñecido algún dos seus fundadores, en “...Madrid, escribendo poesía e facendo exposicións de pintura informalista, seguíamos a mesma corda [que en Compostela](...). Eu e todos os demais, e segundo foran as consignas, íamos ás manifestacións, á folga ou á loita contra o SEU, mais sen relación nengunha con posíbeis organizacións galegas. A única diferenza, entre os rapazes de Brais Pinto e as xentes de Piñeiro era unha certa tendencia, pola nosa banda, ao anarquismo, social e político, ás características propias dun grupo beatnik, moi existencial, moi fora da realidade social e política”.⁷²²

No grupo madrileño Moreda acharía o que buscaban os vellos do *Consello de Galiza*: mocidade famenta de acción e ausente de prexuízos fronte aos cadros expatriados, máxime cando Castela sería a enseña daqueles, e mesmo sendo Moreda un “nacionalista integral”, educado nas teses d'A *Fouce*, colocando a causa galega diante de calquera formulación esquerdista. Por outra banda, o mariñao decatárase que estaba diante dun grupo moi laxo, unido por relacións de amizade e por certa inqueda política común que, con todo había que traballar, sobre todo por estar lonxe aquel grupo de calquera cultura partidario-organizativa, logo de dúas décadas e media de traballo fascista impulsado pola ditadura⁷²³. Non podemos máis que coincidir con Fernández Ferreiro en que *Brais Pinto* foi “...moito máis ca unha colección de poesía. Alí estaba a paixón e a semente dunha nova Galicia e dun novo galeguismo, algo que xa soñaran os rapaces de Xente Nova en Ourense, e antes e despois deles moitos outros”.⁷²⁴ Unha idea na que afonda Bautista Álvarez, asignándolle a *Brais Pinto* un posto claro na historia do nacionalismo, tendo ben presente a memoria do vello PG, aseverando:

⁷²² Declaracións de Méndez Ferrín in Freixanes, V.: *Unha ducia de galegos*, Vigo, Galaxia, 1982, pp. 242-243.

⁷²³ Conversa de Antón Moreda con Uxío-Breogán Diéguez e Antom Santos no Hospital de Calde, Lugo, Xaneiro de 2010.

⁷²⁴ Fernández Ferreiro, Xosé, *De Xente Nova a Brais Pinto*, Vigo, Xerais, 2012, p.90

“ ‘Brais Pinto’ foi unha maneira de facer política nacionalista, nun momento en que a represión da Ditadura non permitía outra forma de actuación. Algúns de nós, entre eles eu, pretendíamos a creación dun grupo para loitar contra o franquismo desde unha perspectiva nacionalista. Se ‘Brais Pinto’ ficou reducido a unha actividade exclusivamente cultural, coido que a súa transcendencia na historia de Galiza débese a que significa o agromar dunha xeración que quer continuar o legado do Partido Galeguista, cando ese legado estaba hipotecado polo grupo dirixente da ‘Editorial Galaxia’ ”⁷²⁵.

6.3.-O asociacionismo cultural e a reorganización nacionalista. O Consello da Mocidade.

A primeira reunión que celebra o enviado de Bos Aires con parte deste colectivo madrileño prodúcese na rúa do Noviciado, en Madrid, no bar *Región Gallega* no inicio da década daqueles sesenta do pasado século. Aló, Moreda faría un cumprido informe da situación do galeguismo bonaerense aos mozos galegos, aproximándoos á realidade do *Consello da Galiza* e da *Irmandade Galega*, así como da obra de Castelao, que algúns xa coñecían. O relato dá corpo, a ollos da xuventude, ás teses do nacionalismo de alén mar que combatía -ou directamente silenciaba- o grupo de Ramón Piñeiro con epicentro compostelán. Mais por cima de todo, trae a Galiza unha nova linguaxe política apoiada en termos, explicitamente pronunciados, como “militancia” ou “nación” (o grupo *Galaxia* prefería falar de “país” para evitar as inherentes derivacións terminolóxicas, coas súas ligazóns políticas).

Na práctica,ponse en andamento de maneira máis definida a reorganización nacionalista que no interior algúns xa arelaban⁷²⁶, poñéndose as bases da mesma en consonancia á ‘declación de intencións’ que o *Consello de Galiza* asinara un ano atrás, por volta de xaneiro do 1959, declaracións patrióticas que Moreda socializaría aquén mar⁷²⁷.

⁷²⁵ García Negro, Pilar, *40 anos da UPG, 40 preguntas*, Compostela, Fundación Bautista Álvarez, 2005. p.21

⁷²⁶ Os datos concretos desta conversa, in Méndez Ferrín, X.L.: “O patriota”, *Faro de Vigo*, 13/2/2010.

⁷²⁷ A declaración de intencións ficaban nun documento intitulado “Mensaxe do Segretario do Consello de Galiza”, baseado en cinco puntos e datado no 1º de xaneiro de 1959.

Neses inicios da década dos anos sesenta, logo do tempo de resistencia, tocaba a rearticulación comezando na Galiza un claro cambio de etapa. Observamos como se crea unha importante rede de entidades culturais de base, iniciada por *O Galo* en Compostela (1961), *O Facho* na Coruña (1963) e a *Asociación Cultural de Vigo* (1965), promocionando a cultura e idioma propios do país. Esta rede de entidades contaría coa colaboración, como conferenciantes, de galeguistas que participaran do vello PG, caso do xuíz, mais tamén investigador-arqueólogo, Fermín Bouza Brey ou, mesmo, Vicente Risco pouco antes da súa morte, quen semellaba querer axustar contas coa súa conciencia após o seu silencio nacionalista desde o verán do 1936. Este disertaría sobre historia da Galiza, convocado en Compostela pol' *O Galo*, ao pouco de se crear, nun multitudinario acto celebrado no 1961 nas instalacións do Hostal do Reis Católicos, ao pé da praza do Obradoiro.

Unha realidade que é debedora dos esforzos daqueles mozos que na década anterior mantiveran a chama galeguista, tendo un papel central os participantes dos encontros minervais⁷²⁸, axudados polos vellos galeguistas do entorno *Galaxia*. Así mesmo, é tamén nos inicios da década dos sesenta cando Celso Emilio Ferreiro, veterano das vellas *Mocedades Galeguistas*, viña de editar a súa magnífica obra *Longa noite de Pedra*, crítica da ditadura franquista editada no 1962 na colección de poesía 'Salnés' da propia *Galaxia* e diante da que marchara para Venezuela, por mor da censura franquista; desenvolvendo en Caracas un extraordinario labor xunto aos nacionalistas galegos aló exiliados, tal e como podemos observar capítulos atrás. *Longa noite de pedra* é contemporánea, por certo, á grande *Historia de Galiza* que saía do prelo nese tempo na capital arxentina, baixo a dirección de Ramón Otero Pedrayo e patrocinio do empresario galeguista Manuel Puente e da que participaron Lois Tobío, Vicente Risco, Isidro Parga Pondal, Luís Iglesias Iglesias, Xaquín Lourenzo e Florentino López Cuevillas, falecido naquela altura, a maioría membros do *Seminario de Estudos Galegos* (SEG) represaliados polo seu

Agradecemos a Manuel Mera a copia que nos pasou deste documento.

⁷²⁸ Vid. Gurriarán, Ricardo (coord.), *Un canto e unha luz na noite. Asociacionismo cultural en Galicia (1961-1975)*, Compostela, Consello da Cultura Galega e Fundación 10 de marzo, 2012.

ideario nacionalista⁷²⁹. E no ano 1963 Antón Fraguas, tamén galeguista represaliado polo franquismo, igualmente partícipe noutrora do SEG, sería nomeado director do Museo Municipal de Compostela, instalado no convento de Santo Domingo de Bonaval, cando se instituía o Día das Letras Galegas, unha celebración que ideara o membro da Real Academia Galega Francisco Fernández del Riego, co gallo do cen aniversario o 17 de maio da obra *Cantares Gallegos* (1863) de Rosalía de Castro. Púñanse as bases naquel tempo dunha reorganización, en toda regra, do propio país a partir dos restos e experiencias do tempo republicano. Os galeguistas eran, como non podía ser doutro modo, os que estaban a protagonizar aquela empresa, centrando o seu esforzo no ámbito cultural, sen aínda preocuparse centralmente por un ámbito, o político, que entendían imposible de articular, agardando a queda da ditadura.

Cando Fraguas era nomeado director do Museo Municipal de Compostela, Luís Seoane visitaba por segunda vez Galiza no 1963, a partir do seu exilio bonaerense⁷³⁰, logo de case tres décadas fóra da Terra. Daquelas pasaría na Coruña, xunto á súa dona, un par de meses dirixíndose a Madrid, onde desenvolvería a partir do 25 de novembro unha exposición pictórica no Museo de Arte Moderna. En Madrid viña de coñecer aos mozos de *Brais Pinto*, aos que advertira na súa primeira visita da chegada dun galeguista, Antón Moreda, enviado desde Bos Aires da man da *Irmandade Galega* e o *Consello de Galiza*.

A iniciativa coa que enviaran a Moreda os directivos do *Consello de Galiza*, centralmente, viña a ser a reorganización nacionalista na Terra. Logo dunha breve pausa por razóns de tipo vital e laboral deste nacionalista enviado desde América, así como dos mozos de *Brais Pinto*, operárase este campaña. A tal efecto, Moreda mantería varios encontros cos integrantes do grupo Brais Pinto, achándoos absolutamente receptivos. O labor proselitista de Moreda veríase interrompido por ser chamado polas autoridades franquistas para facer

⁷²⁹ Para o caso de Cuevillas, reeditábanse varias investigacións que realizara noutrora, até 1952, recollidas por Xesús Taboada Chivite, achegando este unha *addenda et corrigenda* final a aquelas. Esta *Historia de Galiza* editábase na *Editorial Nós* de Bos Aires, estando a obra dividida en tres tomos. Puente reservárase os dereitos da mesma.

⁷³⁰ Seoane realizaría a súa primeira visita a Galiza desde o exilio no ano 1959.

o servizo militar e, posteriormente, planificar e organizar a súa vida laboral en liña directa coa encomenda patriótica que lle dera o *Consello de Galiza*. Logo dunha tentativa empresarial frustrada, no 1963 Moreda comezaría a traballar, en calidade de comercial e por suxestión de Francisco Fernández del Riego, para o selo editorial *Galaxia*. Será este traballo o que multiplicaría a capacidade de intervención de Moreda e, xa que logo, do *Consello de Galiza* no interior entre aquela mocidade. Valéndose da mobilidade que lle permitía deslocarse polas principais cidades do país; contactando con todo o tecido galeguista que aínda sobrevivira ao/no franquismo, e que se aglutinaba en volta deste proxecto editorial dun ou doutro xeito. “*Eu era o que andava com a carteirinha repartindo livros e convencendo gente dum montom de cousas*”, contaríanos Moreda anos despois, vincando no frutífero do seu proselitismo⁷³¹.

En novembro do 1963 lanzarían desde Madrid os membros de *Brais Pinto* Bautista Álvarez, Reimundo Patiño e Xosé Antonio Arxona o premonitorio manifesto intitulado “Pola Unión do Pobo Galego”. Redixido fundamentalmente por Arxona, grande coñecedor e entusista do marxismo, sería fiel o documento ás proclamas patrióticas do *Consello de Galiza*⁷³²; actualizándoas en consonancia cos movementos de descolonización do Terceiro Mundo, o manifesto apelaba á *loita pola liberación nacional* da Galiza. En paralelo Moreda desenvolvería a denominada “Operación Paloma Mensajera”, artellada de maneira colexiada cos exiliados, e coordinada no ámbito nacional con Méndez Ferrín -co nome en español para evitar calquera posíbel suspicacia policial-, en favor da reorganización definitiva do nacionalismo galego na Terra a partir daquela mocidade nacionalista. Un reartellamento do que participarían os integrantes de *Brais Pinto* así como algúns dos máis activos membros da que se daría en chamar a mesa braseiro de Ramón Piñeiro, sita na súa morada

⁷³¹ Conversa con Uxío-Breogán Diéguez, Castro de Ribeiras de Lea, Novembro de 2001.

⁷³² Nomeadamente é de referencia a “Mensaxe do Segretario do Consello de Galiza” do 1º de xaneiro do 1959, no que o terceiro punto ficaba intitulado ‘A Unión do Povo Galego’, tal e como temos indicado liñas atrás, afirmándose que aquela unión xurdiría da man do “...*recordo da loita, da inxusticia e do crime (...) do culto común ós nosos Mártires (...) da da consagración dos seus ideás e da confirmación da xusticia e da verdade que iles defenderon, e pola que iles morreron*”, en palabras de Antón Alonso Ríos.

de Rúa Xelmírez 15-4º. Instituíase naquel inverno do 1963 o que se daría en chamar *Consello da Mocidade*.

O organismo definiríase como “consello” en ligazón e recoñecemento ao ignorado no interior *Consello da Galiza*, que perdera as súas pontes, como se marcou, co interior pola desafección dos dirixentes de *Galaxia*, pondo de relevo tamén quen sería o principal alento simbólico desta nova iniciativa. Pois os dirixentes do galeguismo aquí terra desprezaban abertamente a iniciativa que se estaba a ensaiar. Tamén como “xuvvenil”, dado que os seus integrantes serían, como en tantas ocasións na historia do nacionalismo galego, principalmente mozos e mozas.

A reunión fundacional decorrería cara mediados do mes de novembro do 1963 na cidade da Coruña, coa asistencia de “entre vinte e trinta persoas”. Malia o posicionamento contrario do entorno piñeirián, xunto a Moreda e os integrantes de *Brais Pinto* participaría da iniciativa mocidade afín a Piñeiro e García-Sabell, porque cumpría saber en todo momento o que se estaba a deseñar, cal era o programa e as actividades a desenvolver. Nese proceso participaron, entre outros, Xosé Luís Rodríguez Pardo, Xosé Luís Fontenla, Bautista Álvarez, Xosé Antonio Arxona, Reimundo Patiño, Luís Gonçalves Blasco “Foz”, María Xosé Queizán, Salvador García-Bodaño, Xosé Luís Méndez Ferrín e o propio Antón Moreda, que sería eleito secretario xeral. O organismo incubaba tensións que pouco tardarían en estoupar entre os que fixeran parte de *Brais Pinto*, maioritariamente de esquerdas, boa parte deles simpatizantes dos procesos de liberación nacional en Cuba ou Arxelia, con figuras centrais como Fidel Castro ou Ben Bella, fronte aqueles que facían parte do entorno de Ramón Piñeiro, como indicamos de ideario moderado no social e morno no nacional. Este, a través dos seus representantes oficiosos nesta iniciativa, caso de Xosé Luís Rodríguez Pardo, Xosé Luís Fontenla, Arcadio López Casanova e García-Bodaño para o caso, situaba o dilema nas discusións que tiñan estes mozos entre esquerda e dereita, cando na realidade se trataba da contradición entre organizar a loita nacional ou permanecer na indefinición política do ‘culturalismo’ galeguista, representado por *Galaxia* desde a súa fundación, en colisión coa aspiración dun Estado galego propio do vello galeguismo, así como das institucións galeguistas no exilio e do mesmo Moreda a partir dunha ampla irmandade nacionalista. De feito, e segundo

recoñece Gonçalves Blasco, Moreda procedía dunha tradición, a americana, que aínda soñaba coa irmandade de todos os galeguistas, incluíndo dereita e esquerda, iso si, baixo a consigna da reivindicación nacional: “*Quiça fosse esse o elemento que nos diferenciava de Moreda ao resto, que vinhamos com umha bagagem mais esquerdista*”⁷³³.

O *Consello da Mocidade*, segundo os seus deseñadores alén mar, tiña como epicentro a restauración da Galiza republicana, apostando os membros do organismo chegados de *Brais Pinto* por un frontismo nacionalista, inspirado en experiencias insurxentes como a alxeriana, encamiñado cara a construción dun Estado propio. Isto chocaba de cheo co galeguismo de Piñeiro que enmarcaba a Galiza nunha España integrada nunha Europa gobernada pola socialdemocracia. Un europeísmo que semellaba superador de posicións soberanistas, posición que semellaba incompatíbel co programa histórico do nacionalismo galego. En palabras de Xosé Luís Franco Grande -representante dunha nova xerazón de galeguistas atraídos polas prédicas de Piñeiro e, logo da marcha a Londres de Ramón Lugo no 1957, mozo de especial confianza do de Lánchara- : “...*ser europeísta quería dicir antifranquista, era unha maneira de manifesta-la nosa oposición ou o noso desprezo polo réxime de Franco*”⁷³⁴; onde obviamente a vía insurreccional armada ficaba fóra de todo deseño -primando a defensa dos elementos diferencias do pobo galego, co caso central do idioma-, así como a loita en favor dun Estado Galego.

Segundo parece, nas conversas informais do pequeno círculo do galeguismo dos sesenta comezaban a circular infundios fronte aqueles que se situaban nunha posición soberanista e de esquerdas, caso de Antón Moreda, Bautista Álvarez ou o propio Blasco. Mais que o que puideran ter estas actitudes de anecdóticas, interésanos revelar a liña argumental que seguiron os opositores á liña que representaba Antón Moreda, en definitiva, como marcamos, a do *Consello de Galiza*. Dado que a consigna da reorganización

⁷³³ Santos Pérez, Antom e Diéguez Cequiel, Uxío-Breogán, *Antón Moreda. Memoria do exilio...* Op. Cit. p 61.

⁷³⁴ Franco Grande, Xosé Luís, *Os anos escuros I. A resistencia cultural da xeneración da noite (1954-60)*, Vigo, Xerais, 1985. p. 109

nacionalista gañaba lexitimidade a cada paso, seducindo a xente máis nova pola súa propia forza, os adversarios recorreron a unha manipulación de certo efecto: a dunha suposta infiltración comunista. Lembraba o poeta Manuel María como “...[no grupo de *Galaxia* comezarían a dicir] *que non nos fiáramos de Moreda, porque non era galeguista, senón un perigosísimo infiltrado do Partido Comunista e a súa misión consistía en rematar co galeguismo e con Galaxia*”.⁷³⁵ No temor non había nada de verdade, nada máis lonxe da realidade. Aínda que si podían existir, como pegadas traumáticas, restos de experiencias de tempos relativamente recentes: *Piñeiro vivira na clandestinidade -sempre será un home marcado polas experiencias da clandestinidade- a praxe comunista, os sistemas de infiltración, os métodos para a utilización de xentes ou de institucións para converter outros en compañeiros de viaxe*.⁷³⁶ Tivese ou non raíces sinceras este temor, fose ou non produto de traumas da longa posguerra, o certo é que o “anticomunismo” do grupo *Galaxia* sería o pretexto para desatar a purga no Consello da Mocidade.

Nunha reunión de ámbito nacional celebrada no Bar Viño, na compostelá Praza de Mazarelos, a finais do 1963, os seguidores de Ramón Piñeiro gañarían numericamente os debates. O desenlace final viría o 7 de xaneiro de 1964. Nesa data daríase a expulsión, nunha asemblea celebrada desta volta en Lugo, onde residían parte dos activos do *Consello da Mocidade*, nomeadamente daqueles membros que Ramón Piñeiro “acusaba” de comunistas, caso de Antón Moreda, Bautista Álvarez, Xosé Antón Arjona, María Xosé Queizán, Reimundo Patiño e Xosé Luís Méndez Ferrín, entre outros. A xuntanza, segundo nos narra o mariñao tres décadas despois “...*acabou como o rosário da aurora, com todo o mundo a berrar*”.

Aquel desenlace do *Consello da Mocidade* non debería causar sorpresa: as sensibilidades contrapostas existentes no mesmo eran obvias e sen un común denominador válido para os dous bloques claramente definidos naquel, conceptualizando a actividade galeguista, a política, a sociedade e o propio país de xeito diametralmente. Como o catedrático Xusto Beramendi ten

⁷³⁵ Manuel María: “Antón Moreda”, in VV.AA., *Irmán Antón, historia...*, Op. Cit., 2000, p. 11-12.

⁷³⁶ Franco Grande, X.L. *Op. Cit.*, 1985, p. 151-152.

asinalado, no Consello “...predominaban posturas moi á esquerda das de Piñeiro e, sobre todo, a vontade común de crear un partido nacionalista”⁷³⁷, posturas que numericamente foron vencidas por entender Piñeiro que cumpría integrar a todos os efectivos que puidera para desfacer o que nunca tiña que ter existido, na súa lóxica político-organizativa.

Sexa como for, as motivacións desta persecución severa non tiñan en primeiro plano unha campaña anticomunista, malia contar cun peso específico, senón algo ben máis simples de inicio: aquela distinta concepción da Galiza e o seu futuro que enfrontaba ás dúas sensibilidades en liza. Realidade que se evindeciaría días despois da expulsión dos membros do *Consello* ‘acusados’ de comunistas. Na reunión que Moreda mantería con Piñeiro após a ruptura do *Consello da Mocidade*, e que dá tamén a perda do traballo daquel en *Galaxia*, o lanarés é moi claro: ‘Galiza non é unha nación e non ten sentido algún reivindicar a autodeterminación’. Polo tanto, a loita política estaba considerada inoportuna naquela conxuntura, tal e como a Perfecto López se lle deixara claro anos atrás na Rosaleda. Era, pura e simplemente, unha cousa inútil. Evidenciábase a ruptura do ‘galeguismo’ de Piñeiro coa súa tradición, patriótica, nacionalista, dando lugar a unha segunda delicada fractura, após a visita do primeiro enviado galeguista de América. Ao non definir Galiza como nación, o país deixaba de ser suxeito político. A acción deste ‘galeguismo’ piñeirián tiña por obxecto, en exclusiva, a posta en valor da lingua e cultura galega, sen ligazón algunha coas reivindicacións patrióticas que alimentaran a todo o nacionalismo do primeiro terzo do século XX; entendendo que era fulcral a galeguización das organizacións españolas que operaban na Galiza, o *entrismo*, a excepción daquelas de tendencia radicalmente marxista, posto que na cosmovisión política do propio Piñeiro só a social-democracia e a democracia-cristiá debían ser tidas en conta. Adicándose preferentemente a súa prédica galeguista á formación de notábeis que cultivaran as letras galegas, construindo institucións propias que mantiveran este axir.

E é que para Ramón Piñeiro semellaba que, coincidindo novamente con Xosé Fernández Ferreiro: “...o galeguismo case sempre resultou ser cousa de

⁷³⁷ Beramendi, Justo, *De provincia a Nación. Historia do galeguismo político*, Xerais, Vigo, 2008.

poetas e escritores. Ou sexa, penso eu, un movemento máis literario e cultural que político e ideolóxico. Nisto quedou, sigo cavilando eu, o galeguismo de Piñeiro, un home que non era nacionalista. O seu era coidar e ampliar a rede de adeptos, atraendo á mocidade, cando as novas xeracións -sobre todo despois da revolta estudantil do 68- xa non estaban moi de acordo coas súas ideas".⁷³⁸

Entre tanto, os integrantes do *Consello da Mocidade* censurados por comunistas irían co tempo posicionándose, abertamente, nese campo ideolóxico, ao que non estaban vinculados de inicio. Unha decantación que tería a ver cunha concepción combativa da política, ligada naquela altura, como dixemos, aos movementos anticoloniais, a maior parte armados e de corte marxista-leninista da década dos cincuenta e, sobre todo, sesenta -desde Vietnam a Cuba, pasando por Arxelia, Angola ou Moçambique-. E desde logo tivo a ver con aquela decantación as súas conviccións patrióticas, sensibilidade social e persecución anticomunista que padeceron, que os levaría a acreditar en que ese debía ser o seu campo ideolóxico de referencia, máxime en plena Guerra Fría, cando aqueles que fronte a eles se posicionaban os recoñecían como integrantes deste campo ideolóxico-político.

6.4.-Un novo nacionalismo. O nacemento da *Unión do Povo Galego (UPG)* e do *Partido Socialista Galego (PSG)*.

A ruptura do *Consello da Mocidade*, irreparábel por moito que se tentara a súa reorganización en marzo do 1964 -reuníndose Ramón Piñeiro e Domingo García-Sabell con Bautista Álvarez en Madrid,- adiantou no tempo as claves da evolución histórica do nacionalismo galego nas décadas posteriores. Aquel divorcio daría lugar ás dúas grandes ponlas ideolóxico-organizativas nas que o nacionalismo se iría desenvolvendo a partir deste tempo. Unha primeira comezaría a se desenvolver desde aquela ruptura, nomeadamente a *Unión do Povo Galego (UPG)*, e unha segunda cos anos, representada polo *Partido Socialista Galego (PSG)*, que malia existir nominalmente desde 1963, non daría un axir nacionalista até finais daquela década.

⁷³⁸ Fernández Ferreiro, Xosé, *De Xente Nova a Brais Pinto*, Vigo, Xerais, 2012, p.107-108

Ambas organizacións nacerían no seu xerme, así pois, antes do *Consello da Mocidade*. A *Unión do Povo Galego* (UPG) definiríase desde o inicio como unha organización nacionalista, favorábel á autodeterminación da Galiza, mentres que o PSG non se encadraría no ideario nacionalismo nun inicio, unha aposta que se produciría a cabalo entre finais da década dos anos sesenta e inicios da seguinte década, sendo ao inicio unha organización galega de ideoloxía socialista e europeísta que refugaría explicitamente das formulacións nacionalistas⁷³⁹. Pola contra, a UPG non só nacía con vocación eminentemente nacionalista, mesmo tentaría no organizativo ser unha formación frontista de corte patriótico galego, sendo partidaria da socialización dos medios de produción e gradualmente situado no comunismo.

O PSG nacera en agosto do 1963 no despacho do avogado Sebastián Martínez-Risco. Daríanse cita no encontro, entre outros, Salvador García Bodaño, Mario Orxales, Salvador Rei, Manuel Caamaño, Francisco Fernández del Riego e Cesáreo Saco, que actuaría como secretario da formación. Ramón Lugrís, asentado coa súa familia en Londres desde o 1957 como traballador dos servizos exteriores da BBC, ficaría responsabilizado do voceiro da que a formación socialista galega acordaba editar, o *Adiante*, nomeadamente entre 1966 e 1967⁷⁴⁰. Destacaba xa a figura de Xosé Manuel Beiras Torrado, que estaba a rematar a súa formación académica naquela altura entre Franza e Inglaterra. Malia que boa parte dos activos daquel PSG eran de sentir nacionalista, o certo é que nesta súa primeira etapa non imperou este ideario naquela formación. A pegada de Piñeiro estaba presente nas súas tres señas de identidade, ben visíbeis na publicación *Adiante*: “Federalismo, Socialismo e

⁷³⁹ Incluimos ao PSG neste apartado por ser produto do galeguismo ligado ao entorno do grupo Galaxia. Ora, cómpre lembrar que non era nacionalista este partido, afirmando no nº1 do seu voceiro *Adiante* (1965) que loitaban por “...un socialismo galego; pra axeitarmos as solucións socialistas á realidade social, económica e cultural de Galicia (...). O noso socialismo non é máscara de reacción. Non é nacionalista. É galego porque a Galicia se refire, mais ten conciencia do que hoxe siñifica ser socialista: síntese irmán dos socialistas españoles, decrálase europeísta, porque somentes nunha Europa socialista unida pode ter viabilidade unha Galicia xusta”.

⁷⁴⁰ Realidade que comenta nas súas memorias o propio Pérez-Barreiro Nolla e Teresa Barro. Vid. Pérez-Barreiro Nolla, Fernando, *Amada Op. Cit.* pp. 126-135 e 331-335

Democracia”. Nos seus primeiros anos non tería practicamente actividade militante, procurando presenza a través de manifestacións puntuais.

A UPG na súa xénese concibirase en outubro do 1963, dando lugar ao manifesto homónimo, ‘Pola Unión do Povo Galego’. Mais o seu axir daríase a partir da queda do *Consello da Mocidade*, como no caso do PSG. Formalizaba a súa existencia como formación política a UPG nun acto que se desenvolvía o 25 de xullo do 1964 na comostelá Rocha Vella, onde Luís Gonçales Blasco ‘Foz’ e Antonio Silva, membro este do *Partido Comunista de España* (PCE) - mais simpatizante da organización nacionalista-, coñecido como *Chuvieiras*, acharon o lugar perfecto para o encontro (re)fundacional do 1964. Un xantar no que se deron cita, para alén dos citados, e entre outros, María Xosé Queizán, Manuel Caeiro, Xosé Luís Méndez Ferrín e o exiliado galeguista en México Luís Soto, quen se faría cargo dos gastos. Antón Moreda, que viña e ser expulso do *Consello da Mocidade* cos máis novos deste grupo, xa non faría parte desta organización, ficando recluído ao pouco até o final dos seus días nun Centro Psiquiátrico en Castro Ribeiras de Lea. Moreda quedara traumatizado, para o resto da súa vida, após o proceso de purga que vivira no seo daquel *Consello* que viñera impulsar desde Bos Aires. O ambiente de irmandade no que se formara como nacionalista non tiña en absoluto a ver coas tensións de aquén mar; de aí que estivera ausente na creación desta nova organización nacionalista.

Os presentes ao encontro da Rocha, xunto a Bautista Álvarez, Xosé Antón Arjona, Reimundo Patiño e Celso Emilio Ferreiro, representados naquel encontro, serían o núcleo central do que partía a UPG e viñan de discutir e acordar meses atrás o seu programa mínimo, baseado nos seguintes dez puntos que agora oficializaban colectivamente como propios:

- 1.-*Galicia é unha nación, e como tal ten dereito á súa autodeterminación.*
- 2.-*O povo galego exercerá o poder en Galiza.*
- 3.-*Os meios de produción, distribución e creto pertencen ó povo.*
- 4.-*A colexitivación do agro comenará cunha etapa cooperativa, como fase previa a formas máis desenroladas de socialización.*
- 5.-*A pequena empresa e a industria artesá serán concentradas en unidades produtivas superiores.*

6.-A grande empresa capitalista será socializada dun xeito inmediato.

7.-A organización administrativa do campo galego terá por núcleos as agrupacións tipo Parroquia, que se integrarán na Bisbarra. O territorio urban será administrado por Concellos, compostos de Distritos.

8.-A educación estará ó servizo do povo.

9.-O idioma oficial de Galiza será o galego, de ensino obrigatorio.

10.-A liberación nacional galega non desbota o vencellamento federativo de Galicia ós demais povos da península⁷⁴¹.

O activista Gonçalves Blasco ten lembrado en diversas ocasións aquel proceso, indicando como os 'dez puntos':

*"... fôrom-se elaborando durante un longo proceso de reunions comezado já em 1963 quando se produz em Madrid o primeiro intento fundacional da UPG, interrompido polo fracassado projecto do Conselho da Mocidade. Mas a sua discussom e elaboraçom final fijo-se o 25 de julho de 1964"*⁷⁴².

Na mesma liña, ten indicado Bautista Álvarez como nos meses previos se desenvolverían diversos encontros e discusións en favor do que acabaría sendo aquela UPG, indicando:

*"Formalmente, a constitución da UPG, tivo lugar en Santiago de Compostela o 25 de Xullo do 1964 (...). A min tocoume vivir esta fase en Madrid, onde residía daquela. Eu non estiven en Santiago de Compostela o 25 de Xullo, pero os compañeiros que participaron na reunión fundacional contaban coa miña anuencia sobre os puntos programáticos substanciais da UPG, que foran elaborados con anterioridade nos meses precedentes"*⁷⁴³.

⁷⁴¹ A escrita é a que textualmente se recolle no primeiro documento no que se poden ler estes puntos, nomeadamente *Terra e Tempo* nº1, 1965.

⁷⁴² González Blasco, Luís, "Algo sobre Brais Pinto e as minhas relacións com o fato", in *Agália* nº63-64/2º Semestre, AGAL, Ourense, 2000.

⁷⁴³ García Negro, Pilar, *40 anos da UPG... Op. Cit.* p.9

A UPG, e ao pouco o PSG, representaron unha nova etapa na historia do nacionalismo galego; acorde ao tempo no que nacían, onde distintos movementos de liberación nacional estaban a xerminar, tendo o caso máis evidente en África. Integradas ambas formacións por unha nova xeración de galegos e galegas, sen relación directa coa Galiza republicana, salvo certas excepcións a partir de familiares, a que conformaban e mantiñan estas dúas organizacións. As dúas organizacións procuraron a creación ou integración en asociacións culturais, proceso reforzado a partir da nova lei franquista de asociacións do 1964, tendo como entidades senlleiras das que participarían xa de inicio, *O Galo* de Compostela e *O Facho* da Coruña, respectivamente, tentando tamén a través delas trasladar o seu ideario á sociedade galega.

Non é estraño observar como a UPG, a diferenza do PSG dos primeiros anos, imprimiría unha acción en clave anticolonial e rupturista con España, dando cobertura aos movementos populares que nese final do franquismo se estaban a dar, reportándolle esa práctica presenza e dimensión nacional. Movementos sociais ligados, dunha banda, ao mundo do traballo e, sobre todo, doutra, ao mundo rural nun país, aínda, eminentemente labrego. Serían as mobilizacións populares no concello ourensán de Castrelo de Miño no 1965, fronte á construción dun encoro para aproveitamento hidroeléctrico, no que a UPG faría a súa primeira aparición pública de relevo, editando unha volantina intitulada “Xustiza si, embalses non”, así como o seu primeiro ‘Denuncia’ intitulado *Fenosa contra os labradores do Castrelo de Miño*. Participando tamén o PSG na crítica á construción daquel encoro, onde se podía ollar a pegada intelectual de Xosé Manuel Beiras -que ao pouco introduciría no discurso galeguista da altura do que derivaba a teoría do ‘colonialismo interior’ de Robèrt Lafont, concepto central da que sería a súa obra sobranceira ao pouco: *O Atraso Económico de Galiza*⁷⁴⁴, editada pola editorial *Galaxia*-. Logo virían, ao igual que no 1963, outra serie de conflitos populares en diversas localidades galegas (Mazaricos, Castrelo do Val, As Encrobas, Baldaio ou Xove) nos que o nacionalismo galego cobraría unha notábel presenza.

⁷⁴⁴ Obra derivada da súa Tese de Doutoramento, que causou unha expectación de grande relevo naquel tempo histórico. *Vid.* Beiras Torrado, Xosé Manuel, *O atraso económico de Galicia*, Vigo, Galaxia, 1973.

Rivalizaría cunha esquerda española nucleada arredor do Partido Comunista de España (PCE), que até a altura monopolizaba o antifranquismo político organizado, tendo no mundo do traballo o seu maior peso e forza a través dunhas *Comisiones Obreras* que operaban desde finais da década dos '50⁷⁴⁵ a partir do *entrismo* nas estruturas que o rexime franquista tiña consolidado entre a clase traballadora e empresarial, nomeadamente o sindicalismo vertical asentado na *Organización Sindical Obrera* (OSE). Un *entrismo* que daría como resultante que o clandestino PCE tivera entre os cadros medios daquel sindicalismo a numerosos activistas, quer en España quer na propia Galiza; presenza coa que non contaba o nacionalismo galego. Ora, algúns daqueles cadros e activistas da organización comunista española, cómpre facer notar, tiñan consciencia nacional galego. Un substrato ideolóxico que ao tempo tería valencia política, contribuíndo algúns destes á presenza que nese mundo do traballo pretendía o nacionalismo galego nos finais da década dos anos sesenta.

6.4.1.-O primeiro desenvolvemento da UPG e do PSG. As relacións iniciais do novo nacionalismo galego co galeguismo de alén e aquén mar.

Nos antecedentes de ambas organizacións estaban o grupo *Brais Pinto* e o fugaz, mais relevante, *Consello da Mocidade*, como vimos; mais tamén a longa experiencia e bagaxe do exilio galego fixado, fundamentalmente, en América do Sur e, para o caso do PSG en particular, o axir do grupo *Galaxia*. A UPG como o PSG terían relación directa co vello nacionalismo; en ambas as dúas organizacións notarase a presenza sobranceira de figuras exiliadas e/ou represaliadas do galeguismo, como Luís Soto, Luís Seoane, Carlos Velo, Xohán López Durá ou Rufo Pérez⁷⁴⁶, no caso da UPG; ou Francisco e Domingo Fernández del Riego ou Sebastián Martínez-Risco, entre outros, no

⁷⁴⁵ De especial interese para o coñecemento das Comisiones Obreras en Galiza son diversos estudos alentados por Víctor Santidrián. Vid. Gómez Alén, José e Santidrián Arias, Víctor Manuel, *Historia das Comisións Obreiras de Galicia nos seus documentos*, Sada, Edicións do Castro, 1996.

⁷⁴⁶ Rufo Pérez non chegaría a marchar ao exilio americano, mais sería represaliado a primeira hora diante do golpe militar do '36, como activo da *Federación das Mocidades Galeguistas* que era naquela altura.

caso do PSG, tendo desde un inicio como figura destacada na organización a Xosé Manuel Beiras, fillo do galeguista do vello PG Manuel Beiras, para alén do alento de Ramón Piñeiro no inicio desta organización. Parello ás esperanzas que depositaba Piñeiro no PSG, vía perfectamente como a UPG se aliñaba co que o *liberado* do galeguismo relanzado conceitualizaba como adversario a nivel internacional: o comunismo. Sería ben explícito ao respecto Ramón Piñeiro cando o nacionalista galego asentado en Barcelona Basilio Losada tente un acercamento, diante da súa creación, entre a UPG e o grupo *Galaxia*:

“...vexo que segues pescudando o entramado ideolóxico do galeguismo e que xa nos fuches situando [grupo Galaxia] dentro dos esquemas marxistas. Vexo tamén que segues interesado en tender pontes entre nós e mais a UPG [...]. Na miña opinión, o comunismo é unha forma política demasiado primaria, como ocorre con tódalas tiranías [...]. O comunismo aínda é marxista; a realidade, non. [...] O fututo político da humanidade é o socialismo.[...] Mentres o comunismo sexa marxista [...] non hai colaboración posible...”⁷⁴⁷.

Piñeiro manteríase hermético coa UPG, tendo unha presenza decisiva, mais discreta no PSG, orientando as súas relacións e ámbito ideolóxico, de cara a que participara a formación socialista galega dunha socialdemocracia europea e europeísta que collía folgos. Afirmaría neste senso Ramón Piñeiro que:

“...acompañei aos socialistas galegos a Italia para que participaran nunha reunión preparada por Pallach e convocada polo Partido Socialista Italiano de Pietro Nenni para que os diversos grupos socialistas do interior puideran debater libremente os seus problemas e puntos de vista (1965?) e tamén unha xuntanza similar celebrada en Alemaña (1966?) convocada pola Fundación Ebert e celebrada no edificio que esta fundación ten entre Köln e Bonn”⁷⁴⁸.

Esas relacións darían os seus froitos, sobre todo a efectos dunha cobertura material e económica que posibilitaría escapar da represión dunha

⁷⁴⁷ Carta enviada o 24 de decembro do 1964 por Ramón Piñeiro ao profesor Basilio Losada, a partir dunha misiva que este lle enviara con data do 16 de decembro. *Vid.* Barros, Miguel, *Ramón Piñeiro e a revisión do nacionalismo*, [vol.2], Vigo, Galaxia, 2009. p.484-486

⁷⁴⁸ Barros, Miguel, *Ramón Piñeiro. Nas olladas... Op. Cit.* p. 122-123

ditadura franquista aínda vizosa. De aí que o voceiro do PSG, *Adiante*, se imprimira en Perpignan, no sul da Franza; financiando a publicación o socialista galego, disidente do PSOE, José Calviño Ozores, segundo o delegado do *Consello de Galiza* para Europa, Javier Alvajar López, asentado en París -fillo de quen representara antes na Europa ao *Consello*, César Alvajar Diéguez, e da nacionalista Amparo López Jean-.

O nacionalismo exiliado ficaba moi pendente destas dúas organizacións, e o delegado en Europa do *Consello de Galiza*, deixaría constancia destes feitos nun informe que remitía á dirección do Consello en Bos Aires. Alvajar indicaría no seu informe, datado o 27 de Decembro de 1967 e dirixido a Manuel Martínez Lamela, daquelas coordinador xeral do *Consello de Galiza*, que “...o señor Piñeiro en unión de [José] Calviño Ozores e dous ou tres amigos máis, formaron relativamente fai pouco tempo o Partido Socialista Galego, rachando todos os lazos que tiñan co PSOE. O propio Calviño, segundo me informou o Sr.Llopis⁷⁴⁹, foi expulsado do partido con motivo da fundación do PSG e da aparición do primeiro número do xornal *Adiante*, que xa remitin no seu momento. Este pequeno grupo de socialistas galegos están intimamente ligados a Alianza Sindical Obreira, que dirixe Pallac e que conta coa axuda económica dos sindicatos alemáns e norteamericanos. A primeira aportación destes sindicatos a ASO acadou a cantidade de doce millóns dos antigos francos”⁷⁵⁰. Este testemuño excepcional de Alvajar, no que aparece como fonte de información Rodolfo Llopis, no momento, deixa ás claras as “perigosas” relacións de Ramón Piñeiro, en palabras de Xosé Ramón Ermida Meilán⁷⁵¹, posto que a *Alianza Sindical Obrera* (ASO) -en oposición á CNT, UGT e a *Solidaridad de Trabajadores Vascos*- era un instrumento central do Departamento do Estado norteamericano na súa loita contra o comunismo en Europa, tamén no Estado Español.

⁷⁴⁹ Secretario xeral do PSOE e antigo Ministro da II República.

⁷⁵⁰ Alvajar López, Javier, “Apuntes sobre la delegación del Consejo de Galicia en Europa (III)” in *Anuario Brigantino* nº13, Betanzos, Consello de Betanzos, 1990, p.158

⁷⁵¹ Ermida Meilán, Xosé Ramón, “O Consello da Mocidade, os días e os feitos” in Diéguez Cequiel, Uxío-Breogán (coord.) *Da reorganización patriótica na Terra.O Consello da Mocidade (1963-2013)* in *A Fondo* nº47, *Sermos Galiza*, 12/12/2013. p.7

As referencias do *Consello de Galiza* aquén mar, nesta orde de cousas, pasaban pola UPG, sendo de referencia na estrutura da mesma naquela altura Bautista Álvarez, Xosé Luís Méndez Ferrín, Xesús Sanxoás, Henrique Arguindey, Carmiña Graña e outros militantes que se írían incorporando ao pouco nos finais da década dos sesenta, caso de Xosé González Martínez, Xosé Manuel García Crego, Margarita Ledo Andión e, sobranceiramente, Xosé Ramón Reboiras Noia. O grupo íría tendo tal activismo que o vello ‘gobierno galego no exilio’ chegaría a establecer un estreito contacto naquela segunda metade dos anos sesenta coa UPG. Recoñeceríanse ambas organizacións como entidades irmás e necesitadas de traballaren xuntas. Afirmaría Alvajar neste senso que “... os nosos conselleiros en Galicia dannos información de incorporación de moitos dos nosos homes á Unión do Pobo Galego...”, feito visto por este con simpatía ⁷⁵². Unha realidade pouco coñecida e de grande relevo, fronte a idea de seren exilio e interior, diante daquela recomposición, realidades sen ligazón algunha. Nos anos finais da década dos sesenta a UPG semellaba ter unha presenza maior por toda Galiza da que realmente tiña, de non máis de medio cento de activos, en base a ducias de pintadas que realizaría -sobre todo a partir do 1967-, por muros e balados co seu símbolo de referencia: unha espiral cunha fouce, un martelo e unha estrela de cinco puntas, apelando en favor dunha ‘Galiza Ceibe’.

O *Consello de Galiza* ficaría especialmente sorprendido polo activismo dos integrantes daquela formación. Formación que se encargaría do espallamento da folla volandeira que o *Consello* editaría co gallo do Día de Galiza do ano 1969, asinado ‘nun lugar da Terra’ e no que se podía ler:

*“Galegos! Neste noso Día Nacional que fai que os galegos lembren o seu pasado, mediten encol do presente e fagan pláns pro seu futuro, unha soia determinación debe acompañarnos: Solidaridade prena entre nós que nos leve, en pechada e estreita unidade, a derrubar o aparato estatal opresor a fin de que alumee o día grandeiro de Galicia”*⁷⁵³.

⁷⁵² Alvajar López, Javier, “Apuntes sobre la Delegación ... *Op. Cit.* pp. 170-171

⁷⁵³ Documento intitulado *Consello de Galiza. Saudo os Galegos no seu Día Nacional*, asinado “dende un lugar da Terra” [aínda que sabemos que a tiraxe e redacción fíxose no exilio] con data de 25 de xullo do 1969.

Aquel ano 1969 sería a antesala dun novo Día de Galiza celebrado aquén terra, por vez primeira desde o '36 con contido netamente político en chave nacionalista, malia ser duramente perseguido pola policía, da man desta nova fornada de patriotas galegos. Estes acordaban repartir unha follas volandeiras propias, para alén das do Consello de Galiza, téndoas preparadas desde inicios de abril daquel ano. A investigadora Cilia Torna tennos indicado, recentemente, como se concretizaría aquela iniciativa de cara ao 25 de xullo en plena ditadura franquista, na liña do que o histórico militante e historiador Xosé Estévez nos ten ratificado en diversas ocasións:

“[a UPG] enviaría na Semana Santa de 1969 a Fernando Campos Posse, para nós “Campos de Lalín”, aínda que era natural da Coruña, a Xavier Pousa, o pintor de Goián, e a Pepe Torres, que posteriormente encabezou unha manobra fraccional para satelizar á UPG da esquerda española, á reitoral que rexentaba Xosé Estevez na Fonsagrada para preparar a tirada do material do Día da Patria Galega dese ano”.

Efectivamente, aquel material sería repartido na madrugada do Día de Galiza daquel 1969, preludio do acto máis notábel daquela xornada: á saída da misa celebrada en Santo Domingos de Bonaval daquel ano en homenaxe a Rosalía de Castro, ao final do canto do himno galego, o activista da UPG Bautista Álvarez berraría *Viva Galiza Ceibe!*, secundado por algúns dos vellos galeguistas presentes. Froito desta proclama daríase un balbordo entre asistentes ao acto e policía infiltrada no mesmo -habituais neste e outros actos do antifranquismo-. Serían detidos no casco vello compostelán varios dos participantes na misa rosaliana, sendo retidos durante vinte catro horas Xaime Illa Couto, militante histórico da FMG, directivo de *Galaxia* e catedrático en exercicio, xunto ao médico ourensán Carlos Guitián Rodríguez. As reaccións non se deixaron esperar, tendo presenza o sucedido en diversos medios de comunicación galegos e foráneos, dándose un movemento importante en favor da excarceración de Illa Couto e Guitián Rodríguez. Estes, finalmente, non pasarían a disposición militar⁷⁵⁴, sendo aquel feito un revulsivo para os

⁷⁵⁴ “Los dos detenidos ayer en Santiago de Compostela, han sido puestos en libertad” in *La Vanguardia Española*, 27/07/1969 p.5

nacionalistas de cara ao seguinte 'Día de Galiza' que sería rebautizado como 'Día Nacional-Popular' e 'Día da Patria Galega'. Así, o 25 de xullo do 1970 terían maior presenza as proclamas patrióticas en Compostela, amencendo a Alameda da cidade cunha faixa pendurada das árbores, da man da UPG, coa lenda 'Viva Galiza Ceibe e Socialista', para xa no 1971 aparecer a cidade con numerosos exemplares do voceiro *Terra e Tempo* espallados polas súas rúas. Compostela de aí en diante sería o lugar no que aquel 'nacionalismo popular' iría desenvolvendo, con importantes enfrontamentos coa policía franquista, o 25 de xullo.

Entre tanto, no 1968 nacera o *Partido Comunista de Galicia* (PCG), da man do *Partido Comunista de España* (PCE), que editaría a partir do 1969 o seu voceiro, *A Voz do Pobo*. O PCE observaba con preocupación un nacionalismo galego que demostraba unha elevada capacidade militante, a partir da que disputaba a súa hexemonía e referencialidade antifranquista á organización española na Galiza. O perigo para o PCE era obvio, tendo que enfrontar o embate da organización nacionalista. De feito, a UPG frontista logo de teorizar a súa conversión en 'partido comunista da Galiza', faría campaña contra a organización comunista española actuante na Galiza. Aseveraría a UPG, neste senso, que a creación do PCG respondía a unha 'manobra oportunista' do partido español para tentar gañar militancia na Terra. Era unha realidade sobre a que xa alertara a organización nacionalista nun documento, editado un anos atrás, intitulado *Encol da eventual creación dun Partido Comunista de Galicia polo P.C.E.* . Efectivamente, aquel sería un pulso que darían as dúas formacións políticas, tendo de inicio o PCG un importante tecido, historicamente macizo na Galiza a partir das estruturas do PCE, e nucleado arredor da figura do histórico Santiago Álvarez Gómez (1913-2002). Chegaría a contar nas súas fileiras con destacados militantes antifranquistas non só da vella garda, se non tamén das novas xerazóns, caso do monfortino Antom Arias Curto, que daquelas contaba con vinte e cinco anos e aínda non faría parte do nacionalismo, como anos despois.

Sexa como for, a UPG sobre todo fixaría a súa rivalidade principal nos seus primeiros anos de vida co PSG, para alén . Esta última formación até a altura sería un partido de cadros, dispersos, 'un clube político que intigra ou

que fai conxura política', en palabras do seu destacado membro Xosé Manuel Beiras⁷⁵⁵, fronte unha UPG altamente organizada e altamente dinámica e compacta, que tentaba organizar e hexemonizar o campo netamente nacionalista, tal e como vimos. Un traballo este que se desenvolvería con epicentro no mundo do traballo, e sen desatender a inicios da década dos setenta un achegamento ao sector nacionalista da formación socialista, arredor da propia figura de Beiras. Unha vez a UPG abandona a súa primeira faciana organizativa, dando paso á formulación de "partido comunista de Galiza" cara 1972, procuraríase arrastrar ao PSG a un nacionalismo politicamente explícito e militante no eido social, compartido ideoloxicamente por boa parte dos integrantes da formación socialista, malia a súa moderación.

Ao PSG se lle presenta esta campaña da UPG nos inicios da década dos anos setenta nunha nova etapa, na que incluso editaría un novo voceiro - xa a partir de xuño do 1969- denominado *Galicia Socialista*, que cumpriría a función do que desde 1965 fora o *Adiante*. No 1972 sería eleito Xosé Manuel Beiras secretario xeral da formación socialista e tentaríase unha práctica social que anteriormente non tivera a formación, facendo parte no 1974 da *Conferencia Socialista Ibérica* xunto ao PSOE, o *Moviment Socialista de Catalunya*, o *Partit Socialista del País Valencià* e a *Unión Sindical Obrera*, para dous anos despois contribuír á creación da efímera *Federación de Partidos Socialista* (FPS), xa sen a presenza do PSOE. Entre tanto atraera para si no 1975 ao *Movimento Socialista Galego*, impulsado por Alfonso Álvarez Gandara e Francisco González Amadiós, do que faría parte, entre outros, Xosé Luís Bóveda Álvarez, fillo de Alexandre Bóveda. O PSG deste xeito estaba a articular un campo político propio, dándolle socialmente unha introdución que na década anterior non tivera, polo que para a UPG volveríase máis atractiva aquela formación de cara a dar sentido a unha estratexia frontista na Galiza, unha relación que non ficaba exenta de tira-puxas, ao contrario. Cara mediados da década dos setenta integraríanse no PSG outros militantes de grande valía, caso de Carlos Martínez, Xusto Beramendi, Luís Mariño e Santiago Jiménez entre outros, que contribuían a afortalar o proxecto socialista galego. Un tempo

⁷⁵⁵ Fernán-Vello, Miguel Anxo e Pillado Mayor, Francisco, *A nación incesante. Conversas con Xosé Manuel Beiras...* Op. Cit. p.158

no que o PSG conseguiría articular no eido universitario unhas activas mocidades, caso da súa *Mocidade Socialista de Galicia*.

A UPG entre tanto, apostaba decididamente pola construción dunha “estratexia frontista de liberación nacional”, tentando integrar na mesma a aquel PSG e obter o mesmo resultado que nos países de África ou América do Sur daría esta estratexia. Naquelas latitudes a unión das clases populares nun bloque “nacional-popular” poría en xaque ás respectivas potencias imperialistas. Entre as distintas experiencias patrióticas antiimperialistas que no plano internacional desenvolveron con éxito a devandita dinámica frontista, tería un central relevo para o nacionalismo galego o caso alxerino, así como ao pouco o vietnamita ou mozambicano. Así, pois, procuraríase a UPG a unidade de “todos os patriotas galegos”, chamando ao PSG en favor deste cometido e a ‘descolonización’ do país, así como un Estado propio. Unha formulación que sería acollida positivamente polo partido socialista, dando lugar no 1973 ao *Texto conxunto encol de Galicia*, nun marco presidido polas mobilizacións operarias que un ano atrás se deran lugar arredor de Ferrol e Vigo e nas que dous obreiros serían asasinados na cidade departamental, Daniel Niebla e Amador Rei, para alén de centos de feridos, detidos, multados e expedientados e que pasaría ao calendario político galego desde aquela altura como *Día dos Obreiros Heroicos*, rebautizado co tempo, e até os nosos días, como *Día da Clase Obreira Galega*⁷⁵⁶. Foron aquelas mobilizacións, como máis adiante se desenvolve en maior medida, as que comezarían a lle dar ao nacionalismo galego unha presenza de seu, a partir dos denominados ‘xérmolos sindicais’.

Naquel ano 1972 os vellos galeguistas menos seguidistas da figura de Ramón Piñeiro aínda mantiñan viva a memoria republicana e, no marco desta, do PG de Castelao e Bóveda. No ourensán xardín do Posío adicábaselle o *Día das Letras Galegas* no 17 de maio a Valentín Lamas Carvajal. Carvajal, nacido en Ourense no 1849, poeta e director de xornais como *El Heraldo Gallego* e do

⁷⁵⁶ O epicentro das mobilizacións situaríase en Ferrol, onde os traballadores da empresa *Bazán* estaban a loitar por un convenio colectivo digno. As mobilizacións extenderíanse a outras cidades e vilas do país, destacando Vigo, onde outros traballadores tiñan semellantes reivindicacións. As mobilizacións estarían acompañadas por unha forte represión policial, dando lugar para o caso ferrolán ao asasinato dos operarios Amador Rei e Daniel Niebla, para alén de múltiples represaliados con cárcere, multas e sancións administrativas.

primeiro periódico redixido integramente en galego, *O Tío Marcos da Portela*. Esta homenaxe do Posío serviría para o reencontro de moitos daqueles galeguistas, silenciados (e atemorizados) pola barbarie franquista. Algúns dos reunidos no devandito acto tiveran grande relevancia no marco da II República, militantes do *Partido Galeguista*, caso de Eleuterio, ‘Leuter’, Salgado e Ramón Otero Pedrayo. Pedrayo fora, xustamente, o encargado de pronunciar o discurso votivo en homenaxe ao poeta cego, “Carvaxal” que dicía o petrucio. De Lamas Carbajal afirmaría Pedrayo naquela ocasión que “...sostivera combates ásperos culpa das circunstancias...” en defensa, sempre, de Galiza. Na súa acendida disertación, diante do cento de persoas que ficaba no acto congregadas, daría conta o ourensán con enorme sentimento de admiración e respecto, do compromiso vital de Alexandre Bóveda⁷⁵⁷. Isto acontecía cando saía do prelo a magnífica obra *Vida, paixón e morte de Alexandre Bóveda*, da autoría de Xerardo Álvarez Gallego, exiliado galeguista en Cuba. Vía esta obra a luz no exilio bonaerense da man do selo *Edicións Nós*. Un libro que transmitía a fortaleza ideolóxica e sentimental do que fora secretario de organización do PG republicano. Un libro, en definitiva, que, “...dada a calidade literaria que posúe e o rigor histórico que amosa [merece estar] a carón de Sempre en Galiza en toda sas bibliotecas da nosa Nación...” en palabras de Alfonso Álvarez Cáccamo⁷⁵⁸. Esta obra de xeito clandestino entraría na Galiza e sería, certamente, xunto ao *Sempre en Galiza*, un libro de referencia para as novas xeracións de nacionalistas galegos e galegas. E é que o relevo das letras tomaba na clandestinidade unha dimensión maior que nun ambiente de normalidade. Na edición e impresión de textos non só o exilio americano era protagonista. Cara aos anos sesenta do pasado século, en grande medida pola grande vaga migratoria, o continente europeo tería non pouca importancia. Por exemplo, e en relación aos operarios de Ferrol asasinados en marzo do 1972 e á represión golpista do 1936, achamos como se publicaba no 1973 en Suíza o poemario *Mortos porque Galicia viva*, de Darío Xohán Cabana, que asinaba por mor da represión clandestina como Daniel Méndez O’Donell. A devandita

⁷⁵⁷ Tal e como nos ten lembrado Xosé Luís Bóveda Álvarez, fillo de Alexandre Bóveda Iglesias.

⁷⁵⁸ Alfonso Álvarez Cáccamo, “Bóveda. Xerardo. Sesto: Galiza”, prólogo á (re)edición galega do *Vida, Paixón e morte de Alexandre Bóveda*, eds. A Nosa Terra, Vigo, 1996. p. 9

publicación contiña catro poemas adicados a Daniel Niebla e Amador Rei, Alexandre Bóveda, Castelao e Roi Xordo. Unha obra esta, que ficaba enmarcada nas *Edicións Bóveda*⁷⁵⁹. Abríase naquela altura unha nova e rica etapa da historia do nacionalismo galego.

⁷⁵⁹ Agradecemos a Darío Xohan Cabana que nos amosara e cedera do seu arquivo este poemario.

IVº CAPÍTULO.

Do novo nacionalismo galego á estratexia frontista.

7.-NOVAS FORMULACIÓNS PARA UN TEMPO NOVO. A UPG E O SEU PRIMEIRO ACTIVISMO.

A *Unión do Povo Galego* (UPG), como se marcou, tería unha ligazón notábel co exilio galeguista, nomeadamente co grupo de Venezuela e México. Neste último país saía do prelo, por volta de 1965, o primeiro número do seu voceiro, *Terra e Tempo*. Facíao da man do grupo encabezado por Luís Soto. Este viña de regresar á capital mexicana logo de ser expulsado da Galiza, após a súa participación na fundación desta organización e logo dun 25 de xullo daquela ano, no que a UPG procuraría unha nova xuntanza en Compostela, logo do encontro fundacional un ano atrás, que non tería reunido as necesarias medidas de seguranza propias da clandestinidade. O número cinco do *Terra e Tempo* (TT) editaríase no 1966 en Caracas, capital venezolana. Estes primeiros números aínda non podían ser editados na Galiza por mor dunha falta clara de medios que fixeran plausíbel escapar da represión franquista. No 1968 un dos cofundadores da UPG, Xosé Luís Méndez Ferrín, literato xa naquela altura recoñecido após unha década do nacemento de *Brais Pinto* e as *Festas Minervais*, participaría dos actos organizados polo bonaerense Centro Ourensán co gallo do Día das Letras Galegas, en lembranza da obra *Cantares Gallegos* de Rosalía de Castro. Un episodio lembrado por Bieito Cupeiro (1914-1993) noutrora:

“A noite do 17 de maio de 1968, no casal do Centro Ourensán, tivo lugar o enceto dos Xogos Florais do Idioma Galego, como celebración, á vez, do Día das Letras Galegas. E o día 31 de agosto ás 18horas, no Salón Dourado do Concello Deliberante da Municipalidade da cidade de Bos Ares, reaizouse o acto de fechamento. O presidente foi D. Manoel Ponte, e de mantedor fixo Xosé Lois Méndez Ferrín, vindo adrede desde a Terra, convidado polos orgaizadores (...). Por estas alleias rúas porteñas chegouse a facer común escoitar a língoa galega, e mesmo ocurría nos cafés, nos vehículos do transporte ou en calquera outro lugar público”⁷⁶⁰.

⁷⁶⁰ Cupeiro Vázquez, Bieito, *A Galiza de alén mar*, Sada, Ediciós do Castro, 1989. p.55

Ao igual que o nacionalista de aquén mar Méndez Ferrín fora a Bos Aires, un daqueles galeguistas que ficaban exiliados alén mar viña de se asentar naquel 1966 na capital española. Era Ramón de Valenzuela que traballaría en Madrid como mestre no *Colegio Cisneros*, ensinando tamén Xeografía e Historia de Galicia no *Círculo de Estudios Gallegos* que funciona no *Clube de Amigos* da UNESCO, grupo co que o núcleo central da UPG asentado en Madrid tería grande relación. Tal e como lembra Bautista Álvarez:

“Pechadas as portas do Centro Galego, entramos polas do Clube de Amigos da Unesco, actuando co nome de “Secretariado da Cultura Galega”. Tamén aquí caíron as represalias do Ministerio de Gobernación. Mesmo así é de salientar que dentro do Clube desenvólvese un labor importante para a creación de conciencia nacionalista entre os galegos residentes en Madrid, principalmente estudantes”⁷⁶¹.

Valenzuela tamén mantería unha relación estreita co grupo *Brais Pinto*, de feito este fato publicaralle no 1974 *O Naranxo*, o seu libro senlleiro de relatos. Nestes anos, Valenzuela pronunciaría numerosas conferencias sobre temas galegos⁷⁶². Observamos que daquelas o nacionalismo de aquém mar daríalle o relevo, a pouco definitivamente, ao movemento patriótico galego de alén mar. Descansará o *Consello de Galiza* no novo nacionalismo galego a representatividade que ostentaría desde inicios dos anos corenta. Lembremos que cando a UPG se constituía, o presidente/secretario do goberno galego no exilio, Antón Alonso Ríos, contaba con setenta e sete anos e Rodolfo Prada con oitenta e dous anos; semellante era o caso de Manuel Puente, que tiña oitenta e catro, tendo falecido dous anos atrás Elpidio Villaverde e falecendo, ao pouco, Ramón Suárez Picallo. O galeguismo de alén mar estaba a quedar sen os seus referentes históricos, complexizándose cada vez máis a edición do

⁷⁶¹ García Negro, Pilar, *40 preguntas... Op. Cit.* p. 23

⁷⁶² Nunha delas, celebrada no 1976 na Facultade de Económicas de Compostela, desataría unha forte polémica. Logo sería publicada por Akal co título “Historia do Galeguismo Político” Preséntase como candidato polo PCG nas eleccións xerais da primavera de 1979. *Vid. Igrexas, Manuel, “Ramón de...” Op. Cit.* p. 16

emblemático voceiro *A Nosa Terra*; ora, tendo posibilitado anos atrás un relevo na propia Terra e nun novo tempo, que daría aquela eclosión de mediados dos anos sesenta, a partir do *Consello da Mocidade*, así como unha vizosa realidade frontista da man da UPG a partir da década dos setenta do pasado século XX. Entre finais da década dos anos sesenta e inicios dos setenta, unha nova fornada de militantes nacionalistas integrárase nesta formación política, sendo aquel período o das mobilizacións estudantís do 1968 e as operarias do 1972, tempo de grande contestación xuvenil e obreira antifranquista. Naquel período, e xa desde 1966 nalgúns casos, sumaríanse á UPG, directamente desde o mundo do traballo, o eido estudantil, o cultural e/ou o asociacionismo de base, novos activistas que irían tendo un papel central no nacionalismo galego, caso de Camilo Díaz Arias desde Compostela cara o 1964; Xosé Ramón Reboiras Noia, que se integraba co seu irmán Manuel, Xosé González Martínez e Xosé Manuel García Crego desde Vigo cara 1969; Xosé Manuel Pavón e Xosé Soto López cara 1966, Lois Diéguez, Manuel Fernández Rodríguez e Emilio López Pérez cara 1968 desde Monforte; Xosé Lois Ledo Andión desde Lugo cara 1966; Nemésio Barxa, cara 1966 a caballo entre Ourense e Vigo; Xosé Manuel Rodríguez desde O Saviñao cara o 1968; Francisco Rodríguez Sánchez desde Ferrol cara 1967; Alfredo Suárez Canal desde Ourense cara 1970; Manuel Mera Sánchez desde Bos Aires (Arxentina) cara 1969, entre outras e outros. Ao igual que aqueles, tomarían a mesma decisión a partir do curso 1972-73 máis mozas e mozos, caso da luguesa Margarita Ledo Andión; Elvira Souto e Fernando Souto Ginarte desde A Coruña, Xosé Salvadores desde Lugo, Francisco Luís Rodríguez Guerreiro e Inácio Hernando desde Viveiro, sendo algúns destes novos cadros, incluso, responsábeis dun certo remozamento nestes anos do nacionalismo de alén mar. Tal e como acontecera coa *Irmandade Galega* de Bos Aires, na que Manuel Mera, de vinte catro anos, viña de asumir no 1970 a secretaría de actas -sendo agora o presidente da entidade o vello arredista Ricardo Flores⁷⁶³-, no 1974 Luís Ferreiro de Caracas faríase cargo do *cumio de*

⁷⁶³ “Irmandade Escolleu Novas Autoridades” in *A Nosa Terra* nº514, setembro 1970, p.2

Venezuela⁷⁶⁴ -grupo do que proviña Celso Emilio Ferreiro, que se iría afastando da UPG, até ficar fóra da organización⁷⁶⁵- grupo do que facían parte desde a década anterior, como se marcara páxinas atrás, Xulio Formoso e Farruco Sesto Novás, autor no 1974 do poemario *UPG Poemas*, escrito baixo o pseudónimo de Bárbaro Tomé. Ao igual que Mera e Ferreiro, no Uruguai outros mozos serían integrantes da UPG a partir das estruturas do galeguismo histórico que aló aperaba, caso de Iolanda Díaz Gallego, Fernando Pereira Caamaño e, ao pouco, Xosé Luís Villaverde, que fora cooptado para aquelas terras por Xesús Canabal, segundo ten apuntado Gonçalves Blasco⁷⁶⁶. Unha realidade que tamén na Europa tería a súa presenza, co caso sobranceiro da Franza e Suíza. Para a primeira localización arredor de Henrique Harguindey e Luís Gonçalves Blasco, que logo de marchar da UPG no 1967 volvería en París a ligarse ao partido tras o contacto con Harguindey, e para a segunda arredor de Carlos Xoán Díaz Martínez, onde se crearía o grupo *Roi Xordo*, especialmente activo. Na diáspora galaica esta mocidade encontrábase con aqueles que desde o seu inicio facían parte da UPG até os primeiros anos da década dos setenta, caso de Luís Soto e Carlos Velo en México, onde, como vimos, saíra editado o primeiro *Terra e Tempo*⁷⁶⁷, ou Luís Seoane en Arxentina, ao igual que o fora Celso Emilio Ferreiro en Venezuela. Así, pois, aquela UPG contou cunha vizosa *segredaria de relacións exteriores*, con *comités locais* en cada un daqueles países, que contribuía a dar unha cobertura e medre de relevo á organización.

O medre espectacular que na Galiza tería esta formación nacionalista, viña dado por un extraordinario activismo patriótico e de clase; nacionalizando a esquerda (rupturista) operativa en territorio galego, agudizando as contradicións Galiza/España, e nutríndose de toda aquela

⁷⁶⁴ Gonçalves Blasco, Luís, *A política e a organización.... Op.Cit.* pp.158-166

⁷⁶⁵ De especial interese ao respecto o que Luís Gonçalves Blasco indica na súa obra arredor da política e organización exterior da UPG. *Op.Cit.* pp.151-158

⁷⁶⁶ Gonçalves Blasco, Luís, *A política e a... Op. Cit.* p 166-169

⁷⁶⁷ Para alén do referido ao *Terra e Tempo*, no económico semella que desde México enviouse, durante algún tempo, ao grupo da UPG en París 100 dólares mensuais, cifra nada desdeñábel. *Vid.* Gonçalves Blasco, Luís, *Op.Cit.* p.79

parte da sociedade galega contestaria co rexime ditatorial. Isto daría lugar a unha rede de militantes que a mediados dos anos setenta semellaba integrada por miles de activos, cando aínda contaba con non máis de medio milleiro de activistas, e numerosos contactos, por volta do curso 1974-75, presentándose a UPG cunha práctica combativa que lle daba unha óptima situación de cara ao novo tempo que se aveciñaba, fronte á moderación nas formas e postulados dun PSG, tamén no campo nacionalista, que xa contaba co perto duns trecentos activos. O PSG diante deste contexto, publica a súa *declaración de principios*. Nomeadamente, no 1974 asevera neses principios que Galiza é unha nación e que ten dereito á súa autodeterminación (primeiro punto dos dez que apresentara a UPG no seu nacemento, unha década atrás), conceptualizando a Galiza como unha colonia interior, categorización presente da man do occitanista Robèrt Lafont na obra de Xosé Manuel Beiras *O atraso económico de Galiza* (1972), declarándose o PSG 'anticolonialista' e 'anticapitalista'. Naquela altura este partido xa contaba cunha secretaría colexiada, integrada por Manuel Caamaño, Xosé Luís Rodríguez Pardo, Mario Orxales, Valentín Arias, Xusto Beramendi, para alén do propio Beiras, tentando articular sectorialmente grupos no eido estudantil, labrego e obreiro, nacendo, por exemplo, a *Mocidade Socialista de Galicia*, que xa se referenciou. Unha articulación que lle daría bos resultados, chegando a sumar a finais daquela década perto duns setecentos afiliados, destacando a súa presenza principalmente en Compostela, A Coruña, Vigo e Ferrol, así como en menor medida Pontevedra, Ourense e Ribadeo, contando con algúns militantes en Vilalba, Monforte, Lugo e outras localidades galegas⁷⁶⁸.

⁷⁶⁸ Conversa con Xusto Beramendi, Compostela 14/06/2014.

7.1.-Entre o frontismo nacionalista galego e a reconversión do ‘galeguismo histórico’.

Como se marcou, a *Unión do Povo Galego* (UPG) nacía no 1964 como unha fronte patriótica, pasando a ser baixo a mesma designación o que daría en designar o ‘verdadero partido comunista da Galiza’ nos inicios da década dos setenta, procurando alianzas con organizacións galegas que deran lugar a unha fronte nacionalista galega da que participaría como integrante central. Unha reformulación que se daba após o duro ‘estado de excepción’ do 1969 e as mobilizacións operarias dos primeiros anos desta nova década, nomeadamente as desenvolvidas en Ferrol e solidariamente en Vigo no ano 1972.

A través do voceiro da UPG, *Terra e Tempo*, podemos facer un seguimento da evolución desta formulación organizativa. Son diversas as mencións e referencias que se fan a países ‘azoutados’ polo imperialismo, nos que se xustifica a necesidade da posta en marcha na Galiza dunha organización nacionalista de corte frontista, un bloco ‘*nacional-popular*’ que fose quen de lle facer fronte ao imperialismo, cualificado como mal maior do pobo galego, nomeadamente o español que se serviría, á sazón, do ‘Estado Imperialista Español’ (sic). Segundo a UPG, a posta en marcha na Galiza dunha estratexia frontista de ‘liberación nacional’ tería de ter o mesmo resultado que nos países de África ou América do Sul, onde a unión das clases populares nun compacto bloco ‘nacional-popular’ poría en xaque á respectiva potencia imperialista, tal e como se indicou. Experiencia que se terían ensaiado con éxito en Arxelia, Eritrea, Mozambique ou Angola, así como na China.

Malia estas referencias, indicábase no editorial do *Terra e Tempo*, voceiro da UPG, á altura de decembro do 1972:

“Derradeiramente o Partido Comunista ou obreiro que construiremos i estamos a construir ´marxista leninista e considera que o pensamento Mao Tse Tung é o Marxismo-Leninismo aplicado ó noso tempo. Pro non adouta ningún tipo de dependencia sectaria nin dogmática do P.C.Ch... Pro adeprendimos del e doutros moitos partidos revolucionario a leución de que a revolución fanna os pobos, que a solidariedade dos outros pobos é necesaria, pero que ningún pobo

pode facer a revolución nin elaborar a súa estratexia no lugar de outro. Galicia rexeita a implantación de sucursales política sobre o seu chan. O proletariado galego, o pobo galego é tan capaz de elaborar a súa propia liña revolucionaria coma foi o pobo cubano ou chino. Eso é o que pretende a UPG; non copiar en materia de revolución porque é a morte da revolución”⁷⁶⁹.

Así, ollamos que aínda con grandes paralelismos con outras realidades nacionais, procurábase un fondo xenuíno, impulsando a UPG unha ‘fronte patriótica de liberación nacional’. Esta nacerá na primavera do 1975 baixo a denominación *Asemblea Nacional-Popular Galega* (AN-PG), dando cobertura a ‘vanguardia revolucionaria’, que sería a UPG segundo se indicaría no *Terra e Tempo* desta altura. Nese senso, ten afirmado Francisco Rodríguez, secretario xeral da UPG a partir dos anos oitenta, que o “... *modelo da ANPG era basicamente o dunha plataforma que daba cobertura a un partido político como a UPG...*”⁷⁷⁰, aínda que contando a organización asemblear cunha certa vida propia; así, pois, segundo o dirixinte da UPG “... *o modelo da ANPG non era confesionalmente restritivo e enfeudado a un só Partido [léase a UPG], senón que lle tocou verificarse nunha etapa en que outras organizacións nacionalistas non participaban para nada da teoría frentista*”⁷⁷¹. E aínda non sendo, certamente, o frontismo a aposta de todas as organizacións nacionalistas da Galiza, o certo é que este ten un éxito que desde a nosa perspectiva actual podemos verificar. Como ten lembrado Xosé Luís Méndez Ferrín, un dos fundadores da propia UPG, o plantexamento frontismo na devandita organización, incardinado a través da AN-PG, procuraba⁷⁷²:

⁷⁶⁹ “Editorial, *Terra e Tempo*, decembro, s/l, 1972.

⁷⁷⁰ Declaracións de Francisco Rodríguez in Mexuto, Xosé, *A Nación Galega existe. Conversas con Paco Rodríguez*, Vigo, A Nosa Terra, 2006. p...

⁷⁷¹ Declaracións de Francisco Rodríguez in Mexuto, Xosé, *A Nación Galega existe. Conversas con Paco Rodríguez*, Vigo, A Nosa Terra, 2006.

⁷⁷² Salgado, Xosé M. E Casado, Xoán M., *X.L. Méndez Ferrín*, Compostela, Sotelo Blanco, 1989. p.139

“... dar cabida a unha serie de persoas, [desexosas...] de ser útiles á nación e que non tiñan unha experiencia dura de loita contra a policía nin de organización partidaria”⁷⁷³. E aínda que este entende que ANPG sería unha ‘sucursal’ da UPG, acha que a militancia da ANPG non podería ser absorvida pola ‘U’, en canto que “... en primeiro lugar tampouco eran ideoloxicamente marxistas moitos deles...”⁷⁷⁴.

Unha realidade que iría mudando gradualmente, dado que aquel nacionalismo iría concitando a reunión de novos sectores que se irían articulando no nacionalismo galego. Será coa creación do *Bloque Nacionalista Galego* (BNG) no 1982, pasando pola constitución no 1977 da coalición electoral *Bloque Nacional-Popular Galego* (BN-PG), integrada pola UPG e a AN-PG, que a UPG teña que ir compartindo protagonismo. Ora, esta organización seguiría mantendo os seus trazos programáticos, así como a súa centralidade no proxecto frontista.

7.1.1.-Os movementos anticoloniais e de independencia no ‘Tiers Monde’ e a rearticulación do nacionalismo galego (1963-1975).

O nacionalismo galego vai ter desde o seu nacemento un interese manifesto por movementos análogos de corte progresista de diversas latitudes do globo. Ora, podemos indicar que até o remate da primeira metade do século XX o nacionalismo galego vai mirar máis cara Europa, do que o fará ao longo da segunda metade deste século, cando olle sobranceiramente cara África, Asia e América do Sul, sen deixar, xaora, esoutra primeira referencia. Non é cousa única do tecido patriótico galego, dado que terá a ver esta realidade co feito de seren os movementos anticoloniais e de afirmación nacionalista nestes tres continentes os que protagonizarán nestas datas batallas de grande alcance a nivel internacional. Xustamente en contraposición, fronte os movementos anticolonias no *Tiers Monde* ou Terceiro Mundo, segundo expresión do francés Alfred Sauvy⁷⁷⁵, teremos potencias

⁷⁷³ Salgado, Xosé M. E Casado... p.160

⁷⁷⁴ *Ibidem*

⁷⁷⁵ A expresión “Terceiro Mundo” (*Tiers Monde*) foi acuñada polo demógrafo francés Sauvy no 1952, facendo referencia ás novas nazóns da Asia e África que estaban avanzando cara a

como Franza, Reino Unido, Portugal ou España, entre outras, que verán liquidado o seu imperio alén mar. Unha queda derivaba do artellamento de grande parte das organizacións patrióticas (políticas e armadas) en vellas colonias europeas, feito que se xeralizará na segunda metade do pasado século.

Para o nacionalismo galego, na antesala da súa reconstitución organizativa na Terra, após o período álxido do exilio, como vimos situado entre 1936/41 e o 1950/56, cobrarán estas realidades internacionais un importante relevo. Os exitosos movementos patrióticos doutras latitudes farían acreditar na posíbel construción, mesmo, dun Estado Galego. Sobre todo terán unha grande influencia na UPG á hora de modelarse nesta súa nova etapa partidaria e de deseñar o seu modelo teórico no referido ao seu axir nesta. A importancia que aquel nacionalismo galego representado pola UPG lle daría ás súas relacións internacionais, plasmaríase ao pouco na coñecida como *Carta de Brest*. Documento que a UPG asinaba en febreiro do 1974 na Bretaña, xunto ao *Irish Republican Moviment* (IRM) / Sinn Féin-IRA e a *Unión Democrática Bretona* (UDB) en favor da independencia dos tres países dos que derivaban estas tres organizacións, fronte ao ‘colonialismo na Europa Occidental’⁷⁷⁶. Pola Galiza participaban Luís Gonçalves Blasco e Carlos Xoán Díaz Martínez, pola Bretaña Hervé Grall e por Irlanda Eoín O’Murchu. Un documento ao que se sumarían, formalmente, a partir do mes de abril escalonadamente outras organizacións nacionalistas vascas, galesas, corsas, catalanas, sardas e occitanas, nomeadamente *Herri Alderdi Sozialista Iraultzailea* (HASI), *Cymru Goch* (CG), *Partit Socialista d’Alliberament Nacional* (provisional, PSAN-P), *Esquerra Catalana dels Treballadors* (ECT), *Su Populu Sardu* (SPS) e *Lutte Occitane* (LOC). Cimentábase con este documento unhas

súa independencia fronte as potencias coloniais europeas como consecuencia da Segunda Guerra Mundial. Sauvy ollou nas aspiracións desas nacións semellanzas co “terceiro estado” da Franza pre-revolucionaria, que na assembleia nacional representaba o pobo común face os outros dous grupos minoritarios, aínda que privilexiados, clero e nobreza. En todo caso, e con maior ou menor fortuna, esta etiqueta co tempo foi xeralizándose para designar as nazóns subdesenvolvidas da África, Asia e, mesmo, América.

⁷⁷⁶ Formalmente o título do documento sería “Decraración encol da loita contra o colonialismo na Europa Occidental”. Vid. Blasco Gonçalves, Luís, *A política e a organización...* Op. Cit. 628

relacións internacionais da UPG no continente europeo que darían unha clara proxección á cuestión nacional galega, así como ao propio soberanismo galego. Relacións que se iría acrescentando ao longo das asembleas que arredor da Carta de Brest se desenvolverían entre 1974 e 1980⁷⁷⁷.

7.1.1.2.-Algunhas experiencias do Terceiro Mundo centrais para o nacionalismo galego.

Entre as diversas experiencias patrióticas ás que mira con atención aquel nacionalismo galego, a mediados dos anos sesenta do pasado século, podemos citar brevemente algunhas. Entre as que irromperon no antigo imperio colonial de matriz portuguesa, establecido desde o século XVI até ben entrado o século XX ao longo de Asia, América do Sul e África, citemos de inicio Moçambique, dada a súa presenza en diversas publicacións patrióticas clandestinas galegas.

Colonia portuguesa desde o século XVII, e após movementos de resistencia varios, nomeadamente no último terzo do XIX, no século XX Moçambique será quen de desenvolver un definitivo movemento independentista presidido pola FRELIMO, a *Frente de Libertação de Moçambique* creada no 1962. Xunto a Guiné, as illas de Cabo Verde e São Tomé, Moçambique sería a colonia lusa de maior poboación, ficando Angola como a de maior territorio. Os movementos insurrectos dunha e outra colonia serían fundamentais para a queda do imperio colonial portugués en África.

Imperio que mantiña unha lexislación discriminatoria sobre os nativos e nativas das terras dominadas, propio da dominación imperialista. A este respecto debemos lembrar o 'Estatuto dos Indígenas Portugueses das Províncias de Angola, Moçambique e Guiné', que separaba as poboacións autóctones, a maioría social, dunha minúscula elite de individuos 'civilizados' ('asimilados') que gozaban dalgúns dos dereitos de cidadanía portugueses. No 1961, despois do inicio da loita armada de liberación angolana, o estatuto foi revogado mais as mudanzas eran só superficiais. A política portuguesa de discriminación racial e cultural tivo un impacto profundo e duradeiro no

⁷⁷⁷ *Ibidem*, pp.637-782

posterior desenvolvemento social e político de Angola como Estado independente. O 11 de Novembro de 1975 o *Movimento Popular para a Libertação de Angola* (MPLA) declarou a independencia de Angola e nomeou Agostinho Neto como seu primeiro presidente en Luanda, capital da antiga colonia portuguesa. Un ano antes o movemento independentista liderado pola FRELIMO asinaba os Acordo de Paz de Lusaka, tornado Moçambique nun Estado libre de dominación portuguesa⁷⁷⁸.

A loita anti-colonial desencadeada en Angola, con claridade desde 1961, foi desenvolvida con tácticas de guerrilla, semellantes ás da FRELIMO, cuxo alcance foi medrando do norte para o leste do país, dirixida pola Frente política. No 1962 formou o *Governo Revolucionário de Angola no Exílio* (GRAE) que a *Organización de Unidade Africana* (OUA) comezou por recoñecer como o sucesor lexítimo do goberno colonial. Máis tarde algúns países africanos transferirían as súas simpatías e apoios para o MPLA que, malia nun inicio non ter un grande despregue militar e unha lideranza moi disputada internamente, ao pouco ultrapasou política e diplomaticamente aos seus rivais até atinxir a súa preminencia clara desde o 1975.

Arxelia, país sob dominio francés cara 1830, tería diversas tentativas en favor da súa independencia ao longo do século XIX e, sobre todo, XX. Ora, sería nos anos '50 desta última centuria cando definitivamente se conquistase a 'liberación nacional' daquel país coa creación da *Frente de Liberación Nacional* (FLN) a partir do 1954. Liderada por figuras como Ben Bella e Budiaf, a FLN fora creada polo *Comité Revolucionario da Unidade e da Acción* (CRUA), que xurdiu da man da oposición clandestina e de redes patrióticas aínda activas do vello *Partido do Pobo argelino* (PPA). Unha fronte que nacería pola procura da unidade entre todas as agrupacións do movemento nacionalista que loitaban contra Franza nunha explícita 'Guerra pola Independencia'. Cara o 1956 a FLN tiña grande parte do movemento patriótico arxelino no seu seo ou ao seu redor, con organizacións satélites adicadas ao proselitismo patriótico. Fóra do FLN estaba o *Movimento Nacional Alxerino*

⁷⁷⁸ A partir do 1977 a FRELIMO convertírase en partido –do mesmo nome–, de ideario marxista-leninista, baixo a presidencia de Samora Moisés Machel, gañando sucesivamente as eleicións no seu país.

(MNA) do vello nacionalista Hadj de Messali, que semellaba axudado polo goberno francés fronte a FLN, aproveitando a vella metrópole as diferenzas que había entre o MNA e a FLN a respecto da dirección da revolución. Nesta altura a FLN organiza e presenta o seu goberno provisorio, consistente nun executivo de cinco persoas e un corpo lexislativo.

Ideoloxicamente o FLN era fundamentalmente unha organización unitaria nacionalista arxelina, ora, integrante dun movemento máis amplo referido á grande nación árabe; tendo, en definitiva, tres fontes de inspiración no ideolóxico: a esencialmente *patriótica/nacionalista*, como vimos de indicar, así como a militar referida á '*guerra revolucionaria pola independencia*' contra a Franza, xunto a *socialista*, interpretada libremente como credo popular de denuncia e loita contra a explotación da maioría social. Hai que somar ao anterior o *Islam*, en contraposición ao cristianismo dos brancos-europeus, definido principalmente pola súa función en clave nacional, polo seu factor esencial na socialización e solidificación dunha nova identidade arxelina, non colonizada, atendendo aos vellos piares dunha sociedade non subordinada ao imperialismo do 'vello continente'. Finalmente, e após importantes confrontos bélicos, caso da 'Batalla de Arxel' (1956-57), a FLN consegue a independencia da súa Terra no 1962, recoñecemento efectivizado internacionalmente pola *Organización de Nacións Unidas* (ONU) o 8 de outubro daquel ano.

Toda esta realidade tería, para alén da fundamental loita armada, unha reflexión teórica que argumentaba en favor do movemento independentista, seguindo aquela proclama leninista que afirmaba 'sen teoría revolucionaria non hai práctica revolucionaria'. Entre os autores que darían lugar a un esforzo teórico de grande dimensión, vinculados de cheo cos movementos anticoloniais naquela altura, quizais os máis sobranceiros fosen Albert Memmi (1920) e Frantz Fanon (1925-1961). A obra do primeiro *Portrait du colonisé, précédé du portrait du colonisateur*⁷⁷⁹ e *Les damnés de la terre*⁷⁸⁰, do

⁷⁷⁹ (Retrato do colonizado, precedido do retrato do colonizador) Memmi, Albert. Buchet/Chastel, 1957.

⁷⁸⁰ (Os condenados da terra) Fanon, Frantz. Paris, Éditions Maspéro, 1961.

segundo, serían manuais para a comprensión (e denuncia) do facto colonial e a loita contra esa realidade para moitos combatentes en América, África, Asia e Europa. Esta obra tería unha importante influencia en líderes revolucionarios como Ernesto Ché Guevara, Ali Shariati, Steve Biko, que nos referencian outros movementos patrióticos de 'liberación nacional' de relevo para o activismo galego, nomeadamente a experiencia revolucionaria cubana ou vietnamita –nunha altura na que Albania, Irlanda ou Euskal-Herria, no ámbito europeo, eran tamén referenciais-. A isto habería que lle sumar outras lecturas, boa parte delas editadas en Cuba, na China ou na URSS en edicións en español, para alén de leituras que chegaban á Galiza, vía Portugal, editadas polo *Partido Comunista Portugués* (PCP). Naturalmente na Galiza había produción intelectual propia, aínda que moi condicionada, entre outras, polas obras xa expostas e o movemento internacional do que facían parte. Entre a produción propia debemos lembrar as aproximacións á cuestión colonial galega realizadas polos economistas Xosé Manuel Beiras Torrado e Ramon López Suevos, coas obras -derivadas das súas Teses de Doutoramento- *O atraso económico de Galiza* e *Excedente económico e análise estrutural*, respectivamente. Ambos autores serían militantes nacionalistas, aínda que formantes de dúas ponlas enfrontadas: Beiras seguía a ser o máis destacado cadro do PSG e López Suevos sobranceiro cadro da UPG desde inicios da década dos setenta.

7.1.2.-A pegada terceiro-mundista na reorganización patriótica na Galiza.

A presenza terceiro-mundista neste nacionalismo galego da altura vai palpase de xeito implícito nas súas obras, publicacións e conformación organizativa, tornándose co paso do tempo en explícito. Fagamos, pois, unha breve visita a aquela realidade e ollemos as semellanzas que atopamos en relación ás experiencias anteriormente expostas a partir do axir da UPG.

No período da posguerra, xa de xeito claro desde a creación do grupo *Brais Pinto*, coincidindo coa Batalla de Arxel, por certo, e a raíz, con maior claridade, do nacemento da UPG, observamos como evolúe en clave popular o concepto básico do nacionalismo, a 'nación'. Da man da influencia marxista-leninista e, mesmo, stalinista –esta última introducida por Castelao a través da obra *Sempre en Galiza*; ora, apresetándose variacións, desta volta, respecto

ao devanceiro na valencia de cada un dos factores que compuñan a nación-.

Neste senso, asínálase desde a UPG, desde o seu nacemento e ao longo do período que aquí tratamos, que o “...*conceuto nación, resposta a certos dados ouxetivos, de carácter empírico que son os que aparecen na definición de Stalin...*”⁷⁸¹. Así, diante da elaboración do concepto nación o plano que adquire máis importancia é o socio-económico, a diferenza do concepto nación manexado polo nacionalismo de preguerra, que lle daba un valor de grande relevo ao factor cultural. É unha concepción, sobretudo, clasista. Nesta liña dirase que a “...*nación son as clases populares, a nación adquire categoría revolucionaria contra o poder burgués, A NACIÓN NON SON TODAS AS CLASES, SONNO SOIO AQUELAS QUE ASUMEN A LOITA DE LIBERACIÓN NACIONAL...non é pois, o noso concepto de nación un concepto ESENCIALISTA (idealista) senon CLASISTA (materialista dialéctico)*...”⁷⁸².

É máis, o peso que o ‘culturalismo’ tería no concepto nación elaborado polo nacionalismo do primeiro cuarto do século XX, parece agora ter perdido forza e mesmo, en parte, ter caído en desgraza. Nesta liña asevérase que o concepto nación que agora se manexa “...*non é tampouco un concepto culturalista*”⁷⁸³ –*que reduce a problemática nacional a aspectos culturais-senon un concepto socio-político con raíces económicas e de clase...*”. De tal modo que cando se fala do fin último do nacionalismo, a ‘liberación nacional’, estase a falar da loita pola “...*liberación social das clases oprimidas...*” da Galiza. De aí que nacionalismo é o “...*MOVIMENTO DAS CLASES POPULARES DUN PAIS DOMINADO POLA SUA LIBERACIÓN NACIONAL e, xa que logo, social...*”⁷⁸⁴.

⁷⁸¹ *Terra e Tempo* nº37, 1ª época, “O marxismo e a cuestión nacional”, maio 1976, p.5

⁷⁸² *Terra e Tempo* nº37 /maio, 1ª época, 1976, p. 5. As maiúsculas son orixinais.

⁷⁸³ O termo “culturalista” sería enchido no seu significado dunha carga negativa e manexábase nos anos setenta (e décadas posteriores) nos ambientes controlados pola UPG para pexorar a persoas e actividades. Este termo empregaríase para cualificar unha práctica e activismo “pseudo-nacionalista” ou ‘galeguista’, en relación directa coa conceitualización e práctica militante de Ramón Piñeiro.

⁷⁸⁴ *Opus Cit.*, p. 6 . As maiúsculas son do orixinal.

Así, se tentamos facer máis dixeríbel o que vimos de presentar, diríamos que os elementos vertebradores da práctica frontista nacional-popular parten da análise de que Galiza é un grupo humano diferenciado, cunha problemática específica de corte *colonial* (sic), que ten de loitar no campo de batalla contra os seus adversarios (referente de oposición representados por Castela-España/Imperialismo-Capitalismo), definidos no ideolóxico polo *feixismo* e no socio-económico pola *oligarquía española* (sic). Tamén estará presente neste ideario, por certo, o referente histórico e presente de reintegración, que será Portugal, como realidade herdeira da vella *Gallaecia*, ligado ao ideario máximo, baseado na soberanía nacional plena, constituíndose Galiza nun Estado independente.

Para atinxir este obxectivo desenvólvese o proxecto de constituír ese bloque político-organizativo nacional-popular que se cita a partir dun programa mínimo. Estamos diante do FLN galego e o seu goberno provisorio. Para o que, en primeiro lugar, priorizaríase a unión de todas as galegas e galegos que teñen *inimigo e obxectivo común*. Logo, desenvolveríase unha loita firme “...*contra da domiñación e opresión colonial do noso pobo polo Estado imperialista español*”.

Isto aseveraríao a propia UPG, que asumirá a ‘responsabilidade’ de botar a andar a estratexia frontista de corte anticolonial na Galiza. Unha UPG que, de feito, nace cunha clara vocación frontista, dado que “...*aparece baixo as premisas dunha fronte nacionalista e popular...*”⁷⁸⁵, feito que se pode ler a través das páxinas do seu voceiro *Terra e Tempo*, abrindo as portas a “... *todo revolucionario galego que queira loitar pola liberación nacional popular galega, por unha Galiza nova e diña*”⁷⁸⁶.

Ao longo dos seis anos que van desde a súa aparición até a fin da década dos sesenta, tempo no que se conforma a nivel internacional, nomeadamente europeo, unha nova esquerda, tal e como ten afirmado o historiador Eric Hobsbawn⁷⁸⁷, podemos asinalar que se desenvolve o proceso ao longo do cal a UPG sofre a súa decantación ideolóxica, a partir do cal deixa

⁷⁸⁵ Luís Soto, *Castelao, a UPG e outras memorias*. Edicións Xerais de Galicia. Vigo, 1983.

⁷⁸⁶ “A nacionalidade galega”, *Terra e Tempo*, nº1, México, 1965 . p.4

⁷⁸⁷ Hobsbawn, Eric, *Entrevista del s.XXI*, Barcelona, Crítica, 2000.

tras de si a idea de ser unha fronte. Así, logo de se presentar inicialmente como unha fronte patriótica, nos inicios dos setenta vai definirse como o “...partido de vangarda da clase obreira galega que defende ouxetivamente os intereses de tódalas clases traballadoras do noso país”⁷⁸⁸. En grande medida este feito vén propiciado pola integración de novos e novas militantes de extracción obreira e popular, dunha banda, e doutra polo maior peso que cos anos foron gañando na organización nacionalista os cadros que desde o nacemento da UPG viñan acreditando no marxismo-leninismo, como ideoloxía coa que conducir a Galiza cara a soberanía nacional, e no socialismo como modelo económico e social co que *facer da colonia un país libre*, precisando dun partido/vangarda que dirixira o proceso de emancipación nacional.

Con efecto, a UPG sacrifica a súa faciana frontista, como se indicou, tendo presente, aliás, as súas limitacións de medre a través en exclusiva da estrutura partidaria no contexto histórico no que se desenvolve, entendendo necesario un marco unitario máis amplo no que abranguer a sensibilidades ideolóxicas nacionalistas aínda que non coincidentes cos postulados da UPG –e mesmo entendidas como ‘competidoras’ no marco dun mesmo espazo político-, nomeadamente o *Partido Socialista Galego* (PSG). Segundo a UPG esta organización non sería ‘fiel’ ao pobo traballador galego, resultando na práctica unha organización que se inclinaría cara o ‘campo do españolismo’. Afirmaba a UPG nun documento interno:

“O PSG intentóu, deica agora, xogar un papel de Partido socialista, cousa que non conqueiriu debido fundamentalmente a que, sendo Galicia unha nación colonizada, o papel do Partido tiña que chegar moito máis alá, é dicir, tiña que ser marxista-leninista si quería, realmente, chegar á construción do socialismo. Isto debido a que non existe unha burguesía galega e a pequena burguesía (componente casi toda do PSG) tén un carácter vacilante i españolista, e debido tamén a que, a nivel estatal i europeo, o papel dos partidos socialistas pasóu a ser, na práctica socialdemócrata”⁷⁸⁹.

⁷⁸⁸ Estatutos da UPG-1º Congreso, agosto 1977. Arquivo do autor.

⁷⁸⁹ *Funcións i espacio político que pode cumprir a AN-PG*, s/d, s/l c.finais do 1975.

Malia as críticas que se formulan cara o PSG, a UPG entende que esta organización debe facer parte dunha *Fronte* unitaria na liña do expresado con anterioridade. Estas tensións, como marcamos anteriormente, tamén se viviron, por exemplo, no caso arxelino arredor da FLN. Neste senso, farase unha chamada a todas as organizacións e persoas nacionalistas diante da constitución dunha *Fronte patriótica*, Fronte de Liberación Nacional, nesa liña das fronteas de liberación nacional xurdidas no Terceiro Mundo. A propia UPG a nivel externo non ten reparo en expresar esta idea.

Será este modelo, o frontista, o que se impulse definitivamente e con decisión por parte da UPG, fundamentalmente após as importantes mobilizacións obreiras de Vigo e Ferrol do ano 1972, a partir das cales o nacionalismo galego conseguiu unha presenza de relevo. Aseveraríase no voceiro *Terra e Tempo* que a UPG ten consciencia de ser “...no intre atual do proceso histórico galego o xermén de dúas cousas: a) o xermén dun partido comunista ou obreiro de ámbito galego, b) o xermén dun Fronte Nacional-Popular de ámbito galego...” indicando “...Cando un pobo, unha nación se atopa asoballado, quen sofre as peores consecuencias do asoballamento son as clases populares. A alianza das clases populares dun pobo contra as clases opresoras do pobo que ó asoballa ten que concretarse nunha organización chamada Fronte Nacional-Popular ou Fronte de Liberación (nacional)” e tendo presente que á “...UPG costaríalle pouco traballo elaborar uns estatutos, un programa e declararse a si mesmo P.C.G. (Partido Comunista Galego). Tamén lle custaría pouco elaborar un programa e fundar o Fronte Nacional-Popular ou Fronte de Liberación Nacional Galego. Pro traicionaria á realidade. Esas grandes construcións históricas son un oxetivo estratéxico polas que hai que traballar, e se traballa cada día do ano”⁷⁹⁰.

A evolución da devandita organización desde esta súa decantación ideolóxica ficará encamiñada cara a cristalización dun ‘amplo movemento nacional-popular’ que se rexa a partir da concreción da devandita estratexia frontista, a partir da unión de mariñeiros, labregos, traballadores fabrís e a

⁷⁹⁰ Editorial de *Terra e Tempo* correspondente ao nadal do 1972.

denominada pequena burguesía nacional. Desenvolveríase máis pensamento nesta liña, detectando dúas necesidades de especial importancia:

“Primeira...crearnos un fortísimo bloque nacional-popular...” e “segunda...pasar a formas máis avanzadas de loita, chegando paulatinamente á loita armada.”⁷⁹¹.

Unha dupla necesidade que viría abalada pola convicción de que sen que cada pobo poida decidir o seu destino, e é que, ao ver dos teóricos da UPG:

“...o Pobo inteiro, pro somentes el debe determinarse con enteira libertade sobre si debe seguir cinguido os demais pobos (cos vencellos que el mesmo coide convenientes) ou si debe arredarse de aqueles e constituir un ESTADO independente. Sin o exercicio de este dereito de LIBRE DETERMINACIÓN, ou de libre SEPARACIÓN non poderá haber paz duradeira no ESTADO español. Sin eso esistirá sempre opresión nacional que perxudicará a reuta posición de loita de clases”⁷⁹².

A primeira proclama concretizárase, de inicio, no *Texto conxunto encol de Galicia* asinado pola UPG e o PSG do 1973, e, despois, na *Asemblea Nacional-Popular Galega* (AN-PG), fundada aínda na clandestinidade nos inicios do 1975, e o *Consello de Forzas Políticas Galegas* (CFPG) nacido no 1976, quen elaboraría as *Bases Constitucionais para un Goberno Provisorio Galego*, e a segunda de inmediato, nun ‘destacamento armado’ ligado a mobilizacións concretas en defensa dos ‘intereses ouxetivos’ das clases populares e á ‘expropiación’ de bens necesarios para alimentar o movemento patriótico no marco da ditadura franquista entre o 1972 e o 1976. Con todo, o certo é que a UPG centraría os seus esforzos fundamentalmente na creación do citado bloque nacional-popular. Este estaría dividido en varias fronteas, entre as que maior relevo tería a labrega, a obreira e a cultural. A *Fronte Obreira* vería a luz no 1973, após dos conflitos e mobilizacións do 1972, e que darían paso á constitución en maio do 1975 do *Sindicato Obreiro Galego* (SOG), tendo figuras centrais consagradas a este labor, caso de Xosé Ramón

⁷⁹¹ ‘Introdución ou Limiar’, *Terra e Tempo*, UPG, s/l, marzo, 1972. p.1

⁷⁹² ‘Editorial’, *Terra e Tempo*, UPG,s/l, marzo, 1972.

Reboiras Noia, Lois Ríos e Manuel Mera, que xa impulsaran previamente os ‘xermes sindicais ou obreiros’, actuantes en diversos conflitos de clase, como no Ferrol que vira asasinar no 1972 aos traballadores Daniel Niebla e Amador Rei.

Así mesmo, lembremos que no agro, xa no 1973 o mesmo proceso de organización se daría a través dos *Comités de Axuda á Loita Labrega* (CALL) e ao pouco das *Comisións Labregas* (CC.LL), tendo como responsábel nesta tarefa a Ramón Muñiz de las Cuevas.

Por outra banda o traballo no que se achaban mergullados activistas da UPG como *Moncho* Reboiras⁷⁹³, membro do Comité Executivo da UPG⁷⁹⁴, daría tamén, ao pouco, a denominada *Fronte Cultural*, apresentándose publicamente, así mesmo, a cristalización daquel frontismo nunha entidade unitaria na primavera daquel 1975: a *Asemblea Nacional-Popular Galega* (AN-PG).

Aquela organización frontista tivo unha intensa, aínda que breve, existencia. Afirmaría a activista luguesa Pilar García Negro ao respecto:

*“De 1975, ano da súa criazón, a 1982, ano da súa disolución, callou unha longa serie de iniciativas e de logros que podemos valorar como verdadeiro crisol social de aprendizaxe política do actual saber-facer do nacionalismo”*⁷⁹⁵.

⁷⁹³ Coñecido tamén polos alcumes de *Peliños*, *Licho* ou *Rianxo*.

⁷⁹⁴ Diéguez Cequiel, Uxío-Breogán, “Xosé Ramón, “Moncho”, Reboiras Noia. A pegada inmorredora”, *Xuntos temos a Patria Común*, eds. Terra e Tempo, Compostela, 2005. pp.13-40

⁷⁹⁵ García Negro, María do Carmo, “Autodisolución da AN-PG e nacemento do BNG” in *Terra e Tempo*, nº12, IIº época, 1999 pp.40-42

8.1.-A AN-PG ou a materialización organizativa na Galiza do frontismo nacionalista.

A AN-PG nacería na clandestinidade obrigada pola ditadura franquista na primavera de 1975. Estando aínda vivo, malia que no remate da súa vida, o militar golpista Francisco Franco, a nova organización patriótica presentábase en Portugal nun acto no que intervirían Margarita Ledo e Xosé Vilas Nogueira, como voceiros *ad hoc* da devandita entidade. A UPG sería a organización que posibilitaría esta presentación en Portugal a partir dos seus contactos coa esquerda radical do país veciño⁷⁹⁶ no que ficaba a primeira, e ao que desprazaría Vilas Nogueira e a súa dona. Nomeadamente estas relacións dábanse coa *Liga de Unificação Armada Revolucionária* (LUAR), o *Movimento de Reorganización do Partido do Proletariado* (MRPP) e a *União Democrática Popular* (UDP), organizacións de inspiración marxista-leninista, liña maoísta, que o tempo amosaría de escasa incidencia no marco da clase traballadora coa excepción da UDP⁷⁹⁷. Tal e como afirmaríaa o investigador e activista da esquerda norteamericana Richard Swift:

“Those groups which have fetishized their own organization and political 'line' and have attempted to use the workers' movement as an instrument of their own party policy have not fared as well. This is illustrated by the several Marxist-Leninist (Maoist) groupings which have emerged mostly since the

⁷⁹⁶ Entrevista a Xosé Vilas Nogueira, Compostela, 20/05/2008 [arquivo do autor]. Se ben Vilas Nogueira achegárase ao Porto, lembremos que Margarita Ledo Andión ficaba xa no país veciño, xunto unha ducia e media de militantes nacionalistas galegos, por mor da represión franquista. Esta golpeara duramente a estrutura coa que contaba a UPG en distintos puntos da xeografía nacional no 1973, vid. Uxío-Breogán Diéguez, “Xosé Ramón, ‘Moncho’, Reboiras, a pegada inmorredoiroa. Unha achega biográfica” in *Galiza, a Patria común*, Unión do Pobo Galego, Compostela 2005, pp.13-40.

⁷⁹⁷ Das organizacións potuguesas coas que clandestinamente o nacionalismo galego e, nomeadamente a UPG, mantiña unha vizosa relación só existe actualmente a UDP coa que a UPG segue a manter unha relación privilexiada. A partir dos oitenta do pasado século, aliás, o nacionalismo galego representado polo BNG afondou a relación co *Partido Comunista Português* (PCP) a partir dos contactos que a UPG íría facendo.

*coup. The collapse of their politics has reached such a point that the two largest Maoist organizations, the largely student based Movement for the Reorganization of the Proletarian Party (MRPP) and the Popular Democratic Union (UDP) have engaged in gunfights with one another. The Portuguese Communist Party (M-L) which has official Chinese sanction, has been supporting the 'Melo Antunes' group of officers and the right wing of the Socialist Party against Communist Party 'social fascism'. These forms of authoritarianism and sectarianism have impeded significant growth and creative political activity. Of these groups only the Popular Democratic Union is of any size or consequence within the working class"*⁷⁹⁸.

Aquel contexto do que fala Swift era no que o nacionalismo galego se reformularía conscientemente non só en termos organizativos, tamén, como observamos, en termos ideolóxicos en relación ao que foran os tempos do *Partido Galeguista*⁷⁹⁹ atendendo ao modelo frontista. Un modelo referencial, no formal e no práctico/ideolóxico, en base, fundamentalmente, ás experiencia dos movementos de liberación nacional africanos e americanos do sul, como marcamos no anterior apartado. Neste senso a UPG reconducido o seu axir, apresentándose no 'partido-vanguardia do proceso de liberación nacional galego', impulsando unha rede de interrelacións e solidariedades que organizativamente toman forma na devandita estrutura, na que estarían presentes potencialmente todas as clases interesadas no devandito proceso.

Logo de anos de teorización en favor dunha 'Frente de Liberación Nacional', levábase á práctica esta prédica no marco do que se denominaría 'movimento nacional-popular galego'. Para isto desde a UPG vaise deseñar unha organización que dea cabida ao conxunto de persoas que acrediten nesta fórmula, integrando a "*...todas as forzas políticas antifeixistas e antioligárquicas que poida darlle a batalla ao réxime asesino que nos aferrolla...*"; todo isto na procura do "*...trunfo final do pobo galego sobor dos seus enemigos...*". A organización que se crie non sería outra que *Asemblea*

⁷⁹⁸ Swift, Richard, "Portugal", *Red Menace*, nº1, Toronto, 1976.

⁷⁹⁹ Conversa con Rufo Pérez, Vigo, 2003.

Nacional-Popular Galega (AN-PG). Para isto, previamente, a propia UPG abandona a súa face frontista no plano organizativo, apostando por se converter nun *partido político dirixente das masas populares explotadas e escarnecidas*⁸⁰⁰. Deste modo, pois, está a se trasladar o plantexamento que se levara exitosamente á práctica en distintos colonias do terceiro mundo que procuraban a súa liberación nacional e social.

Con todo, a fixación dun espazo propio para a *Asemblea Nacional-Popular Galega (AN-PG)* será difícil de atinxir. O encaixe desta organización non será doado de facer nun marco político excesivamente fragmentado. Neste senso, achamos como se reflicte sobre este tema nun documento interno da organización asemblear na que se indica “... *desde a súa creación, a AN-PG vén buscando o espazo político que lle corresponde sin estar aínda claro debido á actividade e definición concreta que os Partidos políticos teñen*”⁸⁰¹.

A AN-PG mantivo intacto o cordón umbilical de ligazón coa UPG até a súa desaparición. Nun documento interno relativo a esta cuestión⁸⁰², aseverábase que “... *a UPG é, realmente, o Partido que a nivel galego tén un campo ben delimitado e que defende, teórica e practicamente o nacionalismo popular. A súa experiencia, a súa dirección firme na loita revolucionaria galega son a esperanza de que o MN-PG vaia pra adiante. É eiquí precisamente onde está a problemática e a definición concreta da AN-PG. A UPG defende como primeiro paso cara ó socialismo a revolución nacional-popular, meta da AN-PG, concretizada nun proceso que se iniciará coa alternativa das BASES CONSTITUCIONAIS. As dúas forzas defenden e loitan por iste programa...*”⁸⁰³.

Esta mímese da AN-PG relativa á UPG podería facer que socialmente e, nomeadamente para a militancia nacionalista, aquela non tivera maior interese. Isto é algo que resolven os teóricos do nacionalismo galego naquela altura, máis unha vez bebendo dos movementos de descolonización do Terceiro Mundo. De tal xeito que a “...*AN-PG é unha organización de*

⁸⁰⁰ In *Castelao, a UPG e outras memórias ...*

⁸⁰¹ “Funcións i espazo político que pode cumprir a AN-PG”, Arquivo do autor, Fondo AN-PG, s/d.

⁸⁰² “Funcións i espazo político que pode cumprir a ...

⁸⁰³ *Ibidem*

masas, interclasista no principio e no fin, que trata de ser o Frente de Liberación das clases populares galegas, é dicir, que trata de recoller a todos os patriotas galegos, señan socialistas, comunistas, socialdemócratas, liberais, etc., co oxetivo de chegar a un Poder Popular Galego que se inicie coas Bases Constitucionais...” fronte a esta realidade organizativa a UPG é “...un partido comunista, da clase obreira galega, [que] neste intre defende tamén o interclasismo da loita nacional-popular...”; unha organización esta na que “...están exclusivamente os comunistas galegos que loitan pola independencia da nosa Patria”⁸⁰⁴.

Así, pois, ficaba ben definida cada unha das partes integrantes do ‘movimento nacional-popular galego’. Con todo, como non había garantías permanentes de non incorrer en mímese respecto outras aplicacións prácticas da teoría frontista, presentase máis unha vez –xa case en forma de obsesión dos dirixentes ‘nacional-populares’ galegos- a preocupación por criar un modelo xenuíno, e a ser posíbel o máis diferenciado do denominado *Movemento de Liberación Nacional Vasco* (MLNV). Nesta liña indicábase, diante do artellamento do ‘grande sindicato galego de clase’, que:

“...a AN-PG seguiu deica agora, un pouco mimeticamente, a alternativa teórico-frentista e sindical. Os frentes, na práctica, levaron a súa loita nos sindicatos, convertíndose a AN-PG, simplemente, nunha chea de xuntanzas nas que se informaba dos acordos da Dirección Nacional e pouco máis. O seu traballo real estivo centrado nas mobilizacións e apoio ás loitas reivindicativas, tratando sempre de politizalas. Agora en que estas loitas están legalizadas na maior parte dos casos, en que hai xa unha concencia diferente con respecto a elas é preciso, como antes señalabamos, definir qué imos facer en a adiante. Esto podémolo concretar en:

- A) *Formación constante de militancia.*
- B) *Información i estudio das loitas xerales que se estean dando nun intre concreto.*

⁸⁰⁴ “Funcións i espacio político que pode cumprir a AN-PG”, Arquivo do autor, Fondo AN-PG, s/d.

- C) *Loita directa dentro dos problemas populares concretos e concenciación política nacional-popular a través diles. Campañas nacionais.*
- D) *Revitalización e axilización da loita cultural cun sentido máis popular.*
- E) *Estruturación mista*⁸⁰⁵.

Aliás, procurárase marcar unha raia divisora ben visíbel entre a AN-PG e a UPG, xa non só por tentar acrescentar a introdución social da primeira alén de lastres que puidera representar a segunda, senón tamén para non pór en perigo esta última, cunha infraestrutura nada desdeñábel e un capital humano moi valioso, nomeadamente do punto de vista da entrega militante. Nesta orde de cousas, segundo documentación parida desde a UPG, sinalase “...dentro da tarefa de formalización do Partido a todos os niveles que nestas datas é preciso e urxente levar adiante sin descanso, é moi importante desligar totalmente toda cuestión non especificamente política con respecto á AN-PG. O Partido ten que dirixir e controlar o proceso de creación do Fronte de Liberación o cal non quere dicir que teña que artellar as súas funcións técnicas que deben de pasar á propia militancia da AN-PG”⁸⁰⁶. Así, pois, a UPG sería o cerebro que marcara a liña a seguir pola Fronte de Liberación Nacional nunha altura na que aínda non tería suficiente corpo por moito que si elevado potencial. Para plasmar este na realidade cumpriría adicarlle efectivos humanos, *liberados*, a tal fin, algo que non pasaría por alto na súa teorización a UPG, indicando a organización: “Si hoxe non hai cadros dentro da AN-PG que poidan levar adiante a organización da mesma é tarefa primordial crealos”⁸⁰⁷. Con todo, a formación de cadros para a nova organización frontista non debería nunca pór en perigo, ao ver da organización partidaria, a existencia e normal funcionamento da UPG; ao contrario, tería que supor un alivio no referente ás cargas militantes. Nesta liña, “...a cuestión da propaganda, edición e reparto do Ceibe, cuotas, etc, teñen que estar controlados e dirixidos pola AN-PG que queremos que funcione ben. O contrario leva ó que está pasando: unha confusión tremenda nas funcións da

⁸⁰⁵ Ibidem.

⁸⁰⁶ “Artellamento da Técnica da AN-PG”, Dirección Nacional da AN-PG, s/d, s/l (Arquivo da UPG)

⁸⁰⁷ Ibidem

militancia do Partido dentro da AN-PG, un sobreescenso(sic) de traballo que nos levan a Técnica, unha mistura dos cartos da AN-PG cos da UPG que na maioría dos casos revirte negativamente no propio Partido, unha confusión grande na propia militancia...”, indicarían. Unha práctica militante dupla desenvolvida polo mesmo corpo humano que crearía unha confusión social de relevo, incidindo “... *negativamente no pobo galego pois estámolo acostumando a pensar que AN-PG e UPG son a mesma cousa, confusión, ademáis, aproveitada polos “camilistas” e “Pepes” pra remachar que a AN-PG é un grupo de persoas manexadas pola UPG*”⁸⁰⁸.

O nacemento da AN-PG viría “...*satisfacer unha necesidade histórica característica das situacións coloniais na hora presente; necesidade de contar cun organismo unitario interclasista onde converxan os intereses das clases populares (obreiros, labregos, mariñeiros e pequena burguesía patriótica)*”⁸⁰⁹. A creación nun tempo de transición traerá problemas potenciais a esta organización, en canto que aínda nacendo nun marco represivo e baixo o carimbo da ilegalidade, a inminente legalizacións políticas e homologación polo novo sistema a inaugurar podería facer que a nova organización do nacionalismo puidera perder folgos, logo de ir forxando a súa imaxe na resistencia franquista e a clandestinidade. Neste senso indícase desde a propia organización en documentación interna que “... *o permisivismo aitual, no camiño dunha democratización das estruturas políticas do Estado, vai facer sair á superficie ás diversas formacións políticas, e que nos obriga a seguir o mesmo camiño so pena de desaparecer. (...) a represión diminuí... xogará máis no terreo dos feitos que da mera asociación ‘ilícita’ ...*”⁸¹⁰, aliás o grao de politización da altura permitiría tendo plataformas legalizadas rentabilizar o traballo feito na clandestinidade. Para isto sería necesario elixir qué cadros da organización serían os rostros que representarían o movemento nacional-popular, para o que se terían “... *en conta os seguintes criterios xerais prá súa designación: situación de clase, solidez ideolóxica,*

⁸⁰⁸ *Ibidem*

⁸⁰⁹ “O papel da ANPG”, s/d (c. inicios do 1975), s/l, [arquivo da UPG]

⁸¹⁰ *Ibidem* p.1

traietoria esterna suprapartidaria e prestixio persoal"⁸¹¹. Dentro desta máis que probábel legalización das organizacións que ficaban na clandestinidade, a ANPG mesmo chega a marcar a posibilidade de facer parte de procesos estatais iniciados a nivel estatal español, así márcase que "...no intre oportuno e cando se dispoña de máis datos, a ANPG estudará a súa eventual participación nas eleucións que programa o Poder"⁸¹².

Sexa como for, esta vinculación directa entre a UPG e a AN-PG daría como resultante friccións varias con integrantes da organización frontista procedentes doutras sensibilidades do nacionalismo, caso do entorno do que fora *Galicia Socialista*, nucleados arredor de Camilo Nogueira como se viu. Tensións que tamén se darían con militantes que procedían da tradición do *Partido Socialista Galego*. Estes promoverían, arredor de Mario López Rico, César Portela e Xan López Facal, unha escisión que se constituiría en decembro do 1976 na *Asamblea Popular Galega* (APG), moi semellante á AN-PG no referido ao seu programa ideolóxico-político, pondo igualmente na autodeterminación da Galiza o seu acento. A APG tivo un ano de vida, diluíndose no *Partido Obreiro Galego* (POG), que contribuirían a fundar os seus promotores.

8.2.-As fronteiras obreira, labrega e estudantil.

O feito de integrarse a finais dos anos sesenta na UPG varios militantes mozos vigueses de clase obreira e formados, en boa medida, polo crego galeguista Xaime Seixas Subirá, vai condicionar á organización nacionalista de xeito obvio. Nos finais de década dérase a afiliación dos irmáns Xosé Ramón e Manuel Reboiras Noia -que foran alumnos do veterano galeguista Xaime Illa Couto-, Xosé González e Xosé Manuel García Crego, entre outros, sendo *Pepiño* González e *Moncho* Reboiras centrais na dirección da UPG xunto a Méndez Ferrín e Bautista Álvarez, como membros fundadores da organización. Así mesmo, cómpre facer notar como o grupo *Galicia Socialista*, operativo desde 1968 segundo ten indicado Fermí Rubiralta⁸¹³, no que Camilo

⁸¹¹ Ibidem p.1

⁸¹² Ibidem p.2

⁸¹³ Rubiralta Casas, Fermí, *De Castelao a Mao*, Compostela, Laiovento, 1998. pp143-148

Nogueira e os irmáns Xoán e Xaquín López Facal terían unha presenza central, iría desenvolvendo un traballo de conscienciación entre a clase obreira do mundo fabril vigués que sería observada por unha UPG, na que se integrarían varios dos seus activos. Entre estes destacaría Camilo Nogueira, non así Xoán López Facal, partidario de seguir co traballo que desenvolvía o devandito grupo, fronte unha hermética UPG. Sexa como for, e malia servirse a UPG dos contactos, nada desdeñábeis, no mundo fabril vigués, sobre todo en Citroën, cos que contaban aqueles integrantes de *Galicia Socialista* agora integrados no devandito partido, as relacións destes nesta formación estaría prisionada por continuos tira-puxas.

Nos inicios da década dos setenta, a UPG intensificaría o proselitismo entre as e os traballadores galegos. Crearía os *xermes sindicais* e, a partir destes, a *Fronte Obreira*, operativa desde 1972 e retroalimentada polas mobilizacións de Ferrol e Vigo, onde se darían paróns de miles de traballadores⁸¹⁴. Diante destas mobilizacións a ditadura franquista respostaría cunha forte onda represiva, da que se faría eco a UPG a través dun dossier, reeditado e rebaptizado no exilio europeo, centrado naqueles sucesos e obra de Xosé Ramón Reboiras -encargándosele a Luís Gonçalves Blasco, activista refuxiado na capital francesa, unha reedición daquel documento, agora transformado en *Terra e Tempo-Número Especial* editado en París⁸¹⁵-. Naquel documento indicábase que “...a gama dos feitos comprende asasinatos, feridos de bala, torturas físicas e morales, encarceramentos antixurídicos e multas increíbles”⁸¹⁶.

⁸¹⁴ Segundo a prensa da altura, en Vigo uns 30.000 obreiros deixarían de traballar ao pé das súas fábricas en solidariedade cos operarios de Ferrol e a favor das súas reivindicacións (aumento dos salarios, pagamento das horas extras, descansos...).

⁸¹⁵ Blasco reincorporárase á UPG no 1969, logo da súa marcha após de ter participado, como vimos, da súa fundación. Xunto a Henrique Harguindey, estudante naquela altura en París, crean a ‘sección exterior’ da UPG. *Vid. A política e a organización...* Compostela, Laiovento, 2012. pp.25-26

⁸¹⁶ Aquele *Terra e Tempo-Número Especial* (re)editado en París levaría unha capa deseñada, tal e como ten indicado Luís Gonçalves Blasco, por un contacto portugués, de parentesco galego, que simpaizaba coa UPG. *Vid. Gonçalves Blasco, Luís, A política e a organización...* Op. Cit. p.25.

Neste contexto Xosé Ramón Reboiras sería o encargado de negociar cunha organización sindical clandestina como *Organización Obreira* - conformada arredor das empresas, entre outras, *Barreras* e *Freire*- a participación dos seus activos nunha organización sindical explicitamente nacionalista e a súa integración na UPG. Aínda que non foi frutífera a negociación -que non contaba co apoio de toda a dirección da UPG-, o certo é que non eran poucos os militantes de *Organización Obreira*, e que viñan das *Comisiones Obreras* do *Partido Comunista de España* e das *Juventudes Comunistas*, que simpatizaban coa UPG, tendo a *Moncho* como un referente. As relacións plantexábanse de tal xeito que, mesmo, Reboiras foi quen proporcionou anteriormente a aquelas negociacións a infraestrutura para artellar o aparello de propaganda destouta organización sindical, colaborando con aquela empresa o noutro mozo galeguista da FMG Rufo Pérez, nesta altura profesor de matemáticas e secretario do vigués Instituto Santa Irene, no que tamén exercía a docencia, destacadamente, Xosé Luís Méndez Ferrín. Aquel Vigo era o da editora Castrelos do vello activista da FMG Xosé María Álvarez Blázquez, dos libros que se mercaban baixo corda, prohibidos pola ditadura franquista, nas librarías *A Esmorga* de Pepe Ulloa ou *Librodouro*, de Antón Patiño -quen se facía con todo o que os galeguistas exiliados en América do Sul editaban e que chegaban por mar, caso da obra *Sempre en Galiza* de Castelao e *Vida, Paixón e Morte* de Xerardo Álvarez Gallego, entre outras.

Cara xuño do 1973, cando se estaba a recuperar a UPG da incautación por parte da Garda Civil de parte do seu aparello de propaganda arredor da Península do Morrazo, ao pé de Vigo, -sendo detidas unhas setenta persoas, co caso sobranceiro de Carmiña Graña, así como os cregos de Meira e Cangas-, Xosé Ramón Reboiras e Manuel Lima redactan o *Borrador provisional pra discutir sobre das bases dunha organización dos traballadores asalariados a nivel sindical*, esbozándose a creación dunha *Unión dos Traballadores*, que acabaría sendo o *Sindicato Obreiro Galego* (SOG) fundado naquela vizosa primavera do ano 1975.

Cristalizarían no SOG aquelas células, de non máis de tres ou catro persoas en contacto continuo⁸¹⁷, ligadas a diversos enlaces que ían contribuíndo a manter unha visión de conxunto por parte da dirección da UPG. Ao igual que os ‘xermes obreiros’ e a UPG no seu conxunto, o SOG tería no uso das ‘vietnamitas’ o seu elemento central para a impresión de material propagandístico que se espallaba nas madrugadas ao pé das empresas, prazas e outros lugares de referencia en cada localidade. Editaríanse ducias de boletíns -de fábrica, empresa ou sector; tendo á cabeza o voceiro *Eixo-*, sumándose ao material que xa até aquela altura editaba a UPG e a Fronte Obreira, o voceiro *Terra e Tempo* (TT) e o boletín *Informes*, operativo a partir dos conflitos do 1972. Estes *Informes* nacerían como resposta á falta de contacto existente entre o conxunto de militantes ligados á devandita Fronte e, sobre todo :

“... como intento de porlle remedio à falla de política sindical da organización”⁸¹⁸, encetáronse unha serie de discusións para aclarar a situación”.

Sendo obxectivo destes *Informes*, *“...dar a coñecer a tódolos compañeiros que traballan no Fronte Obreiro as direutrices da Organización nese fronte, para que todos e cada ún dos militantes aitueamos guiados pola mesma liña política”⁸¹⁹* en palabras de Xosé Ramón Reboiras Noia. Darase isto nun contexto no que o nacionalismo frontista se acha nunha ‘grave crise económica e política’, resultando o máis grave problema a encarar no que atinxe á cuestión política a desorientación da militancia nacionalista debida *“... tanto á ausencia dunha avangarda como á presenza e laboura das organizacións españolistas cando asumiron a dirección das loitas”⁸²⁰*. Para combater estas problemáticas apóstase por unha maior unha entrega militante, así como unha toma de dirección dos conflitos obreiros nos diversos centros de traballo nos que tivese ou non presenza a Fronte Obreira, practicando un proselitismo que tería que dar como resultante nova militancia

⁸¹⁷ Entrevista de Uxío-Breogán Diéguez Cequiel a Manuel Mera Sánchez, Vigo, 10/12/2008.

⁸¹⁸ Léase a UPG.

⁸¹⁹ Informe número 3, Fronte Obreira da UPG, abril 1975. p,1.

⁸²⁰ *Ibidem*, p.2

patriótica, para o cumprirla que “...os nosos voceiros sindicais señan facilmente asequibles prá maioría do proletariado galego, que señan formativos e que analicen tódolos problemas dende unha perspectiva sindical”⁸²¹.

A Fronte Obreira da UPG a partir do SOG iría creando unha rede de estruturas sindicais en diversos sectores, caso do ensino, o mar, a sanidade, a banca, etcétera, necendo a *Unión dos Traballadores do Ensino de Galiza* (UTEG), a *Sindicato dos Traballadores Galegos do Mar* (SGTM), a *Unión dos Tralladores da Banca de Galiza* (UTBG), a *Unión dos Traballadores da Sanidade de Galiza* (UTSG), organizacións que, xunto ao SOG, darían como resultante a *Intersindical Nacional Galega* (ING) creada no 1977⁸²².

O SOG integrárase na AN-PG e no mes de abril de 1976 realizou a súa primeira *Asemblea Xeral*. Desapareceu concretamente no mes de marzo de 1977 para dar paso á *Intersindical Nacional Galega* (ING) ao unificarse cos sindicatos nacionalistas e de clase creados a nivel sectorial, nomeadamente a UTEG, o STGM, a UTSG e a UTBG.

Unha realidade sindical que se ligará á AN-PG que estaba a socializar a necesidade de constituír un Estado galego, avogando a partir da UPG pola ‘ruptura democrática’ fronte o proceso de ‘transición democrática’ que tería no fillo de Juan de Borbón a súa pedra angular. Segundo o que fora portavoz nacional da AN-PG, neste período, en resumo, teríamos unha “... UPG [que] opta pola ruptura... preparando o terreo para un cambio político real na Galiza [cara a] asemblea constituinte... [camiñando cara] un programa detallado, as Bases”⁸²³.

Desde a súa creación a UPG faría xirar a súa acción sobre os intereses das clases populares da Galiza. Nesta liña, non se faría agardar ao igual que no mundo fabril, a creación dun sindicalismo agrario. Sería no 1973 que se

⁸²¹ *Ibidem*, p.2

⁸²² Entrevista de Uxío-Breogán Diéguez Cequeil a Manuel Mera Sánchez, Vigo, 10/12/2008.

⁸²³ Diéguez Vázquez, Lois, “Os anos críticos e decisivos (1980-1982)”, *Terra e Tempo*, nº12, II Época, 1999, p.37

botarían a andar as *Comisións Labregas*. Estas impulsaríanse a partir dun grupo de profesionais vinculados ás actividades dos servizos agrarios no medio rural, como lembra Emilio López Pérez, un dos integrantes centrais daquela estrutura⁸²⁴. Destacarían naquel labor Xosé Turnes, Bernardo Fernández Requeixo e o propio López Pérez, entre outros que acabarían conformando o Secretariado Nacional das CC.LL. Estas serían quen de artellar unha rede ampla de apoios: os *Comités de Apoio á Loita Labrega* (CALL), onde destacarían mozas e mozos estudantes, maioritariamente de orixe labrega nunha Galiza no que a escasa rede urbana estaba ligada intimamente co medio rural.

A inmensa maioría desa mocidade estudantil viña de botar a andar a organización estudantil nacionalista *Estudiantes Revolucionarios Galegos* (ERGA), creada no 1973. Esta organización tiña como xénese os primeiros intentos por ter presenza a UPG no marco universitario compostelán. No curso 1964-65 situase a xénese desa presenza nacionalista arredor da UPG, sendo un dos primeiros mozos universitarios adscritos á devandita formación Camilo Díaz Arias, fillo de Camilo Díaz Pardo, xunto a outros compañeiros seus, caso de Arturo Reguera e Federico Ordax-Avecilla, sendo organizador daquela sección universitaria da UPG Luís Gonçalves Blasco⁸²⁵. Desde aquela altura a UPG foi acrescentando a súa militancia no eido estudantil, destacando xunto ao PCE nas mobilizacións estudantís universitarias do 1968, recta final da década na que contaba a formación nacionalista cunha importante introdución neste campo.

A finais do 1972, logo de múltiples manifestacións solidarias coa clase traballadora, actuaría como revulsivo o asasinato no mes de decembro dun mozo universitario. Era Xosé María, 'Chema', Fuentes, un estudante do Concello de Outes, na bisbarra da Ría de Muros e Noia, que caía polos disparos dun policía nas rúas de Compostela. Este feito parece que acelerou o proceso de constitución, propiciado desde a UPG, da organización que sería coñecida como ERGA. A UPG poría en ligazón a represión da ditadura

⁸²⁴ López Pérez, Emilio, *A Terra sabe a loita. Testemuño de rebeldía labrega*, Compostela, Fundación Bautista Álvarez, 2012 p.15

⁸²⁵ Gonçalves Blasco, Luís, *A política e a organización exterior da UPG (1964-1986)*, Compostela, Laiovento, 2012. p.27

franquista na altura do 1972 coa represión iniciada desde xullo do 1936. Podíase ler no *Terra e Tempo* como, ao igual que a Chema Fuentes, noutrora, en xullo do 1936:

*“...foi asasinado Alexandre Bóveda, segredario do Partido Galeguista; foi asasinado Xaime Quintanilla, alcalde socialista de Ferrol; foi asasinado Ánxel Casal, alcalde galeguista de Santiago... foi asasinado Benigno, de Maceda, a testa máis lúdida do comunismo galego (nacionalista); foi asasinado Xohán Xesús González, pioneiro do socialismo galego de dirección galega. Encheron as cunetas a centos, a milleiros, os militantes republicáns, socialistas, comunistas, anarquistas, agraristas, galeguistas, e de tódolos partidos que formaron o Frente Popular...”*⁸²⁶.

A AN-PG nutrírase destas organización que o nacionalismo galego ía creando. Para o caso labrego, desde aquela organización asemblear indicárase nun documento interno, a penas un anos despois de nacer, que as expectativas de implantación e medre viñan dadas polas CC.LL., aseverando que as *“... posibilidades organizativas da AN-PG no medio rural, veñen determinadas fundamentalmente polas COMISIÓS LABREGAS, Sindicato Nacionalista hexemónico no agro e que indudablemente a AN-PG está interesada na súa consolidación...”*⁸²⁷. Sendo a principal aportación da AN-PG naquel medio a *organización dos mellores labregos na AN-PG*. Unha idea que encaixa na posibilidade de crear a ‘Fronte Labrega’ da AN-PG, parello a existencia das CCLL, a través da cal *“...organizar politicamente nunha alternativa patriótica e anticolonial o sector rural da nosa nación; é decir, organizalos dentro da AN-PG, e a traveso daí poder levalos con firmeza a contradición nacionalismo-españolismo, á parroquia, municipio, vila, bisbarra, etc.”*⁸²⁸. E dentro desa colaboración coas CC.LL acordarase a presenza dun militante da AN-PG en cada xuntanza de base dos grupos asemblearios rurais das comisións *‘pra levar a política da AN-PG o sector rural’*⁸²⁹. A coordinación

⁸²⁶ “No asasinato de Chema Fuentes. Abonda xa de crimes impunes” en *Terra e Tempo*, número correspondente a decembro do 1972, p. 8.

⁸²⁷ “A organización da AN-PG no medio rural” s/d (c. 1976) s/l, [arquivo da UPG] p.2

⁸²⁸ *Ibidem*

⁸²⁹ *Ibidem* p.5

inicial neste fronte foi tarefa de Ramón Muñiz de las Cuevas, membro do 'cumio executivo' da UPG⁸³⁰, quen contactaría con algúns labregos, mestres e cregos integrados nas clandestinas *Comisións de Axuda á Loita Labrega*⁸³¹, coordinadas por Xosé Lois Ledo Andián. Entre os cregos destacaría Ramón Valcarce Vega (1935-1993). *Mocho* Valcarce estaba asentado en Culleredo, onde oficiaba nas parroquias de Sésamo e Sueiro, significándose como comunista e nacionalista galego. Ao igual ca el o galego Hilario Leopoldo Rego López (1935-2010), frade *pasionista* que regresaba de Euskadi no 1966 para exercer a docencia na Coruña, brevemente, e durante anos en Melide. Diante daquel contexto de cambio de ciclo após a morte do ditador, cumpría operar a adaptación do tempo de clandestinidade ao de legalidade. Para isto, acordarán desde as CC.LL. crear no 1976 a *Asociación Agraria Galega* (AGA), a partir da aprobación dun decreto que posibilitaba a formación de asociacións de diversa índole. Aquela iniciativa daría lugar a socializar a existencia e propostas do agrarismo nacionalista, que tentaría naquel ano a súa asemblea fundacional fóra da clandestinidade en Monforte de Lemos. Tal e como lembra Emilio López Pérez:

*“Servíunos para pasear centos e centos de parroquias cunha intensa campaña na que se aplicaron fortemente as CALL. Estaba todo preparado para saír á luz cunha asemblea fundacional en Monforte, lugar histórico de congresos agraristas, e presentaríase no campo do Lemos ante milleiros de persoas de toda a Galiza. Decatámonos das medidas represoras previstas e aprazamos o acto”*⁸³².

Sería naquel 1976 cando aquelas *Comisións Labregas* iniciaran unha exitosa campaña, que se proporían levar a todas as parroquias do rural galego, en contra do pagamento da Cota Empresarial Agraria que abusivamente tipificaba aos labregos como empresarios. As CC.LL. dotaríanse dun servizo xurídico propio, personificado na figura do crego, docente e xurista Hilario Leopoldo López Rego. Aquel activismo daría lugar a

⁸³⁰ Entrevista de Uxío-Breogán Diéguez Cequiel a Manuel Mera Sánchez, Vigo, 10/12/2008.

⁸³¹ Máiz, Bernardo e Bieito Alonso, *O sindicalismo nacionalista galego 1972-1982*, A Nosa Terra/Confederación Intersindical Galega, Compostela, 2003.

⁸³² López Pérez, Emilio, *A Terra sabe a ...Op. Cit.* p. 15-16

que este sindicalismo labrego alcanzara unha implantación extraordinaria no territorio galego, realidade patente no verán e outono do 1977. No mes de setembro daquel ano uns 4.000 labregos manifestábanse en Lugo fronte a Cota Empresarial, citados na praza da Milagrosa; o 26 de novembro reuníanse no Pazo Municipal de Deportes lugués miles de labregos e labregas que ateigaban o pavillón⁸³³, escoitando atentamente as intervencións de López Rego, Emilio Pérez, Bernardo F. Requeixo, Tobo, Xesús Trigo, que destacaban xunto Xosé Turnes Paredes e Xaime Custoya, entre outras e outros. Aquel sindicalismo labrego tería un importante protagonismo na loita contra as agresións do medio natural galego. Ao igual que acontecera en Castrelo de Miño, no 1977 singularizaríanse as CC.LL. fronte as expropicións de terras na parroquia das Encrobas (Cerceda), onde o crego Ramón Valcarce tería unha presenza sobranceira en contra da explotación daquelas terras para a explotación das minas de lignito e da construción da central térmica de Meirama, que sería coñecido como 'o crego das Encrobas'. Visualizábase naquela altura a existencia vizosa dun agrarismo galego que enlazaba con aquel de inicios do primeiro terzo do século XX, ligando intimamente a súa loita coa 'liberación nacional' de Galiza.

8.3.-Do Consello de Forzas Política Galegas (CFPG) ao Bloque Nacional - Popular Galego.

No mes de decembro do 1975 o nacionalismo galego nucleado arredor da UPG, desenvolveu unha serie de actos que lle deron un novo pulo ao movemento. Após a asasinato de Xosé Ramón Reboiras Noia meses atrás, e das diversas detencións de militancia patriótica do aparello político e do destacamento armado⁸³⁴, así como dos rexistros en numerosos domicilios, crearíase un clima de especial tensión no país cara o final do franquismo. Reboiras, lembremos, era un dos máximos responsábeis na altura da UPG. Foi un dos artífices da posta en andaina e perfeccionamento da *Fronte*

⁸³³ *Ibidem* pp. 20-21

⁸³⁴ *Vid.* Diéguez Cequiel, Uxío-Breogán, "Xosé Ramón, 'Moncho' Reboiras, a pegada inmorredoira" in *Común temos a Patria*.

Obreira, así como da Cultural e do devandito destacamento armado da organización soberanista⁸³⁵, tendo un relevo sobranceiro no aparello político. A súa queda a mans da policía armada⁸³⁶ en Ferrol, cando estaba a facer labores de proselitismo no entorno obreiro xunto a Elvira Souto, que sería primeira secretaria xeral da UPG, e Lois Ríos, máxime responsábel, ao pouco, da *Intersindical Nacional dos Traballadores Galegos* (INTG), logo da andaina da *Intersindical Nacional Galega* (ING), da que sería secretario xeral Francisco García Montes, supuxo un duro golpe para o nacionalismo galego que apostaba pola frontismo patriótico no marco da instauración dun goberno constituínte galego en chave soberanista.

Como resposta a esta queda, na que, como dicíamos, para alén do asasinato de Reboiras habería tamén presos⁸³⁷, o nacionalismo organizado desenvolvería no país unha intensa campaña baseada na recollida de sinaturas, paros estudantís e obreiros, pintadas coas lendas “Libertade para tódolos presos políticos, e regreso dos esiliados” ou “Galiza Ceive”, para alén do desenvolvemento de diversas mobilizacións. Desde logo, exitosa foi a devandita campaña, en canto que se deron paróns estudantís, caso dos do 12 de decembro en Vigo, Porriño, Cangas Lugo, Ourense, onde, aliás, máis de cen docentes solidarizáronse en favor da amnistía, desenvolvéndose, tamén, concentracións e paróns obreiros catro días despois en Astano e Bazán, no caso de Ferrol e en Barreras, Vulcano ou Citróen, no caso Vigüés. A isto habería que lle sumar dúas importantes manifestacións, nomeadamente en Pontevedra o 21 de decembro, onde máis de 3.000 persoas percorreren as rúas da cidade e en Compostela o día 31, localidade na que diante da

⁸³⁵ Do que participaron directamente uns quince militantes da UPG, encargados de desenvolver accións puntuais, encamiñadas a dotar de capacidade económica e infraestrutura, basicamente, a organización.

⁸³⁶ *Corpo de Policía Armada e de Tráfico*, nome do Corpo de policía creado polo goberno franquista a través das leis do 3 de agosto de 1939 e do 8 de marzo do 1941 coa encomenda de *vigilancia total y permanente, así como de represión cuando fuera necesario* en España.

⁸³⁷ Diéguez Cequiel, Uxío-Breogán, “Xosé Ramón, ‘Moncho’ Reboiras, a pegada inmorredora” in *Común temos a Patria*. p.39

apertura da 'Porta Santa' berrárase fronte o Pórtico da Gloria consignas en favor da amnistía e a liberdade dos presos políticos⁸³⁸.

A UPG avaliaría positivamente o acontecido, para alén de indicar que “...a *movilización xeral pola LIBERDADE DOS PRESOS desenmascara e deixa atrás a aquela oposición liberal-burguesa, que tenta recuperar e manipular o avance popular, e máis aqueles grupos que, dispois de utilizar o tema como motivo de axitación durante varios anos, non levan adiante unha loita consecuenta*”⁸³⁹.

A UPG vía posíbel cumprir a función que quixo asumir desde un inicio, en canto medio para atinxir o seu obxectivo rupturista: ser elemento central da política galega contestataria ao que denominaría 'Estado Imperialista Español (EIE)', marcando os ritmos e pautas a seguir. Neste senso, e verificado este seu papel e capacidade aglutinante e mobilizadora, insistiría a organización nacionalista afirmando que sempre estivera “... *disposta ó diálogo coas forzas políticas de esquerda en función do tratamento de temas concretos que poidan asegurar unha certa función de tratamento de temas concretos que poidan asegurar unha certa unidade táctica*”⁸⁴⁰. Unha unidade que tería feito posíbel esa intensa campaña do mes de decembro no marco dunha “...*coordinatoria (sic) de forzas políticas en Galicia con fins de unidade axitativa cara campañas concretas. Delas saíu un compromiso de coordinación de loitas pola liberdade dos presos...*”⁸⁴¹.

En boa medida, e nesta orde de cousas, xurdirá desta experiencia que tería como antesala o 'Texto conxunto' do 1973, o que se denominaría *Consello de Forzas Políticas Galegas*, “... *unidade antifeixista e antimonopolista, unidade á que invitou e invita a calquera partido de esquerda con base real no país... paso previo pra un Goberno Provisorio...*”⁸⁴².

⁸³⁸ Entrevista a Elvira Souto Presedo, [arquivo do autor].

⁸³⁹ “Loitas Nacional-Populares. Amnistía Total/Avance Nacional Popular”, *Terra e Tempo*, nº33, I Época, 1976. p.6

⁸⁴⁰ “Editorial. Pola unidade antifeixista e antimonopolista en Galicia”, *Terra e Tempo*, nº33, I Época, 1976. p.1

⁸⁴¹ *Ibidem* p.1

⁸⁴² *Ibidem* p.2

Probabelmente foi no voceiro da UPG *Terra e Tempo*, do que tiramos a realidade e ideario que vimos de expresar, a primeira vez que apareceu impreso nunha edición pública o nome do *Consello de Forzas Políticas Galegas* (CFPG); con todo, esta realidade organizativa tomaba oficialmente corpo a partir dunha declaración do 5 de xaneiro do 1976, presentándose como ‘plataforma interpartidaria’⁸⁴³. Nacería esta nun inicio sob a integración nun mesmo *corpus* organizativo do PSG, a UPG e o PGSD. A disparidade entre estas organizacións sería evidente, non só no terreo ideolóxico, senón tamén no referido á dimensión militante e introdución social destes tres proxectos. A UPG sería, xunto ao PSG a nivel formal, a decana do novo nacionalismo, sen parangón no que atinxe á súa capacidade operativa. Pola contra, o PGSD tería unha mínima base social e escasa marxe de manobra, loxicamente unha realidade que derivaba de se ter creado este partido a penas dous anos antes, sen a penas antecedentes militantes fortes –a excepción de ser parcialmente herdeira dunha póla do *Partido Galeguista* de após o 1936-, baixo a tripla xefatura de Xosé Luís Fontenla, Domingo Fernández del Riego e Alfonso Zulueta de Haz.

Sexa como for, as tres organizacións ficarían unidas para dar credibilidade a unha nova estrutura que nacía a partir da necesidade para Galiza, ao dicir dos seus asinantes, dunha “...ruptura que ...[abrira]... o vieiro da libertade e da xusticia pra o noso pobo...”⁸⁴⁴, abrindo o proxecto as organizacións galegas que “...dispoñan da autonomía indispensábel e que, ademais, esteñan dispostas a poñer esa autonomía ao servizo desa estratexia de alternativa democrática galega [estando en condicións para lle dar á mesma] vida na práxis política”⁸⁴⁵.

Un proceso rupturista que tería a *Asemblea Nacional-Popular Galega* como referencia política supra-partidaria de ‘institucionalización do poder popular galego’, realidade que ao entender do Consello podía darse só a partir do desenvolvemento de seis presupostos, a saber:

⁸⁴³ Xiro autocualificativo que empregará desde un inicio o CFPG.

⁸⁴⁴ “C.F.P.G., declaración constituinte”, *Terra e Tempo* nº34, 1976, p. 8.

⁸⁴⁵ *Ibidem*

- Libre autodeterminación para Galiza.
- Instauración dun goberno provisorio galego.
- Implantación inmediata das liberdades democráticas, incluíndo a amnistía para os presos políticos así como para os exiliados.
- Adopción de medidas políticas, económicas, sociais e culturais en favor das clases traballadoras.
- Recoñecemento oficial do idioma galego.
- Artellamento federal do Estado español.

A plataforma agora nada tería unha estrutura moi simple, baseada nunha 'Comisión Permanente' formada por representación paritaria de cada unha das organizacións integrantes da mesma. A mecánica formal e teórica de funcionamento desta comisión basearíase na deliberación no tocante a aqueles puntos a abordar como CFPG, procurando resolver toda cuestión por unanimidade; reservándose á devandita comisión permanente redactar e presentar "...os pertinentes comunicados e declaracións políticas ao país"⁸⁴⁶. A simplificación organizativo-práctica da entidade habería que entendela en base a unha lóxica dupla: por unha banda non deixaba de ser unha alianza conxuntural que non contaba con vida propia, en canto que non pretendía ser unha organización con militancia adscrita, senón esa unión suprapartidaria que dera unha proxección conxunta ás organizacións comúns que a integraban para estas teren maior credibilidade e forza pública, e por outra banda, o complexizar a realidade interna do CFPG faría aumentar o contacto entre os representantes dos partidos que integraban o organismo, o que aumentaría as posibilidades de tensión/disensión⁸⁴⁷. Con todo, as contradicións ficaban presentes nesa alianza, operando implicitamente desde un primeiro intre esas contradicións, que irían *in crescendo*, en base á integración de outras forzas políticas no Consello, para alén das fundadoras, e incluso o referido pasados os meses ás pertenzas de cada quen no terreo sindical⁸⁴⁸.

⁸⁴⁶ *Declaración constituinte do Consello de Forzas Políticas Galegas*, xaneiro 1976. [Arquivo do autor].

⁸⁴⁷ Entrevista a Xosé Vilas Nogueira, Compostela, 20/05/2008.

⁸⁴⁸ Sería esta unha cuestión central diante da ruptura do Consello, en canto a UPG entendía

Con efecto, en abril de 1976 “...poñendo de manifesto a apertura do Consello cara a outras forzas, entran dúas forzas políticas que, en principio, non eran nacionalistas, o *Movemento Comunista de Galicia* (MCG) e o *Partido Carlista de Galicia* (PCaG) organización a primeira que se integraría cara o 20 de abril para estoutro partido formalizar a súa entrada o 27 de abril”⁸⁴⁹. Lembremos que, por exemplo, o MCG viña de se ligar á escisión comunista, non aranista, de ETA (ETA-bai), diante da V Asemblea da organización vasca; escisión que se constitúe no 1966 sob a denominación *Komunistak* para pasar a se chamar, a partir do 1971, *Movimiento Comunista de España*; organización que nestes anos experimenta unha importante fase expansiva a partir da integración de diversos grupos de mozos radicados en diversas zonas do Estado, tal e como ten aseverado Luigi Bruni⁸⁵⁰.

Lembremos, en todo caso, que o MC(G) nun inicio non se integraría no Consello pola desconfianza dos promotores desta plataforma, nomeadamente a UPG, á súa presenza na nova entidade e polas reticencias do MC(G) diante da AN-PG como referencia única do Consello como ‘alternativa de poder popular’, así como por non coincidir co principio interno de unanimidade do que se dotara a devandita unidade interpartidaria⁸⁵¹. Afirmaría, nesta liña, o MCG “...dende o intre de aparición do C.F.P.G. o noso Partido estudiou detidamente a súa declaración constituinte e decidiu encetar conversacións co Consello a fin de clarexar as posturas respectivas encol dos puntos programáticos deste orgaismo...”, de tal xeito que se procedería á unha

que toda organización que participara deste plataforma tiña que apostar por un sindicalismo propio, nacionalista, que se estaba a impulsar, fronte ás *Comisións Obreiras*, para o caso.

⁸⁴⁹ Fernández Baz, Manuel Anxo, *A formación do nacionalismo galego contemporáneo* (1963-1982), Compostela, 2003. p.60

⁸⁵⁰ De tal xeito que “*El Movimiento Comunista de España toma contactos y se fusiona con otros grupos locales como la Organización Comunista de Zaragoza (...). En 1972 uno de los grupos políticos más numerosos, Unificación Comunista de la región de Valencia, entra a formar parte del MCE. Pocos meses después le toca el turno a la Federación Comunista de Madrid, a pequeños grupos de Asturias y Galiza y al Grup de Formació marxista-leninista de Mallorca*” in Bruni, Luigi, *E.T.A., Historia política de una lucha armada*, Txalaparta, Tafalla, 2000.

⁸⁵¹ *Informe da xuntanza entre o C.F.P.G e o chamado Movimento Comunista*, s/l, 18 de febreiro do 1976. [arquivo da UPG]

aceptación “... *explícita da alternativa política asumida pola Consello na [devandita] declaración e úneamente se deixou constancia do noso desacordo coa valoración feito polo Consello da Asamblea Nacional Popular Galega*”⁸⁵², reservándose o *Movemento Comunista de Galicia* o dereito de facer pública a súa postura en relación á AN-PG. Segundo o MCG, a principal obxección que lle puña á organización *nacional-popular* derivaría de non ter sumado esta “...*no seu seo importantes sectores do pobo galego como consecuencia de certa falta de flexibilidade na súa práctica política (...) pouco aberta e integradora das camadas populares galegas*”⁸⁵³.

Con independencia de se daren discrepancias en temas varios entre unhas e outras organizacións, consubstancial, por outra banda, á cuestión política, o relevante é que se fixaba un común denominador a partir do que camiñar cara a efectivización da ‘ruptura democrática’. Así, hai que entender estas integracións no CFPG na intencionalidade da devandita plataforma suprapartidaria de ser o eixo central da realidade política galega diante do limiar do novo estadio que irrompía, logo da morte do ditador e da queda formal do franquismo.

Unha hexemonía que se pretendía do panorama político para así poder forzar desde a Galiza un pacto federal, ao que concorresen todas as nacións que integraban *de facto* o Estado español, unha vez recoñecida a súa soberanía. Trasladado isto ao contexto estatal, o CFPG viña a ser a xuntanza das organizacións políticas xenuinamente galegas na procura da consecución do dereito de autodeterminación para Galiza e a súa posíbel libre adhesión e integración nunha federación supranacional (Federación española) ou non. Fronte o Consello estarían as plataformas que, diante da morte de Franco, se tiñan formado en territorio español para idear unha ‘nova España’ que non tiña, de certo, nada de nova a respecto da cuestión nacional⁸⁵⁴. Dentro destas

⁸⁵² “Entrevista co secretario xeral do Movemento Comunista de Galicia”, MCG, 20 de abril de 1976 [Arquivo da BUSC].

⁸⁵³ *Ibidem*

⁸⁵⁴ En relación á cuestión nacional só as organizacións da esquerda non hexemónica a nivel español recoñecían o dereito á autodeterminación para Catalunya, Euskal-Herria e Galiza. As hexemónicas, ao sumo, falaban, e nesa liña as plataformas pro-transición de carimbo español, dunha abstracta ‘autodeterminación de los pueblos’ nos seus escritos

últimas estaba a *Junta Democrática* e a *Plataforma de Convergencia Democrática*, que se axuntarían para darel paso á constitución da *Coordinación Democrática*, máis coñecida como *Platajunta*⁸⁵⁵.

Fronte a estas plataformas, e nesa lexítima pretensión de hexemonizar o panorama político galego, o CFBG tiña que presentar unha alternativa política programática. Tornábase preciso para o nacionalismo galego encarar o deseño que desde España se estaba a realizar do novo marco estatal e que daría como resultante a coñecida como “España de las Autonomías”⁸⁵⁶. Xa que logo, fronte a falta de concreción xurídico-política da realidade nacional galega e a subordinación do país en relación a unha realidade xurídico-administrativa allea, o *Consello* presenta un documento no que marca as pautas de relación entre a Galiza e España, a partir dun pacto federal con nidias pinceladas confederalizantes.

A diferenciación ideolóxica en clave nacional galega non sería tarefa complexa para o *Consello*. Das plataformas citadas, a que podería en certa medida disputar campo ideolóxico-político ao CFBG sería a ‘Xunta Democrática de Galicia’ (XDG), por estar o *Partido Comunista de España*

programáticos e nun tratamento á baixa do concepto nación; obsévese que se fala de pueblos e non de nacións. O rango de Nación, con maiúsculas, correspondíalle a España, situando nun nivel inferior realidades como a galega, catalá e/ou vasca que se denominarían pueblos.

⁸⁵⁵ A *Junta Democrática* tiña como homóloga no noso país a Xunta Democrática (creada en marzo de 1975), auspiciadas ambas polo Partido Comunista de España e o Partido Comunista de Galicia, respectivamente. Isto mesmo podemos dicir da Plataforma de Convergencia Democrática que tiña na Galiza o seu calco da man da Plataforma de *Convergencia Democrática de Galicia*, destacando diante da súa constitución e desenvolvemento o Partido Socialista Obrero Español (PSOE) e a súa sección galega, respectivamente. *Vid.* Beramendi, J. e Núñez Seixas, X.M., *O nacionalismo galego*, A Nosa Terra, Vigo, 1995. p. 242-443.

⁸⁵⁶ Ao calor destas plataformas comezábbase a debuxar a recuperación actualizada dos “Estatutos de Autonomía” noutrora existentes, así como o impulso doutros ex novo, equiparando realidades nacionais como a galega, vasca ou catalá con partes dunha outra nación, caso de Extremadura ou Cantabria; unha realidade que tería o seu pulo definitivo coa ben coñecida LOAPA ou *Ley Orgánica de Armonización del Proceso Autonómico* de xuño do 1982.

(PCE) e o *Partido Comunista de Galicia* (PCG) hexemonizando esta plataforma e en base ao activismo e militantes destas organizacións. Con todo, a pouca enerxía adicada pola XDG para se diferenciar da súa homóloga española actuaba a modo de lastre, e facía pouco críbel os cánticos desta en favor dos trazos diferenciais do 'pobo galego'. Creada un ano antes que o CFPG, no seu documento de presentación, lanzado por diversos puntos da xeografía galega a XDG afirmaba de feito a mímese no seu nacemento en relación á súa homóloga española en grao de dependencia:

“O 29 de xulio pasado anunciouse simultáneamente en Madrí e París a creación da XUNTA DEMOCRÁTICA, plataforma de loita unitaria que está chamada a orgaizar o tránsito ao Estado do Dereito, reducindo ao mínimo os riscos de desorden e de enfrentamento violento entre os españoles.

Sucesivamente fóronse materializando os esforzos pra constituir as XUNTAS DEMOCRÁTICAS da Cruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago de Compostela e Vigo.

Unha vez cumprido o necesario proceso de coordinación, quedou fundada a XUNTA DEMOCRÁTICA DE GALICIA (...).

A XUNTA DEMOCRÁTICA DE GALICIA fai seus os doce untos da XUNTA DEMOCRÁTICA DE ESPAÑA ...”⁸⁵⁷.

No que atinxe á cuestión nacional, a XDG facía fincapé no punto 9 dos 12 que presentaba a XUNTA DEMOCRÁTICA a nivel español, no que indícaa:

“9º.-O recoñecemento, baixo a unidade do Estado español, da personalidade política dos pobos catalán, vasco e galego e das comunidades rexionales que o decidan democraticamente”⁸⁵⁸. Indicando máis adiante a concepción que se tiña da Galiza: *“... unha comunidade diferenciada, que habita nun territorio definido, ...[cunha] cultura e un idioma propios, [mantendo] ...hábitos sicolóxicos específicos i está condicionada por unha problemática*

⁸⁵⁷ “Declaración da XUNTA DEMOCRÁTICA DE GALICIA”, s.l., febreiro de 1975, [arquivo do autor].

⁸⁵⁸ *Ibidem*. O subliñado é noso.

*económica global, que ten levado a un tercio dos seus fillos ao drama da emigración*⁸⁵⁹.

Desde logo estas afirmacións non cubrirían as expectativas do nacionalismo sociolóxico nin organizado galego, polo que o CFPG cubriría *de facto* un espazo socio-político que na Galiza existía pendente de se articular en termos político-organizativos. Nesa necesidade de expresión programática da que falamos liñas arriba, solicítaselle acometer ao xurista Xosé Vilas Nogueira, militante da UPG naquelas datas, un redactado que presentara as demandas nacionalistas desde unha perspectiva estratéxica, aínda que no marco da conxuntura na que aparecía o Consello. Diante desta realidade daríase no marco do Consello unha dupla postura, a representada pola UPG, non favorábel a diálogo algún con estas plataformas e a presidida polo MCG, na liña de “...*chegarmos a un acordo pra poder falar como un úneco interlocutor con ‘Coordinación Democrática’*”.

Naquela altura Vilas Nogueira tería un importante relevo no marco da UPG, segundo nos ten indicado:

*“Eu era unha especie de ideólogo e encargáronme as Bases, que chegaron a ter moito éxito... Eu puxen o que me ían dicindo, dándolle forma... [porque tamén] recollín aportacións alleas... nese momento fugaz no que fun importante, xunto a Paco Rodríguez e Suevos...”*⁸⁶⁰.

Con todo, Vilas Nogueira, para alén das suxestións que se lle ían facendo da man de compañeiros de organización, procurará inspiración en diversos documentos vixentes naquela altura, así como noutros articulados históricos do galeguismo clásico, caso do *Anteproyeito de Estatuto da Galiza*⁸⁶¹. Segundo ten afirmado Vilas Nogueira, acabaría atopando a referencia máis

⁸⁵⁹ *Ibidem.*

⁸⁶⁰ Entrevista a Xosé Vilas Nogueira... *Op. Cit.*

⁸⁶¹ Bóveda, Alexandre et alli *Anteproyeito de Estatuto da Galiza*, Seminario de Estudos Galegos, Pontevedra, Imprenta Antúnez, 1931.

válida para realizar o devandito traballo na realidade canadense, nomeadamente na súa relación co Imperio Británico⁸⁶².

Neste senso, lembremos que na altura na que o devandito esforzo intelectual se está a desenvolver, en Canadá ficaba vixente a 'Acta constitucional de 1867'. Esta carta legal daba forma única a diversos territorios norteamericanos de dominio británico e ficaba baseada nunha organización territorial federal composta, daquelas, por doce territorios, entre estes o Quebec⁸⁶³.

E é que, *stricto sensu*, as *Bases*, é dicir, o pacto federal e de goberno provisorio, viña precedido por unha serie de medidas que tocaban os diversos aspectos constituíntes da economía galega e que foron unha e outra vez editadas en conxunto. Estas, as medidas económicas para un programa de goberno provisorio galego, foron autoría do economista e enxeñeiro expulso no 1973 da factoría de Citroën en Vigo Camilo Nogueira Román⁸⁶⁴. Nogueira naquela altura xa tería un papel destacado no nacionalismo após a experiencia de *Galicia Socialista*, e é que:

*"Na AN-PG chegou un momento no que os máximos responsábeis eramos Bautista [Álvarez] e mais eu..."*⁸⁶⁵.

Con esa proxección e bagaxe política, Camilo Nogueira Román presentaba, a partir de seis epígrafes, alén da introdución, os trazos característicos da economía galega e as medidas a desenvolver polo goberno de transición na Galiza para paliar problemáticas estruturais, caso da rural, así como para o desenvolvemento dos diversos sectores produtivos da economía galega.

⁸⁶² Entrevista a Xosé Vilas Nogueira... *Op. Cit.*

⁸⁶³ Este realidade territorial federal ampliárase no 1999 coa integración de Nunavut.

⁸⁶⁴ Militante naquela altura, ao igual que Vilas Nogueira, da UPG. Camilo Nogueira lembremos que chega á devandita organización a partir da integración neste partido do grupo *Galicia Socialista*, do que el era dirixente. Entrevista a Camilo Nogueira Román, Compostela, 15/07/2008 [arquivo do autor].

⁸⁶⁵ Entrevista a Camilo Nogueira Román... *Op. Cit.*

A máxima pretensión deste traballo a partir da caracterización económica de Galiza sería a de:

“...trazar un esquema xeral dos principios e obxectivos que deberán presidir e orientar, respectivamente, a concepción dunha política de desenvolvemento para Galiza e, máis en concreto, do desenvolvemento da súa estrutura produtiva”⁸⁶⁶.

Unha tentativa a desenvolver no marco dunha ‘estratexia de ruptura co réxime’, segundo nos ten indicado Xosé Vilas Nogueira. Nesta orde de cousas as organizacións integrantes do CFPG non apostarán pola reforma do existente, senón pola apertura dun novo estadio constituínte no que a devandita ruptura é entendida ao servizo das clases populares, como unha *“...oportunidade certa de poñer en marcha unha política de desenvolvemento que rompa os mecanismos do colonialismo e tire á sociedade galega do trollo do subdesenvolvemento”⁸⁶⁷.*

Así, nesta liña argumental, afírmase, como se pode observar, que Galiza é un país dependente en clave colonial é que no marco do sistema de produción capitalista na práctica a única función do noso país sería a de ser subministrador de forza de traballo, capital e materiais primas ou produtos elaborados con baixo nivel de valor engadido galego. Unha función dentro do sistema que tería como consecuencia *“...a subordinación do desenvolvemento industrial galego, o abandono e atraso das economías agraria e pesqueira, a emigración, e unha explotación das clases traballadoras galegas...”⁸⁶⁸.*

En suma, representaba aquel documento, e en palabras do destacado cadro do nacionalismo galego Bautista Álvarez, á sazón un dos impulsores das *Bases*, a pretensión de sentar *“... as bases que permitisen o exercicio da*

⁸⁶⁶ Vid. Aparato documental

⁸⁶⁷ Vid. Aparato documental

⁸⁶⁸ Vid. aparato documental

*soberanía nacional*⁸⁶⁹ a partir dun dilatado proceso autodeterminista, debuxando “...un proxecto que visaba resolver as contradicións dun Estado plural na súa composición e unitario e centralizado no funcionamento administrativo”, segundo afirmaba Álvarez Domínguez⁸⁷⁰. E, certamente, as *Bases* tornaríanse nun documento que contribuiría á vertebración teórica do nacionalismo galego ao longo de tres décadas.

Desde a presentación das *Bases*, e para alén do simbólico, estas ficarían presentes na maior parte das mobilizacións que o soberanismo galego desenvolvería, mercé o berro “Estatuto nunca máis, Bases Constitucionais”. E non só presentes estarían no marco do soberanismo, tamén irían penetrando as *Bases* gradualmente na esquerda real da Galiza da altura e nos seus activos, da man da interacción que o nacionalismo galego manterá *in crescendo* con estes. Exemplo gráfico do que afirmamos podémolo atopar no Día da Patria Galega do ano 1977, ano seguinte da sinatura do devandito documento. Sen paliativos expresábase o veterano militar fundador da *Unión Militar Democrática*, capitán Xosé Fortes Bouzán, indicando nun seu discurso en termos nacionais e de clase que “...a loita dos traballadores ... [naquela altura]... pasa pola loita contra a dependencia...”⁸⁷¹; mentres, os manifestantes, reunidos da man da convocatoria do Día da Patria, arroupaban ao orador na carballeira de Santa Susana coa lenda en favor das *Bases* liñas arriba reproducida. Unha escena que deixaría de ser anecdótica para se converter en paradigmática, vivida no día grande do país ao longo de máis de dúas décadas polas rúas da capital galega.

Con todo, e por moito que as *Bases Constitucionais* tiveron unha vixencia que, mesmo, chega até os nosos días⁸⁷², o certo é que o *Consello de Forzas*

⁸⁶⁹ Álvarez Domínguez, Bautista, “O nacionalismo galego nos anos da transición” in *Terra e Tempo* nº12, Compostela, 1999, p.20.

⁸⁷⁰ Álvarez Domínguez, Bautista, “O nacionalismo galego... op.cit.

⁸⁷¹ “Unas cuatro mil personas llamaron a la unidad de la izquierda gallega, en Santiago”, in *La Voz de Galicia*, 26/07/1977, p.33.

⁸⁷² Até hai poucos anos diversas organizacións explicitamente independentistas, caso da *Frente Popular Galega* (FPG), marcaban as *Bases* como referente programático referencial a partir do cal avanzar cara a ‘Independencia Nacional e o Socialismo’.

Políticas Galegas tivo un tempo de vida menor. As disensións existentes desde un inicio entre as organizacións integrantes da devandita plataforma e a substitución das xuntanzas pola negociación fraccional entre os dous bloques que viñan a conformar o Consello, fixeron que este rematara a súa andaina cara 1977. Este ano a UPG xunto a *Asemblea Nacional-Popular Galega* (AN-PG), pularán pola creación dun *bloque nacional-popular* que a modo de coalición electoral puidera presentarse, de partida, ás eleccións Xerais do 15 de xuño do 1977.

Nesta liña, e chegados a abril do 1977, vemos como se crea a coalición de electores *Bloque Nacional-Popular Galego* (BN-PG)⁸⁷³. Segundo un rascuño de texto para a edición dunha volantina a editar pola AN-PG e a UPG, indicárase que “...as direccións da Asemblea Nacional-Popular Galega (AN-PG) e da Unión do Pobo Galego (UPG), acaban de constituír formalmente o Bloque Nacional-Popular Galego en cumprimento dos acordos do II Plenario da AN-PG e das resolucións do Cumio Central da UPG”⁸⁷⁴. A creación desta nova organización viría abalada pola:

*“...necesidade actual dunha alianza estratéxica inequivocamente galega e popular que asuma a loita pola liberación nacional e social de Galicia, procurando a organización política e o apoio do pobo galego arredor dun programa político, económico, social e cultural que resume as aspiracións sentidas hoxe como súas polas clases populares...”*⁸⁷⁵.

Co BN-PG o nacionalismo frontista asumirá explicitamente as consultas eleitorais como un medio máis para atinxir os seus obxectivos políticos, na práctica os destilados nas *Bases Constitucionais* que seguirán a estar presentes.

⁸⁷³ A fórmula de coalición de electores é pola que se opta, dado que nin a UPG nin a AN-PG estaban en condicións de legalidade como para publicamente dar conta de que se unían para lanzar unha proposta electoral conxunta.

⁸⁷⁴ “A AN-PG (Asamblea Nacional Popular Galega) E A UPG (Unión do Pobo Galego) ANUNCIAN A CONSTITUCIÓN DO BLOQUE NACIONAL-POPULAR GALEGO”, s/d, (c.abril 1977), [arquivo da UPG], vid. p. 95

⁸⁷⁵ *Ibidem*

Nun denso documento interno fica ben clara a aposta táctica electoralista do frontismo nacionalista, sinalándose que esta participación nas eleccións “...está máis determinada pola necesidade de defender públicamente as alternativas do Movemento Nacional-Popular que pola creencia en que a vía parlamentaria seña o único vieiro pra lograr a liberación nacional e social de Galicia”⁸⁷⁶. De feito a organización político-eleitoral do frontismo nacionalista indica que non renegará dos seus principios e obxectvos políticos, presentando un desafío claro ao Estado español:

“... é obvio que a presentación de candidatos por parte do Bloque Nacional-Popular representa un desafío ao Estado colonial, pois o faremos sin renunciar a ningún dos puntos programáticos ao mesmo tempo que un punto de referencia, tamén a nivel político-parlamentario, pra que as nosas clases traballadoras non poidan ser engañadas tan facilmente por alternativas neo-coloniaes”⁸⁷⁷.

Nesta orde de cousas, afirman as direccións da AN-PG e a UPG que a presentación de candidaturas por medio do BN-PG será un medio propagandístico máis, ao que habería que sumarlle a consecución de actas parlamentares a nivel estatal que significarían a presenza institucional dun permanente altofalante da *alternativa nacional-popular*. A financiación deste novo desafío correrá fundamentalmente a cargo da militancia nacionalista, afeita a financiar todo tipo de campañas que o movemento nacional-popular artellase⁸⁷⁸. A partir de ‘comités eleitorais zonais’, procurarase *aproveitar todo tipo de relacións personaes (visitas, cartas, etc.) recomendando a candidatura Nacional-Popular*⁸⁷⁹. A proposta ‘nacional-popular’ está tan clara que mesmo se recomenda artellar actos eleitoralistas en festas e feiras a partir da información que daban os coñecidos calendarios de Cementos Oural. Uns actos que terían tanto nas eleccións ás Cortes Xerais de 1977 (como nas Municipais de 1979) a reivindicación dun “...GOBERNO GALEGO e dunha

⁸⁷⁶ “Informe a militancia”, AN-PG e UPG, abril do 1977, [arquivo da UPG]. p.1

⁸⁷⁷ *Ibidem* p.1

⁸⁷⁸ Márcase de interese de cara a financiación da campaña :“*artellar diversos sistemas de recaudación de fondos para campaña entre as xentes da AN-PG ou independentes: venta de bonos, venta de cerámicas, venta de insignias, celebración de festivais, etc.*”.

⁸⁷⁹ *Ibidem* p.2

ASEMBLEA CONSTITUINTE de Galicia que elabore institucións autóctonas e axeitadas a nosa realidade nacional, puntos istes que constitúen o eixo político da nosa candidatura”⁸⁸⁰. Lembrando como as aspiracións programáticas ‘nacional-populares’ fican xa contidas nas *Bases Constitucionais* e nas *Medidas Económicas*, nas que se podía ler:

“...dadas xa a coñecer nas pasadas eleccións parlamentaras. Nélas recollemos aquelas medidas referentes ou abordables dende unhas competencias de ámbito municipal, pois somos conscentes de que sería pecar de irrealismo propoñelas na súa totalidade como programa de administración local, por máis que as sigamos defendendo a nivel político xeral”⁸⁸¹.

O frontismo nacionalista e, por extensión, toda a esquerda antifranquista, tiña unhas expectativas elevadas respecto as Eleccións Xerais. Non por pensar que a partir duns resultados positivas naquela consulta electoral se producirían cambios substanciais no *statu quo* imperante, como pola proxección pública que podían supor así como pola acumulación de forzas que puidera significar. Con todo, “...o primeiro día que a sociedade falou politicamente ... premiou, en Galicia e o conxunto de España, ás variantes máis moderadas dentro de cada banda...”⁸⁸². Así, foron que os centristas acadarían os grandes vencedores un 54% dos sufraxios fronte un 16% o PSOE, UN 14% AP e un 2%, ou se se prefire 23.109 sufraxios, o conseguido polo BN-PG. Unha porcentaxe esta que podía ter sido maior de ter habido unha concentración do voto por parte dos nacionalistas galegos que, lembremos, foran separados a estas eleccións en canto que, para alén do BN-PG, presentábase o PSG en solitario, así como o *Partido Popular Galego* (PPG) co PGSD, obtendo un 2,4 e un 2%, respectivamente⁸⁸³.

A lectura que se faría destes resultados por parte daquel nacionalismo frontista sería que o aparello estatal contaba cunha engrenaxe que reforzaba o sistema político español a través das consultas electorais, así :

⁸⁸⁰ BN-PG, Programa Municipal, s/l, s/d [arquivo do autor].

⁸⁸¹ Ibidem.

⁸⁸² Beramendi González, Justo, *De Provincia a Nación. Historia do galeguismo político*. eds. Xerais, Vigo, 2008. p. 1098

⁸⁸³ Ibidem.

“...a esmagadora maioría de UCD ven demostrar, xunto coa importante minoría acadada por AP, que o aparello burocrático do Estado, do poder, está ao servizo dunha burguesía intermedia que sigue fielmente as consignas do Goberno. Eisí se consegue que unha parte do electorado popular, atemorizado, caciqueado, escéptico, vote as alternativas do poder”⁸⁸⁴.

Unha lectura daquela consulta eleitoral diante da que se parabeniza o traballo realizado por parte do BN-PG, entendendo que tiña acadado en grande medida os obxectivos que se maracaran, nomeadamente “...*demarcar a liña nacional-popular fronte ao españolismo, posibilitar a ampliación da súa base (foron varios os contactos pra presentar Comisións Labregas en varias aldeas, houbo xente que pediu a entrada no SOG, na Asamblea, e mesmo outra que se presentou para colaborar economicamente no futuro*”⁸⁸⁵. Así que se entendía que “...os nosos votos pódense converter en afiliados da AN-PG, dos sindicatos, ou ben en colaboradores do MN-PG...”⁸⁸⁶.

Nesta tesitura, o BN-PG sofre unha escisión á altura de outono do 1977 que deriva na creación do *Partido Obreiro Galego* (POG), dando lugar á ramificación dunha sensibilidade nacionalista que non acababa de achar un desenvolvemento de seu na contorna da UPG, que viña de sufrir un proceso de ruptura traumático⁸⁸⁷, que acabaría dando lugar á *UPG-Liña proletaria* capitaneada por Méndez Ferrín e Luís Soto, que anos despois daría lugar ao

⁸⁸⁴ *Análise das eleccións: significado e consecuencias*, Comité executivo, s/d, s/l. c. Maio do 1977 [arquivo da UPG] p.2

⁸⁸⁵ *Ibidem* p.3

⁸⁸⁶ *Ibidem*

⁸⁸⁷ Entre outubro e novembro do 1976 na dirección da UPG acentuábanse as tensións. Tiñan a ver coas alianzas da organización partidaria, e as dinámicas que se imprimían á An-PG e ao CFPG, mais tamén coas actitudes ‘dirixistas’ de membros da propia UPG. Poríase en entredito a persoa de Xosé Martínez, o activo *Pepiño de Teis*, membro do Comité Executivo, do Comité Central e do Secretariado Político deste partido nacionalista, por parte dos tamén membros deste organismo Francisco Rodríguez Sánchez, Ramon Lôpez Suevos e Pedro Luaces, diante dun Xosé Manuel García Crego, *Vicente*, responsábel de organización da formación naquela altura. Como froito daquelas tensións, Xosé Martínez e García Crego, en solidariedade co primeiro, ficarían fóra da UPG.

Partido Galego do Proletariado (PGP)⁸⁸⁸. O POG nacía como un partido galego que combinaba no seu ideario o marxismo e o nacionalismo. Semella que chegou a contar cunha afiliación de perto de dous mil militantes, nucleados principalmente arredor das cidades de Compostela e Vigo. Camilo Nogueira, anteriormente militante da UPG, lideraría este grupo fronte un BN-PG que acusaban de 'sectario e falta de entendemento con outras forzas' da esquerda actúantes na Galiza, un diálogo que afirmaban necesario para o nacionalismo hexemonizar a política galega. O POG sumaba membros da *Asemblea Popular Galega*, *Partido Comunista de Galicia*, *Partido Socialista Galego*, *Partido dos Traballadores de España* e do *Movimento Comunista de Galicia*. Xunto a Camilo Nogueira, compartía protagonismo no POG a nivel nacional, quer no organizativo, quer no ideolóxico-político, Xan López Facal. Após o seu I Congreso, o POG integrárase na coalición *Unidade Galega*, participando das Eleccións Xerais e nas municipais do 1979. O POG fixo campaña en favor do voto en branco no referendo que ratificaría a Constitución española e o voto contrario no referendo do Estatuto de Autonomía de Galiza. Ao pouco esta póla do nacionalismo galego botaba a andar *Unidade Galega*.

Diante daquelas eleccións ás Cortes do 1 de marzo do 1979, após a aprobación da Constitución española, o frontismo nacionalista galego viña de desenvolver unha extensa campaña en contra da carta magna. Nesta ocasión, e cun lixeiro aumento, o BN-PG tirou naquela consulta electoral un 5,9%, aumentando esa representación nas municipais do 3 de abril. Destacaba fronte o BN-PG no ámbito do nacionalismo unha coalición creada a mediados de xaneiro do 1979 que, baixo o nome de *Unidade Galega* (UG), agrupaba ao PSG, ao POG, liderado por Camilo Nogueira e Xosé Vilas Nogueira unha vez marcharan da UPG, e o recreado *Partido Galeguista* (PG) de Ramón Martínez López e Avelino Pousa Antelo, presidente o primeiro e secretario xeral o segundo desta organización, que nacía baixo o evocador nome do partido que botara a andar no xa lonxano mes de decembro do 1931.

⁸⁸⁸ Esta escisión da UPG acusaba de 'direitización' á dirección do partido marxista-leninista. Esta galla do nacionalista a partir do PGP (1978) daría lugar a *Galicia Ceive-OLN* (1980).

Esa coalición racharía ao pouco polas diferenzas existentes entre os seus integrantes partidarios e a participación do PSG no artellamento nunha nova plataforma unitaria do nacionalismo con grandes semellanzas ao CFPG: a *Mesa de Forzas Políticas Galegas* (MFPG). De feito a posta en andaina da MFPG semellaba a recreación do *Consello*, aínda que desta vez a finalidade deste novo ente sería a de intervir no marco das conversas que xiraban a escala estatal entre a creba ou a reforma democrática. En palabras do que fora portavoz nacional da AN-PG, Lois Diéguez, a:

“...AN-PG, desaparecido xa o Consello de Forzas Políticas Galegas, crea coa UPG e o BN-PG, e mais tarde co PSG, a Mesa de Forzas Políticas Galegas, como xeito de incidir nas conversas que en Madrid teñen os diversos partidos políticos do Estado para configurar o seu futuro político. Cando alí se decide que a autodeterminazón non vai ser recoñecida na futura constituición, os nacionalistas galegos seguen, en solitario, a loita por unha ruptura democrática”⁸⁸⁹.

CADRO IV

⁸⁸⁹ Diéguez Vázquez, Lois, “Os anos críticos e decisivos (1980-1982)”, *Terra e Tempo*, nº12, II Época, 1999, p.37

Partidos	Cortes españolas 15/6/77	Cortes españolas 1/3/ 79	Municipais 3/4/79	Parlamento de Galiza 20/10/81
UCD	606.720 (53,2%)	519.145 (47,5%)	389.879 (36%)	274.191 (27,3%)
PSOE	175.127 (15,6%)	184.247 (17%)	152.863 (14%)	193.456 (19,3%)
AP-CD	148.239 (12,9%)	148.570 (13,6%)	134.631 (12,4%)	301.039 (30%)
PCG	34.238 (2,9%)	43.655 (4%)	41.038 (3,8%)	29.000 (2,8%)
BNPG- PSG	22.771 (2%)	63.709 (6%)	70.335 (6,4%)	61.870 (6%)
UG		58.391(2,76%)	52.747 (2,50%)	
PG				32.638 (3,2%)
EG				33.544 (3,3%)

FONTE: Elaboración propia a partir de Blanco, R.; Máiz, R. e Portero, J.A., 1982: 44

Con efecto, finalmente nese desenvolvemento organizativo-político do frontismo nacionalista na Galiza achamos como se crea a MFPG. Segundo indica o politólogo Manuel Anxo Fernández Baz “...o proceso de formación da Mesa de Forzas Políticas Galegas [xurdirá]... como resultado dun conxunto de reunións, convocadas polo PSG (na liña aprobado no seu II Congreso de achegamento ás restantes forzas nacionalistas), entre as forzas integrantes do BN-PG e as da coalición Unidade Galega nos meses de xuño e xullo de 1980...”⁸⁹⁰. Na práctica tentaríase crear unha mesa de consulta, análise da realidade e acción conxunta entre as distintas forzas políticas nacionalistas que mesmo chegase a dar como resultante no plano electoral unha acción común. Ese será o legado co Consello así como da MFPG: unha experiencia que posibilitará o coñecemento, complicidades e confianza para a creación dunha organización o máis unitaria posíbel por parte do nacionalismo/soberanismo galego nun claro cambio de ciclo.

Cambio de ciclo que virá dado polo esgotamento do anterior segundo grande parte dos seus protagonistas no marco do nacionalismo frontista. Un feito constatado en base, fundamentalmente, a existencia de convulsións varias no marco desta póla maioritaria do nacionalismo fontista, apuntando cara unha crise difícil de superar. Así, no marco da propia AN-PG comeza a cuestionarse por algúns sectores a idoneidade de manter as *Bases* como referente programático marco, por outra banda comeza a verse con especial interese a participación nas consultas electorais, para alén de presentarse a organización asemblear como pouco eficiente para a nova etapa política a percorrer, nomeadamente no relativo á unificación organizativa do nacionalismo e a participación social. Así é que, outra volta en palabras de Lois Diéguez:

“Na ANPG, non obstante continúan os conflitos. Custa chegar a recoñecer que as ‘Bases Constitucionais’ xa non son unha saída imediata, e que a propia Fronte, tal como se estrutura, tampouco non ten

⁸⁹⁰ Fernández Baz, Miguel Anxo, *A conformación do nacionalismo galego contemporáneo (1963-1984)*, Laidvento, Noia, 2003, p.105

rendibilidade social. Foi a organización de masas máis poderosa do país, pero a altura de 1982 contradi a súa alternativa de 'xerme dunha asemblea constituinte galega' e debilita-se coa composición de xentes independentes e integradas en partidos que non poden actuar nos seus organismos como tais. O nacionalismo sgue dividido. Así nace a alternativa do BNG, chamando a todo o campo nacionalista a unir-se nunha Frente que baixo uns principios xenéricos, poda actuar con verdadeiro pluralismo político. Algúns queren que a AN-PG continue como o que veu sendo. Outros que se converta nun partido político. A profunda conflitividade desemboca na alternativa do BNG. Inicia-se, por tanto, neste ano de 1982 unha táctica política que xoga nos marcos establecidos sen perder o rumbo do que quer a respeito da Galiza: a súa soberanía e un goberno real que a poda efectivizar...»⁸⁹¹.

Con efecto, aquel nacionalismo frontista crearíase unha 'Comisión Xestora' para dar lugar a un 'bloque' que integrara distintas sensibilidades do nacionalismo existentes no país. Aquela xestora estaba conformada pola propia AN-PG, Galicia Ceibe, PSG, UPG, Independentes de Santiago e da Coruña, así como o Colectivo Libertario Arco da Vella.

Entre o 25 e o 26 de setembro do 1982 desenvolvíase no Frontón de Riazor (A Coruña) a Asemblea fundacional da nova fronte, previa desaparición do BN-PG. Sob os principios do interclasismo e a loita pola recoñecemento do dereito de autodeterminación nunha alternativa en favor da soberanía nacional para Galiza, a AN-PG, a UPG, o PSG, así como outros colectivos nacionalistas independentes, converxerían naquela asemblea. Ora, non daría aglutinado aquel BNG a totalidade do nacionalismo galego organizado, dado que a corrente representada por *Galicia Ceibe* decidiría deixar o *Bloque*, agora constituído, diante da devandita Asemblea Constituínte Tamén abandonarían aquel proxecto unitario as e os integrantes do colectivo libertario *Arco da Vella*, non conformes, ao igual que *Galicia Ceibe*, co nome elixido e pola inspiración organizativa da nova formación. A estas baixas sumábase unha outra: diante

⁸⁹¹ Diéguez Vázquez, Lois, "Os anos críticos e decisivos (1980-1982)", *Terra e Tempo*, nº12, II Época, 1999, p.38-39

das eleccións xerais de 1982, a coalición Bloque-PSG tivo 38.522 votos, dando estes resultados, considerados negativos, un debate interno no seo do PSG; que levaría á celebración dun Congreso extraordinario en xaneiro de 1983 no que decidiría este partido abandonar o BNG, malia que un nutrido grupo de militantes do PSG seguiría no *Bloque* aglutinados arredor do que pasaría a se denominar *Colectivo Socialista*, no que estarían Mario López Rico, Xosé Manuel Beiras e Francisco Trigo Durán, entre outros.

A partir desta altura o nacionalismo galego entraría nunha outra etapa. O BNG tentaría liderar o espazo político propio do nacionalismo como fronte unitaria, con todo, fóra desta organización desenvolveríanse outros proxectos políticos nacionalistas de distinto cariz, nun abano que iría desde o socialismo reformista no marco do autonomismo até o independentismo comunista anti-sistema, propostas representadas naquela altura polo *Partido Socialista Galego-Esquerda Galega* e *Galicia Ceibe/Ceive*, respectivamente, entre outras segundo os anos fosen pasando.

8.4.-A plasmación do deseño político para Galiza de Ramón Piñeiro e o tempo autonómico.

Entre tanto, o galeguismo articulado arredor da figura de Ramón Piñeiro seguía a súa folla de rota. Logo de ter lanzado o PSG no 1963, observaría Piñeiro que nesta altura aquel partido estaba fóra do seu control, tendo perdido presenza Francisco Fernández del Riego, quen exercera de enlace central co grupo *Galaxia*. A partir dunha militancia formada entre a década dos cincuenta e sesenta, o PSG contaba cunha dirección e cadros que surcaban os vieiros do nacionalismo explícito, superadores da primeira etapa daquel partido concebido por Piñeiro, segundo nos ten indicado Xusto Beramendi, daquelas activo na dirección da organización socialista. Así, o entorno de Piñeiro crearía aquela outra formación que quedara pendente de constituír a partir do esfarelamento do Consello da Mocidade: o *Partido Galego Social Demócrata* (PGSD). Formación que se constituía no 1974, denominándose de inicio *Unión Social-Demócrata Galega*, pilotada centralmente arredor do notario Alfonso Zulueta de Haz (1924-) e o avogado, noutrora membro do *Consello da Mocidade*, Xosé Luís Fontenla Rodríguez

(1944-). Este partido sería favorábel desde o seu inicio á autodeterminación de Galiza, a diferenza do PSG no seu nacemento unha década atrás, mais non tería especial proxección. O campo que podería cubrir era aquela no que xa o PSG tiña un peso específico, e o terreo que a UPG dominaba macizamente non era o que pretendía. Entre tanto, os galeguistas do ámbito de Ramón Piñeiro, incansábeis, seguían co seu labor culturalista. A súa constancia e as relacións que ían cultivando no ámbito español naqueles novos tempos de reposición monárquica, darían lugar á creación da *Real Academia Galega da Ciencia* (RAGC), creada no 1977 grazas ao impulso de Enrique Vidal Abascal, Isidro Parga Pondal, Luís Iglesias Iglesias, Domingo García Sabell, Antonio Fraguas e Eugenio Torre Enciso, membros da RAG. O proxecto de país do entorno piñeirán ía desenvolvéndose, nun tempo que agardaran con vagar, máis traballando silandeiramente. Non é de estrañar que diante da *Transición* democrática e a constitución da *España de las Autonomías*, este grupo tivera unha posición privilexiada. Nas eleccións xerais ás Cortes do Estado de xuño do 1977 Domingo García-Sabell sería nomeado senador por designación real, para ser delegado do goberno español na Galiza entre 1981 a 1996. Aquel galeguismo, sen presentar oposición algunha a unha Carta Magna española (1978) que inhabilitaba a reposición republicana, vía con optimismo a creación da Xunta Pre-Autonómica de Galiza, que sería presidida por Antonio Rosón, vello coñecido de Ramón Piñeiro e ao que, segundo Miguel Barros ten indicado, o de Lán cara profesaría simpatía, para alén de estaren en posicións políticas distintas⁸⁹². Parte daquel galeguismo participaría de feito na *Unión de Centro Democrático* (UCD) -impulsado en boa medida polo grupo *Tácito*, integrado por franquistas⁸⁹³-, sendo o propio Piñeiro e Rosón os que deseñarían esa liña de actuación. Detrás destes pasos estaba a procura dun posicionamento privilexiado nun novo estadio da historia de España, tentando monopolizar institucionalmente o ámbito galego. Desta

⁸⁹² Barros, Miguel, *Ramón Piñeiro. Nas olladas... Op. Cit.* p67

⁸⁹³ Aquel grupo estaba conformado por franquistas que eran favorábeis a una 'saída democrática' após a que sería a morte de Francisco Franco. Alfonso Osorio, Fernando Álvarez de Miranda e Abelardo Algora serían os seus fundadores por volta do 1973. A UCD nacida coa reunión duns dezaseis partidos de centro dereita, arredor da figura de Adolfo Suárez (1932-2014), celebrando o seu primeiro congreso no mes de outubro de 1978.

realidade nacería unha comisión, a Comisión dos 16, que desde xaneiro do 1979 iría redactando un novo Estatuto de Autonomía, que lle daría forma a aquela Xunta de Galiza. Os traballos daquela comisión, presidida e vicepresidida, respectivamente, polos activos da UCD Manuel Reimóndez Portela (1916-1994) e Pablo González Mariñas, remataban no mes de abril co visto e prace de todas as forzas que se integraban na mesma, a saber: a maioritaria UCD (oito membros), PSOE (dous membros), AP (dous membros), PCE (un membro), POG (un membro) e PT (un membro). O nacionalismo frontista, xa que logo, non participaba daquela redacción estatutaria, favorábel ás *Bases Constitucionais*. UPG e PSG posicionábanse en contra dun Estatuto que non tomaba o Estatuto de Galiza plebiscitado en xuño do 1936 como referencia sobre a que superar o teito autonómico galego. Denunciábase un retroceso en relación á realidade de catro décadas atrás. Só Camilo Nogueira polo POG daba visibilidade a un nacionalismo que entendía era posíbel desde aquel proceso contribuír ao desenvolvemento do país.

O texto estatutario, con todo, sufriría varias modificacións á baixa a partir das demandas que contemplara a Comisión dos 16. Un acordo entre UCD e PSOE daba como resultante uns recortes que serían recepcionados na Galiza como unha aldraxe, pasando a se denominar aquel como o 'Estatuto da Aldraxe'. O goberno español capitaneado pola UCD aprobaba o 22 de novembro do 1979 un Estatuto diante do cal saían miles de cidadás e cidadáns galegos ás rúas o 4 de decembro. As mobilizacións foron de tal magnitude que, en setembro do 1980, reabríase o debate arredor do Estatuto Galego (nuns encontros que darían lugar ao coñecidos como 'Pactos do Hostal'), para ser plebiscitado a seguir polo pobo galego en decembro daquel ano, cun 73% dos votantes a favor do mesmo.

Epílogo.

Aquel plebiscito tivo ao nacionalismo-popular representado polo BN-PG na súa contra, ao entender a coalición nacionalista que non se camiñaba co mesmo cara a 'ruptura democrática' que preconizaba. Conceptualizábase aquel proceso plebiscitario como unha evidencia da dependencia colonial da Galiza, en canto que derivaba dun poder central -e centralista- español herdeiro da ditadura franquista que lle atribuiría a Galiza un papel subalterno. Desenvolvería, nesta orde de cousas, o BN-PG unha campaña de ámbito nacional baixo a lenda 'Estatuto nunca máis. Bases Constitucionais', dando lugar a confección de centos de murais e colada masiva de cartaces polas rúas galegas, así como ao reparto de miles de autocolantes. Unha campaña que seguiría afondando na socialización do programa e ideario que representaba este *Bloque*, visibilizándose como a alternativa da esquerda -nacional- galega, contestaria non só en clave nacional, senón tamén de clase e fronte á conformación dun modelo de Estado español que non tiña vontade de rachar co pasado franquista, comezando pola validación do que fora a Lei de Sucesión, que no 1969⁸⁹⁴ marcara no seu punto primeiro que España se constituía nun Reino e que o monarca sería Juan Carlos (I) Borbón y Borbón y Dos Sicilias, en canto que sucesor do ditador cando correspondera, cousa aconteceu a partir da morte deste en novembro do 1975.

Entre tanto, nese contexto, a maior parte do grupo *Galaxia*, xunto escritores e artistas galegos -algúns abertamente franquistas como Camilo José Cela- apresetáanse en sociedade o 7 de marzo do 1980 baixo o nome *Realidade Galega*. Facíano publicamente da man de Domingo García-Sabell, daquelas presidente da Real Academia Galega. Un grupo que entraba na escena política da altura, coa intención de "...despertar una conciencia viva de la ciudadanía gallega por encima de todo partidismo o divergencia ideológica superando los recelos, resentimientos o intrigas derivados de nuestro minifundismo espiritual"⁸⁹⁵. Á cabeza deste fato, que se dicía herdeiro da organización (pre)republicana *Labor Gallega* de Pontevedra, constituíase un

⁸⁹⁴ *Ley de Sucesión en la Jefatura del Estado*, 22 de xullo do 1969.

⁸⁹⁵ Conde Muruais, Perfecto, "Los galleguistas históricos promueven un grupo de opinión no partidista", *El País*, 8/03/1980.

comité executivo -proxectándose a partir dun aparente grupo de opinión, segundo o organigrama deseñado, un partido político-, no que estaban Domingo García Sabell, Ramón Piñeiro, Andrés Torres Queiruga, Marino Dónega e Agustín Sixto Seco, que actuaría como secretario-coordenador. Entre os setenta e sete asinantes do manifesto estarían, igualmente, Francisco Fernández del Riego, Carlos Casares, Julio Losada, Benxamín Casal, Xaime Illa Couto, Ricardo Carvalho Calero, Xulio Meixide, Valentín Paz Andrade, Rafael Dieste, Isidro Parga Pondal, Isaac Díaz Pardo, Gonzalo Torrente Ballester, Alvaro Cunqueiro, Camilo José Cela, Manuel Colmeiro, Xaquín Lourenzo, Xohana Torres, Basilio Losada, Antonio Fraguas, Vidal Abascal, Carlos Baliñas e Luís Suárez Llanos, entre outros⁸⁹⁶. Unha nómina que aparecía en varios medios de comunicación galegos e españois, pois xa non había que traballar na clandestinidade e o grupo nucleado arredor de Ramón Piñeiro eclosionaba con forza na escena pública da altura, semella que macizamente. Ora, habería voces que dubidarían, malia a súa vinculación co grupo, da harmonía do mesmo. Sería o caso do pintor Manuel Colmeiro que indicaría que non estaba "...nada clara aínda a coherencia do grupo", segundo declaracións do artista ao xornal madrileño *El País*⁸⁹⁷. Colmeiro sabía perfectamente da fragilidade daquela iniciativa e, efectivamente, pouca proxección de futuro tería alén do seu ano de nacemento. Parte dos seus integrantes integraríanse no PSOE, inexistente na Galiza até que parte do PSG sucumbira á súa chamada nesta altura, convertíndose en dirección da organización española na Galiza, participando Ramón Piñeiro do mesmo, como candidato independente, diante das primeiras eleccións ao Parlamento Galego que nacía no 1981. Piñeiro indicaría anos despois que aceptaríase o convite de integración nas listas eleitorais feito polo PSOE, ocupando o número dous de cada unha das catro provincias galegas, para "...garantir a presenza do galeguismo no primeiro parlamento"⁸⁹⁸, posición que lle valería unha serbia crítica dun PSG que xa non daba tutelado indirectamente e que puña en dúbida, mesmo, a utilización que facía do seu tempo mozo, como

⁸⁹⁶ "Manifiesto de la intelectualidad galaica en pro de la autonomía" in ABC, 8/03/1980, p.6

⁸⁹⁷ Conde Muruais, Perfecto, "Los galleguistas históricos... *Op. Cit.*

⁸⁹⁸ Piñeiro, Ramón, *Da miña acordanza*, *Op. Cit.* p. 217-218

activo do PG republicano. Aparecía nos medios de comunicación aquela crítica, pilotada por Manuel Caamaño e Pedro de Llano, xunto a Franco Grande, Valentín Arias, Víctor Freixanes, Xosé Monterroso, Xavier Alcalá e Xoán Ignacio Taibo⁸⁹⁹. Nese tempo, segundo ten indicado Jaime Rodríguez-Arana Muñoz, as forzas de ámbito español tiveron os reflexos necesarios para incorporar aos seus proxectos a boa parte do pensamento galeguista⁹⁰⁰, de cara a contar cunha implantación que doutro xeito non terían. Mesmo a *Alianza Popular* de Manuel Fraga Iribarne sumaríaa ao médico compostelán Xerardo Fernández Albor, membro do entorno da Rosaleda, activo da Fundación Rosalía de Castro, membro de SEPT e da *Realidade Galega*, nas súas fileiras.

Naquel primeiro parlamento Ramón Piñeiro sería eleito, xunto aos escritores Carlos Casares Mouriño (1941-2002) e Alfredo Conde (1945-), así como o inxeñeiro Benxamín Casal (1935-2013); ocupando Rosón a presidencia da cámara entre 1981 e 1986, dándolle o testemuño como presidente da Xunta de Galiza ao médico Xerardo Fernández Albor (1917-). Nesa Galiza autonómica o entorno de *Galaxia* concibía, logo de anos de traballo cultural, o denominado *Consello da Cultura Galega*; que comezaba a súa andaina no ano 1983, sendo o seu primeiro presidente Ramón Piñeiro, quen verían en grande medida triunfantes as súas teses.

Abríase naquela altura unha nova etapa, a da Galiza autonómica na que, necesariamente, unhas e outras realidades político-organizativas adaptábanse a esta nova tesitura. Tempo que uns agardaban desde había décadas, caso do entorno de Ramón Piñeiro, e que outros combaterían por non responder aquel á ‘ruptura democrática’ que tentaban ensaiar, caso do *nacionalismo popular*.

⁸⁹⁹ Vid. *La voz de Galicia e Faro de Vigo* do 31 xullo de 1981.

⁹⁰⁰ Rodríguez-Arana Muñoz, Jaime, “Veinte años de autonomía en Galicia” in *Anuario da Facultade de Dereito*, Coruña, Universidade da Coruña, 2002. p.631

Conclusións.

O nacionalismo galego, en canto movemento político de afirmación nacional vertebrado en organizacións partidarias, desenvolveuse ao longo da súa historia a partir de distintas etapas. Após o tempo álxido representado pola II República entre 1931 e 1936, no que se deu unha acumulación de forzas e penetración social sen parangón no primeiro terzo do século XX, con máis de cinco mil afiliados o *Partido Galeguista* (PG), experimentouse unha drástica e sorprendente queda, derivada do golpe militar de xullo do 1936. Un golpe militar reaccionario españolista que levou por diante as esperanzas en favor dunha Galiza autónoma -socializadas polo nacionalismo galego a través do PG nunha exitosa campaña que derivou no plebiscito do 28 de xuño daquel ano-

O 18 de xullo 1936 deu lugar á desarticulación na Terra do nacionalismo galego, e con el das organizacións da esquerda operantes no país, sendo represaliados (asasinados, asasinadas, presos e presas, 'depurados'...) os seus principais activos. Ora, o galeguismo, parello a esta realidade, iría sentando as bases en territorio galego e ibérico dunha resistencia ao 'fascismo', na súa vertente española capitaneada polo xeneral Francisco Franco. Así, entre o ano 1936 e o 1939 o nacionalismo galego demostraría unha clara e firme vontade democrática, en defensa da II República e os valores e liberdades que encarnaba, que o levaría a sumarse coas restantes forzas políticas coas que se modelara a *Frente Popular* de febreiro do propio '36. Malia contar o PG con menos militancia que aquelas organizacións políticas de ámbito español, caso do *Partido Comunista de España* (PCE), a *Confederación Nacional del Trabajo* (CNT) ou o *Partido Socialista Obrero Español* (PSOE), non é menos certo que os cadros do partido galego manterían unha digna presenza na resposta ao golpe militar (vexamos os casos do alcalde de Compostela, Ánxel Casal; do secretario xeral do PG, Alexandre Bóveda; ou do director de *A Nosa Terra*, Víctor Casas, entre outros) e fronte ao avance das tropas afectas ao mesmo durante a contenda militar durante tres anos (vexamos o comportamento do parlamentario Daniel Rodríguez Castelao, do investigador Ricardo Carvalho Calero, dos docentes Ramón de Valenzuela ou Xohán López Durá, do farmacéutico Xohán Xosé Plá..., entre outros).

Diante dunha imposíbel vitoria republicana, nunha loita desigual, fronte aos militares e civís *alzados*, o nacionalismo galego sería quen de compor un tempo de resistencia. Tempo construído a partir dos restos do PG en territorio peninsular, entre Madrid, Valencia y Barcelona arredor fundamentalmente da figura de Daniel Rodríguez Castelao. Este, xunto a unha xeración extraordinaria de homes e mulleres nados a inicios do século XX, sería o que se responsabilizaría de nuclear unha resistencia organizada dun galeguismo que aínda non era consciente dunha panorámica exacta daquela tesitura a finais da década (porque, simplemente, non era posíbel tela).

Cando en abril do 1939 os militares, que puxeran en *xaque* á II República, daban o *mate* final, aqueles republicanos que resistían en Barcelona non caeron no desalento e puxeron rumbo, fundamentalmente, a diversos países da Europa e América. Iniciábase o (longo) exilio.

Castelao, logo dun arduo periplo, fixaría a súa residencia, xunto a súa dona, Virxinia Pereira, na capital de Arxentina. Non sería casual a escolla materializada no verán do 1941; en Bos Aires máis de 200.000 galegos e galegas vivían, agrupados boa parte deles nun rico tecido societario de relevo. Aquela rede contaba, así mesmo, con varios empresarios galeguistas, entre os que destacaba Manuel Puente. Este, xunto a nacionalistas galegos de Uruguai, onde tamén contaba a colectividade galega con forte implantación, actuarían macizamente de sostén económico e material de Castelao e o corpus organizativa que se crearía ao seu redor. A comezar pola creación da *Irmadade Galega* no propio 1941, irradiando ideario a boa parte do continente americano, quer no norte, quer no sul, relanzando o voceiro de referencia do galeguismo, *A Nosa Terra*, para no 1944 continuar a se perfeccionar aquel proceso co lanzamento do *Consello de Galiza*. Respondía a creación de ambas entidades ao propósito de encher, alén mar, o baleiro que deixara na Galiza a desfeita do PG e a non terse podido completar o proceso autonomista, logo do plebiscito referido, coa constitución dun goberno propio. Nesta liña, o *Consello de Galiza* actuaría como 'goberno galego no exilio' cunha lexitimidade derivada da Asemblea de Concellos que arredor do Estatuto de Autonomía se desenvolvera no ano 1932 e o propio plebiscito do 1936. Cando nacía aquel *Consello*, Castelao vía editado o seu libro *Sempre Galiza*; ensaio no que se contiña parte da historia do país e do

nacionalismo galego, así como condensado o programa deste movemento antes e despois do golpe militar do 1936, para alén das memorias e vivencias daquel senlleiro galeguista.

Naquela organización participaría a maior parte daquel nacionalismo existente alén mar antes do 1936 en América. Coa excepción dos *arredistas* ou independentistas capitaneados por Fuco Gómez en Cuba. O resto de grupos que existían xa naquelas terras estarían presentes naquel proceso. Véxase o caso dos membros da *Sociedade Nazonalista Pondal*, que, como se viu, seguiría editando o seu voceiro *A Fouce* logo dun necesario parón para tomar perspectiva en el año 1936, integrados de xeito sobranceiro na *Irmandade Galega*, que contribuirían a alumear; tendo na mesma desde un inicio responsabilidades de dirección.

A madurez deste nacionalismo galego exiliado levou a que en novembro do 1945 as Cortes españolas no exilio, reunidas en México, aprobaran o Estatuto de Galiza e a que, ano e medio despois de se constituír o *Consello de Galiza*, se fixera campaña en favor da presenza galeguista no goberno republicano no exilio. Aínda que ministro sen carteira, daquelas Daniel Rodríguez Castelao marcharía de Bos Aires a París para participar daquel segundo goberno de José Giral Pereira. Malia que pouco máis dun ano estaría Castelao naquel goberno, daría mostras claras dunha solvencia e visión política de alcance. Castelao daríalle, dunha banda, visibilidade a Galiza, situándoa con aquela participación case no mesmo grao que cataláns e vascos naquel executivo exiliado; doutra banda, posibilitaba unha actualización da imaxe, en tempo real, do republicanismo español. Ora, Castelao concluiría que pouco se podía facer con aquelas forzas políticas, españolas que, aínda ficando no exilio, seguían sendo sistémicas, máxime no referido á cuestión nacional; sentíndose frustrado por aquela experiencia parisina.

Regresaría Castelao desde a capital francesa a Bos Aires. Aló entraría na recta final da súa vida, xa case cego e cun cancro detectado en París, falecendo o 7 de xaneiro do 1950. O nacionalismo alén mar resentiríase, enormemente, polo pasamento do que fora aglutinador do nacionalismo galego naquel período de resistencia. Ora, seguiría existindo e protagonizando unha nova etapa no exilio galego a *Irmandade Galega* e o

Consello de Galiza, co arroupe dunha importante constelación de entidades societarias en América. Antón Alonso Ríos, secretario deste último, asumiría a presidencia *de facto* do organismo; editándose, igualmente, *A Nosa Terra*, como medio de comunicación propio a través do que socializar o programa patriótico daquel nacionalismo.

Entre tanto, aquén mar retomaban relación timidamente a partir do 1939 galeguistas que compartiran militancia nas *Mocidades Galeguistas*, nados maioritariamente por volta do 1915. No 1939 regresaban a Galiza do fronte militar uns e outros saían do cárcere... Malia que uns eran favorábeis, caso de Xaime Illa Couto, ao relanzamento do PG na Galiza, outros, caso de Ramón Piñeiro López, serían partidarios de ir vendo como se organizaba a nivel español a oposición á ditadura franquista e como esta iría desenvolvéndose. Isto daría que até 1943 na Terra non se reartellaran unhas xuntanzas periódicas, naturalmente clandestinas, entre aqueles noutroza mozos, agora homes que terían sobre si a responsabilidade de relanzar o nacionalismo galego no que pasará a ser coñecido como o 'interior', fronte ao exilio. Sería Ramón Piñeiro a figura central daquel galeguismo, xunto ao propio Illa Couto e Fernández del Riego, entre outros. No mes de xullo do 1945, a partir da vitoria aliada no marco da II Guerra Mundial, os galeguistas de aquén mar deciden a reorganización decidida do vello PG. Sería Piñeiro o que convocaría a uns e outros, logo de xuntanzas previas, enchéndose o baleiro formal que existía ao respecto; baleiro formal, porque a efectos prácticos galeguistas como o propio Ramón Piñeiro -asentado en Madrid baixo a cobertura de adiñeirados galeguistas, como Álvaro Xil e os irmáns Fernández, que ficaban na capital española-, estaban presentes na oposición franquista española. Aquel relanzamento organizativo do galeguismo na Terra mobilizaría a case medio cento de activos, que de aí en diante manterían un contacto regular.

Ese axir tería unha duración mínima, dado que Piñeiro ao regreso dunha viaxe clandestina a París no 1946, onde tería contacto con membros do goberno Giral para apoiar a presenza galeguista no executivo, sería detido en Madrid con varios militantes anarquistas da oposición franquista. Piñeiro estaría no cárcere entre 1946 e o 1949, un tempo no que o galeguismo seguiría desenvolvendo no interior, sen a penas entendemento e coordinación

co exilio, cunha fasquía esencialmente cultural. Ao pouco da saída de Piñeiro do cárcere nacía a que sería a plataforma central daquel galeguismo do interior: a editorial *Galaxia*. Un proxecto que semella xa fora ideado na reunión reorganizativa do 1945, frustrada coa detención e encarceramento de Piñeiro.

O traballo realizado arredor do selo editorial *Galaxia* sería propio daquel tempo de resistencia. Crían os seus artífices que cumpría manter os sinais diferencias do país, nomeadamente a cultura e lingua propias, tentando gañar para a causa galeguista novas fornadas de mozos e mozas. Segundo a década dos '50 avanza vaise vendo como ese axir resulta exitoso. Ora, aquela realidade abandona a retórica e programa nacionalista do primeiro terzo do século XX e presente, parcialmente actualizada, no exilio. Parte daquela mocidade que se achegara -ou que fora cooptada para/- a *Galaxia*, cuase exclusivamente universitaria, intuitivamente nuns casos e/ou por formación familiar noutros, procuraría outras referencias alén do grupo nucleado arredor de Ramón Piñeiro. Dábase isto nun tempo no que a censura franquista non era quen de ocultar a existencia de movementos de descolonización no Terceiro Mundo e o seu exitoso avance; realidade que cautivaba a parte daquela mocidade.

A finais da década dos anos cincuenta nacía en Madrid, por volta do 1958, o grupo *Brais Pinto*. Boa parte dos integrantes deste grupo, especialmente activo, situábanse nesa liña *terceiromundista*. Permeábeis ao marxismo, lonxe do programa do galeguismo do interior daquel tempo, descubren o exilio nacionalista galego a través de varias referencias, sendo esencial Xosé Ramón Fernández Oxea, Ben-Cho-Shey. Este socializaría a obra cume de Castelao, *Sempre en Galiza*, entre aquela mocidade disposta a escoitalo.

O *Consello de Galiza*, aquel 'gobierno galego no exilio', poría a súa atención naquela mocidade e, por extensión, en toda aquela que aquén mar estivera a favor de organizar politicamente o nacionalismo na Terra. Após o *Congreso da Emigración Galega*, celebrado multitudinariamente en Bos Aires no 1956, vía aquel exilio nacionalista que era no propio país onde había que tentar lanzar dinámica política. Mergullados nesta empresa, os integrantes daquel *Consello* confiaríanlle a un daqueles mozos galeguistas que estaban

alén mar, participando dunhas novas *Mocidades Galeguistas*, a misión de viaxar á Terra e facer contactos nesa liña. Era Antón Moreda. Este regresaría a Galiza no 1960 e contactaría cos integrantes de *Brais Pinto*, dos que tivera noticias a través do exilio Luís Seoane, que pasara anos antes por Madrid tratando co fato. Mocidade que colaboraba na publicación *Galicia Emigrante* (1954-1959), que Seoane impulsara e dirixía na capital arxentina; publicación á que se sumara a revista *Vieiros* (1955-1968), editada polos exiliados galeguistas en México, con Luís Soto á cabeza, e na que aquela tamén colaboraba.

O contacto frutífero entre Moreda, delegado do *Consello de Galiza*, e mais esta mocidade nacionalista daría lugar a que no outono do 1963 nacera na Terra o *Consello da Mocidade*. Nome que na práctica recoñecía e homenaxeaba a todo aquel exilio nucleado arredor do xa finado Castelao entre 1941 e 1950. Sendo o secretario xeral deste novo organismo (clandestino, naturalmente) o galeguista Antón Moreda, tería o novo organismo unha vida efémera, mais produtiva. A reunión na devandita plataforma de varias dúzias de mozas e mozos galeguistas naquel tempo, a partir de distintas procedencias, sensibilidades e preferencias no referido aos dous grandes blocos ideolóxicos que imperaban a nivel mundial (capitalista/comunista), mais tamén ao propio país e o seu futuro, daría lugar a debates e tensións diversas. Estas darían como resultante que en xaneiro do 1964 xa estivera desaparecido o *Consello da Mocidade*, xestándose novas realidades político-organizativas alumeadas polo galeguismo no propio país a partir del, en grande medida, aínda que coa presenza exiliada tamén en parte.

A partir do manifesto 'Pola Unión do Pobo Galego', que xa no outono do 1963 varios mozos nacionalistas -de *Brais Pinto* e integrados no *Consello da Mocidade*- lanzaban desde Madrid, nacería a fronte patriótica *Unión do Pobo Galego* (PSG). Facíao á calor dos exitosos movementos de liberación nacional do Terceiro Mundo, maioritariamente de inspiración comunista, fronte aos postulados dun Ramón Piñeiro que combatía este ideario con tesón. Piñeiro, cando no 1963 se lanzaba o devandito manifesto, viña de alentar a creación do *Partido Socialista Galego* (PSG), do que participarían activamente, entre outros, Xosé Manuel Beiras Torrado e Manuel Caamaño, entre outros. Fuxía este partido de se definir como nacionalista, indicando que

era unha organización socialista e europeísta. O certo é que esta formación non destacaría por ser unha organización con especial activismo entre 1963-1969, abandonando a súa formulación inicial (partido de cadros), para tentar ser unha organización de masas. Dunhas dúcias de afiliados nos anos sesenta, pasaría a varios centos, superando os cincocentos afiliados, por volta de da segunda metade da década dos setenta. Pola súa banda a UPG transformábase de 'fronte patriótica' no 'partido comunista de Galiza' entre finais da década dos sesenta e inicios dos anos setenta. Novos cadros obreiros se integrarían daquelas nesta formación, dando lugar a unha expansión extraordinaria da mesma. Esta daría sumado a pouco máis dun cento de activos nos anos finais da década dos anos sesenta, para dar ligado a súa dinámica política a algo máis de un milleiro de militantes e simpatizantes na segunda metade da década dos anos setenta, a multiplicar na primeira metade dos oitenta. Este medre sería resultado, en grande medida, do desenvolvemento dunha estratexia frontista por parte da UPG, da que derivaría na primavera do ano 1975 a *Asemblea Nacional-Popular Galega* (AN-PG), o *Bloque Nacional-Popular Galego* no 1977 e o *Bloque Nacionalista Galego* no 1982. No mundo do traballo, así como no eido rural coas *Comisións Labregas* a partir do 1973, este 'nacionalismo popular' vertebraría unha vizosa realidade organizativa, creando no 1975 o *Sindicato Obreiro Galego* (SOG), no 1977 a *Intersindical Nacional Galega* (ING) e a no 1981 a *Intersindical Nacional dos Traballadores Galegos* (INTG) . A UPG, e toda a rede frontista que conseguiría tecer, apostaría pola 'ruptura democrática' diante da ditadura franquista e a que ao pouco será a 'Transición democrática'. Fronte a Constitución española (1978) e o Estatuto de Autonomía de Galiza (1979/1980), este nacionalismo apostaría polas *Bases Constitucionais*, dando lugar a unha unidade temporal de organizacións nacionalistas e do antifranquismo operativo na Galiza arredor do malogrado *Consello de Forzas Políticas Galegas* (CFPG), creado no 1976. Malia que a súa duración se limitara a aquel ano no que se creara, estaba a se ensaiar unhas relacións necesarias entre a esquerda nacionalista galega de interese ara o futuro. Así, as dúas grandes pólas daquel nacionalismo, cun PSG abertamente nacionalista desde 1972 -ano das grandes mobilizacións operarias de Ferrol e Vigo- e unha UPG especialmente introducida no mundo do traballo, o eido

rural e o estudantil, presentaríanse xuntas, arredor do BN-PG, ás eleccións xerais ao Estado do 1977 até o 1981. Estes contactos darían lugar á creación do BNG no 1982, organización existente até a actualidade a partir de diversas etapas.

A presente investigación, en resumo, percorre o desenvolvemento político-organizativo do nacionalismo galego entre o ano 1936 e o 1975, epidérmicamente mesmo até inicios dos oitenta -que non monograficamente a evolución ideolóxica deste movemento-, a partir de tres grandes etapas: desarticulación, resistencia e rearticulación. Etapas que deron lugar a diversas realidades organizativas así como escenarios que na presente Tese de Doutoramento se presentan.

Conclusiones.

El nacionalismo gallego, en cuanto movimiento político de afirmación nacional vertebrado en organizaciones partidarias, se desarrolló a lo largo de su historia a partir de distintas etapas. Después de un período álgido en el marco de la II República entre 1931 e 1936, en el que se protagonizó una acumulación de fuerzas y penetración social sin parangón con anterioridad, con más de cinco mil afiliados al *Partido Galeguista* (PG), se experimentó una drástica y sorpresiva caída, derivada del golpe militar de julio de 1936. Un golpe militar reaccionario españolista que se llevó por delante las esperanzas en favor de una Galiza autónoma -socializadas por el nacionalismo gallego a través del propio PG en una exitosa campaña que derivó en el plebiscito por el Estatuto de Autonomía del 28 de junio de aquel año-.

El 18 de julio de 1936 dio lugar a la desarticulación en Galiza del nacionalismo gallego, y con él igualmente de las organizaciones de la izquierda operantes en este país, siendo represaliados (asesinados, presos, 'depurados'...) sus principales activos. Ahora bien, el galleguismo, en paralelo a esta realidad, iría sentando las bases en territorio gallego, primero, e ibérico, después, de una resistencia al 'fascismo', en su vertiente española capitaneada por el general Francisco Franco. Así, entre el año 1936 y el 1939

el nacionalismo gallego demostraría una clara y firme voluntad democrática, en defensa de la II República y los valores y libertades que encarnaba, postura que llevaría a que se sumara con las restantes fuerzas políticas con las que se había modelado el *Frente Popular* de febrero del propio '36. A pesar de contar el PG con menos militancia que aquellas organizaciones políticas de ámbito español, caso del *Partido Comunista de España* (PCE), la *Confederación Nacional del Trabajo* (CNT), o el *Partido Socialista Obrero Español* (PSOE), no es menos cierto que los cuadros del partido gallego mantendrían una digna presencia en la respuesta al golpe militar (veamos los paradigmáticos casos del alcalde de Compostela, Ánxel Casal; del secretario general del PG, Alexandre Bóveda; del director de *A Nosa Terra*, Víctor Casas, entre otros) y frente al avance de las tropas afectas al mismo durante la contienda militar durante tres años (veamos el comportamiento del parlamentario Daniel Rodríguez Castelao, del investigador Ricardo Carvalho Calero, de los docentes Ramón de Valenzuela o Xohán López Durá, o farmacéutico Xohán Xosé Plá, entre otros).

Frente a una imposible victoria republicana, en una lucha desigual, contra los militares y civiles *alzados* a partir de julio del 1936, el nacionalismo gallego sería capaz de componer un tempo de resistencia. Tiempo construido a partir de los restos del PG en territorio peninsular, entre Madrid, Valencia y Barcelona alrededor fundamentalmente de la figura de Daniel Rodríguez Castelao. Este, junto a una generación extraordinaria de hombres y mujeres nacidos a inicios del siglo XX, sería quien se responsabilizaría de nuclear una resistencia organizada de un galleguismo que aún no era consciente de la panorámica exacta de aquella tesitura a finales de la década (porque, simplemente, no era posible tenerla).

Cuando en abril de 1939 los militares, que habían puesto en *jaque* a la II República, daban el *mate* final, aquellos republicanos que resistían en Barcelona no cayeron en el desaliento y pusieron rumbo, fundamentalmente, a diversos países de Europa e América. Se iniciaba el (largo) exilio.

Castelao, después de un arduo periplo, fijaría su residencia, con su esposa, Virxinia Pereira, en la capital de Argentina. No sería casual la

elección materializada en el verano del año 1941; en Buenos Aires más de 200.000 gallegos y gallegas vivían, agrupados buena parte de estos a partir de un rico urdimbre societario de relevo. Aquella red contaba, así mismo, con varios empresarios galleguistas, entre los que destacaba Manuel Puente. Este y nacionalistas gallegos de Uruguai, donde también contaba con fuerte presencia e implantación la colectividad gallega, actuarían decisivamente de sostén económico y material de Castelao y el corpus organizativa que se crearía a su alrededor. Este empezaría a levantarse con la creación de la *Irmandade Galega* en el propio año 1941, irradiando ideario patriótico gallego a buena parte del continente americano, fuese en el norte, fuese en el sur, relanzando la publicación de referencia del nacionalismo gallego, *A Nosa Terra*, para en 1944 continuar perfeccionando este tejido exiliado con el lanzamiento del *Consello de Galiza*. Respondía la creación de ambas entidades a la necesidad de llenar, al otro lado del Atlántico, el vacío que había dejado en Galiza la destrucción del PG y a la falta de conclusión del proceso autonomista, después del plebiscito. En este sentido, el *Consello de Galiza* actuaría como una nueva referencia del galleguismo y de aquella Galiza que perseguía su soberanía, como un 'gobierno galego no exilio' con una legitimidad derivada de la 'Asemblea de Concellos' en favor del Estatuto de Autonomía que se había realizado con éxito en el año 1932 y del propio plebiscito del 1936. Cuando nacía aquel *Consello*, Castelao veía editado su libro *Sempre Galiza*; ensayo en el que se contenía buena parte de la historia de Galiza y del nacionalismo gallego, así como condensado el programa de este movimiento político antes y después del golpe militar del 1936, a mayores de las memorias y vivencias del significado galleguista.

En aquella reconstitución del nacionalismo gallego participaría la mayor parte de aquel galleguismo existente antes del 1936 en América; con la excepción de los *arredistas* o independentistas gallegos capitaneados por Fuco Gómez en Cuba. El resto de grupos que existían en aquellas tierras estarían presentes en aquel proceso activamente. Véase el caso de los significados miembros de la *Sociedade Nazonalista Pondal*, que, como se ha visto, seguiría editando su periódico *A Fouce* después de un necesario parón para tomar perspectiva en la segunda mitad del 1936; integrados de manera

destacada en la *Irmandade Galega*, que contribuirían a alumbrar; teniendo en la misma desde un inicio responsabilidades de dirección.

La madurez de este nacionalismo gallego exiliado daría lugar a que en noviembre de 1945 fuese aprobado por las Cortes españolas en el exilio, reunidas en México, el Estatuto de Galiza y a que, año y medio después de constituirse el *Consello de Galiza*, se fijara la campaña en favor de la presencia galleguista en el gobierno republicano en el exilio. Aunque ministro sin cartera, Daniel Rodríguez Castelao se marcharía de Buenos Aires a París para participar de aquel segundo gobierno de José Giral Pereira. A pesar de que solo estaría Castelao en aquel gobierno, daría muestra claras de una solvencia y visión política de alcance. Castelao con aquella presencia, por una parte, le daba visibilidad a Galiza, situándola en un grado de participación semejante a la de catalanes e vascos en aquel ejecutivo exiliado; por otra parte, posibilitaba una actualización de la imagen, en tiempo real, del republicanismo español. Sea como fuere, Castelao concluiría que poco se podía hacer con aquellas fuerzas políticas españolas, que aún estando en el exilio, seguían siendo en clave española sistémicas, máxime en lo referido a la cuestión nacional, sintiéndose el galleguista frustrado por aquella experiencia parisina.

Regresaría Castelao desde la capital francesa a Buenos Aires. Allí entraría en la recta final de su vida, ya casi ciego y con un cáncer detectado en París, falleciendo el 7 de enero del año 1950. El nacionalismo exiliado en América se resentiría, enormemente, por la muerte del que había sido aglutinador del galleguismo en aquel período de resistencia. Ahora bien, seguiría existiendo y protagonizando una nueva etapa en aquel exilio la *Irmandade Galega* y el *Consello de Galiza*, con la cobertura de una importante constelación de entidades societarias en América. Antón Alonso Ríos, secretario de este último organismo, asumiría la presidencia *de facto* del mismo; editándose, así mismo, *A Nosa Terra*, como medio de comunicación propio a través del que socializar el programa patriótico de aquel nacionalismo.

Entre tanto, en el interior retomaban relación timidamente a partir del año 1939 galleguistas que habían compartido militancia en las *Mocidades Galeguistas*, nacidos mayoritariamente alrededor del año 1915. En el 1939 regresaban a Galiza del frente militar unos, mientras otros iban saliendo de la cárcel... A pesar de que algunos notables militantes de aquel galleguismo juvenil, caso de Xaime Illa Couto, eran partidarios, a partir de aquel propio año, de relanzar el PG en Galiza clandestinamente, otros, caso de Ramón Piñero López, serían favorables a ir viendo como se organizaba a nivel español la oposición a la dictadura franquista y como esta se desarrollaba. Estas discrepancias iniciales darían como resultado que hasta el año 1943 en Galiza no se rearticulasen reuniones periódicas, naturalmente clandestinas, entre aquellos galleguistas -en su día jóvenes con apoyo de *sus mayores*, ahora hombres (fundamentalmente) que tendrían sobre si la responsabilidad de relanzar (o no) el nacionalismo gallego en aquel 'interior' dominado por la dictadura franquista. Sería Ramón Piñero la figura central de aquel galleguismo, junto al propio Illa Couto y Fernández del Riego, entre otros.

En el mes de julio del año 1945, a partir de la victoria aliada en el marco de la II Guerra Mundial, estos galleguistas deciden la reorganización decidida del viejo PG. Sería Piñero el que convocaría a unos y otros, después de reuniones previas, llenando el vacío formal que existía al respecto en territorio ibérico; vacío formal, porque a efectos prácticos los galleguistas, caso centralmente del propio Ramón Piñero -asentado en Madrid bajo cobertura de adinerados galleguistas, como Álvaro Xil y los hermanos Fernández-, habían ido tejiendo relaciones efectivas en representación de Galiza con aquellas fuerzas españolas, así como catalanas y vascas, antifranquistas. Aquel relanzamiento organizativo del galleguismo en la propia Galiza movilizaría a casi medio centenar de activos, que de ahí en adelante mantendrían un contacto regular.

Esta dinámica tendría una duración mínima, dado que Piñero a su regreso de un viaje clandestino, naturalmente, a París en el año 1946 -donde tendría contacto con miembros del gobierno Giral para apoyar la presencia galleguista en aquel ejecutivo-, sería detenido en Madrid con varios militantes

anarquistas de la oposición franquista. Piñeiro estaría en la cárcel entre 1946 y 1949, un tiempo en el que el galleguismo en Galiza, al igual que en el exilio, seguiría con sus actividades, destacando su falta de entendimiento y coordinación, justamente, con aquel rico exilio, apostando centralmente por un activismo cultural. En este sentido, al poco tiempo de salir de la cárcel Piñeiro, nacía la plataforma central de este galleguismo del interior: la editorial *Galaxia*. Un proyecto que había sido bosquejado en la reunión reorganizativa del PG en el año 1945, idea frustrada con la detención y encarcelamiento de Piñeiro.

El trabajo realizado a partir del sello editorial *Galaxia* sería propio de aquel tiempo de resistencia. Creían sus artífices que era necesario mantener los rasgos identitarios del país gallego, concretamente cultura y lengua propias, intentando ganar para la causa *galleguista* nuevas hornadas de jóvenes. Según la década de los '50 avanzaba, se iría viendo como aquella dinámica resultaría exitosa. Ahora bien, este galleguismo abandonaba la retórica y programa nacionalista del primer tercio del siglo XX, presente - aunque parcialmente actualizada- en el exilio.

Parte de aquella juventud que se acercaba -o que había sido cooptada por/para- a *Galaxia*, casi exclusivamente universitaria, intuitivamente en algunos casos y/o por formación familiar en otros, buscarían otras referencias ideológicas distintas a las propias del grupo nucleado alrededor de Ramón Piñeiro. Era aquel un tiempo en el que la censura mediática franquista no podía impedir que se fuese conociendo la existencia de movimientos de descolonización en Tercer Mundo y su avance exitoso, realizad que cautivaba a buena parte de aquella juventud más rebelde y contestataria.

A finales de la década de los años cincuenta nacía en Madrid, concretamente en el año 1958, el grupo *Brais Pinto*. Buena parte de los integrantes de este grupo, especialmente activo, se situaban en aquella línea *tercermundista*. Eran permeables al marxismo, lejos del programa del aquel galleguismo del interior en este tiempo, descubriendo el exilio nacionalista gallego a través de varias referencias, siendo esencial Xosé Ramón

Fernández Oxea, Ben-Cho-Shey. Este socializaría la obra cenit de Castelao, *Sempre en Galiza*, entre aquella juventud dispuesta a escucharle.

El *Consello de Galiza*, aquel 'gobierno galego no exilio', pondría su atención en aquella mocedad y, por extensión, en toda aquella que en territorio peninsular estuviera a favor de organizar políticamente el nacionalismo en Galiza, frente al 'culturalismo' del grupo *Galaxia*. Después del *Congreso da Emigración Galega*, celebrado multitudinariamente en Buenos Aires en el año 1956, se verían los exiliados responsabilizados de lanzar dinámica política en el interior. Volcados en esta empresa, los integrantes de aquel *Consello* confiarían a unos de aquellos jóvenes galleguistas que estaban en América, participando de unas nuevas *Mocidades Galeguistas* que impulsarían, la misión de viajar a Galiza y hacer contactos en este sentido. Era Antón Moreda. Este regresaría a Galiza en el año 1960 y contactaría con los integrantes de *Brais Pinto*, que conocía por las referencias que le había dado en pintor exilio gallego Luís Seoane, que había pasado años antes por Madrid tratando con ellos. Unas juventudes que colaboraban en la publicación *Galicia Emigrante* (1954-1959) que el propio Seoane había impulsado y dirigido en la capital argentina; publicación a la que se había sumado en aquel activo exilio la revista *Vieiros* (1955-1968), editada por los exiliados galleguistas en México, con Luís Soto a la cabeza, y en la que aquellos jóvenes también colaboraban.

El contacto fructífero entre Moreda, delegado del *Consello de Galiza*, así pues, y estos jóvenes nacionalistas se daría en el otoño del año 1963, cuando nacería en Galiza el *Consello da Mocidade*. Nombre que en la práctica reconocía y homenajeaba a todo aquel exilio nucleado alrededor del, ya fallecido, Castelao entre 1941 e 1950. Siendo el secretario general de este nuevo organismo galleguista (clandestino, obviamente) el propio Antón Moreda, tendría una vida efímera, aunque altamente productiva. A la reunión de esta plataforma asistirían varias docenas de jóvenes galleguistas, a partir de distintas procedencias, sensibilidades y preferencias en lo referido a los dos grandes bloques ideológicos que imperaban a nivel mundial (capitalista/comunista), pero también al propio país (Galiza) y su futuro. Una

realidad que daría lugar a debates e tensiones diversas. Estas darían como resultante que en enero de 1964, meses después de su creación, el *Consello da Mocidade*, desapareciese; gestándose, eso sí, nuevas realidades político-organizativas paridas por el galleguismo en el propio interior, en Galiza, aunque con la presencia exiliada también, en cuanto sostén se refiere.

A partir del manifiesto 'Pola Unión do Pobo Galego', que en otoño de 1963 varios jóvenes nacionalistas -de *Brais Pinto* e integrados en el *Consello da Mocidade*- lanzaban desde Madrid, nacería el frente patriótico *Unión do Pobo Galego* (UPG). Nacía a partir de los exitosos movimientos de liberación nacional del Tercer Mundo, mayoritariamente de inspiración comunista, frente a los postulados de Ramón Piñeiro que combatía este ideario con tesón. Piñeiro, poco antes de que en otoño del año 1963 se lanzara el referido manifiesto, había alentado la creación del *Partido Socialista Galego* (PSG), del que participarían activamente, entre otros, Xosé Manuel Beiras Torrado y Manuel Caamaño. Huía este partido de definirse como nacionalista, indicando que era una organización socialista y europeísta. Lo cierto es que esta formación no destacaría por ser una organización con especial activismo entre 1963-1969, abandonando su formulación inicial (partido de cuadros), para intentar ser una organización de masas. De unas decenas de afiliados en los años sesenta, pasaría a unos setecientos a mediados de la década siguiente. Por su parte, la UPG se transformaba de 'frente patriótica' en 'partido comunista de Galiza', proceso operado entre finales de la década de los sesenta e inicios de los setenta. Nuevos cuadros obreros se integrarían en aquella altura en esta formación, dando lugar a una expansión extraordinaria de la misma. Esta sería capaz de sumar a cientos de activos a partir, sobre todo, del año 1972-1975; dando lugar a una dinámica socio-política antifranquista y nacionalista de la que acabarían participando entre finales de los años setenta e inicios de los ochenta miles de militantes y simpatizantes. Una dinámica que la UPG nuclearía alrededor de una estrategia frentista, de la que sería resultante en la primavera de 1975 la *Asemblea Nacional-Popular Galega* (AN-PG), el *Bloque Nacional-Popular Galego* en el año 1977 y el *Bloque Nacionalista Galego* a partir del año 1982. En el mundo del trabajo, así como en el entorno rural con las *Comisións Labregas* a partir do 1973, este

'nacionalismo popular', vertebraría una rica realidad organizativa, creando en el 1975 el *Sindicato Obreiro Galego* (SOG), en el año 1977 la *Intersindical Nacional Galega* (ING) y en 1981 la *Intersindical Nacional dos Traballadores Galegos* (INTG). La UPG, y toda la red frentista que conseguiría tejer, apostaría por la 'ruptura democrática' frente al continuismo que veían de la dictadura franquista a partir de 1975 en la 'Transición democrática'. Frente a la Constitución española (1978) y el Estatuto de Autonomía de Galiza (1979/1980), este nacionalismo apostaría por las *Bases Constitucionais*, dando lugar a una unidad temporal de organizaciones nacionalistas y del antifranquismo operativo en Galiza: el malogrado *Consello de Forzas Políticas Galegas* (CFPG), creado en el año 1976. A pesar de su breve duración, tan solo un año, significó un ensayo en favor de unas relaciones necesarias entre la izquierda nacionalista gallega. Así, las dos grandes ramas de aquel nacionalismo gallego, con un PSG abiertamente nacionalista desde 1972 -año de las grandes movilizaciones operarias de Ferrol y Vigo- y una UPG especialmente introducida en mundo rural y del trabajo, así como en el sector estudiantil, se presentarían unidas pocos después en una marca electoral, el BN-PG, a las elecciones generales al Estado Español del año 1977, hasta el año 1981. Estos contactos darían lugar a la creación del BNG en el 1982, organización existente hasta la actualidad a partir de diversas etapas.

La presente investigación, en resumen, recorre el desarrollo político-organizativo del nacionalismo gallego entre el año 1936 y el 1975, epidérmicamente incluso hasta inicios de los ochenta -que no monográficamente la evolución ideológica de este movimiento-, a partir de tres grandes etapas: desarticulación, resistencia y rearticulación. Etapas que dieron lugar a diversas realidades organizativas así como escenarios que en la presente Tesis de Doctoramiento se presentan.

BIBLIOGRAFÍA

- ALONSO FERNÁNDEZ**, Bieito, *A Nosa Terra: xornalismo e nacionalismo político*, Vigo, A Nosa Terra, 2008
- ALONSO GIRGADO**, Luís; **MOREDA LEIRADO**, Marisa e **VILARIÑO SUÁREZ**, María (coord.), *Saudade, verba galega nas Américas*, [edición facsimilar], Compostela, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 2008.
- ALONSO MONTERO**, Xesús, *Castelao na Unión Soviética*, Vigo, Xerais, 2012.
- ALVAJAR LÓPEZ**, Javier, Alvarjar López, Javier, “Apuntes sobre la Delegación del Consejo de Galicia en Europa”, *Anuario Brigantino* nº11, Betanzos, Concello de Betanzos, 1988, pp.125-136
- “Apuntes sobre la Delegación del Consejo de Galicia en Europa (III)” in *Anuario Brigantino* nº13, Betanzos, 1990, pp.141-204
- ÁLVAREZ DOMÍNGUEZ**, Bautista, “O nacionalismo galego nos anos da transición” in *Terra e Tempo* nº12, Compostela, 1999, p.20.
- ÁLVAREZ GALLEGO**, Xerardo, *Vida, paixón e morte de Alexandre Boveda*, Vigo, A Nosa Terra, 1996.
- ÁLVAREZ JUNCO**, José, *El emperador del Paralelo: Lerroux y la demagogia populista*. Madrid. Alianza, D.L. 1990.
- ANASAGASTI OLABEAGA**, Iñaki, *Castelao y los vascos*, Bilbao, Idatz Ekintza, 1985.
- ANTUÑA SOUTO**, Carlos Alberto, *O Galeguismo na provincia de Pontevedra, 1930-1936*, Sada, Edicións do Castro, 2000.

-ANTUNES, José Freire, *O Factor Africano*, Venda Nova, Bertrand Editora, 1990.

-AREÁN, Luísa, *Os Dezas de Moneixas: as cartas sonoras*, Sarria, Ouvirmos, 2003.

-AUBERT, Paul e **DESVOIS**, Jean-Michael (coord.), *Les élites et la presse en Espagne et en Amérique latine: des Lumières à la seconde guerre mondiale*, Madrid-Provence, Université de Provence-Université de Michel-de-Montaigne-Casa Cervantes, 2001.

-AXEITOS, Xosé Luís, *O exilio galego, un mapa de cicatrices*, Sada, Edicións do Castro, 2003.

-e **PORTELA**, Charo, *Sesenta anos despois. Os escritores do exilio republicano*, Sada, Edicións do Castro/Gesel, 1999.

-BALBOA LÓPEZ, Xesús, *O monte en Galicia*, Vigo, Xerais, 1990.

-BAO ABELLEIRA, Xosé Antón, “Nacionalismo e humanismo, ideario dun arredista” in *Fuco Gómez, un independentista galego en Cuba, A Nosa Terra* Nº 844 - Suplemento. pp.3-4

-“Fuco Gómez: nacionalismo e humanismo. Ideario dun arredista (I), (II), (III) e (IV)”, in *Terra e Tempo* (dixital), 14/12/2010; 14-01-2011; 23-02-2011 e 14-03-2011.

-BARREIRO RIVAS, Xosé Luís, “Da UPG ao BNG : o proceso organizativo do nacionalismo galego”, in *Os Partidos políticos en Galicia*, Xosé Manuel Rivera Otero (coord.) ; Xosé Luís Barreiro Rivas, Francisco Jiménez Sánchez, Nieves Lagares Díez, Vigo, Edicións Xerais de Galicia, pp. 99-261.

-BARROS, MIGUEL, *Ramón Piñeiro e a revisión do nacionalismo*, Vigo, Galaxia, 2009, (II vols).

-*Ramón Piñeiro nas olladas do galeguismo*, Vigo, A Nosa Terra, 2009.

-BEIRAS TORRADO, Xosé Manoel, *O atraso económica de Galiza*, Vigo, Galaxia, 1973/Compostela, Laiovento, 1995.

-BERAMENDI, Jorge Fernando, *Instituto Americano de Estudios Vascos*, Buenos Aires, Fundación Vasco Argentina Juan de Garay, 2012.

-BERAMENDI GONZÁLEZ, Justo, *Vicente Risco no nacionalismo galego*, A Coruña, Edicións do Cerne, 1981.

-*La Historia Política: algunos conceptos básicos*, Compostela, Tórculo, 1999.

-“La II República española” in *Pasado y presente. Revista de Historia Contemporánea*, nº2, Alacant, Universitat d’Alacant, 2002.

-“De la Dictadura a la Democracia (1936-200)” in *Historia de la ciudad de Santiago de Compostela*, Compostela, Corsorcio da cidade de Santiago de Compostela/Universidade de Santiago de Compostela, 2003, pp. 559-630.

-e NÚÑEZ SEIXAS, Xosé Manoel, *O Nacionalismo Galego*, Vigo, A Nosa Terra, 1995.

-*A Autonomía de Galicia*, Museo do Pobo Galego/Fundación Caixa Galicia, 2005.

-*De provincia a Nación. Historia do galeguismo político*, Vigo, Xerais, 2008.

-“O exilio e os galeguistas do interior : acordos e disidencias (1940-1970)” in VILLARES, Ramón (ed.) *Congreso Internacional Luís Seoane "Galicia-Arentina, unha dobre cidadanía"*, Compostela, Consello da Cultura Galega, 2011.

-BLANCO, R.; **MÁIZ**, R. e **PORTERO**, J. A., *Las elecciones en Galicia (1. El Parlamento Gallego)*, A Coruña, Eds. Nos, 1982.

-BLANCO ROSAS, Jesús, *Galicia emigrante : prensa e radio no exilio galego : a pegada de Luís Seoane*, Vigo, A Nosa Terra, 2010.

-BOBILLO, Francisco, *Nacionalismo gallego. La ideología de Vicente Risco*, Madrid, Akal-Universitaria, 1981.

-BUDGEN, Sebastian; **KOUVELAKIS**, Stathis e **ZIZEK**, Slavoj, *Lenin reactivado: hacia una política de la verdad*, Madrid, Akal, 2010.

-CABANA YÁÑEZ, Darío Xohán, “Xosé María Álvarez Blázquez, editor revolucionario” in *Boletín da Real Academia Galega* nº329 [Estudos e investigacións sobre Xosé María Álvarez Blázquez], A Coruña, Real Academia Galega, 2008, p.104

-CALVO, Tucho, *Valentín Paz-Andrade. A memoria do século*, Sada, Edicións do Castro, 1998.

-CAMPOS ÁLVAREZ, Xosé Ramón, “O papel dos exiliados na evolución do asociacionismo galego en Venezuela (1940-1960)” in *Actas do Congreso Internacional 'O exilio Galego'*, Compostela, Consello da Cultura Galega, 2007, p.622

-CARAMÉS BLANCO, César *et alli*, *Galiza en Venezuela. Documentario*, Compostela, FESGA, 2007.

-CARPANI, Ricardo, *Nacionalismo revolucionario, nacionalismo burgués*, Zero, Bilbao, 1976.

-CASANELLAS, Pau, *Morir matando. El franquismo ante la práctica armada, 1968-1977*, Madrid, Catarata, 2014.

-CASANOVA, Julián, *República y guerra civil*, Crítica, Madrid, 2009.

-CASARES, Carlos *et alli*, *Homenaxe a Ramón Piñeiro*, Fundación Caixa Galicia, A Coruña, 1991.

-CASTELLS, Víctor, *Nacionalisme català i Guerra Civil a Catalunya : (1936-1939)*, Barcelona, Rafael Dalmau, 2002.

- Galeusca. Un ideal compartit*, Barcelona, Rafael Dalmau Editor, 2008.
- CASTRO**, Xavier, *O galeguismo na escrucillada republicana*, Ourense, Deputación Provincial de Ourense, 1985.
- Castelao e os galeguistas do interior. Cartas e documentos 1943-1954*, Vigo, Galaxia, 2000.
- CID FERNÁNDEZ**, Xosé Manuel, *Educación e ideoloxía en Ourense na II República*, Compostela, Andavira, 2010.
- COLL I AMARGÓS**, Joaquim, *Els quadres del primer catalanisme (1882-1900)*, Barcelona, Publicacions de l'Abadia de Montserrat, 2000.
- CONANGLA I FONTANILLES**, Joseph, *La Constitució de l'Havana ; i altres escrits de Josep Conangla i Fontanilles ; [reedición a cargo de Joaquim Roy]*, Barcelona, Edicions de la Magrana, 1986
- CONNOR**, Walker, *The national Question in Marxist-Leninist. Theory and Strategy*, Princeton, New Jersey, Princeton University Press, 1984
- Ethnonationalism. The Quest for Understanding*, Princeton, New Jersey, Princeton, University Press, 1994.
- COSTA**, Lluís, *El nacionalisme cubá i Catalunya*, Barcelona, Publicacions de l'Abadia de Montserrat, 2006.
- CUADRIELLO**, Jorge Domingo, *El exilio republicano español en Cuba*, Madrid, Siglo XXI, 2009.
- CUPEIRO VÁZQUEZ**, Bieito, *A Galiza de Alén Mar*, Edicions do Castro, Sada, 1989.
- DASILVA**, Xosé Manuel, *Proceso e encarceramento de Ramón Piñeiro*, Vigo, Galaxia, 2011.

-DIÉGUEZ CEQUIEL, Uxío-Breogán, *Álvaro de las casas. Biografía, Obra e documentos*, Vigo, Galaxia, 2003.

-“A recuperación de Alexandre Bóveda no interior e exilio (1936-1975)”, in *Actas do Congreso A Galiza de Alexandre Bóveda*, Pontevedra, 2003, Ourense, 2009, pp.101-145.

-“Xosé Ramón, “Moncho”, Reboiras Noia. A pegada inmorredoira”, *Xuntos temos a Patria Común*, Edicións Terra e Tempo, Compostela, 2005. pp.13-40

- (Coord.) Da reorganización patriótica na Terra.O Consello da Mocidade (1963-2013), *A Fondo* nº47, *Sermos Galiza*, 12/12/2013.

-DIÉGUEZ VÁZQUEZ, Lois, “Os anos críticos e decisivos (1980-1982)”, *Terra e Tempo*, nº12, II Época, 1999, p.38-39

-DIÉGUEZ SÁNCHEZ, Tito, *Nacionalismo ó pé da letra*, Sotelo Blanco, Compostela, 2005.

-DURÁN SOLÁ, Lluís, *Breu història del catalanisme. I*, Barcelona, Publicacions de l'Abadia de Montserrat, 2009.

-ESTÉVEZ, Xosé, *Castelao e o Galeuzca*, Compostela, Laivento, 2002.

-“O ‘memorándum Plá’ sobre o Galeuzca na Guerra Civil” in *Murguía, Revista Galega de Historia* nº14 [setembro-décembro], 2007. pp.9-17

-*Galeuzca: la rebelión de la periferia*, Madrid, La Catarata, 2009.

-FANON, Frantz, *Sociología de la Liberación*, Editorial Presente, México, 1959.

-*Los Condenados de la Tierra*, Fondo de Cultura Económica, México, 1963.

-FERNÁN-VELLO, M.A. e PILLADO MAYOR, F. *A nación incesante* (conversas con Xosé Manuel Beiras). Realidade. Sotelo Blanco edicións. Compostela, 1989.

-A estrela na palabra. Novas conversas con Xosé Manuel Beiras, edicións Laiovento, A Coruña, 2004.

-FERRO RUBIAL, Xesús e PULIDO, Antón (coord.), Homenaxe a Francisco Fernández del Riego, Vigo, Fundación Premios da Crítica, 2002.

-FERNÁNDEZ, Marcial, *Transcendencia y Hondura de Castelao*, México D.F., Ed. Triskele, 1951.

-FERNÁNDEZ DEL RIEGO, Francisco, *O libro dos amigos*, Buenos Aires, Editorial Nós, 1953.

-*O río do tempo: una historia vivida*, Sada, Edicións do Castro, 1990

-*Un Epistolario de Ramón Piñeiro*, Vigo, Galaxia, 2000.

-*Camiño andado*, Vigo, Galaxia, 2003

-FERNÁNDEZ PÉREZ-SANJULIÁN, Carme, *A Construción nacional no discurso literario de Ramón Otero Pedrayo*, Vigo, A Nosa Terra, 2003.

-FERNÁNDEZ PRIETO, Lourenzo “Represión e corrupción, aproximación a sociedade galega no ‘primeiro franquismo’ ”, in *A Patria enteira: homenaxe a Xosé Ramón Barreiro Fernández* / edición a cargo de X.L. Axeitos, Emilio Grandío Seoane, Ramón Villares, Compostela, Consello da Cultura Galega e Universidade de Santiago de Compostela, 2008. pp. 127-143

-*et alli, Informe de resultados. Víctimas de Galicia (1936-1939)*, Compostela, USC, 2011.

-FERRÉ I TRILL, Xavier, “Cuba, Pi i Margall i Conangla i Fontanilles”, *Aplec de treballs*, nº26, 2008, pp. 73-90.

-FIGUERES, Josep M., *Prensa i nacionalisme: el periodisme en la reconstrucció de la identitat catalana*, Barcelona, Pòrtic, 2002.

-**FOLE**, Ánxel, "Lembranzas: A xuntanza de 1945" in *Cartafolio galego*, Vigo, A Nosa Terra, 1996,

-**FORTES BOUZÁN**, Xosé, Cuando las derrotas otorgan la victoria. Batallas perdidas de un capitán de la Unión Militar Democrática, Madrid, Destino, 2011.

-**FRANCO GRANDE**, Xosé Luís, *Os Anos escuros: a resistencia cultural dunha xeración*, Vigo, Galaxia, 2004.

-"Precisións a unhas memorias de Ramón Piñeiro : visión sobre a obra Da miña acordanza" in *Tempos Novos* nº64, 2002. pp.54-58

-**FREIXANES**, Víctor, *Unha ducia de galegos*, Vigo, Galaxia, 1976.

-**GARCÍA DURÁN**, Juan, "Sobre la guerra civil española. Su gran producción bibliográfica y sus pequeñas lagunas de investigación", *Newsletter of the Society for Spanish and Portuguese Historical Studies* 7, I, 1972, pp.66-75

-*Pola liberdade: a loita antifranquista de Luís Costa*, Vigo, A Nosa Terra, 2001.

-**GARCÍA NEGRO**, Pilar, *40 anos da UPG, 40 preguntas*, Compostela, Fundación Bautista Álvarez, 2005.

-**GARCÍA SEGRET**, Josefa, *Abajo las dictaduras*, Vigo, Edición da Autora, 1982.

-**GARRIDO COUCEIRO**, Xoán Carlos, *Manuel García Barros, loitando sempre*, Lugo, A Fouce/Sindicato Labrego Galego, 1995.

-*Bautista Álvarez. Unha vida para a nación*, Fundación Bautista Álvarez de Estudos Nacionalistas, Compostela, 2004.

- Piñeiro contra Castelao. Castelao contra Piñeiro*, Vigo, A Nosa Terra, 2009.
- e **DIÉGUEZ CEQUIEL**, Uxío-Breogán *Do Piñeirismo ao Consello da Mocidade*, Compostela, Deputación Provincial de Lugo/FESGA, 2013.
- GRANDÍO SEOANE, Emilio (ed.), *República e republicanos en Galicia*, A Coruña, Ateneo Republicano de Galicia, 2006.
- GOIOGANA**, Iñaki, **IRUJO**, Xabier e **LEGARRETA**, Josu (coods.), *Un nuevo 31. Ideología y estrategia del gobierno de Euzkadi durante la Segunda Guerra Mundial a través de la correspondencia de José Antonio Aguirre y Manuel de Irujo*, Bilbao, Sabino Arana Fundazioa, 2007.
- GÓMEZ**, Fuco, *Grafía galega*, Habana, Empreenta e Papeleiría de Rambla, Bouza y Ca., 1927.
- GÓMEZ ALÉN**, José e **SANTIDRIÁN ARIAS**, Víctor Manuel, *Historia das Comisións Obreiras de Galicia nos seus documentos*, Sada, Edicións do Castro, 1996.
- GÓMEZ NAVARRO**, José Luis, *EL Régimen de Primo de Rivera. Reyes, dictaduras y dictadores*, Madrid, Cátedra, 1991.
- GÓMEZ-REINO CACHAFEIRO**, Margarita, “The Bloque Nacionalista Galego : from political outcast to success”, in *Autonomist parties in Europe : identity politics and the revival of the territorial cleavage / Winter*, Lieven De; Gómez-Reino, Margarita; Lynch, Peter (ed.), Barcelona, Institut de Ciències Politiques i Socials, 2006. Vol. 1, pp.167-196.
- GÓMEZ RIVAS**, Isabel, “O exilio galego en Europa: a delegación do Consello de Galiza en París” in *Actas do Congreso Internacional. O exilio Galego*, Compostela, Consello da Cultura Galega, 2001, p.541-587

-GONÇALES BLASCO, Luís, “Algo sobre Brais Pinto e as minhas relacións com o fato”, in *Agália* nº63-64/2º Semestre, AGAL, Ourense, 2000.

-“Da crise no Comité Central da UPG em 1976 á cisom da FPG em 1989” in Garcia, Domingos Antom (coord.), *Para unha Galiza independente : ensaios, testemuños, cronoloxía e documentación histórica do independentismo galego*, Compostela , Abrente, 2000. p. 194-254.

-*A política e a organización exterior da UPG : (1964-1986)* , Ames, Laiovento, 2012.

-GONZÁLEZ LAMELA, Juan M., “Sebastián González García. La huella de un pontevedrés en Puerto Rico” in *Jornadas de la Emigración gallega a Puerto Rico*, Sada, Edicións do Castro, 1997. pp. 53-59

-GONZÁLEZ LÓPEZ, Emilio, *Castelao, propagandista da República*, Sada, Edicións do Castro, 2000.

-GUIBERNAU, MONTSERRAT, *Nationalisms, The Nation-State and Nationalism in the Twentieth Century*, Polity Press e Blackwell Publishers Ltd, 1996.

- *El Nacionalisme català: franquisme, transició i democràcia*, Barcelona, Pòrtic, 2002.

-GURRIARÁN, RICARDO (coord.), *Un canto e unha luz na noite. Asociacionismo cultural en Galicia (1961-1975)*, Compostela, Consello da Cultura Galega e Fundación 10 de marzo, 2012.

-HEINE, Harmut, *A guerrilla antifranquista en Galicia*, Vigo, Galaxia, 1980.

-HEINE, Hartmut, *La oposición al franquismo de 1939 a 1952*, Barcelona, Crítica, 1983.

-HOBSBAWM, Eric, *Entrevista sobre el siglo XXI*, Crítica, Barcelona, 2000.

-IBARRA, Pedro e **MÁIZ**, Ramón, “Making and unmaking democratic opportunities in nationalist mobilization : a comparative analysis of the MLNV (Basque Country) and the BNG (Galicia)” in *Nationalism and democracy : dichotomies, complementarities, oppositions*, André Lecours e Luis Moreno (eds.), London: Routledge, 2010, pp.103-128

-IGREXAS, Manuel, “Apuntamentos sobre a biografía de Ramón de Valenzuela” in *Homenaxe a Antón Alonso Ríos e Ramón de Valenzuela*, Compostela, Xunta de Galicia, 2006.

-LANERO TÁBOAS, Daniel, *Historia dun ermo asociativo. Labregos, sindicatos verticais e políticas agrarias en Galicia baixo o franquismo*, Compostela, TresCtres editores e Fundación 10 de Marzo, 2011.

-LEIRA, Xan, *Manuel Mera, a paixón militante: lembranzas e reflexións dun dirixente do nacionalismo galego*, Vigo, Edicións Xerais de Galicia, 2000.

-LENIN, Vladímir Ilich, *El imperialismo y los imperialistas*, Editorial Progreso, Moscú, 1975.

-LETAMENDIA LEZUNCE, Francisco, *Euskadi, pueblo y nación*, Donosti, Senda, 1990.

-LIDA, Clara Eugenia, (comp.), *México y España en el primer franquismo, 1939-1950: rupturas formales, relaciones oficiosas*, México D.F., El Colegio de México, 2001

-LIÑARES GIRAUT, X. Amancio, *Ramón Martínez López*, Santa Comba, Tres C Tres, 2007.

-LISTER, Enrique, *Nuestra guerra, memorias de un luchador*, Guadalajara, Silente, 2007.

-LÓPEZ PÉREZ, Emilio, *A Terra sabe a loita. Testemuño de rebeldía galega*, Compostela, Fundación Bautista Álvarez, 2012 ; *O estudantado galego sae á rúa. ERGA no movemento estudantil galego*, Compostela, Fundación Bautista Álvarez, 2013

-LÓPEZ SUEVOS, Ramon, *Excedente económico e análise estrutural*, Vigo, Galaxia, 1977.

-LÖWY, Michael, *Patria ou Terra Nai? Ensaio sobre a cuestión nacional*, Compostela, Laiovento, 1999.

-MACÍAS, Xabier (dir.), **CAMPOY**, Comba (coord.) et alli, *Os programas políticos do nacionalismo galego. O século XX*, Compostela, Fundación Galiza Sempre, 2010.

-MÁIZ SUÁREZ, Ramón, *A Idea de Nación*, Vigo, Edicións Xerais de Galicia, 1996.

-MÁIZ VÁZQUEZ, Bernardo, *Galicia na Segunda República e baixo o franquismo*, Vigo, Xerais, 1988.

-MALHEIRO GUTIÉRREZ, Xosé Manuel, *As Escolas dos emigrantes e o pensamento pedagógico : Ignacio Ares de Parga e Antón Alonso Ríos*, Sada, Edicións do Castro, 2006.

-MARQUES, Maria Alegria, (ed. lit.), *Correspondência de Rodrigues Lapa : selecção (1929-1985)*, Coimbra. Minerva, 1997.

-MARTÍNEZ LÓPEZ, Francisco, *Guerrilleiro contra Franco. A guerrilla antifranquista de Galiza-León 1936-1951*, Vigo, A Nosa Terra, 2006.

-MARTÍNEZ FIOL, David, *Daniel Domingo Montserrat (1900-1968). Entre el marxisme i el nacionalisme radical*, Barcelona, Publicacions de l'Abadia de Montserrat, 2001.

- MARTÍNEZ GONZÁLEZ**, Xurxo, *Fuco Gómez*, Vigo, AGER, 2007.
- MARTÍNEZ GONZÁLEZ**, Xurxo, *Luís Soto. A xeira pola unidade galega*. Vigo, Xerais, 2011.
- MARTIZ CRESPO**, XURXO, *Galiza en Dominicana, Nicaragua, Panamá e Venezuela. Unha ollada fotográfica*, Compostela, FESGA, 2007.
- MASCATO**, Antón, *Paco del Riego: unha historia da restauración política e cultural*, Vigo, Edicións do Cumio, 2002
- MATESANZ**, José Antonio, *Las Raíces del Exilio. México ante la guerra civil española (1936-1939)*, México D.F., El Colegio de México, 1999.
- MEES, LUDGER**, *El profeta pragmático: Aguirre, el primer Lehendakari (1939-1960)*, Irún : Alberdania, 2006.
- MELLA**, Cristina e **REQUEIXO**, Pepe de, *Coloquio-Homenaxe Xosé Lois García*, Barcelona, Ajuntament Sant Andreu de la Barca, 2006.
- MEMI**, Albert, *Retrato del colonizado*, Edicusa, Madrid, 1966.
-*El hombre dominado. Un estudio sobre la opresión*, Edicusa, Madrid, 1972.
- MÊNDEZ BERDASCO**, António, *Contributo para o estudo da História da emigração galega na República Argentina*, Buenos Aires, Editorial Dunken, 2005.
- MERA COSTAS**, Pilar: "Proyectos democráticos en la Segunda República española. El discurso de centro de Manuel Portela Valladares", en *Res Pública: revista de la historia y del presente de los conceptos políticos*, nº 25, 2011

-MERA SÁNCHEZ, Manuel et alli., *Un lume que prendeu*, [dezaioito artigos da militancia de ERGA para lembrar o 25º Aniversario da súa constitución (1972-1997)], Comités Abertos de Faculdade, Compostela, 1998.

-MEXUTO, Xosé, *A Nación galega existe. Conversas con Francisco Rodríguez*, A Nosa Terra, 2006.

-MÍGUEZ MACHO, Antonio, *O que fixemos en Galicia, Ensaio sobre o concepto da práctica xenocida*, Pontevedra, Cátedra Alexandre Bóveda/Ourense, Difusora das Letras, Artes e Ideas, 2009.

-MOSQUERA, Evaristo, *Cuatro años a bordo de una isla. Una estraña manera de vivir nuestra Guerra Civil*, Sada, Edicións do Castro, 2006.

-MURO ARRIET, Koro, *La Política Humanizada. Manuel de Irujo* [documentario], Donosti, Euskomedia Fundazioa/Eusko Ikaskuntza , 2009.

-NOGUEIRA, Xosé; *O cine en Galicia*. Vigo, A Nosa Terra, 1997.

-NÚÑEZ SEIXAS, Xosé Manoel, “*Emigración y Nacionalismo Gallego en Argentina, 1879-1936.*” [II Jornadas de Inmigración Española a la Argentina, Buenos Aires, 1989] in *Estudios Migratorios Latinoamericanos*, Nº 15-16, Buenos Aires, Centro de Estudios Migratorios Latinoamericanos, 1990. pp. 379-406

-O galeguismo en América, 1879-1936, Sada, Eds. Do Castro, 1992.

- **CAGIAO VILA**, Pilar (coord.), *O Exilio galego de 1936, política, sociedade, itinerarios*, Sada, Edicións do Castro; Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, 2006-2007.

-OLIVA, J. F., *La Constitució catalana de l'Havana*. Lleida, Pagès editors, 2005.

-PALOCZI-HORVATH, George, *Mao Tse-Tung El único estadista que no teme la lucha nuclear*, Ed. Noguer, Barcelona, 1963.

-PÁPOROV, Yuri, *Hemingway en Cuba*, Madrid, Siglo XXI, 1993

-PAZ-ANDRADE, Valentín, *Epistolario*, Edicións do Castro, Sada, 1997.

-PEREIRA, Dionísio e **FERNÁNDEZ, Eliseo**, *O movemento libertario en Galiza (1936-1976)*, Vigo, A Nosa Terra, 2006.

-Diéguez, Uxío-Breogán e Máiz, Bernardo, *Síntese da historia do movemento obreiro galego*, Compostela, Fundación para o Estudo e a Divulgación da Cuestión Social e Sindical en Galiza, 2010.

-PEREIRA MARTÍNEZ, Carlos, César “Alvajar Diéguez e o republicanismo galego en Europa” in *Anuario Brigantino* nº25, Concello de Betanzos, 2002.

-PÉREZ-BARREIRO Nolla, Fernando, *Amada liberdade*, Vigo, Xerais, 2013.

-PÉREZ MONTFORT, Ricardo, *Hispanismo y Falange*, México D.F., Fondo de Cultura Económica, 1992.

-PÉREZ VILARIÑO, J. (coord..), *Comportamiento electoral y nacionalismo en Cataluña, Galicia y País Vasco*, USC, Santiago, 1987.

-PICALLO FUENTES, Héitor, *Xohán Xesús González: un precursor do soberanismo galego*, Ames, Laiovento, 2008

-PINTO DE ANDRADE, Mário, *Origens do Nacionalismo Africano*, Lisboa, Don Quixote, 1998.

-PIÑEIRO LÓPEZ, Ramón, “Da miña acordanza” in *Grial* N. 111, t. XXIX (xul.-ag.-set. 1991), p. 341-351

-*Da miña acordanza: memorias*, Vigo, Fundación Caixagalicia, Galaxia, 2002.

-PIÑEIRO FEIJOO, Antonio, *Pepe Velo: pensador, soñador, e mestre revolucionario*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 2000

-PRADA RODRÍGUEZ, Julio, *Ourense, 1936-1939. Alzamento, Guerra e Represión*. Sada, Edicións do Castro, 2004.

-PUJOL, Enric (coord.), *L'Exili Catalá del 1936-1939. Noves aprotacions*, Girona, Quadernes del Circle nº22, 2006.

-QUINTANA GARRIDO, Xosé Ramón, *Un longo e trotuoso camiño. Adaptación, crise e cambio no BNG (1971-2009)*, Vigo, Galaxia, 2010.

-REY BOUZA, Eugenia, *A representación das mulleres nos partidos políticos: o caso do BNG*, A Coruña, Deputación Provincial da Coruña, 2008.

-RISCO, Vicente, *El problema político de Galicia*, Madrid, Compañía Ibero-Americana de Publicaciones (CIAP), 1930.

-RIVAS BARRÓS, Sabela, *A derradeira lección dos mestres. Galeguismo e pensamento pedagóxico (1900-1936)*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 2001.

-RODRIGUES LAPA, Manoel, *Cartas a Francisco Fernández del Riego sobre a cultura galega*, Vigo, Galaxia, 2001

-RODRÍGUEZ, Elixio, *Matadeo mañá*, Vigo, Xerais, 2ª ed., 2008.

-RODRÍGUEZ CASTELAO, Daniel, *Sempre en Galiza*, Eds. As Burgas, 2ª edición, 1961.

-*Obras Completas*, Tomo VI/Epistolario, Vigo, Galaxia, 2000.

-RODRÍGUEZ FER, Claudio, "Emigración, Exilio e Guerra Civil" in *Jornadas de la Emigración gallega a Puerto Rico*, Sada, Ediciós do Castro, 1997. pp. 63-77

-RODRÍGUEZ SÁNCHEZ, Francisco e **LÓPEZ SUEVOS**, Ramón, *Problemática nacional e colonialismo. O caso galego*. Eds. Xistral, Compostela, 1978.

-ROY, Joaquim, *Josep Conangla i Fontanilles (Montblanc-1875-L'Havana 1965). Patriarca del nacionalisme català a Cuba*, Tarragona, El Mèdol, 1999.

-RUBIRALTA CASAS, Fermí, *De Castelao a Mao. O novo nacionalismo radical galego (1959-1974), orixes, configuración e desenvolvemento inicial da UPG*, Compostela, Laiovento, 1998.

-SACO, Fernando, *Os irmáns Saco. Ou a loita galeguista baixo o franquismo*, Vigo, A Nosa Terra, 2006.

-SANTACANA I TORRES, Carles, "El catalanisme, del franquisme a la transició" in *El món de Cambó*, Barcelona, Institut Cambó, 2001, pp. 383-400

-SANTIDRIÁN ARIAS, Víctor, *Historia do PCE en Galicia (1920-1968)*, Sada, Ediciós do Castro, 2002.

-SCOTT, James C., *Weapons of the Weak: Everyday Forms of Peasant Resistance*, Yale, Yale University Press, 1985.

-SIMÓN LORDA, D., *Médicos ourensáns represaliados na Guerra Civil e a posguerra. Historias da Longa noite de pedra*, Compostela, Fundación Dez de Marzo, 2002

-SOUTO BLANCO, María Jesús, *La represión franquista en la provincia de Lugo (1936-1940)*, Sada, edición do Castro, 1998.

-**SUEIRO RODRÍGUEZ**, Victoria María, “Las revistas ‘exiliadas’ como testigos históricos de los españoles republicanos en Cuba” in Aznar Soler, Manuel *Escritores, Editoriales y Revistas del Exilio Republicano del 1939*, [Biblioteca del Exilio], Editorial Renacimiento, 2006. pp. 1057-1070

-**TABANERA**, Nuria, *Ilusiones y desencuentros. La acción diplomática republicana en Hispanoamérica*, Madrid, Cedeal, 1996.

-**SEOANE**, Luís, *Castelao artista*, Editorial Alborada, Buenos Aires, 1969.

-*Cartas de Luís Seoane desde el exilio*, Edicións do Castro, Sada, 2002

-**SANTOS**, Eduardo dos, *Pan-Africanismo de ontem e de hoje*, Edição do autor, 1968, Lisboa.

-**SANTOS PÉREZ**, Antom, “Nacionalismo galego e industrias culturais : Ánxel Casal na contruçon da identidade”, in *Murguía, Revista Galega de Historia*, nº 7/8 (2005) ; p. 85-104.

-e **DIÉGUEZ CEQUIEL**, Uxío-Breogán, *Antón Moreda. Memoria do exilio*. Compostela, Asociación Galega de Historiadores (AGH), 2010.

-**SEIXO PASTOR**, Marcos, *A loita permanente de Xoán Xesús González: no socialismo e no nacionalismo galego*, Vigo, A Nosa Terra, 2008.

-**SOTO**, Luís, *Castelao, a UPG e outras memorias*. Eds. Xerais de Galicia, Vigo 1983.

-**SALGADO**, Xosé M. e **CASADO**, Xoán, *X.L. Méndez Ferrín*, Sotelo Blanco, Compostela, 1989.

-**SANZ LAFUENTE**, Gloria, “Un balance de las estadísticas históricas in De la Torre, Joseba e Sanz Lafuente, Gloria, *Migraciones y coyuntura económica del franquismo a la democracia*, Zaragoza, Prensas Universitarias de Zaragoza, 2008, pp.86-90.

- SAMUELLE**, Cristina, *Conversas con Manuel Meilán*, Vigo, Xerais, 1993.

- SHORT**, Philip, *Mao*, Cículo de Lectores/Crítica, Barcelona, 2008.

- SWIFT**, Richard, "Portugal" in *The red Menace*, vol. 1, Toronto, 1976.

- TALÓN**, Vicente, *Adiós, Mao. (Mao Tse-Tung 1893-1976)* Sedmay Eds, Madrid 1976.

- TARROW**, Sidney, *El poder en movimiento. Los movimientos sociales, la acción colectiva y la política*, Madrid, Alianza Editorial, 2004.

- TORO, Suso de**, *Camilo Nogueira e outras voces: unha memoria da esquerda nacionalista*, Vigo, Xerais, 1991.

- VALCÁRCEL**, Marcos "1946: nace o xornal La Noche" in *Galicia Hoxe* 10/12/2006.

- VARGAS ALONSO**, Francisco Manuel, "Anarquismo y milicias de la CNT en Euskadi" in *Vasconia* nº24 1996, pp.259-299

- VÁZQUEZ CUESTA**, Pilar, "Seoane" in *Revista Coloquio/Letras*, nº139, 1996. pp.119-126

- VÁZQUEZ MATOS**, Dania, "La escuela libre de La Habana: vivero de inquietudes y desvelos renovadores" in *La Literatura y la Cultura del exilio republicano español de 1939*. Actas del IV Coloquio Internacional, La Habana, Cuba, Editorial Unicornio, 2002.

- VÁZQUEZ SOUZA**, Ernesto, *A Fouce, o Hórreo e o prelo, Anxel Casal ou O libro galego moderno*, Sada, Edicións do Castro, 2003

- VELASCO SOUTO**, Carlos, *Galiza na II República*, Vigo, A Nosa Terra, 2000.
 -*Represión e Alzamento militar en Galiza*, Vigo, Edicións A Nosa Terra,

2006.

-*Piñeiro e o piñeirismo em perspectiva histórica*, Compostela, Laiovento, 2009.

-*Franquismo serôdio e Transiçom democrática na Galiza (1960-1981)*, Compostela, Laiovento, 2012.

-**VILANOVA RODRIGUEZ**, Alberto, *Los gallegos en la Argentina*, Buenos Aires, Edicións Galicia, 1965.

-**VILAR PEDREIRA**, Xosé Lois e **MÉIXOME QUINTEIRO**, Carlos, “A volta dos nove: notas para unha historia da represión franquista no Val Miñor” in *Murguía, Revista Galega de Historia*, nº7-8 [monográfico *A Galiza de Ánxel Casa*], maio-decembro, 2005. pp.155-168

-**VILAS NOGUEIRA**, Xosé e **FERNÁNDEZ BAZ**, Manuel Anxo, *El BNG : definición y evolución de su estructura organizativa*, Revista de estudios políticos, [Nova época], nº 123 (xaneiro-marzo 2004), p. 201-222.

-**VILAVEDRA**, Dolores e **PENA**, Montserrat (ed.), *Ricardo Carvalho Calero. Epistolario a Francisco Fernández del Riego*, Vigo, Galaxia, 2006.

-**VILLARES PAZ**, Ramón, *Desamortización e réxime de propiedade*. Vigo, A Nosa Terra, 1994.

-*Fuga e retorno de Adrián Solovio: sobre a educación sentimental dun intelectual galeguista*, Vigo, Galaxia, 2007.

-(ed.) *Congreso Internacional Luís Seoane "Galicia-Arrentina, unha dobre cidadanía"*, Compostela, Consello da Cultura Galega, 2011.

-**VILLAVERDE**, Elixio, “De Francia a México: a incerta travesía existencial dos refuxiados republicanos galegos” in Xosé Manoel Núñez Seixas e Pilar Cagiao Vila., *Actas do Congreso Internacional ‘O exilio galego’*, Compostela, Consello da Cultura Galega, 2007, pp. 1974-2011.

-**VIVEIRO MOGO**, Prudencio, "A UPG e os outros nacionalismos peninsulares (1964-1980)", Grial nº145, Tomo XXXVIII, Galaxia, Vigo, 2000.

-“A Actividade exterior do Partido Socialista Galego : 1975-1980” in *Murguía, Revista Galega de Historia*, 2003. pp.109-118.

-**VV.AA.**, *Castelao, Los Suplementos*, nº 58, Cuadernos para el Diálogo editorial, Madrid, 1975.

-**VV.AA.**, *As horas secuestradas. Vida cotiá no franquismo*, Vigo, A Nosa Terra, 1995.

-**VV.AA.**, *A represión franquista en Galicia*, Asociación Cultural Memoria Histórica Democrática, A Coruña, 2005.

-**VV.AA.**, *A Galiza de Ánxel Casal*, in *Murguía, Revista Galega de Historia* [monográfico] nº7-8, 2005.

-**WINTER**, Lieven De; **GÓMEZ-REINO**, Margarita; **LYNCH**, Peter (ed.), *Autonomist parties in Europe : identity politics and the revival of the territorial cleavage*, Barcelona : Institut de Ciències Politiques i Socials, 2006.

-**ZUBILLAGA**, Carlos, *Castelao y Uruguay*, Universidad de la República-Facultade de Humanidades y Ciencias de la Educación-Centro de Estudios Gallegos, 2004.

Iº APENDICE. Cronología.

Cronoloxía do nacionalismo galego entre o 1936 e o 1982.

1936[xuño] Plebiscito sobre a Autonomía de Galiza. Oficialmente o resultado é favorábel á mesma, superando as tres cuartas partes necesarias para ser sometido a debate parlamentar.

1936[xullo] Golpe militar reaccionario e dominio do territorio galego co asasinato, encarceración e/ou exilio dos principais cadros nacionalistas e da esquerda na Galiza. Iniciase unha resistencia imposíbel na Terra e unha difícil resistencia entre Madrid, Barcelona e Valencia do nacionalismo galego.

1936 [setembro-novembro] Ramón de Valenzuela é nomeado por Daniel Rodríguez Castelao e os galeguistas asentados na España republicana secretario xeral e de organización do *Partido Galeguista*. Créase a *Solidaridade Galega Antifeixista* en unión a demócratas galegos non nacionalistas.

1937 Nace no mes de abril en Barcelona *Nova Galiza, Boletín Quincenal dos Escritores Galegos Anti-fascistas*, con Daniel Rodríguez Castelao, Rafael Dieste e Ramón Suárez Picallo, entre outros, ao seu fronte.

1939[marzo] Os últimos en marchar da península, caso de Daniel Rodríguez Castelao, inician o seu exilio alén mar, así como outros e outras en diversos países europeos.

1939-1941 Diversos países americanos reciben a centos de demócratas, asentándose os galeguistas principalmente en México, Arxentina e Uruguai, para alén de Chile ou os Estados Unidos de América.

1941[xullo] Chega a Bos Aires Daniel Rodríguez Castelao e a súa dona Virxinia Pereira.

1941[decembro] Nace a *Irmadade Galega*. Reaparece a publicación *A Nosa Terra*, voceiro do nacionalismo galego.

1944 constitución do *Consello de Galiza* en Montevideo. Castelao publica en Bos Aires (Arxentina) a obra *Sempre en Galiza*.

1946 Cando era asasinado o guerrilleiro M. Ponte, Castelao entraba no goberno Giral e sería detido Ramón Piñeiro, para alén de ser executados os activistas da Guerrilla Antifranquista Gayoso e Seoane.

1947 Malia estar proscrito da esfera pública e oficial, Ramón Otero Pedrayo emprega a lingua galega nunha homenaxe a Valentín Lamas Carvajal (volverá facelo anos despois, no 1972).

1950 Morre Daniel Rodríguez Castelao. Cambio de táctica do galeguismo no interior, co inicio da andaina da editora Galaxia e a vía *culturalista*.

1956 Celebración do I Congreso da Emigración Galega.

1958 Coincidindo coa morte de Florentino López Cuevillas nace o grupo “Brais Pinto” .

1961 Crease a Asociación Cultural *O Galo* (Compostela). A primeira das asociacións culturais ligadas ao nacionalismo; a partir desta data irán aparecendo outras (O Facho, Auriense...) centrais no espertar nacional da Galiza.

1962 Sae ás rúas clandestinamente *Longa Noite de Pedra*, obra de Celso Emilio Ferreiro. Será unha das pezas bibliográficas de referencia da militancia nacionalista, xunto a obra *Sempre en Galiza* de Castelao que chegaría baixo corda ao país desde Arxentina.

1963 Nacemento do *Consello da Mocidade*, do *Partido Socialista Galego* (PSG) e, en xerme, da *Unión do Pobo Galego* (UPG) a través do manifesto homónimo.

1963 Nace a Asociación Cultural *O Facho* na Coruña, que xunto a *O Galo* remozan o refundan o tecido socio-cultural galego.

1964 Refúndase a *Unión do Pobo Galego* (UPG), sobre o manifesto/grupo *Pola Unión do Pobo Galego* do 1963.

1965 Aparece editado en México o voceiro *Terra e Tempo*, órgano de expresión da UPG

1965 Mobilizacións populares en *Castrelo de Miño* face as pretendidas expropiacións de FENOSA diante da construción dun encoro hidroeléctrico. A UPG e o PSG participarán naquelas mobilizacións. A UPG obtería, a partir da súa presenza nas mobilizacións, unha proxección social coa que non contaba até o momento.

1967 Nace a Asociación Cultural *Auriense* (Ourense), na liña de *O Galo* en Compostela e *O Facho* na Coruña (así como outras entidades, caso de *Sementeira* ou *Francisco Lanza* na Mariña luguesa).

1968 Constitúese o *Partido Comunista Galego* (PCG), tentativa do *Partido Comunista de España* (PCE) de galeguizar a súa estrutura na Galiza.

1970-71 Redefinición ideolóxico-organizativa da UPG. De aquí en diante a UPG presentarase como o 'partido comunista da Galiza'. Tomará grande relevo na súa ideoloxía partidaria o que coñeceremos como *terceiromundismo*, vertebrando o seu axir a partir dunha estratexia frontista.

1970-71 Aparecen os *Comités de Axuda à Loita Labrega*, antecedente das *Comisións Labregas* (CC.LL.) e do *Sindicato Labrego Galego* (SLG).

1972 Asasinato de Daniel Niebla e Amador Rei a mans da policía franquista no decurso das mobilizacións obreiras que se desenvolvían en Ferrol (folga asteleiros de Bazán).

1972 Fúndase a organización *Estudiantes Revolucionarios Galegos* (ERGA). Organización estudantil que agrupará á mocidade nacionalista durante a década dos setenta e parte dos oitenta.

1972 Xosé Manuel Beiras tira do prelo a súa senlleira obra *O atraso económico de Galicia* na editorial *Galaxia*.

1972 Séntanse as bases dunha organización obreira nacionalista a partir dos “xermes sindicais”, a partir da *Fronte Obreira* da UPG.

1972 Teorízase por parte da UPG en favor da creación dun ‘destacamento armado’ como acompañamento da loita política.

1973 O PSG e a UPG presentan á sociedade galega o *Texto conxunto encol de Galicia*, representando este feito o achegamento que as dúas organizacións irán protagonizando en favor dun común denominador.

1973 Créase a Asociación Cultural *O Eixo* (Compostela).

1974 O PSG revisa os seus plantexamentos, aprobando uns novos principios políticos

1974 A organización galega UPG, a bretoa UDB e a irlandesa *Irish Republican Moviment / Sinn Féin-IRA* (IRM) redactan un documento programático no que se denuncia o *colonialismo interior*.

1975 Constitúese a *Unión de Traballadores do Ensino de Galicia* (UTEG).

1975 Crease o *Sindicato Obreiro Galego* (SOG)

1975 Crease a *Asemblea Nacional-Popular Galega* (AN-PG), confluíndo nunha ‘Fronte Cultural’ boa parte das entidades culturais que se foran creando desde 1961.

1975[12/agosto] Asasinato en Ferrol do militante da UPG Ramón, “Moncho”, Reboiras Noia (1950), coa detención dos militantes M^a Luísa V. Barquero, X.M. López, M. Fernández Rodríguez e X.M. Brañas en relación á incipiente *Fronte/destacamento armada/o* da UPG.

[1975-novembro morte do dictador Francisco. Franco Baamonde]

1975-76 Manifestos públicos da UPG, o *Partit Sicialista d’Alliberament Nacional dels Països Catalans* (PSAN-p) e *Euskadi Ta Askatasuna* (ETA)

1976-xaneiro Constitúese o *Consello de Forzas Políticas Galegas* (CFPG/UPG-PSG-PGSD)

1976 O CFPG aproba as *Bases Constitucionais para a participación da Nación Galega nun Pacto Federal*.

1976-novembro O CFPG racha polas tensión existentes no seu seo.

1976 A AN-PG comeza a demostrar a súa forte capacidade de convocatoria e mobilización. Publica e espalla en abril o seu *Chamamento e Declaración Política* no que propón o establecemento dun *Goberno Provisorio Galego*.

1976 Un sector da AN-PG escíndese e crea a *Asemblea Popular Galega* (APG) que terá, co oficioso patrocinio do PSG, unha breve andaina, celebrando o seu I Congreso en decembro (Vigo).

1977[xaneiro] Desenvólvese o II Plenario da AN-PG (asisten arredor de 500 delegados/as).

1977[abril] Crease o *Bloque Nacional-Popular Galego* (BN-PG) diante das primeiras eleccións do postfranquismo, no mes de xuño, no camiño da *ruptura democrática* na Galiza. Ficarán integrado de inicio pola UPG e a AN-PG.

1977 Tras unha escisión na UPG, aparece a UPG-liña proletaria liderada polo cofundador da UPG Xosé Luís Méndez Ferrín, transformándose máis tarde no *Partido Galego do Proletariado* (PGP).

1977[outono] Militantes expulsos/escindidos da UPG crean o *Partido Obreiro Galego* (POG), entre eles Camilo Nogueira, que será o seu dirixente máximo xunto a Xan López Facal.

1977[novembro] O PSG áchase coa tentativa de parte da militancia (*Colectivo Socialista Galego-PSG*) de abandonar o nacionalismo para facer da órbita da organización española *Partido Socialista Obrero Español* (PSOE).

1977[decembro] Reaparece o cabezallo *A Nosa Terra* como semanario. Sempre ligado ao nacionalismo desde o 1916, tivera logo do Golpe militar reaccionario de xullo do 1936 vida no exilio bonaerense, unha vez a *Irmandade Galega* o refundara no 1942.

1977[decembro] Desenvólvense manifestacións a prol da *pre-autonomía*. O frontismo nacionalista non participa destas, mentres si o fai, entre outras formacións, o PSG. Disólvese á APG.

1979 Aparece a coalición, inicialmente electoral, *Unidade Galega* (UG) da man da xuntanza do PSG, POG e o PG.

1980[xuño] Créase a *Mesa de Forzas Políticas Galegas* (MFPG). Referendo do Estatuto de Autonomía coa campaña do voto negativo do frontismo nacionalista.

1982 Expulsión dos parlamentario do BN-PG-PSG do Parlamento Galego. Nacemento do *Bloque Nacionalista Galego*.

